


Orzamentos **2009** | MEMORIA  
Tomo II





# MEMORIA

## Tomo II





## ÍNDICE :

<b>1</b>	<b>Presidencia da Xunta</b>	
	Competencias	3
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	3
	Orzamento de gastos para o ano 2009	7
	Cadros numéricos	27
<b>2</b>	<b>Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar</b>	
	Competencias	35
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	41
	Orzamento de gastos para o ano 2009	54
	Cadros numéricos	77
<b>3</b>	<b>Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</b>	
	Competencias	83
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	93
	Orzamento de gastos para o ano 2009	110
	Cadros numéricos	137
<b>4</b>	<b>Consellería de Economía e Facenda</b>	
	Competencias	145
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	153
	Orzamento de gastos para o ano 2009	170
	Cadros numéricos	180
<b>5</b>	<b>Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte</b>	
	Competencias	187
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	191
	Orzamento de gastos para o ano 2009	200
	Cadros numéricos	207
<b>6</b>	<b>Consellería de Educación e Ordenación Universitaria</b>	
	Competencias	213
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	215
	Orzamento de gastos para o ano 2009	233
	Cadros numéricos	269
<b>7</b>	<b>Consellería de Innovación e Industria</b>	
	Competencias	275
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	276
	Orzamento de gastos para o ano 2009	288
	Cadros numéricos	303

<b>8</b>	<b>Consellería de Medio Rural</b>	
	Competencias	309
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	311
	Orzamento de gastos para o ano 2009	326
	Cadros numéricos	365
<b>9</b>	<b>Consellería de Cultura e Deporte</b>	
	Competencias	373
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	380
	Orzamento de gastos para o ano 2009	395
	Cadros numéricos	406
<b>10</b>	<b>Consellería de Sanidade</b>	
	Competencias	411
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	423
	Orzamento de gastos para o ano 2009	429
	Cadros numéricos	445
<b>11</b>	<b>Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos</b>	
	Competencias	451
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	452
	Orzamento de gastos para o ano 2009	458
	Cadros numéricos	471
<b>12</b>	<b>Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible</b>	
	Competencias	477
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	478
	Orzamento de gastos para o ano 2009	485
	Cadros numéricos	504
<b>13</b>	<b>Consellería de Traballo</b>	
	Competencias	511
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	519
	Orzamento de gastos para o ano 2009	537
	Cadros numéricos	563
<b>14</b>	<b>Consellería de Vivenda e Solo</b>	
	Competencias	571
	Obxectivos e liñas de acción para o ano 2009	573
	Orzamento de gastos para o ano 2009	580
	Cadros numéricos	585

# **PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

## **SECCIÓN 04**





## 1. COMPETENCIAS

---

O Decreto 231/2005, do 11 de agosto, establece os seguintes órganos superiores que dependerán da Presidencia da Xunta de Galicia:

1. Secretaría Xeral da Presidencia
  - Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral
  - Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia
2. Secretaría Xeral de Análise e Proxección
3. Secretaría Xeral de Comunicación, á cal estará adscrita a Compañía de Radiotelevisión de Galicia.
  - Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual
4. Secretaría Xeral de Relacións Exteriores
  - Dirección Xeral de Cooperación Exterior
5. Secretaría Xeral de Emigración
6. Secretaría Xeral de Política Lingüística

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009

---

Os obxectivos e liñas de acción destes órganos concréntanse, de acordo co previsto no Decreto 44/2006, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia modificado por Decreto 145/2007, do 19 de xullo, nos seguintes:

### SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Apoio e asesoramento técnico á Presidencia da Xunta de Galicia e colaboración, coordinación, supervisión e apoio aos órganos adscritos á mesma, como é a Dirección Xeral do Gabinete de Presidencia e a Asesoría Xurídica, que prestará a asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa Administración institucional, incidindo no asesoramento consultivo e no desenvolvemento normativo e legislativo, profundizando na defensa efectiva ante os órganos xurisdicionais.

A Secretaría Xeral coordina as actuacións dos órganos superiores da Presidencia para facilitar a consecución dos seus obxectivos co apoio de servizos comúns.

## SECRETARÍA XERAL DE ANÁLISE E PROXECCIÓN

Mantemento e ampliación dun banco de datos que permita agrupar os diversos estudos realizados ata agora na comunidade autónoma, incorporando aqueles procedentes de empresas, universidades e entidades públicas e privadas. Así mesmo, realización de estudos sobre temas de interese social.

## SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

A Secretaría Xeral de Comunicación é o centro xestor encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de comunicación e audiovisual. Está adscrita a esta Secretaría Xeral a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual. Segundo ao recollido no Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, ten dependencia funcional da Presidencia e orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Secretaría ten como obxectivos estratéxicos o fomento e apoio aos medios de comunicación e potenciar o desenvolvemento das tecnoloxías da información e telecomunicacións, facilitando o acceso á información. Neste senso, preténdese avanzar na posta en marcha de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia dentro e fóra da nosa comunidade, e a divulgación da acción institucional da Xunta.

## SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES

1. Deseño e execución da estratexia de Acción Exterior de Galicia, como política de acción exterior propia, atendendo aos seus valores e intereses.
2. Potenciar a rede de Delegacións da Xunta de Galicia no exterior.
3. Difundir a imaxe de Galicia no exterior
4. Afianzar unha cooperación de segunda xeración con Portugal a través da figura, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT).
5. Potenciar a proxección internacional de Galicia.
6. Achegar Galicia no contexto de Rexión Europea como país de identidade propia.

Os obxectivos prioritarios da Dirección Xeral de Cooperación ao Desenvolvemento son:

1. Dar cumprimento á Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento e Plan Director da Cooperación Galega.

2. Potenciar a cooperación ao desenvolvemento, mediante o incremento anual da dotación orzamentaria tendente a lograr, cando menos, o 0,4 % dos orzamentos da Xunta de Galicia, así como a conseguir que, a medio prazo, a cifra acade o 0,7 % do PIB, recomendado polas Organizacións internacionais.
3. Fortalecer a cooperación ao desenvolvemento incrementando as súas liñas de actuación cara a conseguir unha mellora significativa nos seus obxectivos a acadar, especialmente na cooperación directa.
4. Garantir a presenza galega no exterior na materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, así como servir de apoio ás universidades, organizacións e empresas galegas para afrontar o seu papel e responsabilidade nos países terceiros nos que se inclúen.
5. Apoiar a profesionalización do sector da cooperación para o desenvolvemento.
6. Reforzar o compromiso cun mundo máis xusto, así como coa erradicación da pobreza e as súas causas.

#### SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

As liñas básicas de actuación son as seguintes:

1. Desenvolvemento do Plan estratéxico da emigración 2006-2009
  - a) Asistencia sociosanitaria aos galegos e galegas residentes no exterior que se atopan en situación de vulnerabilidade.
  - b) Impulsar os programas relacionados cos centros galegos, para garantir a viabilidade destes, como espazos asociativos autosostibles capaces de dar resposta ás novas necesidades da cidadanía galega do exterior.
  - c) Programas dirixidos á xuventude galega e ao colectivo feminino do exterior para a súa participación activa nos proxectos do tecido asociativo da Galicia exterior.
2. Desenvolvemento do Plan galego de cidadanía, convivencia e integración 2008-2011
  - a) Desenvolvemento dunha acollida de carácter integral, e en especial para situacións de vulnerabilidade.
  - b) Fomento da integración sociolaboral.
  - c) Promoción da saúde, prevención e educación.
  - d) Actuacións dirixidas á atención integral a mulleres inmigrantes.

- e) Facilitar o acceso á vivenda.
  - f) Accións de sensibilización e fomento da convivencia intercultural.
3. Reforzar o apoio socioeconómico aos retornados, fomentando a súa inserción na sociedade galega.

## SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O obxectivo global é o de potenciar o uso normal da lingua galega en todos os sectores da sociedade. Isto concrétese como segue:

1. Darlle un maior prestixio ao idioma galego.
2. Promover a igualdade de dereitos e deberes para as dúas linguas oficiais de Galicia.
3. Conseguir unha maior presenza do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade.
4. Procurar, para a lingua galega, a incorporación de novas tecnoloxías da fala que faciliten o seu uso e que a convertan nunha lingua moderna, áxil e funcional.
5. Incrementar a proxección exterior da lingua mediante unha maior presenza da mesma nas universidades do resto do Estado, nas de Europa e de América.
6. Incrementar a presenza e o uso da lingua galega na Administración periférica do Estado e nas institucións da Unión Europea.

Estes obxectivos desenvólvense nos seguintes campos de actuación: formación, investigación e promoción. Deste modo faise do galego unha lingua moderna no léxico e nos instrumentos e medios, para que poida ser lingua de uso cotián e normal en todos os campos e sectores da poboación (mesmo naqueles menos proclives ao seu uso).

---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009**

---

#### **3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **PROGRAMA 111A. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

###### **1. Descrición**

O Programa 111A “Presidencia da Xunta” ten como función e subfunción a “Alta dirección da Comunidade Autónoma” sendo as atribucións do Presidente, na execución do programa, a dirección e coordinación das actividades da Xunta de Galicia.

###### **2. Actividades**

As actividades fundamentais da Secretaría Xeral da Presidencia, como órgano superior previsto no Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, derivan das funcións que lle corresponden por Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado por Decreto 145/2007, do 19 de xullo. Para levar a cabo as súas atribucións, esta secretaría xeral levará a cabo como actividades máis significativas, as seguintes:

1. Prestar asistencia técnica e asesoramento ao Presidente da Xunta de Galicia en todo o que a requira.
2. A coordinación dos órganos adscritos á secretaría xeral sinalados no artigo único epígrafe 1 do Decreto 231/2005, que son a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia e a Asesoría Xurídica Xeral.
3. Dirixir o Departamento de Protocolo desenvolvendo os programas de actividades do Presidente da Xunta e as relacións en materia de protocolo coa Administración Xeral do Estado e coas demais administracións públicas.
4. Dirixir as actividades da Casa de Galicia en Madrid.
5. A xestión orzamentaria, económica e administrativa, derivada da elaboración e do control do orzamento da secretaría xeral, así como a coordinación da elaboración dos orzamentos da Presidencia da Xunta.
6. Desenvolver as funcións de xestión do persoal do conxunto dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta, encomendadas polo Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
7. Coordinación dos asuntos xerais da Presidencia da Xunta de Galicia.

8. As funcións ordinarias de despacho que lle son propias, así como as que lle sexan delegadas polo Presidente da Xunta de Galicia.

Por todo iso, ademais das altas funcións de dirección e coordinación da política do Goberno da Xunta de Galicia, exércense as actividades ordinarias necesarias para a execución do programa, e a supervisión, coordinación e apoio aos outros órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral da Presidencia

## **PROGRAMA 111D. ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

### **1. Descrición**

A Secretaría Xeral de Análise e Proxección ten como función proporcionar ao Presidente da Xunta de Galicia unha estrutura de análise, documentación e proxección que permita incorporar a opinión e os coñecementos de cidadáns e expertos nos procesos de toma de decisións.

O orzamento actual persegue obxectivos diferentes, algúns xerados polo propio funcionamento actual da secretaría, e outros relativos ao que debe ser a súa dinámica habitual.

1. Informar e asistir ao Presidente en materias específicas onde o concurso de expertos provea dun aumento de calidade na decisión pública.
2. Informar ao Presidente e ao Goberno sobre os temas fundamentais que interesan á opinión pública, a fin de construír un modelo democrático que teña en conta as necesidades, demandas e expectativas dos cidadáns.
3. Dirixir e coordinar o Servizo de Análise e Documentación e o Servizo de Análise e Estudos da Presidencia.

### **2. Actividades**

Para acadar os obxectivos mencionados realizaranse unha serie de accións que a continuación describimos:

1. Incorporación á web de datos e estudos realizados na comunidade autónoma, pola propia Xunta de Galicia, así como por empresas, universidades e entidades públicas e privadas.
2. Realización de conferencias, encontros de expertos, etc..., para a análise de temas específicos de interese.

3. Elaboración de estudos sociolóxicos que permitan ter coñecemento da opinión pública galega.
4. Edición e publicitación dos estudos e datos que poidan ter interese social ou utilidade científica.
5. Desenvolvemento do Servizo de Análise e Documentación co fin de que poda documentar sistematicamente a actividade do Presidente e do seu Goberno.
6. Desenvolvemento do Servizo de Análise e Estudos a través da realización e canalización de estudos específicos en áreas de especial interese.
7. Repoñer e completar, no servizo de documentación, coleccións de revistas, libros e documentación diversa.
8. Establecer colaboracións con servizos e organismos semellantes, doutras comunidades autónomas, que permitan valorar certas dinámicas en perspectiva comparada.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral de Análise e Proxección

## **PROGRAMA 111E. RELACIÓNS EXTERIORES**

### **1. Descrición**

Sobre a base do Decreto 44/2006, de 2 de marzo, modificado polo Decreto 145/2007, do 19 de xullo, e na continuidade da política económica seguida por mor do desenvolvemento competencial, podemos dicir que a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores pretende acadar os seguintes obxectivos:

1. Apoiar e asesorar á Presidencia da Xunta en todas as actuacións que en materia de relacións exteriores leve a cabo a Administración autonómica.
2. Desenvolver unha política de acción exterior propia, tendo en conta os intereses de Galicia e os diversos escenarios políticos que inciden nos mesmos.
3. Impulsar e potenciar as distintas delegacións da Xunta de Galicia como mostra dun novo xeito de promocionar a imaxe de Galicia, defender os seus intereses específicos e servir á colectividade galega do exterior cos mesmos dereitos e garantías dos cidadáns asentados no territorio galego.
4. Afirmar a presenza, os intereses e a imaxe de Galicia no contexto internacional, difundindo a realidade e especificidade galega no mundo.
5. Impulsar a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política internacional e europea do estado das autonomías.
6. Garantir o posicionamento de Galicia nos ámbitos emerxentes da política e a economía internacionais, facilitando a adaptación da nosa sociedade aos cambios que vivimos.

7. Colaborar nas liñas de actuación da comunidade autónoma no ámbito específico da Unión Europea, para a defensa e pulo dos intereses de Galicia e aplicar dita actuación a outras áreas xeográficas que igualmente inciden nos intereses autonómicos.
8. Impulsar e profundizar na cooperación interrexional, tanto a nivel bilateral como multilateral.
9. Cooperar institucional e tecnicamente nas actuacións da Administración autonómica naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais en xeral.
10. Representar á comunidade autónoma nos órganos de cooperación ou institucións que, en materia comunitaria ou de acción exterior, correspondan competencialmente, así como garantir a presenza activa de Galicia en diversas institucións e organismos da Unión Europea e outras esferas de actuación comunitarias.
11. Dar resposta ás implicacións derivadas da actividade da Unión Europea e a súa incidencia nos intereses e competencias da comunidade autónoma.
12. Conciliar actuacións, definir prioridades e canalizar a información que, no ámbito da Unión Europea e da acción exterior en xeral, sexan de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega no seu conxunto.
13. O pulo da cooperación con rexións de áreas xeográficas europeas e non europeas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral.
14. Cooperación especial coa Rexión-Norte de Portugal, no marco das novas perspectivas financeiras da Unión Europea (2007-2013).
15. Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.
16. Exercer un correcto funcionamento administrativo da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, da Dirección Xeral de Cooperación Exterior así como da Fundación Galicia Europa.

## **2. Actividades**

A consecución destes obxectivos precisa da realización de múltiples actuacións entre as que se poden salientar, como máis significativas, as que de seguido se relacionan:

1. Preparar as liñas estratéxicas de actuación no eido da acción exterior, así como elaborar aquela documentación precisa, que se requiran no apoio ao Presidente da Xunta de Galicia en todas as actividades desenvolvidas neste contexto.
2. Coordinar e preparar as viaxes do Presidente como membro de diversos órganos comunitarios, e colaborar na preparación daqueles outros a realizar no marco competencial das relacións exteriores en xeral.



3. Impulsar as actuacións que en materia de acción exterior corresponden á Xunta de Galicia e máis concretamente as derivadas da participación de Galicia na área de Iberoamérica e en distintos estados doutras áreas xeográficas de actuación ou en expansión.
4. Formular posibles liñas estratéxicas da actividade exterior da comunidade autónoma, a determinación dos seus obxectivos e tarefas circunstanciais e máis a habilitación dos medios políticos e administrativos necesarios para executalas.
5. Atender á defensa e promoción dos intereses dos galegos do exterior, establecendo infraestruturas que sirvan de proxección dos valores de Galicia e canle de relacións estables para os intereses comúns.
6. Preservar a presenza galega no mundo con identidade diferenciada e capacidade decisoria, como sinal de identidade nacional.
7. Apoiar de maneira principal, o labor da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, sacando o máximo partido á figura da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) creada por Regulamento (CE), do Parlamento Europeo e do Consello.
8. Impulsar a incorporación no marco estratéxico galego das empresas, entidades e colectividade galegas, con presenza no exterior.
9. Coordinar a participación de Galicia, en tanto que rexión membro, no Consello de Ministros, no Comité das Rexións, e nos Comités da Comisión Europea, no que a Unión Europea se refire, así como na Comisión Arco Atlántico, na Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e noutras organizacións rexionais europeas, e igualmente elaborar os informes e conclusións dos asuntos tratados nas respectivas xuntanzas, para a súa divulgación entre os departamentos da Xunta de Galicia interesados.
10. Asumir a representación de Galicia nos mecanismos de diálogo e colaboración existentes entre a Administración central e as comunidades autónomas e exercer a necesaria relación de colaboración entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia para os asuntos de ámbito europeo ou de proxección exterior, en xeral.
11. Coordinar e seguir o procedemento de axudas públicas e o de tratamento de queixas comunitarias, fronte á Comisión Europea, a través da realización de tarefas de coordinación e interlocución entre os departamentos da Xunta de Galicia, a Administración do Estado e a Unión Europea.
12. Aplicar as iniciativas enmarcadas no documento “Estratexia de Acción e Política Exterior de Galicia”.
13. Participar financeiramente no funcionamento e administración de organizacións rexionais europeas.
14. Desenvolver a participación da Iniciativa comunitaria INTERREG III A no período actual 2006-2009.

15. Cooperar coas distintas rexións implicadas para a posta en marcha e execución de proxectos de interese interrexional e outras iniciativas que respondan a fins concretos de actuacións sectoriais, de estratexias de desenvolvemento atlántico, e de formulación de solucións á problemática das situacións transfronteirizas.
16. Asistir e participar en xuntanzas e asembleas de institucións ou organizacións do exterior en xeral, así como organizar ou participar en foros, encontros, xornadas ou conferencias, dirixidas a dinamizar os obxectivos das funcións competenciais da secretaría xeral.
17. Adoptar medidas axeitadas que fomenten o intercambio de coñecementos, documentación e experiencias en materia de información, formación e difusión de cuestións que atinxen á Unión Europea.
18. Cubrir a participación da Xunta de Galicia na Fundación Galicia Europa cara á consecución dos seus obxectivos, así como dirixir as súas actividades.
19. Elaborar, xestionar e controlar os orzamentos da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, da Dirección Xeral de Cooperación Exterior e da Fundación Galicia Europa.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral de Relacións Exteriores

## **PROGRAMA 121B. ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

### **1. Descrición**

Á Asesoría Xurídica, con rango de dirección xeral, que depende da Secretaría Xeral da Presidencia, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 7/1984, do Parlamento de Galicia, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do poder xudicial.

### **2. Actividades**

Os obxectivos e liñas de acción da Asesoría Xurídica Xeral son os que se definen e concretan no Regulamento Orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo e, en concreto, a prestación de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva.

Desta maneira, trátase de profundizar na defensa máis efectiva ante os órganos xurisdicionais así como na emisión de todo tipo de informes en dereito e o estudo e informe dos distintos proxectos normativos.

Debe destacarse a atención que se vai prestar ao asesoramento en asuntos de orde xurisdiccional constitucional como consecuencia da creación dun Gabinete de Asuntos Constitucionais e por outra parte vaise incidir no exame e seguimento de normativa comunitaria e na prestación de asesoramento xurídico en dita materia de dereito comunitario europeo.

As actividades son as propias da Asesoría Xurídica Xeral definidas no seu Regulamento Orgánico aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, e modificado polo Decreto 120/2006, do 20 de xullo, e que se concretan en:

1. O asesoramento á Administración autonómica en asuntos constitucionais así como a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional.
2. O asesoramento á Administración da comunidade autónoma en materia de dereito comunitario europeo e o seguimento de normativa comunitaria.
3. O asesoramento e a emisión de informes en dereito á Administración autonómica.
4. Estudo e informe dos anteproxectos de lei e dos proxectos de normas regulamentarias.
5. A defensa e representación en xuízo da Administración autonómica.

En xeral, a prestación das funcións de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

## **PROGRAMA 151A. FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

### **1. Descrición**

Este programa materializa a promoción e fomento do coñecemento e o uso social da lingua galega en desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

### **2. Actividades**

Capítulo I. Concentra o gasto que se precisa para facer fronte ao custo dos soldos e salarios do persoal adscrito a este departamento.

Capítulo II. As partidas orzamentarias que aparecen neste capítulo dedícanse basicamente a cubrir os gastos necesarios para o normal funcionamento desta secretaría xeral e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e a asumir as asistencias das comisións vinculadas ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, tales como a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia e a Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral.

Así mesmo soporta os gastos derivados da participación en grupos de traballo e en eventos relacionados coa actividade que desenvolve esta secretaría.

Capítulo IV. Un dos obxectivos prioritarios é o de potenciar a proxección do galego na sociedade, de modo que sexa utilizado mesmo naqueles campos e sectores de poboación ata o de agora menos proclives ao seu uso tanto no código oral coma no escrito, e moi especialmente neste último.

Para isto convócanse anualmente axudas que serán destinadas a financiar operacións correntes das asociacións, colexios profesionais, cámaras de comercio e demais entidades e institucións sen fin de lucro, e das empresas privadas e empresas editoriais que realicen accións encamiñadas á potenciación da lingua galega e, polo tanto, á súa divulgación e coñecemento.

Para poder incrementar a proxección do galego na sociedade, os poderes públicos que teñen encomendada a súa promoción deben conseguir que se valore o feito lingüístico e prestixiar o seu uso. Para iso promoverase a investigación da lingua galega desde a perspectiva lingüística, desde a literaria e desde a humanística.

Seguindo esta premisa, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades leva a cabo a súa función investigadora. Para realizar estas investigacións, dirixidas por persoal especializado (fundamentalmente universitario), é preciso formar xoves investigadores que poidan materializar as actividades que se lles encomenden, destacando entre estas a posta ao día da terminoloxía científico-técnica.

De acordo con isto convócanse bolsas destinadas a sufragar os gastos daquel persoal que, unha vez seleccionado e formado polos directores-coordinadores dos proxectos, colabora nas investigacións que se desenvolven no mencionado centro.

A tal fin concédense bolsas para estadias no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dirixidas a estudosos da lingua e da literatura galegas, procedentes do estranxeiro, que queiran afondar máis no noso patrimonio cultural.

Tamén aparecen dotadas as bolsas do profesorado lector que imparte formación en lingua galega nos centros de estudos galegos e nas universidades de fóra de Galicia.

Por último, este capítulo IV engloba a achega ao Consorcio Audiovisual de Galicia, do que é membro esta secretaría xeral desde o ano 2006.

Capítulo VI. Neste capítulo inclúense unha gran parte dos programas, plans e accións necesarias para desenvolver o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que foi aprobado no Parlamento de Galicia, por unanimidade, en setembro de 2004.

Concrétase en diversas accións:

1. Actividades de formación e investimentos para os equipos de normalización lingüística constituídos nos centros de ensino de nivel non universitario, de acordo co Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG do 29 de xuño).
2. Cursos para diversos colectivos, adaptados aos enfoques metodolóxicos do Marco Europeo de referencia (obtención dos niveis de coñecemento CELGA), e de especialización para formadores.
3. Campañas e actuacións de promoción e sensibilización a prol da lingua galega dirixidas a toda a sociedade en xeral, ou aos escolares e a distintos sectores socioeconómicos, en particular:
  - a) Os medios de comunicación e industrias culturais.
  - b) A economía: industria, empresa e comercio.
  - c) A sanidade.
  - d) O deporte.
  - e) O mundo universitario (alumnos e docentes)
  - f) A edición en galego.
  - g) O ámbito eclesiástico.
  - h) A infancia e a familia e outros colectivos de grande importancia social.
  - i) A xuventude.
  - j) Os sindicatos.
4. Participación en feiras, exposicións e eventos culturais así como intercambio de experiencias en distintos foros e en centros do resto de España e do exterior.
5. Informática aplicada á lingua: deseño de ferramentas lingüísticas ao servizo da cidadanía (tradutores, correctores e verificadores, para entorno Windows e Macintosh), e de cursos en liña.
6. Programa para a lingua galega de tecnoloxías da información e da comunicación (operadoras de telefonía, etc.),
7. Accións para incentivar o uso da lingua galega na Administración periférica (Axencia Tributaria, Correos, etc.)
8. Seguimento de usos e comportamentos lingüísticos nos distintos sectores, a través do observatorio.
9. Intervencións para garantir o respecto aos dereitos lingüísticos da cidadanía que emprega o galego.

10. Actuacións para dar pulo ao emprego do galego na Unión Europea, co obxecto de facilitar e favorecer que a cidadanía utilice a súa propia lingua nas relacións cos organismos da Unión Europea.

Así mesmo, neste capítulo contéplase o pagamento de todos os proxectos de investigación lingüística, literaria e humanística que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e, en xeral, todas as iniciativas desta índole que pretende apoiar a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Capítulo VII. A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, nos seus títulos V “Do galego exterior” e VI “Da Administración Autonómica e a función normalizadora” estipula que o goberno galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para que existan servizos culturais e lingüísticos fóra da comunidade autónoma, e que asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega. En desenvolvemento deste mandato, e das medidas e directrices estratéxicas recollidas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega dentro do Sector 7 “Proxección exterior da Lingua”, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ten, entre outros, o obxectivo de fomentar o estudo da lingua e da cultura galegas naqueles lugares onde haxa unha colectividade importante de galegos, ou ben un grande interese polo feito galego. Por iso mantén abertos lectorados nun número crecente de centros de ensino de fóra de Galicia.

Por outra banda, a avaliación dos acordos subscritos en anos anteriores entre este departamento e o que ten atribuídas as competencias de xustiza, e administración local, é altamente positiva en canto ao efecto normalizador e normativizador do idioma galego propugnado pola Lei 5/1998, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. En cumprimento dos preceptos desta lei, e vistos os resultados acadados, faise necesario continuar formando ao persoal das corporacións locais e da xustiza, para afianzar o uso da lingua galega en todas as actividades que desenvolven, externas e internas, e nas “ferramentas” normativas e regulamentarias que utilizan de maneira cotiá.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral de Política Lingüística

## **PROGRAMA 312C. SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS**

### **1. Descrición**

O programa 312C “Servizos sociais relativos ás migracións”, inclúe o desenvolvemento de actividades de apoio aos galegos e ás comunidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen da vida social e cultural de Galicia, e contribuír á mellora das súas condicións de

vida. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e a inserción laboral do colectivo de inmigrantes e retornados na nosa sociedade.

## 2. Actividades

O Decreto 231/2005, do 11 de agosto, configura como órgano superior dependente da Presidencia da Xunta de Galicia á Secretaría Xeral de Emigración, á que o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, lle atribúe as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, relacións coas comunidades galegas no exterior e política inmigratoria e de retorno de Galicia, e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coa emigración que lle encomende o Presidente da Xunta de Galicia.

Para levar a cabo estas atribucións, esta secretaría xeral desenvolverá múltiples actuacións no exercicio orzamentario 2009, entre as que se poden destacar como máis significativas, as que de seguido se relacionan:

1. Apoiar e asesorar á Presidencia da Xunta (nas súas relacións institucionais coas comunidades galegas) en todas as actuacións relacionadas cos galegos e galegas, as comunidades galegas no exterior así como organizacións representativas da emigración galega no exterior, e no ámbito das materias que de inmigración e retorno leve a cabo a Administración autonómica.
2. Desenvolvemento do Plan Estratéxico da Emigración 2006-2009, a través das seguintes liñas de actuación:
  - a) Potenciación da asistencia socio-sanitaria en países iberoamericanos en situación de vulnerabilidade co fin de contribuír á atención das necesidades socio-sanitarias non satisfeitas polos sistemas de cobertura estatal e que afectan á poboación emigrante galega e aos seus descendentes, priorizando a asistencia a emigrantes en situación de extrema necesidade e establecendo un mínimo social digno que garanta o seu benestar.
  - b) Cursos de acción formativa e cultural para os galegos e galegas residentes no exterior, así como promoción de proxectos culturais colectivos de difusión da lingua, a identidade e a cultura galega como canle de racionalización e xestión eficaz dos recursos.
  - c) Establecemento de programas específicos coa xuventude de xeito que permita un maior achegamento e participación da nosa xuventude na vida asociativa da Galicia exterior, potenciando o uso das novas tecnoloxías como canle de comunicación, co fin de incorporar aos descendentes de galegos á vida dos centros e da colectividade galega.
  - d) Fomento de novas fórmulas de participación nos centros galegos que atraian ao colectivo feminino, potenciando a igualdade como valor fundamental.

- e) Apoio infraestrutural para os centros galegos do exterior para o adecuado desenvolvemento das súas actividades, de xeito que se garanta no futuro a viabilidade destes na emigración, como espazos asociativos autosostibles capaces de dar resposta ás novas necesidades da cidadanía galega no exterior, así como a dotación de ferramentas tecnolóxicas para difundir os proxectos, e as súas actividades a través da rede
  - f) Impulso do Rexistro voluntario “on line” de galegos e galegas residentes no exterior, como ferramenta para unha comunicación personalizada coa numerosa poboación galega residente no exterior.
  - g) Unificar e centralizar os puntos de atención, asesoramento, información aos emigrantes (oficinas de programas sociais, oficinas de atención xuvenil) a través de infraestruturas físicas ou telemáticas, de tal forma que alcance ao maior número de cidadáns galegos residentes no exterior.
  - h) Desenvolvemento da Rede virtual do patrimonio galego exterior para conservar e catalogar o patrimonio histórico e cultural dos centros galegos espallados polo mundo (inmóbles, bibliotecas emblemáticas, documentos, coleccións, etc.), así como a posta en marcha dun portal no que se difundirá o dito patrimonio catalogado.
  - i) Favorecer a participación dos estudantes galegos do exterior nos cursos e programas do sistema universitario e formación profesional da comunidade autónoma.
  - j) Colaboración coa Consellería de Educación para a difusión nas escolas da importancia do patrimonio público da emigración nos concellos galegos.
  - k) Fomentar o servizo de información aos galegos e galegas residentes no exterior sobre os programas e accións da Xunta de Galicia dirixidas á emigración a través de [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com) así como as campañas informativas que se consideren oportunas.
3. Desenvolvemento do Plan galego de cidadanía, convivencia e integración 2008-2011, cuxa finalidade última é a consecución da plena integración social das persoas inmigrantes na sociedade galega, a través de medidas e actuacións en diversas áreas.
- a) Desenvolvemento dunha acollida de carácter integral, a través do fomento de redes de coordinación entre todos os axentes implicados en programas de acollida: cobertura das súas necesidades básicas, impartición de cursos de idiomas, accións informativas e de asesoramento legal de carácter xeral. Por outra banda, a promoción de actuacións de acollida ás persoas en situación de especial vulnerabilidade.
  - b) Programas de información e orientación individualizada para achegar os servizos públicos á poboación inmigrante, en especial o acceso aos servizos de saúde, a través de accións de



difusión e colaboración entre os servizos públicos e as entidades que traballan con este colectivo. Así mesmo, a formación en interculturalidade a profesionais que traballan con persoas inmigrantes.

- c) Accións que potencien o acceso á educación, en igualdade de condicións, do alumnado inmigrante, como instrumento de integración social.
  - d) Programa integral dirixido ás mulleres inmigrantes: educación de adultos, formación profesional, cursos de habilidades sociais, inserción laboral e educación para a saúde.
  - e) Programas e campañas de sensibilización: promoción dunha imaxe positiva da inmigración, que favorezan a sensibilización da sociedade galega e fomenten actitudes positivas respecto ao colectivo estranxeiro asentado na comunidade autónoma galega, así como a loita contra a súa discriminación, promovendo valores de respecto, tolerancia e solidariedade que eviten actitudes racistas ou xenófobas.
  - f) Programas de acceso, mellora e mantemento do emprego para facilitar a inserción laboral dos inmigrantes, así como accións formativas que contribúan a incrementar a empregabilidade deste colectivo.
4. Establecer mecanismos de información e apoio ao retorno que inclúan supostos de protección específicos para os retornados maiores ou en situación de precariedade económica ou social, apoiando ás familias receptoras e facilitando a súa integración social, así como facilitar o acceso á vivenda da poboación retornada en réxime de aluguer, especialmente nas primeiras fases de retorno.
  5. Apoio á creación e mantemento de movementos asociativos de inmigrantes e retornados.
  6. Fomento da formación “on line”, como canle de reforzamento dos vínculos sociais e culturais cos emigrantes galegos e os seus descendentes residentes fóra de Galicia, así como medio de especialización dos inmigrantes, retornados e entidades que traballen neste ámbito, co fin de proporcionarlles coñecementos que contribúan a facilitar a súa total integración na sociedade galega.
  7. Mantemento, actualización e dinamización do portal Galicia aberta, no que converxen as webs de entidades galegas no exterior e de asociacións de inmigrantes e retornados, respecto dos cales hai que garantirlle a súa operatividade.
  8. Desempeño das funcións de atención á cidadanía galega na delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires, en especial, en materia de xestión de pensións, de asistencia sanitaria e temas que teñan que ver co retorno dos emigrados.
  9. Apoio á Fundación Galicia Emigración.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral de Emigración

## **PROGRAMA 331A. COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO**

### **1. Descrición**

**No programa 331A “Cooperación Exterior e ao Desenvolvemento” contémplase, en base ao Decreto 44/2006, do 2 de marzo, os obxectivos da Dirección Xeral de Cooperación Exterior así como as actividades a levar a cabo para o seu cumprimento.**

1. Executar a Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.
2. Fomentar a cooperación a favor dos países en vías de desenvolvemento entre os diferentes axentes de cooperación galega maximizando o efecto da axuda sobre as poboacións directamente afectadas, dando así poder efectivo aos seus beneficiarios sobre o seu propio futuro.
3. Planificar estratexias de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, detallando a especial incidencia ás aplicacións por sector e países para garantir o maior grao posible de eficiencia e integrabilidade da cooperación.
4. Incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento fomentando a concienciación da nosa sociedade e a tolerancia aos valores culturais dos países en vías de desenvolvemento.
5. Promover a formación e capacitación na materia de cooperación internacional, tanto teórica como na práctica.
6. Fomentar a coordinación e o traballo conxunto de Galicia en programas da Axencia Española de Cooperación Internacional e outras axencias multilaterais de cooperación ao desenvolvemento.
7. Fortalecer os diferentes actores da cooperación galega para o desenvolvemento, con especial fincapé nas ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, as comunidades galegas no exterior e as universidades galegas.

### **2. Actividades**

No 2009 está previsto levar a cabo, ademais do xa iniciado no 2008, os seguintes obxectivos coas súas actividades correspondentes.

1. Elaboración do Plan anual para a cooperación galega 2009 para a súa presentación no Consello Galego, Comisión Interterritorial e Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento.

2. Execución de programas integrais de cooperación a longo prazo, continuando o proceso de concentración da axuda para asegurar un maior impacto e primar así a cooperación cos sectores máis pobres a través de proxectos nos que se favorezan os esforzos dos gobernos e da sociedade civil:
  - a) Cooperación directa: Senegal (Sant Louis), Mozambique (Cabo Delgado), Perú (Piura e Amazonas), Guatemala (Retaluleu), República Dominicana (Santiago de los Caballeros), Haití e Honduras. Nos sectores de: Saúde, auga potable, medio ambiente, xénero, educación básica e superior, construción - vivenda, pesca, fortalecemento institucional e atención a menores vítimas de explotación comercial infantil.
  - b) Execución da convocatoria de programas a medio e longo prazo para ONGD.
  - c) Identificación de novos programas integrais de cooperación, tanto de xeito directo como con outras axencias de cooperación (AECI, PNUD, FAO, etc.).
3. Coordinación e apoio ás accións de cooperación internacional realizadas por consellerías da Xunta de Galicia (Pesca, Vivenda, Medio Rural e Medio Ambiente) que trala súa revisión e análise durante o 2007 computaron xa no 2008 como Axuda Internacional ao Desenvolvemento (AOD). Tal e como recoñece a Lei 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento.
4. Desenvolvemento da Rede de Funcionariado Cooperante, para que funcionarios da Xunta de Galicia se poidan incorporar a proxectos de cooperación internacional.
5. Incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento fomentando a concienciación da nosa sociedade sobre as causas da pobreza:
  - a) Extensión do programa de sensibilización sobre o desenvolvemento como dereito humano e a realidade da cooperación feita dende a Xunta de Galicia a todas as cidades galegas e núcleos de poboación rural.
  - b) Potenciar esixencia e impacto nas accións de sensibilización formuladas dende os axentes galegos.
  - c) Edición e difusión de boletín “on line” e físico sobre a cooperación galega.
6. Promover a formación e capacitación na materia de cooperación internacional, tanto teórica como na práctica:
  - a) Realización da convocatoria de bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento tanto en terreo como na propia dirección xeral.
  - b) Ampliar bolsas de formación práctica en axencias multilaterais de Nacións Unidas: Fao e Unifem.

- c) Realización de cursos de formación para todos os actores da cooperación galega sobre formulación de proxectos, metodoloxía de marco lóxico, seguimento e avaliación, impacto de accións de comunicación, etc. Tanto de xeito directo como a través doutras entidades.
7. Fortalecer aos diferentes actores da cooperación galega para o desenvolvemento:
- a) ONGD. Convocatoria, fortalecemento e apoio individualizado específico para entidades con enderezo social en Galicia.
  - b) Concellos. Apoio ao Fondo Galego de Cooperación Internacional e integración de concellos e deputacións en programas e proxectos de cooperación.
  - c) Comunidades galegas no exterior. Especialmente as dos países preferentes da cooperación galega: Arxentina, Uruguai e Venezuela.
  - d) Universidades galegas. Elaboración, estudio, iniciativas, cooperación e apoio en accións concretas de investigación, formación e cooperación directa.
8. Aumento da calidade, seguimento e planificación da avaliación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento financiados directa ou indirectamente pola Xunta de Galicia dos proxectos de cooperación presentados:
- a) Implantación da normativa de Certificación entidades para asegurar capacidade e solvencia para asumir a xestión de programas a longo prazo.
  - b) Seguimento e avaliación de 92 proxectos de cooperación, financiados directa ou indirectamente pola Xunta de Galicia en diferentes países en vías de desenvolvemento para analizar o impacto das accións financiadas.
9. Seguimento de actuacións e proxectos de axuda humanitaria e de emerxencia dotando orzamentaria e estratexicamente á Axencia Humanitaria de Galicia.
10. Potenciación da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.
11. Seguimento do plan para implantación e difusión do comercio xusto tanto a través de tendas de ONGD como de iniciativas privadas.
12. Elaboración e divulgación da memoria da Cooperación galega 2008.
13. Seguimento e implantación dos plans de actuación por país (PAPs) para os países prioritarios e preferentes establecidos no Plan director da cooperación galega; establecendo os sectores e áreas xeográficas de actuación prioritaria para cada país.

14. Seguimento da convocatoria de microproxectos, iniciada no 2008, para o desenvolvemento no exterior polas ONGDs ampliándoo ás universidades.
15. Actualización das liñas e canles de traballo vía web do catálogo de recursos educativos.
16. Organización dunha “campana específica” que dea continuidade á realizada no 2008 (Achégate á Cooperación Galega)
17. Difusión das reportaxes gravadas no 2008 en diversos proxectos que recibiron apoio da dirección xeral.
18. Integración e coordinación entre outras comunidades autónomas, AECID en políticas de cooperación e seguimento de calidade e impacto en terreo.
19. Elaboración da proposta do Plan director 2010-2013.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Cooperación Exterior

## **PROGRAMA 432C. FOMENTO DO AUDIOVISUAL**

### **1. Descrición**

A finalidade do programa de fomento do audiovisual está relacionada coa relevante notoriedade e influencia que o sector da imaxe ten sobre a sociedade actual. Por isto, as actuacións da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual están encamiñadas a potenciar o sector, no marco das actuacións posteriores á efectiva produción audiovisual, fomentando a promoción e difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

### **2. Actividades**

1. Axudas a empresas, a entidades sen ánimo de lucro e a concellos para o desenvolvemento e organización de festivais e mostras cinematográficas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Axudas a empresas para a comercialización de producións audiovisuais galegas, pola asistencia a mercados, foros de coprodución e/ou misións comerciais ou pola asistencia a festivais.
3. Axudas a empresas para apoiar actos de estrea ou presentación de producións audiovisuais galegas ou en lingua galega dentro da comunidade autónoma.
4. Actividades específicas de difusión e de programación a través do Centro Galego das Artes de Imaxe (CGAI).
5. Promoción en Galicia e no exterior do patrimonio audiovisual galego, a través do Consorcio Audiovisual.

6. Recuperación, conservación e difusión do patrimonio audiovisual galego.
7. Continuar co proxecto “Cine galego na rede” encadrado no proxecto “Audiovisual innova”.
8. Actuacións para o mantemento e mellora da exposición permanente Galiciadixital, así como das súas exposicións itinerantes.
9. Convenios con outros organismos e institucións para o fomento do audiovisual galego.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

## **PROGRAMA 461A. COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL**

### **1. Descrición**

Potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación

Apoio á comunicación a través da promoción das novas tecnoloxías aplicadas á mesma, acadando maiores niveis de coñecementos multimedia e audiovisual entre a poboación galega que melloren as súas competencias profesionais e faciliten o seu acceso a mundo laboral.

### **2. Actividades**

1. Divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia.
2. Realización das tarefas destinadas a establecer a coordinación operativa da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.
3. Preparación da axenda normativa referente aos medios informativos e a publicidade.
4. Xestión dunha liña de axudas destinadas ás empresas xornalísticas e de radiodifusión.
5. Xestión dunha liña de axudas destinadas a empresas xornalísticas que realicen as súas publicacións en galego conforme á normativa oficial vixente.
6. Xestión dos convenios coas universidades galegas para a realización de prácticas nos gabinetes de comunicación da Xunta de Galicia para estudantes das Facultades de Ciencias da Comunicación.
7. Elaboración e xestión do programa propio de actividades do Club Internacional de Prensa de Galicia.
8. Apoio e posta en marcha de accións que teñan por obxecto a mellorar a formación e cualificación dos profesionais dos medios informativos.
9. Organización de xornadas, seminarios e encontros dos profesionais da comunicación.

10. Realizar estudos de investigación sobre os medios informativos existentes na comunidade autónoma co fin de mellorar e dar apoio a súa competitividade no mercado.
11. Elaboración de informe preceptivo, na subscrición de convenios cos diferentes medios informativos, e dos plans de medios que se deriven dos concursos públicos de campañas publicitarias.
12. Convocatoria dos Premios Galicia de Comunicación
13. Achegar as novas tecnoloxías da comunicación ao conxunto dos galegos, especialmente no rural e en concellos de tamaño medio, incrementando e reforzando a rede de telecentros de comunicación, impulsando as accións de formación en rede e a oferta de novos servizos públicos en coordinación coas administracións e axentes implicados.
14. Dotar a rede de telecomunicacións dos bens de equipo necesarios para avanzar no despregue do múltiplex autonómico da televisión dixital terrestre (TDT).
15. Contribuír á alfabetización dixital da cidadanía galega, incrementando e reforzando a rede de telecentros de comunicación, impulsando as accións de formación en rede e a oferta de novos servizos públicos en coordinación coas administracións e axentes implicados.
16. Axudas a empresas sen ánimo de lucro para a dotación de equipamento audiovisual e multimedia.
17. Axudas a empresas sen ánimo de lucro para a creación de medios electrónicos de comunicación.
18. Axudas a concellos para equipamento de emisoras FM municipais e para equipamento multimedia.
19. Axudas a concellos para realización de estudos e traballos técnicos no marco da TDT e, por outra banda, para a dotación de infraestruturas de baixa potencia de TDT.
20. Preparación, programación, xestión e coordinación de proxectos multimedia no ámbito de comunicación.
21. Preparación e seguimento dos programas de novas tecnoloxías no ámbito de comunicación.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral de Comunicación

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

## **PROGRAMA 461B. RADIODIFUSIÓN E TVG**

### **1. Descrición**

A actual transición da tecnoloxía analóxica á dixital fai necesario a dotación, mellora e ampliación das infraestruturas e redes de difusión de radio e televisión, co despregue dunha nova rede de radiocomunicacións dixitais.

Así mesmo, na procura de que a capacidade de resposta dos distintos organismos institucionais e de emerxencia sexa a axeitada é necesario realizar o despregue da nova Rede oficial de comunicacións da Xunta de Galicia.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á CRTVG e as súas empresas, co fin de dar viabilidade o funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

## **2. Actividades**

1. Realizar as transferencias de capital que se outorguen á Compañía de Radiotelevisión de Galicia e as súas sociedades (TVG e RTVG).
2. Realizar as transferencias correntes e de capital que se outorguen á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal, S.A.).
3. Ampliar e mellorar a infraestrutura de radio e televisión, mediante novos investimentos.
4. Elaboración de normas e emisión de informes administrativos relativos á televisión e radiodifusión.
5. Control e xestión de procedementos de autorizacións e concesións de televisión e radiodifusión.
6. Xestión e rexistro de concesionarios de televisión e radiodifusión.
7. Control, inspección e tramitación de expedientes sancionadores en materia de medios e contidos audiovisuais.
8. Xestión, planificación, coordinación e asesoramento técnico dos servizos e infraestruturas de telecomunicación da Xunta de Galicia.
9. Realizar estudos técnicos e de planificación para obter cobertura o máis ampla posible na emisión/recepción de programas de radio e televisión que dependen da Xunta de Galicia, así como aqueles estudos tendentes á mellora das infraestruturas.
10. Completar a Rede Oficial de Comunicacións da Xunta de Galicia e colaborar coa RECETGA.
11. Planificación e xestión da autoestrada galega da información.
12. Coordinación das actuacións de RETEGAL.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual



**CADROS NUMÉRICOS**

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos**

Programas	Servizos					
	10	11	12	20	30	31
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	4.481,1		106,9			
111D-Alto asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia				2.190,7		
111E-Relacións exteriores						
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.		2.653,7				
151A-Fomento da lingua galega						
312C-Servizos sociais relativos ás migracións						
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento						
432C-Fomento do audiovisual						3.656,5
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social					8.346,2	2.791,0
461B-Radiodifusión e TVG						131.145,1
<b>Total</b>	<b>4.481,1</b>	<b>2.653,7</b>	<b>106,9</b>	<b>2.190,7</b>	<b>8.346,2</b>	<b>137.592,7</b>

Programas	40	41	50	60	Total
	111A-Presidencia da Xunta de Galicia				
111D-Alto asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia					2.190,7
111E-Relacións exteriores	4.233,6				4.233,6
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.					2.653,7
151A-Fomento da lingua galega				21.531,4	21.531,4
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			20.698,2		20.698,2
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento		11.663,8			11.663,8
432C-Fomento do audiovisual					3.656,5
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social					11.137,2
461B-Radiodifusión e TVG					131.145,1
<b>Total</b>	<b>4.233,6</b>	<b>11.663,8</b>	<b>20.698,2</b>	<b>21.531,4</b>	<b>213.498,3</b>

(Miles de Euros)

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	2.545,8	1.819,6		80,0	142,6			4.588,0
111D-Alto asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia	652,4	696,0		237,9	604,3			2.190,7
111E-Relacións exteriores	1.487,6	1.583,4	6,1	887,7	268,8			4.233,6
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.	2.357,5	219,6			76,7			2.653,7
151A-Fomento da lingua galega	2.051,4	208,3		3.432,6	14.098,0	1.741,1		21.531,4
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	2.625,0	2.940,4		11.106,3	1.264,5	2.761,9		20.698,2
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	549,7			6.569,4	605,3	3.939,5		11.663,8
432C-Fomento do audiovisual					3.370,0	286,5		3.656,5
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	2.337,0	1.729,0		294,2	6.615,7	161,3		11.137,2
461B-Radiodifusión e TVG				622,2	5.732,8	14.154,6	110.635,5	131.145,1
<b>Total</b>	<b>14.606,3</b>	<b>9.196,4</b>	<b>6,1</b>	<b>23.230,2</b>	<b>32.778,7</b>	<b>23.045,0</b>	<b>110.635,5</b>	<b>213.498,3</b>

(Miles de Euros)

## Distribución orgánica

10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.394,0	2.438,9	1,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.004,0	1.819,6	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	160,3	80,0	-50,1
Cap. VI - Investimentos reais	30,0	142,6	375,4
<b>Total</b>	<b>4.588,3</b>	<b>4.481,1</b>	<b>-2,3</b>

(Miles de Euros)

11 ASESORÍA XURÍDICA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.244,6	2.357,5	5,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	241,8	219,6	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	85,0	76,7	-9,8
<b>Total</b>	<b>2.571,4</b>	<b>2.653,7</b>	<b>3,2</b>

(Miles de Euros)

12 DIRECCIÓN X.DO GABINETE DA PRESIDENCIA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	105,2	106,9	1,6
<b>Total</b>	<b>105,2</b>	<b>106,9</b>	<b>1,6</b>

(Miles de Euros)

20 SECRETARÍA XERAL DE ANÁLISE E PROXECCIÓN	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	648,7	652,4	0,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	766,6	696,0	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	262,0	237,9	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	670,0	604,3	-9,8
<b>Total</b>	<b>2.347,2</b>	<b>2.190,7</b>	<b>-6,7</b>

(Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.106,3	1.121,4	1,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.904,2	1.729,0	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	198,3	180,1	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	5.893,2	5.315,7	-9,8
<b>Total</b>	<b>9.102,0</b>	<b>8.346,2</b>	<b>-8,3</b>

(Miles de Euros)

31 DIRECCIÓN X. DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.072,7	1.215,5	13,3
Cap. IV - Transferencias correntes	810,9	736,3	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	8.642,4	10.402,8	20,4
Cap. VII - Transferencias de capital	12.778,1	14.602,5	14,3
Cap. VIII - Activos financeiros	107.548,6	110.635,5	2,9
<b>Total</b>	<b>130.852,8</b>	<b>137.592,7</b>	<b>5,2</b>

(Miles de Euros)

40 SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.256,9	1.487,6	18,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.162,4	1.583,4	36,2
Cap. III - Gastos financeiros	3,1	6,1	100,0
Cap. IV - Transferencias correntes	977,6	887,7	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	298,0	268,8	-9,8
<b>Total</b>	<b>3.697,9</b>	<b>4.233,6</b>	<b>14,5</b>

(Miles de Euros)

41 DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	544,8	549,7	0,9
Cap. IV - Transferencias correntes	6.458,0	6.569,4	1,7
Cap. VI - Investimentos reais	305,3	605,3	98,3
Cap. VII - Transferencias de capital	3.897,8	3.939,5	1,1
<b>Total</b>	<b>11.205,9</b>	<b>11.663,8</b>	<b>4,1</b>

(Miles de Euros)

50 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.571,6	2.625,0	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.238,4	2.940,4	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	9.927,6	11.106,3	11,9
Cap. VI - Investimentos reais	1.401,9	1.264,5	-9,8
Cap. VII - Transferencias de capital	3.041,7	2.761,9	-9,2
<b>Total</b>	<b>20.181,3</b>	<b>20.698,2</b>	<b>2,6</b>

(Miles de Euros)

60 SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.856,8	2.051,4	10,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	229,4	208,3	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	3.780,3	3.432,6	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	15.463,4	14.098,0	-8,8
Cap. VII - Transferencias de capital	1.917,5	1.741,1	-9,2
<b>Total</b>	<b>23.247,5</b>	<b>21.531,4</b>	<b>-7,4</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS		2008	2009	% Var.
10	SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	4.588,3	4.481,1	-2,3
11	ASESORÍA XURÍDICA XERAL	2.571,4	2.653,7	3,2
12	DIRECCIÓN X.DO GABINETE DA PRESIDENCIA	105,2	106,9	1,6
20	SECRETARÍA XERAL DE ANÁLISE E PROXECCIÓN	2.347,2	2.190,7	-6,7
30	SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN	9.102,0	8.346,2	-8,3
31	DIRECCIÓN X. DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	130.852,8	137.592,7	5,2
40	SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES	3.697,9	4.233,6	14,5
41	DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR	11.205,9	11.663,8	4,1
50	SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	20.181,3	20.698,2	2,6
60	SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	23.247,5	21.531,4	-7,4
<b>Total</b>		<b>207.899,6</b>	<b>213.498,3</b>	<b>2,7</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA/Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	13.801,7	14.606,3					13.801,7	14.606,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	9.546,7	9.196,4					9.546,7	9.196,4
Cap. III - Gastos financeiros	3,1	6,1					3,1	6,1
Cap. IV - Transferencias correntes	22.575,2	23.230,2					22.575,2	23.230,2
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>45.926,5</i>	<i>47.039,0</i>					<i>45.926,5</i>	<i>47.039,0</i>
Cap. VI - Investimentos reais	32.789,2	32.778,7					32.789,2	32.778,7
Cap. VII - Transferencias de capital	21.635,2	23.045,0					21.635,2	23.045,0
Cap. VIII - Activos financeiros	107.548,6	110.635,5					107.548,6	110.635,5
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>161.973,7</i>	<i>166.459,2</i>					<i>161.973,7</i>	<i>166.459,2</i>
<b>Total</b>	<b>207.899,6</b>	<b>213.498,3</b>					<b>207.899,6</b>	<b>213.498,3</b>

(Miles de Euros)

## Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	12	13
<i>Persoal funcionario</i>	234	235
Subgrupo A1	114	82
Subgrupo A2	16	38
Subgrupo C1	36	49
Subgrupo C2	54	52
Grupo E e agrupacións profesionais	14	14
<i>Persoal laboral</i>	24	30
Grupo I	2	6
Grupo II		2
Grupo III	5	5
Grupo IV	6	6
Grupo V	6	6
Grupo VIII	5	5
<i>Outro persoal</i>	2	
<b>TOTAL</b>	<b>272</b>	<b>278</b>

## Sociedades Públicas

	2009		
	Explo.	Capit.	Total
Compañía de Radio Televisión de Galicia	134.067,0	8.512,0	142.579,0
Redes de Telecomunicación Galegas S.A.	11.311,0	619,0	11.930,0

(Miles de euros)



**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E  
DO BENESTAR**

SECCIÓN 05





## 1. COMPETENCIAS

---

A actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia ven establecida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polos Decretos 332/2005, do 18 de agosto , 454/2005, do 1 de setembro e 212/2007, do 8 de novembro, procédese a fixar a estrutura orgánica dos seus distintos departamentos, sinalando o artigo 1 que os órganos superiores e directivos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar son:

1. Vicepresidente
2. Secretaría Xeral
3. Secretaría Xeral de Relacións Institucionais
4. Secretaría Xeral da Igualdade
5. Secretaría Xeral do Benestar
6. Dirección Xeral de Acción Social
7. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade
8. As delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar
9. Así mesmo, se adscribe á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo que se rexerá en canto aos seus obxectivos, funcións, estrutura e funcionamento polo previsto na Lei galega 3/1991, do 14 de xaneiro, da súa creación e polas normas que a desenvolven.

As competencias dos referidos órganos superiores da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar son as seguintes:

1. O vicepresidente é a autoridade superior da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, con tal carácter, está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, pola Lei 2/2007, do 28 de marzo e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo. Ademais substituirá ao presidente nos supostos previstos legalmente e exercerá as funcións que este lle delegue de conformidade co artigo 33 da referida lei.
2. A Secretaría Xeral coordinará o conxunto das políticas da Vicepresidencia e a de todos os seus órganos. Exercerá as funcións e competencias establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, a inspección dos servizos e dos centros e organismos dependentes ou adscritos á Vicepresidencia, a

coordinación das publicacións editadas desde esta e a xestión do seu programa estatístico anual así como aquelas que lle sexan encomendadas por delegación do titular do departamento.

3. A Secretaría Xeral de Relacións Institucionais participará nos procesos de reforma estatutaria así como no resto das accións e decisións relativas ás relacións institucionais coa Administración Xeral do Estado e o Goberno do Estado. Representará á comunidade autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma. Encargarase do rexistro dos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica. Representará á Vicepresidencia naqueles supostos nos que lle sexa encomendado polo seu titular e, así mesmo, á Comunidade Autónoma de Galicia en determinados foros cando así sexa acordado polo Consello da Xunta de Galicia.
4. Á Secretaría Xeral da Igualdade correspóndelle o deseño, coordinación, avaliación e xestión das políticas que a Xunta realiza en materia de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade entre homes e mulleres, loita contra as formas de violencia exercida contra as mulleres, conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Por outra banda tamén lle compete a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres segundo o disposto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.

Asemade, asume a xestión das políticas públicas galegas en materia de acción social nos sectores da familia e infancia segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; en concreto, compételle a este centro directivo a xestión da política autonómica familiar en desenvolvemento do previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia, as competencias de mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar, e do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o rexistro de mediadores familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.

Tamén corresponde ao ámbito competencial da secretaría xeral o estudo da realidade social, a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servizos sociais nos anteditos sectores, así como a cooperación con elas.

Por último ten atribuída a xestión das prestacións e programas dirixidos aos mencionados sectores de poboación obxecto da súa acción.

O traspaso de funcións e servizos nestas materias fíxose por medio dos seguintes reais decretos:

- a) Real decreto 2411/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos e asistenciais sociais.
  - b) Real decreto 4123/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tempo libre.
  - c) Real decreto 2414/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de garderías infantís laborais.
  - d) Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) da Seguridade Social.
  - e) Real decreto 553/2006, do 5 de maio, de traspaso a Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña.
5. Á Secretaría Xeral do Benestar corresponderalle o deseño, coordinación, avaliación e xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, voluntariado, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, así como a protección e tutela dos menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos pola lei. Así mesmo correspóndelle a aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Igualmente, encargárase da elaboración de propostas para a formulación da política da Vicepresidencia en materia de servizos comunitarios e inclusión social, da realización de funcións de estudo de necesidades e problemáticas sociais e da coordinación, control e xestión das prestacións sociais e económicas. Por último, atribúeselle a función de avaliación e control da eficacia das políticas de benestar.

Adscribíense á Secretaría Xeral do Benestar a Dirección Xeral de Acción Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

- 5.1. A Dirección Xeral de Acción Social é o órgano directivo adscrito á Secretaría Xeral do Benestar a quen lle corresponde a xestión da política autonómica en materia de acción social nos sectores de atención aos menores, aos maiores, ás persoas con discapacidade así como a relativa a servizos comunitarios e inclusión social, avaliando as necesidades e problemáticas sociais destes colectivos e realizando a coordinación, control e xestión das prestacións sociais e económicas.

Correspóndelle á dirección xeral a elaboración de propostas para a formulación da política da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, planificando, coordinando e executando os plans do seu ámbito competencial e prestando o asesoramento preciso ás entidades prestadoras de servizos sociais nos devanditos ámbitos.

Particularmente, correspóndelle formular as propostas, para a elaboración do Plan galego de equipamentos e servizos sociais, a creación e xestión dos equipamentos, programas e servizos que asuma a Administración autonómica, a implantación e seguimento dos plans de calidade que os afecten, a xestión de concertos e axudas establecidas, a supervisión das actuacións das entidades destinadas á atención e promoción dos maiores, menores, persoas con discapacidade e colectivos excluídos ou en risco de exclusión, a elaboración de propostas de normativa que lles afecten a calquera outra función relativa a materias da súa competencia ou que lle sexan atribuídas pola normativa vixente no eido dos servizos sociais.

Participa no eido local, coordinando a actividade de atención especializada cos servizos de atención primaria, asesorando aos concellos e outros entes locais na creación, organización e funcionamento destes servizos e colaborando na formación permanente do seu persoal así como no funcionamento do Consello Galego de Servizos Sociais, do Consello Galego das Persoas Maiores, do Consello Galego de Persoas con Discapacidade e da Comisión Galega Interinstitucional do Menor.

Asimesmo, corresponde a este centro directivo a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio ao menor, a protección e tutela dos menores que se atopen en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores e a xestión das prestacións previstas na Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, a cooperación coas entidades de iniciativa social e a xestión das prestacións e programas dirixidos aos anteditos sectores de poboación.

En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, e sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral, correspóndelle coordinar a súa xestión, supervisando o seu funcionamento, e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

As funcións e servizos levados a cabo por este centro directivo, foron traspasados a través dos seguintes reais decretos:

- a) Real decreto 2411/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos e asistencia social.

- b) Real decreto 1108/1984, do 29 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección de menores.
- c) Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) da Seguridade Social.
- d) Real decreto 1054/1985, do 5 de xuño, sobre ampliación dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de menores.

5.2. Á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e adscrita á Secretaría Xeral do Benestar, segundo o establecido no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, corresponderalle a xestión das actuacións da Vicepresidencia en materia de mocidade, así como a coordinación das políticas de carácter interdepartamental e transversal que teñan incidencia sobre a mesma e, especificamente, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, nas súas vertentes asociativa e de participación social, manifestacións artísticas, culturais e deportivas. Dentro do seu ámbito competencial, figura o fomento dos servizos e recursos de información aos mozos e ás mozas en todas aquelas materias que sexan relevantes para o seu desenvolvemento persoal e integración social.

Así mesmo, correspóndelle coordinar e supervisar o funcionamento dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral, e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade xestionará o fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas, intercambios co estranxeiro en materia de mocidade e voluntariado, fomento dos programas de Turismo xove e coñecemento do medio e promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade, así como a xestión do rexistro de entidades de acción voluntaria.

Estas funcións foron traspasadas polos seguintes reais decretos:

- a) Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (cultura, xuventude e deportes).
- b) Real decreto 1459/1989, do 1 de decembro, de ampliación de medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de xuventude (TIVE).

6. As delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar existirán en cada unha das provincias da comunidade autónoma, de acordo co establecido no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se organiza a Administración periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos seus órganos territoriais.

Á fronte de cada delegación provincial existirá un delegado que, reunindo os requisitos esixidos no Decreto 244/1990, do 18 de abril, asumirá as funcións e competencias que lle atribúe o Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, e demais normativa vixente.

Dependerán orgánica e funcionalmente do Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, sen prexuízo das directrices funcionais que se diten polos distintos centros directivos da vicepresidencia ou do organismo autónomo adscrito a ela.

Por outra banda, e ao marxe da propia estrutura orgánica, cómpre sinalar que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar forma parte, cunha participación maioritaria, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; entidade de dereito público, de carácter interadministrativo, constituída pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da propia Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e diversos concellos galegos.

De acordo aos fins que, de conformidade cos seus Estatutos, lle son encomendados, corresponderá ao consorcio, con carácter xeral, o exercicio, entre outras, das competencias relativas ao estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e programas se estimen oportunos para a satisfacción de tales necesidades; a formación do persoal; o establecemento de directrices xerais de cara á prestación dos servizos sociais por parte dos concellos integrantes do consorcio; a determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións necesarias para a prestación dos servizos e a coordinación e a colaboración con outras administracións en todo o relativo á finalidade principal do consorcio.

7. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller é un organismo autónomo dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Ten delimitadas as súas competencias na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, pola que se crea dito organismo.

Así, o Artigo 2 da Lei 3/1991, establece como obxectivo principal do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller o impulso e coordinación das medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre as mulleres e os homes, removendo os obstáculos que impidan a participación e a integración da muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia.

O traspaso de funcións e servizos nesta área fíxose a través do Real decreto 2834/1983, do 5 de

outubro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección á muller.

Polo Real decreto 91/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á comunidade autónoma polo Real decreto 2834/1983, en materia de protección á muller, apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias, sobre o Centro de Información dos Dereitos da Muller situado na Coruña.

No Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, recóllese a estrutura orgánica e funcional do organismo, os distintos órganos do mesmo e as súas funcións, así como os órganos colexiados existentes en materia de muller.

O Decreto 249/2002, do 18 de xullo, polo que se modifica o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, baseándose na necesidade de reforzar a estrutura orgánica do organismo autónomo distribuindo as funcións dun xeito máis racional, crea unha nova unidade co nivel de servizo, e estrutura os servizos periféricos a través das delegacións provinciais que dependen directamente da dirección do organismo.

No Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, adscribíse o organismo á Secretaría Xeral da Igualdade, e concréntanse, no que atinxe ao organismo, o exercicio das competencias que realizarán as delegacións provinciais e as que se atribúen á Secretaría Xeral da Igualdade.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009**

---

### **2.1 DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

#### **1. Ámbito de relacións institucionais.**

En materia de relacións institucionais establécense as seguintes liñas de actuación:

1. Desenvolvemento institucional: no marco do documento do goberno galego aprobado no Consello de 3 de novembro de 2005 (informe sobre 70 competencias), procederase a avanzar na asunción pola Xunta de Galicia de novas cotas de autogoberno, ampliando o marco competencial con novas transferencias. Continuaranse os traballos dirixidos a mellorar os mecanismos de cooperación coa Administración Xeral do Estado e, en particular, no seo da Comisión Bilateral de Cooperación.
2. Análise institucional: establécese como obxectivo a elaboración de estudos e informes técnicos sobre a situación actual das transferencias de competencias, a súa evolución e perspectivas, o impacto

social da reforma estatutaria, e sobre a seguridade xurídica e os conflitos competenciais, entre outros. Contemplase a posibilidade de publicar e difundir estes traballos. Continuaranse desenvolvendo as funcións do “Observatorio Legal do Estado e doutras CCAA”.

3. Rexistro de Convenios: actualización e perfeccionamento da base de datos do rexistro de convenios da Xunta de Galicia, creado ao abeiro do Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG do 3 de agosto), polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.
4. Continuarase coa legalización de documentos que deban surtir efectos no estranxeiro, de conformidade co disposto no Decreto 230/2002, de 4 de xullo, polo que se regula o procedemento de legalización de documentos da comunidade autónoma.

## **2. Ámbito da familia e a infancia.**

1. Diseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social, a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional, a través do IV Plan Integral de Apoio ás Familias Galegas.
2. Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar mediante a mediación, a educación familiar e a prevención da violencia de xénero.
3. Potenciar a visualización da infancia na súa dimensión social. Promover a adecuación á infancia dos espazos de lecer, culturais e sociais en xeral, pensados en función dos adultos, mediante o desenvolvemento do Plan Galecer.
4. Mellorar e estender os servizos educativos e de apoio á infancia, con especial atención a rede de Galescolas, asumindo o carácter da etapa infantil como unha etapa educativa vital, garantindo unha adecuada distribución territorial, que permita un adecuado equilibrio entre o rural e o urbano na prestación de servizos, e un alto nivel de calidade mediante o desenvolvemento do Plan de Calidade e Mellora Pedagóxica na Educación Infantil 0-3.
5. Impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.
6. Proporcionar un marco social adecuado para facilitar a libre elección na formación de núcleos familiares e na opción pola descendencia, mediante a inclusión na avaliación, deseño e xestión das políticas públicas sociais dunha perspectiva de incidencia familiar.
7. Potenciar os medios, axudas e servizos que atendan a familias en situación de risco social ou de especial debilidade.
8. Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas.



9. Promover a adopción de medidas normativas no ámbito laboral, fiscal e de seguridade social que contemplan as diversas circunstancias familiares.
10. Coordinar as distintas actuacións na atención á infancia de todas as áreas administrativas implicadas, garantindo a plena operatividade do principio de transversalidade e corresponsabilidade.
11. Apoiar e fomentar a colaboración de todos os sectores e, en particular, das corporacións locais e do terceiro sector ONGs, na garantía dos dereitos dos nenos e nenas.
12. Promover medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral implicando aos sectores sociais e coordinando a iniciativa pública e privada na creación dos recursos axeitados a este fin

### **3. Ámbito da promoción da igualdade.**

1. Diseñar políticas de igualdade de xeito transversal, implicando ás distintas consellerías no traballo pola igualdade, a través do V Plan para a igualdade de mulleres e homes 2007/2010.
2. Investigación e análise da realidade das mulleres galegas na sociedade galega actual.
3. Deseño e realización de campañas informativas e formativas de fomento da igualdade de oportunidades co obxectivo de garantir o acceso en igualdade da diversidade das mulleres á información e aos recursos.
4. Promover a participación e o empoderamento das mulleres en todos os ámbitos da vida pública.
5. Desenvolvemento do Plan de fomento da corresponsabilidade no ámbito empresarial e da administración.
6. Promover medidas de conciliación e fomentar o uso corresponsable das mesmas.

### **4. Ámbito do tratamento da violencia.**

1. Realizar campañas de prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero.
2. Coordinación dos recursos existentes na loita contra a violencia de xénero.
3. Desenvolvemento das distintas medidas articuladas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
4. Mellorar a coordinación entre forzas e corpos de seguridade, xuíces, fiscais e Administración autonómica para facer fronte ao fenómeno da violencia de xénero.
5. Establecemento das funcións e o réxime de funcionamento do Observatorio Galego da violencia de xénero.

6. Posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.

### **5. Ámbito da promoción da autonomía personal e atención a dependencia.**

Especial relevancia adquiren neste orzamento as políticas de promoción da autonomía personal e de atención ás persoas en situación de dependencia ampliando, a partir do próximo 1 de xaneiro, o nivel de protección existente na actualidade coa atención de 11.800 novos dependentes correspondentes ao nivel 1 do Grao II (Dependencia severa) que amplía os niveis de protección 1 e 2 do Grao III (Grande dependencia) e nivel 2 do Grao II establecidos na actualidade.

A este fin, se establecen os seguintes obxectivos:

1. Reforzo dos medios materiais e humanos prezos para a valoración das situacións de dependencia así como para a xestión e asignación dos servizos e prestacións correspondentes.
2. Reforzo das políticas de prevención da dependencia así como as de promoción da autonomía personal.
3. Elaboración e desenvolvemento de políticas sociais que redunden na mellora dos sistemas de protección social para persoas con dependencia.
4. Implantación de novos programas e servizos e consolidación dos xa existentes e que teñen acreditada a súa valía como instrumentos de integración social e de mellora da calidade de vida dos colectivos implicados.
5. Fomento e impulso das accións de atención a persoas dependentes e de apoio ós seus cuidadores contemplando medidas de mantemento no seu contorno e incrementando a carteira de servizos disponibles.
6. Fomentar a aplicación das nosas tecnoloxías para atención das persoas dependentes procurando unha mellora na súa calidade de vida.
7. Efectivizar as anteriores coberturas.
8. Xestionarase todo o orzamento adicado a atender as necesidades das persoas dependentes que pasan polo financiamento dos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade.
9. Incrementar os recursos de axuda no fogar para persoas dependentes, centros de día e demais prestacións que forman a libranza da dependencia.

### **6. Ámbito do menor.**

A promoción e defensa dos dereitos da infancia, así como cantas actuacións de prevención en situacións de risco ou de desamparo lles poidan afectar, é a liña a seguir en canto á implantación, desenvolvemento,

seguimento e avaliación dos programas que se dirixen aos menores. Esta garantía de dereitos tamén abrangue aos menores infractores, aos que se lles aplica a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que contempla a esixencia de responsabilidade aos que cometen feitos delictivos e que aínda non alcanzaron a maioría de idade penal; está fundamentada en principios orientados cara á reeducación dos menores de idade en base as súas circunstancias persoais, familiares e sociais que se teñen especialmente en conta á hora de realizar programas e de impoñer as medidas xudiciais polos xulgados.

Tendo en conta o antedito, establécense como obxectivos básicos os seguintes:

1. Sensibilizar á sociedade galega sobre o coñecemento e a participación con roles activos no relativo aos dereitos dos nenos, co fin de garantir a aplicación de toda a normativa reguladora neste ámbito.
2. Impulsar todas as actuacións que se poidan requirir tanto das administracións públicas como das entidades sociais para asegurar o efectivo acceso aos seus dereitos, así como para garantir o paulatino incremento da calidade de vida de todos os nenos e nenas galegos, con especial incidencia na loita contra o maltrato e a explotación infantil.
3. Promover todas as actuacións necesarias de carácter preventivo, sobre todo as de nivel primario, como forma de acadar que o menor permaneza no seu contorno.
4. Asegurar a protección do neno/a ante situacións de desamparo.
5. Priorizar ante estas situacións, tal e como establece a lexislación vixente, aquelas medidas que, mediante o apoio á familia de orixe, incrementen as posibilidades de permanencia dos menores no seu fogar.
6. Potenciar a integración do menor en familia, xa sexa biolóxica, extensa, allea, acollidora ou adoptiva, xa que é sempre, e por dereito, o contexto natural de crecemento para a infancia.
7. Proporcionar información, formación e apoio aos menores próximos a súa maioría de idade, co fin de que poidan conseguir unha inserción socio-laboral plena, facilitando o desenvolvemento da súa independencia.
8. Executar as medidas xudiciais orientadas sempre á integración social e familiar dos menores.
9. Implantar programas e actuacións que coordinadas coas de outros departamentos e administracións, favorezan a diminución da delincuencia xuvenil en Galiza.
10. Responsabilizar aos menores en conflito social a través da aplicación de medidas educativas e socializadoras que se poidan desenvolver tanto no entorno natural do menor como nun centro de menores axeitado ao réxime acordado polo xuíz de menores.

11. Desenvolver novas infraestruturas especializadas para a atención de menores.
12. Integrar a todos os menores protexidos e aos profesionais na sociedade da información, con programas de formación e implantación de calidade nos servizos.

### **7. Ámbito do maior e persoas con discapacidade.**

En materia do maior e persoas con discapacidade cobra especial importancia nestes orzamentos o esforzo para a atención das persoas en situación de gran dependencia nos niveis 1 e 2 e dependencia severa nivel 2 e establécense os seguintes obxectivos:

1. Elaboración e desenvolvemento de políticas sociais que redunden na mellora dos sistemas de protección social para persoas maiores e con discapacidade.
2. Implantación de novos programas e servizos e consolidación dos xa existentes e que teñen acreditada a súa valía como instrumentos de integración social e de mellora da calidade de vida dos colectivos implicados.
3. É necesario que o estado de benestar chegue realmente aos maiores, que as persoas de idade envellezan con seguridade e dignidade e que poidan continuar participando na sociedade como cidadáns con plenos dereitos, é dicir, mellorar a súa calidade de vida. Desde esta perspectiva, na área de maiores, os obxectivos que se destaca no marco destes orzamentos son:
  - a) Crear e fortalecer os servizos que posibilitan e favorecen a permanencia da persoa maior no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida. Prestar especial atención aos maiores sós ou que viven en áreas rurais diseminadas.
  - b) Desenvolver políticas de avellentamento activo que tomen como referente a capacidade das persoas maiores para facer aportes á sociedade non só para o seu benestar, senón para perfeccionar a sociedade no seu conxunto. A poboación que envellece debe ser aproveitada como base do desenvolvemento futuro.
  - c) Adicar un esforzo especial ás persoas maiores máis vulnerables, as persoas máis dependentes.

Estas accións insírense no obxectivo fundamental de acadar unha sociedade cohesionada e solidaria, que respecte e protexa a diferenza, priorizando a atención á dependencia tanto desde unha perspectiva preventiva como asistencial, sen esquecer o apoio ás familias cuidadoras.

As actuacións a desenvolver son as seguintes:

1. Incremento do número de prazas residenciais de titularidade pública mediante a creación de centros propios ou a través de concertos con entidades prestadoras de servizos sociais, así como o mantemento dos recursos existentes.

2. Posta en marcha da Rede Pública Galega de Centros de Día de atención ás Persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.
3. Impulso dos órganos colexiados de participación: Consello Galego de Persoas Maiores, Consello Galego de Persoas con Discapacidade, Consello Galego para a promoción da accesibilidade e a supresión de barreiras.
4. Posta en marcha do Plan de Acción Galego para Persoas con Discapacidade.
5. Programa de novas tecnoloxías: instalación de dispositivos de localización de persoas con demencia leve ou moderada e instalación de detectores de movemento en fogares de persoas maiores.
6. Programa de axudas a cuidadores habituais de persoas en situación de dependencia.
7. Programa de medidas de apoio orientado ás persoas dependentes usuarias de asistente persoal.
8. Programas de prevención da dependencia.
9. Actuacións de avellentamento activo que abarcarían os catro grupos de programas, lecer e relación social; educación para a saúde, autocoidado, alimentación sá e coidado físico; formación e novas tecnoloxías e diálogo entre xeracións, solidariedade e voluntariado. En todos eles potenciarase a actuación do voluntariado tanto activo como pasivo, a relación interxeracional e o asociacionismo das persoas maiores.
10. Creación da Rede Galega de Centros Sociocomunitarios.
11. Accións en favor das persoas en situación de dependencia e de fomento da súa autonomía persoal.
12. Establecemento da libranza para a dependencia recoñecida e adaptación do programa cheque asistencial.
13. Desenvolvemento e adaptación do programa cheque asistencial e transformación do mesmo para aplicación á dependencia recoñecida.
14. Promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras, con especial incidencia na consolidación e desenvolvemento do Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal.
15. Programa de acollemento familiar de persoas maiores e con discapacidade.
16. Implantación do “Conxunto Mínimo Básico de Datos” como sistema de información dos programas e servizos destinados ás persoas maiores e con discapacidade.
17. Elaboración do mapa de necesidades, servizos e equipamentos referido aos colectivos de atención á persoas maiores e persoas con discapacidade.

## **8. Ámbito dos servizos de atención primaria e inclusión social.**

1. Neste eido establécense os seguintes obxectivos:
2. Reforzar de maneira substancial a cobertura e capacidade de resposta da rede de servizos sociais de atención primaria prestada polas corporacións locais de maneira concertada coa Administración autonómica. Desta maneira habilitarase aos concellos para cooperar na implantación do sistema galego de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia e desenvolver as prestacións que, incluídas no catálogo, se incorporen no plan individualizado de atención das persoas beneficiarias.
3. Consolidar e ampliar os dispositivos creados do II Plan Galego de Inclusión Social.
4. Potenciar a investigación e sensibilización na área dos servizos sociais e da exclusión social.
5. Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social sostidas con fondos públicos, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, garantir a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e dos propios afectados como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.
6. Actualizar as contías da Renda de Integración Social de Galiza e das axudas de emerxencia social.
7. Cubrir necesidades básicas de persoas xubiladas ou incapacitadas sen dereito a pensión de réxime contributivo mediante a tramitación das correspondentes prestacións non contributivas, así como as necesidades sociais emerxentes de persoas en risco de exclusión mediante axudas de pagamento único.

Particularmente as actuacións a desenvolver son as seguintes:

1. Atención das necesidades da rede básica de atención primaria de servizos sociais das corporacións locais e incremento do persoal técnico e auxiliar que presta servizos neste nivel de atención.
2. Consolidación e reforzo da rede de centros de día para atención á dependencia.
3. Consolidación da prestación de novos programas de atención á dependencia de carácter municipal: mellora da axuda no fogar, xantar sobre rodas, transporte adaptado, etc...Darase así mesmo apoio aos concellos na construción de novos equipamentos sociais e na eliminación de barreiras arquitectónicas.
4. Mellorar os sistemas de información dos programas e servizos destinados aos profesionais e usuarios de servizos sociais (Sistema de información de usuarios de servizos sociais -SIUSS-, Manual de traballo, información e asesoramento -MATIASS).

5. Actualizar as contías da RISGA e das AES de acordo cos incrementos do Índice Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) e das pensións non contributivas (PNC's), bases de cálculo do importe das anteditas prestacións.
6. Impulso normativo para unha nova Renda de Inclusión Social de Galicia.
7. Mellora da inserción social de beneficiarios da RISGA, a través dos dispositivos do II Plan Galego de Inclusión Social.
8. Ampliación do programa de acollida e acompañamento a persoas sen fogar.
9. Consolidación dos 21 equipos de inclusión sociolaboral e creación de sete equipos máis dependentes do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar para promover a inserción social e laboral das persoas con maiores dificultades e en situación de pobreza a través de itinerarios integrados de inserción personalizada.
10. Acción concertada para a inclusión de mulleres en áreas rurais de alta dispersión poboacional.
11. Desenvolvemento de actuacións integradas nun plan de inclusión e desenvolvemento da comunidade xitana, que inclúe programas dirixidos ás familias afectadas pola problemática derivada da erradicación do chabolismo.
12. Intervencións preventivas e inclusivas con colectivos de alto risco de exclusión social e pobreza severa (sen teito, barrios de risco social, etc...).
13. Fomentar a implantación de sistemas de xestión da calidade nos distintos ámbitos do Sistema Galego de Servizos Sociais.
14. Apoiar ás entidades prestadoras de servizos sociais mediante axudas que financien proxectos de atención social.
15. Xestionar os instrumentos de cofinanciamento (subvencións, transferencias, etc...) da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, dos programas de incorporación social e laboral destinados a persoas en situación ou risco de exclusión social, da prestación de servizos sociais polas asociacións e outras entidades de iniciativa social.

Partindo dos obxectivos anteditos, as grandes liñas de acción da Dirección Xeral de Acción Social para o exercicio orzamentario 2009 van ser as seguintes:

1. Desenvolvemento de medidas dirixidas ao apoio ás familias tanto normalizadas como en situación de risco social, á protección da infancia e dos menores en situación de desprotección ou conflito social e doutros colectivos.

2. Potenciar a inserción socio laboral nos centros de protección de menores a través do programa Mentor.
3. Incremento da prevención primaria dos malos tratos á infancia a través dos instrumentos de información, difusión e sensibilización da sociedade e dos colectivos profesionais e comunitarios, que pola súa actividade son especiais observadores dos nenos e as súas familias e das súas problemáticas.
4. Completar a implantación do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) mediante o acceso via internet.
5. Mellora do funcionamento dos programas destinados á integración familiar dos menores.
6. Establecemento dos indicadores básicos do sistema de menores que avaliará o Observatorio Galego da Infancia .
7. Promover accións de investigación sobre problemas emerxentes dos menores.
8. Formación e reciclaxe contínuo de todos os profesionais do ámbito dos servizos sociais, co fin de acadar unha boa atención, eficacia e rendabilidade nas actuacións.
9. Fomento da imprescindible coordinación entre os diversos sectores implicados (sanitario, educativo, xudicial e social) na protección integral dos menores.
10. Ampliación e reestructuración da rede de centros de reeducación de menores.
11. Creación de programas e novos recursos co obxecto de dar resposta ás necesidades que se derivan da aplicación da Lei orgánica 5/2000, de responsabilidade penal xuvenil.
12. Desenvolvemento de actuacións de prevención da dependencia fomentando o envellecemento activo e a participación social.
13. Fomento e impulso das accións de atención a persoas dependentes e de apoio aos seus cuidadores contemplando medidas de mantemento no seu contorno así como aloxamentos alternativos e incremento da carteira de servizos dispoñibles.
14. Dinamización e impulso de actividades para persoas con discapacidade en aras de acadar a súa integración sociolaboral.
15. Incremento da rede pública de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade mediante a creación e concertación de prazas en centros residenciais e de atención diúrna.
16. Posta en marcha dun novo Plan de Inclusión, no que se combinen as medidas de apoio das políticas de rendas mínimas con políticas activas de prevención e inclusión social adaptadas á realidade galega.



17. Reforzo dos equipamentos e servizos de atención primaria para serviren como porta de entrada ao sistema da dependencia e proporcionar prestacións recollidas no catálogo dos dito sistema.
18. Revisión e mellora da Renda de Integración social de Galicia.
19. Despregue de equipamentos de información e comunicación para favorecer a incorporación dos servizos na Sociedade da información.
20. Implantación do sistema de expediente único.
21. Desenvolvemento de programas de calidade na prestación de servizos nos centros.

### **9. Ámbito da xuventude e solidariedade.**

É o obxectivo último da DXXS en materia de políticas dirixidas á mocidade e promoción da solidariedade, incidir directamente na mellora das condicións de vida das mozas e mozos galegos, establecendo as medidas e oportunidades que faciliten a súa plena implicación nos temas que máis lles afectan.

Deste xeito establécense os seguintes obxectivos específicos:

1. Fomentar a cohesión das políticas en materia de xuventude con todas aquelas de carácter transversal que tamén afecten á mocidade, sempre desde a perspectiva dunha realidade social, cultural e económica propia: a galega.
2. Responder ás demandas e necesidades concretas e reais da mocidade, propiciando a participación directa de mozas e mozos na política xuvenil da DXXS.
3. Fortalecer e estruturar as canles de participación social e de fomento da acción voluntaria a través do impulso de accións de difusión e sensibilización no eido da solidariedade e a participación.
4. Implantar o marco xurídico normativo en materia de acción voluntaria co desenvolvemento da Lei Galega de Acción Voluntaria de Galicia.

Para dar cumprimento aos obxectivos marcados, establécense máis polo miúdo as que serán as grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario de 2009:

1. Artellar canles de colaboración con outros departamentos así coma con outras entidades para que se impliquen nas políticas que a Xunta leva a cabo dirixidas á mocidade e se sumen ás iniciativas impulsadas dende o goberno galego para beneficialos/as.
2. Dar unha clara vocación de continuidade á liña de traballo que iniciamos coa elaboración do Estudo sobre a Mocidade Galega, orientada a dispor de aproximacións sociolóxicas periódicas sobre a realidade e a evolución dos elementos característicos que definen a mocidade galega en cada momento.

3. Diseñar as políticas xuvenís e de solidariedade e as estratexias dirixidas á mocidade atendendo ás conclusións extraídas das accións relacionadas no punto anterior, así como do Estudo sociolóxico sobre a mocidade galega realizado en 2007, e dos diferentes encontros e foros nos que participaron unha cota moi elevada de mozas e mozos galegos.
4. Planificar unha política formativa integral, que incida en todos os ámbitos da xuventude (lecer e tempo libre, participación e voluntariado, transicións, etc) mediante o apoio á formación permanente, a capacitación técnica, a investigación e a reflexión e sendo un foro de encontro e intercambio de experiencias, a través da Escola Galega de Xuventude e Acción Voluntaria.
5. Aumentar a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas, e as capacidades das organizacións que traballan no ámbito da xuventude; velando porque todas aquelas persoas que realicen unha intervención con xuventude teñan un nivel e unha cualificación adecuados e a posibilidade de formación continua.
6. Achegar apoio e asesoramento directo e individualizado ao tecido asociativo xuvenil, fomentando a súa vertebración, o seu fortalecemento interno e a implicación en todos os ámbitos da vida social a través de formación específica que cubra as necesidades detectadas e tamén no aspecto económico, a través da liña de axudas a entidades de carácter xuvenil ou prestadoras de servizos á xuventude.
7. Impulso de programas de educación en valores e sensibilización sobre a prevención de condutas de risco, cara ao fomento de hábitos de vida saudable.
8. Desenvolvemento do plan de Normalización lingüística no referente á promoción e traballo cara á inversión da tendencia á desgaleguización da mocidade, en especial nos ámbitos de ocio e convivencia entre iguais.
9. Realización de programas que reforcen e promocionen o coñecemento de Galicia entre a mocidade co obxectivo de dignificar e poñer en valor a nosa xeografía, historia, a nosa cultura.
10. Implementación da normativa en materia de acción voluntaria co fin de adaptala á situación actual da sociedade galega.
11. Desenvolvemento, fortalecemento e optimización do Programa de Voluntariado en Defensa do Monte Galego e doutras medidas en materia de voluntariado ambiental e de emerxencia.
12. Impulso ás medidas de apoio e vertebración do movemento de acción voluntaria en Galicia
13. Promoción da participación cidadá e voluntaria na activación e normalización lingüística cara o coñecemento e uso da cultura e idioma galegos

## 2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

### SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pretende acadar no presente exercizo os seguintes obxectivos:

1. Desenvolver no ámbito competencial do organismo, as diferentes normas e plans de actuacións definidos polo Goberno Galego no contorno da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
2. Impulsar, a través do Pleno do Consello do Servizo Galego de Igualdade, e de acordo coas súas competencias transversais, a incorporación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos diferentes departamentos do Goberno Galego.
3. Mellorar e optimizar os recursos dos servizos públicos para a atención ás mulleres e, en particular, para aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, en colaboración con concellos, asociacións e outras institucións de ámbito nacional, estatal e internacional.
4. Promover a cooperación e o intercambio de experiencias, para coñecer o traballo que desenvolven a prol das mulleres e da igualdade entre mulleres e homes as entidades en Galicia e noutros territorios.
5. Potenciar a participación da muller en todas as esferas da vida social e laboral e a súa plena incorporación aos procesos de toma de decisións, nas empresas e organizacións, así como crear as condicións favorables para o fomento da participación das mulleres na sociedade, facilitando o acceso aos recursos deste organismo.
6. Promover e realizar actividades de sensibilización da sociedade respecto da igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación e, no ámbito escolar, nas actividades promovidas polo Seminario permanente de educación para a igualdade.
7. Promover a prevención e o tratamento integral da violencia exercida contra as mulleres e a atención ás vítimas desta, así como o acceso aos recursos existentes, segundo o previsto na normativa e plans de actuación e lexislación vixente estatal e galega, no ámbito das súas competencias.

Estes obxectivos, inspiradores da lei creadora do organismo, da Lei de igualdade de oportunidades das mulleres galegas, da Lei do traballo en igualdade das mulleres galegas e da Lei de prevención e tratamento integral da violencia de xénero e outras normas e plans de actuación son motor da actuación do organismo no obxectivo básico de promover a igualdade entre as mulleres e os homes.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción do Servizo Galego de Igualdade para o exercicio orzamentario do 2009 van ser as seguintes:

1. Combater a discriminación por razón de sexo, visibilizándoa, adoptando medidas concretas para a súa eliminación e implicando, nesta tarefa, a todos os sectores sociais.
2. Promover actuacións públicas orientadas a intensificar a presenza e a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida política, cultural, económica, social e laboral, tendo en conta a súa diversidade. Apoiando a súa mellor capacitación así como outras medidas que melloren o emprego e autoemprego feminino, promovendo a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e familiares dos homes, das administracións e das empresas.
3. Ofrecer información, orientación e atención integral ás mulleres galegas individual e colectivamente en todos os ámbitos, a través dos Centros de información ás mulleres, os Puntos de información ás mulleres e o Teléfono da Muller 24 horas.
4. Establecer programas propios e colaborar nos doutras entidades e Administracións para garantir a recuperación integral das vítimas de violencia de xénero, atendendo ás súas necesidades económicas, de acceso ao traballo asalariado e de atención especializada.
5. Promover a participación cidadá na loita contra a violéncia de xénero a traves de acordos con distintos sectores sociais e de programas de voluntariado.
6. Impulsar a autonomía das mulleres promovendo as súas potencialidades, enerxías e achegas, con medidas orientadas a favorecer a participación feminina no deseño, implementación, seguimento e avaliación das políticas e incorporar a perspectiva de xénero nas decisións do goberno galego.
7. Promover unha imaxe realista e diversa das mulleres en colaboración cos medios de comunicación, o recoñecemento das súas aportacións á historia do noso país e o recoñecemento das figuras sobranceiras de mulleres galegas de todos os tempos.

---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009**

---

#### **3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **3.1.1 Da Vicepresidencia**

#### **PROGRAMA 311A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL**

##### **1. Descrición**

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (delegacións provinciais) tanto no que respecta a medios humanos coma aos materiais e de organización,

e actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da vicepresidencia, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

1. Inicio das negociacións sobre a transferencia de novas competencias co Goberno do Estado, naquelas materias nas que a nosa comunidade ten un especial interese, buscando sempre o beneficio e interese xeral.
2. Fomento e mellora das relacións coa Administración Xeral do Estado, a través da Comisión Bilateral de Cooperación do Estado e a Comunidade Autónoma Galega, promovendo, tratando de acudir a esta comisión de xeito mais regular e para outros asuntos de especial interese para ambas partes.
3. Mellora das técnicas de estudo empregadas no “Observatorio legal do Estado e doutras CCAA”, co fin de realizar un seguimento axeitado da normativa estatal principalmente, e das restantes comunidades autónomas. Dado que a súa posta en marcha é relativamente recente, cómpre ter ao noso alcance documentación e estudos especializados de apoio a esta labor.
4. Actualización e perfeccionamento do rexistro de convenios para facilitar o acceso ao mesmo por parte das persoas interesadas.
5. Desenvolver accións de fomento dos estudos e a sensibilización sobre os temas de promoción da igualdade e de violencia de xénero.
6. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas sobre temas xerais da Secretaría Xeral da Igualdade.
7. Sostemento da Rede de Galescolas.
8. Fomento da corresponsabilidade, mediante programas, servizos e accións de sensibilización.

En programas de atención social a diversos colectivos trátase de acadar:

1. Unha cobertura asistencial que acolla aos diferentes colectivos que teñan una problemática especial.
2. Desenvolvemento de programas de prevención e integración dirixidos aos menores en desprotección ou conflito social e outros colectivos, segundo as prioridades do Plan estratéxico galego de infancia e adolescencia 2007-2010.
3. Unha cobertura asistencial que acolla aos diferentes colectivos que teñen unha problemática específica, consolidando e aumentando os recursos sociais adicados ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade e garantindo os niveis de calidade axeitados.
4. Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atender a dependencia nas persoas maiores, persoas con demencia e con discapacidade así como o apoio aos seus cuidadores.

5. Facilitar a inserción social de persoas con discapacidade mediante a creación de novas prazas en centros ocupacionais, asistenciais, residenciais, vivendas comunitarias, apartamentos tutelados, así como coa aplicación de novas tecnoloxías para a atención das persoas maiores e persoas con demencias.
6. Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes procurando unha mellora na súa calidade de vida.
7. Promover o avellentamento activo das persoas maiores e o desenvolvemento dos programas establecidos.

## **2. Actividades**

1. Xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos: reparacións, material de oficina, comunicacións telefónicas, comisións de servizos, etc.
2. Xestión das distintas subministracións incluídas no programa, tanto a nivel central como periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económico- administrativa.
3. Celebración de cursos de formación, xornadas e seminarios sobre servizos sociais para o persoal que traballa neste eido ou colectivos que desenvolvan a súa actividade no mundo social.
4. Tramitación de investimentos novos e de reposición para os servizos centrais e periféricos da Vicepresidencia como a realización de obras de reparación, mellora e acondicionamento dos distintos centros.
5. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas xerais da Vicepresidencia e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
6. Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da Vicepresidencia, así como do SXPA.
7. Posta en marcha de programas e servizos de nova creación en materia formativa e comunitaria.
8. Mantemento dos centros dependentes da Vicepresidencia.
9. Aumento da oferta de servizos coa dinamización dos centros.
10. Equipamento de centros.
11. Execución das obras de construción de centros residenciais públicos para persoas maiores, dependentes da Vicepresidencia.

12. Promoción e defensa da identidade de Galicia dentro e fóra da comunidade autónoma, mediante campañas publicitarias no ámbito das relacións institucionais.
13. Participación en actos conmemorativos e actividades de interese especial en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.
14. Representación da comunidade autónoma naqueles actos, reunións e xornadas programadas pola Administración Xeral do Estado ou polo goberno do Estado ou doutras comunidades autónomas.
15. Participación en actividades de interese da Secretaría Xeral de Relacións Institucionais organizadas por outras institucións, universidades (autonómicas, estatais ou estranxeiras) e demais entidades, asociacións ou fundacións de interese.
16. Sinatura de convenios con universidades galegas e outras institucións para a realización de actividades de interese para o cumprimento dos obxectivos da Secretaría Xeral de Relacións Institucionais.
17. Realización de estudos en materia de relacións institucionais (traspasos, novas competencias para Galicia, reforma do Estatuto de autonomía, conflictividade constitucional, entre outros).
18. Realización de estudos en materias correspondentes ao “Observatorio legal do estado e das CCAA”, para o apoio do labor de seguimento legal.
19. Realización de traballos de investigación en materia de relacións institucionais (evolución histórica das formas de Estado, a organización territorial do Estado no dereito comparado, financiamento das CCAA, entre outras).
20. Organización de xornadas e cursos, facilitando a participación doutras CCAA para o estudo e debate en diferentes perspectivas das relacións institucionais.
21. Rexistro de convenios: para atender ao obxectivo descrito faise necesaria a actualización do programa de xestión de datos, en concreto da parte externa do mesmo, co fin de implementar o módulo de busca a dispor da cidadanía despregando máis posibilidades de busca avanzada. Asemade está previsto desenvolver, no marco da nova páxina web da Vicepresidencia, un portal do rexistro de convenios no que se ofreza unha máis completa información sobre informes e estatísticas elaboradas con datos do rexistro, a normativa e procedemento vixentes en rexistro de convenios e máis un buzón para suxerencias e de petición electrónica de copias de convenios.
22. Campañas e estudos enfocados ao campo da promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.
23. Cursos de formación, seminarios, xornadas sobre temas de competencia da Secretaría Xeral da Igualdade.

24. Desenvolvemento das accións previstas no Plan de Calidade e Mellora Pedagóxica da Educación Infantil 0-3 anos.
25. Accións previstas no Plan de Fomento da Corresponsabilidade.
26. Potenciar os programas que supoñan unha alternativa ao internamento dos nenos en centros mediante a súa integración en familia propia ou allea, a súa reinserción sociolaboral ou outras medidas complementarias que teñan esta mesma finalidade.
27. Execución das medidas de carácter asistencial, educativo ou terapéutico que resulten aconsellables atendendo ás circunstancias do menor.
28. Realización de programas dirixidos á atención e prevención de situacións de risco ou maltrato infantil.
29. Fomento de creación de centros para a atención integral de persoas con discapacidade.
30. Consolidar e aumentar a oferta pública de servizos sociais a través de concertos/convenios de prazas con entidades prestadoras de servizos sociais.
31. Desenvolvemento dos programas de Dinamización, Atención e Promoción Social de Maiores.
32. Plan de acción para persoas con discapacidade.
33. Programa de novas tecnoloxías aplicadas á asistencia e atención de colectivos de persoas maiores e de persoas con demencias.
34. Programa de turismo social.
35. Programas de respiro.
36. Consolidación e ampliación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Secretaría Xeral de Relacións Institucionais

Secretaría Xeral de Igualdade

Dirección Xeral de Acción Social

## **PROGRAMA 312A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS**

### **1. Descrición**



1. Aportar recursos, axudas e servizos necesarios para garantir a protección económica e social das familias e dos seus membros, especialmente das familias en desvantaxe socioeconómica.
2. Crear a estrutura de recursos, servizos e axudas necesarias para garantir a protección económica e social das familias e dos seus membros, así como garantir os dereitos da infancia.
3. Dotar á sociedade galega dunha rede de escolas infantís 0-3 que garanta unha atención educativa de calidade, a igualdade de oportunidades das familias, o equilibrio na distribución territorial dos recursos e o acceso aos recursos da sociedade da información.
4. Promover un sistema de apoio ás familias en situación de conflito.
5. Facilitar recursos e servizos ás familias en situación de desvantaxe socioeconómica.
6. Establecer axudas económicas para ofertar recursos ás persoas con dependencia recoñecida así como ás persoas maiores e persoas con discapacidade

En materia de Servizos Sociais a finalidade deste programa e a de consolidar e reforzar un sistema prestacional que mellore a igualdade de oportunidades e proporcione aos cidadáns social e economicamente máis vulnerables unha adecuada atención. Ademais estas actuacións acentúan o seu carácter de políticas de activación social, favorecendo a inserción sociolaboral dos colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, a normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.

Para acadar este obxectivo, artículase un sistema de pensións e rendas mínimas, que se combinan con estratexias activas de inclusión.

En consecuencia trátase de proporcionar:

1. Un nivel de servizo asistencial, que chegue aos colectivos de persoas que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, desenvolvendo unha política de servizos sociais comunitarios centrada nas persoas, promovendo a colaboración activa dos concellos para ampliar e consolidar a cobertura dos programas básicos sociais.
2. A incorporación laboral das persoas afectadas polas diferentes formas de marxinación social, así como de debilitar a causas que incidan na súa exclusión.
3. Garantir os recursos de subsistencia a quen careza deles.
4. Reinsertar social e laboralmente ás persoas afectadas polas diferentes formas de marxinación social.
5. Facilitar a integración social das persoas maiores.
6. Colaborar na cobertura das necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.

## **2. Actividades**

1. Desenvolver actuacións previstas no IV Plan Integral de Apoio ás Familias.
2. Programa de Educadores Familiares.
3. Programa de mediación familiar gratuíta (Mediagal).
4. Programa de extensión, mantemento e mellora dos puntos de encontro familiar.
5. Convocatoria de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva de apoio a familias monoparentais.
6. Xestión das Residencias de Tempo Libre de titularidade autonómica.
7. Elaboración de disposicións normativas das distintas liñas de axuda dentro do marco competencial da comunidade autónoma galega.
8. Xestión, control e seguimento das pensións non contributivas de competencia normativa estatal.
9. Xestión, control e seguimento das pensións asistenciais (LISMI e FAS) para maiores de 65 anos e persoas discapacitadas.
10. Desenvolvemento regulamentario, xestión, control e seguimento da Renda de Integración social de Galicia e das Axudas de Emerxencia Social.
11. Impulso para a posta en marcha dunha nova Lei de Renda Galega de Inclusión Social, mellorando a súa potencialidade como mecanismo para o estímulo da inserción e garantía universal de recursos mínimos.
12. Revisión normativa das contías das axudas de emerxencia social.
13. Convocatoria de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva.

## **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral da Igualdade

Dirección Xeral de Acción Social

## **PROGRAMA 312B. SERVIZOS SOCIAIS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA**

### **1. Descrición**

As necesidades derivadas do mantemento e das novas situacións emerxentes no ámbito da infancia e adolescencia en situacións de risco ou conflictividade social en Galicia implican o desenvolvemento de

programas e actuacións para a modernización do sistema de protección e intervención con menores. Neste eido faise necesario como elementos fundamentais a creación de novos instrumentos de xestión e administración que melloren a calidade das intervencións en todos os seus niveis asistenciais.

Os principais obxectivos neste programa son:

1. Desenvolver novas infraestructuras especializadas e incorporar todo o sistema de protección de menores na sociedade da información, despregando novos programas de formación e calidade nos servizos que contribúan a favorecer a inclusión social e laboral dos menores.
2. Creación de novos recursos en educación infantil 0-3 anos.
3. Dotar ás familias do rural de medios de atención especializada na atención preescolar dos nenos e nenas.
4. Apoiar a creación de servizos de conciliación nas empresas.
5. Poñer a disposición das familias axudas económicas de apoio por nacemento e crianza das fillas e fillos.
6. 2. Actividades
7. Programa de construción e equipamento dos centros de atención a menores.
8. Potenciar os programas que supoñan unha alternativa ao internamento dos nenos en centros mediante a súa integración en familia propia ou allea, a súa reinserción socio-laboral ou outras medidas complementarias que teñan esta mesma finalidade.
9. Realización de transferencias para investimento e programas innovadores no ámbito das empresas colaboradoras en materia de menores.
10. Fomentar o desenvolvemento de programas de calidade nos centros de menores.
11. Impulsar o funcionamento do Observatorio Galego da Infancia.
12. Aumento da oferta de servizos coa dinamización dos centros.
13. Equipamento de centros.
14. Execución das medidas de carácter asistencial, educativo ou terapéutico que resulten aconsellables atendendo ás circunstancias do menor.
15. Realización de programas dirixidos á atención e prevención de situacións de risco ou maltrato infantil.
16. Programa de novas tecnoloxías aplicadas á atención de todos os colectivos.

17. Inserción sociolaboral de menores tutelados e con medidas xudiciais dependentes da Administración galega.
18. Aplicación de medidas de innovación tecnolóxica aplicadas á administración de menor.
19. Programa de apoio ás familias mediante exencións fiscais por nacementos de fillos/as durante os tres primeiros anos de vida, así como a compensación equivalente para as exentas de declaración e apoio ás familias.
20. Desenvolvemento de recursos de atención á infancia en zonas rurais mediante o programa “Preescolar na casa”.
21. Programa de creación de novas Galescolas.
22. Programa de mantemento de centros de educación infantil 0-3 de titularidade de entidades de iniciativa social.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral da Igualdade

Dirección Xeral de Acción Social

## **PROGRAMA 312D. SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN AS PERSOAS EN SITUACION DE DEPENDENCIA**

### **1. Descrición**

As finalidades deste programa son as de promover os máximos niveis de autonomía na persoa e procurar as mais altas cotas de benestar nas persoas en situación de dependencia, contribuíndo ao desenvolvemento das habilidades da vida diaria dos individuos na comunidade.

A atención ás persoas en situación de dependencia levase a cabo dunha banda polas administracións autonómicas e locais tanto directamente como a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e doutra directamente coa persoa impulsando a prestación denominada libranza da dependencia co obxecto de acadar a calidade de vida que por dereito lle corresponde.

Constátase a necesidade de incrementar a dotación de recursos residenciais e diúrnos especializados para persoas en situación de dependencia, para promover a súa autonomía persoal e ofrecerlles o apoio necesario, para a promoción dos seus dereitos..

### **2. Actividades**

1. Consolidación e reforzo da rede pública de centros residenciais e de centros de día para a atención á dependencia
2. Impulsar a Rede Pública Galega de Centros de Día de atención ás persoas con Alzheimer e outras demencias neurodegenerativas
3. Desenvolvemento en colaboración coas corporacións locais dun programa de Axuda no Fogar equilibrado e sustentable orientado ás persoas en situación de dependencia recoñecida.
4. Consolidación da prestación de libranza da dependencia a través das súas tres modalidades: coidador familiar, prestación vinculada e asistente personal

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Acción Social

## **PROGRAMA 312E. SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

### **1. Descrición**

A finalidade deste programa é a de facilitar a todos os cidadáns unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade.

A atención ás persoas con discapacidade levase a cabo tanto directamente pola administración como a través de entidades alleas, preferentemente entidades de iniciativa social, co obxecto de acadar a calidade de vida que por dereito lle corresponde.

Constátase a necesidade de construír, ampliar, reformar, rehabilitar ou equipar centros de atención residenciais e diúrnos especializados para persoas con discapacidade para ofrecerlles o apoio necesario para a promoción dos dereitos das devanditas persoas, en referencia a súa integración social e familiar e baixo os criterios de normalización.

Os obxectivos básicos son os seguintes:

1. Promover a inserción social e laboral das persoas con maiores niveis de discapacidade e dificultades de autovalemento e atender as súas necesidades sociais e residenciais.
2. Proporcionar orientación, información, asesoramento, preformación e acompañamento social ás persoas con discapacidade.
3. Desenvolver programas integrais que promovan a integración sociolaboral de persoas con discapacidade.

4. Impulsar a coordinación e a colaboración cos axentes sociais, institucións e administracións que traballan no eido da discapacidade.
5. Fomentar a sensibilización e a mobilización social a prol da integración das persoas con discapacidade.
6. Promover a construción, reforma ou equipamento de centros residenciais e diúrnos especializados para persoas maiores, con discapacidade.
7. Promover a eliminación de barreiras (incluíndo actuacións específicas de eliminación de barreiras para persoas xordas, e nos concellos).

## **2. Actividades**

1. Desenvolvemento de mecanismos de colaboración con institucións e administracións en materia de atención a persoas con discapacidade.
2. Construción e mellora de centros (proprios ou de entidades de iniciativa social de atención ás persoas con discapacidade, tanto de carácter diurno como residencial.
3. Eliminación de barreiras.
4. Colaboración no mantemento de prazas con entidades de iniciativa social para atención directa a persoas con discapacidade.
5. Colaboración no mantemento e desenvolvemento do tecido asociativo a través das diferentes federacións e entidades de ámbito autonómico que traballan no eido da discapacidade
6. Fomento de estruturas de apoio para desenvolver accións de orientación, asesoramento socioprofesional, preformación laboral, intermediación, acompañamento e atención social.
7. Desenvolvemento dun plan integral de atención ás persoas con discapacidade.
8. Programas para a atención de colectivos específicos (discapidades física, intelectual ou sensorial)
9. Proxecto piloto adicado ás persoas con discapacidade usuarias de asistente persoal.
10. Actuacións para investimento e mantemento en centros de atención a persoas con discapacidade, tanto propios como en colaboración con entidades de iniciativa social e outras administracións.
11. Desenvolvemento de mecanismos de colaboración con institucións e administracións en materia de atención a persoas con discapacidade.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Acción Social

## **PROGRAMA 312F. PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE**

### **1. Descrición**

A finalidade deste programa é a de impulsar mecanismos de cohesión social, incidindo con políticas preventivas e de acción positiva nos colectivos afectados por problemáticas de exclusión e marxinação.

En consecuencia trátase de:

1. Desenvolver e apoiar programas de base comunitaria que contribúan a acadar maiores cotas de cohesión social.
2. Consolidar o II Plan de Inclusión social, implicando ás corporacións locais e o Consorcio Galego da Igualdade e do Benestar.
3. Impulsar a solidariedade organizada da base social mediante a consolidación e mellora dunha rede de entidades colaboradoras de iniciativa social.
4. Establecer programas especiais de actuación con colectivos específicos de difícil inserción.
5. A solidariedade constitúe unha expresión da cidadanía activa que require simplemente dun axeitado marco organizativo. Neste senso, estase actualizando a normativa en materia de voluntariado para adaptala aos importantes cambios producidos na sociedade galega, que foi protagonista directa de novas vías de participación cidadá. Este programa orzamentario persegue desenvolver e apoiar programas de base comunitaria que contribúan a acadar maiores cotas de cohesión social, impulsar a solidariedade organizada da base social mediante a consolidación e mellora dunha rede de entidades colaboradoras de iniciativa social e establecer programas especiais de actuación con colectivos específicos de difícil inserción.
6. Atendendo ás liñas de actuación marcadas no II Plano Galego do Voluntariado de Galicia estase a traballar na normativa en materia de voluntariado para adaptala aos importantes cambios producidos na sociedade galega.
7. Outro aspecto importante que contempla o Plan é o da formación das persoas voluntarias e os responsables das entidades de acción voluntaria, facilitándolles programas formativos que axuden a un mellor desenvolvemento da súa labor no eido da solidariedade e participación social.
8. Tamén pretendemos impulsar a solidariedade organizada da base social mediante a consolidación e mellora dunha rede de entidades colaboradoras de iniciativa social e establecer programas especiais

de actuación con diversos colectivos específicos que están a desenvolver os seus proxectos no ámbito da comunidade autónoma.

En canto a difusión, información e sensibilización continuarase e profundizarase na implementación de accións, medidas e ferramentas útiles para a xestión e promoción da acción voluntaria en Galicia.

## **2. Actividades**

1. Elaboración e xestión de convocatorias de axudas a entidades de iniciativa social para a prestación de servizos sociais dentro do marco sinalado pola Lei de servizos sociais.
2. Establecemento de convenios de colaboración con entidades especializadas na inserción sociolaboral de colectivos de difícil inserción: drogodependentes, sen fogar, etnia xitana.
3. Desenvolvemento e consolidación do II Plan Galego de Inclusión Social con instrumentos de cooperación interadministrativa e interdepartamental, para a acción positiva en grupos de poboación en risco de exclusión, áreas rurais deprimidas, colectivo de persoas “sen teito”, comunidade xitana, persoas con discapacidade e xoves en risco de conflito social.
4. Actuacións de investigación no eido da exclusión social.
5. Actuacións de formación e sensibilización social sobre a inclusión social e o sistema de servizos sociais.
6. Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social sostidas con fondos públicos, coa finalidade de atender de forma coordinada e global as necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, garantindo a calidade na prestación dos servizos mediante a supervisión destes.
7. Execución da normativa de voluntariado.
8. Execución do III Programa de Formación.
9. Achegamento ás entidades a través das novas tecnoloxías (portal web) e das ferramentas para o traballo en rede.
10. Continuación do ciclo “Conversas con...”. Ciclo de conferencias desenvolvidas en distintos puntos da xeografía galega.
11. Convocatoria de axudas a entidades de acción voluntaria para programas de voluntariado que permitirán promocionar e dinamizar os programas axustados á normativa e aos novos conceptos de acción voluntaria.



12. Desenvolvemento do programa “En defensa do monte galego”.
13. Celebración de diversos congresos e foros co obxectivo de contar coa colaboración das entidades de acción voluntaria de Galicia no deseño das futuras liñas de acción en materia de voluntariado e solidariedade.
14. Consolidación da rede de organizacións e persoas interesadas en fomentar o uso da lingua galega, así como de establecer novas relacións coa base de por en práctica valores como a solidariedade e a tolerancia, tendo como obxectivo o intercambio cultural.
15. Edición de diverso material divulgativo.
16. Sinatura de acordos e convenios de colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia, así como con outras entidades e administracións públicas, co obxecto de adquirir un compromiso coa acción voluntaria.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Acción Social

Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

## **PROGRAMA 312G. APOIO A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL**

### **1. Descrición**

1. Promover o cambio de papeis e estereotipos sociais así como a adopción de valores favorables á corresponsabilidade empresarial.
2. Transformar estruturas sociais, familiares, institucionais e por suposto, implicar aos seus protagonistas, mulleres e homes.
3. Fomentar o uso corresponsable das medidas de conciliación.
4. Crear servizos e recursos facilitadores da conciliación.

### **2. Actividades**

1. Plan de fomento da corresponsabilidade.
2. Accións para implementación e desenvolvemento de novas formas de traballo que favorezan a conciliación.
3. Promoción da creación de servizos para coidado de menores.

4. Accións incentivadoras do uso corresponsable das medidas de conciliación.
5. Programa de axudas ao mantemento das escolas infantís 0-3 de titularidade de concellos.
6. Programa de "Cheque Infantil" para a posta a disposición das familias galegas de prazas de educación infantil 0-3 sostidas con fondos públicos.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral da Igualdade

## **PROGRAMA 313A. SERVIZOS Á XUVENTUDE**

### **1. Descrición**

Este programa tenta levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas a dar resposta aos problemas e inquiredanzas da mocidade galega, para a través delas conseguir o obxectivo final que é o de elevar as cotas de benestar dos mozos e mozas galegos.

### **2. Actividades**

1. Realizar actuacións de coordinación co fin de fomentar na atención á mocidade a debida coherencia nas políticas e accións dirixidas ás mozas e mozos
2. Para este fin dende o Observatorio Galego da Mocidade realizarase unha labor de investigación, recollida de información e análise sobre a mocidade galega, ofrecéndonos as súas enquisas, estudos e informes un retrato da realidade xuvenil, aportando información actualizada e a evolución das dinámicas que lle son propias: prácticas e hábitos sociais, comportamentos, demandas e condicións de vida. Elaborarase e presentarse dende o Observatorio Galego da Mocidade o informe-estudo sobre a xuventude galega 2009 co obxecto de facer unha comparativa co estudo elaborado no 2007 que permita obter datos da evolución experimentada pola poboación xuvenil de Galicia neste período de tempo. En base a estes estudos poderemos realizar unha planificación das políticas xuvenís que se vaian adaptando ás novas necesidades e aos cambios que se produzan.
3. Dotación de recursos á Escola Galega de Formación que elaborará un catálogo de accións formativas tanto da propia dirección xeral como das Escolas de Tempo libre e fará unha análise das necesidades formativas existentes no sector.
4. Continuaremos na liña de promoción dos novos creadores galegos, a través da ampliación e consolidación da Rede galega de locais de ensaio para a mocidade, e do desenvolvemento do certame galego de creadores novos "Gzcrea".

5. Consolidación da Rede galega de Centros “Quérote”, de información afectivo-sexual para a mocidade coa realización de numerosas actividades de difusión, publicacións divulgativas e, entre outros, a celebración dun Congreso de Sexoloxía.
6. Continuaremos apostando pola reactivación do asociacionismo xuvenil xa que se trata dun excelente canle de participación e unha escola de cidadanía activa.
7. Promoción da información xuvenil, xa que sen información a participación non sería posible, polo que se afondará nas estratexias para achegar a información aos mozos, tendo presenza e contacto nos lugares onde se moven eles co obxecto de dar a coñecer as nosas actividades e os recursos aos que poden ter acceso.
8. Igualmente e dentro deste mesmo campo abordaranse cambios no modelo de distribución do INFOXOVE e un incremento da súa tirada.
9. Continuar na labor da posta en valor e aproveitamento integral das instalacións xuvenís.
10. Realización de programas que promovan a prevención de condutas de risco entre a xuventude (seguridade viaria, condutas alimenticias,...) así como o ocio positivo e creativo.
11. Actividades que promovan entre a mocidade unha maior identificación co seu país a través de programas relacionados tanto co noso patrimonio lingüístico e cultural como co noso patrimonio natural.
12. Continuar na labor iniciada de contribución á profesionalización do sector do tempo libre que ata agora funcionaba en clave moi precaria, estacional e sen posibilidades de promoción profesional.
13. Fomentar o acceso ás novas tecnoloxías, así como a mobilidade xuvenil, a través de programas europeos, especialmente os vinculados á relación histórica entre Galicia e Portugal.
14. Convocatoria de subvencións en materia de xuventude a entidades locais, asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude, escolas de tempo libre e directamente a mozos para a realización de cursos de idiomas no estranxeiro.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

## **PROGRAMA 313B. ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER**

### **1. Descrición**

1. Adaptar as estruturas públicas e privadas introducindo nelas capacidades e ferramentas que potencien o xénero.
2. Fomentar a participación e o empoderamento das mulleres.
3. Garantir o acceso en igualdade da diversidade das mulleres á información e aos recursos públicos e privados.

### **2. Actividades**

1. Desenvolvemento do V Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2007/2010.
2. Campañas de información e de concienciación e sensibilización respecto da igualdade de oportunidades.
3. Fomento do tecido asociativo das mulleres.
4. Promoción da formación en igualdade de oportunidades.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral da Igualdade

## **PROGRAMA 313C. OUTROS SERVIZOS SOCIAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL**

### **1. Descrición**

A finalidade deste programa é a potenciación e mellora da rede de equipamentos públicos que favorezan a mellor calidade e nivel de atención aos beneficiarios, así como a de posibilitar o financiamento dunha rede de servizos sociais de titularidade municipal, coonestando as competencias e atribucións legais da comunidade autónoma con aquelas que as corporacións locais teñen recoñecidas no ordenamento xurídico vixente.

En consecuencia trátase de:

1. Establecer os criterios de planificación e dotación de recursos sociais na xeografía galega, de acordo coa tipificación de distribución competencial e funcional recoñecida nas leis.
2. Asegurar un sistema de financiamento estable da rede pública municipal de servizos sociais que articule a nivel autonómico o denominado Plan Concertado

3. Establecer mecanismos de asesoramento, seguimento e información que favoreza a calidade, coherencia e eficacia do enteiro sistema.
4. Promover o máximo grado de coordinación dos servizos sociais de atención primaria municipal cos demais niveis do Sistema Galego de Servizos Sociais.

## **2. Actividades**

1. Elaboración e xestión de convocatorias de subvencións a corporacións locais para a mantemento e prestación de servizos sociais de carácter básico, integrando as correspondentes funcións, prestacións e servizos do sistema da dependencia.
2. Elaboración e xestión de convocatorias de subvencións a corporacións locais para investimentos en centros de servizos sociais e centros de atención á dependencia e á exclusión de titularidade municipal.
3. Mantemento e ampliación dos sistemas de asesoramento técnico e información en Servizos Sociais.
4. Deseño e difusión de propostas técnicas para a prestación de servizos sociais de titularidade municipal.
5. Xestión do cofinanciamento da prestación de servizos sociais de carácter básico polas corporacións locais, integrando as correspondentes funcións, prestacións e servizos do sistema da dependencia.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Acción Social

## **PROGRAMA 313D. ACCIÓNS PARA A PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**

### **1. Descrición**

1. Atención integral ás vítimas de violencia de xénero.
2. Desesenvolvemento das distintas medidas articuladas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
3. Desesenvolvemento das distintas medidas articuladas na liña estratéxica 4: Abordaxe Integral da Violencia de Xénero, dentro do V Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2007/2010.

## **2. Actividades**

1. Apertura e posta en marcha do Centro de recuperación integral para as vítimas de violencia de xénero e desenvolvemento do seu programa de intervención integral.
2. Regulación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e establecemento das súas funcións.
3. Campañas de información, concienciación e sensibilización sobre as causas e efectos da violencia de xénero.
4. Plan de formación para a totalidade de profesionais implicados no tratamento da violencia de xénero.
5. Estudos e investigacións sobre violencia de xénero.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral da Igualdade

## **PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA**

### **1. Descrición**

Xestión do pagamento de gastos orixinados polas actividades de elaboración, publicación e difusión de estatísticas da vicepresidencia contempladas no programa estatístico da comunidade autónoma (Lei 16/2006, do 27 de decembro do Plan galego de estatística 2007-2011), así como doutras de interese xeral.

### **2. Actividades**

1. Explotación do censo de persoas con minusvalidez. Publícase na páxina web da Vicepresidencia e na memoria de actividades.
2. Explotación do rexistro de fundacións e entidades de iniciativa social. Publicación impresa de carácter anual.
3. Explotación dos rexistros de centros de igualdade e do benestar. Publicación impresa de carácter anual.
4. Estatística de pensións non contributivas. En elaboración.
5. Estatística de adopcións e acollementos. Publicación impresa de carácter anual.
6. Estatística de familias numerosas. Publicación impresa de carácter anual.
7. Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social. Publicado na páxina web da Vicepresidencia.

8. Estatística de violencia de xénero. Publicación impresa de carácter anual.

**3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

**3.1.2 Do Organismo Autónomo**

**PROGRAMA 311A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL.**

**1. Descrición**

Destinado ao aboamento das remuneracións do persoal do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e a seguridade social destes.

**2. Actividades**

Gastos de persoal do Organismo.

**3. Órgano encargado da súa execución**

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

**PROGRAMA 313B. ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN  
DA MULLER**

**1. Descrición**

1. Execución das liñas de actuación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para a consecución dos seus obxectivos a través dos distintos programas que realizará no vindeiro exercizo.
2. Executará os plans, programas de acción e actividades que, para a consecución dos obxectivos enunciados, realicen os distintos departamentos da Xunta de Galicia en materias con incidencia sobre o colectivo feminino, así como os concellos.
3. Realizará actividades, en colaboración con asociacións e outrass Administracións, de promoción da igualdade.
4. Prestará un especial apoio ás actividades de estímulo ao asociacionismo así como á formación e á promoción do emprego das mulleres e a súa información en todos os eidos.

5. Finalmente, a través dos programas de atención especializada, fomentará accións dirixidas a determinados colectivos de mulleres con necesidades específicas.

## 2. Actividades

1. Impulso da realización de estudos e investigacións e a súa publicación sobre a situación das mulleres que visibilicen as carencias existentes e direccionen actuacións das políticas públicas.
2. Organización de congresos, conferencias, exposicións, mesas redondas, foros, encontros e campañas divulgativas sobre temas específicos en materia de igualdade de oportunidades, así como a súa participación naqueles foros onde se debata a súa situación no presente século e no Mercado Único Europeo.
3. Colaboración no reforzamento e ampliación dos distintos centros e servizos de información ás mulleres.
4. Apoio a medidas de igualdade nas empresas galegas.
5. Fomento do acceso das mulleres á cotitularidade das explotacións agrarias.
6. Promoción de recursos e proxectos que faciliten a conciliación dos tempos, nomeadamente no medio rural como Bancos de tempos.
7. Continuidade das coleccións:
  - a) ‘As letras das mulleres’
  - b) ‘Estudos’
  - c) ‘Contos da igualdade’
8. Creación, reforzo e optimización de recursos do Servizo Galego de Igualdade, especialmente a actualización e difusión do anuario titulado “A realidade das mulleres galegas”.
9. Promoción e execución dos seguintes programas:
  - d) Programa de educación en igualdade dirixido a pais e nais, profesorado, Anpas e alumnado.
  - e) Programa de formación de persoal técnico que presta os seus servizos en distintas entidades e administracións relacionadas coa atención ás mulleres.
  - f) Programa de formación profesional destinado a mulleres co fin de mellorar a súa capacitación profesional cara a inserción, promoción ou reciclaxe laboral en colaboración con entidades que persigan este fin.
  - g) Diversificación dos programas de apoio ao emprendemento (Programa EMEGA), coas seguintes liñas de actuación:



- Programa de axudas á creación e consolidación de empresas lideradas por mulleres, orientado a apoiar economicamente as iniciativas empresariais promovidas por mulleres e a súa consolidación con fincapé nas novas tecnoloxías e os recursos de conciliación.
- Programa de apoio a mulleres rurais para o acceso á cotitularidade de explotacións agrarias.
- Programa de asesoramento ás empresas para un mellor aproveitamento dos recursos e posibilidades.
- Programa de apoio a mulleres do mar, cara á consolidación da súa actividade e visibilización da mesma.
- Programa de intercambio interrexional e internacional de coñecementos e experiencias nas empresas, incluíndo a formación no exterior de mulleres para a aplicación nas empresas galegas da súa experiencia.
- Programa de atención a mulleres soas con cargas familiares non compartidas, orientado a facilitar o seu acceso ao mercado laboral, consistente na creación dun servizo gratuíto de coidado de persoas dependentes durante o tempo adicado á súa formación nos programa financiados dende o SGI.
- Colaboración con entidades que desenvolven programas de atención a mulleres en especiais situacións de vulnerabilidade.
- Programa de apoio a nais que retornan ao proceso educativo, consistente no pago da primeira matrícula no retorno.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

## **PROGRAMA 313D. ACCIÓNS PARA A PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**

### **1. Descrición**

O marco legal (Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero), así como os resultados dos indicadores da violencia contra as mulleres, sinalan como prioritario este programa de actuacións por parte da Xunta de Galicia, tanto para a aplicación efectiva de dita Lei como para trocar a situación actual.

Así, en execución das competencias atribuídas pola Lei de creación do Organismo, no vindeiro ano está previsto realizar as seguintes actuacións:

## **2. Actividades**

1. Programa de atención telefónica gratuita ás mulleres 24 horas coa intención de mellorar a atención multidisciplinar ás mulleres, nomeadamente na prevención e atención urxente en violencia de xénero.
2. Programa de apoio económico “Salario da liberdade” dirixido a mulleres en situacións de maltrato que carezan doutros recursos
3. Consolidación do programa RODELA de voluntariado de acompañamento a mulleres vítimas de violencia.
4. Posta en marcha do Fondo de Garantía de Indemnizacións, establecido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

## 4. CADROS NUMÉRICOS

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos							
	10	20	30	40	41	42	80	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	41.678,5	609,2	20.260,7	8.225,3	145.722,0		1.111,1	217.606,9
312A-Pensións e prestacións asistenciais			1.843,8		44.819,1			46.662,9
312B-Servizos sociais de prestacións ás familias e á infancia			11.417,3		5.296,0			16.713,2
312D-Servizos sociais de atención a persoas en situación de dependencia					137.619,2			137.619,2
312E-Servizos sociais atención persoas con discapacidade					47.245,9			47.245,9
312F-Programas de solidariedade					6.766,5	3.061,6		9.828,1
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social			5.147,4					5.147,4
313A-Servizos á xuventude						19.792,3		19.792,3
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller			23.928,8				7.276,0	31.204,8
313C-Outros servizos sociais de promoción social					11.940,4			11.940,4
313D-Accións para protección e apoio das mulleres que sofren violencia xénero			1.569,8				1.267,5	2.837,3
581A-Elaboración e difusión estatística	80,0							80,0
<b>Total</b>	<b>41.758,5</b>	<b>609,2</b>	<b>64.167,7</b>	<b>8.225,3</b>	<b>399.409,1</b>	<b>22.853,9</b>	<b>9.654,6</b>	<b>546.678,4</b>

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	121.658,4	72.873,3		2.543,8	20.331,3	200,0	217.606,9
312A-Pensións e prestacións asistenciais				46.417,2		245,7	46.662,9
312B-Servizos sociais de prestacións ás familias e á infancia				13.235,4	202,6	3.275,3	16.713,2
312D-Servizos sociais de atención a persoas en situación de dependencia	8.262,2	62.473,0		66.884,0			137.619,2
312E-Servizos sociais atención persoas con discapacidade				38.075,5	4.355,0	4.815,4	47.245,9
312F-Programas de solidariedade	791,1	735,5		7.164,5	747,0	390,0	9.828,1
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social				5.147,4			5.147,4
313A-Servizos á xuventude	7.408,1	4.608,0		2.900,0	3.576,2	1.300,0	19.792,3
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller		844,1		30.219,1	141,6		31.204,8
313C-Outros servizos sociais de promoción social			5,7	10.363,4	23,5	1.547,7	11.940,4
313D-Accións para protección e apoio das mulleres que sofren violencia xénero		126,5		2.510,8	200,0		2.837,3
581A-Elaboración e difusión estatística					80,0		80,0
<b>Total</b>	<b>138.119,8</b>	<b>141.660,5</b>	<b>5,7</b>	<b>225.461,1</b>	<b>29.657,2</b>	<b>11.774,0</b>	<b>546.678,4</b>

## Distribución orgánica

10 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	16.049,1	16.923,4	5,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.862,6	4.822,6	-0,8
Cap. IV - Transferencias correntes	720,0	950,1	32,0
Cap. VI - Investimentos reais	18.890,1	18.862,5	-0,1
Cap. VII - Transferencias de capital	310,4	200,0	-35,6
<b>Total</b>	<b>40.832,1</b>	<b>41.758,5</b>	<b>2,3</b>

(Miles de Euros)

20 S.X. DE RELACIÓNS INTITUCIONAIS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	81,3	81,7	0,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	263,4	245,0	-7,0
Cap. IV - Transferencias correntes	0,0	50,0	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	250,0	232,5	-7,0
<b>Total</b>	<b>594,7</b>	<b>609,2</b>	<b>2,4</b>

(Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	14.309,8	14.866,5	3,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.327,9	4.077,9	-5,8
Cap. IV - Transferencias correntes	26.513,4	40.940,2	54,4
Cap. VI - Investimentos reais	1.338,0	1.658,0	23,9
Cap. VII - Transferencias de capital	11.201,9	2.625,3	-76,6
<b>Total</b>	<b>57.691,0</b>	<b>64.167,7</b>	<b>11,2</b>

(Miles de Euros)

40 SECRETARÍA XERAL DO BENESTAR	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.625,2	8.225,3	7,9
<b>Total</b>	<b>7.625,2</b>	<b>8.225,3</b>	<b>7,9</b>

(Miles de Euros)

41 DIRECCIÓN XERAL DE ACCIÓN SOCIAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	83.240,4	88.712,7	6,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	104.225,7	126.200,9	21,1
Cap. III - Gastos financeiros	0,0	5,7	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	147.788,8	172.093,0	16,4
Cap. VI - Investimentos reais	9.210,4	4.748,1	-48,4
Cap. VII - Transferencias de capital	7.397,9	7.648,8	3,4
<b>Total</b>	<b>351.863,2</b>	<b>399.409,1</b>	<b>13,5</b>

(Miles de Euros)

42 D.X. DE XUVENTUDE E SOLIDARIDADE	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.898,9	8.199,2	3,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.715,5	5.343,5	-6,5
Cap. IV - Transferencias correntes	4.110,1	3.855,0	-6,2
Cap. VI - Investimentos reais	4.346,8	4.156,2	-4,4
Cap. VII - Transferencias de capital	2.000,0	1.300,0	-35,0
<b>Total</b>	<b>24.071,3</b>	<b>22.853,9</b>	<b>-5,1</b>

(Miles de Euros)

80 SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.088,9	1.111,1	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.001,9	970,6	-3,1
Cap. IV - Transferencias correntes	8.522,6	7.572,9	-11,1
Cap. VII - Transferencias de capital	225,3	0,0	-100,0
<b>Total</b>	<b>10.838,6</b>	<b>9.654,6</b>	<b>-10,9</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL	40.832,1	41.758,5	2,3
20 S.X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	594,7	609,2	2,4
30 SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE	57.691,0	64.167,7	11,2
40 SECRETARÍA XERAL DO BENESTAR	7.625,2	8.225,3	7,9
41 DIRECCIÓN XERAL DE ACCIÓN SOCIAL	351.863,2	399.409,1	13,5
42 D.X. DE XUVENTUDE E SOLIDARIDADE	24.071,3	22.853,9	-5,1
80 SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE	10.838,6	9.654,6	-10,9
<b>Total</b>	<b>493.516,2</b>	<b>546.678,4</b>	<b>10,8</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	129.204,7	137.008,7	1.088,9	1.111,1			130.293,6	138.119,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	119.395,0	140.689,8	1.001,9	970,6			120.396,9	141.660,5
Cap. III - Gastos financeiros	0,0	5,7					0,0	5,7
Cap. IV - Transferencias correntes	189.745,6	227.515,6	8.522,6	7.572,9	10.613,4	9.627,3	187.654,9	225.461,1
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>438.345,4</i>	<i>505.219,9</i>	<i>10.613,4</i>	<i>9.654,6</i>	<i>10.613,4</i>	<i>9.627,3</i>	<i>438.345,4</i>	<i>505.247,2</i>
Cap. VI - Investimentos reais	34.035,2	29.657,2					34.035,2	29.657,2
Cap. VII - Transferencias de capital	21.135,5	11.774,0	225,3		225,3		21.135,5	11.774,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>55.170,7</i>	<i>41.431,2</i>	<i>225,3</i>		<i>225,3</i>		<i>55.170,7</i>	<i>41.431,2</i>
<b>Total</b>	<b>493.516,2</b>	<b>546.651,1</b>	<b>10.838,6</b>	<b>9.654,6</b>	<b>10.838,6</b>	<b>9.627,3</b>	<b>493.516,2</b>	<b>546.678,4</b>

(Miles de Euros)

## Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	11	11
<i>Persoal funcionario</i>	680	686
Subgrupo A1	250	252
Subgrupo A2	45	46
Subgrupo C1	119	119
Subgrupo C2	240	243
Grupo E e agrupacións profesionais	26	26
<i>Persoal laboral</i>	3.323	3.536
Grupo I	216	250
Grupo II	703	729
Grupo III	393	410
Grupo IV	893	1.010
Grupo V	1.118	1.137
<i>Outro persoal</i>	128	
<b>TOTAL</b>	<b>4.142</b>	<b>4.233</b>

SGPIHM	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	21	21
Subgrupo A1	9	6
Subgrupo A2	3	3
Subgrupo C1	2	5
Subgrupo C2	6	6
Grupo E e agrupacións profesionais	1	1
<i>Persoal laboral</i>	3	7
Grupo I	1	3
Grupo II	1	2
Grupo III		1
Grupo IV	1	1
<i>Outro persoal</i>	4	
<b>TOTAL</b>	<b>29</b>	<b>29</b>

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA**

SECCIÓN 06





## 1. COMPETENCIAS

---

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, procedendo á supresión da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e integrándoa na actual Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Os órganos superiores que integran a estrutura da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, son:

1. Conselleiro
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral da Función Pública
4. Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas
5. Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias
6. Dirección Xeral de Xustiza
7. Dirección Xeral de Interior
8. Dirección Xeral de Protección Civil
9. Dirección Xeral de Administración Local

En cada unha das provincias da comunidade autónoma existe unha delegación provincial da consellería, na que se integran os órganos e servizos de carácter territorial situados no seu ámbito.

Adscritos a esta consellería, como organismos autónomos, figuran:

1. Escola Galega de Administración Pública
2. Academia Galega de Seguridade Pública

Adscritos a esta consellería, como entes de dereito público segundo se establece no artigo 12.1.b do Decreto lexislativo 1/1999:

Axencia Galega de Emerxencias, creada pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.

Queda adscrito organicamente a esta consellería o Instituto de Medicina Legal de Galicia, órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio.

Adscribíense a esta consellería os seguintes órganos colexiados:

1. A Comisión de Persoal da Xunta de Galicia, creada pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública galega, e regulada polo Decreto 156/1988, do 9 de xuño.
2. A Xunta de Compras da Xunta de Galicia.
3. A Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.
4. A Comisión Central de Racionalización Administrativa, creada polo Decreto 186/1990, do 1 de marzo.
5. A Comisión de Informática da Xunta de Galicia, creada polo Decreto 67/1987, do 26 de marzo, e adscrita á Consellería da Presidencia polo Decreto 290/1992, do 8 de outubro.
6. A Comisión de Toponimia, regulada polo Decreto 43/1984, do 23 de marzo, modificado polo Decreto 174/1998, do 5 de xuño.
7. A Comisión Central de Revisión da Normativa Legal, así como a Comisión de Revisión da Normativa Legal da consellería, creadas polo Decreto 186/1990, do 1 de marzo.
8. A Comisión Central de Coordinación de Parques Móviles, creada polo Decreto 327/1994, do 3 de novembro.
9. A Comisión das Webs da Xunta de Galicia, regulada polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.
10. A Comisión Superior para o Estudo do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego, regulada no Decreto 107/1999, do 8 de abril.
11. A Comisión do Xogo de Galicia, creada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, e regulada polo Decreto 192/1988, do 21 de xullo.
12. A Comisión Heráldica da Xunta de Galicia, regulada polo Decreto 369/1998, do 10 de decembro.
13. A Comisión de Coordinación das Policías Locais de Galicia, regulada na Lei 4/2007, do 20 de abril.
14. O Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia, creado polo Decreto 146/1997, do 22 de maio.
15. O Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, creado pola Lei 1/2005, do 20 de xaneiro.
16. A Comisión Galega de Protección Civil, regulada no Decreto 56/2000, do 3 de marzo.
17. A Comisión Galega de Delimitación Territorial, regulada no Decreto 370/1998, do 10 de decembro.
18. A Comisión Galega de Cooperación Local, regulada nos artigos 188 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no Decreto 280/1998, do 24 de setembro.

## SECRETARIA XERAL

A Secretaría Xeral exercerá, con carácter xeral, as competencias e funcións establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia e demais normativa autonómica que lle sexa aplicable e en particular as seguintes:

1. O Secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas a excepción da asistencia as súas sesións, exercendo as competencias sinaladas no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.
2. A Vicepresidencia da Comisión de Secretarios Xerais, correspondéndolle levantar acta das reunións para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.
3. O rexistro único das fundacións de interese galego.
4. A xestión da edición, publicación, venda e distribución do periódico oficial de Galicia.
5. Os servizos de automobilismo da Xunta de Galicia
6. O servizo médico da Administración autonómica
7. As funcións que establece o artigo 31.3º da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación co persoal da Administración da Xunta de Galicia e o da Administración de xustiza.
8. O rexistro xeral da Xunta de Galicia, así como os rexistros únicos dos edificios administrativos da Administración autonómica.
9. Información e atención ao cidadán.
10. O exercicio das funcións que lle correspondan á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na materia de colexios profesionais.
11. Calquera outras que lle atribúa a normativa en vigor, así como aquelas que lle sexan singular ou especialmente encomendadas por delegación do titular do departamento.

## DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A Dirección Xeral da Función Pública é o órgano ao que lle corresponde a execución da política de persoal da Administración da Xunta de Galicia nos termos previstos na Lei da función pública e demais normativa que a desenvolva, a xestión das competencias atribuídas á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nesta materia e a resolución daquelas que lle delegue o conselleiro. A tal

fin, coordinará a actuación dos órganos competentes en materia de persoal das distintas consellerías e organismos autónomos dependentes delas, ditando as instrucións oportunas.

No ano 2007 a Dirección Xeral da Función Pública asumiu a levanza e control dos Rexistros de Altos Cargos.

## DIRECCIÓN XERAL DA CALIDADE E AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

A Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas configúrase como órgano de impulso á modernización e reforma da Administración autonómica de Galicia, para garantir que a mellora continua na xestión, a transparencia, a participación e a responsabilidade sexa unha constante na actuación da Administración desta comunidade autónoma e que os servizos que se lle prestan ao cidadán se desenvolvan con criterios de máxima calidade, eficacia e eficiencia.

A Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas exercerá as súas competencias sobre todas as consellerías, organismos delas dependentes, centros, servizos e unidades, así como sobre os entes e empresas públicas da Administración da comunidade autónoma, desenvolvendo as seguintes funcións:

1. Comprobar o grao de cumprimento da normativa vixente en materia de procedementos administrativos.
2. Proponer, se é o caso, ao órgano competente a incoación de expedientes disciplinarios cando se detecten indicios racionais de responsabilidade administrativa na actuación do persoal.
3. A instrución dos expedientes en materia de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 9/1996, do 18 de outubro.
4. A custodia e xestión dos rexistros de incompatibilidades de altos cargos.
5. A avaliación da xestión da calidade nos servizos públicos.
6. Apoio, asesoramento ás unidades administrativas en materia de excelencia, avaliación da calidade e doutros sistemas de xestión.
7. A promoción, planificación e coordinación dos procesos de racionalización, simplificación e axilización así como de modernización dos procedementos administrativos, métodos de traballo e organización administrativa.
8. A planificación, fomento, xestión e supervisión das infraestruturas e aplicacións informáticas e de telecomunicacións, sen prexuízo das competencias que por lei se lle atribúan ao Centro de Proceso de Datos, dependente da Consellería de Economía e Facenda.

9. Impulso, xestión e coordinación da administración electrónica.
10. Avaliar as necesidades de formación do persoal ao servizo da Administración pública galega nas materias da competencia da dirección xeral, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública e outras entidades públicas e privadas.
11. A realización daquelas outras funcións que dentro do marco das súas competencias lle encomende o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O proceso de modernización da administración que emprendeu o Goberno da Xunta de Galicia existe unha planificación e coordinación dos sistemas de información co fin de dispor dun escenario informático global que asegure o cumprimento das medidas de racionalización adoptadas para ofrecer con eficacia e eficiencia os diferentes servizos administrativos ao cidadán. Este é o obxectivo que centra a actividade da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

#### DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS PARLAMENTARIAS

A Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias é o centro directivo que ten encomendado o exercicio das seguintes funcións:

1. Informar e asistir ao Goberno galego nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
2. Facer o seguimento do programa legislativo e dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia.
3. Determinar o departamento da Xunta de Galicia que debe dar resposta ás iniciativas parlamentarias que dende a cámara se presenten.
4. Realizar labores de apoio ao Presidente da Xunta de Galicia nas súas intervencións parlamentarias, solicitando cando sexa preciso dos distintos departamentos do Goberno os datos e informes que se coiden convenientes.
5. A representación delegada do Goberno galego nas reunións da Xunta de Portavoces do Parlamento de Galicia.
6. Facer de canle oficial de comunicación entre a Xunta e o Parlamento de Galicia.
7. Facer o seguimento das iniciativas tramitadas nas Cortes Xerais ou noutras comunidades autónomas que puidesen ter algunha relación coa Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Organizar e coordinar os procesos electorais nos que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia.
9. Realizar o seguimento dos resultados dos procesos electorais realizados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

10. Representar á Xunta de Galicia naqueles procesos electorais nos que esta sexa invitada como observadora.

## DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Xustiza exercer as competencias atribuídas a Xunta de Galicia, estatutariamente ou por transferencia, relativas á promoción e ao desenvolvemento do dereito civil especial, promoción do galego no ámbito da xustiza, demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades a través do sistema de asistencia xurídica gratuíta, as relacións co Poder Xudicial e demais institucións relacionadas coa xustiza, así como as facultades organizativas e de xestión de medios que configuran a denominada administración da Administración de Xustiza.

O artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) recolle unha cláusula subrogatoria que fai relación ao que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denomina “administración da Administración de Xustiza”, concretamente referíndose ao exercicio da tódalas facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza. Ao abeiro desta cláusula estatutaria apróbase o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás Fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), que completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia. O marco das competencias da comunidade autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial. A entrada en vigor o 15 de xaneiro de 2004 da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, supuxo unha significativa ampliación de competencias da comunidade autónoma en materia de xustiza.

En fin, o feixe de facultades e potestades comprendidas no ámbito da actuación da Dirección Xeral de Xustiza poden resumirse en:

1. Dotación de medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo recursos humanos así como medios económicos (pagamento de valoracións e peritaxes, transportes e indemnizacións por razóns de servizo) e materiais (parque inmobiliario, mobiliario, instrumental, TICs, material e outros

subministrados) dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, Instituto de Medicina Legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia.

2. Xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e compensación económica á avogacía e a procura polos servizos profesionais.
3. Deseño do modelo de oficina xudicial, creación e organización dos servizos comúns e elaboración e modificación das relacións de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza e formación continua deste persoal.
4. Fomento do coñecemento, investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses, con especial incidencia no dereito galego e na formación dos operadores xurídicos, así como desenvolvemento de proxectos e iniciativas que colaboran cos fins de prevención e solución dos conflitos, seguridade xurídica e paz social aos que está orientada á xustiza.
5. Promoción do uso do galego no ámbito da xustiza.

Coordinación das delegacións provinciais en materia de xestión de medios persoais, económicos e materias da Administración de xustiza.

## DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR

Á Dirección Xeral de Interior correspóndelle a xestión e resolución dos asuntos transferidos e os relacionados coas competencias que lle corresponden estatutariamente á Xunta de Galicia nas seguintes materias:

1. En materia de casinos, xogos e apostas e espectáculos públicos:
  - a) A execución das directrices para o desenvolvemento da xestión administrativa.
  - b) A coordinación dos distintos servizos de inspección de xogo e espectáculos públicos.
  - c) A tramitación e proposta de resolución nos expedientes administrativos referentes ás materias indicadas anteriormente, así como a execución das resolucións ditadas neles.
  - d) A preparación dos correspondentes estudos e anteprojectos de disposicións xerais.
  - e) A compilación de datos estatísticos e demais información regulamentaria nas citadas materias.
2. En materia de seguranza:

- a) O exercicio da xefatura dos servizos de seguraza baixo a superior autoridade do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- b) A planificación, xestión e distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguraza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) As funcións de coordinación das policía locais que lle correspondan á comunidade autónoma.
- d) A proposta ou a resolución, se é o caso, das cuestións relativas á selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito aos servizos policiais da Xunta de Galicia.
- e) A elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación operativa dos servizos policiais e de xestión e planificación adscritos á Dirección Xeral de Interior.
- f) O establecemento das canles apropiadas de cooperación coas forzas e corpos de seguraza do Estado para a coordinación e realización das competencias en materia de prevención e seguraza.
- g) A elaboración de cantos informes e estudos requira e esixa o exercicio das competencias que lle corresponden á consellería en materia de prevención e seguraza.
- h) A proposta e execución dos plans de seguraza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) A preparación dos correspondentes estudos e anteprojectos de disposicións xerais.
- j) Calquera outra que por disposición legal lle corresponda.
- k) As demais funcións que, incluídas no ámbito respectivo, lle sexan asignadas.

## DIRECCIÓN XERAL DE PROTECCIÓN CIVIL

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o dereito á vida e á integridade física das persoas, como o primeiro e máis importante dos dereitos fundamentais.

A mencionada lei constitúe o marco legal que determina todo o sistema de preparación e de resposta ante situacións de grave risco colectivo, calamidade pública ou catástrofe extraordinaria, na que a seguraza e a vida das persoas poida perigar ou sucumbir masivamente, xerándose unhas necesidades de recursos.

Os aspectos máis significativos deste sistema fundaméntanse na planificación das actuacións a realizar e na previsión dos mecanismos máis axeitados de actuación.



A publicación en Galicia da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, ven a establecer un novo marco para a planificación e actuación nas emerxencias e na protección civil, de xeito que se regulan os diferentes aspectos de todos os organismos e funcións que interveñen nos mencionados aspectos. Esta lei establece numerosos desenvolvementos regulamentarios e a creación de novos entes, entre os que destacan, por un lado, a Axencia Galega de Emerxencias, ente público adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e os consorcios provinciais dos servizos contra incendios e de salvamento, entes que se constituirán xunto coas deputacións provinciais e concellos.

Este novo sistema integrado de funcionamento das emerxencias supón un cambio radical na situación preexistente, condicionando tamén a elaboración dos presupostos.

Outras normas autonómicas importantes no ámbito de actuación desta dirección xeral son as seguintes:

O Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións voluntarias e entidades colaboradoras de protección civil de Galicia, regula a planificación e as medidas de coordinación en materia de protección civil na Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias.

O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, dispón, no seu artigo 2º a creación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e dentro desta consellería, no apartado 7, está encadrada a Dirección Xeral de Protección Civil.

O Decreto 578/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a planificación da protección civil, no que se establecen as seguintes competencias para esta dirección xeral:

A Dirección Xeral de Protección Civil exercerá a dirección, coordinación e execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de protección civil e atención de emerxencias, tales como prevención e previsión de riscos, planificación da protección civil, intervención e atención das emerxencias e restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia. Correspóndelle a dirección do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e a representación da consellería na Comisión Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil. Así mesmo, correspóndelle a planificación e coordinación dos plans e programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local. Ademais levará a cabo o seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protección dos traballadores e da

poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación do título VII do Regulamento de protección sanitaria contra as radiacións ionizantes prevista no Real decreto 783/2001.

## DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Establecer, no marco básico estatal, un réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas (tanto a nivel lexislativo como regulamentario) que reflicten as peculiaridades e características propias, tanto da nosa comunidade autónoma, coma das nosas entidades locais.

Colaborar e apoiar aos concellos e entidades locais de Galicia na construción, rehabilitación e reforma das sedes das casas consistoriais para que poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados, e ofrecer un servizo eficaz e eficiente á cidadanía galega.

Colaborar cos concellos galegos na prestación dos servizos que lle son propios, apoiando as dotacións de equipamentos e a execución das infraestruturas necesarias para esa prestación facendo especial fincapé en espazos públicos tales como prazas e espazos destinados á infancia.

Apoiar aos concellos galegos na prestación das súas competencias, facendo especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá, con medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade.

Potenciar e apoiar fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, coa finalidade de racionalizar servizos e recursos para ofrecer un mellor servizo á cidadanía.

Apoiar e favorecer o desenvolvemento de asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos da nosa comunidade.

Impulsar a implantación, desenvolvemento e emprego das novas tecnoloxías e métodos de calidade por parte das entidades locais galegas, implantando a tramitación electrónica como medio habitual de relación entre a Xunta de Galicia e os concellos, dotando de software específico e común a todas as entidades locais galegas.

Coordinar e impulsar a formación nas administracións locais de Galicia, tanto para cargos electos como para os traballadores das mesmas, potenciando para iso os medios dos que dispón a administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.

Potenciar e impulsar o emprego da lingua galega nas entidades locais de Galicia.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009

---

### 2.1. DA CONSELLERÍA

#### SECRETARÍA XERAL

A Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como elemento coordinador dos órganos administrativos adscritos á consellería, ten como cometido o de facilitar a consecución dos obxectivos xerais da consellería, mediante a colaboración, supervisión, coordinación e apoio a estes órganos.

Así mesmo, como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas, do apoio loxístico dos servizos comúns aos demais órganos dos servizos centrais, ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións tanto de mantemento e conservación das instalacións, como da seguridade dos bens e as persoas, avaliando e planificando as novas necesidades que se produzan.

1. No ámbito da Administración xeral, potenciarase o funcionamento interno da consellería coa finalidade de optimizar as accións que se levan a cabo ao servizo do administrado, e dando solucións eficaces e áxiles ás necesidades de funcionamento do servizo público.
2. A coordinación da xestión dos distintos servizos e órganos adscritos á consellería.
3. O apoio á xestión dos medios persoais e materiais da Administración de xustiza en Galicia.
4. O desenvolvemento das aplicacións estatísticas.
5. Contratación, seguimento e execución dos novos investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos da consellería e, se é o caso, rehabilitación, reparación ou conservación das infraestruturas xa existentes.
6. A contratación, xestión e coordinación administrativa dos servizos necesarios para optimizar o funcionamento dos edificios adscritos á consellería, e o control e distribución dos custos que xerasen os citados edificios entre os distintos centros directivos usuarios deles.
7. A xestión, control e coordinación do persoal adscrito á consellería.
8. As funcións que establece a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e a súa normativa de desenvolvemento.
9. A dirección, xestión e coordinación do Parque Móbil da Xunta de Galicia.

10. Aqueles outros derivados da xestión dos recursos humanos e materiais, a contratación, e outros correspondentes aos servizos comúns desta consellería.

## **DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

A actividade da Dirección Xeral da Función Pública no 2009 virá determinada polos seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

1. A posta en marcha da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas.
2. A posta en marcha do Consello Asesor para a Integración da Discapacidade da Función Pública de Galicia.
3. O estudo e fixación de contidos da nova Lei da función pública de Galicia.
4. Os desenvolvementos pendentes da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.
5. Continuar cos procesos de consolidación iniciados no 2009.
6. E o desenvolvemento da aplicación informática de recursos humanos.

### **Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas**

Esta entidade foi creada polo Decreto polo que se regulan os rexistros de actividades de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia, con rango de Subdirección Xeral dentro da Dirección Xeral da Función Pública, a posta en marcha desta unidade requirirá da dotación das ferramentas informáticas que faciliten a xestión do Rexistro de altos cargos, das incompatibilidades, e do rexistro de persoal eventual. Todas elas serán incluídas na correspondente partida orzamentaria destinada a elaboración de ferramentas informáticas.

Tamén é preciso o desenvolvemento de ferramentas normativas que normalicen a xestión dos rexistros polo que será preciso prever o seu custo.

### **Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública de Galicia**

O Decreto polo que se crea o Consello Asesor para a Integración da Discapacidade, establece na súa disposición transitoria segunda, que no prazo de 6 meses da publicación do mesmo o consello elaborará un catálogo de tipos de postos de traballo no ámbito da Administración Pública da Xunta de Galicia establecendo as funcións, perfís de esixencias e condicións mínimas de cada un deles, tendo en

conta as peculiaridades dos distintos grupos de discapacidade. Considerando que este órgano está adscrito á Dirección Xeral da Función Pública corresponderalle a esta a elaboración do mesmo para o cal se require a dotación orzamentaria correspondente.

A creación deste órgano e a súa adscrición á dirección xeral tamén require unha mínima dotación de persoal que de soporte ás actividades do consello, por iso no apartado de persoal se propón a creación dunha sección específica encargada destes temas.

### **A nova Lei de Función Pública**

A Comisión para o estudo e preparación da Lei da función pública de Galicia constituída pola Orde do 27 de xullo de 2007 e publicada no Diario Oficial de Galicia o 3 de agosto do mesmo ano, desenvolveu ao longo do 2008 o estudo e fixación dos contidos que deberían abranguer a nova Lei de función pública, agora é preciso abordar o proceso de desenvolvemento normativo que requirirá dunha dotación orzamentaria suficiente para contar coa asistencia de profesionais que acompañen á Administración pública nesta tarefa.

### **Desenvolvementos pendentes da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia**

A lei mudou o réxime de vacacións, permisos e licenzas. É preciso facer un estudio exhaustivo que nos permita a regulación da xornada laboral, permisos, vacacións e licenzas, tarefa pendente da Administración autonómica que está causando moitos problemas para facer efectivos os dereitos recoñecidos polas normas.

Iso, esixe un estudio exhaustivo das modalidades existentes na nosa administración e unha variación dun pacto económico de xestión que se derivaría da implantación ordenada da xornada.

### **Os procesos de consolidación**

O Acordo do 21 de abril de 2008 para a ordenación e mellora do emprego público no ámbito da Administración da Xunta de Galicia, establece o itinerario a seguir para levar adiante os procesos de consolidación. En termos de xestión estes procesos implican unha gran carga de traballo, xa que en todos eles, existe unha fase de concurso tramitada a través de papel (a eles concorren aspirantes de fóra da Administración) que para ser atendidos precisarán dunha dotación que prevea esta maior carga. As previsións non se deben facer sobre recursos estruturais xa que se trata de procesos extraordinarios, polo que non se poden tomar decisións que impliquen redimensionamento de cadros de persoal, pero que tampouco se pode entender que é suficiente a dotación actual, polo que é preciso reforzar esta con apoios vinculados á xestión dos procesos selectivos.

Neste sentido a dotación do ano 2008 resulta absolutamente insuficiente, posto que con ela non se atenderon as necesidades da oferta do ano 2007 que era sensiblemente inferior á do 2008 que triplica a esa.

### **Procesos Selectivos**

É preciso resolver o problema derivado da insuficiencia da asignación orzamentaria inicial para permitir a tramitación dos procesos de contratación para a adxudicación das sedes de celebración dos procesos selectivos da Dirección Xeral da Función Pública. Ao inicio de cada exercicio a dirección xeral non dispón de recursos suficientes para abordar unha contratación do importe da que se precisa para dar acubillo aos procesos selectivos do ano, deste xeito recórrase ao pago por factura que despois debe ser convalidado dilatándose a formalización do contrato a mediados do exercicio xa que nesta data se formalizaron as recadacións procedentes das taxas aboadas polos opositores, situación que non se produciría de existir crédito suficiente que daría lugar á normalización deste proceso.

Dentro do proceso de mellora progresiva iniciado neste eido pola Dirección Xeral da Función Pública está pendente a automatización da xestión dos chamamentos e coordinación dos procesos selectivos que agora é totalmente manual, integrado por un coordinador central, varios coordinadores de móbiles (normalmente un por cada dez portas) e un equipo de porta (integrado por un xefe de porta, un xestor de control de entrada, un xestor de autenticación e un acomodador). A xestión automática de todo este proceso permitiría tamén mellorar a seguridade dos procesos selectivos, xa que asociaría a cada opositor co seu exercicio a través dos controis establecidos polo sistema.

É preciso recoller os requirimentos orzamentarios para levar adiante esta tarefa.

### **Xestión de persoal funcionario e laboral**

Así mesmo debe terse en conta que durante este ano 2008 e como consecuencia da Oferta de emprego público do ano 2005 para o persoal laboral, producírase a toma de posesión de 1.203 novos traballadores o que vai supoñer a preparación e tramitación de todos os contratos de traballo coa correspondente inscrición nas oficinas do INEM e un elevado número de solicitudes de servizos previos, polo que é obvia a necesidade de estar ao día tanto na resolución de solicitudes de trienios do persoal laboral temporal como proceder a ordenar e archivar toda a documentación relativa aos expedientes do persoal laboral afectado.

Ao mesmo tempo o incremento na xestión de persoal funcionario como consecuencia do movemento producido pola execución da oferta de emprego público do ano 2007 que afecta a un total de 1.044 prazas que levará consigo un considerable aumento na tramitación de todos estes expedientes.

En consecuencia xérase un incremento de 2.247 empregados públicos coa mesma dotación de efectivos que tiñamos en anos anteriores para xestionar este maior volume de expedientes.

Por outra banda e derivado tanto dos procesos de consolidación como da ordenación de todo o persoal a través das relacións de postos de traballo, as modificacións que se están a producir nos cambios de todo este persoal ven incrementar en gran medida a xestión deste servizo.

A implementación de novas aplicacións informáticas que se están a producir no camiño emprendido por esta dirección xeral dunha informatización dos procesos que xestiona no que se refire a concursos de traslados, procesos selectivos, fondo de acción social así como os procesos de xestión de expedientes de todo o persoal funcionario e laboral levarán consigo un incremento na xestión do Rexistro Central de Persoal que é o encargado de poñer en marcha estes procesos de informatización xunto co CIXTEC.

En base a todo isto, ven resultar insuficiente a dotación de recursos humanos con que conta esta dirección xeral, polo que se propón a creación dunha Xefatura de Sección de Ordenación de Persoal, dentro do Servizo de Programación e Ordenación de Persoal.

Así mesmo, a Subdirección Xeral de Provisión de Postos de Traballo e Selección de Persoal e a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas (esta con rango de subdirección xeral), carecen de postos de secretaria/o, polo que se propón a creación dos referidos postos.

## DIRECCIÓN XERAL DA CALIDADE E AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Durante o ano 2009 a Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas continuará a traballar co obxectivo de acadar un nivel maior na modernización administrativa da Xunta de Galicia e a mellora da calidade do servizo prestado, deste xeito traballarase na mellora dos servizos corporativos de informática e comunicacións que se prestan a todas as consellerías atendendo ao mantemento dos sistemas existentes e das necesidades de servizo e de soporte a operativa dos distintos departamentos, adaptados ás necesidades que imprime esta modernización da administración de cara ao desenvolvemento dunha administración en liña. Polo tanto, traballarase tamén, no desenvolvemento de proxectos directamente relacionados coa Administración electrónica así como no desenvolvemento de servizos en liña que se podan prestar cara ao cidadán. Estas liñas de acción poden concretarse nos seguintes obxectivos concretos:

1. Mellorar a calidade do servizo prestado dende a dirección xeral en materia de calidade, informática e de telecomunicacións aos restantes departamentos da Xunta de Galicia, dando resposta aos usuarios dos distintos servizos e sistemas existentes.
2. Impulsar a evolución do modelo de avaliación das unidades administrativas co obxectivo de adecuar a actuación administrativa ao esquema de servizo demandado pola sociedade galega promovendo a súa implantación.
3. Participar no proceso de planificación dos novos sistemas que se establezan para o soporte da xestión na organización, co fin de lograr o máximo aliñamento dos sistemas coas políticas e niveis de servizo que a Xunta de Galicia quere prestar aos usuarios, cidadáns, empresas e outras administracións de cara a dar un impulso ao desenvolvemento de servizos de e-Administración.
4. Mellorar a coordinación dos servizos informáticos da Xunta, unificando os procedementos de traballo, co obxectivo de potenciar a participación das distintas consellerías na implantación dos sistemas que lles afectan, así coma a mellora na integración dos fluxos de información e o aproveitamento dos sistemas dispoñibles.
5. Soporte e mantemento da rede corporativa de voz e datos da Xunta de Galicia.
6. Dar un impulso a implantación da e-Administración, como base para a mellora da calidade na xestión e o servizo que se presta aos cidadáns.
7. Establecer relacións e colaboración en materia de modernización administrativa, tendo presenza en foros sobre o desenvolvemento e xestión dos procesos con enfoque interno e para o cidadán.

## DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS PARLAMENTARIAS

Os obxectivos que pretende acadar esta dirección xeral para o exercicio 2009 encádranse dentro da súa función específica de asistencias ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia e de seguimento do programa lexislativo e dos acordos parlamentarios, así como de órgano de apoio do presidente e do conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nas súas intervencións parlamentarias. Tamén pretende desenvolver estudos sociolóxicos que permitan ter un coñecemento da evolución e principais tendencias da opinión pública galega.

## DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Os obxectivos xerais da Dirección Xeral de Xustiza para 2009 son:

1. Incorporar a especialización da asistencia xurídica gratuíta (AXG) sobre todo en materia de violencia de xénero, menores e estranxeiría e introducir o principio de libre elección de avogado



xunto con outros instrumentos para promover a calidade do sistema; así como retribuír dignamente aos profesionais das quendas de oficio.

2. Implantar unha rede de Servizos de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima nas Sedes Xudiciais con funcións de información sobre os dereitos procesuais e orientación cara aos servizos públicos competentes para o asesoramento xurídico gratuíto, atención social e psicolóxica ás vítimas e prestacións económicas a favor das vítimas do delito, constituír servizos común de rexistro e reparto e de arquivo, así como pór en marcha experiencias de xestión de calidade nas oficinas xudiciais e outros instrumentos de modernización da organización e optimizar a xestión de medios
3. Dignificar a función pública ao servizo da Administración de xustiza e mellorar a capacidade e a calidade do traballo dos medios persoais ao servizo da administración de xustiza en Galicia e as súas condicións de traballo, mediante a creación de postos singularizados, racionalización dos cadros de persoal, dotación de persoal de novas unidades e incentivación da produtividade, a través, entre outras medidas, da aprobación inicial de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, os programas de mellora e reforzo, a promoción da carreira administrativa e a formación continua.
4. Dotar de mais e mellores medios e servizos á Administración de xustiza, e optimizar a súa xestión.
5. Promover o coñecemento do linguaxe xurídico galego a través de cursos e publicacións e fomentar o seu uso potenciando os equipos lingüísticos e galeguizando as aplicacións informáticas, entre outras iniciativas.
6. Renovar e mellorar as TIC a disposición da xustiza, acadar a informatización de todas as oficinas xudiciais, dotar de mais e mellores medios audiovisuais e sistemas de vídeo conferencia e implantar a telemática nos sistemas de comunicación procesual para continuar avanzando na integración da xustiza na sociedade da información.
7. Promover a formación dos operadores xurídicos e fomentar a investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses en colaboración cos órganos do Estado, as universidades galegas, colexios profesionais e outras institucións a través cursos, seminarios, publicacións e programas de formación e de colaboración coa xustiza, con especial incidencia na formación, investigación e desenvolvemento do dereito galego.
8. Desenvolver en colaboración con outros órganos e institucións programas e experiencias de mediación como alternativa ao proceso penal, de familia e menores, así como programas de reinserción de maltratadores e de rehabilitación de delincuentes.

9. Adaptar as sedes xudiciais a xustiza do século XXI a través dos programas de construción de novos edificios e de reforma interior, de vixilancia e protección das sedes xudiciais, de prevención de riscos e de dotación de TICs.

Para acadar ditos obxectivos, este centro directivo desenvolverá as seguintes liñas de acción:

1. Aplicación do novo Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta. Con colaboración cos colexios para a implantación das quendas específicas en materia de violencia de xénero, menores e estranxeiros, a especialización e a formación inicial e continua dos profesionais, a introdución do principio de libre elección e na incorporación de instrumentos de xestión de calidade; a tramitación e aprobación de normativa regulamentaria de desenvolvemento e a contratación e xestión necesaria, potenciación das TIC na xestión e control administrativo do funcionamento do sistema.
2. Potenciación dos recursos humanos ao servizo da Administración de xustiza, continuando as accións de reforma ordenada e gradual para impulsar a súa cualificación e produtividade, a calidade do seu servizo e a dignificación das súas condicións laborais, a través da negociación colectiva a aprobación de normativa regulamentaria de desenvolvemento do Libro VI da LOPX e mellora da xestión administrativa.
3. Modernización da Xustiza de Paz, a través do impulso do proxecto de agrupacións de secretarías de xulgados de paz, a dotación de medios derivados do cumprimento do Pacto Local e a informatización dos seus rexistros civís e oficinas.
4. Mellora da xestión dos medios económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza, potenciando as TIC e a e-Administración.
5. Continuación e aumento da colaboración, a través de convenios, coas universidades galegas e outras institucións na formación dos profesionais que actúan no eido da xustiza, con especial incidencia no estudo do dereito civil de Galicia, así como no fomento da investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses e o auxilio de especialistas e órganos técnicos á Administración de xustiza. Asemade, no mesmo marco de colaboración, continuar co programa de reinserción de maltratadores e impulsar iniciativas e programas de mediación para resolución de conflitos no ámbito penal, de familia e menores, así como experiencias de rehabilitación de delincuentes.
6. Colaboración co Poder Xudicial, coa Fiscalía Xeral do Estado e co Corpo de Secretarios Xudiciais, a través das comisións de coordinación no ámbito autonómico, para a mellora de funcionamento de unidades e servizos e a posta en marcha de experiencias de xestión de calidade en oficinas de tribunais e fiscalías.

7. Execución do programa de formación en linguaxe xurídica, fomento das publicacións xurídicas en galego e galeguización gradual das aplicacións informáticas da Administración de xustiza.
8. Programas de formación continua do persoal ao servizo da Administración de xustiza dependente da comunidade autónoma —xestionados directamente ou en colaboración coa EGAP—, e colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza na formación continua descentralizada dos xuíces, maxistrados, fiscais e secretarios xudiciais.
9. Soporte da rede informática de xustiza, actualización e mellora das TIC e dotación de equipos e aplicacións ás unidades non informatizadas ata a acadar que a xestión burocrática de todas as oficinas e servizos estea baseada en sistemas informáticos de xestión.

## DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR

### Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos

1. En materia de casinos, xogos e apostas:
  - a) Actualización da normativa de desenvolvemento da vixente Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia de modo que se poidan incorporar ao ordenamento de Galicia as innovacións tecnolóxicas que están xurdindo no resto das comunidades autónomas.
  - b) O dinamismo do sector, os avances tecnolóxicos e a experiencia acumulada esixen unha continua actualización para mellorar a protección do consumidor de ocio no desenvolvemento da súa liberdade individual. Este obxectivo concretarase na potenciación do uso das novas tecnoloxías nesta materia, mellora da protección dos dereitos dos xogadores e facilitar o control das administracións.
  - c) A coordinación da actuación administrativa e de inspección a nivel de comunidade autónoma.
  - d) Mellora dos sistemas de rexistro e control das autorizacións emitidas en materia de xogo para adaptarse aos cambios normativos e antigüidade da existente.
2. En materia de espectáculos públicos:
  - a) A actualización da normativa de espectáculos públicos e preparación dunha lei de espectáculos públicos.
  - b) A coordinación da tramitación dos expedientes en materia de espectáculos públicos entre as distintas delegacións, en especial no referente a expedientes sancionadores.

### Liñas de acción

1. En materia de casinos, xogos e apostas:
  - a) Publicación da normativa de desenvolvemento da vixente Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia para incorporación de xogos previstos e non desenvolvidos como son as apostas.
  - b) O mantemento dun convenio de colaboración coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia para o control metrolóxico das máquinas tipo B ou recreativas con premio programado.
  - c) Tras a publicación do regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia procede a tramitación da normativa de desenvolvemento derivada da publicación do dito regulamento de máquinas recreativas e de azar.
  - d) A elaboración de cantas circulares internas se requiran para proceder á coordinación da actuación administrativa e de inspección a nivel de comunidade autónoma.
  - e) A celebración, cos representantes dos distintos sectores implicados no xogo, das reunións que se requiran para coñecer en todo momento a realidade do xogo na comunidade autónoma, empresarios, asociacións de ludópatas, etc.
  - f) Actualización da aplicación informática de xogo por mor dos sucesivos cambios normativos.
2. En materia de espectáculos públicos:
  - a) A tramitación do borrador de anteproxecto de Lei de espectáculos públicos.
  - b) A preparación dunha aplicación informática que permita a xestión telemática dos procedementos de espectáculos públicos competencia da Dirección Xeral de Interior.
  - c) Elaboración de cantas circulares internas se requiran para proceder á coordinación da tramitación dos expedientes en materia de espectáculos públicos entre as distintas delegacións; en especial, no que fai referencia aos expedientes sancionadores.
  - d) A celebración de cantas reunións se soliciten polos representantes dos distintos sectores implicados na materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Subdirección Xeral de Seguridade e Réxime Interior

3. En materia de seguranza:

- a) Desenvolvemento regulamentario da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia.
- b) Desenvolvemento regulamentario da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais.
- c) Vaise impulsar un importante crecemento dos recursos humanos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), que vai permitir crear e equipar novos equipos operativos, que coas súas intervencións de prevención e protección terán unha maior incidencia no benestar da poboación galega.
- d) Incrementar os recursos materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia para que poida cumprir de xeito máis eficaz e eficiente as funcións e así darlle mellor resposta ás demandas da sociedade galega.
- e) Potenciar o desenvolvemento das funcións propias da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente nos eidos da seguranza e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, para garantir o normal funcionamento e a seguranza dos usuarios dos servizos, na inspección das actividades sometidas a ordenación ou disciplina da comunidade autónoma e mailo uso da coacción en orde á execución forzosa dos seus actos ou as súas disposicións.
- f) Formación específica para o persoal integrante da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia respecto de todas as funcións que teñen asumidas.
- g) Organización de xornadas informativas e de actividades formativas de carácter selectivo para o persoal doutras forzas e corpos de seguranza, especialmente para a Policía Local e en materia de tráfico e seguranza vial, sinistralidade laboral e urbanismo.
- h) Colaboración coas forzas e corpos de seguranza do Estado para a obtención de información recíproca necesaria para o cumprimento das funcións encomendadas en materia de seguranza.
- i) Elaboración de plans de seguranza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

### **Liñas de acción**

1. Tramitación dos textos normativos que regulen o desenvolvemento das leis de Policía de Galicia e de coordinación de policía locais.
2. Continuar co mantemento e dotación dos dispositivos de localización automática de vehículos (AVL) GPS-TETRAPOL + VISOR (Sistema de navegación e consultas) con destino aos vehículos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Continuar co mantemento e dotación dos equipos de comunicación con destino aos efectivos integrantes da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación definitiva do Programa denominado Sistema de Radiocomunicacións Dixitais de Emerxencia do Estado -SIRDEE-, no que se integran as demais Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, para unha mellor operatividade dos servizos tanto propios como compartidos.
4. Incremento dos recursos humanos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia ata os 600 efectivos, mediante a oportuna negociación co Ministerio do Interior de alcanzar este compromiso coa prórroga do 17 de outubro de 2008 do Acordo administrativo de colaboración entre o Ministerio de Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia policial, que foi suscrito o 22 de outubro de 1990.
5. Incremento dos medios económicos e materiais destinados á Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Investimento real destinado ao ámbito da seguranza pública:
  - a) Manter renovado o parque automobilístico da policía para unha prestación dos servizos con maior eficacia.
  - b) Modernización dos sistemas de comunicación e informáticos que melloren a xestión interna e externa das funcións policiais.
  - c) Mellora nos dispositivos de comunicación e mobilidade que sirvan de soporte ás comunicacións móbeis de voz e datos.
  - d) Manter o funcionamento do servizo de información integrado de actuación policial, SIAPOL.
  - e) A mellora na dotación de mobiliario das distintas dependencias nas sedes central, provinciais e local da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
  - f) Construción de dúas novas comisarias nas cidades da Coruña e Vigo ademais de acondicionar e reformar as actuais sedes policiais, para que resulten máis funcionais e accesibles tanto para os funcionarios como para as persoas que demanden os seus servizos.
7. Continuar coa formación de carácter permanente na Academia Galega de Seguridade Pública para os funcionarios da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia en todas as funcións que lle son propias e, en especial, para os grupos de investigación especializada en medio ambiente e incendios, menores, violencia intrafamiliar, patrimonio histórico, seguranza de persoas e edificios, inspección e control policial do xogo, operativo de seguranza, etc.
8. Plans de seguranza nos edificios administrativos: negociar co Ministerio de Interior a súa elaboración.

## DIRECCIÓN XERAL DE PROTECCIÓN CIVIL

As actuacións da Dirección Xeral de Protección Civil estruturaranse en tres obxectivos estratéxicos, que a súa vez incluírán medidas operativas para o seu cumprimento:

### 1. Planificación

- a) Modificación dos plans existentes para adaptalos á Lei de Emerxencias e á estrutura prevista dos sistemas de atención ás emerxencias, incluíndo os mapas de riscos correspondentes
- b) Redución nos tempos de tramitación dos plans municipais e axudas técnicas e financeiras aos concellos implicados
- c) Desenvolvemento normativo da autoprotección en Galicia, con especial significación a autoprotección escolar
- d) Actualización do catálogo de medios e recursos dispoñibles para a atención ás emerxencias

### 2. Desenvolvemento normativo da Lei de emerxencias

- a) Homoxeneización da prestación de salvamento e emerxencias en todo o territorio, para o que se crearán catro consorcios provinciais de SEIS (servizos de extinción de incendios e salvamento), se construírán 10 novos parques de bombeiros, se comarcalizarán os parques das 7 grandes cidades e se redistribuirán os efectivos dos GRUMIR
- b) Establecemento da carreira dos profesionais de emerxencias: desenvolverase o estatuto do bombeiro e a regulación da formación dos profesionais e voluntarios.
- c) Modificación da normativa de regulamentación do voluntariado
- d) Aprobación dun decreto marco sobre subvencións para conseguir un procedemento rápido de axudas aos afectados por catástrofes.

### 3. Outras actuacións

- a) Realizar campañas de promoción da protección civil entre os cidadáns, con especial atención aos escolares.
- b) Establecemento de convenios de colaboración con entidades, organismos e colectivos con interese na súa integración no sistema de xestión de emerxencias de Galicia.

## DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

1. Establecer, sempre dentro do marco básico estatal, un réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas (tanto a nivel lexislativo como regulamentario) que reflicten as peculiaridades e características propias, tanto da nosa comunidade autónoma, coma das nosas entidades locais.
2. Colaborar e apoiar aos concellos de Galicia na construción, rehabilitación e reforma das sedes das casas consistoriais para que poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.
3. Colaborar cos concellos galegos na prestación dos servizos que lle son propios, apoiando as dotacións de equipamentos e a execución das infraestruturas necesarias para esa prestación.
4. Apoiar aos concellos galegos na prestación das súas competencias, facendo especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá, con medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade.
5. Potenciar e apoiar fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, coa finalidade de racionalizar servizos e recursos para ofrecer un mellor servizo á cidadanía.
6. Impulsar a implantación, desenvolvemento e emprego das novas tecnoloxías e métodos de calidade por parte das entidades locais galegas, dotando e reforzando os medios informáticos dispoñibles e implantando a tramitación electrónica como medio habitual de relación entre a Xunta de Galicia e os concellos.
7. Coordinar e impulsar a formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
8. Impulsar, en estreita relación coas entidades locais, o desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel.
9. Potenciar e impulsar o emprego da lingua galega nas entidades locais de Galicia.



## 2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

As liñas de acción previstas pola EGAP para o ano 2009 abranguen varios ámbitos diferenciados:

1. A formación e perfeccionamento dos empregados públicos das administracións galegas a través de múltiples accións formativas a realizar en diversos puntos da xeografía galega, así como a cooperación con outras administracións públicas en relación á formación e ao perfeccionamento dos seus respectivos empregados públicos.
2. Neste ámbito desenvolverase un programa de formación continuada dos empregados públicos que se estenderá a un amplo conxunto de materias entre as que cabe destacar a formación en materia normativa, en xestión económica, no uso das novas tecnoloxías e a capacitación lingüística. Haberá unha especial incidencia nas accións formativas descentralizadas e na modalidade de teleformación para posibilitar o seu acceso a todos os empregados públicos, e especialmente aos pertencentes ás corporacións locais. Por outra parte, a EGAP desenvolverá programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva na Administración da Xunta de Galicia en colaboración, de ser o caso, con outros centros ou órganos de formación especializados.
3. A investigación, documentación e realización de estudos no eido da Administración pública e, en xeral, de todos aqueles temas de interese para a sociedade galega. Neste sentido a EGAP, coa colaboración do persoal investigador seleccionado para o efecto, desenvolverá investigacións científicas de natureza multidisciplinar sobre as administracións públicas e o sector público, con especial atención aos problemas da gobernanza, e impulsará os instrumentos que posibiliten coñecer e avaliar o impacto das políticas públicas levadas a cabo pola Administración pública galega sobre a cidadanía.
4. A divulgación dos contidos e documentación derivados das investigacións realizadas en materia de Administración pública, a través das publicacións periódicas e das coleccións de títulos que edita a EGAP.
5. A ampliación e mantemento do fondo bibliográfico e documental da biblioteca da EGAP.
6. A convocatoria de bolsas, axudas e premios e outras medidas de fomento destinadas a favorecer a investigación, formación e innovación da Administración pública galega.
7. O establecemento de convenios e celebración de intercambios con diversos organismos e administracións tanto en materia formativa como investigadora.

## ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

### **No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:**

Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.

### **No ámbito da formación policial:**

1. Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos das policía locais segundo a demanda dos concellos.
2. Impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización, para todas as categorías ou todos os postos das policía locais e da Unidade do CNP adscrita á Xunta de Galicia.
3. Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.

### **No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:**

1. Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
2. Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
3. Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.
4. Investigación, estudo e divulgación de contidos, técnicas e documentación, na materia de seguridade pública e con especial referencia á realidade galega, a través principalmente da produción editorial, ampliación do fondo bibliográfico e potenciación da páxina web da AGASP.
5. Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

6. Ampliación da capacidade da AGASP en 200 prazas tanto en aulas como en residencia, a fin de poder acometer a formación da futura policía de Galicia, e poder satisfacer as necesidades actuais respecto da formación de policía local.
7. Para isto sería preciso a construción de dous novos bloques –aulas e residencia-, así como a construción de instalacións deportivas e dunha galería de tiro.

### 2.3. DOS ENTES PÚBLICOS

#### AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

1. Realización dunha análise detallada do risco en Galicia para que a Dirección Xeral de Protección Civil poida articular a planificación necesaria para a súa adecuada cobertura.
2. Desenvolvemento de protocolos de actuación, baseados nas situacións de risco, para o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia.
3. Desenvolvemento do sistema integrado de xestión de emerxencias.
4. Mellora do sistema de atención ás emerxencias nos seus aspectos tecnolóxico, de infraestruturas e de equipamentos de servizo.
5. Mellora do sistema de comunicación nos servizos de emerxencia.
6. Mellora no tempo de resposta ás emerxencias e diminución nos tempos de atención ás chamadas ao número 112.

---

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009

---

#### 3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

##### 3.1.1 Da Consellería

#### **PROGRAMA 121A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

##### SECRETARÍA XERAL

###### 1. Descrición

A través deste programa de gasto a Secretaría Xeral, levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos, que por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral.

Efectuarase a contratación, xestión e coordinación administrativas dos servizos necesarios para optimizar o funcionamento dos edificios adscritos á consellería, e o control e distribución dos custos que xeraran os citados edificios entre os distintos centros directivos usuarios deles.

Tamén se coordinará a prestación dos servizos de carácter horizontal, tanto interdepartamentais, como os dirixidos ao persoal e o mantemento das dependencias dos servizos centrais da Xunta e os servizos provinciais da consellería, así como a xestión do parque móbil da Xunta.

###### 2. Actividades

Para a consecución destes obxectivos xerais e a execución do programa funcional realízanse, entre outras as seguintes actividades:

1. Construción, mantemento e reparación das obras e servizos comúns que ten encomendados.
2. Realización dos procesos administrativos de confección e pagamento de nóminas ao persoal.
3. Xestión das distintas subministracións incluídas no programa e realización das diferentes tarefas de xestión económica.

## DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

### 1. Descrición

1. Tramitación de procesos selectivos:
  - a) Convocatoria dos procesos selectivos da Oferta de Emprego Público do ano 2008.
  - b) Execución dos procesos selectivos tanto de corpos de funcionarios como persoal laboral, derivados da Oferta de Emprego Público do ano 2007.
  - c) Elaboración de bases, convocatoria e execución dos procesos de consolidación previstos na Lei 13/ 2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.
  - d) Elaboración de bases, convocatoria e execución dos procesos de consolidación de persoal laboral previstos na disposición transitoria nove bis do IV Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
2. Tramitación de procesos de contratación temporal:
  - a) Convocatoria de diversas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de Administración xeral, actualizando as mesmas ao Decreto 37/2006.
  - b) Actualización das listas para a cobertura con carácter temporal de postos de Administración xeral, actualizando as mesmas ao Decreto 37/2006.
  - c) Apertura dun período extraordinario para a actualización das listas para a cobertura con carácter temporal de postos de Administración xeral, actualizando as mesmas ao Decreto 37/2006, vinculado ás convocatorias extraordinarias de consolidación.
3. Procesos de provisión:
  - a) Execución do concurso de traslados do persoal laboral.
  - b) Execución do concurso de traslados do persoal funcionario da Administración Xeral.
  - c) Convocatoria do concurso de traslados de Administración especial.
4. Fondo de Acción Social:
  - a) Finalización do proceso relativo ao fondo para o ano 2007.
  - b) Posta en marcha do proceso relativo ao Fondo de Acción Social para o ano 2008 incrementando a contía do mesmo e facendo un estudo das axudas existentes.
5. Exercicio das funcións encomendadas pola distinta normativa a esta dirección xeral, de acordo coas competencias atribuídas polo Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura

orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Orde do 12 de agosto de 2005, sobre a delegación de competencias no director xeral da Función Pública, sinalándose entre outras as seguintes:

6. Referidas a xestión de persoal:
  - a) Resolución das situacións administrativas e demais incidencias do persoal funcionario, laboral e contratado administrativo da Administración da comunidade autónoma previstas no capítulo II do título V da Lei 4/1988, e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia; entre outros:
  - b) Autorización de comisións de servizo de carácter voluntario e de carácter forzoso e a atribución do desempeño provisional de postos.
  - c) Recoñecemento de trienios, grao persoal, así como recoñecemento de servizos previos dos funcionarios non adscritos especificamente a outra consellería, e do persoal laboral.
  - d) Resolucións sobre xubilacións, así como a autorización da prolongación da situación de servizo activo.
  - e) Permutas.
  - f) Mobilidade que implique no persoal laboral cambios de consellería e desempeño de funcións de categoría superior ou inferior.
  - g) Elevar as propostas de resolución dos expedientes de incompatibilidades do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
  - h) Tramitación do recoñecemento do dereito económico.
  - i) Preparar e desenvolver os traballos relativos ás relacións laborais e sindicais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia
  - j) Coordinar as relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da administración da comunidade autónoma.
  - k) Elaborar as propostas de resolución dos recursos que se presenten en materia de persoal.
  - l) Elaborar as propostas de autorización de probas selectivas e do concurso de méritos para persoal laboral fixo e das contratacións laborais temporais.
  - m) Preparar e desenvolver os traballos relativos ás relacións laborais e sindicais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
7. Emitir os informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ao persoal ao servizo da comunidade autónoma.

8. Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
9. Formalización e sinatura dos contratos dos laborais fixos.
10. A inscrición no rexistro de todos os actos que afecten á vida administrativa do persoal.
11. A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.
12. A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 9/1996, do 18 de outubro, pola que se establece o réxime de incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, así como a custodia e a xestión dos rexistros de incompatibilidades de altos cargos.
13. A emisión dos informes preceptivos e previos qu,e sobre os proxectos de disposicións que afecten en materia de réxime de persoal ou estrutura orgánica, estableceza a normativa vixente.
14. Tramitación de propostas ou modificación das relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
15. A posta en marcha do Consello Asesor para a integración da discapacidade na Función Pública de Galicia.
16. A elaboración dun decreto que regule a actual titulación das escalas da administración especial da Xunta de Galicia.
17. A modificación do Decreto de provisión para establecer o proceso de cobertura dos postos de nivel 28.
18. O desenvolvemento normativo da nova Lei da función pública de acordo coas conclusións fornecidas pola Comisión de Estudo e Preparación.
19. A xestión dos rexistros de altos cargos que implica entre outras tarefas as seguintes:
  - a) Recepción e cualificación das declaracións de actividades e patrimonio dos altos cargos.
  - b) Levanza e xestión das incidencias dos rexistros.
  - c) Elaboración do informe anual para a súa revisión no Parlamento.

## 2. Actividades

Modernización, axilización e desenvolvemento informático de mellora na xestión interna e externa de funcións propias deste centro directivo.

### 3. Órganos encargados da súa execución

#### DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS PARLAMENTARIAS

##### 1. Descrición

No programa 121A inclúense os medios orzamentarios precisos para atender as actuacións da Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias en execución do previsto no Decreto 255/2003, do 8 de maio, e do Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establece a última estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sobre a base desta disposición podemos dicir que esta dirección xeral, a través do programa, pretende acadar os seguintes obxectivos:

1. Informar e asistir ao goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
  - a) Coordinar e canalizar as actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento.
  - b) Facer o seguimento do programa lexislativo e dos acordos parlamentarios.
  - c) Prestarlle apoio ao presidente nas súas intervencións parlamentarias.
  - d) Preparar o proceso de referendo para a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.
  - e) Desenvolver as actividades administrativas necesarias para levar a cabo os procesos electorais.
  - f) A coordinación técnica nos procesos electorais que corresponda realizar, coordinar ou organizar á Xunta de Galicia.
  - g) Facer o anteproxecto dos presupostos electorais que corresponden á Xunta de Galicia, a súa execución, xestión e liquidación.
  - h) A análise das novas tecnoloxías da información e comunicacións para a automatización da votación e do escrutinio e a aplicación dos sistemas electrónicos de votación, así como, a elaboración dos proxectos necesarios para o seu desenvolvemento nos procesos electorais que sexan competencia da Xunta de Galicia.
  - i) Facer o seguimento dos procesos realizados no ámbito do Estado e fóra del que teñan incidencia na representación política dos cidadáns de Galicia.



- j) Facer informes, estatísticas e estudos, así como impulsar e organizar seminarios, cursos e publicacións, en materia electoral.

## 2. Actividades

Para acadar os obxectivos mencionados realízanse unha serie de funcións, que se describen a continuación:

1. Facer o seguimento do programa legislativo do goberno e dos acordos parlamentarios, de xeito especial daqueles que incidan na acción do goberno.
2. Solicitar das distintas consellerías ou órganos da Xunta de Galicia os informes procedentes para a elaboración das respostas ás preguntas escritas.
3. Ser a canle de comunicación axeitada entre a Xunta de Galicia e o Parlamento respecto á tramitación de proposicións de lei, interpelacións, mocións e calquera outro tipo de iniciativa parlamentaria.
4. Remitir ao Parlamento a documentación que a Xunta de Galicia deba realizar por disposición legal.
5. Solicitar datos aos distintos departamentos do goberno para a realización de informes de apoio ao presidente nas súas intervencións parlamentarias.

## 3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral da Función Pública

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

## **PROGRAMA 122A. AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

### **DIRECCIÓN XERAL DA CALIDADE E AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS**

#### 1. Descrición

A Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas configúrase como órgano central de impulso á modernización e reforma da Administración autonómica de Galicia, para garantir que a mellora continua na xestión, a transparencia, a participación e a responsabilidade sexa unha constante na actuación da Administración desta comunidade autónoma e que os servizos que se lle prestan ao cidadán se desenvolvan con criterios de máxima calidade, eficacia e eficiencia.

A través deste programa de gasto a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, levará a cabo o desenvolvemento das súas liñas de acción orientadas á mellora da calidade, a prestación de servizos corporativos de informática e telecomunicacións, e o desenvolvemento de novos proxectos relacionados cos servizos de Administración en liña.

Estas actividades estarán orientadas ao impulso da modernización e reforma da Administración autonómica de Galicia, para garantir que a mellora continua na xestión, a transparencia, a participación e a responsabilidade sexa unha constante na actuación da Administración desta Comunidade Autónoma e que os servizos que se lle prestan ao cidadán se desenvolvan con criterios de máxima calidade, eficacia e eficiencia.

O obxectivo final é intensificar a dimensión do acercamento da Administración ao cidadán utilizando o amplo número de posibilidades que ofrece Internet para mellorar a calidade dos servizos ofertados actualmente e para por en marcha novas solucións de e-Administración, estendendo o uso da sinatura electrónica e aproveitando as posibilidades que ofrece a telefonía móbil para as relacións cos cidadáns.

## 2. Actividades

Para levar a cabo os obxectivos descritos anteriormente, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas pretende seguir unha serie de actividades previstas para o ano 2009 e que resumidamente se expoñen:

1. Apoio ás tarefas de reforma administrativa da Xunta de Galicia na planificación e coordinación dos sistemas de información co fin de dispor dun escenario informático global que asegure o cumprimento das medidas de racionalización adoptadas.
2. Adquisición e mantemento de hardware e software. Control periódico hardware e software. Adquisición equipamento:
  - a) Mantemento preventivo, mantemento correctivo e actualización de hardware e software.
  - b) Mantemento de servidores de datos: reparación de calquera avaría de HW e SW base dos equipos, así como a actualización de novas versións de produtos.
  - c) Mantemento de ordenadores persoais e impresoras: reparación e actualización de SW dos equipos.
  - d) Renovación da plataforma informática, tanto dos servidores como dos ordenadores que dan soporte aos servizos corporativos.
  - e) Renovación do equipamento que permita a introdución de novas prestacións e facilidades

multimedia para abordar proxectos como a teleformación ou a extensión da firma dixital, permitindo unha mellor prestación de servizos ao cidadán.

3. Servizos corporativos de comunicación de voz e datos:
  - a) A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, ten encomendadas as funcións de coordinación, xestión e control dos servizos de comunicación contratados cos operadores de telecomunicación para o tráfico de voz e datos da Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia.
  - b) Soporte, revisión e ampliación dos sistemas de comunicación: Planificación, control, explotación e operación de todas as redes locais e da rede de área extensa que da servizo á xestión administrativa. Así como da planificación e xestión da rede corporativa de telefonía fixa e do servizo corporativo de telefonía móbil.
4. Adquisición e mantemento de equipos de rede: Desta xestión e control da rede corporativa de voz e datos da Xunta de Galicia, derívase a necesidade de:
  - a) Realización de traballos de cableado, instalación de puntos de rede e de comunicacións debido á incorporación de novas unidades administrativas de todas as consellerías e organismos autónomos ou á reubicación de outras por cambios na estrutura orgánica ou por traslado das dependencias.
  - b) Mantemento de redes locais: reparación de calquera avaría nos equipos activos e pasivos de comunicación das redes locais.
5. Mellora da calidade, avaliación e modernización administrativa.
  - a) Elaborar os plans de reforma e modernización da Administración autonómica e impulsar a súa implantación.
  - b) Desenvolvemento e xestión de medidas para a implantación de sistemas de mellora da calidade tendentes a promover a mellora continua dos servizos da Administración autonómica, tanto dos que se lle prestan directamente ao cidadán coma dos servizos internos.
  - c) Avaliación do desempeño e da xestión dos centros, servizos e unidades da Xunta de Galicia, incluídos os organismos autónomos, entes e empresas públicas para a detección de puntos fortes e posibles áreas de mellora, emitindo o correspondente informe e propoñéndolle ao órgano competente orientacións sobre a posible adopción de medidas de acordo co establecido no artigo 63 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril.
  - d) Apoio á definición e avaliación dos criterios e estándares de calidade establecidos nas cartas de

servizo ou noutros documentos de definición de obxectivos de calidade polos servizos públicos.

- e) Colaboración e apoio ás unidades administrativas para a implantación de proxectos de mellora operativa, constituíndo equipos ou grupos de traballo para definir as medidas prácticas que hai que desenvolver.
- f) Coordinación e colaboración cos órganos competentes doutras administracións públicas en todas as cuestións que redunden na simplificación e mellor calidade da prestación dos servizos públicos, promovendo, se é o caso, a sinatura de convenios que faciliten o intercambio de información, métodos e experiencias.
- g) Formular propostas de racionalización, simplificación, axilización e mellora de procedementos, métodos de traballo e organización administrativa.
- h) A proposta de medidas técnicas, normativas e procedimentais que afecten á mellora dos procedementos administrativos que se tramitan no ámbito da Administración da comunidade autónoma, para facelos máis accesibles, áxiles e sinxelos.
- i) A elaboración e desenvolvemento de programas de simplificación de trámites e métodos de traballo administrativo e de normalización e racionalización da xestión pública.
- j) A confección de manuais de tramitación de procedementos, así como a normalización dos documentos relativos a eles.
- k) Xestión e coordinación do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos, como sistema integrado de xestión dos procedementos administrativos e como base do sistema de información da Xunta de Galicia, así como dos sistemas derivados do mesmo: Servizo de Resposta Inmediata (Seri), Oficina de Tramitación Única de Industrias (Otu) e Rexistro de Contratistas.
- l) Impulso, coordinación e implantación da Administración electrónica na Xunta de Galicia, propoñendo os cambios necesarios na normativa e na definición dos procedementos.
- m) Coordinación de círculos de calidade na Xunta de Galicia como ferramenta dinamizadora e impulso ao desenvolvemento e implantación de Sistemas de Xestión da Calidade e ferramentas de mellora que redunden na calidade dos servizos internos e cara ao cidadán.
- n) Impulso ao desenvolvemento de programas operativos de avaliación da percepción e da satisfacción dos usuarios internos e externos dos procesos administrativos na Administración da Xunta de Galicia atendendo a investigacións de tipo cualitativo e cuantitativo alineadas con métodos de referencia e respectando as particulares características de cada servizo.

- o) Impulsar as cartas de servizo na Administración da Xunta de Galicia como ferramenta de información dos compromisos cos usuarios.
  - p) Planificar e desenvolver as actividades de observación no ámbito da modernización administrativa, a calidade e as tecnoloxías da información e a comunicación na Administración, establecéndose dito observatorio como órgano oficial de referencia para a análise periódica e uniforme en Galicia.
  - q) O desenvolvemento das competencias en materia de estruturas orgánicas superiores e relacións de postos de traballo das distintas consellerías.
6. Soporte de infraestruturas corporativas:
- a) Planificación e control dos equipos nos que se executan as distintas aplicacións informáticas. Esta actividade inclúe labores de deseño e administración de bases de datos, administración dos monitores transaccionais, administración dos sistemas operativos, xestión dos paquetes ofimáticos e da conectividade en redes locais e o Centro de Atención ao Usuario.
  - b) Rede de datos da Xunta de Galicia: Custo da rede privada de comunicación de datos para dar servizo de transporte de datos ao proxecto de modernización administrativa e a outros organismos. A rede corporativa ten unha dispoñibilidade garantida do 99,8%, o cal permite que se apoién sobre aplicacións críticas.
7. Soporte servizos corporativos:
- a) Desenvolvemento de aplicacións informáticas horizontais e específicas que mecanizan as distintas áreas da Administración autonómica, así como o mantemento da plataforma informática corporativa e da rede de comunicacións.
  - b) Deseño e desenvolvemento de novas funcionalidades para o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA). Continuar coa migración do módulo de tramitación de expedientes do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) a un entorno web, de forma tal que sexa eventualmente posible a tramitación desde calquera punto con conexión a Internet e ampliar o número de trámites que poden ser realizados polo usuario a través de internet.
  - c) Mantemento das máis de 70 aplicacións complementarias integradas co SXPA que se atopan en explotación.
  - d) O mantemento de aplicacións e formación do usuario final, supón, por unha parte, a disposición do persoal técnico para a xestión e realización de modificacións nas aplicacións informáticas para as xestións administrativas derivadas da aparición de novos procedementos

administrativos, cambios nos xa existentes, desenvolvemento de novas funcións e aplicacións á demanda do usuario. Por outra parte, faise necesaria a continua formación e asistencia ao usuario final por parte de persoal desprazado en todas as provincias, motivada por cambios continuos nos procedementos e conseguintemente nas aplicacións.

- e) Mantemento do correo electrónico corporativo da Xunta de Galicia. Existen actualmente máis de 7.500 usuarios de correo electrónico corporativo, o que permite dispoñer tamén dunha ferramenta de traballo en grupo para aplicacións tales como o envío de documentos para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (e-DOG) ou as autorizacións de acceso a San Caetano (e-Acceso). Trátase durante o ano 2009 de continuar aumentando a utilización do correo electrónico a todos os empregados da Xunta de Galicia, para o que é preciso un reforzamento da plataforma hardware do sistema.
  - f) Mantemento do servizo Web da Xunta de Galicia pero evolucionando cara un novo modelo que facilite ao cidadán o acceso á información dispoñible. No que se refire á información que ofrece a Xunta de Galicia a través de Internet, trátase, por unha parte, de facilitar a información dispoñible para o cidadán e doutra de referenciar nun único punto da Administración autonómica toda a información. En definitiva, o obxectivo final da Xunta de Galicia é ofrecer servizos en internet de calidade ao moi crecente número de internautas e de funcionarios con acceso á Rede.
  - g) Mantemento e soporte á explotación do Portal dos Concellos de Galicia (Eidolocal) e deseño e desenvolvemento de novos contidos e servizos, en colaboración con todas as consellerías.
8. Impulso servizos e desenvolvemento de proxectos de Administración Electrónica da Xunta de Galicia:
- a) Consolidación dun modelo de Administración electrónica na Xunta de Galicia, impulsado pola creación do Rexistro telemático da Xunta de Galicia, que da o apoio normativo necesario para a implementación de novos servizos que permitan ao cidadán interactuar coa Administración a través de Internet.
  - b) Durante o ano 2009 incrementaranse os servizos de presentación telemática de expedientes. Ao mesmo tempo, compre preparar os formularios de solicitude, que xa se poden descargar a través da Web da Xunta de Galicia, para que poidan ser cumprimentados polo cidadán utilizando un ordenador.

#### Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas

## **PROGRAMA 122B. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

### **1. Descrición**

Transferencias correntes e de capital para o financiamento das actividades que ten asignadas a Escola Galega de Administración Pública. Este organismo autónomo leva a cabo a formación dos empregados públicos, co fin de responder dende a Administración autonómica ao reto das demandas da sociedade, mediante a formación e reciclaxe profesional do persoal ao servizo da Administración.

### **2. Actividades**

Transferencias correntes e de capital á Escola Galega de Administración Pública.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

## **PROGRAMA 123A. ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN**

### **1. Descrición**

Con cargo a este programa, a consellería realiza os expedientes de gasto a favor dos funcionarios, así como a súa tramitación e control.

Estes expedientes concrépanse fundamentalmente, en axudas ao transporte do persoal para realizar desprazamentos urbanos e interurbanos e bonificacións no prezo do xantar nos servizos de cafetería e comedor do edificio administrativo de San Caetano e na EGAP.

### **2. Actividades**

As actividades para a execución deste programa, céntranse na execución e control aos convenios de colaboración subscritos coas correspondentes empresas de transporte, control no que participan activamente os representantes sindicais asinantes do Pacto de transporte interurbano de persoal.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

## PROGRAMA 131A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA

### SECRETARÍA XERAL

#### 1. Descrición

Este programa soporta o funcionamento dos servizos centrais e periféricos da consellería asociados á Administración de xustiza na comunidade autónoma, centrándose primordialmente nos gastos de mantemento e conservación dos edificios e instalacións xudiciais, gastos correntes dos artigos 21 e 22 e a construción de novas infraestruturas.

Neste programa tamén se recolle o orzamento de gastos que xestiona a Dirección Xeral de Xustiza destinados a garantir o exercicio das competencias en materia de provisión de medios materiais e persoais para o funcionamento da Administración de xustiza.

#### 2. Actividades

Os obxectivos deste programa son:

1. A contratación e tramitación de investimentos novos asociados ao funcionamento dos servizos relacionados coa Administración de xustiza.
2. Xestionar o mantemento das instalacións xudiciais, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novas instalacións.
3. Rematar o Plan de Infraestruturas xudiciais e dar soporte de medios ás novas necesidades derivadas do incremento de órganos xudiciais e o aumento do seu cadro de persoal.
4. No que atinxe ás infraestruturas, a dotación de crédito permitirá finalizar as infraestruturas en fase de execución e iniciar novas actuacións.

### DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

#### 1. Descrición

O programa na súa concreción ven soportar o funcionamento dos servizos centrais e periféricos da consellería asociados primordialmente á Administración de xustiza.

Neste programa tamén se recolle o orzamento de gastos que xestiona a Dirección Xeral de Xustiza destinados a garantir o exercicio das competencias en materia de provisión de medios materiais e persoais para o funcionamento da Administración de Xustiza.



## 2. Actividades

As actividades a desenvolver no marco deste programa son:

1. Mantemento e mellora da dotación de medios e servizos a disposición da Administración de xustiza.
2. A contratación e tramitación de investimentos novos asociados ao funcionamento dos servizos relacionados coa Administración de xustiza.
3. A construción, reforma e mantemento das instalacións xudiciais, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novas instalacións.
4. O pagamento de gastos correntes en bens e servizos orixinados polo funcionamento da Dirección Xeral de Xustiza e da Administración de xustiza en Galicia.
5. Transferencias correntes, para o sostemento de gastos da seguinte natureza:
  - a) Convenio co Ministerio do Interior sobre seguridade nos edificios xudiciais.
  - b) Convenios coas universidades galegas.
  - c) Subvencións para o sostemento dos xulgados de paz.
  - d) Xustiza gratuíta e outros convenios coa avogacía e a procura.
  - e) Convenios para a formación de xuíces, fiscais e secretarios xudiciais.
  - f) Outros gastos de análoga natureza.
6. Investimentos reais na Administración de xustiza abarcando as dúas áreas seguintes:

Equipamento:

Os proxectos máis destacados que se van abordar no exercicio orzamentario son os seguintes:

- a) Reposición de mobiliario de oficina e equipamento e dotación aos órganos de nova creación
- b) Dotación de mobiliario, equipamento e utensilios para a constitución da Xunta de Expurgo Xudicial e os Arquivos Xudiciais Territoriais.
- c) Renovación no parque de fotocopiadoras.
- d) Elementos pasivos de seguridade nas sedes xudiciais.
- e) Equipos e instrumental do IMELGA.

Informatización:

No exercicio executaranse, entre outros, os seguintes proxectos:

- a) Implantación e mantemento de novos sistemas informáticos de xestión procesual e

desenvolvemento dos mesmos cara opcións multilinguaxe que garantan a cooficialidade do galego e castelán no ámbito xudicial

- b) Implantación gradual do sistema de comunicacións telemáticas Lexnet e da sinatura electrónica avanzada.
- c) Soporte e desenvolvemento das solucións informáticas para os xulgados de paz.
- d) Dotación de Sistemas Centrais de Xestión Audiovisual das Sedes Xudiciais: gravación, xestión e difusión da gravación de vistas e pantallas de información ao público.
- e) Renovación do parque informático: substitución de 2300 CPU.
- f) Equipamento informático de novos órganos xudiciais.
- g) Incorporación de sistemas de dixitalización en rede.
- h) Desenvolvemento de aplicativos de e-Administración para a xustiza gratuíta e a xestión de medios da xustiza.
- i) Renovación e mellora de elementos de infraestrutura da rede informática e execución de medidas do plan de securización.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Xustiza

## **PROGRAMA 131B. PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

### 1. Descrición

Programa habilitado para o pagamento das nóminas do persoal ao servizo da Administración de xustiza (funcionarios dos corpos de médicos forenses, xestión procesual, tramitación procesual e auxilio xudicial), así como a formación e as axudas por acción social deste persoal funcionario traspasado á Comunidade Autónoma de Galicia por Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro.

### 2. Actividades

- 1. Confección e pagamento das nóminas.
- 2. Pagamento das axudas do Fondo de acción social destinados ao devandito persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

3. Pagamento dos cursos do Plan de formación anual destinado ao devandito persoal funcionario.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Xustiza

## PROGRAMA 141A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

### 1. Descrición

Cooperación coas entidades locais na prestación de servizos da súa competencia que revistan unha especial relevancia.

### 2. Actividades

1. Colaboración entre a dirección xeral e as universidades, instrumentadas a través de convenios de colaboración en materia de Administración local, dirixidos á convocatoria de becas para licenciados que desenvolverían actividades relacionadas co eido local, coa finalidade de completar a súa formación e facilitar a súa integración no mundo laboral.
2. Apoio na contratación de auxiliares de policía local polos concellos galegos, co fin de reforzar os cadros de persoal daqueles concellos que ven incrementada a súa poboación nos meses de verán, e que os seus medios propios son insuficientes para atender ás necesidades da poboación que acumulan nesas tempadas, todo iso de acordo coa nova Lei de coordinación de policía locais de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.
3. Elaboración de estudos e adopción de medidas de fomento de entidades de ámbito intermunicipal, como son os consorcios, mancomunidades e áreas metropolitanas, apoiando ás existentes e impulsando a creación de novas entidades para unha mellor prestación de servizos á cidadanía.
4. Potenciar e profundizar na formación do persoal das administracións locais galegas, tanto cargos electos como persoal funcionario, coa finalidade de acadar unha mellora e actualización dos seus coñecementos que redunde nunha prestación mais áxil e eficiente das competencias propias dos concellos galegos.
5. Fomento das relacións de cooperación cos colexios de habilitados de carácter nacional, singularmente na emisión de informes relativos a temas locais. Dita achega por parte da Xunta de Galicia servirá para financiar a estrutura de medios técnicos e materiais necesarios para o funcionamento desta asociación.

6. Colaboración coa federación que agrupa aos concellos galegos, Fegamp, para o sostemento da súa estrutura de medios técnicos e materiais necesarios para o funcionamento desta federación.
7. Apoio ao movemento veciñal galego mediante a concesión de axudas destinadas a apoiar as accións levadas a cabo por parte das confederacións, federacións, coordinadoras ou agrupacións de asociacións de veciños de Galicia, potenciando as actividades e o seu funcionamento.
8. Cesión en propiedade de vehículos de policía local (turismos e todoterreos) adecuadamente preparados aos concellos que contan con este corpo, coa finalidade de aumentar a seguridade cidadán nos territorios dos concellos a onde se ceden estes vehículos e acadar unha coordinación e homologación de medios técnicos nas policía locais galegas
9. Adquisición e posterior cesión de equipamento informático a entidades locais galegas, tal como software de xestión de inventarios municipais, coa finalidade de potenciar á implementación de métodos telemáticos e de mellora da xestión municipal.
10. Xestión das aplicacións e bases de datos necesarias para o mantemento do portal informático “Eido Local”.
11. Actuacións de implementación da e-Administración e métodos de calidade na xestión municipal e de xestión e seguimentos de proxectos europeos para estas ou outras finalidades propias das nosas entidades locais, e a súa relación coa comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal.
12. Obras de construción e mellora das sedes das entidades locais. Con cargo a dita aplicación preténdese financiar tanto as obras de construción e rehabilitación das sedes das entidades locais, como outros edificios públicos con incidencia local, coa finalidade de que estas administracións contan con instalacións axeitadas para poder ofrecer un servizo público de calidade, eficaz e eficiente aos administrados.
13. Realización de obras en prazas municipais e construción e dotación de parques infantís nos concellos. Axudas económicas destinadas a subvencionar a construción e rehabilitación de prazas municipais e parques infantís nos concellos e así favorecer o asentamento poboacional nos mesmos e fomentar a calidade de vida dos seus veciños.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Administración Local

## **PROGRAMA 151A. FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

### **1. Descrición**

Promover o emprego da lingua galega na Administración local para que os traballadores das entidades locais teñan un coñecemento oral e escrito suficiente para atender na nosa lingua ao cidadán que o desexe.

### **2. Actividades**

1. Proxectos municipais de normalización lingüística e campañas de normalización. Impulsar, mediante campañas de difusión e sensibilización coma o uso progresivo do galego na Administración local.
2. Difusión e sensibilización do uso do galego na Administración local mediante campañas e publicacións.
3. Edición e difusión de publicacións necesarias para o fomento do galego nas devanditas administracións.
4. Cooperación coas entidades locais galegas no fomento da normalización lingüística referida tanto á tramitación administrativa como ao coñecemento da lingua galega polos funcionarios locais e realización de campañas de concienciación e difusión dirixidas aos veciños do municipio.
5. Cursos de promoción do galego na Administración local. Organizar os cursos de linguaxe administrativa galega para os cadros de persoal da Administración local de Galicia, tendo en conta que en cada concello se formará polo menos un funcionario como tradutor en linguaxe administrativa galega.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Administración Local

## **PROGRAMA 212A. PROTECCIÓN CIVIL**

### **1. Descrición**

Os obxectivos deste programa consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección dos cidadáns fronte as situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestións das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotián ocorren aos cidadáns da comunidade autónoma.

## 2. Actividades

1. Mellorar a dotación dos servizos locais de protección civil mediante subvencións aos investimentos e cesións de material
2. Profesionalizar a atención ás emerxencias no territorio da comunidade autónoma
3. Crear os consorcios provinciais dos servizos contra incendios e de salvamento
4. Reordenar os grupos municipais de intervención rápida
5. Renovar o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA)
6. Renovar os Plans especiais da comunidade autónoma
7. Implantar os plans municipais presentados (PEMU)
8. Implantar os plans especiais presentados
9. Implantar a formación regrada esixida aos profesionais
10. Asinar convenios con entidades públicas e privadas para a mellora da prestación dos servizos de atención ás emerxencias
11. Desenvolver protocolos de actuación, baseados nas situacións de risco, para o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia.
12. Mellorar o sistema de atención ás emerxencias nos seus aspectos tecnolóxico, de infraestruturas e de equipamentos de servizo

## 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Protección Civil

Axencia Galega de Emerxencias

## **PROGRAMA 213A. SEGURANZA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

### 1. Descrición

Os obxectivos deste programa de gasto consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguranza público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles, tendo en conta que estamos ante unha materia moi sensible e transcendente ao constituírse como un ben público que vai unido ao benestar social e a calidade de vida da sociedade galega.

## 2. Actividades

1. A execución da xestión orzamentaria efectuando os trámites económico-administrativos dos expedientes de gastos e as propostas de pagamento con cargo a este programa de gasto.
2. A xestión da subministración de material de oficina, imprenta e consumibles informáticos á Dirección Xeral de Interior e a Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A tramitación dos convenios de colaboración con outros entes públicos iniciados pola Dirección Xeral de Interior.
4. A tramitación dos expedientes dos gastos de persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia en relación a: incentivos AO rendemento, gratificacións e indemnizacións por razón de servizo.
5. A tramitación dos expedientes de gastos correntes en bens e servizos da Dirección Xeral de Interior e da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
6. A xestión dos expedientes de contratación administrativa que sexan competencia da Dirección Xeral de Interior, cando se trate de obras, xestión de servizos públicos, subministracións, consultorías e asistencias ou calquera outra figura contractual.
7. A coordinación e mantemento das dotacións, equipamentos e dependencias das sedes central e periféricas da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
8. A coordinación dos pagamentos a xustificar en materia de gastos correntes en bens e servizos dos fondos librados con cargo ao programa 213A e que son xestionados polas delegacións territoriais.
9. A dotación á Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia dos medios operativos e de infraestruturas necesarias para ofrecer unha maior calidade de servizos Aos cidadáns e poder responder á demanda da sociedade galega dentro das súas competencias.
10. A elaboración de traballos e informes necesarios para o desenvolvemento das normas reguladoras de Policía de Galicia e da coordinación de policía locais.
11. A elaboración de estudos e análises de políticas preventivas, e plans de previsión e execución sobre materia de seguridade e investigación relacionadas coas competencias da Xunta de Galicia.
12. A formación específica e permanente con destino aos efectivos da Unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

13. A dotación á Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia de material necesario para levar a cabo as súas funcións con maior eficacia, estandarizando e simplificando os procedementos, sobre todo no campo administrativo.
14. A subministración de vestiario para que o persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia preste o servizo de seguranza pública de maneira máis eficaz e eficiente.
15. A realización de reunións, conferencias, xornadas e seminarios destinadas ao persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia e das policía locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
16. A vixilancia e control dos edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos, e protección dinámica ás autoridades do goberno da Xunta de Galicia.
17. A inspección dos traballos sometidos á ordenación e disciplina da comunidade autónoma, denunciando toda actividade ilícita, ben sexa en materia de policía xudicial como administrativa.
18. A xestión e atención na sala de operacións en Santiago de Compostela, durante as 24 horas, ás consultas informáticas á base de datos da Dirección Xeral da Policía, polos distintos servizos policiais, incidencias producidas e asistencia ás demandas desde a Central de Emerxencias 112 en competencias propias.
19. A tramitación dos expedientes administrativos en materia de xogo e espectáculos públicos.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Interior

## **PROGRAMA 324B. MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURANZA NO TRABALLO**

### 1. Descrición

Este programa de gasto permite ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais proporcionar o asesoramento e información en materia de riscos laborais, para garantir a seguranza e saúde laboral ao persoal da Administración da Xunta de Galicia.



Este asesoramento, apoio á Administración así como á xestión dos propios riscos laborais, precisa de medios humanos e materiais.

Toda actividade preventiva planifícase para o exercicio 2009, priorizando as actividades en función dos riscos aos que están expostos os traballadores.

## 2. Actividades

Durante o ano 2009, as actividades que o servizo de prevención levará a cabo mediante o seu programa funcional son os seguintes:

1. Elaboración e revisión das avaliacións de riscos laborais programadas para o período, así como a implantación de plans de emerxencia e autoprotección.
2. A constitución e asistencia aos servizos dos comités de seguridade e saúde que se deberán modificar para adaptar a súa actividade ás competencias derivadas da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
3. A vixilancia da saúde mediante recoñecementos médicos aos traballadores que se realizan cunha periodicidade anual.
4. A realización de cursos de prevención de riscos laborais aos traballadores, de acordo coa Lei de prevención de riscos laborais.
5. Prestar atención a todos aqueles requirimentos formulados pola Inspección de Traballo en materia de seguridade laboral.

## 3. Órgano encargado da súa execución

Secretaría Xeral

## **PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA**

### 1. Descrición

Mediante o desenvolvemento deste programa, e no marco do Plan galego de estatística, sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estatística, abórdase a ordenación e planificación da actividade estatística da consellería, a través da elaboración de operacións estatísticas naquelas materias con potencialidade de xerar esta actividade.

## 2. Actividades

A principal actuación estatística a desenvolver durante o ano 2009 é profundar o estudo sobre asistencia xurídica gratuíta, detallando o número de solicitantes nacionais e estranxeiros e o tipo de procesos que motivan as peticións de asistencia xurídica gratuíta.

## 3. Órgano encargado da súa execución

Secretaría Xeral

### 3.1.2 Dos organismos autónomos

## **PROGRAMA 122B. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

### 1. Descrición

Este programa inclúe os medios orzamentarios precisos para o financiamento do conxunto das actividades a desenvolver pola EGAP referidas á formación e perfeccionamento dos empregados públicos, á investigación en materia de administración pública, á actividade editorial e o mantemento do fondo bibliográfico, así como a celebración de convenios.

### 2. Actividades

1. Formación e perfeccionamento do persoal da administración autonómica, a través de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades docentes en materias relacionadas coa actividade pública, incluíndo formación lingüística e dando continuidade ao Plan de formación continua.
2. Formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración local e doutras administracións.
3. Desenvolvemento de proxectos de investigación de natureza multidisciplinar sobre as administracións públicas e o sector público
4. Edición e divulgación de publicacións e estudos relacionados coa Administración pública.

5. Convocatoria de bolsas de colaboración de estudo e investigación en temas relacionados coas políticas públicas, así como de premios e outras medidas de fomento destinadas a favorecer a investigación, formación e innovación da Administración pública galega.
6. Incrementar os fondos bibliográficos e documentais da EGAP a disposición do público.
7. O establecemento de convenios e celebración de intercambios con diversos organismos e administracións tanto en materia formativa como investigadora.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Escola Galega de Administración Pública

## **PROGRAMA 213A. SEGURANZA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

### 1. Descrición

Este programa está dedicado ao financiamento das actividades que ten asignadas a AGASP referentes a:

1. Formación xudicial, penitenciaria e da seguranza privada.
2. Formación policial, de protección civil, bombeiros e axentes forestais.
3. Investigación, estudo e divulgación na materia de seguranza pública e promoción das relacións de intercambio e colaboración con outras institucións con fins docentes ou de investigación.

### 2. Actividades

1. Formación de carácter selectivo dos membros dos corpos de policía local para o ingreso e a promoción interna nos mesmos:
  - a) Tres cursos selectivos (9 meses-1.500 horas lectivas cada un) para o ingreso nos corpos de policía local dos diferentes concellos, na categoría de policías.
  - b) Tres cursos selectivos (3 meses-400 horas lectivas cada un) para promoción interna nos corpos de policía local (oficiais, inspectores e inspectores principais).
  - c) Dous cursos (3 meses-400 horas lectivas cada un) para vixilantes municipais.
  - d) Dous cursos (3 meses-400 horas lectivas cada un) integración para vixilantes municipais, interinos e auxiliares.

2. Formación permanente de actualización e especialización dos corpos de policía local e membros da Unidade do CNP adscrita á Xunta de Galicia:
  - a) Dous cursos de auxiliares de policía local (80 horas cada un).
  - b) Un plan anual de reciclaxe ou actualización no manexo da arma regulamentaria (sesións trimestrais) 300 horas.
  - c) Trinta e cinco cursos de actualización de 20 horas de duración cada un.
  - d) Dez cursos de especialización de 30 horas de duración cada un.
  - e) Seis xornadas abertas a todos os membros dos corpos e forzas de seguridade de 12 horas de duración cada unha.
  - f) Seis seminarios de 8 horas cada un.
  - g) Dous cursos de actualización (40 horas) para os novos membros da Unidade do CNP adscrita á Xunta de Galicia.
  - h) Sete conferencias sobre temas de actualidade nas 7 grandes cidades galegas. Formación para protección civil, bombeiros e axentes forestais:
    - i) Vinte cursos básicos (20 horas).
    - j) Trinta cursos de segundo nivel (40 horas).
    - k) Dezaoto cursos de especialización (40 horas).
    - l) Un curso superior de protección civil (120 horas).
    - m) Catro seminarios (8 horas).
    - n) Catro xornadas dirixidas ao voluntariado de protección civil.
    - o) Dous cursos de formación inicial para bombeiros (420 horas cada un)
    - p) Doce cursos para bombeiros.
    - q) Seis cursos para axentes forestais.
3. Formación no ámbito xudicial, de institucións penitenciarias e de seguranza privada (mediante convenio):
  - a) Catro cursos/seminarios para membros das carreiras xudicial e fiscal.
  - b) Catro cursos dirixidos aos funcionarios de institucións penitenciarias.
  - c) Dúas xornadas para os traballadores da seguranza privada.

4. Investigación, estudo e divulgación de materias e documentación relativas á seguranza pública, así como a promoción de colaboración e intercambio de experiencias noutros centros docentes e investigadoras de ámbito autonómico, estatal e internacional:
  - a) Divulgación de materias e documentación
  - b) Dous números: Revista Galega de Seguranza Pública.
  - c) Dous números: Colección Xornadas.
  - d) Dous números: Monografías
  - e) Memoria anual
  - f) Programa anual de actividades.
  - g) Deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema de xestión de calidade conforme a UNE-EN-ISO 9001:00.
  - h) Adquisición de fondo bibliográfico para a biblioteca.
  - i) Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización e desenvolvemento do título de Ciencias Criminolóxicas e Seguranza Pública.
  - j) Convenio coa Universidade da Coruña para a realización do Seminario permanente de Seguranza Pública.
  - k) Convenio coa Universidade de Vigo para a realización e desenvolvemento do título de Graduado Universitario en Ciencias Policiais.
  
5. Ampliación dos equipamentos e infraestruturas:
  - a) Construción dun pavillón polideportivo.
  - b) Reparación de humidades na piscina climatizada.
  - c) Equipamentos ximnasio.
  - d) Equipamento informático aulas.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Academia Galega de Seguridade Pública

### 3.1.3 Dos entes públicos

## PROGRAMA 212A. PROTECCIÓN CIVIL

### 1. Descripción

Os obxectivos deste programa consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección dos cidadáns fronte ás situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestión das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotián ocorren aos cidadáns da comunidade autónoma.

### 2. Actividades

1. Mellorar a dotación dos servizos locais de protección civil mediante subvencións aos investimentos e cesións de material.
2. Profesionalizar a atención ás emerxencias no territorio da comunidade autónoma.
3. Crear os consorcios provinciais dos servizos contra incendios e de salvamento.
4. Reordenar os grupos municipais de intervención rápida.
5. Renovar o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA).
6. Renovar os Plans Especiais da Comunidade Autónoma.
7. Implantar os plans municipais presentados (PEMU).
8. Implantar os plans especiais presentados.
9. Implantar a formación regrada esixida aos profesionais.
10. Asinar convenios con entidades públicas e privadas para a mellora da prestación dos servizos de atención ás emerxencias .
11. Desenvolver protocolos de actuación, baseados nas situacións de risco, para o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia.
12. Mellorar o sistema de atención ás emerxencias nos seus aspectos tecnolóxico, de infraestruturas e de equipamentos de servizo.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Axencia Galega de Emerxencias

### 3. CADROS NUMÉRICOS

#### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	05	06
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	41.412,1	11.176,1	1.725,2	409,4		
122A-Avaliación e calidade da Administración pública			12.719,0			
122B-Formación e perfeccionamento persoal da Administración da C.A.						
123A-Acción social en favor do persoal da Administración	665,0					
131A-Dirección e servizos xerais de xustiza	16.681,1				24.815,2	
131B-Persoal ao servizo da Administración de xustiza					63.635,9	
141A-Dirección e servizos xerais de Administración local						
151A-Fomento da lingua galega						
212A-Protección civil						
213A-Seguranza da Comunidade Autónoma						5.388,1
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguranza no traballo	1.152,9					
<b>Total</b>	<b>59.911,1</b>	<b>11.176,1</b>	<b>14.444,2</b>	<b>409,4</b>	<b>88.451,1</b>	<b>5.388,1</b>

Programas	Servizos				
	07	08	80	81	Total
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral					54.722,8
122A-Avaliación e calidade da Administración pública					12.719,0
122B-Formación e perfeccionamento persoal da Administración da C.A.			4.169,8		4.169,8
123A-Acción social en favor do persoal da Administración					665,0
131A-Dirección e servizos xerais de xustiza					41.496,4
131B-Persoal ao servizo da Administración de xustiza					63.635,9
141A-Dirección e servizos xerais de Administración local		12.473,5			12.473,5
151A-Fomento da lingua galega		153,7			153,7
212A-Protección civil	18.967,9				18.967,9
213A-Seguranza da Comunidade Autónoma				2.398,5	7.786,6
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguranza no traballo					1.152,9
<b>Total</b>	<b>18.967,9</b>	<b>12.627,2</b>	<b>4.169,8</b>	<b>2.398,5</b>	<b>217.943,4</b>

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	28.036,9	19.124,9	6,5	591,2	5.806,1	1.157,1	54.722,8
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	1.213,8				11.505,2		12.719,0
122B-Formación e perfeccionamento persoal da Administración da C.A.	1.194,0	2.042,9		167,9	765,0		4.169,8
123A-Acción social en favor do persoal da Administración		665,0					665,0
131A-Dirección e servizos xerais de xustiza	10.502,3	13.397,9		11.768,2	5.827,9		41.496,4
131B-Persoal ao servizo da Administración de xustiza	63.635,9						63.635,9
141A-Dirección e servizos xerais de Administración local	838,5	268,6		549,2	2.527,3	8.290,0	12.473,5
151A-Fomento da lingua galega				100,0	53,7		153,7
212A-Protección civil	1.544,7	206,1		8.801,1	443,2	7.972,8	18.967,9
213A-Seguranza da Comunidade Autónoma	4.027,2	2.528,0		300,0	931,3		7.786,6
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguranza no traballo		683,8			469,1		1.152,9
<b>Total</b>	<b>110.993,3</b>	<b>38.917,3</b>	<b>6,5</b>	<b>22.277,6</b>	<b>28.328,9</b>	<b>17.419,9</b>	<b>217.943,4</b>

## Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	17.727,4	18.357,8	3,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	30.043,9	29.843,5	-0,7
Cap. III - Gastos financeiros	6,5	6,5	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	543,4	603,4	11,0
Cap. VI - Investimentos reais	15.628,2	9.942,7	-36,4
Cap. VII - Transferencias de capital	981,9	1.157,1	17,8
<b>Total</b>	<b>64.931,2</b>	<b>59.911,1</b>	<b>-7,7</b>

(Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	9.613,5	10.477,7	9,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	102,5	102,5	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	45,8	45,8	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	407,1	550,0	35,1
<b>Total</b>	<b>10.168,9</b>	<b>11.176,1</b>	<b>9,9</b>

(Miles de Euros)

03 D.X.DA CALIDADE E AV.DAS POLÍTICAS PÚB.	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.112,7	2.939,0	39,1
Cap. VI - Investimentos reais	12.141,4	11.505,2	-5,2
<b>Total</b>	<b>14.254,1</b>	<b>14.444,2</b>	<b>1,3</b>

(Miles de Euros)



04 DIRECCIÓN X.DE RELACIÓNS PARLAMENTARIAS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	322,1	327,4	1,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	82,0	82,0	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	19,2	0,0	-100,0
<b>Total</b>	<b>423,4</b>	<b>409,4</b>	<b>-3,3</b>

(Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	65.527,6	71.286,9	8,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.843,6	3.843,6	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10.906,7	11.710,2	7,4
Cap. VI - Investimentos reais	2.050,4	1.610,4	-21,5
<b>Total</b>	<b>82.328,3</b>	<b>88.451,1</b>	<b>7,4</b>

(Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.189,6	3.257,9	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.258,4	1.258,4	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	0,0	300,0	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	903,0	571,8	-36,7
<b>Total</b>	<b>5.350,9</b>	<b>5.388,1</b>	<b>0,7</b>

(Miles de Euros)

07 DIRECCIÓN XERAL DE PROTECCIÓN CIVIL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.500,3	1.544,7	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	206,1	206,1	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	9.066,1	8.801,1	-2,9
Cap. VI - Investimentos reais	4.130,5	443,2	-89,3
Cap. VII - Transferencias de capital	4.398,7	7.972,8	81,3
<b>Total</b>	<b>19.301,7</b>	<b>18.967,9</b>	<b>-1,7</b>

(Miles de Euros)

08 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	803,6	838,5	4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	268,6	268,6	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	839,2	649,2	-22,6
Cap. VI - Investimentos reais	2.878,1	2.581,0	-10,3
Cap. VII - Transferencias de capital	9.322,0	8.290,0	-11,1
<b>Total</b>	<b>14.111,4</b>	<b>12.627,2</b>	<b>-10,5</b>

(Miles de Euros)

80 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.153,3	1.194,0	3,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.520,7	2.042,9	-19,0
Cap. IV - Transferencias correntes	338,6	167,9	-50,4
Cap. VI - Investimentos reais	1.165,0	765,0	-34,3
<b>Total</b>	<b>5.177,6</b>	<b>4.169,8</b>	<b>-19,5</b>

(Miles de Euros)

81 A.G.S.P.	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	750,3	769,3	2,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.596,9	1.269,7	-20,5
Cap. VI - Investimentos reais	934,4	359,5	-61,5
<b>Total</b>	<b>3.281,6</b>	<b>2.398,5</b>	<b>-26,9</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	64.931,2	59.911,1	-7,7
02 DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA	10.168,9	11.176,1	9,9
03 D.X.DA CALIDADE E AV.DAS POLÍTICAS PÚBL.	14.254,1	14.444,2	1,3
04 DIRECCIÓN X.DE RELACIÓNS PARLAMENTARIAS	423,4	409,4	-3,3
05 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	82.328,3	88.451,1	7,4
06 DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR	5.350,9	5.388,1	0,7
07 DIRECCIÓN XERAL DE PROTECCIÓN CIVIL	19.301,7	18.967,9	-1,7
08 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	14.111,4	12.627,2	-10,5
80 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	5.177,6	4.169,8	-19,5
81 A.G.S.P.	3.281,6	2.398,5	-26,9
<b>Total</b>	<b>219.329,1</b>	<b>217.943,4</b>	<b>-0,6</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA/Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	100.796,7	109.030,0	1.903,6	1.963,3			102.700,3	110.993,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	35.805,1	35.604,7	4.117,6	3.312,6			39.922,6	38.917,3
Cap. III - Gastos financeiros	6,5	6,5					6,5	6,5
Cap. IV - Transferencias correntes	27.761,0	27.492,2	338,6	167,9	6.359,8	5.382,5	21.739,9	22.277,6
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>164.369,3</i>	<i>172.133,4</i>	<i>6.359,8</i>	<i>5.443,8</i>	<i>6.359,8</i>	<i>5.382,5</i>	<i>164.369,3</i>	<i>172.194,7</i>
Cap. VI - Investimentos reais	38.157,9	27.204,4	2.099,4	1.124,5			40.257,2	28.328,9
Cap. VII - Transferencias de capital	16.802,0	18.544,3			2.099,4	1.124,5	14.702,6	17.419,9
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>54.959,8</i>	<i>45.748,7</i>	<i>2.099,4</i>	<i>1.124,5</i>	<i>2.099,4</i>	<i>1.124,5</i>	<i>54.959,8</i>	<i>45.748,7</i>
<b>Total</b>	<b>219.329,1</b>	<b>217.882,2</b>	<b>8.459,2</b>	<b>6.568,3</b>	<b>8.459,2</b>	<b>6.507,0</b>	<b>219.329,1</b>	<b>217.943,4</b>

(Miles de Euros)

## Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	13	13
<i>Persoal funcionario</i>	2.973	653
Subgrupo A1	237	128
Subgrupo A2	772	89
Subgrupo C1	1.161	144
Subgrupo C2	720	209
Grupo E e agrupacións profesionais	83	83
<i>Persoal laboral</i>	426	455
Grupo I	28	28
Grupo II	26	26
Grupo III	99	121
Grupo IV	67	72
Grupo V	207	207
Grupo VIII	1	1
<i>Outro persoal</i>	9	8
<b>TOTAL</b>	<b>3.423</b>	<b>1.129</b>

Escola Galega de Administración Pública	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	23	23
Subgrupo A1	7	6
Subgrupo A2	4	3
Subgrupo C1	3	5
Subgrupo C2	8	8
Grupo E e agrupacións profesionais	1	1
<i>Persoal laboral</i>	4	11
Grupo III	1	1
Grupo IV	1	7
Grupo V	2	3
<i>Outro persoal</i>	7	
<b>TOTAL</b>	<b>35</b>	<b>35</b>

Academia Galega de Seguridade Pública	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	18	18
Subgrupo A1	8	5
Subgrupo A2		3
Subgrupo C1	1	1
Subgrupo C2	7	7
Grupo E e agrupacións profesionais	2	2
<i>Persoal laboral</i>	1	1
Grupo III	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>20</b>	<b>20</b>

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E  
FACENDA**

SECCIÓN 07



## 1. COMPETENCIAS

---

A Consellería de Economía e Facenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de economía e facenda se establecen no Estatuto de autonomía.

O Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Economía e Facenda.

1. A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
2. A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
3. O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da comunidade.
4. A ordenación de pagamentos nos termos establecidos na presente lei.
5. O exercizo directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública.
6. A administración, xestión e recadación dos dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma, o desenvolvemento das actividades inherentes ao exercizo da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía.
7. As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
8. As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

Polo Decreto 232/2005, do 11 de agosto, fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Segundo se dispón no apartado a) do artigo 3º, a Consellería de Economía e Facenda estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Conselleiro
2. Secretaría Xeral e do Patrimonio
3. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
4. Dirección Xeral de Tributos
5. Dirección Xeral de Orzamentos

6. Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro
7. Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios

O Decreto 79/2007, do 19 de abril, establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda e sinala as competencias de cada un dos seus centros directivos.

## SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO

Correspóndenlle as competencias seguintes:

As establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia entre as que se inclúen as seguintes:

1. Asistencia técnica e administrativa ao conselleiro nos asuntos que lle encomende.
2. Xestión económica e orzamentaria dos créditos asignados.
3. Xestión do persoal e a coordinación administrativa e o réxime interior da consellería
4. En caso de ausencia ou enfermidade do conselleiro correspóndenlle as funcións ordinarias de despacho e sinatura de asuntos de trámite.
5. O exercizo das competencias que resultan da orde de delegación de competencias do conselleiro na secretaría xeral de data 18/09/2006 e aquelas outras que lle sexan encomendadas polo titular da consellería.

Correspóndelle así mesmo á secretaría xeral o exercizo das competencias que as normas reguladoras do patrimonio da comunidade autónoma lle atribúen á Consellería de Economía e Facenda, entre elas as seguintes:

1. A proposta das directrices no tráfico xurídico dos bens patrimoniais da comunidade autónoma e na forma de utilización dos bens de dominio público.
2. A coordinación da xestión de todos os asuntos concernentes á administración e ao tráfico dos bens patrimoniais e de dominio público.
3. O control dos ingresos e rendementos que lle proporcione á comunidade autónoma o seu patrimonio, sen prexuízo das competencias doutros centros directivos da consellería.

Finalmente, en materia de contratación pública, correspóndelle, entre outras:

1. O desempeño da presidencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e o apoio á mesma a través da súa secretaría xeral.



## INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Ten atribuídas as seguintes competencias:

1. Efectuar o control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercizo da función interventora e do control financeiro na forma e co contido previstos no capítulo I do título V da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
2. A dirección e xestión da contabilidade pública na forma e co contido previstos nos capítulos II e III do título V da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na Orde de 1 de decembro de 1989, pola que se implanta un novo sistema de información contable na Administración da Xunta de Galicia.
3. Implementar as medidas para establecer o control financeiro permanente nos entes dependentes da Xunta de Galicia.
4. A xestión da información económico-financeira e formulación de informes e propostas de actuación derivadas do exercizo das súas funcións contables e de control.
5. O exercizo das demais funcións que lle asigna a lei e outra normativa de aplicación.

## DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

Compete a esta dirección xeral:

1. A análise e o deseño da política global de ingresos públicos, no relativo aos tributos cedidos polo Estado á Comunidade Autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
2. A dirección, impulso, planificación, coordinación, control e execución da xestión e inspección e revisión dos tributos cedidos, así como da xestión e inspección e revisión dos tributos propios e prezos que corresponden á Xunta de Galicia, aos seus organismos autónomos e demais entidades de dereito público dependentes dela.
3. O impulso e a coordinación das relacións de colaboración que en materia tributaria poidan establecerse con outras administracións públicas.
4. A elaboración das normas relativas aos ingresos de dereito público a que se refiren os puntos anteriores, así como a emisión de instrucións e circulares para o seu cumprimento.
5. A dirección da xestión recadatoria nos seus dous períodos, así como a autorización das contas restrinxidas de recadación e o seu control, de acordo co previsto na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo das actuacións de coordinación que procedan, para estes efectos, coa Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
6. Apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

## DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS

Correspóndenlle as seguintes competencias:

1. Realización de estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á comunidade autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas, agás os que se lle asignen a outros centros directivos.
2. Elaboración do proxecto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma, así como o desenvolvemento das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Economía e Facenda en materia orzamentaria.
3. A análise económico-financeira da evolución orzamentaria na súa vertente de ingresos e gastos, podendo, se é o caso, propoñer aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario. Para tal efecto, poderá reclamar a información que precise dos centros directivos correspondentes.
4. O exercizo das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Economía e Facenda en materia de retribucións do persoal, aprobación e modificación de anexos de persoal, autorización de masa salarial en convenios e acordos colectivos e, en xeral, en todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre o persoal que teñan repercusión económica.
5. A xestión do Fondo de Cooperación Local.

Polo que se refire ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), sen prexuízo das anteriores competencias xerais, correspóndelle:

1. Establecer os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
2. Coñecer aqueles actos de control, inspección e avaliación da xestión, tanto en centros ou servizos sanitarios propios coma concertados, efectuados pola Consellería de Sanidade e o Sergas que teñan contido económico e que sexan de interese para a Consellería de Economía e Facenda.
3. Emitir informe sobre os proxectos de novos investimentos e novos servizos, en canto a súa incidencia nos gastos recorrentes.

## DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Exercerá as competencias seguintes:

O desenvolvemento e execución das funcións que lle corresponden á comunidade autónoma en materia financeira, en especial as relativas a:

1. Caixas de aforro e demais entidades financeiras.

2. Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
3. Endebemento da comunidade autónoma e, en canto estea atribuído á comunidade, o doutros entes públicos.
4. Centros de contratación de valores.
5. Mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e outras entidades aseguradoras.
6. Ordenación do crédito, banca e seguros.

A xestión da Tesourería da Comunidade Autónoma e, en especial:

1. A realización dos ingresos.
2. A ordenación xeral de pagamentos en canto lle fose delegada polo conselleiro/a de Economía e Facenda.
3. A ordenación xeral de pagamentos do Servizo Galego de Saúde, así como a periodificación de pagamentos e provisión de fondos dos seus centros de xestión.
4. A xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.
5. Implementar as medidas que precise a presentación de avais por medios electrónicos
6. Autorización da apertura de contas nas entidades de crédito e aforro, e o seu réxime de disposición, de acordo co establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sen prexuízo daquelas que corresponden á Dirección Xeral de Tributos.
7. A xestión e rendabilización de todos os recursos financeiros da tesourería xeral e a súa distribución para o pago das obrigacións.

## DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E FONDOS COMUNITARIOS

Correspóndenlle as seguintes competencias:

1. O exercicio de todas as que o Estatuto de autonomía lle atribúe á comunidade autónoma en materia de planificación económica.
2. A coordinación coa Dirección Xeral de Orzamentos para os efectos de repercusión da planificación económica no cálculo do orzamento. Así mesmo, o seguimento de actuacións de política económica da Administración autonómica.
3. A relación sobre materias relativas á Unión Europea (UE) e á política económica, tanto no ámbito da comunidade autónoma como doutras administracións, a través dos órganos colexiados de coordinación que correspondan ou das diversas comisións sectoriais establecidas. Así mesmo, o

mantemento de relacións con outras administracións públicas e cos sectores socioeconómicos e axentes sociais en canto se refire ao seguimento das súas actuacións investidoras, e co Consello Económico e Social de Galicia, sen prexuízo das competencias sectoriais doutras consellerías.

4. A coordinación e o impulso de actuacións da Administración autonómica en materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais da UE.
5. O seguimento do impacto económico a medio prazo das políticas comunitarias, nacionais e rexionais.
6. A elaboración de análises e estudos sobre o impacto territorial da actividade económica en xeral e do gasto público en particular, así como, se é o caso, a instrumentación de propostas para a corrección dos desequilibrios rexionais, e a avaliación dos programas económicos a medio prazo.
7. A coordinación das relacións coa Administración xeral do Estado e, se é o caso, coa europea, en materias de coordinación de investimentos, en canto á programación a medio prazo.
8. A coordinación de actuacións tendentes ás demandas de información das inspeccións técnicas e financeiras comunitarias.

A Consellería de Economía ten adscritos os seguintes Organismos Autónomos e Sociedades Públicas:

## ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS

### INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

Creouse pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia; modificada pola Lei 7/1993, do 24 de maio, e pola disposición adicional única da Lei 10/2001, do 17 de setembro, e as demais normas que as desenvolven.

A súa competencia e finalidade básica é a de promover o desenvolvemento do sistema estatístico da comunidade autónoma, prestando servizos de recompilación e difusión da documentación estatística dispoñible, desenvolvendo bases de datos de interese público, analizando as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas e asegurando a súa difusión.

### TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Créase ao abeiro da Lei 6/2004, do 12 de xullo, ten como finalidade xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia nos mesmos dunha competencia efectiva.

## **SOCIEDADES PÚBLICAS**

### **ENTES DE DEREITO PÚBLICO**

#### **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)**

Créase pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico, harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

#### **CENTRO INFORMÁTICO DE XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC)**

Creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, e que inicia a súa actividade polas determinacións do Decreto 360/1998, do 4 de decembro.

O obxecto do CIXTEC é o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para realizar os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira e, en xeral, os relacionados cos anteriores.

#### **CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)**

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilitar a participación da cidadanía galega na vida política, económica, social e cultural.

## **SOCIEDADES MERCANTÍS**

#### **SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A (SPI)**

Creada ao abeiro do artigo 55.2 do Estatuto de autonomía e, de conformidade co previsto nos artigos 45.1 e 3 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante Decreto 56/1997, do 6 de marzo, modificado polo Decreto 260/2002, do 30 de xullo. A

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. ten por obxecto, entre outros, a proxección, construción, conservación, explotación e promoción de toda clase de infraestruturas que a Xunta de Galicia promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas.

#### **AUTOESTRADA ALTO DE SANTO DOMINGO-OURENSE, S.A (ACEOUSA)**

Creada polo Decreto 254/2003, do 24 de abril, e participada integramente pola Sociedade Pública de Investimentos ( SPI ).

Ten por obxecto o exercizo dos dereitos e o cumprimento das obrigas relativas á xestión da concesión administrativa que lle outorgou, por Decreto da Xunta de Galicia, para a construción, conservación e explotación da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, tramo de Santo Domingo-A52.

#### **CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA (CEEI GALICIA, S.A.)**

Sociedade anónima participada maioritariamente polo Instituto Galego de Promoción Económica ( IGAPE ) constituíuse en 1991 co obxectivo de promover a creación e/ou o desenvolvemento, no ámbito da comunidade autónoma galega, de empresas independentes e innovadoras de acordo cos modelos e directrices da Comisión das Comunidades Europeas para os centros europeos de empresas e innovación.

#### **XES GALICIA**

Sociedade xestora de entidades de capital-risco, creada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 12 de novembro de 1998. O seu capital social inicial foi integramente subscrito e desembolsado polo Igape.

O seu obxecto social principal é a administración e xestión dos fondos “Emprende”, “Adiante” , “Aquagal”, “Semente” e dos activos de Sodiga.

#### **SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA (SODIGA)**

Con data 14 de xullo de 1994 o IGAPE adquiriu mediante escritura Pública accións por valor equivalente ao 46,19 % do capital social de SODIGA.

O obxecto da sociedade e actividade principal da mesma consiste na toma de participacións temporais no capital de empresas non financeiras que non coticen no primeiro mercado das Bolsas de valores nin noutro mercado secundario e que teñan relación co desenvolvemento e/ou consolidación da economía e da industria no territorio da comunidade autónoma.

Para o desenvolvemento do seu obxecto social principal, as Sociedades de capital-risgo poden facilitar empréstitos participativos, así como outras formas de financiamento, neste último caso, unicamente ás súas sociedades participadas. De igual modo, poden realizar actividades de asesoramento .

A Consellería ten adscritos, ademais, como ÓRGANOS COLEXIADOS os seguintes:

1. A Xunta Superior de Facenda creada coa denominación Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, pola disposición adicional primeira da Lei 13/1991, do 9 de decembro, regulamentado polo Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, que modificou a súa denominación en virtude do exposto na disposición adicional primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A Comisión Orzamentaria da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, creada polo Decreto 206/1996, do 24 de maio.
3. A Comisión de Nóminas, creada por acordo do Consello da Xunta do 3 de marzo de 2000.
4. A Comisión de Seguimento e Control do Gasto Corrente, creada por acordo do Consello da Xunta do 19 de maio de 2000.
5. A Comisión de Coordinación de Fondos Comunitarios, creada polo Decreto 184/2007, do 13 de setembro.
6. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma, creada polo Decreto 237/2007, do 5 de decembro.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009**

---

### **2.1 DA CONSELLERÍA**

A suma total dos créditos que o proxecto de orzamentos pon ao dispor da consellería ascende, en cifras consolidadas cos organismos autónomos, a 181.287.738 euros.

A Consellería de Economía é a responsable, así mesmo da xestión orzamentaria dos créditos consignados neste exercicio na sección de “Gastos de diversas Consellerías”, de “Débeda Pública” de “Transferencias a corporacións locais”.

Os recursos asignados á Consellería de Economía destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente.

Os obxectivos estratéxicos da Consellería de Economía e Facenda durante o ano 2009 son:

1. O reforzamento das medidas de gasto que fomenten e impulsen a dinamización, a modernización e diversificación da economía galega mellorando a competitividade da mesma e impulsando a produtividade, motores do desenvolvemento económico, no marco dos instrumentos de planificación elaborados, en especial o “Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia ( MECEGA 2007-2013)” en liña ca renovada Axenda de Lisboa e tamén no “Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2010” asinado entre a Xunta de Galicia, CEG, UGT-Galicia e SN de CC.OO. de Galicia.
2. O impulso e coordinación das políticas de gasto que faciliten un desenvolvemento territorial equilibrado da nosa comunidade plasmadas entre outras no “Plan de reequilibrio Territorial 2007-2010”.
3. A coordinación e impulso do Programa de dinamización económica impulsando o investimento público.
4. A consolidación e reforzamento das medidas de fomento do apoio ao desenvolvemento da apertura ao exterior da economía galega fortalecendo o Plan de internacionalización da empresa galega e potenciando os canles de información sobre os mercados internacionais.
5. O impulso da coordinación interadministrativa nas políticas de creación de novo tecido empresarial.
6. O reforzamento do apoio financeiro aos proxectos empresariais innovadores e xeradores de emprego de calidade.
7. O fomento do investimento produtivo e o reforzo do sistema galego de capital risco, potenciando os servizos ás empresas e entidades asociativas, impulsando a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos.
8. O Incremento do grao de eficacia e eficiencia do gasto público da consellería e da comunidade autónoma.

Para a consecución destes obxectivos estratéxicos, levaranse a cabo as seguintes liñas de acción dende os diferentes centros directivos, organismos e entes públicos.

## SECRETARIA XERAL

Os seus obxectivos para o 2009 son:

1. Impulsar a coordinación administrativa xeral que permita acadar os obxectivos xerais da consellería.
2. Xestionar eficaz e eficientemente o orzamento a ela asignado como órgano xestor.
3. Desenvolver o plan de modernización impulsando a posta en marcha da licitación electrónica na consellería.



4. Incrementar a eficacia, eficiencia e transparencia das contratacións e subministros centralizados na secretaría, así como a xestión dos recursos humanos da consellería.
5. Incrementar o grado de eficiencia no mantemento das dependencias da consellería e das delegacións territoriais.
6. Desenvolver o “Plan de espazos” poñendo á disposición das diferentes consellerías os espazos necesarios para a mellora dos servizos aos cidadáns e fomentando a eficiencia no gasto público asociado a dito plan.
7. Executar os investimentos orzamentados.
8. Impulsar o desenvolvemento do “Plan de racionalización do sector público de Galicia” na anualidade 2009 co seguimento das accións que se definen na memoria do libro de sociedades públicas do actual orzamento.
9. Levar a cabo a verificación da información periódica, subministrada polas sociedades públicas autonómicas.
10. Coordinar e dirixir as actuacións de defensa do patrimonio da comunidade autónoma impulsando a aplicación dos medios electrónicos de xestión patrimonial e de confección do inventario.
11. Impulsar as actuacións inspectoras e sancionadoras que procedan en materia de defensa da competencia.
12. Impulsar a realización e divulgación das operacións estatísticas previstas no Programa estatístico 2009 para a Consellería de Economía.
13. Reforzar as accións a desenvolver pola “Xunta Consultiva de Contratación administrativa” en materia de asesoramento e tutela da lexislación vixente en materia de contratación administrativa das diferentes administracións públicas galegas.

## INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma no exercicio 2009 plantéxase como obxectivos primordiais os seguintes:

1. Incrementar o control que se ven realizando no ámbito das sociedades e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Consolidación do control financeiro como sistema de control no ámbito de Servizo Galego de Saúde.
3. Continuar na mellora da transparencia en materia de subvencións incrementando as auditorías e controis sobre beneficiarios.

4. Implantación de melloras en materia contable na liña indicada polo Consello de Contas nos seus informes, especialmente no relativo á contabilidade e seguimento de fondos europeos.
5. Desenvolvemento do sistema contable da Xunta de Galicia con vistas á implantación da tramitación electrónica dos expedientes.
6. Mellora do sistema contable, incrementando as súas potencialidades en canto a obtención de información en temas como a contabilidade nacional e a contabilidade financeira.
7. Continuar cos procedementos en materia de seguimento e verificación do cumprimento das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas nos seus informes.
8. Elaboración de proxectos normativos, en particular os regulamentos de control financeiro.
9. Revisión de procedementos con vistas a optimizar a tramitación administrativa en diversas materias.

## DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

Durante o ano 2009 a Dirección Xeral de Tributos ten os obxectivos seguintes:

1. Dar cumprimento as previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos cuxa xestión corresponde a esta dirección xeral.
2. Desenvolvemento e posta en funcionamento dos importantes cambios legislativos tributarios adoptados e a adoptar.
3. Revisión e posta en marcha da imposición medioambiental.
4. Mellorar a planificación, coordinación e control da xestión, inspección, recadación e revisión dos tributos xestionados pola Xunta, coa análise e deseño dos posibles modelos de xestión.
5. Impulso das novas tecnoloxías así como da colaboración social, á búsqueda da redución de papel e de trámites administrativos.
6. Facilitar os servizos aos cidadáns coa introdución de novas funcionalidades na Oficina Virtual Tributaria.
7. Dotar de maior calidade, eficacia e eficiencia aos procesos xestores a través da mellora dos procedementos internos coa racionalización e modernización dos actos administrativos así como do tratamento da información.

## DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS

Os obxectivos da Dirección Xeral de Orzamentos para o ano 2009 se encadran dentro das funcións propias e específicas de elaboración, control e seguimento do orzamento da comunidade autónoma, que en concreto son as seguintes:

1. Controlar a execución dos orzamentos da comunidade autónoma.
2. Facilitar a información e transparencia sobre a execución do orzamento da Xunta de Galicia.
3. Xestionar eficazmente os expedientes modificativos de gasto promovidos polas diferentes consellerías.
4. Xestionar eficazmente os ingresos provenientes do sistema de financiamento das comunidades autónomas.
5. Impulsar a análise das repercusións económico-orzamentarias das diferentes políticas de gasto aos efectos de posibilitar a súa execución dentro do marco da política de estabilidade.
6. Impulsar a reforma da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia redefinindo o ámbito dos orzamentos da comunidade, así como a súa orientación a resultados e adaptación ás leis de estabilidade orzamentaria.
7. Redefinir o Fondo de Cooperación Local facilitando a achega de recursos de forma máis eficaz e solidaria.
8. Levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan mellorar o seguimento dos diferentes programas orzamentarios o os obxectivos neles definidos.

## DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Os obxectivos da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro para o ano 2009 son:

1. Planificación do endebedamento da comunidade autónoma.
2. Lanzamento de emisións de obrigas a longo prazo.
3. Obter as mellores condicións financeiras posibles para o endebedamento do exercicio, nun ano de previsibles turbulencias nos mercados financeiros.
4. Afondar no control do endebedamento do sector público da C.A.
5. Adaptación dos procedementos derivados do exercicio da tutela financeira ás CC.LL.
6. Coordinación e xestión dos procedementos para constitución e devolución de avais por medios electrónicos.
7. Desenvolvemento da Oficina Virtual para a constitución de depósitos e garantías en metálico.
8. Presentación telemática de certificados de seguros de caución.
9. Control, supervisión e verificación do cumprimento da normativa en materia de transparencia, das caixas de aforro.

10. Comprobación das actuacións en materia da obra benéfico social das caixas de aforro.
11. Desenvolvemento da normativa reguladora en materia de mediación de seguros.
12. Posta en marcha da oficina virtual para a tramitación electrónica dos expedientes de autorización coas caixas de aforro galegas.

## DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E FONDOS COMUNITARIOS

A Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios no ano 2009 centra os seus obxectivos no desenvolvemento das liñas do MECEGA no marco dos diferentes programas operativos de Galicia 2007-2013, na súa posta en marcha conforme ás previsións establecidas nos respectivos Regulamentos comunitarios.

O novo escenario económico aconsella a revisión e actualización de obxectivos e instrumentos de política económica ao ciclo económico, aumentando así a súa eficacia. Neste contorno os obxectivos centrais son:

1. Posta en marcha de todas as disposicións de execución previstas na programación operativa dos fondos estruturais: funcionamento dos Comités de Seguimento, Guías de Seguimento e Evaluación (pendente de ser aprobadas polos Comités de Seguimento) e Plans de Comunicación e Publicidade dos programas operativos FEDER e FSE.
2. Elaboración de Manuais de Procedemento para garantir que os xestores aplican métodos e procedementos conducentes ao cumprimento da subvencionalidade dos gastos procedentes do FEDER e FSE.
3. Incrementar o grado de eficiencia na xestión dos fondos europeos poñendo a disposición dos xestores novos sistemas informáticos de xestión, seguimento e avaliación.
4. Actualizar a planificación da política económica da Xunta de Galicia, adecuando os obxectivos ao novo escenario económico e axustando os indicadores ás novas circunstancias.
5. Continuar coas tarefas de control e axuste de axudas públicas dos distintos departamentos da Xunta de Galicia ao novo Mapa de Axudas 2007-13.
6. Coordinar e actualizar a formación dos xestores mediante a realización de xornadas, cursos ou seminarios sobre o MECEGA e os Programas Operativos.
7. Mellorar a coordinación e complementariedade entre a programación dos fondos estruturais (FEDER e FSE) e os fondos sectoriais (FEADER e FEP) a través da Comisión de Coordinación de Fondos Comunitarios aprobada polo Decreto 184/2007, do 13 de setembro.

8. Coordinación, análise, elaboración de estudos e celebración de seminarios referentes á conxuntura económica e elaboración de previsións sobre o comportamento da economía galega.

## 2.2 DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### *INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)*

As liñas de acción previstas para o ano 2009 son as seguintes:

1. Dirixir e coordinar as actividades estatísticas no ámbito competencial da comunidade autónoma, fortalecendo especialmente a cooperación coas Consellerías para a elaboración dos proxectos técnicos das operacións que lles encomendan os programas estatísticos e para a catalogación dos rexistros administrativos de interese estatístico.
2. Elaborar as estatísticas do Programa 2009 e as que se establezan en virtude de convenios con outros organismos públicos, en particular as que se derivan do asinado co Instituto Nacional de Estadística para a realización conxunta da Enquisa de Poboación Activa en Galicia.
3. Promover a confección de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública galega, participando activamente no Foro de Estatística Rexional e nos seus grupos de traballo e coordinando o de Inventario de operacións estatísticas.
4. Fomentar a investigación estatística mediante acordos coas universidades galegas ou con outros organismos públicos e avanzar na elaboración de programas informáticos para o tratamento integrado das enquisas.

### *TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA*

As liñas de acción previstas para o ano 2009 son as seguintes:

1. Estimular a actuación de oficio do SGDC, dándolle conta da información recollida sobre condutas potencialmente anticompetitivas ou limitadoras da competencia.
2. Asumir as novas funcións da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia.
3. Afondar no coñecemento dos mercados galegos dende a perspectiva da competencia, realizando un mínimo de sete estudos e avaliacións.
4. Promover o coñecemento dos axentes económicos, e da cidadanía en xeral, dos beneficios da libre competencia.

5. Manter e mesmo fortalecer as relacións institucionais do TGDC, tanto no ámbito galego como noutras áreas que podan ter repercusión sobre a actividade do Tribunal, en especial cos órganos da Administración xeral do Estado e cos demais tribunais autonómicos.

## 2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### 2.3.1 Entes de dereito público

#### *INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA (IGAPE)*

Recentemente foi asinado entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, UGT- Galicia e S.N. de CC.OO. de Galicia o Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011, un instrumento de planificación que, en liña coa renovada Axenda de Lisboa e co Marco Estratéxico de Conxerencia Económica de Galicia (MECEGA) 2007-2013, formula un conxunto de medidas dirixidas a favorecer a modernización e diversificación da economía galega, mellorando a competitividade do conxunto do territorio e das empresas galegas e impulsando a produtividade destas últimas. As medidas atópanse clasificadas en 5 eixes dos que o primeiro fai referencia o desenvolvemento e a modernización empresarial incluíndo unha serie de iniciativas, moitas das cales están contempladas nos orzamentos deste Instituto para 2009. Por outra banda, o escenario económico actual estase caracterizando, entre outros, pola importante presenza de restricións financeiras e dificultades para continuar co crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial. Os orzamentos do Instituto para 2009 teñen como principal obxectivo dar resposta a esta situación económica incrementando significativamente as capacidades do Instituto para facilitar financiamento o tecido empresarial e contemplan as medidas que, dentro do seu ámbito de actuación, sonlle aplicables dentro das definidas no Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011.

Baixo este escenario o aspecto máis significativo das actividades do Instituto para 2009 vén definido por contemplar unha dotación excepcional co obxectivo de potenciar as ferramentas para o financiamento empresarial, facilitando préstamos directos ás empresas galegas coa colaboración do Banco Europeo de Inversiones (BEI), ampliando significativamente as capacidades dos instrumentos de capital risco existentes, e aplicando outros instrumentos para favorecer o acceso ao crédito como a ampliación da capacidade de otorgar avais e implantar novas liñas de apoio ao financiamento de circulante e para o refinanciamento de pasivos financeiros.

A consolidación e fortalecemento dun amplo programa de apoio a internacionalización das pemes galegas e outra das apostas do Instituto no ano 2009 para contribuír a dinamizar a economía galega.

Así mesmo, e tamén en liña co contido do Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011, os orzamentos do Instituto para 2009 contemplan outra serie de medidas co obxectivo de incidir no desenvolvemento económico de Galicia mediante o fomento da competitividade e a produtividade e o impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.

No ámbito das ferramentas para o financiamento empresarial, é de destacar a previsión de captar fondos do BEI por importe de 200 millóns de euros que serán destinados á concesión de préstamos para proxectos de investimento empresarial en favorables condicións de prezo e prazo de reembolso e a implantar novas liñas de cobertura de riscos que permitan aumentar as disponibilidades de crédito das empresas. As disponibilidades dos instrumentos de capital risco serán tamén reforzadas significativamente e o incremento no límite de concesión de avais ata un risco máximo de 500 millóns de euros, en lugar dos 300 millóns vixentes en 2008, son medidas que tamén contribuirán ás necesidades de financiamento das empresas e a apoiar as iniciativas empresariais. Así mesmo, a cooperación coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito buscará tamén apoiar o financiamento empresarial nas súas necesidades de circulante e de investimento, incluíndo entre outras, a cooperación co Instituto de Crédito Oficial para potenciar a canalización a Galicia dos recursos financeiros deste instrumento. Favorecer o financiamento empresarial con enfoques de riscos compartidos será en resumo a principal dirección destas medidas de ampliación das capacidades de crédito e de concesión de avais ante entidades financeiras, respostando así ás dificultades de financiamento do tecido empresarial. Estas medidas estarán acompañadas tamén por liñas de incentivos económicos como subvencións para novos proxectos empresariais, que aínda que non experimenten ese incremento tan significativo como o dos apoios en forma de axudas reembolsables tamén manterán unha significativa contribución de recursos e con crecementos respecto ao ano anterior, elevándose, por exemplo de 40 a 45 millóns de euros a principal liña de axudas aos investimentos empresariais máis significativos.

No ámbito da internacionalización está previsto, entre outros, afondar na implantación e posta a disposición das pemes galegas dun amplo conxunto de servizos e incentivos económicos para a internacionalización das empresas. A recente publicación en maio de 2008 dunhas novas bases reguladoras de axudas para a internacionalización terá unha ampla cobertura nos orzamentos de 2009, incrementándose de 5,7 a 11,5 millóns de euros o orzamento anual destinado o fomento da presenza no exterior das empresas galegas. Ás diferentes modalidades de axudas contempladas nas citadas bases súmanselle un conxunto de servizos de información especializada, de servizos directos nos principais mercados internacionais e iniciativas para a especialización de recursos humanos en comercio exterior. A cooperación con outras institucións estatais e internacionais neste ámbito tamén é outra liña de acción a potenciar. Trátase, tal como se contempla tamén no Acordo pola Competitividade de Galicia, dunha clara aposta pola a internacionalización coma un factor de competitividade imprescindible na conxuntura actual e que debe proporcionar unha vía de crecemento para a nosa economía e as nosas empresas.

Fomentar o espírito emprendedor, apoiar a modernización do tecido empresarial e impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos son outras das medidas contempladas no Acordo pola Competividade de Galicia 2008-2011 para as que os Orzamentos do IGAPE inclúen tamén unha importante dotación con iniciativas que abranguen desde accións de sensibilización e clima xeral, pasando por programas de divulgación e fomento do espírito emprendedor con especial incidencia no ámbito educativo a través de BIC GALICIA, entidade dependente do IGAPE, ata programas de apoio financeiro para emprendedores, para o desenvolvemento tecnolóxico das pemes ou para proxectos de carácter cooperativo a través de agrupacións de carácter sectorial ou multisectorial de carácter innovador.

En resumo, os orzamentos do Instituto tratan dun xeito ambicioso de dar resposta a unha situación difícil para o tecido empresarial, alcanzando unha dimensión que duplica os recursos presupostados en 2008, e incorporando como unha das principais fontes de financiamento do orzamento o endebedamento co Banco Europeo de Inversiones, profundando así na cooperación con outras institucións da Unión Europea que permitan captar para Galicia recursos financeiros adicionais.

Para acadar estes obxectivos os orzamentos de 2009 estrutúranse en torno a sete eixes de actuación definidos no plan de actividades do Instituto 2007-2009 e que son:

#### **Eixe 1: Emprendedores**

O espírito emprendedor é un indicador de dinamismo e progreso dunha economía. Apoiar o nacemento e crecemento do tecido empresarial é pois un obxectivo no que o Instituto pretende afondar cun conxunto de accións que por un lado sigan sensibilizando á sociedade da importancia dos emprendedores e por outra lles faciliten superar as principais barreiras, entre as que se atopa o acceso ao crédito, para a implantación dos seus proxectos.

A potenciación dos instrumentos de sensibilización e difusión, incluíndo actos como o Día Galego do Emprendedor, máis outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora, incluíndo o ámbito educativo, forman parte deste eixe que se completa con servizos gratuítos de formación e acompañamento a potenciais emprendedores prestados por Bic Galicia e con apoios de tipo financeiro para facilitar e mellorar o acceso ao financiamento dos proxectos emprendedores (convenios con axentes financeiros, subvencións e préstamos directos do Instituto, achegas a fondos de capital risco e convenios de microcréditos, entre outros).

Como parte das medidas de fomento do investimento empresarial e ampliación das ferramentas de financiamento empresarial inclúese neste eixe unha importante previsión de fortalecemento de Emprede Fondo de Capital Risco maioritariamente participado polo IGAPE, cunha achega de 11 millóns de euros que debe contribuír a prover financiamento a novos proxectos emprendedores en Galicia e paliar en parte un escenario de dificultades para o acceso ao crédito para os novos emprendedores.



Son de destacar tamén as accións previstas no ámbito do fomento das redes de investidores máis o portal do emprendemento en Galicia e a rede estendida do emprendedor, espazos colaborativos e de cooperación que pretenden complementar as medidas indicadas anteriormente.

### **Eixe 2: Investimento empresarial**

O eixe de investimento empresarial, que está orientado á prestación de apoios para facilitar a implantación dos proxectos empresariais de maior impacto no tecido produtivo e na xeración de emprego de calidade en Galicia, adquire nos orzamentos de 2009 unha dimensión excepcional con respecto a anos anteriores. Ante un escenario de restricións crediticias e dificultades para o crecemento, este eixe dos orzamentos pretende contribuír mediante un forte impulso das ferramentas públicas de financiamento empresarial a paliar as dificultades existentes e a facilitar aos proxectos viables a súa consolidación e crecemento. Así, ademais de manter as liñas de incentivos económicos en forma de axudas a fondo perdido a proxectos de investimento empresarial, seguindo coa aplicación dos fondos estruturais do novo período marco de programación comunitaria 2007-2013, en 2009 o Instituto ten previsto incrementar de xeito moi relevante outras ferramentas de apoio para o financiamento empresarial, en particular os investimentos nas entidades de capital risco (SODIGA e o Fondo de Capital Risco Adiante) e a concesión de préstamos directos a empresas mediante a cooperación co Banco Europeo de Inversiones. Case 31 millóns de euros destinados ás entidades de capital risco e 150 millóns para un programa de préstamos directos a empresas son os importes que fan medrar de xeito tan significativo os gastos presupostados neste eixe, con respecto ao ano anterior. Esta última medida contempla obter do BEI os fondos que se dedicarán á concesión de préstamos a pemes, que acadarán un importe de 200 millóns de euros ao engadirse novos instrumentos de cobertura de riscos que se implantarán en colaboración coa citada entidade, afondando así na cooperación con esta entidade pública iniciada recentemente, e que da un novo impulso ás medidas baseadas en enfoques de riscos compartidos en detrimento das axudas a fondo perdido. A ampliación contemplada no proxecto da Lei de Orzamentos do límite de concesión de avais polo Instituto ata un risco máximo de 500 millóns de euros mais o impulso a liñas de financiamento de circulante e de reestructuración de pasivos complementan a batería de medidas neste ámbito.

Ademais dos importantes recursos financeiros dedicados polo Instituto a este eixe, as medidas de impulso dos investimentos empresariais se complementan coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía, a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de reindustrialización do Ministerio de Industria que acompañarán as actuacións do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Nesta liña contéplase unha dotación específica de 6 millóns de euros para proxectos de desenvolvemento nas comarcas citadas, para esta liña de actuación iniciada en 2006, e que este ano

tamén contempla a posibilidade de promover infraestruturas físicas para prover espazos para a implantación nas comarcas de empresas de servizos avanzados.

Os concellos incluídos nos ámbitos de plans territoriais como o Plan de Reequilibrio Territorial ou o Plan da Costa da Morte tamén están contemplados nas bases reguladoras das axudas con incentivos adicionais para os proxectos de investimento empresarial destinados a ditos territorios.

### **Eixe 3: Internacionalización**

En liña co Acordo pola Competitividade de Galicia, a importancia do fomento da internacionalización fai que este eixe se veña consolidando dende hai uns anos como un dos eixes prioritarios das actividades do Instituto, e que se converta en 2009 en un dos que experimenta un maior crecemento en termos de recursos financeiros respecto ao ano anterior intentando impulsar este factor como unha das respostas á conxuntura económica actual.

A publicación en maio 2008 dunhas novas bases reguladoras de axudas para a internacionalización das empresas galegas vén de completar un amplo programa de apoios e servizos neste eido, provocando a subida do orzamento total deste eixe de 5,7 millóns de euros en 2008 a 11,5 millóns en 2009. Este eixe contempla mais de 5 millóns de euros para as subvencións derivadas das novas bases de axudas mencionadas anteriormente, e algo máis de 3 millóns de euros destinados á promoción exterior de bens, servizos e investimentos, a iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior, incluíndo por exemplo a celebración en xaneiro 2009 en Santiago de Compostela dun novo encontro de empresarios e profesionais galegos en rede de 5 días de duración. O resto do orzamento dedicarase aos centros de promoción de negocios do Instituto no exterior e ás accións para atracción e retención de investimentos estranxeiros, incorporando accións específicas para a fidelización de novos investimentos.

### **Eixe 4: Mellora da competitividade**

Ademais da contribución que os eixes anteriores pretenden facer para mellorar a competitividade do tecido empresarial, os orzamentos contemplan un eixe con accións específicas neste eido, principalmente subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial mediante a consultoría de procesos e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, entre outros. Entre as novas liñas pódese salientar que se contemplan neste eixe incentivos para as empresas galegas para incentivar o seu acceso ao Mercado Alternativo Bursatil, facilitándolles a

realización das análises e procesos previos preparatorios como unha oportunidade máis de mellorar as súas capacidades financeiras.

Estas accións complementáanse con outros incentivos económicos ao abeiro de programas coxestionados coa Administración Central (Programa Innoempresa), que segue a acoller nas sucesivas convocatorias realizadas no 2007 e 2008 un elevado número de solicitudes por parte das pemes e de institucións asociativas das mesmas nos ámbitos de innovación organizativa, innovación tecnolóxica, e a realización de diagnósticos e plans de mellora, entre outros.

Por último contémplanse tamén neste eixe iniciativas de colaboración con entidades galegas sen fin de lucro para o artellamento de iniciativas singulares de apoio á innovación nas empresas galegas.

### **Eixe 5: Cooperación**

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos e outra das medidas sinaladas no Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011 para contribuír ao desenvolvemento e á modernización empresarial, e que o Instituto vén tendo presente especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste eixe nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais destinatarios os clústers e organismos intermedios.

Tamén inclúense neste eixe as múltiples iniciativas de colaboración que se levan realizando mediante actuacións coordinadas cos axentes financeiros situados en Galicia, tanto de carácter público como o ICO, como de carácter privado como as entidades financeiras implantadas en Galicia, no ámbito de favorecer o acceso ao financiamento das pemes en xeral ou de sectores particulares do tecido produtivo en colaboración cos departamentos competentes da Xunta de Galicia como Medio Rural e Pesca, entre outros.

Baixo este enfoque de cooperación e coordinación entre axentes inclúense medidas como os incentivos económicos a agrupacións empresariais innovadoras (AEIs) para o desenvolvemento de polos de crecemento e innovación. Inclúense deste xeito apoios para a elaboración de plans estratéxicos sectoriais ou multisectoriais, a nivel de cadeas de valor, para a implementación dos propios plans. Baixo este eixe contéplase tamén a creación de redes e foros de intercambio e colaboración no ámbito da innovación e a excelencia empresarial.

**Eixe 6: Proxectos Igape proactivo**

Baixo este eixe inclúense accións que teñen como denominador común mellorar a atención integral do Instituto aos empresarios e emprendedores, tomando a iniciativa no desenvolvemento de proxectos como a administración electrónica ou o desenvolvemento de portelos multicanle de atención integral a proxectos empresariais, ou fomentando a participación en proxectos e iniciativas convocadas pola Unión Europea. A formulación de actividades formativas para os recursos humanos do Instituto pretende fortalecer as capacidades de prestación deste tipo de servizos e a concienciación en xeral de avanzar nas ferramentas de coñecemento.

**Eixe 7: Actividades soporte**

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do instituto e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

*CONSELLO ECONOMICO E SOCIAL DE GALICIA*

As liñas de acción para o exercizo económico 2009 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

1. Ditames de solicitude preceptiva de anteprojectos de lei, proxectos de decretos legislativos, plans xerais e sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, de anteprojectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou funcionamento do Consello, e de anteprojectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ao Consello.
2. Ditames facultativos, solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.
3. Informes ou estudos por solicitude da Xunta de Galicia sobre as reformas de normativa vixente e sobre a elaboración de plans e programas que afecten ao desenvolvemento económico e social.
4. Informes ou estudos por propia iniciativa (sobre as reformas da normativa vixente e a elaboración dos plans e programas así como a execución destes co obxectivo de mellorar o desenvolvemento económico e social da Comunidade, e sobre as repercusións e adaptacións que as novas tecnoloxías imponían no sistema económico e social galego).
5. Memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.

*CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA  
E CONTABLE*

A Consellería de Economía e Facenda implantará no ano 2009 novas aplicacións informáticas tendentes a lograr unha maior eficacia e unha importante axilización de distintos procedementos administrativos.

Tratase de seguir achegando a Administración da Xunta de Galicia ao cidadán e levar a cabo así mesmo a integración dos diferentes Sistemas de Información co obxecto de reducir tempos e custos na tramitación administrativa.

Algunhas das actuacións mais relevantes no ámbito das novas tecnoloxías que se poñerán en marcha o vindeiro ano e que citamos por singulares son :

1. Inicio da integración contable en tempo real de Entes, Sociedades , Axencias e Fundacións no Sistema de Información Contable Xumco2 coa posta en marcha de tres deles o 1 de xaneiro do ano 2009.
2. Posta en marcha dun Xestor de Expedientes de Contratación a disposición de todas as Consellerías da Xunta de Galicia e os Organismos dependentes dela independente da súa natureza xurídica.
3. Implantación dun Sistema Informático para a licitación electrónica que permitira a tramitación vía internet de todos os procedementos relativos as distintas modalidades de licitación .
4. Portal do Cartafol Electrónico do Cidadán no que se recolleran un conxunto de aplicacións informáticas permitindo unha relación mais áxil e dinámica do cidadán coa administración a través de internet Dende este portal poderase así mesmo acceder de maneira centralizada a todos os tramites e consultas de expedientes relativos a Consellería de Economía e Facenda.
5. E por ultimo e relativo o novo Sistema de Información de Recursos Humanos realizarase unha importante integración dos procedementos interconectando os distintos xestores dos mesmos (Orzamentos, Función Pública, Intervencións e Habilitacións ) nunha única base de datos e sistema informático co obxecto de racionalizar os mesmos e ademais constituír un único expediente administrativo nunha base de datos documental .

### 2.3.2 Sociedades mercantís

#### *SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA (SPI)*

A sociedade plantéxase a realización na anualidade 2009 de actuacións correspondentes as infraestruturas en curso encargadas por diversos departamentos da Xunta de Galicia, así como o inicio de novos proxectos de investimento entre os que destacan, o inicio da construción de dúas instalacións hospitalarias para o Servizo Galego de Saúde. En conxunto, a sociedade ten previsto executar investimento no ano 2009 por importe de máis de 104 millóns de euros.

#### *AUTOESTRADA ALTO DE SANTO DOMINGO-OURENSE, S.A (ACEOUSA)*

A Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A. ten por obxectivos no ano 2009 os seguintes :

1. Finalización da construción da Autoestrada:  
Treito enlace de Cea –A –52 (1º Trimestre 2009)  
Ramal a Carballiño e enlace de Maside ( 4º Trimestre 2009)
2. Conservación e explotación do tramo postos xa en servizo nos anos 2007 e 2008 .
3. Obter maior rendibilidade polo uso da Autoestrada (Incremento Tráfico )

#### *CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA (CEEI GALICIA, S.A)*

A sociedade facilita ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento delas. Así mesmo, a sociedade desenvolverá unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais no seu entorno, encamiñada a incentivar o nacemento de novos proxectos empresariais.

Así, desde a súa constitución, e como instrumento de desenvolvemento impulsa e apoia a creación, consolidación e expansión de empresas a través de catro liñas prioritarias de actuación:

1. Servizos a emprendedores e de Creación de empresas.

2. Mellora competitiva de empresas.
3. Promoción de novas empresas nos sectores estratéxicos de Galicia.
4. Participación en Redes de Cooperación.

Os principais eixes e as directrices sobre as que se asenta a activade de C.E.E.I. GALICIA para o exercizo 2009 son:

**- Eixo I. Emprendedores.**

Dinamizar, difundir e inculcar o espírito emprendedor, coa potenciación da creación de empresas en Galicia especialmente receptivas á alternativa emprendedora.

**- Eixo II. Consolidación.**

Incrementar tanto o tamaño medio das pemes e micropemes, como o tempo de duración das mesmas; así como facilitando a participación en redes de cooperación e proxectos que favorezan a expansión das Pemes, facilitando o acceso a novos mercados.

**- Eixo III. Innovación.**

Incrementar a capacidade de innovación das empresas galegas mediante a utilización de diversas ferramentas e metodoloxías como favorecendo a creación de empresas innovadoras no tecido galego.

*SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA (SODIGA)*

Para o ano 2009 prevese ampliar capital por importe de 16.476 miles de euros.

Está previsto que o Consello de Administración de Sodiga aprobe a participación en 5 proxectos de investimento por un montante de 40.000 miles de euros. A sociedade centrará a súa actividade nos sectores prioritarios de : Renovables, Biotecnoloxía, Transformados da pesca, Sector da madeira –mobs e Sector transporte marítimo.

*XES GALICIA*

Establecese como obxectivo no exercizo 2009 a aprobación polo Consello de Xesgalicia dun total de 37 proxectos de investimento, por un importe global de 76.200 miles de euros entre participacións en capital e empréstitos, repartidos do seguinte xeito:

	<u>Nº proxectos</u>	<u>miles de euros</u>
Sodiga	5	40.000
Fondo Emprende	12	15.000
Fondo Adiante 2000	9	14.000
Fondo Semente	4	1.000
Ferrolterra	4	5.000
Capacita	3	1.200
	<hr/>	<hr/>
	37	76.200

---

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009

---

#### 3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

##### 3.1.1 Da Consellería

#### PROGRAMA 611A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ECONOMÍA E FACENDA

##### 1. Descrición

A finalidade deste programa é, con carácter xeral, atender a xestionar os gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais da Consellería de Economía e Facenda.

Coordinar os servizos centrais tanto no que respecta a medios humanos coma aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

##### 2. Actividades

1. Xestión económica e seguimento da execución orzamentaria dos diferentes servizos da consellería.
2. Implantación da licitación electrónica.
3. Xestión de asistencias técnicas, convenios e outros servizos para apoios a diversas actividades da consellería.
4. Xestión das transferencias correntes e de capital ao Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, para o seu financiamento. Polo que respecta ao CIXTEC o detalle



dos obxectivos e principais actuacións a desenvolver en 2009 está especificado na memoria e nos estados financeiros elaborados polo citado organismo.

5. Xestión de recursos humanos da Consellería de Economía.
6. Coordinar as medidas do Plan de Racionalización do sector público de Galicia (anualidade 2009).
7. Emitir informes e ditames dirixidos ao sector público en materia de contratación administrativa no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio

## **PROGRAMA 611B. FORMACIÓN DO PERSOAL DE ECONOMÍA E FACENDA**

### **1. Descrición**

Celebración de cursos, apoio ao desenvolvemento de xornadas, organización de seminarios e conferencias, co obxecto do fomento da formación continua e a especialización do persoal da consellería.

### **2. Actividades**

1. Plan de formación 2009.
2. Cursiños: formación continua do persoal.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio

## **PROGRAMA 612A. PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA**

### **1. Descrición**

1. Planificación económica, coordinación de investimentos e fondos comunitarios.
2. Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma.

### **2. Actividades**

1. Realización de previsión económica a curto e medio prazo.

2. Planificación e seguimento da política económica da Xunta de Galicia, incluída a instrumentación de mecanismos de obtención e xeración de indicadores.
3. Coordinación, análise, elaboración de estudos e celebración de seminarios referentes á conxuntura económica e elaboración de previsións sobre o comportamento da economía galega.
4. A análise dos plans sectoriais e dos orzamentos das administracións públicas en relación coa programación económica da Xunta de Galicia.
5. A realización, coordinación e análise de estudos referentes á conxuntura económica e á elaboración de previsións sobre o comportamento da economía galega.
6. O estudo, coordinación e elaboración de propostas de aplicación da política rexional comunitaria e dos fondos estruturais e de cohesión.
7. Formulación de instrucións para a programación anual dos proxectos de investimentos da Xunta de Galicia que configuran o Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), Fondos Estruturais, Fondo de cohesión e Iniciativas comunitarias da UE.
8. Seguimento do réxime de axudas e avaliación de programas operativos 2007-2013 (FEDER e FSE) e do impacto económico a medio prazo das políticas comunitarias nacionais e rexionais. Verificación de operacións cofinanciadas con fondos europeos (Regulamento CE 1083/2006).
9. Coordinación, seguimento e reembolso das actuacións anteriores a 2009 e das axudas comunitarias previstas no orzamento 2009.
10. Coordinación, seguimento e reembolso das actuacións anteriores a 2009, de fondos comunitarios e FCI. A emisión periódica de informes sobre a súa xestión.
11. A coordinación e elaboración dos informes e propostas relativas ás inspeccións técnicas e financeiras que realicen as autoridades comunitarias, referidas aos ditos fondos.
12. Coordinación e impulso de actuacións da administración autonómica en materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais da UE.
13. Seguimento do impacto económico a medio prazo das políticas comunitarias nacionais e rexionais.
14. Coordinación de actuacións tendentes ás demandas de información das inspeccións técnicas e financeiras comunitarias.
15. Publicar e difundir instrucións para a programación anual dos proxectos de investimentos da Xunta de Galicia do FCI, FEDER e FSE, así como os procedementos para reembolsos dos créditos provenientes dos ditos fondos.
16. Mellorar a coordinación e complementariedade entre a programación dos fondos estruturais

(FEDER e FSE) a través da Comisión de Coordinación de Fondos Comunitarios aprobada polo Decreto 184/2007, do 13 de setembro.

17. Participación nos comités de seguimento Europeos e de Investimentos Públicos.
18. Xestionar as achegas correntes e de capital ao CES para o seu financiamento.
19. Difusión de temas relacionados coa economía de Galicia nos distintos medios de comunicación.
20. A coordinación administrativa e o seguimento do cumprimento dos acordos da Comisión Delegada da Xunta para Asuntos Económicos e, en particular, dos contratos-programa aprobados pola dita Comisión.
21. Elaboración dos Orzamentos e da lei Orzamentaria.
22. Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario.
23. Control dos expedientes de modificación de créditos.
24. Seguimento das medidas de austeridade e racionalización do gasto público incluídas neste orzamento.
25. Seguimento do gasto sanitario.
26. Asistencia sectorial ás consellerías no marco do desenvolvemento do Pacto Local.
27. Seguimento de actuacións de política económica da administración autonómica: Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010.
28. As relacións técnicas de cooperación e seguimento dos traballos do Consello Económico e Social de Galicia e doutros organismos públicos.
29. Reforma da Lei de réxime financeiro e orzamentario.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio

Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios

Dirección Xeral de Orzamentos

## PROGRAMA 621A. ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL

### 1. Descrición

1. Seguimento da reforma do modelo de financiamento autonómico.
2. Control financeiro do gasto.
3. Ordenación de pagamentos e xestión de cobros.
4. Planificación do endebedamento da CA.
5. Control da xestión dos tributos propios.
6. Coordinación e xestión da contabilidade presupostaria financeira e patrimonial da comunidade autónoma.
7. Control interno da actividade económico-financeira.
8. Xestión patrimonial
9. Desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
10. Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
11. Supervisión de caixas de aforro e outras entidades financeiras.

### 2. Actividades

1. Realización de auditorías operativas e de contas, segundo o establecido no Plan de Control Financeiro 2009, e análise das mesmas.
2. Control financeiro no SERGAS.
3. Elaboración de regulamentos de control financeiro
4. Análise e deseño da política global de ingresos públicos, e elaboración da súa normativa no relativo aos tributos cedidos polo Estado á Comunidade Autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
5. Accións de mellora na xestión, inspección e recadación dos mesmos.
6. Impulso da Oficina Virtual Tributaria e Financeira.
7. O impulso e a coordinación das relacións de colaboración que, en materia tributaria, se poidan establecer con outras administracións públicas.
8. Apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

9. Programa de pagarés a curto prazo.
10. Elaboración e execución do “Plan de auditorías” e do “Plan de control financeiro do exercizo 2009”.
11. Mantemento edificios delegacións territoriais.
12. Execución do “Plan de espazos en edificios administrativos” da Xunta de Galicia: inicio da construción do edificio administrativo de Salgueiriños.
13. Optimización da xestión dos bens da comunidade autónoma coa posta en valor daquel patrimonio inmobiliario non afecto a usos ou servizos públicos.
14. Elaboración da estratexia e do programa anual de endebedamento da Comunidade Autónoma.
15. Recorrer aos mercados de capitais co lanzamento de novas emisións de obrigas.
16. Implantación da tramitación telemática dos expedientes de autorizacións das caixas de aforro.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio  
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma  
Dirección Xeral de Tributos  
Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

## **PROGRAMA 741A. APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL**

### **1. Descrición**

Este programa ten como finalidade o desenvolvemento das accións encamiñadas ao fomento da competitividade e produtividade co obxectivo de incidir no desenvolvemento económico de Galicia, o impulso á cooperación e participación entre os axentes económicos galegos, o fomento ao investimento empresarial e á internacionalización da economía galega mediante achegas patrimoniais en forma de activos financeiros e o financiamento da Consellería de Economía e Facenda ao ente de dereito público Instituto Galego de Promoción Económica para o cumprimento das súas finalidades, de acordo co establecido na Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do citado ente.

## **2. Actividades**

Xestión de transferencias correntes e de capital ao Instituto Galego de Promoción Económica como financiamento dos eixes seguintes: emprendedores, investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade e competitividade, proxecto Igape proactivo, Plan costa da morte, Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, Plan de reequilibrio territorial, actividade de soporte, investimento empresarial e dinamización do tecido produtivo. Na memoria e nos estados financeiros elaborados polo Instituto Galego de Promoción Económica detállanse os obxectivos e principais actuacións a desenvolver en 2009.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio

# **PROGRAMA 741B. FOMENTO DO INVESTIMENTO EN CAPITAL HUMANO**

## **1. Descrición**

Este programa dirixirase a dotar ao Instituto Galego de Promoción Económica de recursos correntes suficientes co fin de que promova a consecución de emprego estable e de calidade.

## **2. Actividades**

Transferencias correntes ao IGAPE para apoio dos proxectos de mellora de capital humano e programas de formación e emprego recollidos basicamente no eixo de emprendedores do organismo, tal e como consta na memoria e nos estados financeiros elaborados polo Instituto Galego de Promoción Económica.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio

# **PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA**

## **1. Descrición**

Inclúese neste programa o financiamento que a Consellería de Economía e Facenda proporciona ao Instituto Galego de Estatística (IGE) creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, como organismo autónomo de carácter administrativo, para o cumprimento das súas finalidades, así como a realización das operacións estatísticas da propia Consellería de Economía dentro do “Programa Estatístico 2009”.

## **2. Actividades**

1. Xestión das transferencias correntes e de capital ao Instituto Galego de Estatística, para o seu financiamento. Polo que respecta ao IGE o detalle dos obxectivos e principais actuacións a desenvolver en 2009 está especificado na memoria e nos estados financeiros elaborados polo citado instituto.
2. Realización das operacións estatísticas que lle corresponden á Consellería de Economía e Facenda no “Programa Estatístico 2009”.
3. Continuación da actividade estatística: “Observatorio Fiscal de Economía Galega”.
4. Difundir e publicar informes e estudos de contido estatístico sobre materias de competencia da Consellería de Economía e Facenda.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio

## **PROGRAMA 613A. DEFENSA DA COMPETENCIA**

### **1. Descrición**

Inclúese neste programa o financiamento que a Consellería de Economía e Facenda proporciona ao Tribunal galego de defensa da competencia, creado pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, como organismo autónomo de carácter administrativo, para o cumprimento das súas finalidades.

### **2. Actividades**

Xestión das transferencias correntes e de capital ao Tribunal galego de defensa da competencia para o seu financiamento. O detalle dos obxectivos e principais actuacións a desenvolver en 2009 está especificado na memoria e nos estados financeiros elaborados polo citado organismo.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral e do Patrimonio

### 3.1.2 Dos organismos autónomos

## INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

### PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

#### 1. Descripción

Inclúese neste programa a dirección e coordinación das actividades estatísticas no ámbito competencial da Comunidade Autónoma que leva a cabo o Instituto Galego de Estatística (IGE), creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, como organismo autónomo de carácter administrativo, para o cumprimento das súas finalidades.

#### 2. Actividades

1. Dirixir e coordinar as actividades estatísticas no ámbito competencial da comunidade autónoma.
2. Elaborar as estatísticas que se establezan no Plan galego de estatística e no Programa estatístico 2009, así como calquera outras que lle poidan encomendar ou que se establezan en virtude dos convenios con outros organismos públicos.
3. Promover a confección de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública galega.
4. Fomentar a investigación estatística.

#### 3. Órgano encargado da súa execución

Instituto Galego de Estatística

## TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

### PROGRAMA 613A. DEFENSA DA COMPETENCIA

#### 1. Descripción

Inclúense neste programa as actividades que leva a cabo o Tribunal galego de defensa da competencia, creado pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, como organismo autónomo de carácter administrativo, para o cumprimento das súas finalidades.



## **2. Actividades**

1. Resolver os expedientes relativos á conduta dos operadores económicos que teñan entrada no Tribunal.
2. Elaborar os informes ou ditames que lle sexan requiridos, ó abeiro do disposto na Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma.
3. Elaborar e promover estudos sobre a situación da competencia en Galicia e sobre as posibilidades de mellora dos niveis de competencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Elaborar folletos informativos e publicacións destinadas a dar a coñecer os valores da competencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Organizar xornadas e, en xeral, cantas actividades contribúan á difusión dos valores da competencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Participar nos actos e iniciativas que se organicen por outras entidades ou organismos de defensa da competencia nacionais ou internacionais, colaborando nas súas actividades.
7. Elaborar a memoria anual e o informe sobre a situación da competencia e remitilos ó Parlamento.

## **3. Órganos encargados da súa execución**

Tribunal Galego de Defensa da Competencia

#### 4. CADROS NUMÉRICOS

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos								Total
	01	02	03	04	05	06	80	81	
581A-Elaboración e difusión estatística	65,0						5.195,7		5.260,7
611A-Dirección e servizos xerais de economía e facenda	22.142,3								22.142,3
611B-Formación do persoal de economía e facenda	40,0								40,0
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	2.642,5			1.459,9		4.246,8			8.349,2
613A-Defensa da competencia								897,9	897,9
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	13.470,9	8.993,7	3.305,0		1.672,3				27.441,9
741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	113.847,5								113.847,5
741B-Fomento do investimento en capital humano	3.308,1								3.308,1
<b>Total</b>	<b>155.516,4</b>	<b>8.993,7</b>	<b>3.305,0</b>	<b>1.459,9</b>	<b>1.672,3</b>	<b>4.246,8</b>	<b>5.195,7</b>	<b>897,9</b>	<b>181.287,7</b>

(Miles de euros)

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							Total
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	
581A-Elaboración e difusión estatística	3.049,9	452,1		87,8	1.670,9			5.260,7
611A-Dirección e servizos xerais de economía e facenda	3.785,4	1.575,1		7.832,4	248,0	8.701,3		22.142,3
611B-Formación do persoal de economía e facenda		40,0						40,0
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	3.050,5			1.318,5	3.956,2	24,0		8.349,2
613A-Defensa da competencia	470,7	316,6		27,2	83,4			897,9
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	22.543,9	2.808,0	3,5		2.086,5			27.441,9
741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial				6.953,8		106.045,4	848,4	113.847,5
741B-Fomento do investimento en capital humano				3.308,1				3.308,1
<b>Total</b>	<b>32.900,5</b>	<b>5.191,7</b>	<b>3,5</b>	<b>19.527,9</b>	<b>8.045,0</b>	<b>114.770,7</b>	<b>848,4</b>	<b>181.287,7</b>

(Miles de euros)

## Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	15.016,1	15.186,3	1,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.659,8	2.417,1	-9,1
Cap. IV - Transferencias correntes	19.251,9	19.412,8	0,8
Cap. VI - Investimentos reais	2.450,0	2.881,0	17,6
Cap. VII - Transferencias de capital	111.615,1	114.770,7	2,8
Cap. VIII - Activos financeiros	1.250,0	848,4	-32,1
<b>Total</b>	<b>152.243,0</b>	<b>155.516,4</b>	<b>2,2</b>

(Miles de Euros)

02 INTERVENCIÓN X. DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.041,1	8.207,2	2,1
Cap. VI - Investimentos reais	715,0	786,5	10,0
<b>Total</b>	<b>8.756,1</b>	<b>8.993,7</b>	<b>2,7</b>

(Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.226,1	1.267,0	3,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.038,0	2.038,0	0,0
<b>Total</b>	<b>3.264,0</b>	<b>3.305,0</b>	<b>1,3</b>

(Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.430,8	1.459,9	2,0
<b>Total</b>	<b>1.430,8</b>	<b>1.459,9</b>	<b>2,0</b>

(Miles de Euros)

05 D. X. DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.632,0	1.668,8	2,3
Cap. III - Gastos financeiros	0,0	3,5	0,0
<b>Total</b>	<b>1.632,0</b>	<b>1.672,3</b>	<b>2,5</b>

(Miles de Euros)

06 D.X. DE PLAN.ECON. E FONDOS COMUNITARIOS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.563,3	1.590,6	1,7
Cap. VI - Investimentos reais	2.491,0	2.656,2	6,6
<b>Total</b>	<b>4.054,3</b>	<b>4.246,8</b>	<b>4,7</b>

(Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.036,5	3.049,9	0,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	461,7	420,1	-9,0
Cap. IV - Transferencias correntes	94,9	87,8	-7,5
Cap. VI - Investimentos reais	1.803,9	1.637,9	-9,2
<b>Total</b>	<b>5.397,1</b>	<b>5.195,7</b>	<b>-3,7</b>

(Miles de Euros)

81 TRIBUNAL GALEGO DEFENSA DA COMPETENCIA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	464,9	470,7	1,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	348,7	316,6	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	30,0	27,2	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	91,8	83,4	-9,2
<b>Total</b>	<b>935,3</b>	<b>897,9</b>	<b>-4,0</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO	152.243,0	155.516,4	2,2
02 INTERVENCIÓN X. DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	8.756,1	8.993,7	2,7
03 DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS	3.264,0	3.305,0	1,3
04 DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS	1.430,8	1.459,9	2,0
05 D. X. DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO	1.632,0	1.672,3	2,5
06 D.X. DE PLAN.ECON. E FONDOS COMUNITARIOS	4.054,3	4.246,8	4,7
80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	5.397,1	5.195,7	-3,7
81 TRIBUNAL GALEGO DEFENSA DA COMPETENCIA	935,3	897,9	-4,0
<b>Total</b>	<b>177.712,8</b>	<b>181.287,7</b>	<b>2,0</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	28.909,5	29.379,9	3.501,4	3.520,6			32.410,9	32.900,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.697,8	4.455,1	810,4	736,7			5.508,2	5.191,7
Cap. III - Gastos financeiros	0,0	3,5					0,0	3,5
Cap. IV - Transferencias correntes	23.688,7	23.743,6	124,9	115,1	4.436,7	4.330,7	19.376,9	19.527,9
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>57.295,9</i>	<i>57.582,0</i>	<i>4.436,7</i>	<i>4.372,4</i>	<i>4.436,7</i>	<i>4.330,7</i>	<i>57.295,9</i>	<i>57.623,6</i>
Cap. VI - Investimentos reais	5.656,0	6.323,7	1.895,7	1.721,3			7.551,7	8.045,0
Cap. VII - Transferencias de capital	113.510,8	116.492,0			1.895,7	1.721,3	111.615,1	114.770,7
Cap. VIII - Activos financeiros	1.250,0	848,4					1.250,0	848,4
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>120.416,8</i>	<i>123.664,1</i>	<i>1.895,7</i>	<i>1.721,3</i>	<i>1.895,7</i>	<i>1.721,3</i>	<i>120.416,8</i>	<i>123.664,1</i>
<b>Total</b>	<b>177.712,8</b>	<b>181.246,1</b>	<b>6.332,4</b>	<b>6.093,7</b>	<b>6.332,4</b>	<b>6.052,0</b>	<b>177.712,8</b>	<b>181.287,7</b>

(Miles de Euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	12	12
<i>Persoal funcionario</i>	765	765
Subgrupo A1	331	177
Subgrupo A2	46	190
Subgrupo C1	218	228
Subgrupo C2	153	153
Grupo E e agrupacións profesionais	17	17
<i>Persoal laboral</i>	34	34
Grupo I	1	1
Grupo II	1	1
Grupo III	14	14
Grupo IV	14	14
Grupo V	4	4
<i>Outro persoal</i>	11	11
<b>TOTAL</b>	<b>822</b>	<b>822</b>

Instituto Galego de Estatística	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	62	60
Subgrupo A1	45	24
Subgrupo A2	2	21
Subgrupo C1	7	7
Subgrupo C2	7	7
Grupo E e agrupacións profesionais	1	1
<i>Persoal laboral</i>	13	13
Grupo III	11	11
Grupo IV	2	2
<b>TOTAL</b>	<b>76</b>	<b>74</b>

Tribunal Galego de Defensa da Competencia	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	3	
<i>Persoal funcionario</i>	5	5
Subgrupo A1	1	1
Subgrupo A2	1	
Subgrupo C1	2	3
Grupo E e agrupacións profesionais	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>5</b>

## Sociedades públicas

Sociedades Públicas	2009		
	Explo.	Capit.	TOTAL
Instituto Galego de Promoción Económica	124.336,0	306.405,0	430.741,0
Consello Económico e Social	1.312,0	1.314,0	2.626,0
SODIGA	5.138,0	0,0	5.138,0
Centro Europeo Empresas e Innovación de Galicia,S.A.	3.226,0	30,0	3.256,0
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	6.398,0	47.148,0	53.546,0
CIXTEC	23.734,0	23.879,0	47.613,0
XES GALICIA	4.496,0	1.702,0	6.198,0
Autoestrada Alto de Santo Domingo - Ourense	9.899,0	25.288,0	35.187,0

(Miles de euros)

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS  
E TRANSPORTES**

SECCIÓN 08





## 1. COMPETENCIAS

---

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes é o órgano da Administración Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de política territorial, urbanismo, ordenación do litoral, portos, estradas, transportes e comunicacións, e demais obras públicas en xeral, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia nos termos sinalados na Constitución e demais normativa vixente de aplicación.

A acción política da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes guíase pola idea fundamental de que o territorio é o principal activo de que dispón a nosa sociedade. Un activo que ten algo máis que un valor económico de uso, que non é só un recurso de explotación económica, senón que é o contorno no que os seres humanos desenvolven a súa vida, xerando, polo tanto, con el, unha relación de identidade, unha relación emocional que nos obriga a protexelo, a ordenar con mimo o seu uso e a transferilo, se é posible, en mellores condicións das que nós o temos herdado.

A política territorial para Galicia abordará de xeito global o desenvolvemento dun territorio ordenado, buscando fortalecer 3 tipos de relacións: a necesaria interrelación entre as cidades, a vinculación entre o medio rural, o ámbito periurbano e o mundo urbano, e a coordinación entre as administracións municipais, supramunicipais e autonómica. Deste xeito poderemos planificar e ordenar con criterios de sostibilidade ambiental, económica e social os usos do territorio e os investimentos en infraestruturas.

Para que o sistema territorial cumpra a súa función é preciso que as infraestruturas e o transporte artellen axeitadamente o territorio unindo o sistema de cidades, permitindo as comunicacións dentro das áreas metropolitanas e das rexións urbanas, conformando eixes de comunicación entre as grandes cidades e as cidades intermedias e facilitando o acceso ao medio non urbano. Todo iso, para que as cidades desenvolvan a súa potencialidade para espallar a innovación polo territorio, contribuíndo a xerar actividade económica e mellorando a calidade de vida.

Actualmente, e de acordo co previsto no artigo 4 do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Conselleiro
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Urbanismo
4. Dirección Xeral de Obras Públicas

5. Dirección Xeral de Transportes

Así mesmo, segundo o devandito decreto, quedan adscritos á Consellería:

1. Ente Público Portos de Galicia
2. Xurado de Expropiación de Galicia

A mencionada estrutura orgánica desenvolveuse no Decreto 519/2005, do 6 de outubro, que foi modificado polo Decreto 65/2006, do 20 de abril, e polo Decreto 122/2007, do 21 de xuño.

Dúas observacións temos que facer respecto da mencionada estrutura orgánica.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que o pasado mes de abril entrou en funcionamento a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, á que nos referimos máis adiante.

En segundo lugar, temos que indicar que está en trámite o proxecto de decreto polo que se establece unha nova estrutura orgánica da consellería, nel se inclúe a creación dun novo órgano, con rango de secretaría xeral, o Comisionado para a Seguridade Viaria de Galicia

A Secretaría Xeral da consellería exerce as funcións ás que se refire o Decreto 119/1982, do 5 de outubro. Entre estas merece destacarse a asistencia técnica e administrativa á persoa titular da consellería, os labores de coordinación administrativa e réxime interior e a elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería.

En virtude da orde de delegación de competencias actualmente vixente, ao secretario xeral correspóndelle tamén o exercicio de importantes funcións en materia de administración de persoal, contratación administrativa, xestión financeira e resolución de reclamacións e recursos administrativos.

A Dirección Xeral de Urbanismo exerce, con carácter xeral, a función de definición da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio. Máis especificamente, correspóndelle: a programación, dirección e control da política de ordenación do territorio e do litoral; a execución e o mantemento da cartografía precisa para o desenvolvemento das súas competencias; o fomento e a coordinación do planeamento urbanístico e o seu seguimento.

A Dirección Xeral de Obras Públicas é o órgano responsable de impulsar, xestionar e coordinar as políticas atribuídas á consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e construción de estradas e, en particular, exerce as funcións atribuídas pola Lei 4/1994 de estradas de Galicia, de regulamentación, proxecto, construción, conservación, financiamento, uso e explotación das estradas con itinerario comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan de titularidade do Estado.

A Dirección Xeral de Transportes exerce, entre outras, as seguintes funcións: ordenación, control e inspección dos transportes mecánicos por estrada, ferrocarril e cable, e dos servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realicen entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma; outorgamento de autorizacións para o transporte público, discrecional e privado; programación e planificación dos distintos tipos de transporte; programación de investimentos, obras e instalacións relacionadas cos transportes.

O Ente Público Portos de Galicia foi creado por Lei 5/1994, do 29 de novembro, como entidade de dereito público para o desenvolvemento e xestión das funcións que en materia de portos da Comunidade Autónoma se lle atribúen pola citada lei, que en resumo son: a construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, actividades e servizos portuarios, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións, o fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da Comunidade Autónoma, e das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario, a xestión da explotación das instalacións portuarias e demais bens adscritos o seu patrimonio, o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria.

O Xurado de Expropiación de Galicia foi creado no artigo 232 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. A súa composición foi regulada polo artigo 7.2 da Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002, e o seu funcionamento polo decreto 223/2005, do 16 de xuño, que establece a organización e funcionamento.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, adscrita a esta consellería, é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e daqueloutras competencias que lle asignen os seus estatutos.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

1. Transporte: O Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfere competencias en materia de transporte, relativas á concesión, autorización, explotación e inspección dos servizos de transporte por estrada e cable, do establecemento e explotación das estacións de vehículos públicos de viaxeiros

e mercadorías, sobre establecemento e organización dos ferrocarrís e tranvías cando non teñan ámbito nacional e non estean integradas en RENFE. O Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, asume e asigna estas competencias á entón Consellería de Ordenación do Territorio.

2. Urbanismo: O mencionado Real decreto 212/1979, transfire á Xunta todas as competencias atribuídas á Administración do Estado pola Lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte ao ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as funcións e servizos son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden todas as relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.
3. Inspección e sanción dos servizos de transporte: O Real decreto 2299/1982, do 24 de xullo, transfire á Comunidade Autónoma funcións e servizos en materia de inspección e sanción do transporte por estrada e trolebús, afectos ás competencias que lles corresponden. Asumidas e asignadas polo Decreto 129/1982, do 4 de novembro.
4. Portos: Polo Real decreto 3214/1982, do 24 de xullo, transfírense competencias, funcións e servizos en materia de portos relativas á titularidade de todos os portos e instalacións portuarias existentes no territorio da Comunidade Autónoma que non teñan interese xeral, realización das obras nestes e outorgar concesións e autorizacións para o uso e aproveitamento dos bens transferidos. Asumidas e asignadas polo Real decreto 167/1982, do 1 de decembro.
5. Estradas: O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.
6. Estudos de ordenación do territorio: O Real decreto 3564/1983, do 5 de outubro, traspasa as funcións de realizacións de estudos e investigacións, do ámbito local e autonómico, en materia de ordenación do territorio e urbanismo realizadas ata o momento polo CEOTMA, asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.
7. Ordenación do litoral: o Real decreto 659/1985, do 17 de abril, traspasa as funcións relativas á formalización, tramitación e aprobación dos plans de ordenación do litoral. Asumidas e asignadas a esta consellería mediante o Decreto 252/1985, do 28 de novembro.
8. Transporte marítimo: o Real decreto 1641/1996, do 5 de xullo, dispón o traspaso de funcións e servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realiza exclusivamente entre portos ou

puntos da comunidade, sen conexión con portos doutros ámbitos territoriais. Asumidas e asignadas á Consellería de Política Territorial por Decreto 338/1996, do 13 de setembro.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009

---

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición da consellería e dos seus organismos autónomos destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente; a súa análise, detallando obxectivos, accións e actividades, expónse no epígrafe 3 desta memoria, baixo a denominación de distribución funcional por programas de gasto.

Pola súa especial incidencia pódense destacar os seguintes obxectivos e liñas de acción:

### 2.1 DA CONSELLERÍA

#### 1. En materia de estradas:

- a) Posta en marcha do Plan de Director de Estradas de Galicia elaborado co obxectivo de ordenar e xerarquizar a nosa rede de estradas, coordinar as iniciativas das distintas administracións. Completar as comunicacións de Galicia co exterior (Asturias, Castela e León e Portugal), mellorar o acceso ós entornos urbanos, os equipamentos supramunicipais e as grandes áreas industriais e loxísticas, situar a tódolos principais asentamentos a menos de 30 minutos dunha vía de altas prestacións, mellorar a seguridade vial, a conservación e a integración paisaxística das estradas.
- b) Desenvolvemento do Programa Galego de Seguridade Viaria. Tamén por vez primeira, a Xunta de Galicia asume como compromiso propio a redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as súas consellerías. Nos orzamentos de 2009 destinaranse partidas orzamentarias específicas para tal fin, dependendo dos programas ou actuacións que cada unha delas teña previsto asumir (educación vial, xuventude, accións de control e vixilancia campañas de prevención, dispositivos de emerxencia, etc.). A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes reservará fondos nominativos para o mantemento e conservación de estradas, eliminación de Tramos de Concentración de Accidentes (TCAs) e repetirá, dada a súa boa aceptación, campañas como a de “Noitebús”, dirixida especialmente á mocidade e que permite compatibilizar o ocio con desprazamentos seguros. Independentemente destas actuacións propias colaborarase noutras campañas específicas conxuntas que incidan na

concienciación da cidadanía e contribúan á diminución do número de accidentes de tráfico e sobre todo, na redución do número e gravidade das vítimas.

- c) Programa de Mellora da Conservación, o Mantemento e a Sinalización das Estradas Galegas, vinculado directamente co Programa Galego de Seguridade Viaria. En concreto, para o ano 2009 se pretende mellorar de xeito significativo máis de 850 quilómetros da nosa rede de estradas, co obxectivo de darlle unha revisión en profundidade á totalidade da nosa rede nun prazo de seis anos.
- d) Programa de Investimentos da Rede Estruturante de Galicia, impulsando actuacións relevantes como:
- Autovía Vilagarcía-Pontevedra.
  - Terceira ronda da Coruña e Vía Ártabra.
  - Autovía Ferrol-Vilalva.
  - Autovía do Morrazo e Variante de Marín.
  - Corredor Nadela-Sarria-Monforte.
  - Vía de Alta Capacidade Tui-A Guarda e Variante de A Guarda
  - Circunvalacións Leste de Ourense e de Lugo
  - Vía de Alta Capacidade Brión-Noia e Variante de Noia.
  - Autovías do Barbanza e do Salnés.
  - Vía de Alta Capacidade da Costa da Morte.
  - Autoestrada Dozón-Ourense.
  - Corredor do Norte Ferrol-San Cibrao.
- e) Impulso ó Plan Vigo Integra, desenvolvendo distintas alternativas que permitan ofrecer unha mellora substantiva no entramado viario que ten a Comunidade Autónoma en Vigo e a súa área de influencia.
- f) Programa de Actuacións nas Áreas Urbanas tratando de impulsar actuacións que permitan diversificar tráfico nos accesos as cidades e con elo reducir o nivel de conxestión.
- g) Programa de Variantes para reducir paulatinamente o número de travesías da nosa rede e con elo mellorar a mobilidade e a seguridade vial.

2. En materia de urbanismo:

- a) Aplicación da Lei de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia coa que se establecen un conxunto de medidas cautelares que garantan unha nova ordenación do territorio e do litoral do noso país, nomeadamente a suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral e nas áreas do territorio afastadas que non teñan continuidade inmediata co perímetro de solo urbano existente.
- b) Aprobación e Aplicación das directrices de Ordenación do Territorio. As directrices configuran un instrumento co que se pretende orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións dos axentes públicos e privados que teñan incidencia no territorio, suscitando iniciativas e establecendo normas que serán completadas con instrumentos específicos para ordenar os procesos de desenvolvemento que se dan no territorio.
- c) Posta en funcionamento o Instituto do Territorio e Urbanismo contemplado na Lei de Medidas Urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, que será un organismo autónomo. Adscrito organicamente á Consellería competente en materia de Urbanismo e ordenación do territorio, con patrimonio e personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade para obrar. Este organismo terá por obxecto facer análises e estudos en materia de urbanismo e ordenación do territorio e prestar asistencia e asesoramento ós concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento.
- d) Impulso á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e aprobación dos seus estatutos, para mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral coa finalidade de velar polo cumprimento da legalidade, previndo e combatendo as infraccións en materia de urbanismo e de costas, especialmente as que se poidan cometer sobre zonas especialmente sensibles.
- e) Programa de Axudas ó Planeamento Urbanístico Municipal. En Galicia, aínda hoxe moitos concellos carecen de plans de ordenación municipal, o que está a impedir o desenvolvemento ordenado do seu territorio e a aplicación de criterios de crecemento sostibles. Desde a administración local achácase esta situación á falta de medios dos concellos. Para contribuír a solucionar este problema a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes habilitará novas e máis amplas axudas (tanto económicas como en materia de asesoramento técnico) co fin de facilitar a elaboración e tramitación dos plans de ordenación municipal e polo tanto, o desenvolvemento sostible do noso territorio.
- f) Aprobación do Plan Territorial Integrado do Litoral co que se pretende ordenar e poñer en valor unha das principais sinais de identidade do noso país como é o litoral impedindo a construción

masiva e insostible. Preténdeselle dar á este espazo sensible un modelo de desenvolvemento ordenado que garanta a calidade de vida nestes ámbitos e axude a potenciar a economía e o desenvolvemento local das zonas costeiras. Esta preocupación polo ordenación do Litoral complétase con dúas iniciativas adicionais.

-Decreto polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma na zona de servidume do Dominio Público Marítimo Terrestre que estableza as directrices para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostenibilidade, que dea seguridade xurídica ós cidadáns afectados e repona a situación de legalidade onde esta foi vulnerada, co fin de asegurar a conservación e protección das zonas de servidume do Dominio Público Marítimo terrestre que son patrimonio de todos os galegos e galegas.

-Aplicación do Convenio co Ministerio de Medio Ambiente para a xestión integrada do litoral, no que tamén participarán as consellerías de Pesca e Medio Ambiente e que terá como fin coordinar as actuacións a desenvolver na franxa costeira de Galicia e facilitar as xestións administrativas e competenciais. Con este fin constituirase unha comisión de seguimento que establecerá os proxectos e investimentos a realizar no litoral da nosa Comunidade.

- a) Creación do Instituto Cartográfico de Galicia, que será o responsable da produción cartográfica da nosa Comunidade, así como da súa información e actualización. Deste xeito Galicia coordinará e centralizará todos os datos que a súa cartografía e territorio se refiren e encargarse de sistematizar e homoxeneizar os datos. Asemade dotarase dun sistema de información xeográfica accesible para todas as Administracións públicas e para toda a cidadanía, que cada vez con máis frecuencia demanda este tipo de información xeográfica.
- b) Programa de Actuacións en Contornos Singulares. En colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, realizaranse unha serie de actuación en zonas de especial valor ecolóxico ou natural co fin de contribuír ó desenvolvemento local desas zonas e dos seus habitantes. Trátase de preservar e conservar determinadas paraxes naturais, a través de medidas puntuais e específicas para cada zona, que lonxe de supoñer unha carga para as xentes que nelas viven se convertan no elemento fundamental para a creación de riqueza na zona e, en consecuencia, contribúan a unha maior calidade de vida dos seus cidadáns.

3. En materia de ordenación e inspección do transporte.

- a) Actuacións incorporadas no Plan Integral de Transporte de Galicia, PITGAL co obxectivo de consolidar un sistema de transporte público que responda ás necesidades da cidadanía e garanta a viabilidade económica dos servizos ofertados (transporte escolar compartido, transporte a demanda, etc.).



- b) Impulso os Plans de Transporte Metropolitano con propostas que incorporan a implantación dunha tarxeta metropolitana sen contactos, tarifas integradas zonais con despenalización de transbordos e mellora da oferta con máis frecuencias nos principais itinerarios.
  - c) Impulsar a aplicación dun novo escenario normativo que permite actualizar a regulación do transporte de pasaxeiros por estrada, do transporte marítimo nas augas interiores de Galicia e das instalacións de heliportos e aeródromos na nosa Comunidade Autónoma.
  - d) Planificar o desenvolvemento de plataformas loxísticas, que contribúan á perfilar estratexias específicas para implantación territorial destes centros, dado que os servizos loxísticos e o transporte constitúen un dos elementos substanciais do desenvolvemento industrial, ó contribuír á competitividade industrial, a complementariedade do sistema portuario e a eficiencia da distribución. Neste sentido, estudarase a creación dun Instituto de Loxística.
  - e) Impulsar un programa intensivo de mellora de equipamentos vinculados ao transporte, que faga máis atractivo para os usuarios o uso do transporte público colectivo e contribúa ao seu fortalecemento (instalación de novas marquesiñas, identificador de paradas, etc.)
  - f) Avance cos concellos para impulsar novas fórmulas de mobilidade nos contornos urbanos. Neste apartado é esencial a análise de viabilidade da futura implantación dos metros lixeiros nas cidades de Vigo e A Coruña.
  - g) Novos convenios con RENFE, FEVE e a Dirección Xeral de Ferrocarriles, que permitirán mellorar o aproveitamento que os usuarios poidan facer por ferrocarril ampliando frecuencias, percorridos e servizos e, ademais, melloren a seguridade da rede ferroviaria coa paulatina supresión de pasos a nivel.
4. Xurado de Expropiación de Galicia. O Obxectivo é consolidar o funcionamento deste organismo que cumpre unha función fundamental como é a resolución dos expedientes de expropiacións a través dun proceso no que se garanta un xustiprezo nun prazo axeitado.

## 2.2 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### 2.2.1 Entes de dereito público

#### PORTOS DE GALICIA

Portos de Galicia constitúese, como o principal instrumento para executar as competencias portuarias que ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Como ente público, exerce as competencias exclusivas sectoriais sobre portos de titularidade da Administración Autonómica.

Asemade, dende o punto de vista competencial, a Xunta de Galicia, en virtude da reforma da Lei 27/1992 de portos do Estado e da mariña mercante efectuada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, ostenta as competencias para nomear aos presidentes e vocais dos concellos de administración das autoridades portuarias xestoras dos portos de interese xeral emprazados na nosa Comunidade Autónoma.

Portos de Galicia establece para o orzamento do ano 2009 os seguintes obxectivos básicos:

Seguindo as liñas marcadas dende o 2007, despois dunha década onde a política de investimento en novas infraestruturas físicas primou –seguramente pola inadecuación das existentes ás necesidades dun sector portuario moderno- sobre a política de xestión do sistema portuario galego, é preciso agora equilibrar progresivamente estes dous aspectos do investimento, de tal xeito que sen abandonar a mellora ou incluso creación de novas infraestruturas portuarias, se lle outorgue unha importancia maior á xestión portuaria no seu sentido máis amplo.

A sociedade galega en xeral e a propia Comunidade Europea esperan e precisan que Portos de Galicia desenvolva novas funcións relativas á calidade, á preservación e incluso mellora do medio ambiente, á seguridade, á prevención de riscos laborais, á participación en programas internacionais, así como á I+D+i en temas relacionados coa intermodalidade, o Short Sea Shipping e as plataformas loxísticas, de tal xeito que mellorando e diversificando a xestión interna poida orientarse a organización cara os clientes e usuarios do noso sistema portuario, e de xeito máis global cara a sociedade.

Este proceso de equilibrar ambos tipos de investimento ten xa varias liñas estratéxicas marcadas grazas a elaboración e posta en marcha de diversos plans e estudos, como o de portos deportivos ou plataformas loxísticas. Polo tanto en estes orzamentos defínense e cuantifícanse os investimentos concretos nos programas plurianuais correspondentes, financiados bastantes deles con fondos europeos no período 2007-2013.

Neste escenario os eixes prioritarios que inspiran as actuacións a desenvolver por Portos de Galicia poden ser sintetizados ao redor dos seguintes puntos:

1. Transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca, ao concepto moderno de plataforma intermodal que posibilite o emprazamento neles de procesos relacionados coa loxística, de tal forma que incrementen o valor engadido dos produtos e contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego. Integración dos portos galegos na rede do sistema de transporte de Galicia, colaborando coas distintas administracións para construír unha rede loxística eficaz.
2. Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, abrindo o seu uso a outras actividades, especialmente as relacionadas co ocio e deporte, contribuíndo deste xeito ao incremento do atractivo do litoral galego.
3. Integrar os portos galegos dentro de redes de portuarias que desenvolvan as súas complementariedades ao tempo que se percura unha relativa especialización. Debe avanzarse cara unha integración e cooperación dos portos da fronte noroeste peninsular.
4. Procurar unha mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa implantación de novas e modernas ferramentas tecnolóxicas, que permita por unha parte unha máis áxil e cómoda relación dos usuarios coa administración portuaria e por outra permita incrementar tanto a calidade dos servizos como a eficacia e eficiencia do sistema.
5. Potenciar dentro do ámbito portuario o desenvolvemento da economía do coñecemento, con actuacións de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.
6. Adoptar as medidas necesarias para acadar á máxima seguridade posible no desenvolvemento das actividades portuarias, con especial atención á prevención de riscos. Promover unha cultura de utilización axeitada das infraestruturas portuarias.
7. Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente, de xeito que todas as actuacións se leven a cabo dentro do contexto xeral de desenvolvemento sostible. Vincular as boas prácticas medioambientais a explotación eficiente do porto, impulsando medidas que poñan en valor os melloras na xestión medioambiental dos portos.

Para acadar os obxectivos antes sinalados é preciso desenvolver os seguintes programas:

1. Ampliación e mellora das instalacións para o transporte marítimo.  
Estas actuacións están destinadas á potenciación do transporte marítimo de mercadorías, mellora da seguridade e da operatividade, promoción da cabotaxe comunitaria e das autoestradas do mar, atracción de novos tráficis, etc., dentro do obxectivo xeral de desenvolvemento do transporte

sostible mediante á promoción de transporte alternativo ou de estrada, favorecendo polo tanto o cambio modal coas conseguíntes melloras medio ambientais, a potenciación do desenvolvemento económico das comarcas pola posta a disposición do medio de transporte máis axeitado para a explotación dos recursos naturais, que mobilizan uns volumes de mercadorías moi elevados, etc.

2. Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura.

Están destinadas ao incremento da calidade e valor engadido dos produtos manipulados nos portos, a mellora das condicións de desenvolvemento das operacións e o incremento do rendemento das mesmas, o fomento da acuicultura, etc. Neste programa inclúense actuacións tales como peiraos e ramplas de descarga da pesca e dos produtos de acuicultura, edificios de departamentos de usuarios, naves de reparación de redes, pantaláns de atraque, etc.

3. Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias.

Están destinadas a facilitar as operacións portuarias, tanto as dos buques como as que se desenvolven en terra, actuacións en materia de almacenaxe, loxística e distribución, mellora de rendementos e seguridade das operacións, instalacións de soporte de actividades de reparación, etc., favorecendo o desenvolvemento económico e a iniciativa empresarial nas zonas de asentamento dos portos, e como consecuencia a creación de emprego. Neste programa inclúense actuacións tales como mellora das condicións de abrigo dos portos, mellora dos accesos, dragados de mantemento ou de aumento de calado, creación ou acondicionamento de zonas de depósito e almacenaxe, etc. Para as actuacións de mellora de abrigo, mantemento de calado, e en definitiva deseño das características físicas dos portos teremos en conta as condicións nas que está a evolucionar o clima na costa galega.

4. Incremento do atractivo do litoral galego.

Teñen por obxectivo a potenciación das actividades turísticas, de ocio e de deporte nas zonas de emprazamento dos portos, coa conseguínte potenciación das industrias auxiliares correspondentes. Comprende especialmente as actuacións de creación e mellora das infraestruturas e instalacións destinadas ao fomento da náutica-recreativa e as de potenciación da interrelación porto-núcleo urbano mediante o acondicionamento das zonas de contacto con actuacións relacionadas coa accesibilidade, áreas de paseo e ocio, renovación estética, etc.

5. Mellora da calidade medioambiental xeral das instalacións portuarias.

Comprende actuacións encamiñadas á implantación nos portos das instalacións, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medioambiental eficaz. Inclúe a instalación de ecopuntos nos portos principais, actuacións para a recuperación de solos, acondicionamento medioambiental de zonas de varada para construción e reparación de embarcacións e artefactos de acuicultura, implantación de sistemas de xestión medioambiental, etc.

6. Mellora e modernización dos servizos xerais dos portos.

Comprende as actuacións encamiñadas á ampliación, mellora e modernización das redes de servizos xerais dos portos, tales como as de abastecemento de auga, de saneamento, de subministro de enerxía eléctrica, de telefonía e transmisión de datos, etc., con obxectivos tales como **mellora da calidade ambiental mediante a eliminación de vertidos contaminantes**, diminución dos consumos de auga e enerxía, mellora dos rendementos enerxéticos, mellora na calidade do servizo prestado aos usuarios dos portos, redución dos custos de conservación das instalacións, potenciación da innovación tecnolóxica mediante a aplicación de novas tecnoloxías en materia de medición e control remoto, depuración, etc.

7. Ordenación xeral das zonas de servizo portuarias e mellora da seguridade nos portos.

Son actuacións destinadas a conseguir unha ordenación eficaz dos espazos portuarios que permita por unha parte facilitar o desenvolvemento das distintas actividades portuarias, evitando interferencias entre as **mesmas**, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das operacións portuarias, tanto na lámina de auga como nas explanadas portuarias, contemplando aspectos tales como a ordenación de fondeos, a seguridade da navegación, a seguridade vial, control e seguridade da utilización das instalacións (código PBIP), prevención de riscos laborais, etc..

8. Mellora da xestión organizativa do sistema portuario.

Están **encamiñadas** ao incremento da eficacia e eficiencia do mesmo, posibilitando un control e coñecemento axeitado do funcionamento dos servizos e do desenvolvemento das operacións portuarias, e favorecendo unha relación áxil e cómoda dos usuarios coa administración portuaria mediante a utilización das novas tecnoloxías de información e comunicación, etc.

9. Investigación en materia portuaria e marítima e implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información.

Inclúe a realización de estudos de clima marítimo, predición de oleaxe, medición de correntes, etc., a instalación de **equipamento** tecnolóxico para coñecemento dos factores climáticos, a implantación de novas tecnoloxías informáticas para control, transmisión de información, etc. A aplicación dos resultados obtidos en distintos estudos reflectaranse . Neste punto incidiranse nos estudos que nos poñan no camiño de acadar unha rede de transporte sostible.

---

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009

---

#### 3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

##### 3.1.1 Da Consellería

#### PROGRAMA 511A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL

##### 1. Descrición

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade proporcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

##### 2. Actividades

1. Plan de transparencia e modernización informática da consellería co que se pretende aproximar a consellería aos cidadáns, aumentar a transparencia dos seus procedementos e actuacións, así como mellorar as condicións dos traballadores, todo iso destinado ao logro dun maior rendemento e eficacia da acción administrativa. En concreto abordaranse as seguintes actuacións:
  - a) As destinadas a aumentar a calidade, cantidade e rapidez de información dispoñible para os cidadáns.
  - b) Desenvolvemento e implantación de aplicacións informáticas de xestión destinadas a axilizar os procedementos administrativos, tanto no seu ámbito interno, como no de relación cos cidadáns e outras administracións.
  - c) Renovación de equipos de proceso de información e mellora da plataforma tecnolóxica que permitan o correcto funcionamento e mellora dos servizos prestados e incrementar a eficiencia e a eficacia nas actuacións impulsadas pola CPTOPT.
2. Xestión de persoal.
3. Xestión económica e administrativa de carácter xeral.
4. Recursos e servizos xurídicos.
5. Exercicio das competencias propias de Xurado de Expropiación así como os investimentos necesarios para dita finalidade.

6. Inspección técnica.
7. Acondicionamento e remodelación de edificios para usos administrativos.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Obras Públicas

Xurado de Expropiación

## PROGRAMA 512A. ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

### 1. Descrición

A Dirección Xeral de Transportes, a través deste programa, implementará a política de planificación, dotación de infraestruturas e impulso de políticas de transporte que acaden a definición dunha oferta de transportes axeitada en termos de calidade, frecuencia e custo para todo o territorio de **Galicia. Este programa contempla as actuacións necesarias para a aplicación do Plan Integral de Transporte de Galicia (PITGAL)** e os distintos plans de transporte postos en marcha pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

### 2. Actividades

#### 1. Transporte ferroviario:

- a) O establecemento de acordos coa Administración Xeral do Estado aos efectos de dotar de infraestruturas de alta velocidade axeitadas ás necesidades de Galicia.
- b) Transferencias a RENFE e FEVE no marco dos convenios con estes organismos para a mellora da prestación de servizos de cercanías e de media distancia nas liñas ferroviarias galegas.
- c) Prover a dotación de estacións para os servizos de alta velocidade que actúen como grandes centros intermodais aunando ao transporte ferroviario o resto de modos de transporte, e, garantindo, a mellora da oferta de transporte de trens que operan no interior da nosa Comunidade.
- d) Desenvolver un convenio co Ministerio de Fomento para a supresión de pasos a nivel.

#### 2. Transporte aéreo e marítimo:

Contribuír ao deseño de políticas que atribúan roles axeitados e complementarios ás infraestruturas

portuarias e aeroportuarias para aproveitar as sinerxías que se deriven da especialización relativa e mellorar a súa comunicación no seu hínterland.

3. Transporte de mercadorías por estrada:
  - a) Proporcionar aos operadores de transporte dotacións infraestruturais que abarquen dende os máis complexos centros loxísticos ata as áreas de descanso en ruta ou zonas de aparcamento nos polígonos industriais.
  - b) Apoio aos operadores de transporte para mellorar a formación e as estruturas empresariais co fomento do asociacionismo.
  - c) Axudas de apoio ao sector do transporte por estradas para a modernización mediante a compensación do “céntimo sanitario”
  
4. Transporte de viaxeiros por estrada:
  - a) Reducir as externalidades do transporte como a contaminación ou a conxestión apostando polo transporte colectivo acadando unha substitución progresiva do uso dos vehículos particulares polos servizos de transporte metropolitano.
  - b) Minimizar os custos do transporte no ámbito periurbano evitando a penalización que supón o pago de dous billetes sucesivos mediante a mellora da penetración, implantar a tarxeta única de transporte intermodal e a especialización e complementariedade das redes de transporte urbano e interurbano, coa realización de axeitadas áreas de estacionamento.
  - c) Mellora da rede integral de transporte galego mediante a potenciación de intercambiadores que conecten os transportes interurbanos en autobuses coas terminais ferroviarias e aeroportuarias.
  - d) Implantación de programas que potencien a seguridade viaria e contribúan á cohesión social e á integración de colectivos desfavorecidos a través do transporte de viaxeiros por estrada.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Transportes

## **PROGRAMA 512B. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS**

### **1. Descrición**

Os obxectivos do programa están definidos nos distintos plans de actuacións e destinados á satisfacción de necesidades en materia de infraestruturas de transportes. O plan de referencia será o Plan



de infraestrutura do transporte de Galicia en materia de estradas, que se complementa co PEIT elaborado polo Estado, e que se encadra nos documentos de referencia para as políticas estruturais da Unión Europea.

O Plan de infraestruturas do transporte englobará as actuacións que vaia desenvolver a consellería en materia de estradas e coordinarase tanto con actuacións de infraestruturas noutras materias e a optimización dos modos de transporte, como coas actuacións doutras administracións, en especial coa Administración Central do Estado. Incluirá as actuacións concretas en materia de estradas recollendo as que corresponden a vías de alta capacidade e actuacións nos eixes vertebradores do territorio como as actuacións en seguridade vial e en conservación. Así mesmo se contemplarán as actuacións específicas nas áreas metropolitanas e nas principais cabeceiras de comarca.

## **2. Actividades**

As máis significativas dentro deste presuposto son:

1. Continuar coa extensión e optimización da rede de estradas estruturante do territorio, co obxecto de crear un axente activo de desenvolvemento económico e cohesión social, equilibrando a dotación de infraestruturas para dotar ao territorio dun marco de competitividade e de igualdade.
2. Actuacións na rede complementaria e secundaria que permitan garantir o acceso de toda a poboación a vías principais de comunicación nun tempo inferior a trinta minutos.
3. Traballar na eliminación de tramos de concentración de accidentes, mellorar a sinalización e executar sendas peonís, de acordo co establecido no Programa galego de Seguridade Viaria.
4. Manter a execución do programa de conservación e mantemento e sinalización da rede de estradas.
5. Actuacións na rede arterial, variantes, conexións interiores e de acceso das áreas metropolitanas e principais cabeceiras de comarca, solventando a conflitividade nas travesías urbanas.
6. Incrementar a seguridade viaria na rede de estradas autonómica.
7. Aboar a compensación establecida para a supresión das peaxes de Rande e A Barcala, así como asumir o pago da peaxe en sombra das autoestradas: Dozón-Ourense, Santiago-Brión, e Autovías do Barbanza e do Salnés.

## **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Obras Públicas

Delegacións Provinciais

## **PROGRAMA 513A. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA**

### **1. Descrición**

Este é un programa instrumental destinado a proporcionar medios materiais e financeiros para o adecuado funcionamento de Portos de Galicia nos termos establecidos na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do citado ente público.

No capítulo VII do programa se inclúen como única partida as transferencias de capital ao ente Público, instrumento de financiamento para o cumprimento do seu fin.

### **2. Actividades**

O detalle e a análise das actuacións do ente público quedan recollidos na documentación incluída no apartado 2.2.1 deste documento e con maior amplitude na memoria incluída no apartado entes de dereito público do volume dedicado a sociedades e entes públicos.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Portos de Galicia

## **PROGRAMA 521A. URBANISMO**

### **1. Descrición**

O contido do programa é o desenvolvemento das actuacións necesarias para converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade e polo tanto nun axente activo de desenvolvemento económico e de cohesión social, e conseguir, mediante as oportunas intervencións de regulamentación sobre os usos do solo e accións de construción de edificacións, unha maior calidade de vida para os cidadáns.

Os seus obxectivos fundamentais podemos resumilos en:

1. Planificar e ordenar os usos do solo con criterios de sostibilidade ambiental, económica e social.
2. Estabilizar o marco lexislativo referente ao territorio.
3. Dispoñer dun modelo territorial axeitado á nosa identidade, mediante a aprobación das directrices de ordenación territorial de Galicia.

4. Impulsar espazos de planificación baseados en modelos territoriais de carácter supramunicipal que comprenda as áreas metropolitanas, rexións urbanas e periurbanas con interrelacións sociais, culturais e/ou de servizos.
5. Racionalizar o crecemento residencial, turístico e de actividades vencelladas co litoral.
6. Planificar o litoral galego para sentar as bases dunha preservación e a rexeneración dos seus valores naturais e medioambientais.
7. Conservación dos núcleos rurais como asentamento poboacional diferenciado.
8. Mellora da calidade do hábitat urbano.
9. Fomentar a xestión pública do urbanismo como criterio xeral reforzando as competencias e colaboración cos concellos.

Para a súa consecución xorden as seguintes necesidades:

1. De ordenación e planificación das actividades humanas sobre o territorio.
2. De implicación de todos os axentes sociais intervinentes para lograr, a través da cohesión social, o impulso de xeito decidido aos plans aprobados.
3. De fomento de iniciativas que contribúan a incrementar o interese dos suxeitos implicados para axilizar a xestión e posta en valor do contido dos plans e programas.
4. De actividades de formación e orientación de profesionais e equipos colaboradores para concienciar aos cidadáns sobre a importancia da planificación e ordenación do territorio no benestar e na calidade de vida.
5. Vixilancia do cumprimento programático, para evitar desvíos e/ou outras accións non desexables para o interese xeral.

Os beneficios que se acadarán son:

Un territorio convertido en axente activo de desenvolvemento económico e cohesión social, un maior respecto co medio ambiente e, en definitiva, mellores condicións de habitabilidade e benestar no contorno de relación social dos residentes na nosa comunidade, conservando e mellorando o necesario equilibrio de relación home-natureza.

## **2. Actividades**

As actuacións máis significativas previstas na liña que se ven de expoñer son as seguintes:

1. Manter e mellorar as iniciativas de fomento da redacción de figuras de planeamento municipal e supramunicipal e a elaboración de cartografía axeitada do territorio, mediante axudas económicas e colaboracións coas corporacións e/ou outros entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Culminar a elaboración das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.
3. Fomentar a elaboración de planeamento sectorial para desenvolvemento e planificación de actuacións, sobre partes do territorio, que pola súas especificades o requiran.
4. Mellorar a calidade do ambiente urbano, mediante a implantación de edificios e outras infraestruturas de equipamentos en lugares estratéxicos definidos en colaboración coas entidades locais e comarcais.
5. Incentivar a dispoñibilidade de planeamento urbanístico municipal, mediante o financiamento da execución de actuacións de construción e mellora do contorno construído, mediante colaboracións cos concellos da nosa comunidade.
6. Posta en funcionamento da Axencia de protección da legalidade urbanística de Galicia, como ente público consorcial (comunidade autónoma/concellos) encargado de executar as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo.
7. Posta en marcha do Instituto de Estudos do Territorio.
8. Colaborar con órganos e entidades para dispoñer de información territorial actualizada a disposición de todos os cidadáns.
9. Dotar á Dirección Xeral de Urbanismo dos medios e recursos técnicos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Urbanismo

Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)

#### 4. CADROS NUMÉRICOS

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos						
	01	02	03	04	05	80	Total
511A-Dirección e servizos xerais de política territorial	7.681,8		1.136,4		1.273,9		10.092,2
512A-Ordenación e inspección do transporte				78.358,1			78.358,1
512B-Construción, conservación e explotación de estradas			449.203,9				449.203,9
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	30.501,8						30.501,8
521A-Urbanismo		46.636,2				4.535,1	51.171,3
<b>Total</b>	<b>38.183,6</b>	<b>46.636,2</b>	<b>450.340,3</b>	<b>78.358,1</b>	<b>1.273,9</b>	<b>4.535,1</b>	<b>619.327,2</b>

(Miles de Euros)

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
511A-Dirección e servizos xerais de política territorial	6.516,7	902,2		27,3	2.646,0		10.092,2
512A-Ordenación e inspección do transporte	3.949,9	631,8		29.571,6	18.526,8	25.678,0	78.358,1
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	14.124,1	23.461,9	300,0	12.447,7	384.451,1	14.419,2	449.203,9
513A-Construción, conservación e explotación portuaria						30.501,8	30.501,8
521A-Urbanismo	9.408,2	549,6			18.793,4	22.420,0	51.171,3
<b>Total</b>	<b>33.998,9</b>	<b>25.545,5</b>	<b>300,0</b>	<b>42.046,5</b>	<b>424.417,3</b>	<b>93.019,0</b>	<b>619.327,2</b>

(Miles de Euros)

##### Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.587,3	4.905,1	6,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	498,3	458,4	-8,0
Cap. IV - Transferencias correntes	4.460,1	27,3	-99,4
Cap. VI - Investimentos reais	3.151,0	2.291,0	-27,3
Cap. VII - Transferencias de capital	31.201,8	30.501,8	-2,2
<b>Total</b>	<b>43.898,5</b>	<b>38.183,6</b>	<b>-13,0</b>

(Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.840,6	5.198,5	-11,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	272,9	229,2	-16,0
Cap. VI - Investimentos reais	19.437,6	18.788,4	-3,3
Cap. VII - Transferencias de capital	22.680,0	22.420,0	-1,1
<b>Total</b>	<b>48.231,1</b>	<b>46.636,2</b>	<b>-3,3</b>

(Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	14.605,0	15.041,7	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	13.775,7	23.680,7	71,9
Cap. III - Gastos financeiros	113,8	300,0	163,7
Cap. IV - Transferencias correntes	6.650,7	12.447,7	87,2
Cap. VI - Investimentos reais	363.513,4	384.451,1	5,8
Cap. VII - Transferencias de capital	15.798,2	14.419,2	-8,7
<b>Total</b>	<b>414.456,8</b>	<b>450.340,3</b>	<b>8,7</b>

(Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTES	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.833,0	3.949,9	3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	694,3	631,8	-9,0
Cap. IV - Transferencias correntes	27.514,3	29.571,6	7,5
Cap. VI - Investimentos reais	12.487,2	18.526,8	48,4
Cap. VII - Transferencias de capital	27.720,0	25.678,0	-7,4
<b>Total</b>	<b>72.248,9</b>	<b>78.358,1</b>	<b>8,5</b>

(Miles de Euros)

05 XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	665,0	694,0	4,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	234,3	224,9	-4,0
Cap. VI - Investimentos reais	355,0	355,0	0,0
<b>Total</b>	<b>1.254,3</b>	<b>1.273,9</b>	<b>1,6</b>

(Miles de Euros)

80 AXENCIA PROTECCION LEGALIDAD URBAN.	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	0,0	4.209,7	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	0,0	320,4	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	0,0	5,0	0,0
<b>Total</b>	<b>0,0</b>	<b>4.535,1</b>	<b>0,0</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	43.898,5	38.183,6	-13,0
02 DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO	48.231,1	46.636,2	-3,3
03 DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS	414.456,8	450.340,3	8,7
04 DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTES	72.248,9	78.358,1	8,5
05 XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	1.254,3	1.273,9	1,6
80 AXENCIA PROTECCION LEGALIDAD URBAN.	0,0	4.535,1	0,0
<b>Total</b>	<b>580.089,6</b>	<b>619.327,2</b>	<b>6,8</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA./Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	29.531,0	29.789,2		4.209,7			29.531,0	33.998,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	15.475,5	25.225,2		320,4			15.475,5	25.545,5
Cap. III - Gastos financeiros	113,8	300,0					113,8	300,0
Cap. IV - Transferencias correntes	38.625,1	46.481,6				4.435,1	38.625,1	42.046,5
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>83.745,4</i>	<i>101.796,0</i>		<i>4.530,1</i>		<i>4.435,1</i>	<i>83.745,4</i>	<i>101.891,0</i>
Cap. VI - Investimentos reais	398.944,2	424.412,3		5,0			398.944,2	424.417,3
Cap. VII - Transferencias de capital	97.400,0	93.024,0		0,0		5,0	97.400,0	93.019,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>496.344,2</i>	<i>517.436,2</i>		<i>5,0</i>		<i>5,0</i>	<i>496.344,2</i>	<i>517.436,2</i>
<b>Total</b>	<b>580.089,6</b>	<b>619.232,2</b>		<b>4.535,1</b>		<b>4.440,1</b>	<b>580.089,6</b>	<b>619.327,2</b>

(Miles de Euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	12	11
<i>Persoal funcionario</i>	495	476
Subgrupo A1	185	148
Subgrupo A2	75	77
Subgrupo C1	102	120
Subgrupo C2	112	112
Grupo E e agrupacións profesionais	21	21
<i>Persoal laboral</i>	360	376
Grupo I	3	7
Grupo II	2	2
Grupo III	160	160
Grupo IV	185	197
Grupo V	10	10
<i>Outro persoal</i>	27	11
<b>TOTAL</b>	<b>894</b>	<b>876</b>

Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	2008	2009
<i>Altos cargos</i>		1
<i>Persoal funcionario</i>	0	97
Subgrupo A1		31
Subgrupo A2		35
Subgrupo C1		10
Subgrupo C2		19
Grupo E e agrupacións profesionais		2
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>98</b>

### Sociedades públicas

	2009		
	Explo.	Capit.	Total
Portos de Galicia	26.205,0	47.026,0	73.231,0

*(Miles de euros)*



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

SECCIÓN 09



## 1. COMPETENCIAS

---

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponde a programación, regulamento e administración do ensino regrado, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades e a coordinación do sistema universitario. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Correspóndenlle tamén as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e as que se derivan da normativa reguladora dos órganos colexiados e entes de dereito público que ten adscritos.

Polo decreto 585/2005, do 29 de decembro (DOG nº 5 do 9 de xaneiro de 2006), establécese a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria..

En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria queda configurada polos seguintes órganos:

1. A Conselleira
2. A Secretaría Xeral
3. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
4. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
5. A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia
6. A Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnoloxía do Sistema Universitario de Galicia
7. As delegacións provinciais
8. Os órganos colexiados

En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma existe unha delegación provincial da consellería na que se integran os órganos e servizos existentes en cada provincia, de acordo co establecido no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se reorganiza a Administración periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos órganos territoriais.

Nos seus ámbitos territoriais, correspóndelle ás delegacións provinciais desempeñar as competencias determinadas no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, e as derivadas da desconcentración de competencias efectuadas en virtude dos decretos 87 e 88/1990, ámbolos dous do 15 de febreiro, así como todas aquelas que lle sexan atribuídas por disposición legal ou lle sexan delegadas pola conselleira.

Son órganos colexiados da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes:

- Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.
- Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.
- Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos, creado pola Lei 9/1992, do 24 de xullo.
- Consello Galego de Formación Profesional, creado por Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado por Decreto 214/2003, do 20 de marzo.
- A Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional adscrita á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como ente de dereito público, creado pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo.

Finalmente, queremos lembrar os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de educación. Son os seguintes:

- Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
- Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientación educativa e profesional).
- Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servizos e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada).
- Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
- Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de graduado social.
- Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Estado en materia de ensinanzas superiores de mariña civil.
- Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.

- Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1752/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, de ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras).
- Real decreto 553/2006, do 5 de maio, sobre funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña.
- Real decreto 1139/2007, do 31 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación (CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte).
- Real Decreto 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O 2009

---

### 2.1 PLANS DE ACTUACIÓN SECTORIAIS E DE CARÁCTER TRANSVERSAL

A acción da consellería enmárcase, basicamente, nos seguintes plans de actuación sectoriais e de carácter transversal, para os cales se indica de seguido o seu contido esencial, as finalidades perseguidas e indicadores máis relevantes.

#### 1) Plan de inmersión en linguas estranxeiras

##### **Obxectivo**

Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e atención ás persoas dependentes

## Contido

Actividades co alumnado.

Actividades de lingua estranxeira, en especial en lingua inglesa, primeira lingua estudiada na nosa comunidade (80%) que se desenvolven no estranxeiro ou en territorio español en situación de inmersión. A un número de 30 horas semanais de formación lingüística engádenselle actividades de cultura e deporte realizadas por profesorado e/ou monitores na lingua obxecto de estudio.

Actividades co profesorado.

- a) Itinerario formativo completo con unha fase intensiva de estudio da lingua en Galicia, durante un mes, unha segunda fase de inmersión no estranxeiro con clases de lingua e actividades culturais e deportivas realizadas nesa lingua e unha terceira a través de grupos de traballo sobre aspectos didácticos.

O período de formación do profesorado en Galicia realízase con substitución no seu posto de traballo mediante a contratación de persoal docente interino.

- b) Estadías no estranxeiro en cursos intensivos de inglés, francés, alemán e portugués. Precedidos de formación inicial.

Actividades nos centros.

- a) Ampliación de seccións bilingües.
- b) Xeralización de anticipación da 1ª lingua estranxeira aos 3 anos.

## Finalidade

Actividades co alumnado.

As finalidades que se pretenden conseguir con este plan son as seguintes:

- a) Conseguir a competencia lingüística en, polo menos, unha lingua estranxeira, priorizando a lingua inglesa, a máis estudiada na nosa comunidade, seguida da lingua francesa.
- b) Desenvolver o principio de equidade da LOE cunha convocatoria de axudas que minore as desigualdades a través dos criterios de concesión destas.

Actividades co profesorado.

As finalidades que se pretenden conseguir con este plan son as seguintes:

Mellorar a competencia lingüística do profesorado, tanto o especialista en lingua estranxeira como aquel que imparte outras materias nunha lingua estranxeira, predominando a lingua

inglesa. Actualizar a formación do profesorado para incidir nunha mellor formación do alumnado.

**Descrición do Indicador**

- a) Número de participantes en actividades de formación (homes)/solicitantes.
- b) Número de participantes en actividades de formación (mulleres).
- c) Número de centros con seccións bilingües.
- d) Número de centros con anticipación de lingua estranxeira aos 3 anos.
- e) Número de solicitudes de inmersión.

**2) Plan de mellora dos servizos educativos complementarios**

**Obxectivo**

Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e atención ás persoas dependentes.

**Contido**

A mellora dos servizos educativos complementarios, non obstante o seu carácter instrumental, resulta capital para a introdución de políticas sociais no sector, permite promover mecanismos de efectivización da política de igualdade de oportunidades e resulta, igualmente, subsumible nas políticas de conciliación da vida profesional e familiar.

Neste ambicioso marco inscribíense os programas e accións encamiñados á racionalización do transporte escolar e a completa extensión do servizo do acompañante para o alumnado menor de doce anos que fan uso do mesmo.

En materia de comedores escolares, queremos acadar a extensión do servizo a un maior número de alumnos. Esta medida vese completada coa mellora producida nas ratios do persoal de cociña que se adscribe ao servizo, nos comedores de xestión directa e o notorio aumento de persoal para a atención dos nenos e nenas que asisten á actividade de comedor.

Coas accións de racionalización do uso do transporte escolar e a extensión dos servizos de comedor escolar, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quere implicar, mediante os correspondentes instrumentos de colaboración, a outros sectores sociais e outras administracións para realizar actividades que permitan ampliar o horario de apertura dos centros escolares.

Nesta acción, tense implicado a Federación galega de Municipios e Provincias, como organización mais representativa das entidades locais de Galicia, o que permite vincular a esta actuación a todas cantas manifestan o seu interés.

### **Finalidade**

Os programas e accións descritos pretenden alcanzar unha dobre finalidade:

- a) Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais no ámbito educativo.
- b) Introducir ou impulsar medidas tendentes a garantir políticas de igualdade de oportunidades e avanzar na conciliación da vida familiar e laboral.

### **Descrición do Indicador**

- a) N° de ANPAS que reciben axudas económicas para sostemento do comedor.
- b) N° de concellos con axudas para a prolongación da xornada de apertura dos centros.
- c) N° de centros con ampliación do horario de apertura máis aló do lectivo.
- d) N° de centros con servizo de comedor.
- e) N° de centros e alumnado con gratuidade.

### **3) Plan de redución do fracaso escolar. Plan de mellora do éxito escolar**

#### **Obxectivo**

Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e atención ás persoas dependentes.

#### **Contido**

Plan PROA (Plan de reforzo, orientación e apoio) con 2 programas:

- a) Acompañamento. Dirixido á atención directa do alumnado de terceiro ciclo de primaria e primeiros anos de secundaria obrigatoria, a través de reforzo, fóra de horario escolar, en grupos reducidos, traballando técnicas de estudo, motivación e xestión do tempo.

O acompañamento é realizado por profesorado do propio centro (servizos extraordinarios) ou por profesorado interino contratado a tal efecto.

- b) Reforzo e apoio. Atención á mellora da calidade de ensino e aprendizaxe, a través de actuacións cos distintos compoñentes da comunidade educativa: centro, familia, alumnado e contorno. Cada centro escolle catro liñas de actuación, con traballo compartido, tendo como meta cada unha delas a mellora da calidade, diminución do absentismo e fomento do traballo compartido.

Neste caso o centro recibe dotación extraordinaria para poder desenvolver as liñas de actuación escollidas.



O plan MORA desenvólvese a través dunha dotación suplementaria aos centros educativos, para que dentro da súa autonomía, leven a cabo actuacións que incidan na mellora da calidade educativa.

Plan de Mellora do éxito escolar.

a) Nos centros educativos.

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da E.S.O. Obxectivo mellorar a competencia en materias instrumentais fundamentais: lingua e matemáticas.

Actuación sobre a metodoloxía. Asesoría externa para o profesorado implicado.

b) Nos concellos.

É potenciar accións complementarias fora do horario escolar.

### **Finalidade**

Os programas indicados teñen como finalidade á prevención do abandono escolar temperá, a mellora da calidade do ensino público e aumento do éxito prevención do fracaso escolar.

### **Descrición do Indicador**

a) Nº de alumnas mulleres que participen en accións de reforzo e orientación.

b) Nº de alumnos homes que participen en accións de reforzo e orientación.

## **4) Plan galego de formación profesional (segundo plan)**

### **Obxectivo**

Este plan pretende ser o instrumento clave para lograr unha sociedade baseada na produción, transmisión e distribución dos coñecementos e saber facer profesional, na que o saber técnico profesional ocupen unha posición central.

### **Contido**

O II Plan Galego de Formación Profesional debe ser o instrumento clave para construír en Galicia unha sociedade cualificada.

Defínese basicamente como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. En termos de medios ou de concepción metodolóxica, este carácter integral

supón identificar e definir respecto da formación profesional en Galicia un conxunto de medidas e obxectivos orientados a promover iniciativas que contribúan ao desenvolvemento profesional á mellora da empregabilidade das persoas, así como ao incremento da competitividade dos sectores produtivos de Galicia.

Canto aos seus fins, este carácter integral implica seguirmos avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional coherente en Galicia. Así mesmo, supón considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación: os mozos e mozas, e a poboación activa en xeral.

Este plan ten un marcado carácter interinstitucional, xa que está articulado a través do principio de cooperación e concertación entre a Administración e os axentes sociais, así como no seo destes últimos. Pretende constituírse no principal instrumento estratéxico de Galicia para o desenvolvemento das políticas de cualificacións e de formación profesional, que se deben pór en práctica en estreita conexión coas políticas de desenvolvemento económico e social, e coas políticas industriais e de emprego.

## **Finalidade**

O Plan artículase a través de catro perspectivas ou “liñas estratéxicas de actuación”

### Liña 1. Integración dos sistemas de cualificacións e formación profesional

A construción da sociedade cualificada a través da implantación da aprendizaxe permanente require un sistema de cualificacións e formación profesional moderno e capaz de realizar novas funcións nas tres dimensións implicadas: a cualificación, a formación e a orientación profesional.

### Liña 2. Óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión

A clave para responder ás demandas do sistema é impulsar a innovación e a capacidade de identificar e de dotar os recursos axeitados no momento correcto. Con recursos limitados, cobra unha grande importancia o seu óptimo aproveitamento, así como unha xestión eficiente para atender as demandas formativas.

Cómpre tamén adecuar o traballo dos propios servizos das administracións e o dos organismos tripartitos implicados na formación profesional –con presenza das administracións e dos axentes sociais–, evitando duplicidades nas tarefas, así como fomentar as sinerxías entre os actores encargados da asignación de recursos e da xestión do sistema.

### Liña 3. Calidade e innovación

A innovación e o avance das tecnoloxías e dos modos de produción, así como o desenvolvemento permanente do capital humano nas empresas, levan á necesidade de proporcionarlle ao conxunto da poboación crecentes oportunidades de mellora da cualificación profesional. Por esta razón, o plan debe colocar en primeiro plano a innovación asociada á evolución das cualificacións e a innovación da formación profesional. A mellora da calidade débese concibir como un proceso continuo, moi ligado á innovación, e as actuacións encamiñadas a esta mellora deben ter un carácter permanente.

Por outra banda, en sintonía con esta nova etapa de desenvolvemento das cualificacións e da formación profesional de Galicia, é preciso garantir que a calidade de todos os centros e de certas funcións clave do sistema se manteñan e se incrementen no tempo.

#### Liña 4. Promoción da aprendizaxe permanente ao longo da vida

Este ámbito estratéxico débese considerar como a columna vertebral do plan. Correspóndenlle, dunha banda, o desenvolvemento das cualificacións profesionais e da formación continua a través da aprendizaxe permanente e, por outra parte, a consecución do pleno acceso á formación e á cualificación profesional da poboación activa. Na práctica, as iniciativas fundamentais que presidan a implantación desta aprendizaxe débense articular a través da creación dun proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia da poboación activa, mediante o deseño e a posta en práctica dunha oferta ampla e flexible de créditos formativos asociados ás unidades de competencia do sistema nacional de cualificacións profesionais.

#### Desenvolvemento

Cada unha das liñas estratéxicas de actuación está constituída por un conxunto de medidas que constitúen os principais eixes de actuación en cada ámbito, cunha consistencia e unha entidade que xustifican ou seu tratamento diferenciado.

O plan complétase cuns orzamentos mínimos para os tres anos de vixencia que se establecen. A asignación dos orzamentos a medidas concretas realizarase a través da confección polo Consello Galego de Formación Profesional de plans anuais de actuación. Estes plans anuais de actuación han determinar, ademais, os obxectivos operativos de cada medida en termos de grao de consecución de indicadores concretos para a súa completa avaliación.

O Consello Galego de Formación Profesional determinará tamén as aproximacións de custo fronte ao beneficio social que debe adoptar para establecer as prioridades da asignación dos recursos ás medidas e ás actuacións.

### **Descrición do Indicador**

Como se recolle no apartado anterior os indicadores serán fixados polo Consello Galego de Formación Profesional para cada ano. Pero de todas formas podemos destacar os seguintes indicadores que forman parte da propia razón de ser do plan:

Nº de persoas que pasan polo dispositivo de recoñecemento da competencia.

Nº de centros certificados coa norma UNE EN ISO 9001:2000

Nº de Proxectos de I+D+i en centros de formación profesional.

Nº de accións de formación profesional para o emprego realizadas.

% de traballadores que realizan formación continua.

% de traballadores en paro reinsertados no mundo laboral.

% de profesores de formación profesional que fixeron formación para a súa reciclaxe.

Nº de centros con equipamento actualizado aos novos títulos de FP e as normas CE de seguridade.

## **5) Plan de extensión das TIC a todos os espazos e a toda a comunidade educativa**

### **Obxectivo**

Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

### **Contido**

A dotación de equipamento informático e multimedia aos centros educativos públicos. Dotar aos centros docentes dunha rede de datos que permita o acceso a Internet dende calquera dos espazos docentes. Dependendo dos requerimentos dos centros e a tipoloxía do mesmo utilizarase a instalación de redes convencionais estruturadas, cableado convencional estruturado ou tecnoloxía WiFi, reservándose esta última, preferentemente, para centros de educación infantil e primaria.

A formación do profesorado no uso das aplicacións de uso cotiá, e nas aplicacións e recursos materiais a usar nas aulas, formación que debe acompañar e completar o tipo de material servido aos centros.

### **Finalidade**

Dotar aos centros educativos dos medios que permitan utilizar a rede informática como un recurso educativo formativo. Fomentar a formación dos docentes no uso dos medios educativos disponibles na rede.

**Descrición do Indicador**

Nº de alumnos/as beneficiados afectados por novo equipamento.

Nº de centros equipados.

Nº de profesores/as que se benefician da formación no uso das TIC

Nº de equipos informáticos e multimedia distribuídos.

Nº de cursos impartidos do uso das TIC

**6) Plan de mellora financiamento universitario**

**Obxectivo**

Suplementar o Plan de Financiamento do SUG vixente, co obxectivo de compensar o decrecemento do Fondo de Financiamento incondicionado que conleva a aplicación do mesmo, ao tempo que potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

**Contido**

Mellora do financiamento universitario baseado en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e avaliación de resultados asociados á investigación, á docencia e á xestión e articulación do Sistema Universitario de Galicia. Desenvolvemento, no exercicio 2008-09, dos seguintes contratos-programa:

1. Apoio á implantación do recoñecemento da función investigadora na conformación da plantilla docente das universidades.
2. Apoio ao desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.
3. Implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.

**Finalidade**

Lograr que a investigación, calidade na docencia, xestión e articulación do SUG se convertan en funcións estruturais, e como tales, parte esencial do seu financiamento. Isto traducirase na consolidación no Plan de Financiamento das Universidades, de contratos-programa que:

- a) Establezan obxectivos estratéxicos de investigación, docencia, xestión e articulación do SUG para o financiamento universitario, e
- b) Incrementen o peso do financiamento por obxectivos alomenos ata o 10% do plan de financiamento, equilibrando a financiación incondicionada actual.

#### **Descrición do Indicador**

Rendemento e eficiencia da oferta docente.

Inserción laboral dos titulados do SUG

Profesorado en créditos adaptados ao EEES

Infraestruturas e espazos adaptados ao EEES

Creación de postdoctorados incorporados e vinculados a programas competitivos.

Servizos interuniversitarios prestados.

Novos títulos implantados (master e grao)

Creación de novas prazas de PDI con perfil investigador de excelencia.

### **7) Plan de creación do campus científico-tecnolóxico “cidade do mar”**

#### **Obxectivo**

Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

#### **Contido**

Galicia dispón dunha importante cantidade de investigadores e recursos científicos altamente competitivos no campo das ciencias mariñas. O desenvolvemento de diversos centros docentes e de investigación en Galicia propiciou a existencia actual dun importante capital humano e técnico, cunha situación altamente competitiva no que se refire a investigación mariña, conxugando intereses públicos e privados e xerando unha relación moi produtiva entre a investigación e o desenvolvemento. No deseño do novo mapa de centros e infraestruturas científicas en Galicia propónse desenvolver na cidade de Vigo un campus científico-tecnolóxico, que integre as capacidades estratéxicas da investigación mariña en Galicia. Diferentes instalacións integraranse na Cidade do Mar: o Centro Atlántico de Investigacións Mariñas, a Unidade Tecnolóxica Oceanográfica, o Centro de Innovación Tecnolóxica, a Unidade Técnica de Innovación na Xestión de Residuos Mariños e o Centro de Estudos de Socioeconomía Pesqueira.

### **Finalidade**

- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dispoñibles en Galicia.
- Potenciar as áreas de alta competencia investigadora de Galicia relacionada coas ciencias e a tecnoloxía mariñas.
  - Optimizar un investimento racional en grandes infraestruturas e equipamentos.

### **Descrición do Indicador**

Volume total de investimentos.

Nº proxectos I+D+i

Nº investigadores.

Nº proxectos de cooperación entre empresas e centros de investigación.

---

## **2.2 . OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DA CONSELLERÍA**

---

Para a sociedade, a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, de extraer as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, de fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferencias individuais, de promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social. A concepción da educación como un instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva foi unha constante, aínda que non sempre esa aspiración se convertese en realidade.

Na liña reflectida neste primeiro parágrafo, o obxectivo principal da política da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é a aposta por unha educación de calidade para todos, na que se terá en conta:

Un esforzo decidido por unha formación en valores e unha atención prioritaria para o alumnado con dificultades.

Un novo marco de relacións que permita ilusionar ao profesorado para que cos medios máis axeitados poidan facerlles fronte ás dificultades formativas do mundo de hoxe.

Uns centros de ensino que desde todos os puntos de vista sexan espazos dinamizadores e integradores do seu contorno xeográfico de modo que se convertan en motores na loita contra a marxinação.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aposta, pois, por centros de ensino

dinamizadores e integradores do seu contorno xeográfico de modo que sexan verdadeiros motores da loita contra a marxinación. Queremos centros dignos cos que os escolares galegos se poidan identificar. Só así, os centros de ensino cumprirán a súa plena funcionalidade, integrados no contorno social son aproveitados para a realización de actividades complementarias: deportivas, formativas e lúdicas. É, ademais, pretensión da consellería abrir os centros aos alumnos e á sociedade, en xeral, fóra do horario escolar.

Este goberno sabe tamén que un ensino de calidade para todos non é posible se non se ilusiona ao profesorado nesta gran tarefa que é ensinar. Coa finalidade de dignificar a función pública docente na nosa comunidade autónoma e motivar ao profesorado no desenvolvemento da súa función, destínase unha cantidade importante de recursos a incrementar as retribucións dos funcionarios docentes, conforme ao Acordo asinado o 16 de maio de 2006, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais, CIG, CC.OO, FETE-UGT, ANPE e CSI-CSIF, ao que se sumou o STEG. Queremos sinalar o esforzo investidor importante para incrementar tanto o persoal docente, prestando un especial interese na atención á educación infantil e á orientación educativa e na atención individualizada á diversidade, coma o persoal non docente.

Merece unha reseña especial o financiamento da educación especial. A educación do alumnado con necesidades específicas require unha consideración que debe plasmarse na aposta pola importancia da igualdade de oportunidades e por unha educación en equidade.

Sabedores de que o noso alumnado é o futuro do mañá, ofertarémolle un ensino de calidade que complementaremos con actuacións como estadias no estranxeiro para os alumnos de secundaria, coa finalidade de que adquiran desde idades temperás o coñecemento doutras linguas comunitarias, ao tempo que procuraremos estender ao maior número de familias. Trátase, en conxunto, de desenvolver programas que potencien a excelencia educativa e que poidan previr o fracaso escolar.

Dentro da liña da procura da mellora da calidade da educación, como un dos piares básicos da LOE, figura a participación da inspección educativa nos programas de avaliación do sistema educativo en todos os seus ámbitos, da comunidade autónoma, estatais e internacionais, así como no desenvolvemento de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aposta tamén por un plan de formación permanente do profesorado no que teña un lugar especial a formación na utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación para a práctica pedagóxica, así como a potenciación da normalización do galego que desenvolve o decreto 124/2007, do 28 de xuño.



Continuaremos co esforzo investidor para facilitarlles aos centros o acceso á sociedade da información a través do sistema de información da educación galega, procurando que a utilización das TICs sexa un útil cotián nos nosos centros, tanto por parte do alumnado como do profesorado.

Este sistema permitirá, tanto a uns como a outros, o acceso a contidos didácticos, recursos educativos e servizos interactivos. Facilitará tamén unha xestión administrativa centralizada que redundará nun maior aproveitamento dos recursos e facilitará a xestión administrativa do expediente académico de cada un dos alumnos e das alumnas do sistema educativo galego.

Insistimos unha vez máis, en que esta consellería considera a formación permanente do profesorado como o eixo vital para a dinamización do sistema educativo. Por iso, apostamos por mellorar a competencia lingüística do profesorado en linguas estranxeiras, con diferentes actuacións que faciliten fomentar entre os escolares galegos a aprendizaxe das linguas xa desde a educación infantil, a formación en servizo de lingua galega cara a aumentar as competencias para o desenvolvemento das materias en galego que o novo decreto determina.

Realizaremos as actuacións de desenvolvemento de programas en colaboración con outras Consellerías como a de Sanidade, Medio Ambiente, Industria, Traballo, Cultura.

Un ensino de calidade conleva potenciar e impulsar medidas que propicien a conciliación da vida laboral e familiar. Para iso, entre outras medidas, elaboramos unha nova normativa que regula o funcionamento do servizo de comedor escolar, propiciando, na medida do posible, a colaboración de nais e pais e dos concellos.

Nesta mesma liña conciliadora da familia e o traballo da muller fóra da casa, prestase o servizo de transporte escolar, seguro e xeralizado a grande maioría do alumnado das ensinanzas obrigatorias, permitindo o acceso a este medio aos nenos e ás nenas de 3 anos, coa implantación da figura do acompañante no 100 % das rutas.

Tamén como accións complementarias ao ensino, estableceremos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria liñas concretas en programas de seguridade vial e de prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene.

A Consellería de Educación é consciente da necesidade de investir máis e con maior eficacia no capital humano, xa que moitas persoas non chegan a acceder ao mercado laboral ou a permanecer nel debido a falla de cualificacións ou á inadecuación destas. O aumento e mellora é, polo tanto, necesario para ampliar o acceso ao emprego a todas as idades, elevar os niveis de produtividade e a calidade do emprego.

A dotación de capital humano da economía española e galega, segundo o Plan Nacional de Reformas de España (PRN), encóntrase actualmente por debaixo do da Unión Europea, tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Por iso, o seu obxectivo nesta área é incrementar simultaneamente e de forma non excluínte, tanto a calidade como a cantidade do mesmo.

Neste sentido, desde os departamentos de Educación e Traballo ponse en marcha o II Plan Galego de Formación Profesional como un instrumento clave para contribuír a construír en Galicia unha sociedade cualificada. Lograr unha sociedade baseada na produción, transmisión e distribución dos coñecementos e saber facer profesionais, e na que o acceso e desenvolvemento do saber ocupen unha posición central.

En aplicación da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE) e unha vez se definan as novas titulacións dos estudos de formación profesional a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá que elaborar os seus propios currículos de cada unha das titulacións.

Así mesmo, o calendario de aplicación da LOE obriga á Administración educativa a organizar para o curso 2008-2009 os programas de cualificación profesional inicial destinados ao alumnado maior de dezaseis anos que non obtivera o título de Graduado en educación secundaria. Neste senso estase a traballar na regulación dos aspectos esenciais destes programas e na definición dos aspectos curriculares dos módulos obrigatorios específicos, asociados a niveis de competencia correspondentes a cualificacións de carácter xeral.

Aproveitaremos o potencial das TIC para empezar a crecer e desenvolverse no mundo da ensinanza de formación profesional a distancia no que ata o de agora só se fixeron tímidas incursións. Tamén para mellorar os servizos de información e orientación profesional, como a propia xestión administrativa dos centros de FP.

Potenciaremos, a través da plataforma e-learnig, a ensinanza a distancia noutras ensinanzas como as de educación de persoas adultas:

1. As da educación secundaria, para favorecer que un colectivo amplo de persoas que non posúen o título básico do sistema (graduado en ESO) poidan acadalo, favorecendo a súa inserción laboral e o seu reintegro nos itinerarios formativos. Respondendo así á demanda da Unión Europea de diminuír drásticamente o número de persoas sen titulación básica.
2. As de bacharelato, para permitir que un colectivo importante de traballadores poidan acceder á educación secundaria postobrigatoria e continuar así a súa formación a través dos ciclos formativos superiores ou da universidade. Respondemos tamén así a un obxectivo estratéxico da Unión, ampliar o número de titulados en educación postobrigatoria.

A reposición e actualización dos equipamentos constitúe unha das partidas máis caras do custo da formación profesional. Fronte ao investimento en formación e cualificación do profesorado, que ven a ter un efecto estable e multiplicador ao longo do tempo, en equipamentos xeralmente é caduca, e precisa da súa reposición e/ou renovación.

Os centros públicos de FP veñen concentrando a práctica totalidade das súas actividades no servizo público da formación, sexa da poboación en idade escolar, sexa da poboación activa. Como xa fan outros centros –como as universidades– no ámbito da investigación e dos cursos de especialización, os centros públicos de FP, sempre e cando non se produza en detrimento das tarefas e obrigas do servizo público que ten encomendado, poderán incorporarse ao mercado de formación ofertando servizos de ensinanza/aprendizaxe e/ou de orientación profesional. Desta forma, producirase un incremento da súa calidade e da súa competitividade e xerará o desenvolvemento dunha cultura “emprededora”, obxectivo tamén formativo que se inculcará de forma particular ao alumnado de formación profesional.

Séguirase apostando pola implantación de modelos de xestión da calidade nos centros públicos de FP. A consecución dunha maior eficacia na xestión das condicións que require unha formación de calidade baseada na competencia (xestión dos equipamentos e xestión da formación en centros de traballo FCT), fan necesario o establecemento dun novo modelo de xestión nos centros de formación profesional. A formación deixou de estar atribuída exclusivamente á cualificación do profesorado e comezou a ser tamén relacionada, xunto a outros factores, coa xestión dos centros formativos.

A colaboración entre os centros formativos e as empresas ten xa en Galicia unha certa tradición, particularmente no caso do desenvolvemento da formación en centros de traballo, de carácter obrigatorio na FP impartida polo sistema educativo. Apóstase por unha nova visión da vinculación dos centros formativos coas empresas, que está asociada ao intercambio de coñecementos entre ambas instancias. Neste senso é preciso que se transmita aos empresarios e aos representantes dos traballadores esta vocación do sistema institucional de formación profesional, así como que se transmita a estas organizacións a información oportuna sobre os recursos humanos e materiais máis avanzados dos que dispoñen os centros formativos.

A profesionalidade dos directores e/ou xestores de centros formativos e/ou doutros organismos ou servizos do sistema de cualificacións e FP de Galicia debe definirse en termos de competencias (unidades de competencia), en coherencia co modelo de formación subiacente a dito sistema. As unidades de competencia que require a dirección de centros formativos ten que estar, en primeiro lugar, referidas ás novas funcións e competencias que deben atribuírse aos centros, para que estes desempeñen con autonomía e eficacia os novos retos que lles plantexa o desenvolvemento do

sistema de cualificacións e FP de Galicia e, en segundo lugar, ten que referirse tamén a saber dirixir o traballo en equipo e a saber promover equipos de proxectos, capaces de afrontar obxectivos concretos nas cambiantes condicións do contorno.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aposta decididamente pola posta en marcha de medidas e programas que reduzan o abandono escolar prematuro e, consecuentemente, reduzan o fracaso escolar. Estas actuacións son: programas de reforzo, orientación e apoio (PROA), medidas de acompañamento, medidas de orientación, reforzo e apoio (MORA). O obxectivo é reducir o nivel de fracaso escolar ata situalo ao redor do 15% no ano 2010.

Implantar as ensinanzas deportivas de fútbol en Monforte; baloncesto en Vilagarcía e balonmán en Pontevedra, para o curso 2008-2009, esta oferta vén a completar a iniciada por primeira vez no curso 2007-2008.

No ámbito universitario continuaremos desenvolvendo e xestionando o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, aprobado o 29 de novembro de 2004 e con vixencia ata 2010, revisando os seus parámetros e estudando a inclusión de novas achegas ao Plan, sempre vencelladas á mellora da calidade, á implementación do Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES) e á adecuación das estruturas da universidade aos retos da investigación e da innovación.

Desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria seguiremos a traballar na ordenación, planificación e execución eficiente das competencias, en materia de universidades e ensinanzas universitarias, correspondentes a esta consellería en relación coas que se lle atribúen no artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, na Lei galega 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, nas disposicións ditadas no seu desenvolvemento e na Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Outro dos seus grandes obxectivos é elaborar a proposta e, se é o caso, a execución dos plans específicos de apoio á formación e actualización do persoal docente das universidades galegas e de orientación e apoio económico aos estudantes universitarios.

Así mesmo, preocupa a este departamento promover unha acción política que procure a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor no sistema galego de innovación, así como da calidade dos seus medios e resultados, de acordo cos fins marcados no artigo 1.2 da Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Para lograr os fins descritos, establecemos como obxectivos:

- Xestionar programas de calidade de orientación e de información aos estudantes universitarios.

- Xestionar as accións de apoio á formación e actualización do profesorado universitario e de apoio económico aos estudantes universitarios.
- Xestionar os procesos de incorporación dos estudantes ao SUG.
- Elaborar as propostas de financiamento do SUG.
- Xestionar a coordinación do SUG.
- Xestionar a creación e recoñecemento en Galicia de universidades e centros universitarios.
- Autorizar sobre a implantación de estudos universitarios, tanto de carácter oficial e de validez en todo o territorio nacional coma os conducentes a títulos conforme o sistema vixente nos países estranxeiros.
- Manter e actualizar o banco de datos para a elaboración de estatísticas do SUG e para a prestación de servizos de información á comunidade universitaria.
- Elaborar e facer seguemento de convenios con institucións.
- Mellorar o financiamento estrutural da actividade investigadora do SUG.
- Mellorar a calidade dos medios e resultados de investigación do SUG.
- Dotar ao SUG dos recursos humanos necesarios para alcanzar indicadores de referencia española e europea, atendendo as necesidades do sistema galego de innovación.
- Optimizar a planificación e o uso das infraestruturas científico-tecnolóxicas establecendo un marco de financiamento para o seu desenvolvemento sostible.
- Potenciar unha organización máis eficiente da investigación na universidade, a través da consolidación de grupos, institutos e outras estruturas, incluídas as mixtas, con outras entidades públicas ou privadas, para posibilitar a xeración de unidades con masa crítica competitiva e incrementar a efectividade na produción e posta en valor do coñecemento.
- Incrementar a presenza da investigación galega no contexto nacional e internacional.
- Potenciar a transferencia dos resultados da investigación do SUG.
- Promover a dotación de espazos e servizos tecnolóxicos e de innovación que favorezan a interacción cos axentes económicos e sociais.
- Avanzar no coñecemento e monitorización da investigación no SUG, identificando con base prospectiva as áreas científico-tecnolóxicas de excelencia e interese socioeconómica ás que orientar a investigación universitaria.

Cos orzamentos do ano 2008 consolidouse o impulso final do programa de complementos retributivos do personal de docencia e investigación das universidades galegas, ligados a méritos

individuais docentes, investigadores e de xestión, ao amparo do Decreto 55/2004, do 4 de marzo. Así mesmo afianzouse a avaliación da investigación, ao amparo do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, e da Orde do 5 de febreiro de 1990.

Os orzamentos de 2009, permitirán á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un programa de actuación do SUG artellado en 13 liñas de acción:

- Mellora da calidade e cohesión do SUG, con 7 accións.
- Mellora da inserción laboral dos egresados do SUG, con 2 accións.
- Mellora do financiamento universitario baseado en criterios competitivos, obxetivos estratéxicos e avaliación de resultados.
- Plan de fomento das medidas de apoio ao estudo e á mobilidade dos estudantes do SUG, con 1 acción.
- Plan de apoio á posta en marcha do Espazo Europeo de Ensino Superior, con 6 accións.
- Plan de visualización e internacionalización do SUG, con 5 accións.
- Plan de formación inicial en investigación do alumnado do SUG, con 2 accións.
- Plan transversal de fomento de igualdade de oportunidades no SUG, con 3 accións.
- Plan de subvención a centros asociados da UNED en Galicia, con 1 acción.
- Programa de Consolidación de Unidades de Investigación competitivas e de referencia científico-tecnolóxica, con 4 accións.
- Consolidación dos Servizos Xerais de Apoio a Investigación, con 1 acción.
- Programa de Intensificación da Función Investigadora, con 2 accións.
- Promoción da igualdade de xénero no ámbito da Investigación universitaria: Plan Muller e Ciencia.

---

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009

---

#### 3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

##### 3.1.1 Da Consellería

#### **PROGRAMA 151A. FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

##### 1. Descrición

#### DIRECCION XERAL DE ORDENACION E INNOVACION EDUCATIVA

Preténdese a implantación de actuacións que supoñan o fomento do uso da lingua galega nos centros educativos, razón que xustificou a aprobación do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, cara a normalización do uso da lingua e a consideración da mesma como lingua moderna e de futuro.

##### 2. Actividades

Potenciación do uso da lingua galega en contextos castelán falantes, mediante a facilitación de materiais, orientacións, programas de innovación aos centros docentes sostidos con fondos públicos. Máis concretamente potenciación de liñas en galego en educación infantil en contextos castelán falantes en centros públicos e concertados.

##### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

#### **PROGRAMA 421A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN**

##### 1. Descrición

#### SECRETARIA XERAL

As dotacións orzamentarias contempladas neste programa permítennos atender as necesidades dos servizos centrais e das delegacións provinciais, como son as de reparacións de edificios, maquinaria, instalación de equipamentos informáticos, material de oficina, subministracións de enerxía eléctrica, combustible, comunicacións, transporte, xurídicos e contenciosos, as propias do Consello Escolar e do Museo Pedagóxico de Galicia, e as indemnizacións por razón de servizo do persoal.

Tamén contempla este programa 421A as transferencias correntes do Museo Pedagóxico de Galicia, Fundación Pro Real Academia Española e Fundación Camilo José Cela.

Conta, tamén, o capítulo cos orzamentos previstos para atender outro inmovilizado material e investimentos de carácter inmaterial para o Museo Pedagóxico de Galicia, como pode ser a publicación de fondos bibliográficos, adquisición e restauración do patrimonio moble e documental, informes, material informático, feiras museísticas, exposicións, formación e difusión, inventario, etc.

## 2. Actividades

### SECRETARIA XERAL

Gastos de funcionamento e transferencias correntes dos servizos centrais e delegacións provinciais.

Adquisición de diverso mobiliario, informático, e outros investimentos, para as dependencias dos servizos centrais e delegacións provinciais.

Adquisición das ferramentas informáticas (equipos, aplicacións, etc.) necesarias para conquistar a completa integración da comunidade educativa galega na sociedade da información.

## 3. Órgano encargados da súa execución

Secretaría Xeral

## **PROGRAMA 422A. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO**

### 1. Descrición

#### SECRETARÍA XERAL

Unha educación infantil e primaria de calidade é o pilar básico do ensino obrigatorio e postobligatorio.

Entre os obxectivos fundamentais desta consellería para o ano 2009 atópanse os seguintes:

1. Atención especial á educación infantil, incrementando a escolarización no segundo ciclo da mesma, e destinando recursos humanos que permitan un maior número do profesorado de apoio nestas ensinanzas así como, se é o caso, a diminución da ratio profesorado/alumnado.
2. Potenciación da orientación, incrementando o número de orientadores nos centros de educación infantil e primaria e nos centros de educación primaria.
3. Reforzo da aprendizaxe das linguas estranxeiras na educación primaria.



#### 4. Potenciación das ensinanzas de réxime especial.

Neste último campo procede destacar o Acordo retributivo asinado o 16 de maio de 2006, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e todas as organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria, e máis o STEG, que ademais de homologar as retribucións dos funcionarios docentes galegos ás dos funcionarios docentes doutras comunidades autónomas, potencia a función directiva, a función inspectora, a función titorial e outras funcións como as actividades de reforzo educativo, a atención á diversidade, desdobres en determinadas áreas, a atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro, a educación infantil, a asesoría tecnolóxica para a atención das novas tecnoloxías, a participación activa nos plans de convivencia do centro e outras.

Para ir acadando os obxectivos anteriormente mencionados, no próximo exercicio orzamentario hai un incremento de 57 dotacións de mestres.

Está, á súa vez, no ánimo desta consellería garantir a ensinanza obrigatoria dos nosos cativos o máis cerca posible das súas vivendas e do seu contorno familiar.

Así, a Consellería vai incrementar a oferta de postos escolares alí onde os recursos educativos públicos resultan insuficientes. Crearanse centros: a Escola Infantil dos Rosais na Coruña e de Oroso, ampliaranse outros como o CEIP “O Graxal” de Cambre, o CEIP “Fermín Bouza Brey” de Pontearreas, etc.

Ademais, este goberno desde a súa perspectiva de apostar por un ensino de calidade vai proceder á demolición, nalgúns casos total, de CEIPs existentes para proceder a construílos de novo ou, cando menos, para proceder a unha reforma integral destes (o CEIP “Quiroga Palacios” de Santiago de Compostela, os “Muiños” de Muxía, o CEIP “Luis Pimentel” de Lugo, o CEIP “Amadeo Rodríguez Barroso” de Ourense, o CEIP “Xesús Golmar” de Lalín, o CEIP “Virxe do Rocío” de Vigo, etc).

Estas actuacións de renovación dos edificios que acollen centros educativos realízanse a partir dun interese especial da consellería de configurar os centros de ensino como elementos integradores do seu contorno social, do seu interese para que esta comunidade autónoma conte con centros dignos e en óptimas condicións.

Non podemos esquecer que uns centros de ensino ben conservados e coidados colaboran, sen lugar a dúbidas, nos modelos conductuais formativos para o alumnado.

Seguiranse realizando obras de conservación e mellora dos centros existentes. Continuarase coas actuacións de renovación do sistema eléctrico, instalación de redes de datos e revisión de cubertas e fachadas dos centros. Especial atención prestaráselles ás necesidades construtivas de

cociñas e comedores, á eliminación de barreiras arquitectónicas, aos espazos multidisciplinares e de xogos, así como á mellora da eficiencia enerxética tanto dos novos edificios como daqueles nos que se acometan reformas integrais.

Os centros disporán do mobiliario adecuado ás distintas etapas educativas así coma de material bibliográfico e de seguridade vial.

É, precisamente, con cargo a este programa que se materializará a adquisición de equipos para procesos de información para os centros das devanditas etapas educativas. Facilitaráselles a estes centros mediante líneas ADSL ou outras alternativas técnicas o acceso á sociedade da información: Internet, Plataforma e-learning, correo electrónico.

Aínda que a ensinanza infantil e primaria é competencia exclusiva da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, avogamos pola optimización das nosas edificacións e dos nosos recursos a través de acordos con outras consellerías e concellos.

## DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

O programa ten, fundamentalmente, as seguintes finalidades:

1. Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da consellería dos niveis de educación infantil e primaria
2. Atender ao pagamento dos concertos educativos nos niveis obrigatorios (primaria, educación secundaria obrigatoria e educación infantil), os acordos de mantemento de emprego no ensino concertado.
3. Contribuír ó desenvolvemento da LOE. Posta en funcionamento dos decretos 130 e 133/2007 polos que se desenvolven os currículos de educación primaria e secundaria e o 126/2008 polo que se desenvolve o de bacharelato, comezando a súa aplicación no curso 2008-2009.

### 2. Actividades

#### SECRETARÍA XERAL

As actividades levadas a cabo pola Secretaría Xeral son fundamentalmente as seguintes:

Construción, ampliación, reforma e mellora dos centros educativos

Dotación de mobiliario e material didáctico e informático

#### DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As actividades que leva a cabo a dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa poden sintetizarse nas seguintes:

1. Distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da consellería nos niveis indicados.
2. Modificación dos concertos educativos de educación primaria e ESO segundo as necesidades educativas de cada concello.
3. Efectuar os pagamentos derivados dos concertos educativos (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).
4. Tramitación de diversos acordos no ámbito do ensino privado concertado: paga extraordinaria por antigüidade na empresa, mantemento do emprego no sector.

3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

## **PROGRAMA 422C. ENSINO UNIVERSITARIO**

1. Descrición

### **SECRETARÍA XERAL**

Coas partidas orzamentarias do capítulo VII sufragaranse as actuacións para dotar de infraestructuras aos campus universitarios, así como para a adquisición de equipamento de acordo co Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia.

Pola súa banda, as dotacións orzamentarias do capítulo VI destínanse a finalizar os procedementos expropiatorios dos terreos que foron adquiridos, no seu momento, para a creación dos campus da Coruña e de Ourense.

### **DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

Este programa contén partidas orzamentarias dos capítulos II, IV e VII, que se estruturan en base a 9 plans, que dan lugar a unha serie de accións, algunhas das cales son transversais e polo tanto repítense en varios plans:

1. Plan de mellora da calidade e cohesión do SUG

A consecución dun sistema universitario de calidade é unha prioridade para esta dirección

xeral, universidades que aposten pola especialización e a complementariedade, cómplices da sociedade e comprometidas co futuro do país, configurando un verdadeiro Sistema Universitario de Galicia. Non podemos permitirmos unha competencia máis aló do razoable; cada universidade debe potenciar as súas fortalezas e singularidades e apostar por aqueles eidos nos que teña máis capacidade de liderazgo. Por isto, aumentáronse decididamente en 2006, 2007 e 2008 os esforzos en políticas de coordinación do SUG e incrementaremos as accións que tratan de evitar competitividades e que pola contra fomentan sinerxías e complementariedades entre as tres universidades galegas. Compre no 2009 manter esta posta en valor da calidade e cohesión do SUG.

Por outra banda, entendemos que para incrementar os niveis de calidade debemos esixirlle aos docentes o compromiso máximo e, por suposto, recoñecerllo. Durante o 2006 consolidamos os complementos á excelencia docente e investigadora, sen desenvolver dende 2004; en 2007 implantamos o de xestión. Galicia situábase no antepenúltimo lugar entre as CCAA; a nosa meta é situarnos entre as que mellor recoñecen e remuneran as actividades do seu profesorado, iso si, sempre con criterios de excelencia e de calidade.

Finalmente, incrementaremos as axudas á actualización e innovación docente así como o número de beneficiarios e contías dos premios que recoñecen a calidade dos alumnos do SUG.

Por todo o exposto, 7 son as accións que se enmarcan neste plan:

- a) Financiamento, conxuntamente coas universidades e outras consellerías, do Consorcio de Bibliotecas Universitarias (BUGALICIA).
- b) Continuación da consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).
- c) Sistemas e aplicacións de xestión comúns para as tres universidades.
- d) Outros consorcios e accións conxuntas das tres universidades.
- e) Complementos salariais do profesorado do SUG
- f) Bolsas e premios vencellados á calidade:
  - Premios á excelencia académica.
  - Premios fin de carreira.
- g) Bolsas para actualización, innovación e adaptación ao EEES do profesorado do SUG, a través de convenios coas universidades

## 2. Plan de mellora da inserción laboral dos egresados do SUG

En 2009 continuarase coa unificación das diferentes accións que se levaban a cabo con outras de novo deseño, traballando de forma multidisciplinar, isto é, coa participación de diversas direccións

xerais, as universidades galegas e outros organismos e institucións. As finalidades deste programa de traballo son, entre outras, elaborar un plan de seguemento dos resultados dos estudantes na súa actividade académica, estudar o equilibrio entre o mapa de titulacións e a inserción laboral, desenvolver estudos de seguemento do fracaso e abandono dos estudantes e mellorar a calidade do practicum e as prácticas (en Galicia, España e Europa), potenciar as relacións co contorno empresarial, aproximar os temas de inserción laboral aos estudantes. Para acadar estes obxectivos deseñáronse 2 tipos de bolsas e axudas para alumnos do SUG:

- Bolsas para a realización de prácticas en empresas e institucións europeas, a través de convenios coas universidades.

3. Mellora do financiamento universitario baseada en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e avaliación de resultados.

Aplicarase o establecido no Plan de Financiamento 2005-2010. No obstante se estudarán a inclusión de novas achegas ao Plan sempre vencelladas á mellora da calidade e da implementación do Espazo Europeo e da adecuación das estruturas das universidades aos retos da investigación e da innovación.

4. Plan de fomento das medidas de apoio ao estudo e á mobilidade dos estudantes do SUG.

As bolsas e axudas directas aos estudantes universitarios do SUG é unha das prioridades da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG e ao longo da lexislatura preténdese actualizar a oferta, axeitándoa aínda máis á nova estrutura derivada do Espazo Europeo de Ensino Superior, mellorando a súa dotación e número.

É imprescindible atender aos novos retos como, por exemplo, a implantación dos títulos de posgrao oficiais ou a demanda de mobilidade. Nos anos 2006, 2007 e 2008, o orzamento para alumnos creceu moi significativamente respecto dos anos anteriores. A política de bolsas que se pretende desenvolver no 2009 permitirá completar as convocatorias do MEC con diversas accións encamiñadas fundamentalmente á mobilidade dos estudantes, á atención de situacións especiais e ao posgrao (terceiro ciclo e masters oficiais), pero tamén á elevación da contía das mesmas e unha axilización nos trámites para a súa obtención, de tal forma que esta poida ser recibida polos beneficiarios o antes posible.

O número de beneficiarios total destas axudas ascendeu no 2007 a máis de 3.200 alumnos, cumprindo co compromiso de duplicar ao longo da lexislatura o número de bolsas e axudas mellorando ao mesmo tempo a súa dotación.

O Espazo Europeo de Educación Superior entende a mobilidade de estudantes como unha ferramenta fundamental para unha formación integral e de calidade; sendo de grande importancia,

pois, a mellora das axudas da comunidade autónoma a estudantes do programa Erasmus, Leonardo, ISEP e outros similares. Todos os estudantes do SUG que participan nestes e outros programas de mobilidade están a recibir axudas por parte da Consellería.

As axudas á mobilidade dos alumnos creceron máis do 10% con respecto a 2006 e o 53,75% máis que en 2005; o obxectivo inmediato para 2009 é asumir a consolidación destas accións. Habrá tamén axudas á mobilidade dos alumnos estranxeiros en programas de intercambio co SUG. A mobilidade contribúe a mellorar notablemente a formación dos mozos e mozas, co que facilitan a súa incorporación ao mercado de traballo en postos de máis calidade e mellor remunerados. O aumento deste tipo de bolsas e da súa contía é unha medida indiscutible de equidade e progresividade, que promoverá a cohesión e a igualdade social.

A acción que se enmarca dentro deste plan inclúe bolsas, axudas e premios para estudantes universitarios:

- a) Bolsas para realizar fóra de Galicia estudos universitarios correspondentes a titulacións non implantadas no SUG
- b) Premios Fin de Carreira.
- c) Premios á Excelencia Académica.
- d) Axudas para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares e financiamento de viaxes para estadías nalgún estado membro da UE
- e) Complementarias Erasmus.
- f) Bolsas para fillos de emigrantes e residentes no estranxeiro que veñan a realizar estudos ás universidades galegas.
- g) Bolsas de residencia para galegos doutras Comunidades Autónomas que cursan estudos no SUG
- h) Bolsas de terceiro ciclo.
- i) Bolsas para os programas oficiais de posgrao.
- j) Bolsas de colaboración.
- k) Bolsas de carácter especial.
- l) Axudas a asociacións de estudantes, a través de convenios coas universidades.
- m) Axudas para solicitar créditos a baixo xuro.
- n) Axudas para participar en programas de intercambio con países fóra da Unión Europea, a través de convenios coas universidades.
- o) Axudas complementarias para alumnos estranxeiros, a través de convenios coas universidades.

5. Plan de apoio á posta en marcha do Espazo Europeo de Ensino Superior, a través de contrato-programa coas universidades.

Acabamos de iniciar un complexo proceso que se estenderá nos próximos anos para adaptarnos á nova estrutura do Espazo Europeo. Un proceso de harmonización que debe levarnos a un sistema de titulacións e especialidades favorecedor da mobilidade e da apertura no mercado de traballo europeo, un sistema máis aberto, diverso e versátil, co dobre obxectivo de favorecer unha maior adaptabilidade a unha realidade laboral cambiante en esixencias e capacidades, e de facilitar e promover a formación ao longo da vida, a educación permanente que demanda a sociedade actual.

Para axudar ao SUG nos cambios que supón a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, asumindo o proceso de converxencia que establece o marco de Bolonia, esta dirección xeral ten previsto un incremento significativo do contrato-programa iniciado en 2008, que prevé entre outras accións, as seguintes:

- a) Adaptación das actuais titulacións aos graos. Consolidación dos programas oficiais de posgrao.
- b) Axudas para a o fomento de actividades de adaptación ao EEES
- c) Axudas para adaptación do EEES complementarias ás do MEC
- d) Bolsas e axudas para alumnos: Bolsas para os programas oficiais de posgrao.
- e) Bolsas para actualización, innovación e adaptación ao EEES do profesorado do SUG.
- f) Convenios para a actualización de mobilidade do PAS do SUG.

6. Plan de visualización e internacionalización do SUG

Durante o 2008 colaborouse activamente coas universidades na difusión das excelencias docentes e investigadoras do SUG, tanto en Galicia como no resto do Estado, en Europa e en Latinoamérica (Brasil, México, Estados Unidos e Venezuela). Esta dirección xeral ten investido importantes contías na campaña de promoción e lanzamento dos máster oficiais e ten previstas outras accións de visualización da oferta do SUG, con especial énfase nos Programas Oficiais de Posgrao (máster e doutoramento) e na oferta de axudas aos estudantes, que inclúe tamén ao alumnado estranxeiro interesado en estudar no SUG. Durante o 2009 continuarase coa expansión destas actividades por outros países europeos e americanos.

As accións previstas para a consecución dos obxectivos deste plan son:

- a) Asistencia a feiras e congresos nacionais e internacionais.

- b) Organización do Forum Orienta'09 (coa participación de todos os centros de secundaria de Galicia e cunha previsión de 20.000 visitas) e participación en xornadas, conferencias e outros eventos de difusión do SUG
- c) Publicacións varias (guías do estudante; guía do estudante estranxeiro; catálogo de Programas Oficiais de Posgrao; oferta de titulacións do SUG; Plan de bolsas, axudas e premios a estudantes universitarios; memoria anual da dirección xeral; outras publicacións en papel e electrónicas).
- d) Mellora da accesibilidade e dos servizos da web do SUG
- e) Campañas de difusión estacionais da oferta de estudos e axudas do SUG

7. Plan de formación inicial en investigación dos alumnos do SUG.

O sistema actual de formación de mozos e mozas investigadores adolece en xeral dunha serie de garantías consecuencia, entre outros, dunha falta de planificación da carreira investigadora a medio e longo prazo. Unha das medidas que se poden adoptar para mellorar a situación da formación do personal investigador é reforzar a planificación da carreira investigadora na súa etapa inicial, mellorando o número e a contía a percibir das bolsas e axudas de colaboración nos departamentos e de estudos de terceiro ciclo.

Unha das convocatorias máis demandadas pola comunidade universitaria galega é a de bolsas de terceiro ciclo. No ano 2006 incrementouse o número de bolsas concedidas, pero o máis significativo foi o incremento na dotación a percibir (que incluía unha axuda para pago de matrícula, que cobre o 75% do custo total da mesma, e un seguro médico completo). Asumíuse e xestionouse, tamén, a convocatoria que viña realizando a Dirección Xeral de I+D das prórrogas para aqueles alumnos que resultaron beneficiarios dunha bolsa de terceiro ciclo de nova adxudicación. Todo isto supuxo un esforzo orzamentario sen precedentes e que continuou durante o 2008. As previsións para o ano 2009 é manter o acadado no ano 2007.

Por todo isto, as accións previstas dentro deste plan son:

- a) Bolsas de colaboración nos departamentos universitarios para alumnos de aproveitamento académico excelente.
- b) Bolsas de terceiro ciclo.

8. Plan transversal de fomento de igualdade de oportunidades no SUG

Outra das prioridades desta dirección xeral é o fomento de políticas de igualdade de oportunidades. En 2009 continuarase coa implantación dunha serie de accións que permitan



detectar as situacións de discriminación e desventaxa, así como compensar e eliminar os estereotipos e as barreiras que impiden e dificultan que determinados colectivos desenvolvan a súa traxectoria como estudantes ou profesionais en igualdade de oportunidades. As tres accións encamiñadas á consecución destes obxectivos son:

- a) Atención á igualdade de xénero.
- b) Igualdade de oportunidades:
  - Axudas para alumnos que solicitan créditos a baixo xuro.
  - Bolsas para fillos de emigrantes e residentes no estranxeiro que veñan realizar estudos ás universidades galegas.
  - Bolsas de residencia para Galegos doutras comunidades autónomas que cursan estudos no SUG.
  - Bolsas para realizar fóra de Galicia estudos universitarios correspondentes a titulacións non implantadas no SUG.
- c) Atención a situacións socioeconómicas especiais:
  - Bolsas de carácter especial.

#### Subvención a centros asociados da UNED

En Galicia hai 4 centros asociados da UNED con delegacións, que atenden a un número importante de galegos e galegas. As especiais características que presentan estes centros e os seus alumnos obriga á realización dun estudo en profundidade e unha revisión das axudas que se conceden aos mesmos para optimizar un reparto máis equitativo. Hai polo tanto unha acción prevista dentro deste plan:

Axudas aos centros asociados da UNED en Galicia.

As partidas orzamentarias dos capítulos II, IV e VII estrutúranse da seguinte forma:

1. A partida orzamentaria do Capítulo II, dedícase a costear os gastos referentes ás accións necesarias para coordinar o funcionamento do sistema universitario de Galicia, atender os gastos precisos para o funcionamento do Consello Universitario de Galicia e realizar convenios coas diversas institucións para a prestación de servizos en orde a mellorar a calidade do sistema universitario de Galicia.
2. As partidas orzamentarias do Capítulo IV dedícanse ás accións necesarias para coordinar o funcionamento do sistema universitario de Galicia, atender os gastos precisos para o funcionamento do Consello Universitario de Galicia e realizar convenios coas diversas

institucións para a prestación de servizos en orde a mellorar a calidade do sistema universitario de Galicia.

As partidas orzamentarias co Capítulo IV dedícanse a:

1. Financiar a subvención incondicionada ás universidades galegas para atender as súas necesidades (gastos de persoal docente, PAS, funcionamento e mellora das ratios de calidade). Os gastos derivados da avaliación positiva da investigación ao amparo do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, e da Orde do 3 de febreiro de 1990. Os gastos derivados do complemento retributivo autonómico ao profesorado universitario, ligado a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión. Gastos derivados de contratos-programa coas universidades galegas. Gastos ocasionados pola nivelación das tres universidades.
2. Complementar o actual Plan de Financiamento a través dunha achega adicional.
3. Financiar a subvención aos centros asociados da UNED
4. Financiar determinadas accións de apoio económico aos estudantes do sistema universitario de Galicia (bolsas, axudas e premios para alumnos).
5. Axudar á implantación do Espazo Europeo de Ensino Superior no Sistema Universitario de Galicia.
6. Acadar a consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).
7. Continuar con convenios de colaboración coas universidades galegas.

O Capítulo VII dedicarase, por un lado, a sufragar os gastos de reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias; a financiar conxuntamente coas universidades e outras consellerías, o Consorcio de Bibliotecas Universitarias (BUGALICIA) dacordo co convenio plurianual asinado en 2001 e revisado anualmente e, por outra parte, a financiar o proceso de adaptación das universidades ao Espazo Europeo de Ensino Superior e a mellora da calidade do servizo público universitario cunha achega adicional ao actual Plan de financiamento.

## DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Os orzamentos da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica encádranse no Programa 422C “Ensinanzas Universitarias” coa finalidade de incidir na orientación estratéxica do

Plano de Financiamento do SUG, propiciando o alineamento consensado do gasto nas universidades cos obxectivos formulados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sobre esta base e de acordo aos obxectivos xerais establecidos, os orzamentos para o ano 2008 estrutúranse nos programas e capítulos seguintes:

Capítulo IV, dedicado á:

1. Subvención á Fundación Rof Codina.

Consiste nunha subvención para o apoio ao funcionamento estrutural da Fundación Rof Codina–Hospital Clínico Veterinario – fundación cuxo padroado preside a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - no desenvolvemento das súas funcións docentes, asistenciais e investigadoras asociadas á Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Programa de promoción e intensificación da función investigadora no SUG.

A finalidade deste programa é a promoción e desenvolvemento da carreira investigadora no sistema universitario de Galicia, incentivando os procesos de incorporación e estabilización de persoal con perfil investigador, así como a intensificación da función investigadora nas universidades. Este programa desenvólvese sobre catro eixes de actuación: formación de persoal investigador; persoal de apoio á investigación; substitución de investigadores e accións de apoio a produción científica de calidade.

No marco do mesmo, desenvólvese a convocatoria de axudas ás universidades galegas para a organización de congresos, simposios, xornadas e similares que favorezan a produción, divulgación e intercambio do coñecemento científico, así como a proxección da actividade de investigación universitaria.

3. Desenvolvemento do Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía do SUG.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ven de crear un Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia, que recolla datos directamente do sistema ou que acceda á información secundaria que poida existir noutras fontes. Ademais este Observatorio elaborará os datos obtidos para proporcionar información aos axentes que o requiran e, principalmente, á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, ao Instituto Galego de Estatística e ás Universidades do SUG.

O Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (OCTUGA) desenvolverá as seguintes actividades:

- a) Recompilar datos sobre a investigación e a produción científica no Sistema Universitario

Galego co maior grao posible de detalle e nun prazo de tempo breve, coa finalidade de facer seguimento da súa situación.

- b) Elaborar e manter a páxina web do Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (OCTUGA), así como elaborar un sistema de información e os índices de referencia que se consideren adecuados para o coñecemento da evolución da ciencia e a tecnoloxía no SUG.
- c) Subministrar aos axentes relacionados coa ciencia e tecnoloxía do SUG, a información sobre a situación estrutural e conxuntural da ciencia e tecnoloxía no SUG. Estes axentes serán como mínimo a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, o Instituto Galego de Estatística e as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- d) Apoio ao Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia a fin de desenvolver os sistemas de información bibliográficos e bibliométricos no obxectivo de apoiar, optimizar e avaliar a calidade da produción científica do SUG

Capítulo VI, dedicado a:

Cidade do Mar.

Construción dun campus Científico-Tecnolóxico, que fará posible a potencialidade e a competencia da investigación mariña de Galicia e de España a partir da integración en estratexias e obxectivos comúns das capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dispoñibles e da xeración dun entorno propicio para a conxunción de obxectivos público-privados en materia de innovación.

Capítulo VII

1. Programa de consolidación de unidades de I+D e desenvolvemento da función de transferencia.
2. Programa de apoio ao desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.

2. Actividades

SECRETARÍA XERAL

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA  
UNIVERSITARIO DE GALICIA

Continuarase coa execución das actuacións do 2008 e outras serán creadas ex novo:

1. Funcionamento, apoio e coordinación do sistema universitario de Galicia.
2. Subvención incondicionada ás universidades galegas para atender as súas necesidades.
3. Consolidación dos complementos retributivos ligados á excelencia docente e investigadora, e ao recoñecemento polos cargos de xestión.
4. Subvención aos centros asociados da UNED
5. Consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitaria de Galicia (ACSUG)
6. Convenios coas universidades.
7. Bolsas a estudantes universitarios.
8. Reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.
9. Participación no Consorcio de Bibliotecas (BUGALICIA).

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO  
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

1. Axudas as actividades docentes, investigadoras e asistenciais da Fundación Rof Codina.
2. Axudas de intensificación da actividade investigadora.
3. Axudas ás universidades do SUG para a organización de congresos, simposios e similares.
4. Axudas para consolidación de unidades e estruturas de investigación.
5. Axudas á creación de novos Centros de Investigación de Excelencia.
6. Axudas para actividades de integración do SUG.

3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia

Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia

## PROGRAMA 422D. EDUCACIÓN ESPECIAL

### 1. Descripción

#### SECRETARÍA XERAL

Esta consellería no seu compromiso de apostar por unha mellora substancial da educación especial vai seguir realizando obras de remodelación e melloras nos centros de ensinanzas especiais para procurar a súa adecuación ás necesidades reais e funcionais dos alumnos/as e residentes destes centros. Queremos destacar a obra de reforma do centro de educación especial “Saladino Cortizo” de Vigo.

Ademais, este programa inclúe a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina do persoal funcionario e laboral non docente que presta os seus servizos en centros de educación especial.

#### DIRECCIÓN XERAL ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este programa destínase a atender ao alumnado con necesidades educativas especiais, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades, para o que se dota aos centros de recursos económicos precisos para o seu funcionamento:

Os gastos de funcionamento nos centros públicos de educación especial de titularidade da consellería.

Pagamento dos concertos educativos de educación especial en centros privados concertados.

### 2. Actividades

#### DIRECCIÓN XERAL ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As actividades que leva a cabo esta dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa poden sintetizarse nas seguintes:

Distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da consellería nos niveis indicados.

Modificación dos concertos educativos de educación especial segundo as necesidades educativas de cada concello.

Efectuar os pagamentos derivados dos concertos educativos (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).

Tramitación de diversos acordos no ámbito do ensino privado concertado.

3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

## **PROGRAMA 422E. ENSINANZAS ARTÍSTICAS**

1. Descrición

### **SECRETARIA XERAL**

As ensinanzas artísticas teñen nos últimos anos unha importante demanda nesta Comunidade Autónoma. A consellería vai seguir apoiando estas ensinanzas coma un dos seus proxectos prioritarios.

Estase a construír a primeira fase da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia na cidade de Vigo o que supón un salto cualitativo moi importante na ensinanza das artes escénicas en Galicia. Construirase a segunda fase da devandita escola e se remodelarán todos aqueles centros que o necesiten e se adquirirá o equipamento e material que precisen para obter unhas ensinanzas artísticas de excelencia.

### **DIRECCIÓN XERAL ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

O programa ten por finalidade dotar de recursos para gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas artísticas de titularidade da consellería, para conseguir que estes centros poidan desenvolver adecuadamente as súas actividades proporcionando unha formación artística de calidade.

Os centros que se dotan con gastos de funcionamento nesta partida son:

1. Os conservatorios de música e danza.
2. As escolas de arte e superiores de deseño.
3. A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
4. A Escola Superior de Arte Dramática.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asume como unha das súas finalidades a creación, dotación e sostemento dos conservatorios de música, garantindo unha oferta adecuada e crecente para todos os cidadáns que demandan estas ensinanzas.

Dende hai xa varios anos diversos concellos da Comunidade Autónoma veñen desenvolvendo tamén un importante labor coa iniciativa de creación e co sostemento de centros de carácter público que imparten as ensinanzas regradas de música.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, fai especial mención ás ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade. A Lei regula as ensinanzas artísticas profesionais e as denominadas ensinanzas artísticas superiores.

A Orde do 11 de marzo de 1993 regula a creación e o funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma salientando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia.

A notable demanda das ensinanzas de música xustifica o crecemento do número de escolas de titularidade pública para achegar aos mozos e afeccionados a posibilidade de cursar estes estudos, tanto para realizar unha actividade de formación artística coma para continuar posteriormente estudos regrados de música en conservatorios ou centros autorizados.

### 2. Actividades

#### SECRETARIA XERAL

Construción da Escola Superior de Arte Dramático de Vigo e obras de reforma e mellora noutros centros así como dotación de mobiliario e material didáctico.

## DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As actividades que leva a cabo a dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa conflúen principalmente na distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas artísticas de titularidade da consellería.

Autorización das ensinanzas artísticas de titularidade da Consellería de Educación.



## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

As ensinanzas artísticas (conservación e restauración, música e danza, arte dramática, deseño...) constitúen un indubidable indicador de calidade na oferta educativa dos países máis avanzados.

Actividades previstas:

1. Adecuación progresiva das ensinanzas superiores ao novo espazo europeo de educación superior.
2. Continuar coas convocatorias de axudas destinadas a subvencionar o funcionamento, no desenvolvemento das súas actividades docentes, das escolas de música que radiquen na Comunidade Autónoma das que sexan titulares entes públicos.
3. Seguir apostando polas axudas destinadas a subvencionar o funcionamento dos conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estes conservatorios de música poden ser de grao elemental e/ou grao medio e, necesariamente, deben contar coa autorización expresa da Consellería.
4. Continuar coa realización de Encontros de xoves orquestras co obxecto de impulsar a creación e potenciación de agrupacións instrumentais.
5. Seguir potenciando as accións de apoio ás ensinanzas artísticas: convenios con outras institucións, premios á excelencia, bolsas e axudas aos conservatorios municipais, materiais didácticos, potenciación da TICs, difusión e divulgación da oferta destas ensinanzas (portal educativo, guías, gravacións, etc)
6. Continuar co desenvolvemento normativo das ensinanzas especializadas de deportes en aplicación da LOE

### 3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

## **PROGRAMA 422G. ENSINANZAS ESPECIAIS**

### 1. Descripción

#### **SECRETARIA XERAL**

Con este programa cóbrense as necesidades educativas en materia de idiomas. Desde esta consellería, a actuación máis significativa no eido das ensinanzas especiais é a posta en funcionamento das novas seccións de Escolas de Idiomas en distintas localidades galegas o que esixirá que se doten do correspondente material didáctico e mobiliario.

Esta actuación supón un paso máis na aposta que desde esta consellería se vai realizar a prol dos idiomas estranxeiros xa desde a etapa infantil.

#### **DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

Con este programa son atendidas as obrigas derivadas do funcionamento das escolas oficiais de idiomas, mediante a transferencia das contías precisas para que estes centros poidan realizar as actividades propias destas ensinanzas de réxime especial.

Autorización das ensinanzas de idiomas de titularidade da Consellería de Educación.

#### **DIRECCIÓN XERAL DE FORMACION PROFESIONAL E E. ESPECIAIS**

O coñecemento da linguas modernas é uns dos principais obxectivos nas políticas educativas europeas. A demanda das ensinanzas especializadas de idiomas en toda Galicia fai necesario o desenvolvemento dunha serie de medidas como a potenciación do coñecemento de linguas estranxeiras, adaptándose ás novas realidades sociais, como é o caso do chinés e o xaponés.

Así mesmo, coa ampliación e consolidación da actual rede a través de centros de ensino secundario en horarios vespertinos facilitará o acceso ás mesmas dun sector social máis amplo.

### 2. Actividades

#### **SECRETARÍA XERAL**

Dotación de equipamento e material ás escolas de idiomas existentes e ás novas seccións fundamentalmente.

## **DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

As actividades que leva a cabo a dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa poden sintetizarse na distribución dos gastos de funcionamento ás escolas oficiais de idiomas, centros de titularidade da Consellería.

Desenvolvemento do programa CUALE cara a formación en idiomas de profesorado e alumnado de secundaria e Formación Profesional.

## **DIRECCIÓN XERAL DE FORMACION PROFESIONAL E E. ESPECIAIS**

1. Ampliación da rede de aulas adscritas a escolas oficiais de idiomas para o curso 2008-2009 en: Ribeira, Ponteareas, Pontevedra, A Estrada e Cedeira.
2. Incremento de preto de 2.000 prazas de inglés para a xuventude.
3. Ampliación da oferta de linguas en distintas escolas oficiais de idiomas: italiano e español para estranxeiros en Santiago; alemán na sección da EOI de Carballo; francés nas seccións de EOI de Noia e Lalín.
4. Dotación de aulas de autoaprendizaxe naqueles centros que se incorporan á rede de ensinanzas de idiomas.
5. Ampliación da oferta de formación específica en idiomas para distintos sectores profesionais e para o profesorado en xeral.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Dirección Xeral Ordenación e Innovación Educativa

## **PROGRAMA 422H. OUTRAS ENSINANZAS**

1. Descrición

## **DIRECCION XERAL DE ORDENACION E INNOVACION EDUCATIVA**

O programa ten por finalidade dotar de recursos para gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas de adultos, para conseguir que estes centros poidan desenvolver adecuadamente as súas actividades.

## **DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS**

A educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os cidadáns a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Dende o ámbito educativo, débese facilitar que as persoas adultas teñan acceso universal e continuo á aprendizaxe, co obxecto de que poidan obter e renovar as cualificacións requiridas para participar de forma sostida na sociedade do coñecemento. As novas aptitudes básicas son as cualificacións en materia de TIC, idiomas, cultura tecnolóxica, habilidade para a socialización e cultura emprendora.

Tamén se deben desenvolver métodos e contextos eficaces de ensinanza e aprendizaxe para a formación ao longo da vida. Lograr que todos os cidadáns galegos, ao longo de toda a súa vida, poidan acceder facilmente a unha información e un asesoramento de calidade acerca das oportunidades de aprendizaxe.

Ofrecer oportunidades de aprendizaxe permanente tan próximas aos interesados como sexa posible, nos seus propios contornos e, cando proceda, co apoio das tecnoloxías da comunicación.

A formación ao longo da vida desenvólvese en diferentes escenarios: nas empresas, nas organizacións sindicais e empresariais, en centros das administracións laborais, nas universidades, nos concellos e en asociacións e institucións de todo tipo. Os centros educativos públicos con ensinanzas de adultos son un referente para a formación, con unha dotación de persoal especializado e medios específicos.

### 2. Actividades

## **DIRECCION XERAL DE ORDENACION E INNOVACION EDUCATIVA**

A actividade que leva a cabo a dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa consiste na distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de ensinanzas para persoas adultas.

## **DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS**

1. Convocatoria de axudas a concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas realizar as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, coma a través da experiencia, laboral ou en actividades

sociais. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.

2. Elaboración de materiais didácticos e audiovisuais para a plataforma de aprendizaxe e-learning, para a formación de persoas adultas mediante a modalidade a distancia.
3. Elaboración de materiais para a educación presencial para persoas adultas.
4. Crear grupos de traballo –provinciais e/ou interprovinciais- para planificar os cursos de alfabetización e a elaboración e publicación de materiais.
5. Edición de currículos e desenvolvementos curriculares dos programas de cualificación profesional inicial, da educación secundaria e bacharelato para adultos, así como materiais de uso en liña para a plataforma de aprendizaxe e para o portal educativo.
6. Potenciar ensinanzas de persoas adultas en todos os niveis educativos: alfabetización para inmigrantes; castelán e galego para inmigrantes; niveis I e II; educación secundaria para adultos; ensinanzas de idiomas; programas de cualificación profesional inicial e bacharelatos, cunha especial énfase na modalidade a distancia, para favorecer a aprendizaxe daquelas persoas que, polas súas condicións, lles resulta difícil acceder a un centro educativo de xeito continuado.
7. Desenvolvemento de programas de formación e actualización para o profesorado que vai impartir ensinanzas de persoas adultas, nas modalidades presencial e distancia.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

## **PROGRAMA 422I. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO**

### 1. Descrición

#### **DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

Este programa ten como obxectivo fundamental levar a cabo a formación e a actualización permanente do profesorado e da inspección educativa co establecemento de plans anuais de formación, que supoñen unha ampla, gratuíta e diversificada oferta formativa para o persoal docente.

Este programa conleva durante o curso 2008/2009 o desenvolvemento de accións formativas especiais para adquirir as competencias o profesorado no desenvolvemento da LOE e adaptación ós novos currículos así como o decreto de lingua galega e os novos programas que para potenciar o éxito escolar e a equidade na educación está a desenvolver esta dirección (programas TIC, VALORA, mellora de bibliotecas escolares, plan de linguas, Axenda 21,...)

Os centros de Formación e Recursos, dependentes desta Dirección Xeral desenvolven asimesmo apoio, formación e seguimento de todos os proxectos que esta Dirección ten con outras administracións ou organismos, ONG, etc...

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

O programa de formación permanente do profesorado ten como obxectivo atender as necesidades de actualización sentidas polos docentes e as detectadas pola Administración educativa. Para iso, deséñanse e impleméntanse plans anuais nos que se integra unha oferta formativa diversificada e gratuíta que pretende mellorar as competencias do profesorado nos aspectos científico, didáctico e profesional.

No vindeiro curso académico, tendo en conta as necesidades sentidas e detectadas, desenvolveranse actividades formativas relacionadas coa actualización dos deseños curriculares das ensinanzas especializadas de deportes, das ensinanzas artísticas, de idiomas e de educación de adultos.

### 2. Actividades

## DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Podemos salientar as seguintes liñas de actuación:

1. Ofertar un abano de actividades de formación do profesorado e da Inspección Educativa, amplo e diverso, a través de diversas modalidades formativas (cursos, xornadas, GT, PFAC, SP, plans de mellora...), potenciando a formación do profesorado nas liñas prioritarias definidas pola consellería. É de especial interese no curso 2008/2009 a formación en competencias básicas, peza fundamental no desenvolvemento da LOE
2. Estas actividades realizaranse, maioritariamente, a través dos centros de formación e recursos, e a través das seguintes accións: cursos, encontros, xornadas, proxectos de formación e asesoramento do profesorado nos propios centros, seminarios permanentes e grupos de traballo.
3. Actividades a realizar co profesorado que aumenten as súas competencias no tratamento á diversidade especialmente ós colectivos de inmigrantes.

4. Actividades, materiais e recursos que apoiem o desenvolvemento de políticas de xénero.
5. Licencias por estudio para profesorado que realicen unha investigación ou remate estudos.
6. Estadías no estranxeiro para especialistas e non especialistas cara a utilización das linguas.
7. Cursos de lingua estranxeira para especialistas na modalidade de licencias por estudos.

#### DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Planificar actividades de formación do profesorado de ensinanzas de réxime especial garantindo unha oferta suficiente, diversificada e gratuíta destas actividades, favorecendo ao máximo a participación do profesorado nelas.
2. Continuar co desenvolvemento do plan formativo específico para o profesorado de ensinanzas de música, de deportes e das ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais.
3. Continuar coa convocaoria de actividades específicas para a formación do profesorado destinado en centros de educación de adultos ubicados en centros penitenciarios.
4. Desenvolver un plan de formación específico de formación para o profesorado que vai impartir ensinanzas de persoas adultas, nas modalidades presencial e distancia.

#### 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

#### PROGRAMA 422M. ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL

##### 1. Descrición

#### SECRETARÍA XERAL

A Consellería de Educación é consciente que hoxe a necesidade principal consiste na reforma e remodelación de boa parte dos centros nos que se imparte a ensinanza secundaria.

Procederáse a novas construcións de edificios para centros xa existentes cando o seu estado de deterioro ou a súa inadecuación funcional así o requiran. Así, na cidade de Pontevedra construírse unha nova edificación para Escola de hostelería “Carlos Oroza”, ampliarase e remodelarase integramente o IES “Gamallo Fierros” de Ribadeo.

A Consellería síguelle prestando unha atención prioritaria á eliminación de barreiras arquitectónicas, á eficiencia enerxética, e á renovación de redes eléctricas (CRD e IES “Manuel Antonio” de Vigo).

Finalmente, queremos sinalar a nosa aposta pola optimización dos nosos recursos a través de acordos con outras consellerías e concellos. Mediante un convenio de colaboración entre as Consellerías de Educación e Cultura e mailo concello de Santiago, será posible a construción do polideportivo do IES de “Fontiñas”.

Consecuentemente, estes centros, así coma todos aqueles que o precisen seguirán sendo dotados con equipamento e instrumental idóneo para facer efectiva unha ensinanza de calidade que sitúe a educación galega na senda da excelencia. Dentro do equipamento terá un lugar destacado a adquisición de equipos para procesos de información para os centros de ensino secundario e de réxime especial, conexións mediante liñas ADSL ou outras alternativas, facilitando así o acceso dos centros educativos á sociedade da información proporcionándolles acceso a internet, así como a bases de información temáticas, contidos educativos, plataforma de e-learning, correo electrónico, foros para alumnos e profesores e outras ferramentas colaborativas, a través do Portal Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Con cargo a este programa, dótanse os centros de FP nos que se está a facer unha importante renovación do seu material e equipamento.

Así mesmo destacamos que, con cargo a este programa, se abonan as nóminas de todo o persoal de ensino secundario, contemplándose un reforzo educativo con especial atención á diversidade e á realización de desdobramentos das linguas estranxeiras e nas áreas e materias prácticas como a física, a química e a tecnoloxía.

## DIRECCION XERAL DE ORDENACION E INNOVACION EDUCATIVA

O programa ten, fundamentalmente, as seguintes finalidades:

1. Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de ensino secundario de titularidade da consellería (incluídos os centros públicos integrados –CPIs).
2. Unha mellora na calidade do ensino mediante a aplicación de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos formativos e programas de garantía social.
3. Preparar ao alumnado para as actividades do ámbito profesional e facilitar a súa adaptación ás demandas laborais de profesionais en diversos campos que xurden na sociedade.



4. Atender ao pagamento dos concertos educativos e os programas de cualificación profesional inicial.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

A aprobación do Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de Formación Profesional para o Emprego supón, de feito, a integración efectiva e completa dos antigos subsistemas de Formación Profesional Ocupacional e de Formación Continua, constituíndo, a este respecto, unha aplicación contundente da política de integración dos subsistemas de FP promovida pola Lei 5/2002 das Cualificacións e da Formación Profesional.

O Sistema de Cualificacións e de FP de Galicia precisa completar os eu percorrido cara a súa configuración visible como tal, transcendendo ás intervencións puntuais e coxunturais e constituíndose nun mecanismo estrutural para a formación inicial e continua e para a aprendizaxe permanente da sociedade galega. Desde a perspectiva estatal, o novo marco legal das cualificacións e da formación profesional require que as Comunidades Autónomas desenvolvan as iniciativas que lles corresponden en orden á configuración dos seus respectivos sistemas de cualificacións e FP.

Neste marco, a Consellería de Educación aposta pola implantación dun sistema de recoñecemento, avaliación e certificación de competencias. Isto contribuirá non só a unha maior transparencia do mercado de traballo, senón ao incremento da información que as empresas teñen do potencial dos seus recursos humanos, o que nos permitira ofertar unha formación máis axeitada ás necesidades do mundo produtivo.

### 2. Actividades

#### SECRETARIA XERAL

1. Construción e reforma de centros educativos.
2. Dotación de equipamento e mobiliario didáctico aos centros.
3. Dotación de equipamento informático aos centros.

## DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As actividades que leva a cabo a dirección xeral para a materialización dos obxectivos deste programa poden sintetizarse nas seguintes:

1. Distribución dos gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da consellería nos niveis indicados.
2. Aplicación e distribución dos recursos procedentes de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos formativos e programas de cualificación profesional inicial.
3. Modificación dos concertos educativos no que se refire a ciclos formativos e programas de cualificación profesional inicial
4. Efectuar os pagamentos derivados dos concertos educativos (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).
5. Tramitación de diversos acordos no ámbito do ensino privado concertado, como por exemplo, o acordo sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa ao profesorado destes centros.

#### DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Elaboración dunha norma que autorice a implementación experimental, preferentemente en centros integrados de FP, dun modelo de xestión dos centros que incremente a súa autonomía e a súa capacidade de decisión e procure un funcionamento máis áxil e eficaz dos mesmos.
2. Posta en marcha dun programa de formación dirixido á preparación dos directores e/ou xestores dos centros de FP que participen na experiencia piloto.
3. Continuar co desenvolvemento de grupos de expertos, para cada familia profesional da FP superior e cada familia de títulos universitarios correspondentes, constituído por profesorado da FP superior con atribución docente na familia e por profesorado universitario da correspondente familia profesional coa finalidade de establecer itinerarios de progreso entre os niveis 3 e 4 de cualificación profesional.
4. Continuar coa implantación progresiva do modelo EFQM naqueles centros de oferta institucional que aínda non o tiveran adoptado.
5. Realización dunha avaliación inicial do estado actual dos dous subsistemas de FP, de carácter externo e referida a aspectos como: grao de adaptación ás demandas do contorno socioeconómico local e rexional, grao de atención á demanda formativa, en termos da súa correspondencia cos colectivos que deben priorizarse na mesma; relacións entre os centros formativos e empresas; funcionamento dos sistemas de información e orientación profesional do respectivo subsistema; suficiencia dos recursos materiais e humanos.

6. Impulsar a elaboración das competencias tecnolóxicas dos perfís profesionais correspondentes ás diferentes especialidades de profesorado que imparten formación profesional no sistema de cualificacións e FP de Galicia.
7. Elaborar e determinar as unidades de competencia constitutivas da competencia requirida para as funcións directivas e de xestión derivadas do novo modelo de xestión dos centros de FP.
8. Impulsar a elaboración proxectos de I+D+i nos centros integrados de formación profesional sobre os procesos de ensino-aprendizaxe, modelos de xestión, aplicación de novas tecnoloxías, etc.
9. Continuar coa convocatoria de axudas ao alumnado que se matricule en ensinanzas non vocacionais para que o tecido produtivo dispoña de persoas cualificadas naquelas familias profesionais nas que hai pouca demanda de alumnado.
10. Seguir potenciando as estadias formativas do profesorado en empresas que permitan adquirir experiencias que fomenten a cooperación entre eles e o contorno produtivo.
11. Continuar convocando axudas económicas para os alumnos que realizan as prácticas formativas nas empresas e teñan que desprazarse a outra localidade distinta á da súa residencia. Facilitar, mediante unha convocatoria específica, que poidan realizar estancias formativas en empresas de países da Unión Europea.
12. Continuar coas accións de publicidade, información e orientación profesional orientadas a inducir na poboación escolar a demanda de certos ciclos formativos. Neste sentido organizarase o evento de difusión de ensinanzas superiores: Forum Ensino 2009.
13. Implantar para o curso 2008-2009 os programas de cualificación profesional inicial en centros docentes a fin de garantir aos alumnos a posibilidade real de acceder aos ditos programas.
14. Proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e unha maior defensa fronte ás necesidades de cualificación que lles presenta o seu emprego, como consecuencia dos cambios nos modos de produción e do mercado de traballo.

3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

## PROGRAMA 423A. SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DAS ENSIANZAS

### 1. Descrición

#### SECRETARÍA XERAL

Na formación integral do alumnado é fundamental a prestación de recursos complementarios de carácter educativo integrados na programación xeral anual de cada centro, na procura dun ensino de calidade e mellora continua.

De acordo co anterior, desde a consellería tratamos de que os servizos complementarios respondan ás novas demandas sociais dun xeito eficaz e eficiente completando a oferta de ensinanzas e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para todos os cidadáns.

Sinalar que o servizo de comedor, ademais de servir á Administración educativa como un factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e formativa en habilidades e comportamentos humanos, por iso intentamos que chegue ao maior número de alumnos posible alumnado.

Os créditos destinados á prestación dos servizos de comedores escolares nos orzamentos de 2008 permiten acreditar a ampliación e mellora experimentada polo servizo.

A decidida aposta levada a cabo pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con ocasión da aprobación da nova normativa reguladora do servizo de comedores en centros públicos dela dependentes, materializada no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro e a Orde do 21 de febreiro do mesmo ano, modificada parcialmente pola de 13 de xuño de 2008, veu a significar a asunción dun compromiso de modernizar e mellorar a prestación deste servizo.

No marco de tal obxectivo, e consecuencia da aplicación dos novos criterios o número de comensais e usuarios ten experimentado un incremento moi significativo, tanto naqueles que son xestionados dun modo directo pola administración educativa, como aqueles outros nos que a xestión é indirecta, mediante a colaboración dunha empresa especializada en tales tarefas.

O comezo do curso escolar 2008-2009, detecta unha vez mais un novo incremento do número de usuarios dos comedores escolares.

Así mesmo, neste programa inclúense outras accións tales como as que gardan relación coa seguridade vial e a prevención de riscos laborais.

Nesta materia compre destacar, que a Consellería de Educación ten contraído o compromiso de adoptar unha posición activa en materia de prevención de riscos laborais, na idea de que o

cumprimento das obrigas legais na materia incide de maneira directa na calidade do ensino e no grao de satisfacción do persoal que a fai posible.

Así as cousas, tense confeccionado unha programación dirixida a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes, dando prioridade aqueles que presentan unha maior e potencial perigosidade que se atopa en execución e que será completada coas actividades que se promoverán para fomentar a formación na materia de delegados e membros dos comités de prevención de riscos.

Igualmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asume baixo a súa responsabilidade a vixilancia e control da saúde do persoal non docente que presta servizos en centros docentes públicos dela dependentes, dando así cumprimento ao mandato da lei de prevención de riscos laborais.

Finalmente, o vindeiro ano pretendese consolidar aquelas iniciativas que co carácter de experiencia piloto foron ensaiadas anteriormente. Destaca de entre elas ás relativas á prolongación do horario de apertura dos centros docentes máis aló do horario lectivo. Esta iniciativa persegue contribuír con outras iniciativas tendentes a posibilitar a conciliación da vida familiar e laboral, implicando para a súa realización a diversos axentes institucionais e sociais (concellos e asociacións de nais e pais).

## DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este programa destínase, entre outros, a atender os seguintes ámbitos:

1. Os gastos ocasionados polo funcionamento dos centros residenciais docentes. Neste curso estes centros pasan a facer servizo de comedor doutros centros de ensino públicos, potenciando a conciliación da vida laboral e familiar e prestando un servizo complementario á comunidade.
2. O programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares para os niveis obrigatorios e gratuítos, tanto en centros públicos como en concertados.
3. As actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares. Aumentar a rede de centros do Plan de mellora das bibliotecas escolares e consolidación das bibliotecas que se acolleran con anterioridade a dito programa.
4. Ao desenvolvemento dos programas de cooperación territorial: escolas viaxeiras, rutas literarias, rutas científicas, aulas de natureza,...
5. Ao deseño e elaboración de currículos e materiais curriculares así como á planificación das ensinanzas de réxime xeral.
6. Actuacións de ordenación, avaliación e mellora do sistema educativo.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera que se debe facilitar o acceso dos cidadáns máis xoves ás competencias e habilidades que require o mundo do século XXI. Neste sentido, é especialmente importante o dominio das novas linguaxes das tecnoloxías da información e a comunicación.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria consciente da importancia que teñen as TIC vai seguir apostando por programas que faciliten a súa aprendizaxe.

### 2. Actividades

#### SECRETARÍA XERAL

1. Prestación do servizo de comedor escolar nos 367 centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma , incluídos os comedores de xestión directa (onde os traballos de cociña desenvólvese polo persoal laboral da Xunta) e os comedores que son contratados con empresas hostaleiras.
2. Asegurar a presenza do acompañante de transporte escolar na totalidade das rutas onde esta é obligatoria , tal e como esixe o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
3. Financiamento da gratuidade do servizo educativo complementario de transporte escolar nos centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma , correspondentes a educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.
4. Contratación dunha póliza de responsabilidade civil para todo o persoal ao servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (tanto funcionarios coma persoal laboral e eventual en activo), e de responsabilidade patrimonial esixible á Administración.
5. Contratación de actividades de carácter técnico que teñan como obxectivo principal a mellora da xestión dos servizos educativos complementarios.
6. Axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais nos centros escolares públicos, así como polos concellos.
7. Realizar campañas informativas relacionadas cos servizos complementarios e outros obxectivos compensadores: formación de acompañante, prevención de riscos laborais, seguridade vial, etc.
8. Desenvolver xornadas educativas co obxectivo principal de fomentar unha alimentación sana do alumnado nos comedores escolares e nos seus fogares: aumentar o consumo de peixe, previr a obesidade infantil, fomento de hábitos alimenticios saudables, etc.

9. Promover a avaliación de riscos laborais dos centros docentes públicos dependentes da Consellería e a formación na materia do colectivo de persoal que presta os seus servizos neles.
10. A Avaliación e control da saúde laboral do persoal non docente que presta os seus servizos nos referidos centros públicos.
11. O outorgamento de subvencións a concellos, en réxime de concurrencia competitiva, co obxecto de fomentar á apertura dos centros escolares fora da xornada lectiva, no marco das medidas tendentes á conciliación da vida familiar e laboral e a optimización dos recursos.

### DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As actividades que se levan a cabo para o desenvolvemento deste programa son fundamentalmente as seguintes:

1. Distribución dos gastos de funcionamento aos centros residencias docentes, así como a xestión dos recursos necesarios para a limpeza, seguridade e comedor destes centros.
2. Xestión do programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares para os niveis obrigatorios e gratuítos.
3. Programas e actuacións dirixidas á renovación e mellora das bibliotecas escolares como recursos educativos imprescindibles e para a potenciación e fomento da lectura no contexto escolar.
4. Xestión e coordinación no desenvolvemento dos programas de cooperación territorial co Ministerio de Educación Política Social e Deporte e con outras Comunidades Autónomas.
5. Deseño e elaboración, mediante grupos de traballo, de currículos e materiais curriculares derivados da implantación da Lei orgánica de Educación, así como a planificación das ensinanzas de réxime xeral. En especial a creación de grupos de traballo para levar a cabo os mandatos da LOE especialmente a avaliación diagnóstica.
6. Programas de innovación educativa que propicien o desenvolvemento de proxectos, en centros educativos, relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, cos valores, coa mellora na competencia lingüística nas linguas propias, castelán e galego, e nas estranxeiras.
7. Potenciación e publicación de boas prácticas educativas e elaboración de materiais didácticos, mediante premios que as distingán e as dean a coñecer.
8. Desenvolvemento de plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos, de cara a elevar os parámetros de calidade.
9. Participación en programas de avaliación do sistema educativo.
10. Potenciación da excelencia e o esforzo no estudo mediante premios e distincións ao alumnado.

11. Elaboración de materiais para a educación especial, a inmigración e educación infantil.
12. Axudas a institucións sen fin de lucro.
13. Axudas a Confederacións e Federacións de ANPAS.
14. Axudas a movementos de renovación pedagóxica.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

Continuar coa convocatoria de axudas ao alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria matriculado en centros sostidos con fondos públicos para a adquisición dun ordenador persoal.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

## PROGRAMA 423B. PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

### 1. Descrición

#### DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este programa destínase a realización de actividades co alumnado para potenciar e impulsar a excelencia da educación e as cualidades do alumnado, actuando ante as dificultades encamiñadas a prevenir o abandono escolar por parte do alumnado, integrando neste programa diversas actuacións de apoio e reforzo, así como as encamiñadas á mellora do éxito escolar.

Establecemento de programas de aprendizaxe e perfeccionamento de idiomas estranxeiros por parte do alumnado e do profesorado mediante programas de inmersión lingüística en outros países.

Inclúense actuacións destinadas á mellorar os índices e a calidade da lectura do alumnado da Comunidade Autónoma.

Inclúense accións destinadas ao uso das novas tecnoloxías que permitan unha mellor adecuación ó sistema educativo.

Potenciar a elaboración de protocolos de actuación para a prevención do absentismo escolar nos centros educativos, considerado o primeiro paso cara o abandono.



## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera que se debe facilitar o acceso dos cidadáns máis xoves ás competencias e habilidades que require o mundo do século XXI.

Considera tamén importante que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras. Este dominio vai profundamente ligada ao progreso científico e tecnolóxico. O aumento das relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, de tal xeito que o número de linguas que os cidadáns dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento.

### 2. Actividades

#### SECRETARÍA XERAL

Dotación e nomeamento específico do profesorado necesario para a atención ao alumnado con necesidades específicas.

Facilitar medidas complementarias, como o transporte, ao alumnado participante neste programa.

## DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Desenvolver accións de atención á diversidade que contemplan medidas de apoio e reforzo educativo con accións ordinarias nos centros, plans específicos, como por exemplo o PROA, ou a través de programas de diversificación curricular.

Dotar aos centros participantes neste programa cos medios necesarios que lles permitan cubrir os gastos de funcionamento que o desenvolvemento do programa conleva.

Realización de plans de mellora do éxito escolar en centros de educación primaria, potenciando o desenvolvemento das competencias básicas e a mellora das áreas/materias instrumentais.

Para previr o abandono temperá e impulsar a continuidade de estudos máis alá da educación secundaria obrigatoria realizaranse accións encamiñadas a este fin coa colaboración de concellos e/ou outras institucións.

Tamén se inclúe a realización de programas de inmersión lingüística tanto para o alumnado como para o profesorado.:

### 1. Actividades co alumnado.

Actividades de lingua estranxeira, en especial en lingua inglesa, primeira lingua estudiada na nosa comunidade (80%) que se desenvolven no país de fala nun proceso de inmersión. A un número de 30 horas semanais de formación lingüística engádenselle actividades de cultura e deporte realizadas por profesorado e/ou monitores na lingua obxecto de estudio.

2. Actividades co profesorado.

Itinerario formativo completo con unha fase intensiva de estudio da lingua en Galicia, durante un mes, unha segunda fase de inmersión no estranxeiro con clases de lingua e actividades culturais e deportivas realizadas nesa lingua e unha terceira a través de grupos de traballo sobre aspectos didácticos.

Dotar de recursos aos centros para actuacións no fomento da lectura entre o seu alumnado.

### DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Seguir coa convocatoria de axudas ao alumnado e profesorado de centros sostidos con fondos públicos para realizar intercambios de centros educativos galegos con outros centros de países europeos para facilitar a aprendizaxe activa de linguas.
2. Ampliar a oferta de ensinanzas do idioma inglés para xoves entre 18 e 30 anos a través da rede de escolas oficiais de idiomas e as súas seccións.

3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

### PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

1. Descrición

Este programa ten como referencia as actividades estatísticas correspondentes ao Programa estatístico anual da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2009.

2. Actividades

As recollidas no Programa estatístico anual da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2009.

3. Órgano encargado da súa execución

Secretaría Xeral

#### 4. CADROS NUMÉRICOS

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					Total
	01	02	03	04	05	
151A-Fomento da lingua galega		85,0				85,0
421A-Dirección e servizos xerais de educación	28.730,6					28.730,6
422A-Educación infantil, primaria e ESO	638.482,7	243.869,3				882.352,0
422C-Ensino universitario	12.380,9			351.807,6	21.611,6	385.800,1
422D-Educación especial	17.488,1	12.574,3				30.062,5
422E-Ensinanzas artísticas	26.142,6	1.680,0	1.106,5			28.929,1
422G-Ensinanzas especiais	14.016,2	875,0	423,5			15.314,7
422H-Outras ensinanzas		310,0	690,0			1.000,0
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado		2.725,8	600,0			3.325,8
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional	737.684,9	53.597,0	6.076,5			797.358,4
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	165.033,5	21.240,6				186.274,1
423B-Prevenición do abandono escolar	17.804,2	5.773,8	425,0			24.003,1
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	6.062,3					6.062,3
581A-Elaboración e difusión estatística	13,0					13,0
<b>Total</b>	<b>1.663.839,0</b>	<b>342.730,8</b>	<b>9.321,5</b>	<b>351.807,6</b>	<b>21.611,6</b>	<b>2.389.310,6</b>

(Miles de euros)

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						Total
	I	II	III	IV	VI	VII	
151A-Fomento da lingua galega		45,0		40,0			85,0
421A-Dirección e servizos xerais de educación	25.414,3	2.986,9	3,0	164,0	162,5		28.730,6
422A-Educación infantil, primaria e ESO	599.492,3	14.378,0		232.316,3	36.165,4		882.352,0
422C-Ensino universitario		285,6		340.385,1	3.000,0	42.129,4	385.800,1
422D-Educación especial	17.488,1	780,0		11.794,3			30.062,5
422E-Ensinanzas artísticas	25.342,6	1.681,5		970,0	935,0		28.929,1
422G-Ensinanzas especiais	13.916,2	882,0		366,5	150,0		15.314,7
422H-Outras ensinanzas		310,0		470,0	220,0		1.000,0
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado		496,3		100,0	2.729,4		3.325,8
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional	697.565,7	41.870,2		17.018,2	40.520,8	383,3	797.358,4
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	16.639,7	149.348,9		2.930,5	2.955,0	14.400,0	186.274,1
423B-Prevenición do abandono escolar	17.804,2	54,2		5.081,0	1.063,7		24.003,1
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento					6.062,3		6.062,3
581A-Elaboración e difusión estatística					13,0		13,0
<b>Total</b>	<b>1.413.663,2</b>	<b>213.118,7</b>	<b>3,0</b>	<b>611.635,9</b>	<b>93.977,2</b>	<b>56.912,7</b>	<b>2.389.310,6</b>

(Miles de euros)

## Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.322.149,1	1.413.663,2	6,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	149.411,0	152.629,8	2,2
Cap. III - Gastos financeiros	6,0	3,0	-49,9
Cap. IV - Transferencias correntes	2.164,0	2.809,9	29,8
Cap. VI - Investimentos reais	87.413,4	81.969,0	-6,2
Cap. VII - Transferencias de capital	12.964,2	12.764,2	-1,5
<b>Total</b>	<b>1.574.107,6</b>	<b>1.663.839,0</b>	<b>5,7</b>

(Miles de Euros)

02 D.X. DE ORDENACIÓN E INNOV. EDUCATIVA	2008	2009	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	58.331,0	59.909,0	2,7
Cap. IV - Transferencias correntes	253.669,5	263.413,6	3,8
Cap. VI - Investimentos reais	5.931,2	5.008,1	-15,6
Cap. VII - Transferencias de capital	22.808,9	14.400,0	-36,9
<b>Total</b>	<b>340.740,6</b>	<b>342.730,8</b>	<b>0,6</b>

(Miles de Euros)

03 D.X.DE FORM.PROF. E ENSINANZAS ESPECIAIS	2008	2009	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	324,0	294,2	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	5.536,7	5.027,3	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	2.963,8	4.000,0	35,0
Cap. VII - Transferencias de capital	1.500,0	0,0	-100,0
<b>Total</b>	<b>10.324,5</b>	<b>9.321,5</b>	<b>-9,7</b>

(Miles de Euros)

04 D.X.DE ORD.E CALIDADE DO SIS.UNIV.DE GAL	2008	2009	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	314,6	285,6	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	334.181,5	338.173,5	1,2
Cap. VII - Transferencias de capital	8.848,5	13.348,5	50,9
<b>Total</b>	<b>343.344,6</b>	<b>351.807,6</b>	<b>2,5</b>

(Miles de Euros)

05 D.X.DE P.CIENT. E T. DO SIS.UNIV DE GAL.	2008	2009	% Var.
Cap. IV - Transferencias correntes	2.435,7	2.211,6	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	4.150,0	3.000,0	-27,7
Cap. VII - Transferencias de capital	12.330,9	16.400,0	33,0
<b>Total</b>	<b>18.916,6</b>	<b>21.611,6</b>	<b>14,2</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	1.574.107,6	1.663.839,0	5,7
02 D.X. DE ORDENACIÓN E INNOV. EDUCATIVA	340.740,6	342.730,8	0,6
03 D.X.DE FORM.PROF. E ENSINANZAS ESPECIAIS	10.324,5	9.321,5	-9,7
04 D.X.DE ORD.E CALIDADE DO SIS.UNIV.DE GAL	343.344,6	351.807,6	2,5
05 D.X.DE P.CIENT. E T. DO SIS.UNIV DE GAL.	18.916,6	21.611,6	14,2
<b>Total</b>	<b>2.287.434,0</b>	<b>2.389.310,6</b>	<b>4,5</b>

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA./Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	1.322.149,1	1.413.663,2	0,0	0,0	0,0	0,0	1.322.149,1	1.413.663,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	208.380,6	213.118,7	0,0	0,0	0,0	0,0	208.380,6	213.118,7
Cap. III - Gastos financeiros	6,0	3,0	0,0	0,0	0,0	0,0	6,0	3,0
Cap. IV - Transferencias correntes	597.987,4	611.635,9	0,0	0,0	0,0	0,0	597.987,4	611.635,9
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>2.128.523,0</i>	<i>2.238.420,8</i>	<i>0,0</i>	<i>0,0</i>	<i>0,0</i>	<i>0,0</i>	<i>2.128.523,0</i>	<i>2.238.420,8</i>
Cap. VI - Investimentos reais	100.458,4	93.977,2	0,0	0,0	0,0	0,0	100.458,4	93.977,2
Cap. VII - Transferencias de capital	58.452,5	56.912,7	0,0	0,0	0,0	0,0	58.452,5	56.912,7
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>158.910,9</i>	<i>150.889,8</i>	<i>0,0</i>	<i>0,0</i>	<i>0,0</i>	<i>0,0</i>	<i>158.910,9</i>	<i>150.889,8</i>
<b>Total</b>	<b>2.287.434,0</b>	<b>2.389.310,6</b>	<b>0,0</b>	<b>0,0</b>	<b>0,0</b>	<b>0,0</b>	<b>2.287.434,0</b>	<b>2.389.310,6</b>

(Miles de Euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	<i>10</i>	<i>10</i>
<i>Persoal funcionario</i>	<i>32.334</i>	<i>32.389</i>
Subgrupo A1	13.263	13.240
Subgrupo A2	17.314	17.344
Subgrupo C1	165	210
Subgrupo C2	794	797
Grupo E e agrupacións profesionais	798	798
<i>Persoal laboral</i>	<i>2.659</i>	<i>2.646</i>
Grupo I	27	27
Grupo II	46	47
Grupo III	75	75
Grupo IV	863	863
Grupo V	1.647	1.633
Grupo VIII	1	1
<i>Outro persoal</i>	<i>405</i>	
<b>TOTAL</b>	<b>35.408</b>	<b>35.045</b>



**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E  
INDUSTRIA**

**SECCIÓN 10**





## 1. COMPETENCIAS

---

A Xunta de Galicia, aproba o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Consellería de Innovación e Industria, para o desempeño das súas funcións, nos seguintes órganos superiores:

1. Conselleiro
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación
4. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas
5. Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información
6. Dirección Xeral de Comercio
7. Dirección Xeral de Turismo

Como organismo autónomo ten adscrito o Instituto Galego de Consumo, creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro, que exerce funcións específicas en materia de defensa e protección das persoas consumidoras en Galicia, tendo como fins os que se enumeran no artigo 3 da dita lei, correspóndenlle tamén as mesmas funcións no ámbito de inspección, vixilancia do mercado e de mediación e arbitraje.

Como ente público ten adscrito o Instituto Enerxético de Galicia creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, que ten como misión principal conquistar a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

Como sociedades mercantís dependentes da Consellería de Innovación e Industria existen:

1. A sociedade anónima Galicia Calidade, que ten por obxecto a administración e xestión en xeral da marca de garantía “Galicia Calidade”, e en particular, o outorgamento de licencias da marca, exercendo medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade e características dos produtos elaborados ou distribuídos coa marca de garantía “Galicia Calidade”.
2. A sociedade anónima de Xestión do Plan Xacobeo, que ten como obxecto social o deseño, a programación, a coordinación e, no seu caso, a realización da actividades relacionadas co “Xacobeo”, como un dos principais produtos turísticos de Galicia, que se realizarán, se é o caso, en coordinación coas administracións públicas competentes.
3. A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) ten como obxecto social a realización, entre outras, das seguintes actividades: promoción da oferta turística de Galicia, fomento

e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego, establecemento de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a promoción turística, así como a creación e funcionamento do Centro Superior de Hostalaría.

4. A sociedade anónima Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é unha institución científico tecnolóxica de titularidade pública, que ten como misión principal favorecer a xeración de coñecemento en diversas áreas, proporcionando servizos horizontais de cálculo e comunicacións para satisfacer intereses científicos, académicos e industriais.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2008

---

### 2.1 DA CONSELLERÍA

As principais liñas de acción da Consellería de Innovación e Industria para o exercicio 2009 enmárcanse dentro dos obxectivos prioritarios establecidos polo goberno galego en materia de política económica.

Neste senso, as políticas da Consellería de Innovación e Industria orientáanse cara a consecución dos necesarios cambios estruturais na base produtiva da economía galega que impulsan a mellora da produtividade das empresas e da competitividade dos produtos galegos nos mercados estatais e internacionais.

Orientadas por estes obxectivos estratéxicos, destacamos as seguintes liñas de acción:

1. A execución do Plan Galego de I+D+i 2006-2010, constitúe a ferramenta imprescindible para proporcionarlle ás políticas públicas de I+D+i o pulo necesario para achegarnos aos indicadores dos países máis desenvolvidos en termos de PIB.
2. O fomento da I+D+i empresarial.
3. O apoio á creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de excelencia científica e plataformas tecnolóxicas.
4. A procura da excelencia na xeración do coñecemento.
5. O impulso do desenvolvemento infraestrutural en materia enerxética, coa finalidade da mellora continuada da calidade no abastecemento enerxético á poboación e ás empresas galegas, conxugada cunha aposta decidida polas políticas de aforro e eficiencia enerxética e polo fomento das enerxías renovables.

6. O inicio dunha tendencia inédita na economía galega, consistente no desenvolvemento de mecanismos que permitan a reversión no país dunha parte significativa do excedente económico que se deriva da produción enerxética en Galicia.
7. A mellora das infraestruturas nos polígonos industriais.
8. A mellora da seguridade e hixiene na minaría galega e a recuperación de terreos afectados por antigas explotacións mineiras.
9. O desenvolvemento da sociedade da información e do coñecemento, cun forte pulo á extensión das infraestruturas de banda ampla a toda a sociedade, especialmente no medio rural, naquelas áreas onde a baixa rendibilidade demora a extensión das infraestruturas por parte da iniciativa privada.
10. O deseño de políticas específicas para o achegamento da sociedade da información e do coñecemento aos colectivos sociais desfavorecidos ou con necesidades específicas.
11. A difusión das tecnoloxías da información e das comunicacións no tecido empresarial, nas Administracións e na sociedade en xeral.
12. A aposta polo fomento das relacións de cooperación empresarial, e polo fortalecemento dos contornos asociativos e do desenvolvemento sectorial da economía galega.
13. O impulso das políticas de calidade no tecido produtivo galego.
14. A potenciación da marca “Artesanía de Galicia” e o fomento do deseño aplicado ás producións artesanais.
15. A ordenación e regulación do comercio interior de Galicia, a vertebración do comercio no medio rural e o apoio ao pequeno comercio.
16. O posicionamento de Galicia como destino turístico de prestixio, con imaxe de marca forte, definida e recoñecida.
17. O desenvolvemento da nova imaxe turística de Galicia e da oferta de novos produtos turísticos, que contribúan á desestacionalización e ao incremento do nivel de gasto medio dos visitantes.
18. A mellora da rede de albergues e a promoción do Camiño de Santiago no ámbito galego, estatal e internacional.
19. O impulso dos programas de formación e educación dos consumidores, de xeito especial dos colectivos vulnerábeis e excluídos socialmente.
20. A potenciación das actividades de mediación e arbitraje, consolidando e estendendo o sistema arbitral de consumo a sectores e empresas aínda non adheridas.

21. A actualización e desenvolvemento da normativa específica ou sectorial en materia de consumo.

Para a consecución destes obxectivos, a Consellería de Innovación e Industria executará os créditos correspondentes aos seguintes programas:

561A “Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”.

561B “Investigación universitaria”.

571A “Fomento da sociedade da información e do coñecemento”.

613B “Ordenación, información e defensa do consumidor”

731A “Dirección e servizos xerais de industria”.

732A “Regulación e soporte da actividade industrial”.

733A “Eficiencia enerxética e enerxías renovables”.

733B “Infraestruturas enerxéticas”.

734A “Fomento da minaría”.

741A “Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial”.

741F “Apoio á artesanía”.

751A “Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia”.

761A “Coordinación e promoción do turismo”.

## 2.2 DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

O presente orzamento enmárcase dentro dunha serie de obxectivos a máis longo prazo e que perseguen unha profunda transformación da política e da xestión dos órganos responsables da defensa do consumidor en Galicia.

Entre os obxectivos a acadar para o ano 2009 atópanse os seguintes:

1. Actualización da normativa xeral de consumo e elaboración de normativa específica ou sectorial en materia de consumo. Para elo será preciso asesorarse con expertos de universidades constituíndo equipos multidisciplinares que aborden todos os aspectos implicados na elaboración e contido das ditas normas.

2. Configurar unha rede de axentes de defensa do consumidor baseada na coordinación e cooperación, integrada polas administracións de consumo (autonómica e local) e os axentes sociais, especialmente as organizacións de consumidores. Preténdese acadar unha maior vertebración territorial dos servizos que se ofertan aos consumidores galegos co fin de conseguirmos que toda a cidadanía galega, teñan acceso a eles. As actividades relacionadas con este obxectivo afectan de xeito específico aos capítulos relacionados con subvencións, convenios e proxectos.
3. Impulsar programas de formación e educación do consumidor, de maneira especial, dos colectivos vulnerábeis e excluídos socialmente. Neste impulso terán un papel protagonista os programas de formación da Escola Galega de Consumo, en estreita colaboración cos organismos de consumo (OMICs) e asociacións de todo tipo co fin de favorecer o achegamento e a especialización da información e formación aos consumidores destinatarios.
4. Potenciar as actividades relacionadas coa mediación e a arbitrase co fin de mellorar a eficiencia do IGC e das oficinas de consumo dos concellos e das organizacións de consumidores na resolución extraxudicial dos conflitos de consumo. Consolidar o sistema arbitral de consumo e extendelo a sectores e empresas aínda non adheridas.
5. Mellorar a seguridade do mercado galego en materia de seguridade de servizos e produtos potenciando e mellorando a eficiencia de inspección de consumo e do laboratorio de consumo de Galicia.
6. Mellorar a profesionalización dos funcionarios das administracións de consumo e dos cadros técnicos das organizacións de consumidores mediante programas de formación continuada. Isto afecta sobre todo aos capítulos de proxectos xa que neles impúntanse os proxectos de formación de profesionais de consumo a través da Escola Galega de Consumo.
7. Maior información e transparencia en materia de consumo de cara a cidadanía.

## 2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### 2.3.1 Entes de dereito público

#### INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

##### NATUREZA E FUNCIÓNS

O Instituto Enerxético de Galicia creouse a través da Lei 3/1999, do 11 de marzo, destacándose na súa exposición de motivos algúns aspectos que definen o marco enerxético e o valor estratéxico deste

sector económico, así como na necesidade de utilizar a enerxía de xeito racional. Este é un factor chave na competitividade empresarial e na calidade de vida dos cidadáns, e que é necesario e obrigado harmonizar o uso dos recursos enerxéticos e o respecto ambiental, e diversificar as fontes enerxéticas para diminuír, na medida do posíbel, a dependencia exterior.

A configuración legal do INEGA é a dun ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, dos previstos no artigo 12.1 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. Está adscrito á consellería competente en materia de enerxía, a Consellería de Innovación e Industria, e suxeito nas súas actividades aos programas e ás directrices xerais da Xunta de Galicia, pero con autonomía funcional para realizar planificación enerxética, estudos, actividades formativas e xestión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que teñan que ver co ámbito enerxético e destinados tanto a empresas, outros organismos da administración, institucións sen fins de lucro e particulares.

Os obxectivos deste Instituto son, segundo o artigo 2 da Lei, o fomento e o pulo de iniciativas para a mellora da investigación enerxética en Galicia, o estudo e o apoio de actuacións para o seu coñecemento, o desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías, incluídas as renovábeis, a mellora do aforro e a eficiencia, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos eidos económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

1. Elaborar e propor á consellería competente en materia de enerxía plans e programas.
2. Promover e, de ser o caso, executar os proxectos indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
3. Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
4. Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
5. Desenvolver programas de asesoramento enerxético e auditorías para fomentar o aforro e mellora da eficacia enerxética, así como elaborar proxectos de racionalización do uso da enerxía e aproveitamento dos recursos enerxéticos.
6. Fomentar e participar en proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens e servizos relacionados coa enerxía.

7. Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos –de orixe interna-, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovábeis e de coxeración.
8. Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
9. Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
10. Orientar aos usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
11. Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais; principalmente, os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
12. O INEGA poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.
13. Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao Instituto no marco desta lei.

### 2.3.2 Sociedades mercantís

#### GALICIA CALIDADE, S.A.

Galicia Calidade, S.A., é o órgano creado para a administración e outorgamento das licencias de uso da marca de garantía Galicia Calidade. A concesión das licencias de uso da marca están cimentadas na esixencia ás empresas usuarias, de niveis de calidade superiores, e estes, baseados no estudo exhaustivo dos sectores afectados, e na aplicación da marca de garantía de forma racional, perseguindo o prestixio, recoñecemento e confianza na mesma.

Galicia Calidade, S.A., realiza o estudo, seguimento, auditoría e avaliación das empresas galegas que pretenden utilizar a marca, e aquelas que son licenciatarias, de maneira periódica.

Galicia Calidade, S.A. realiza accións de promoción publicitaria da marca de garantía Galicia Calidade. Accións publicitarias consistentes en campañas de prensa, radio e televisión, presenza en feiras e eventos sectoriais no territorio estatal e internacional, así como diversas actuacións de publicidade en

outros ámbitos como vehículos de promoción que se acheguen ao público obxectivo establecido pola sociedade anónima.

Ademais é obxecto desta sociedade a xestión e administración en xeral da marca Comercio Rural Galego e, en particular, outorgar licencias de marca, exercendo as medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade, características e requisitos dos establecementos pertencente á Rede de Comercios Rurais.

Durante o exercicio 2008, ademais da implantación de catro establecementos piloto (Tendas Multiservizo da Rede de Comercio Rural), Galicia Calidade ten desenvolvidas as actividades de captación e asistencia para a adhesión á Rede de Comercio Rural ao amparo da Orde do 27 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de comercio rural galego. Todo isto, na realización da encomenda de xestión que ven realizando Galicia Calidade, S.A. para a Dirección Xeral de Comercio.

Continúase a desenvolver o plano estratéxico trianual que abrangue o período 2007-2010, enfocado, no eixo empresarial, para mellorar a resposta ás empresas licenciatarias actuais e potenciais, no eixo do consumidor, no achegamento da marca de garantía Galicia Calidade aos cidadáns, e no eixo interno, para a mellora e fortalecemento da institución, optimizando a súa xestión e desenvolvendo novas áreas de traballo. Neste senso, Galicia Calidade, S.A. certificou o seu sistema de xestión da calidade conforme á norma ISO-9001:2000.

No exercicio 2009, desenvolveranse as liñas definidas no desenvolvemento do plano estratéxico. O fomento da calidade nos sectores produtivos básicos de Galicia, a inclusión dentro da marca de garantía dos produtos amparados polos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade de Galicia.

Galicia Calidade, S.A., ven desenvolvendo un novo referencial para o sector turístico, neste contemplase ademais dos referenciais sectoriais de xestión da calidade turística e a calidade do servizo, aqueles valores galegos diferenciais que permitan recoñecer e potenciar as particularidades dos nosos servizos turísticos, e abondar nunha estratexia de diferenciación no mercado baseado na posta en valor dos nosos elementos diferenciais, mantendo unha harmonía da tradición cos trazos de modernidade no sector.

Pretendese que Galicia Calidade se poda empregar sectorialmente como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización de nosas empresas.



No eido do Comercio Rural Galego, está prevista a implantación da Rede de Comercio Rural Galego, a partires dos 20 establecementos adheridos a rede durante 2008. Pretendese tamén, ir incorporando novos establecementos a Rede durante o novo exercicio. A implantación da rede irá acompañada das accións de promoción e información sobre a mesma e, estará imbricada, na medida do posible, noutras accións promocionais da marca de garantía Galicia Calidade.

## XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, S.A.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal constituíuse como Sociedade Anónima de capital integramente público o 13 de novembro de 1991, completando os requisitos necesarios para a súa válida constitución o 10 de decembro dese mesmo ano, data da súa inscrición no Rexistro Mercantil.

Constitúe o seu obxecto social, segundo pon literalmente no artigo 3 dos seus Estatutos o deseño, programación, coordinación e, no seu caso, a realización, entre outras, das seguintes actividades relacionadas co Xacobeo, que se executarán, no seu caso, en coordinación coas Administracións públicas competentes: a conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño; a colocación de sinais de identificación; a elaboración dos principios xurídicos para a súa protección que, para a súa aprobación, serán elevados ás Administracións competentes; a construción de áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental; a dotación do Museo das Peregrinacións; simposios, congresos, xornadas e ciclos; exposicións itinerantes; a organización dos Premios Xacobeo; representacións teatrais; concertos musicais; exposicións de Artes Plásticas; a elaboración de unidades didácticas; a promoción da artesanía e do deseño relacionadas co Camiño de Santiago; competicións deportivas de calidade; Centro Servidor de Datos de Galicia; rede de albergues; a rehabilitación da "Casa do Deán"; as actuacións no "Monte do Gozo"; os convenios cos concellos e institucións relixiosas; a promoción dos aloxamentos relacionados co Camiño, paisaxe urbana (fachadas, edificios, fiestras, teitos, balcóns, prazas, rúas, beirarrúas e similares); a promoción do Xacobeo, incluídas actividades de animación; a produción cinematográfica e audiovisual; patrocinios; e a xestión dos signos visuais.

A actividade principal da Sociedade non ten como finalidade primaria a obtención de lucro, senón perseguir fins de interese para o conxunto de Galicia, nos que para o exercicio 2009 se incidirá en:

1. Continuar coa ampliación da Rede de Albergues, ao mesmo tempo, coa significativa mellora da rede actual. Para seguir asegurando unhas mínimas condicións de servizo, sen que por iso perdan o seu carácter tradicional de acollida ao camiñante.
2. Continuar co labor de implantación de infraestruturas complementarias (como pode ser, por exemplo, a través dos Centros de Interpretación do Camiño) e da recuperación do patrimonio vinculado aos distintos Camiños de Santiago. Aquí contemplase, por exemplo, continuar cos proxectos xa iniciados

da Telleira de Boimorto, da Casa Grande de Lusío en Samos, así como a rehabilitación do Muíño do Toleiro en Sarria ou de edificio para albergue en Betanzos.

3. Continuar o labor de promoción dos Camiños de Santiago tanto no eido galego, como estatal e, sobre todo, internacional, tanto mediante accións directas, como a través da presenza nas principais feiras estatais e internacionais, organización de Congresos internacionais, ou a realización do material de promoción necesario, integrando o Camiño de Santiago nas redes de turismo cultural internacional: Itinerarios Culturais Europeos, Cidades Patrimonio Humanidade, Cidades Santas.
4. Manter a actividade cultural no entorno dos Camiños de Santiago a través das máis diversas exposicións e programas culturais, como o festival de música clásica "Vía Stellae", o programa "Artes no Camiño" ou o programa "Vai de Camiño". Ao mesmo tempo vanse programar distintas exposicións e buscarase a difusión pedagóxica do significado dos Camiños.
5. Ademais, tendo en conta que estaremos xa na véspera da celebración do vindeiro Ano Santo, no ano 2009, comezarse a planificación do próximo Xacobeo 2010, facendo un importante esforzo de promoción co fin de conseguir a presenza do Xacobeo no Mundo.

#### SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A. TURGALICIA

O obxectivo primordial da actividade da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) é, tal e como establece o seu obxecto social, "A promoción da oferta turística de Galicia nos mercados nacionais e internacionais. A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior. O fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego. O establecemento de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento de accións encamiñadas á promoción turística interior e exterior así como todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas. Tamén constitúe o obxecto da Sociedade, sen prexuízo das competencias que correspondan en materia de educación e ensinanza turística aos órganos correspondentes da Administración Central e Xunta de Galicia, a creación e funcionamento dun Centro Superior de Hostalería que levará a cabo a reciclaxe de profesionais do sector turístico, a formación teórica e práctica de alumnos no campo da hostalería, restauración, turismo e actividades complementarias, a organización e xestión de seminarios, conferencias, eventos e actividades similares, a xestión de establecementos de hostalería, restauración e bebidas abertos ao público e actividades de asesoramento e consultaría ao sector turístico. Asemade, será obxecto da Sociedade a creación e funcionamento dunha Central de Reservas que atenda debidamente á demanda turística en Galicia, fundamentalmente no sector do Turismo Rural".

No ámbito promocional, a planificación da actividade no vindeiro ano vai a apostar pola realización de accións que teñan como obxectivo básico o desenvolvemento sostible e rendible do Turismo de Galicia. Este obxectivo básico pódese concretar na consecución de obxectivos intermedios concretos, entre os que podemos destacar os seguintes:

1. Acadar unha mellor distribución do turismo que recibe Galicia no tempo e no espazo.
2. Incrementar o nivel de gasto medio do visitante, potenciando os segmentos de poboación de maior poder de gasto.
3. Incrementar a estanza media potenciando a creación de produtos turísticos máis completos.
4. Fomentar o aumento da calidade dos bens e servizos ofertados.
5. Potenciar a fidelización dos visitantes.
6. Fomentar a colaboración público-privada no desenvolvemento da promoción turística.
7. Sensibilizar á poboación galega en materia de cultura turística (acollida do visitante, coidado do entorno, beneficios sociais do turismo, etc.)

Para lograr o cumprimento destes obxectivos é necesario deseñar unha estratexia xeral de promoción e comunicación turística que logre posicionar Galicia como un destino de prestixio, cunha imaxe de marca forte, definida e recoñecida.

Esta estratexia plásmase na definición dun conxunto de accións promocionais que poden ser clasificadas en catro grandes categorías:

1. Accións promocionais da marca turística “Galicia”: son accións de carácter xeralista que teñen por obxecto a promoción e comunicación con carácter non sectorial de Galicia como destino turístico.
2. Accións promocionais de produtos ou termos propios do destino: son accións dirixidas á promoción de determinados subsectores de grande importancia para Galicia, como por exemplo, o Turismo de Congresos, Incentivos e Reunións, o Turismo Rural, Activo e de Natureza, o Turismo de Auga, a Cociña Atlántica o Turismo de Golf ou as Cidades de Galicia, por citar algúns exemplos.
3. Accións promocionais da marca “España Verde”, en colaboración coas Comunidades Autónomas que a integran.
4. Accións promocionais realizadas a través de novas tecnoloxías, fundamentalmente a través da rede.
5. Accións relacionadas coa información turística, como o mantemento do Sistema de Información Turística, a edición de noticiarios e “newsletters” ou a realización de estudos e enquisas que axuden a coñecer a realidade do sector.

6. No ámbito das accións desenvolvidas polo Centro Superior de Hostelería de Galicia compre salientar o proceso de adecuación do mesmo ao Espazo Europeo de Educación Superior, tarefa que se trata de levar a cabo sen menoscabo da formación de calidade que ano tras ano ven proporcionando ao sector turístico.

## SOCIEDADE ANÓNIMA XESTIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (SAX CESGA)

A SAX CESGA naceu en 1993 do compromiso da Xunta de Galicia de promover servizos comúns de apoio á investigación e, por outra parte, do interese do Consejo Superior de Investigaciones Científicas de promover en Galicia un contorno de traballo e investigación na área do cálculo intensivo.

Os obxectivos fundamentais da SAX CESGA son:

1. Promover servizos comúns de apoio á investigación, desenvolvemento e innovación, no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións en Galicia e na comunidade investigadora do CSIC.
2. Promover accións encamiñadas a favorecer solucións no campo da sociedade do coñecemento.

**Financiamento:** Para desempeñar a súa función a SAX CESGA conta con infraestruturas, equipamentos e aplicacións destinadas a actividades vinculadas ao desenvolvemento da sociedade da información e o coñecemento. Estas infraestruturas fináncianse polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Xunta de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Ministerio de Educación e Ministerio de Ciencia e Innovación.

**Usuarios:** A comunidade de usuarios dos servizos da SAX CESGA componse de investigadores das seguintes institucións:

1. Universidades Galegas
2. Centros de investigación da Xunta de Galicia
3. Centros do Consejo Superior de Investigaciones Científicas
4. Departamentos de I+D de empresas
5. Centros Tecnolóxicos
6. Outras institucións (hospitais, fundacións, asociacións empresariais, etc...)

A SAX CESGA colabora con outras institucións nacionais e internacionais mediante convenio, dispoñendo na actualidade de acordos con centros como: Universidade Nacional Agraria La Molina-Perú, Universidade Autónoma de Barcelona, Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea (Unión Europea), die Berater (Austria), Academy of Management (Polonia), Universidade Pontificia de

Salamanca, Observatorio para a Cibersociedade, Sociedade da Educación do IEEE, Universidade do Minho, UNALM, Universidade de Oviedo, Fundació per a la Universitat Oberta de Catalunya (FUOC), Edeutec (Asociación para el desarrollo de la Tecnología Educativa y de las Nuevas Tecnologías aplicadas a la educación.), Centro de Supercomputación de Cataluña, Centro Informático Científico de Andalucía, Tecsidel, S.A, múltiples institucións vinculadas ao Software Libre (Asociacións de Usuarios de toda España, Gobiernos de Extremadura, Andalucía, Castilla La Mancha, ...), etc.

**Servizos:** A SAX CESGA presta servizos nas seguintes áreas:

1. Soporte técnico a proxectos I+D+i
2. Sistemas de información xeográfica
3. I+D+i aplicado en:
  - Comercio electrónico
  - Tele-formación
  - Software Libre

**Medios:** Para proporcionar estes servizos, a SAX CESGA conta cos seguintes medios:

1. Computadores
2. Software de aplicación e científico
3. Servidor de almacenaxe de datos
4. Centro de sistemas de información xeográfica
5. Salas AccessGrid
6. Aulas de tele-ensino.
7. Centro de Competencias de Comercio Electrónico de Galicia
8. Centro de Referencia de Software Libre.

### **Evolución prevista do centro**

De acordo co establecido polo Órgano de Goberno da SAX CESGA, a Sociedade atópase en fase de transición da súa actividade a Fundación CESGA, co gallo de centrar a totalidade das actividades dende a Fundación CESGA, que é a personalidade xurídica mais axeitada para o desenvolvemento da súa actividade.

---

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2008

---

#### 3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

Para o desenvolvemento das súas competencias, a Consellería de Innovación e Industria conta cos seguintes programas de gasto:

PROGRAMAS
561A. Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.
561B. Investigación universitaria.
571A. Fomento da sociedade da información e do coñecemento.
613B. Ordenación, información e defensa do consumidor.
731A. Dirección e servizos xerais de Industria.
732A. Regulación e soporte da actividade industrial.
733A. Eficiencia enerxética e enerxías renovables.
733B. Infraestruturas enerxéticas.
734A. Fomento da minaría.
741A. Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial.
741F. Apoio á artesanía.
751A. Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia.
761A. Coordinación e promoción do turismo.

##### 3.1.1 Da Consellería

Para a consecución destes obxectivos, a Consellería de Innovación e Industria executará os créditos correspondentes aos seguintes programas:

#### **PROGRAMA 561A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

##### **1. Descrición**

Este programa está orientado ao establecemento de medidas para incentivar as actividades de investigación dos axentes do Sistema Galego de I+D, vertebrar o sistema e desenvolver dunha maneira eficaz e completa o potencial investigador e innovador especialmente no tecido industrial galego, así como á mellora da dotación da infraestrutura tecnolóxica existente na nosa Comunidade Autónoma, sobre todo nos sectores estratéxicos para Galicia marcados no Plan Galego de I+D+I (INCITE).

## **2. Actividades**

1. Axudas para á investigación empresarial que favorezan a investigación aplicada susceptible de ser transferíbel aos principais sectores da economía galega, tendo en conta o seu carácter estratéxico e os obxectivos de calidade e articulación do sistema de I+D..
2. Axudas para promover o desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación que procuren a excelencia na xeración do coñecemento a través do financiamento de proxectos e infraestruturas, participación noutros programas, mobilidade, etc.
3. Axudas para a consolidación de persoal investigador nos centros de investigación de Galicia e para a captación de investigadores e tecnólogos para proxectos estratéxicos.
4. Apoio á creación, equipamento, desenvolvemento e consolidación de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de excelencia científica, e servizos, unidades e plataformas tecnolóxicas
5. Contratos Programa para financiar os distintos centros recoñecidos dentro do Sistema Galego de I+D+I, en función de obxectivos preestablecidos que incidan na mellora da competitividade e calidade do noso tecido empresarial.
6. Accións de promoción, divulgación e sensibilización social para achegar a todos os niveis da sociedade as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica executadas ou promovidas en Galicia.
7. Axudas para fomentar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación no Sistema Público de I+D a través da creación de redes de investigación, promoción de grupos de investigación emerxentes, e consolidación de unidades de servizos tecnolóxicos e dos servizos de apoio á investigación mediante o financiamento de infraestruturas científicas e tecnolóxicas e apoio á xestión.
8. Axudas ás actuacións que contribúen a engadir valor ao resultado xerado pola actividade investigadora do Sistema Público de I+D, apoiando a organización produtiva de grupos de investigación, a valorización de tecnoloxías, e o desenvolvemento de servizos de xestión e promoción do coñecemento
9. Participación no capital fundacional e no sustento de fundacións, parques científicos e tecnolóxicos, centros tecnolóxicos, sociedades e entes públicos ou privados localizados no entorno do sistema galego de I+D.
10. Axudas para a investigación aplicada nos centros tecnolóxicos da CA de Galicia.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

## **PROGRAMA 561B. INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA**

### **1. Descripción**

Este programa recolle actuacións orientadas ao fomento da investigación científica e ao desenvolvemento tecnolóxico a realizar nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia, encadradas no Plan de Financiamento das Universidades de Galicia 2005-2010 co obxectivo de estruturar, especializar e consolidar as unidades de investigación no sistema público de I+D, a través de instrumentos que potencien a organización competitiva e da dotación dos recursos necesarios para dar un salto significativo na calidade dos resultados e no alcance e impacto da produción científica.

### **2. Actividades**

1. Axudas para promover e incentivar o desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación que procuren a excelencia na xeración do coñecemento a través do financiamento de proxectos e infraestruturas científicas e tecnolóxicas, de contratos programa, da participación noutros programas, mobilidade de investigadores e tecnólogos, publicacións, estadias, etc.
2. Axudas para promover e apoiar a investigación aplicada nas tecnoloxías sectoriais do sistema público universitario de investigación.
3. Accións de apoio ao desenvolvemento da carreira científica e tecnolóxica en tódalas etapas: formación, incorporación e consolidación no sistema público de investigación.
4. Axudas para fomentar a estruturación, especialización e consolidación das unidades de investigación no Sistema Público de I+D a través da creación de redes de investigación e estruturas de colaboración permanente, promoción de grupos de investigación emerxentes, e consolidación de unidades de servizos tecnolóxicos e dos servizos de apoio á investigación mediante o financiamento de infraestruturas científicas e tecnolóxicas e apoio á xestión.
5. Axudas ás actuacións que promovan a posta en valor das capacidades e resultados da investigación pública, co obxectivo de potenciar o seu impacto, a súa rendibilidade e unha óptima transferencia social e económica
6. Fondo de calidade, para dar continuidade ao financiamento que as universidades reciben da Xunta de Galicia.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación



## PROGRAMA 571A. FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO

### 1. Descrición

O marco de actuación no que se circunscribe o programa de Desenvolvemento da Sociedade da Información e do Coñecemento impulsado pola Xunta de Galicia, ven fixado pola Estratexia de Lisboa, prantexada pola Unión Europea como o referente no que deben encadrar as políticas económicas e de desenvolvemento dos estados membros e das súas rexións, coa finalidade de potenciar o dinamismo económico e a innovación.

No marco prantexado pola Estratexia de Lisboa elaborouse o documento “i2010 unha Sociedade da Información para o coñecemento e o emprego” que é o documento xerminar na preparación do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010. Ambos os dous documentos serven de base as políticas que a Xunta de Galicia desenvolve para o impulso da Sociedade da Información e do Coñecemento.

O programa pretende establecer as condicións económicas e sociais precisas para o desenvolvemento sustentable de Galicia, promovendo actuacións e políticas públicas que garantan a compatibilidade entre crecemento económico e creación de emprego de calidade, conciliando maior nivel de progreso con cohesión social e territorial en Galicia, sen esquecer o establecemento dos medios precisos para a preservación do medio cultural e lingüísticos propios de Galicia.

Este programa tamén fixa como uns dos seus obxectivos primordiais a incorporación das tecnoloxías da información e as comunicacións ás empresas galegas, especialmente ás Pemes e micropemes, de modo que as fagan máis competitivas e rendibles nos seus procesos produtivos, lles faciliten a relación cos provedores e clientes e, en suma, lles permitan acadar un posicionamento máis competitivo.

En definitiva, o programa de desenvolvemento da Sociedade da Información e do Coñecemento pretende promover os avances técnicos e culturais precisos para situar a Galicia como un país plenamente inserido na Sociedade da Información e a contribuír á xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega.

### 2. Actividades

1. O desenvolvemento de infraestruturas para a sociedade da información. Levaranse a cabo o despregamento de infraestruturas de acceso a internet de banda larga nas zonas de Galicia, especialmente no ámbito rural, onde non están dispoñibles estes servizos, ou ben non acadan os niveis de calidade adecuados.

2. O impulso da interoperabilidade, seguridade e do coñecemento aberto. Estas actuacións incidirán na creación dunha cultura en liña con conceptos de apertura e interoperabilidade como soportes do desenvolvemento tecnolóxico.
3. O impulso ao desenvolvemento de novos contidos e servizos. Este obxectivo pretende promover o desenvolvemento de novos contidos e servizos, como chave do desenvolvemento e evolución da Sociedade da Información e como oportunidade de avance e consolidación das empresas TIC de Galicia, e ter unha especial incidencia, a medio e longo prazo, na implantación da lingua e cultura galegas na rede.
4. Preténdese atopar espazos de liderado para apoiar ao máximo o desenvolvemento do tecido empresarial da sociedade da información, solucionando as súas debilidades e potenciando as súas fortalezas e oportunidades.

Neste apartado encádrase a creación dun viveiro de empresas do sector TIC no Parque Tecnolóxico da Universidade da Coruña, que sirva de xerme do sector e como medida tendente a potenciar o sector tecnolóxico galego, xeradora de riqueza e emprego de calidade.

5. Estas actuacións buscarán impulsar a transformación nas empresas galegas, particularmente das pemes e micropemes, de modo que adecúen o seu xeito de facer negocio aos novos usos que determina a Sociedade da Información

Incidirase de modo particular nas actividades industriais e de servizos que teñan unha especial incidencia no ámbito tecnolóxico, mediante a posta en marcha de plans estratéxicos tendentes a fortalecer o seu posicionamento no mercado e a súa internacionalización.

6. O obxectivo perseguido é dar resposta ás cada vez maiores esixencias cara os servizos públicos a través da aplicación das TIC e o apoio aos servizos prestados polas administracións públicas, especialmente as locais, coa finalidade de incrementar a súa oferta de servizos dixitais de calidade.

Tamén se impulsará a cooperación coas universidades públicas galegas para a posta en funcionamento de plans de actuación tendentes a incrementar os contidos soportados en novas tecnoloxía para a sociedade galega.

7. Baixo este epígrafe incluíranse as políticas de sostibilidade, isto é, inclusión, cohesión, calidade de vida e coidado do medio natural e do territorio en xeral.

Será un dos obxectivos fundamentais do programa a dinamización da Sociedade da Información en Galicia, mediante a profundización e extensión da Rede de Dinamización, especialmente deseñada

para o ámbito rural galego, aínda que non exclusivamente, que incida na formación de cidadáns e empresas nas novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

Por último tamén debemos resaltar a dedicación especial que terán, dentro deste programa, os colectivos que teñan un maior risco de exclusión, cara a facer desaparecer as barreiras que están a marcar a fenda ou desigualdade dixital.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

## **PROGRAMA 613B. ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR**

### **1. Descrición**

A través deste programa aténdese ao funcionamento operativo dos servizos centrais e periféricos do Instituto Galego de Consumo.

Por outra parte, no marco dos dereitos dos cidadáns galegos, está que a Administración garante a súa seguridade como consumidores, tanto desde un punto de vista xurídico como desde o punto de vista da saúde, para iso levaranse a cabo as actuacións que se sinalan.

### **2. Actividades**

1. Culminar o proceso normativo iniciado para a aprobación da Lei galega dos consumidores.
2. Revisión da lei de inspección de consumo e elaboración da norma reguladora da rede de alerta.
3. Axudas e convenios de colaboración con concellos e asociacións de consumidores.
4. Actividades relacionadas coa xestión da rede de alerta para a seguridade dos mercados galegos.
5. Incremento dos recursos humanos dos organismos de consumo.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Instituto Galego de Consumo

## **PROGRAMA 731A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA**

### **1. Descrición**

1. Permitir o funcionamento operativo dos servizos centrais administrativos.
2. A modernización dos procesos de información.

3. Facilitar o control da xestión.

## **2. Actividades**

1. Remuneración do persoal.
2. Gastos correntes en bens e servizos.
3. Mellorar a rede de sistemas de información.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

## **PROGRAMA 732A. REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL**

### **1. Descrición**

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións en materia de seguridade e administración industrial.

### **2. Actividades**

1. Apoio á mellora das infraestruturas nos polígonos industriais en dous ámbitos complementarios de actuación: concellos, asociacións e institucións sen ánimo de lucro.
2. Apoio á empresas en materia de seguridade industrial a través de axudas en réxime de concorrencia competitiva.
3. Apoio á renovación de instalacións domésticas de gas e electricidade antigas para a mellora da seguridade e da eficiencia enerxética.
4. Apoio ás actuacións de asociacións empresariais xestoras de servizos nos polígonos industriais.
5. Actuacións de coordinación en materia de seguridade e administración industrial.
6. Actuacións para o desenvolvemento normativo no eido da seguridade industrial.
7. Transferencias correntes á Fundación Galega de Metroloxía Legal, para o seu normal funcionamento.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

## **PROGRAMA 733A. EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES**

### **1. Descrición**

Este programa ten un dobre obxectivo:

1. Estudos e traballos técnicos en materia de enerxías renovables e fomento do aforro e eficiencia enerxética.
2. Actuacións no ámbito das enerxías renovables e no aforro enerxético.

### **2. Actividades**

1. Apoio ao labor do Instituto Enerxético de Galicia a través da cobertura de gastos correntes e de capital, nomeadamente para que este poida desenvolver as encomendas de xestión que en materia de enerxía lle fai a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
2. Apoio ás funcións de vixilancia e control ambiental dos proxectos de parques eólicos.
3. Asistencia técnica para labores de apoio á implantación do novo plan sectorial da enerxía eólica.
4. Estudos e traballos técnicos en materia de xeración, distribución, transporte, eficiencia e aforro de enerxía
5. Organización de xornadas técnicas sectoriais en materia de enerxías renovables.
6. Clasificación e organización do arquivo de documentación técnica e administrativa dos procedementos de autorización de parques eólicos.
7. Convenio coa Fundación Sotavento para que continúe o desenvolvemento de actividades no ámbito das enerxías renovables e do aforro e da eficiencia enerxética

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

## **PROGRAMA 733B. INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS**

### **1. Descrición**

O obxectivo central deste programa céntrase na mellora das infraestruturas de gas e electricidade na Comunidade Autónoma: Instaurar instalacións de gas natural e propano, accións sobre a calidade do subministro eléctrico no medio rural, instalacións eléctricas municipais, soterramento e desvío de liñas eléctricas e centros de transformación, etc.

### **2. Actividades**

1. Apoio aos concellos para o desenvolvemento de infraestruturas eléctricas que permitan o normal desenvolvemento de servizos municipais básicos.
2. Soterramentos ou adecuación de trazados e instalacións eléctricas para reducir o impacto sobre a poboación, o patrimonio ou o ambiente.
3. Mellora da calidade do subministro eléctrico, a través de convenios coas empresas distribuidoras e co Ministerio de Industria.
4. Convenio con Repsol para instaurar instalacións de propano nas localidades afastadas ás posibilidades de gasificación con gas natural.
5. Convenio con Gas Galicia para o desenvolvemento de infraestruturas de gas natural que posibiliten a subministración a consumidores industriais e domésticos naquelas zonas que contan con potencial de desenvolvemento económico.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

## **PROGRAMA 734A. FOMENTO DA MINARÍA**

### **1. Descrición**

O obxectivo básico deste programa é o fomento da minaría en xeral concretado nos seguintes aspectos:

1. Estudos e proxectos en materia de minaría: materialización da Lei 3/2008, de 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia e desenvolvemento regulamentario da citada norma.
2. Apoio ás actuacións en infraestruturas nas comarcas mineiras incluídas no “Plan Nacional de Reserva Estratégica de Carbón 2006-2012 y Nuevo Modelo de Desarrollo Integral y Sostenible de las Comarcas Mineras” e no Plan de Reactivación das Comarcas mineiras de Cerceda e As Pontes.

3. Creación e mellora da xestión de infraestruturas de apoio mineiro, con especial fincapé naquelas que supoñan a mellora das condicións de seguridade e hixiene na minaría galega.
4. Potenciación da sustentabilidade das explotacións a través da recuperación de terreos afectados por antigas explotacións mineiras e de ordenación de entulleiras así coma na mellora ambiental das nosas explotacións.
5. Difusión da actividade mineira.

## **2. Actividades**

1. Selado de labores abandonadas en situación de perigo que requiran actuación inmediata.
2. Desenvolvemento das actuacións consignadas no Plan de Reactivación das Comarcas mineiras de Cerceda e As Pontes.
3. Desenvolvemento das actuacións consignadas no Plan do carbón 2006-2012 mediante a sinatura dos convenios específicos necesarios que posibiliten a súa realización.
4. Desenvolvemento das actuacións consignadas no Plan Estratéxico de Prevención e Control dos Riscos Laborais na Minaría.– Plan inspeccións, guías, xornadas, subvencións, etc.
5. Convenio coa UDV para a posta en marcha dun servizo de prevención mancomunado.
6. Desenvolvemento regulamentario da Lei de ordenación da minaría de Galicia.
7. Elaboración do Plan Sectorial de actividades extractivas
8. Estudo e revisión da Lei 5/1995, de augas minerais e termais de Galicia.
9. Convenios coa Confederación Hidrográfica do Norte para a restauración hidrolóxico forestal das áreas afectadas por entulleiras de lousa.
10. Potenciación de proxectos empresariais orientados á mellora dos niveis en materia de seguridade e saúde nas empresas mineiras.
11. Potenciación das melloras introducidas polas nosas explotacións no ámbito ambiental – sistemas de xestión ambiental, melloras plans restauración etc. - .
12. Convenios de colaboración coa Cámara Mineira que teñen por obxecto o fomento da minaría na Comunidade Autónoma de Galicia.
13. Colaboración co sector do granito e da lousa a través do apoio financeiro ás fundacións dos centros tecnolóxicos que operan na actualidade.
14. Actuacións de fomento de actividades e proxectos presentados polas asociacións do sector mineiro.
15. Apoio a todos aqueles proxectos que axuden a difundir a minaría coma actividade sustentable, ou redunden nunha mellora da imaxe do sector extractivo galego.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

## **PROGRAMA 741A. APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUCTIVIDADE EMPRESARIAL**

### 1. Descrición

O Programa de Innovación Empresarial comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en tódolos procesos da empresa.

Este programa está dirixido a apoiar a modernización, internacionalización, mellora da competitividade, a transformación e produtividade empresarial, como instrumento a través do cal, nun contexto cada vez máis globalizado, a Consellería de Innovación e Industria poderá desenvolver actuacións dirixidas á potenciación e á dinamización do tecido empresarial galego e á súa modernización para o que deseñará e desenvolverá plans e proxectos que permitan incrementar a competitividade e a internacionalización das empresas galegas.

O fin último que se persegue é conquistar que un maior número de empresas galegas acudan aos mercados internacionais, incrementen o seu nivel de competitividade ao tempo que introducen, no seo da súa organización, modelos de xestión avanzada e excelente.

### 2. Actividades

1. Incentivos para o rexistro de patentes convocadas e coordinadas polo Servizo Galego de Propiedade Industrial (SEGAPI).
2. Apoio a creación e consolidación de plataformas tecnolóxicas
3. Axudas a realización de estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para as actividades de investigación industrial, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial.
4. Axudas a realización de estudos que teñan por obxecto a realización de plans estratéxicos de innovación.
5. Axudas ao fomento da innovación empresarial en materia de proceso de produción, organización da produción, márketing e loxística.
6. Axudas a participación de empresas galegas en convocatorias de axudas estatais e internacionais,



tanto mediante a cofinanciación de proxectos como financiando a preparación dos proxectos que se presenten a convocatorias doutros organismos.

7. Axudas para a dotación de laboratorios e departamentos de I+D para favorecer a creación e ampliación da capacidade estable dentro das empresas mediante estruturas de I+D de dimensión apropiada.
8. Axudas que teñen por obxecto incentivar o desenvolvemento de actuacións de investimentos innovadores que incidan na capacidade competitiva das empresas, mediante a creación ou ampliación dun centro produtivo, a diversificación da produción para atender novos mercados ou a transformación innovadora do proceso de produción dun establecemento existente.
9. Axudas dirixidas a mobilización, dinamización e sistematización da innovación, promovendo unha cultura empresarial proclive a innovación, fomentando a xestión sistemática e profesional da innovación e a cooperación ente axentes do sistema galego de innovación.
10. Axudas dirixidas a extensión do uso dos inventivos fiscais e das bonificacións a seguridade social, así como das ferramentas financeiras de estímulo á innovación
11. Apoio á creación e consolidación de clusters empresariais co fin de impulsar a agrupacións nas que se establezan vínculos colaborativos, fluxos de información e coñecemento dirixidas a mellorar a eficacia e a produtividade empresarial.
12. Desenvolvemento de liñas de axuda para PEMES, CLUSTERS E ASOCIACIÓNS en materia de internacionalización, modernización e sistemas de xestión, entre outras.
13. Promoción da utilización de modelos avanzados de xestión mellorando as capacidades dos recursos humanos e impulsando nas organizacións galegas unha estratexia de excelencia empresarial.
14. Colaboración coas Cámaras de Comercio Galegas e co Consello Superior de Cámaras para instrumentalizar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais e o uso de novas tecnoloxías.
15. Colaboración coas Universidades Galegas e Centros Públicos para a impartición de formación en materia de internacionalización, linguas estranxeiras e coñecementos de deseño e moda, entre outras.
16. Elaboración de estudos de mercados e plans de actuación sobre aqueles sectores de interese prioritario para a Consellería.
17. Actuacións sectoriais que polo que respecta ao Sector Naval concretaranse en achegas para:
  - a) A custo empresarial dos axustes laborais previstos nos estaleiros privados galegos.

b) A suplementación da capacidade de afianzamento do Fondo Patrimonial de Garantía PYMAR.

c) O cofinanciamento dos programas de formación na industria auxiliar.

18. Dinamización e mantemento do portal ByGalicia de internacionalización.

19. Actuacións de promoción en sectores estratéxicos.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información

## **PROGRAMA 741F. APOIO Á ARTESANÍA**

### **1. Descrición**

1. Apoio á artesanía para dinamizar o sector e impulsar a creación de emprego de calidade e asentamento poboacional.
2. Xeración de identidade propia da artesanía galega, promovendo actuacións tendentes a corrixir a actual disgregación do sector, xunto coa atomización e escaso emprego de técnicas de xestión e deseño.

### **2. Actividades**

1. Potenciación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.
2. Axudas a artesáns, talleres e asociacións para a construción e adecuación de talleres, adquisición de medios produtivos e material informático, ferramentas de apoio á comercialización, asistencia a feiras e o fomento da formación e da inserción laboral.
3. Fomento das técnicas de deseño aplicadas ás producións artesanais.
4. Potenciación e promoción da identidade corporativa asociada á marca Artesanía de Galicia

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Comercio

## **PROGRAMA 751A. ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA**

### **1. Descrición**

1. Ordenación e regulamentación do comercio interior.
2. Impulso dos espazos urbanos de uso comercial e outros equipamentos colectivos.
3. Vertebración do comercio no medio rural e expansión dunha rede de comercio rural galego.
4. Apoio á adecuación das Pemes comerciais ao seu entorno competitivo.
5. Incentivación da cooperación empresarial.
6. Fomento do asociacionismo comercial.

### **2. Actividades**

1. Mellora competitiva do comercio polo miúdo mediante implantación dun selo distintivo de calidade para o comercio galego e o fomento da profesionalización e especialización do sector.
2. Coordinación da actividade feiral e impulso na optimización dos recursos dos recintos feirais.
3. Fomento do comercio e dos produtos galegos.
4. Actuacións para a modernización e mellora do pequeno comercio no medio rural.
5. Vertebración do comercio urbano e equipamentos comerciais.
6. Estratexias de revitalización comercial e fortalecemento de centros comerciais abertos e eixes comerciais.
7. Creación de novas canles e cadeas sucursalistas.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Comercio

## **PROGRAMA 761A. COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO**

### **1. Descrición**

Realización de accións tendentes á posta en valor dos recursos de interese turístico así como mellora dos servizos existentes para a consolidación dunha oferta turística de calidade que sirva de base para levar a cabo actuacións de promoción do destino Galicia en termos de excelencia.

## **2. Actividades**

1. Plans de Promoción Turística para a implantación do Destino Galicia nos mercados nacionais e internacionais de interese.
2. Intervencións no patrimonio inmobiliario galego cara a súa reconversión en edificacións de interese e uso turístico como un dos elementos fundamentais do desenvolvemento turístico sostible.
3. Reforzo das actuacións en materia de promoción e desenvolvemento de proxectos estratéxicos de mellora da oferta no marco da colaboración coas entidades locais.
4. Colaboración coas asociacións do sector turístico para coordinar tódalas actuacións de fomento e promoción dos eventos de interese turístico que desenvolvan.
5. Accións de fomento para a creación e mellora da infraestrutura turística galega facendo fincapé na innovación tecnolóxica das instalacións e servizos e a implantación de sistemas de calidade.
6. Mantemento das liñas de axuda para os concellos galegos co fin de mellorar a súa oferta turística así como creación de novos produtos turísticos.
7. Posta en marcha do Plan de Sinalización Turística co fin de homoxeneizar a información turística no territorio galego.
8. Promoción da igualdade de oportunidades nas liñas de apoio ao sector turístico para a creación de emprego estable e de calidade

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Turismo

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos							Total
	01	02	03	04	05	06	80	
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica		72.749,7						72.749,7
561B-Investigación universitaria		48.898,0						48.898,0
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento				26.585,4				26.585,4
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor							8.281,7	8.281,7
731A-Dirección e servizos xerais de Industria	8.942,7							8.942,7
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	6.769,4		6.398,4					13.167,8
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables			11.260,0					11.260,0
733B-Infraestruturas enerxéticas			17.884,0					17.884,0
734A-Fomento da minaría			10.124,0					10.124,0
741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial		23.559,3		23.655,5				47.214,8
741F-Apoio á artesanía					3.931,0			3.931,0
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia					35.224,9			35.224,9
761A-Coordinación e promoción do turismo						78.390,9		78.390,9
<b>Total</b>	<b>15.712,1</b>	<b>145.207,0</b>	<b>45.666,4</b>	<b>50.240,9</b>	<b>39.155,9</b>	<b>78.390,9</b>	<b>8.281,7</b>	<b>382.655,0</b>

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							Total
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	1.907,0			14.831,9	6.355,0	48.655,8	1.000,0	72.749,7
561B-Investigación universitaria				21.568,1	125,0	27.204,9		48.898,0
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	1.112,9			1.651,5	4.760,0	19.061,0		26.585,4
613B-Ordenación, información e defensa do consumidor	4.674,4	911,1	5,4	500,0	1.726,9	463,8		8.281,7
731A-Dirección e servizos xerais de Industria	4.613,1	2.057,3		52,0	2.220,3			8.942,7
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	8.155,8				545,0	4.467,0		13.167,8
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables				2.240,0	520,0	8.500,0		11.260,0
733B-Infraestruturas enerxéticas						17.884,0		17.884,0
734A-Fomento da minaría				90,0	1.465,0	8.569,0		10.124,0
741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial				2.888,5	1.460,0	42.866,3		47.214,8
741F-Apoio á artesanía				581,0	740,0	2.610,0		3.931,0
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	955,9			119,0	5.360,0	28.390,0	400,0	35.224,9
761A-Coordinación e promoción do turismo	4.110,9			26.500,0	9.800,0	37.980,0		78.390,9
<b>Total</b>	<b>25.530,1</b>	<b>2.968,5</b>	<b>5,4</b>	<b>71.022,0</b>	<b>35.077,2</b>	<b>246.651,8</b>	<b>1.400,0</b>	<b>382.655,0</b>

(Miles de euros)

**Distribución orgánica**

<b>01 SECRETARÍA XERAL</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	9.849,7	11.382,5	15,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.210,7	2.057,3	-6,9
Cap. IV - Transferencias correntes	52,0	52,0	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.350,3	2.220,3	-5,5
<b>Total</b>	<b>14.462,8</b>	<b>15.712,1</b>	<b>8,6</b>

(Miles de Euros)

<b>02 D.X. DE INV. DESENVOLVEMENTO E INNOVAC.</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	2.013,6	1.907,0	-5,3
Cap. IV - Transferencias correntes	29.534,7	37.100,0	25,6
Cap. VI - Investimentos reais	6.264,4	6.500,0	3,8
Cap. VII - Transferencias de capital	98.426,5	98.700,0	0,3
Cap. VIII - Activos financeiros	1.600,0	1.000,0	-37,5
<b>Total</b>	<b>137.839,3</b>	<b>145.207,0</b>	<b>5,3</b>

(Miles de Euros)

<b>03 D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	1.891,6	1.386,4	-26,7
Cap. IV - Transferencias correntes	2.250,0	2.330,0	3,6
Cap. VI - Investimentos reais	7.640,0	2.530,0	-66,9
Cap. VII - Transferencias de capital	33.416,2	39.420,0	18,0
<b>Total</b>	<b>45.197,7</b>	<b>45.666,4</b>	<b>1,0</b>

(Miles de Euros)

<b>04 D.X. DE PROM.IND. E SOC. DA INFORMACIÓN</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	1.506,0	1.112,9	-26,1
Cap. IV - Transferencias correntes	3.756,6	3.840,0	2,2
Cap. VI - Investimentos reais	3.400,0	6.200,0	82,4
Cap. VII - Transferencias de capital	39.857,4	39.088,0	-1,9
<b>Total</b>	<b>48.520,0</b>	<b>50.240,9</b>	<b>3,5</b>

(Miles de Euros)

<b>05 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	940,4	955,9	1,7
Cap. IV - Transferencias correntes	740,0	700,0	-5,4
Cap. VI - Investimentos reais	6.000,0	6.100,0	1,7
Cap. VII - Transferencias de capital	27.200,0	31.000,0	14,0
Cap. VIII - Activos financeiros	3.500,0	400,0	-88,6
<b>Total</b>	<b>38.380,4</b>	<b>39.155,9</b>	<b>2,0</b>

(Miles de Euros)

<b>06 DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	4.006,0	4.110,9	2,6
Cap. IV - Transferencias correntes	26.400,0	26.500,0	0,4
Cap. VI - Investimentos reais	9.400,0	9.800,0	4,3
Cap. VII - Transferencias de capital	37.020,0	37.980,0	2,6
<b>Total</b>	<b>76.826,0</b>	<b>78.390,9</b>	<b>2,0</b>

(Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.433,1	4.674,4	5,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	938,9	911,1	-3,0
Cap. III - Gastos financeiros	6,0	5,4	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	490,0	500,0	2,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.957,5	1.726,9	-11,8
Cap. VII - Transferencias de capital	403,8	463,8	14,9
<b>Total</b>	<b>8.229,3</b>	<b>8.281,7</b>	<b>0,6</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	14.462,8	15.712,1	8,6
02 D.X. DE INV. DESENVOLVEMENTO E INNOVAC.	137.839,3	145.207,0	5,3
03 D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	45.197,7	45.666,4	1,0
04 D.X. DE PROM.IND. E SOC. DA INFORMACIÓN	48.520,0	50.240,9	3,5
05 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO	38.380,4	39.155,9	2,0
06 DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO	76.826,0	78.390,9	2,0
80 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	8.229,3	8.281,7	0,6
<b>Total</b>	<b>369.455,4</b>	<b>382.655,0</b>	<b>3,6</b>

(Miles de Euros)

**Consellería e organismo autónomo**

	Consellería		OO.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	20.207,4	20.855,7	4.433,1	4.674,4			24.640,5	25.530,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.210,7	2.057,3	938,9	911,1			3.149,6	2.968,5
Cap. III - Gastos financeiros			6,0	5,4			6,0	5,4
Cap. IV - Transferencias correntes	68.298,3	76.213,0	490,0	500,0	5.565,0	5.691,0	63.223,3	71.022,0
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>90.716,3</i>	<i>99.126,0</i>	<i>5.868,0</i>	<i>6.091,0</i>	<i>5.565,0</i>	<i>5.691,0</i>	<i>91.019,3</i>	<i>99.526,0</i>
Cap. VI - Investimentos reais	35.054,7	33.350,3	1.957,5	1.726,9			37.012,2	35.077,2
Cap. VII - Transferencias de capital	238.281,3	248.378,7	403,8	463,8	2.361,3	2.190,7	236.323,8	246.651,8
Cap. VIII - Activos financeiros	5.100,0	1.400,0					5.100,0	1.400,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>278.436,1</i>	<i>283.129,0</i>	<i>2.361,3</i>	<i>2.190,7</i>	<i>2.361,3</i>	<i>2.190,7</i>	<i>278.436,1</i>	<i>283.129,0</i>
<b>Total</b>	<b>369.152,4</b>	<b>382.255,0</b>	<b>8.229,3</b>	<b>8.281,7</b>	<b>7.926,3</b>	<b>7.881,7</b>	<b>369.455,4</b>	<b>382.655,0</b>

(Miles de Euros)

**Medios persoais**

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	11	11
<i>Persoal funcionario</i>	426	430
Subgrupo A1	148	108
Subgrupo A2	62	103
Subgrupo C1	81	84
Subgrupo C2	113	113
Grupo E e agrupacións profesionais	22	22
<i>Persoal laboral</i>	60	102
Grupo I	2	29
Grupo II	2	15
Grupo III	33	35
Grupo IV	14	14
Grupo V	9	9
<i>Outro persoal</i>	4	
<b>TOTAL</b>	<b>501</b>	<b>543</b>

Instituto Galego de Consumo	2008	2009
<i>Altos cargos</i>		
<i>Persoal funcionario</i>	127	127
Subgrupo A1	25	24
Subgrupo A2	22	22
Subgrupo C1	55	56
Subgrupo C2	20	20
Grupo E e agrupacións profesionais	5	5
<i>Persoal laboral</i>	14	16
Grupo I	5	6
Grupo III	4	5
Grupo IV	4	4
Grupo V	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>141</b>	<b>143</b>

**Sociedades públicas**

Descrición	2009		
	Explo.	Capit.	TOTAL
Galicia Calidade, S.A.	4.130,0	1.462,0	5.592,0
Instituto Enerxético de Galicia	19.290,0	19.592,0	38.882,0
S.A. de Xestión do Centro Supercomputación de Galicia	749,0	0,0	749,0
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo	24.112,0	4.292,0	28.404,0
Sociedade Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.	43.322,0	17.147,0	60.469,0

(Miles de euros)



# **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

## **SECCIÓN 11**



---

## 1. COMPETENCIAS

---

O artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía para Galiza dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega "nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución, a competencia exclusiva da agricultura e a gandería", e así mesmo "a competencia exclusiva das vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución; o réxime das fundacións de interese galego; das cámaras agrarias, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución".

Por outra banda, o Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu artigo 27, apartado 10, dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Asemade, Galiza asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de Autonomía de Galiza.

O traspaso dos servizos do Estado a Galiza nas devanditas materias foi efectuado polos reais decretos que se reflecten como anexo. Do mesmo xeito existe numerosa normativa básica estatal de carácter sectorial no eido agrario, que atribúe competencias en materia de desenvolvemento e execución á comunidade autónoma no marco das bases para a planificación e ordenación xeral da economía.

O Decreto 232/2005, de 11 de agosto, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galiza e crea a Consellaría do Medio Rural. O Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, determina que a Consellaría do Medio Rural é o órgano encargado de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural, englobando as competencias en materia de agricultura, gandería, montes e prevención de incendios forestais, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e industrias agroalimentarias.

O devandito Decreto foi modificado polos Decretos 212/2006, do 16 de novembro e 175/2007, do 13 de novembro, coa finalidade de adaptar as estruturas administrativas da Consellaría do Medio Rural ás necesidades de xestión dos novos fondos europeos, FEGA e FEADER, no período 2007/2013.

A fin de poder desenvolver adecuadamente as devanditas competencias, ten adscritos os seguintes entes públicos e organismos autónomos:

1. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, creada pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.
2. Instituto Galego da Calidade Alimentaria, creado pola Lei 2/2005, de calidade alimentaria, e aprobado o seu regulamento polo Decreto 259/2006, do 28 de decembro.

3. Fondo Galego de Garantía Agraria, regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo, modificado polo Decreto 388/1996, do 31 de outubro.

Asemade, no orzamento da Consellaría do Medio Rural tamén se contemplan transferencias para o funcionamento das sociedades públicas instrumentais:

1. Xenética Fontao, creada polo Decreto 265/1997, do 18 de setembro.
2. Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza, creada ao abeiro do artigo 26 da Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal.
3. Empresa pública, Servizos Agrarios Galegos, S.A., creada polo Decreto 260/2006, do 28 de decembro.
4. Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galiza (BANTEGAL), creada polo artigo 7 da Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do banco de terras de Galiza, e autorizada a súa creación polo Decreto 182/2007, do 6 de setembro.

#### ANEXO

1. Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, consolidación de transferencias efectuadas en fase preautonómica.
2. Real decreto 2423/1982, do 24 de xullo, reforma e desenvolvemento agrario.
3. Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, agricultura, gandaría e pesca.
4. Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, denominacións de orixe, viticultura e enoloxía e ensinanzas profesionais náutico/pesqueiras.
5. Real decreto 3424/1983, do 28 do decembro, investigación agraria.
6. Real decreto 999/1984, do 28 do marzo, agricultura e gandaría (valoración definitiva e ampliación).
7. Real decreto 244/1985, do 6 de febreiro, sementes e plantas de viveiro.
8. Real decreto 795/1985, do 30 de abril, sociedades agrarias de transformación.
9. Real decreto 1099/1985, do 5 de xuño, centros nacionais de selección e reprodución animal.
10. Real decreto 1124/1985, do 30 de abril, reforma e desenvolvemento agrario (ampliación e valoración definitiva).
11. Real decreto 1462/1989, do 1 de decembro, agricultura (ampliación).
12. Real decreto 1632/1994, do 19 de abril, laboratorios agrarios e de sanidade e de produción animal.
13. Real decreto 2164/1994, do 4 de novembro, cámaras agrarias.
14. Real decreto 2165/1994, do 4 de novembro, defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.
15. Real decreto 92/1996, do 26 de xaneiro, agricultura (ampliación), FEGA (antigo SENPA).
16. Real decreto 93/1996, do 26 de xaneiro, agricultura (ampliación), desenvolvemento rural.

17. Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, encomenda de xestión sobre intervención e regulación de mercados.
18. Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galiza a aplicación do réxime da taxa láctea.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009**

---

### **2.1. DA CONSELLERÍA**

A Consellaría do Medio Rural orientará a súa acción política cara o aproveitamento de todo o potencial produtivo do medio rural, afortalando as capacidades e potencialidades do sector agrario como sector estratéxico para o desenvolvemento de Galiza.

De cara a elaboración das liñas de acción para o ano 2009, a Consellaría do Medio Rural atende ao elevado peso económico e social do sector agrario no conxunto da economía galega, así como á dependencia da actividade agraria dunha ampla parte do espazo rural, polo que o obxectivo primordial é avanzar na súa vertebración e reforzamento das estruturas para asegurar un rural e un sector produtivo ligado á produción de alimentos e outros recursos primarios ben dimensionado como garantía de futuro e dun proxecto de país en Galiza.

A agricultura, gandería e actividade forestal non só se deberán guiar por un afán produtivista, senón por unha maior esixencia na protección do medio ambiente, polo que os orzamentos da Consellaría do Medio Rural apostan por un sector agrario galego que contribúa a unha mellora do noso medio ambiente, pulando polo avance cara un modelo de produción agraria sustentábel.

A consellaría dun xeito complementario, que non incompatíbel, tamén avogará pola inclusión de actuacións específicas adicadas á diversificación produtiva no medio rural, aproveitando con iso toda a potencialidade e oportunidades que existen no medio rural e contribuíndo a unha dinamización económica, social e cultural do mesmo.

Todo isto pensando nas persoas que viven no medio rural, xa que a actuación da consellaría vai ir orientada, por enriba de todo, a que obteñan unhas rendas dignas para poderen ter perspectivas de futuro e unha calidade de vida aceptábel no medio rural.

Os obxectivos fundamentais para o ano 2009 da Consellaría do Medio Rural continuarán a liña trazada desde o comezo desta lexislatura: contribuír de xeito eficaz á valorización do medio rural, profundizar no desenvolvemento endógeno sustentábel que permita fixar poboación activa no rural, artellar unha política preventiva en materia de incendios forestais baseada na valorización e fomento agroforestal do monte, e promoción dun desenvolvemento rural de xeito integral e sustentábel que complemente as políticas de apoio directo ao sector agrario.

Neses obxectivos conflúen os que propugna o Plan de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013, que foi aprobado en decembro de 2007 pola Unión Europea e ao longo de 2009 terá plena aplicación, coa súa translación ás liñas e medidas incluídas nos orzamentos da consellaría.

As prioridades estratéxicas da Consellaría do Medio Rural, con indicación das actuacións máis destacadas, que se irán detallando ao longo da explicación de cada programa de gasto, son as que se expoñen de seguido:

1. Fomento do relevo xeracional no sector agrario, coa incorporación de mozos e mozas á titularidade das explotacións e apoio aos investimentos das explotacións agrarias:
  - a) Estas dúas medidas teñen como finalidade que as explotacións agrarias inicien un proceso de innovación que lles permita mellorar a súa viabilidade. Para isto ás actuacións clásicas de incorporación de mozos e modernización agraria virán acompañadas de actuacións de apoio á innovación, de información, formación profesional e aconsellamento técnico coma un complemento inescusábel.
  - b) Neste eido terá unha especial importancia para a Consellaría a promoción do acceso das mulleres labregas á titularidade e xestión das explotacións agrarias, gandeiras e forestais.
2. Recuperación e incremento da superficie agraria útil (SAU) e mobilización das superficies agrarias infrautilizadas, en estado de abandono a través da xestión das mesmas polo Banco de Terras.

A mobilidade de terras agrarias, con medidas destinadas a reformar e ordenar as estruturas agrarias de Galiza, favorecendo a mobilidade da terra de maneira que as explotacións agrarias dispoñan das fincas infrautilizadas e aumenten a súa base produtiva.

3. Fomento da agricultura multifuncional e sustentábel:

Os obxectivos que se perseguen son o apoio á conservación da biodiversidade, o fomento de métodos de produción compatíbeis coa protección do contorno e a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria. Para acadalos desenvolveranse as seguintes liñas:

- a) Contrato de explotación sustentábel:

Coa intención de remunerar as funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria, ao tempo de simplificar a xestión de axudas, ao longo de 2009 continuarase a fomentar a implantación do Contrato de explotación sustentábel, co reforzamento da liña de axudas por parte Consellaría do Medio Rural para incentivar que cada vez máis explotacións adquiriran compromisos en canto á dimensión produtiva e ambiental da explotación así como á orientación produtiva, e como contraprestación a Administración comprométese ao pagamento dunha remuneración xusta e a facilitar unha orientación cara sistemas produtivos viábeis.

- b) Fomento da agricultura ecolóxica:

Impulsarase a orientación dun sector das explotacións existentes neste momento cara a produción ecolóxica, mellorando o até de agora un escaso nivel de desenvolvemento mais que encerra unha grande potencialidade de crecemento.

4. Valorización das superficies de monte, mediante a súa ordenación, a aposta pola produción de madeiras de calidade e o aproveitamento multifuncional:

Os obxectivos xerais da medida serán a posta en valor das superficies forestais tendo en conta a triple función económica, social e medio ambiental do bosque. Formularanse actuacións de valorización do monte mediante o seu uso multifuncional, ao tempo que se implanta unha auténtica cultura forestal en Galiza que permita a consolidación dun complexo forestal-madeira que serva de base para a creación dunha industria transformadora de relevo.

A xustificación vén dada pola necesidade de pór en valor, baixo criterios de ordenación, as superficies forestais infrautilizadas, de tal xeito que se atinxa un dobre obxectivo: obter un rendemento destes espazos que contribúa a incrementar a renda das áreas rurais ao tempo que se contribúe a reducir os danos ambientais ocasionados polo proceso de abandono da política forestal no desenvolvemento rural, e o deseño e aplicación dunha política forestal racional baseada na diversidade de especies forestais.

5. Política de actuación integral en materia de prevención de incendios forestais:

- a) A implantación dun modelo activo, dinámico e integrado en materia de prevención de incendios forestais sobre o monte galego que implemente todo un conxunto de actuacións dirixidas directamente aos terreos forestais que atenúe o risco de incendios forestais:
- b) Reforzar as estruturas de extinción e de prevención dos incendios (planificación de infraestruturas, sendas, pistas, cortalumes, depósitos de auga, etc); organizar a xestión de combustíbeis en zonas estratéxicas unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas; abordar o tratamento de áreas forestais nun esquema de mosaico e de intervención silvícola, no ámbito das dúas dimensións que se complementan, a defensa de persoas e bens e a defensa dos montes; ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do rural contra os incendios e para o uso correcto do lume nestes lugares e actuar na restauración das zonas degradadas polos incendios forestais.
- c) Apoio á industria agroalimentaria e forestal e fomento dos produtos de calidade. Esta actuación vai cubrir dous aspectos diferenciados, por un lado a aposta por produtos de calidade e pola mellora das canles de comercialización. De tal xeito que demos resposta aos cambios na procura de produtos agroalimentarios, adaptando a oferta ás esixencias dos consumidores en materia de calidade, e traceabilidade. Por outro, o apoio ás empresas agroalimentarias e de transformación forestal, este

sector está chamado a desenvolver un importante papel na xeración de emprego e renda nas áreas rurais, e por ende na fixación de poboación.

Por iso apóstase por apoiar un sector produtivo galego con capacidade de atender as demandas cada vez máis esixentes dos consumidores e de competir no mercado internacional pola vía da calidade, ao tempo que se apoia a aquelas explotacións ou cooperativas que tenten unha vía de transformación e comercialización directa dos seus produtos. Primaranse a través desta liña de actuación os aspectos relacionados coa innovación tecnolóxica e a aplicación de I+D+i.

Así mesmo, impulsarase o establecemento e desenvolvemento de grupos agroalimentarios de capital galego nas producións lácteas, cárnicas e hortícolas de Galiza, e apoiar a súa penetración nos mercados.

6. Apoio ás rendas dos agricultores e agricultoras. Alén da xestión das axudas directas da PAC e a súa mellora para garantir o pagamento dos incentivos económicos de apoio directo ao sector, porase énfase en mellorar a xestión dos dereitos de axuda, tanto para manter o nivel de axuda no marco actual como á hora de reivindicar un mellor trato aos produtores e produtoras galegos na percepción de subvencións procedentes dos fondos comunitarios, de xeito que se teña en conta a peculiaridade das explotacións galegas e se apoie decididamente un modelo agrario vinculado ao territorio e unha política de intervención que garanta rendas dignas e estabilidade nos mercados alimentarios.
7. Apoio á diversificación económica compatíbel coas actividades agrarias e forestais. Se ben a agricultura e a gandaría son actividades con capacidade para mellorar as rendas e as condicións de vida dos habitantes do mundo rural, non é unicamente coa modernización dos modelos de produción agrarios como se resolverá o problema do emprego rural e da equiparación de rendas, é preciso pór en marcha medidas que fomenten a diversificación económica nos espazos rurais.
8. Accións orientadas á mellora da calidade de vida nas áreas rurais: A mellora da renda e a creación de emprego son condicións necesarias máis non suficientes para acadar o obxectivo de fixar poboación no medio rural. Implementaranse as actuacións encamiñadas a mellorar a calidade de vida da poboación residente e aumentar a capacidade de acollida no territorio de investimentos produtivos, especialmente a través do impulso ás infraestruturas e equipamentos básicos no medio rural, en colaboración coas entidades locais.
9. Fomento de réximes asociativos agrarios: A incentivación dos réximes asociativos de propiedades agrarias e forestais, con vistas á cooperación entre propietarios no desenvolvemento dos traballos e o aproveitamento de infraestruturas e equipamentos conxuntos. Especificamente, reforzarase a capacidade das comunidades de montes veciñais en man común para mobilizar produtivamente as súas terras.

Tamén se prestará especial apoio á integración de entidades de base cooperativa, e ao fomento de entidades asociativas de produtores con obxecto de comercializar directamente a súa produción.



10. Fomento das entidades de aconsellamento e xestión ás explotacións agrarias: Seguirase a impulsar a implantación dun sistema de acreditación e fomento dos servizos de aconsellamento e xestión ás explotacións ao abeiro do réxime previsto no PDR 2007-2013, de servizos de asesoramento que estarán destinados a mellorar o rendemento global da explotación que incluírán como mínimo os requisitos de xestión obrigatorios, o cumprimento das condicións agrícolas e medioambientais obrigatorias e a normativa relativa á seguridade laboral.
11. Enfoque LEADER: O ano 2009 será o primeiro de funcionamento efectivo do Programa Leader Galiza 2007-2013, unha vez completado en 2008 todo o proceso de convocatoria e selección de Grupos de Desenvolvemento Rural e dos seus programas. Levarase a termo a implementación de todos os cambios introducidos no modelo respecto dos períodos de programación anteriores: Grupos de Desenvolvemento Rural máis representativos e con maior implicación do conxunto de axentes públicos e privados; marcada orientación cara aos labores de dinamización social, mobilización de recursos, detección de oportunidades, acompañamento de promotores; máis amplo abano de tipoloxías de proxectos integrables na planificación estratéxica dos grupos, e priorización daqueles que contribúan en maior medida ao reforzamento da base económica das áreas rurais e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes; cambio do modelo de xestión e dos fluxos financeiros do programa. Todo iso para contribuír á mellora da calidade de vida e ao afianzamento dun medio rural viable no horizonte do medio prazo mediante o enfoque abaixo-arriba e a mellora da gobernanza dos propios territorios.
12. Benestar animal, erradicación de enfermidades e seguridade alimentaria:  
  
A mellora, consolidación e sostemento dos niveis sanitarios das explotacións agrarias e do control de calidade e seguridade das producións, así como mellorar os sistemas de control da cadea alimentaria coa finalidade de garantir un elevado nivel de seguridade e protección da saúde, en materia de alimentos, pensos, saúde animal, benestar animal e fitosanidade.
13. Xestión do potencial vitícola:  
  
Aplicación da reforma da OCM vitivinícola e do Programa de Apoio ao sector, pondo énfase na política de reestruturación e reconversión do viñado para favorecer as producións de calidade con denominación de orixe, a correcta xestión do potencial vitícola priorizando a recuperación das superficies abandonadas, e a promoción dos viños galegos das distintas denominacións de orixe no mercado interior como exterior.
14. Impulso a sistemas de fixación de prezos transparentes:  
  
Potenciación da interlocución interprofesional sectorial e de mecanismos de fixación de prezos agrarios transparentes, consensuados entre o sector produtor e transformador e que erradique as oscilacións conxunturais dos mesmos.
15. Accións dirixidas á mellora da formación e investigación agrarias:

A mellora da formación permanente dos agricultores e técnicos agrarios, profundizando tanto nas ensinanzas regradas como ocupacionais, e potenciando o asesoramento e transferencia tecnolóxica por parte dos servizos técnicos agrarios da consellaría dun xeito máis próximo e directo ás explotacións agrarias.

O incremento dos recursos destinados á investigación e innovación no eido agrario, asegurando a conexión dos centros de investigación cos produtores e as industrias, así como cos restantes centros de investigación na materia.

16. Consolidación do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), como elemento estratéxico de actuación da Consellaría do Medio Rural en materia de investigación aplicada no ámbito da agroindustria e control e certificación da calidade diferencial.

17. Desenvolvemento dos programas de información e formación profesional regrada e continua, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal, que incorporan medidas específicas formativas en materia de benestar animal, seguridade nos traballos agroforestais e formación continua do persoal que traballa no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da consellaría.

18. Fortalecemento da interlocución institucional agraria:

O establecemento dun marco estábel e transparente de apoio ás organizacións profesionais agrarias de acordo coa representatividade social, actualizando a tal fin as axudas con fondos públicos para que lles permita exercer acaidamente as funcións de interlocución e vertebración social do sector que lles corresponden.

19. Políticas dirixidas ás mulleres rurais:

Executaranse medidas dirixidas especificamente á potenciación do papel das mulleres como protagonistas do tecido produtivo e social galego, á redución das desigualdades e a facilitar a plena integración das mulleres en todas as actuacións de desenvolvemento rural mellorando a súa situación e o seu entorno social, laboral e económico.

20. Racionalización da estrutura administrativa adicada ao desenvolvemento rural:

Desenvolverase a previsión ou a contida no proxecto normativo de reforma da Lei de desenvolvemento comarcal de Galiza, racionalizando a estrutura comarcal adicada ao desenvolvemento rural, integrando os actuais centros comarcais co resto de servizos administrativos da consellaría e cunha vocación cara ao impulso da economía produtiva nas zonas rurais.

21. Impulso na simplificación e modernización administrativa:

O achegamento, a transparencia e a colaboración da Administración cara os agricultores, prestando especial atención á introdución das tecnoloxías de información e comunicación nos procedementos administrativos

para axilizar a tramitación das solicitudes que dirixan á Consellaría do Medio Rural ou ás entidades dependentes da mesma, coa aplicación en 2009 dunha primeira fase de implantación da tramitación electrónica nos procesos de subvencións tramitados ante a consellaría.

## 2.2. DO ORGANISMO AUTÓNOMO

### FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)

O Fogga creouse pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, -coa denominación actual establecida pola disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro-, desenvolvida logo polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo.

Este organismo ten como obxectivos para o ano 2009 a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos dirixidos ao sector agrario galego e procurar unha mellora das rendas dos agricultores galegos, desenvolvendo as seguintes principais actuacións:

1. Desenvolver as funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos novos fondos europeos agrarios FEAGA e FEADER, pagando e contabilizando os importes das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións de coordinación, comunicación, auditoras, e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.
2. O desenvolvemento da xestión das axudas da PAC en Galiza, tendo en conta o novo marco derivado da reforma da PAC aprobada en 2003. A tal fin, logo da implantación e xestión dos primeiros anos do réxime de pagamento único, seguirá a executar as accións necesarias para a concesión dos pagamentos previstos no devandito réxime e outras axudas, primas gandeiras e restitucións con cargo á Política Agraria Común.
3. O pagamento e contabilización das actuacións incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural 2007-2013, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellaría do Medio Rural.
4. O pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura e reestruturación do viñado financiadas polo FEAGA.
5. Efectuar as operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEAGA, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións ditadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).
6. Realizar accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e afortalar con iso a puxanza do sector cárnico e lácteo galego no contexto estatal e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo Fogga que operan no sector agropecuario.

## 2.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA DO BANCO DE TERRAS DE GALIZA, S.A.

A Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galiza, BANTEGAL, ten como obxectivo principal a xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galiza, a través dos réximes de adjudicación establecidos na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galiza.

A sociedade Bantegal manterá unha relación permanentemente actualizada, con indicación da procedencia dos bens, da titularidade e do seu destino actual, de todos aqueles inmobles e dereitos reais que integren o Banco de Terras de Galiza. Para estes efectos elaborará e xestionará sistemas de información territorial e cartográfica.

Tamén elaborará e xestionará bases de datos de prezos e valores da terra e desenvolverá labores de apoio á planificación e xestión territorial, servizo de almacenamento, produción e elaboración de datos gráficos e alfanuméricos, produción de cartografía básica e temática, homoxénea e adaptada ás necesidades dos usuarios, así como a investigación e desenvolvemento de diferentes materias no marco de proxectos concretos e aplicación de metodoloxías especialmente deseñadas.

Serán tamén obxectivos do Bantegal:

1. Xestionar e actualizar a información cartográfica, territorial, parcelaria e agronómica de Galiza e as súas bases de datos que sexan necesarias para o correcto, áxil e eficaz desenvolvemento dos seus cometidos.
2. A xestión cautelara dos montes veciñais en man común nos supostos en que sexa declarada a situación de grave abandono ou degradación, ou por extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte, de forma provisional ata que, se é o caso, se reconstitúa a comunidade, de acordo coa súa normativa específica.
3. Asegurar a administración dos bens e dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galiza, exercendo todas as competencias necesarias e, en particular, as de conservación, defensa da integridade, inspección, dirección e control destes bens.
4. Facer o seguimento do mercado de terras en Galiza, e elaborar os estudos que sobre este poidan resultar de utilidade para favorecer a mobilidade das terras, coñecendo as condicións de oferta e demanda, prezos e valores deste mercado.
5. Realizar os necesarios labores de asesoramento, intermediación e xestión para facilitar o acceso á terra daquelas explotacións que queiran incrementar a súa base territorial, así como daquelas persoas que queiran incorporarse á actividade agrogandeira, ou ben teñan vontade de allear as súas propiedades mediante venda, permuta ou cesión en calquera fórmula.

6. Velar pola conservación do contorno ecolóxico dos predios que integran o Banco de Terras de Galiza, esixindo especialmente unha explotación racional dos seus recursos naturais.
7. Prestación de servizos e realización de informes e estudos relacionados co obxecto social e que, se é o caso, sexan solicitados polos departamentos da Administración autonómica e por outras administracións públicas.

#### EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

O Decreto 260/2006, do 28 de decembro, publicado no DOG do 18 de xaneiro de 2007, autorizou a creación da sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

A Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. ten como obxecto social:

1. A realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, aquelas actividades, obras e servizos que requiran as intervencións de carácter urxente, relacionadas coas devanditas materias.
2. A elaboración, por iniciativa propia ou por instancia de terceiros, de estudos, plans, proxectos e calquera tipo de consultora e de asistencia técnica e formativa en materia forestal e de prevención de lumes forestais.
3. A promoción, desenvolvemento e adaptación de novas técnicas, equipamento e sistemas para a prevención e xestión de situacións derivadas dos incendios forestais.
4. A realización daquelas actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias agrícolas, gandeiras e de desenvolvemento rural que de forma taxativa lle sexan encomendadas pola Xunta de Galiza.
5. Así mesmo, poderá comercializar os produtos derivados daquelas tarefas agrarias, gandeiras ou forestais, que con carácter determinado poida desenvolver por encomenda da Xunta de Galiza.

A sociedade, ao longo do exercicio 2009, logo do inicio da súa andaina en 2007, pretende a consolidación dun modelo de xestión pública no eido agrario, con vinculación íntegra coa Administración da Comunidade Autónoma Galega, realizará cantas encomendas lle sexan ordenadas pola Consellaría do Medio Rural, así como de calquera outro departamento ou ente público autonómico que encaixen dentro do seu obxecto social, e dun xeito programado as seguintes:

1. Colaboración na campaña de incendios forestais, poñendo a disposición da consellería un dispositivo de reforzo na época de alto risco de incendios forestais consistente en brigadas de extinción, patrullas de vixilancia móbil, brigadas especiais ao longo do territorio galego e máis a posta a disposición de reténs de maquinaria, colaborando tanto nas tarefas de extinción coma nas de mellora de infraestrutura.

2. Asistencia técnica para tarefas de coordinación de seguridade e saúde nas actuacións de restauración das áreas afectadas por incendios forestais e prevención dos riscos dos traballadores no seu ámbito de actuación laboral.
3. A realización de traballo de obra preventiva e de restauración forestal, a asistencia técnica na redacción dos instrumentos de planificación preventiva forestal, así como a colaboración en traballos silvícolas en montes ordenados baixo xestión da comunidade autónoma.
4. A colaboración en actuacións de infraestrutura e equipamentos para o medio rural dentro da estratexia de mellorar a calidade de vida dos concellos rurais e do reequilibrio territorial.
5. O apoio na xestión e colaboración técnica aos centros de formación e investigación e os distintos centros de investigación e laboratorios da Consellaría do Medio Rural.

#### XENÉTICA FONTAO S.A.

O obxecto social da sociedade Xenética Fontao, S.A., de acordo co Decreto 265/1997, do 18 de setembro, é a prestación de asesoramento e servizos ás persoas tanto físicas como xurídicas e organizacións adicadas á mellora xenética animal. A través do Decreto 237/1998, do 30 de xullo, fóronlle adscritos os bens e dereitos que integran o Centro de Escolma e Reprodución Animal de Fontao-Lugo, constituídos por inmobles, animais e material xenético.

Dentro das súas actividades principais inclúense a produción e a comercialización de doses seminais de sementais de gando vacún das razas Holstein e Rubia Galega. Ademais estanse a diversificar os servizos ofertados mediante o desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras reprodutivas que aceleran o progreso xenético da cabana gandeira e da aplicación da biotecnoloxía do ADN no eido da produción e sanidade agropecuarias.

Entre os obxectivos que se pretenden atinxir para o ano 2009 destácanse os seguintes:

1. A mellora da comercialización, co afianzamento dos acordos neste eido e obtención doutros novos, a prestación dun servizo técnico de asesoramento a profesionais e a ampliación dos recursos destinados á publicidade e difusión en feiras monográficas e concursos gandeiros sectoriais.
2. A mellora da produción, a través da valoración xenética por descendencia de aproximadamente 60 novos sementais en proba de raza Holstein e 10 de raza Rubia Galega, potenciando a valoración de machos nados en explotacións de Galiza.
3. A ampliación dos servizos prestados polo Laboratorio de Xenética Molecular tanto a nivel estatal como internacional.

4. O investimento en I+D+i, co desenvolvemento de proxectos baseados nas liñas de investigación prioritarias da sociedade: tecnoloxías moleculares no campo da sanidade e produción animal, novas técnicas de reprodución asistida e predición da fertilidade do esperma animal.

## SOCIEDADE ANÓNIMA PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALIZA

A Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia é unha empresa de capital público que ten como obxecto social a promoción e desenvolvemento das comarcas galegas, así como a xestión do Sistema de información territorial de Galicia, encargado da produción de cartografía e a creación de sistemas de información xeográfica (SIX) aplicados á planificación e ao desenvolvemento rural.

Para o cumprimento dos seus fins a Sociedade conta cun total de 17 centros de desenvolvemento comarcal en funcionamento. Estes centros constitúen unha infraestrutura descentralizada de apoio ás accións de desenvolvemento rural realizadas tanto desde a propia Sociedade como desde outros departamentos con competencia na materia, especialmente as diversas direccións xerais da Consellaría do Medio Rural.

A avaliación do percorrido histórico da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal desvélanos como os obxectivos da mesma, das labores realizadas, acabaron por desviarse dos fins para os que foi creada. Aínda que desde mediados de 2005 as situacións mais evidentes se teñen corrixido, o problema está na propia esencia da sociedade, que se ten baleirado de contido real.

En base a esa conclusión, o Goberno aprobou en xullo de 2007 un Proxecto de Lei, neste momentos en tramitación en sede parlamentaria, que propugna unha reestruturación na estrutura relacionada co desenvolvemento rural, regulando a disolución da Sociedade de Desenvolvemento Comarcal e a integración das súas unidades noutras sociedades ou entes públicos da administración autonómica, que poden continuar as actividades que ata o de agora prestaba a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal, incardinando as mesmas nas políticas estratéxicas de desenvolvemento integral do medio rural promovidas polo goberno galego.

Xa que logo, cara 2009 a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal manterá a súa a actividade até que se completen o seu proceso de disolución e liquidación, unha vez cumprimentados os trámites administrativos e mercantís. Mentres non se complete a súa desaparición, continuará a desenvolver as actividades que terán continuidade no ámbito da Administración galega ou dos seus entes dependentes, para garantir así o mantemento das actuacións de interese público, entre as que destacan:

1. Xestión, mantemento e explotación do SITGA, como centro de produción cartográfica e de aplicación dos sistemas de información xeográfica ao desenvolvemento e a xestión do territorio:
  - Mantemento e actualización permanente das bases cartográficas do SITGA.
  - Xestión do Banco de datos territoriais.

- Mantemento do servidor de cartografía do SITGA como nodo principal da infraestrutura de datos espaciais de Galiza (IDEG).
- 2. Promoción da xestión integral da información territorial mediante a tecnoloxía SIX, entre os diversos departamentos da Xunta de Galiza, en especial a propia Consellaría do Medio Rural. Neste campo desenvolverase, no caso de ser aprobado, cofinanciado con fondos INTERREG, o proxecto TERREO, para a creación dun SIX corporativo da Consellaría do Medio Rural.
- 3. Posta a disposición das entidades públicas e privadas dos produtos cartográficos e SIX xestionados polo SITGA: potenciación da comercialización de datos en novos formatos.
- 4. Execución do Proxecto toponimia de Galiza.
- 5. Desenvolvemento do Plan nacional de Ocupación do Solo e do Plan nacional de Ortofotografía Aérea, con especial atención a súa adecuación ás necesidades diferenciais de Galiza, así como o programa CORINE, no marco europeo.
- 6. Colaboración coa Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras, Bantegal, na xestión e desenvolvemento de aplicacións SIX sobre xestión de predios rústicos.
- 7. En colaboración cos departamentos da Xunta de Galicia, D. X. de Turismo, TURGALICIA, con competencias na materia, consolidación da función dos centros comarcais como puntos de información turística das comarcas con maior vocación turística.
- 8. Planificación e execución dun plan integral de mantemento dos centros comarcais, con especial atención á dotación de equipamento para a realización de actividades culturais e de divulgación, así como de extensión da Sociedade da Información, así como remozamento das exposicións permanentes.
- 9. En colaboración coa dirección xeral de Comercio e a Fundación Centro Galego da Artesanía e o Deseño, da Consellaría de Innovación e Industria, xestión e dotación de contidos da páxina web [www.artesaniadegalicia.com](http://www.artesaniadegalicia.com), así como creación do museo sobre olería tradicional “García Alén” no centro de desenvolvemento comarcal de Bergantiños, Buño.



### 2.3.1. ENTES DE DEREITO PÚBLICO

#### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Entre as funcións atribuídas destacan a elaboración de estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural e a difusión das políticas e medidas de desenvolvemento rural, a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural.

Xa que logo, a acción da axencia ten como obxectivo contribuír de forma eficaz á diversificación económica, e á modernización do tecido produtivo rural, e a mellora da calidade de vida e nese marco desenvolverá as seguintes actuacións:

1. A xestión, control e seguimento dos programas con enfoque Leader, centrándose durante o ano 2009 as accións de Agader nos seguintes aspectos:
  - a) Seguimento do cumprimento de compromisos e do mantemento de actividade polos promotores de proxectos financiados ao abeiro dos programas do período 2000-2006.
  - b) Implantación efectiva do Programa Leader Galiza 2007-2013. Superada a fase de selección de Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) e dos seus programas, en 2009 haberá un intenso labor de posta a punto dos órganos dos GDR e dos seus equipos técnicos, comezando a aprobar o financiamento dos primeiros proxectos do período.
2. Aplicación de programas de apoio a iniciativas de desenvolvemento rural, executados directamente por Agader:
  - a) Convocatoria de axudas a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galiza e implementación das novas medidas que Agader executará directamente dentro do programa de desenvolvemento rural 2007-2013.
  - b) Premio Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.
  - c) Convenios con axentes socioeconómicos públicos e privados do medio rural, destinados a apoiar proxectos piloto en ámbitos que Agader considere de especial interese.
3. Desenvolvemento de novos produtos e actuacións en relación ao novo servizo de apoio a emprendedores no medio rural.

## INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), foi creado pola Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de Promoción e Defensa da Calidade Alimentaria Galega, e o seu regulamento foi aprobado polo Decreto 259/2006, do 28 de decembro (DOG nº 13, do 18 de xaneiro de 2007).

O INGACAL, de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 2/2005, configúrase como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. Dito ente ten por tanto personalidade xurídica propia e por lei ten que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado, atopándose polo tanto encadrada dentro da clasificación de sociedades públicas da comunidade autónoma.

O INGACAL pretende desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro das competencias atribuídas á Consellaría do Medio Rural. A potenciación das actividades de investigación, xunto coas de formación e transferencia tecnolóxica no eido agroalimentario, identifícase como unha das actuacións clave da consellaría para a presente lexislatura, para contribuír á consecución dos obxectivos de valorización do medio rural non seu conxunto, a fixación de poboación en dito medio e ao peche dos ciclos produtivos en Galiza.

As diferentes liñas de actuación, concretadas na realización de proxectos de investigación e actividades de transferencia de tecnoloxía en colaboración coas restantes unidades da Consellaría do Medio Rural, están principalmente dirixidas á valorización das producións agrarias das explotacións galegas con clara orientación á agricultura familiar, no marco de procesos produtivos sustentábeis e compatíbeis co mantemento do medio ambiente.

Os recursos humanos e materiais da Consellaría do Medio Rural dedicados a investigación adscribíranse ao Instituto Galego de Calidade Agroalimentaria (INGACAL), que comezou a finais de 2007 as súas actividades.

O INGACAL pretende así mesmo servir como apoio ao control e a certificación das producións elaboradas polas novas denominacións de orixe e indicacións xeográficas que se creen en Galiza así como facer o control das xa existentes que así o soliciten. Para iso durante o segundo semestre de 2008 finalizarase o proceso selectivo do persoal fixo do ente no Departamento de Protección da Calidade Diferencial que será o encargado de desenvolver as tarefas de control e certificación e colaborará na posta en marcha de novas denominacións de orixe e indicacións xeográficas.

En materia de investigación, é obxectivo o plantexamento e execución de proxectos de investigación aplicada nas áreas prioritarias definidas polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e os plans estatais e internacionais correspondentes. Así mesmo corresponde a este programa a colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola consellaría. O obxectivo final deste programa é favorecer o desenvolvemento do sector agrícola, gandeiro, forestal e

agroalimentario galegos, garantindo os mais altos estándares de calidade e seguridade alimentaria, e utilizando a I+ D+i como vía para impulsar a innovación nas empresas do sector que permita o aproveitamento da gran diversidade e potencial do agro galego.

Así mesmo outro obxectivo estratéxico é o fomento das producións de calidade diferenciada, para iso o INGACAL prestará os seus servizos a aqueles consellos reguladores que polo seu pequeno tamaño e escasos recursos económicos non poden realizar o control e a certificación por si mesmos. Ademais levará o control e a certificación dos produtos amparados baixo a marca “Artesanía alimentaria de Galiza”.

Entre as actuacións programadas para o ano 2009 salientanse as seguintes:

1. Redacción e realización de proxectos de investigación nas áreas prioritarias definidas polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e os plans estatais e internacionais correspondentes.
2. Colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola consellaría.
3. Convocatoria de proceso selectivo para cubrir postos de persoal investigador e de apoio á investigación, laboral fixo do ente público. Posta en marcha dos departamentos de Protección da Calidade Diferencial (prestación de servizos aos consellos reguladores e outras denominacións de calidade diferenciada)
4. Programa de mellora das infraestruturas de apoio á investigación dos centros da consellaría do Medio Rural, mediante a renovación e adecuación de naves, silos, estávolos, rede de rega, invernadoiros e talleres.
5. Programa de mellora da operatividade dos devanditos centros e laboratorios en canto a dotación de maquinaria, instrumental científico- tecnolóxico e a calidade das tecnoloxías de información e comunicación dos mesmos, facilitando a súa conexión en rede.
6. Posta en marcha dun plan de reciclaxe e formación continua para o persoal do INGACAL, así como a dotación de persoal laboral investigador do Instituto.
7. Prestación de servizos de control e certificación ás novas denominacións de calidade postas en funcionamento: as Indicacións Xeográficas Protexidas Faba de Lourenzá, Castaña de Galiza, Grelo de Galiza e as Denominacións de Orixe Pemento de Herbón, Pemento do Couto, Pemento de Arnoia e Pemento de Oímbra. Así mesmo o instituto certificará a nova marca de calidade Artesanía de Galiza e a produción dos tres Viños da Terra (Betanzos, Barbanza-Iria e Val do Miño-Ourense) e a dos consellos reguladores de diversas denominacións xeográficas actualmente en funcionamento que, unha vez aprobados os correspondentes regulamentos, decidan delegar no INGACAL o control e certificacións dos seus produtos diferenciados. A sede do instituto estará no Pazo de Quián, ubicado no complexo agroforestal de Sergude, xunto co Centro de Formación e Experimentación e as instalacións do Centro do Cabalo Galego, e será operativa no primeiro trimestre de 2009.

---

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009

---

#### PROGRAMA 422L. CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL

##### 1. Descrición

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013 contempla dentro da súa medida 1.1.1 “Accións relativas á información e formación profesional incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal”, a realización de programas formativos cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Á vista das mesmas, a Consellaría do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, establece un Programa de Formación Continua dirixido a elevar o nivel de coñecementos das persoas que traballan no sector. O obxectivo principal do programa é o desenvolvemento de accións relativas á mellora da capacitación profesional de persoas que traballan nos sectores agrogandeiro, alimentario e forestal galego, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras.

A capacitación profesional dos agricultores, en particular daqueles profesionais que se incorporan por primeira vez á actividade agraria, debe servir tamén para mellorar as súas condicións de vida, frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural. Así mesmo, debe servir para que a actividade produtiva sexa compatíbel e respectuosa co medio ambiente e para que os agricultores, ademais de contar con coñecementos técnicos, se doten dunha formación económica que lles permita xestionar eficientemente as explotacións.

A mellora da cualificación dos agricultores require tamén que se eleve o nivel de formación do persoal docente e técnico encargado de transmitir os coñecementos para facilitar a adopción de innovacións no sector agroforestal.

As actividades, ademais de mellorar o nivel técnico-productivo, estarán destinadas á sensibilización en materia de calidade dos produtos, incluídos os relativos á formación de técnicos en asesoramento de explotacións no ámbito da condicionalidade, xestión técnico-económica, protección do medio e conservación da paisaxe. Ademais da dedicación á actividade agraria, forestal ou alimentaria, débese ter en conta a especial situación das explotacións con actividades en crise que requiren ser reconvertidas ou reorientadas mediante a diversificación produtiva, a incorporación da mocidade ás explotacións, as asociacións de produtores e as ligadas ao desenvolvemento rural, así como a formación e reciclaxe de traballadores do sector en xeral, incluídos técnicos e formadores.

Este programa será desenvolvido polos servizos técnicos dependentes da Consellaría do Medio Rural, incluídas as Escolas de formación e experimentación agroforestal e persoal das Oficinas agrarias comarcais,

contando coa colaboración dos centros de investigación e de entidades asociativas do sector agrario, alimentario e forestal.

A axuda prevista non incluíra os cursos de preparación ou formación que formen parte dos programas ou sistemas normais de educación agrícola ou forestal do ensino secundario ou superior nin as accións específicas de formación contidas no programa de formación e cualificación profesional desta consellaría.

## **2. Actividades**

1. Accións formativas nas seguintes áreas prioritarias:
  - a) Cursos de capacitación dirixidos ás persoas que se incorporan por primeira vez á actividade agraria.
  - b) Cursos de formación e reciclaxe de técnicos da administración e formadores dos programas de capacitación.
  - c) Cursos de formación continua esixíbel pola normativa aplicábel a distintas actividades e programas de axudas. Entre elas, cursos de benestar animal e de capacitación para aplicadores-manipuladores de produtos fitosanitarios.
  - d) Cursos de formación continua de carácter teórico-práctico para axudar a reorientar aos produtores en función das esixencias dun mercado que evoluciona rapidamente, impartidos directamente pola administración ou a través de entidades colaboradoras.
2. Seminarios, sesións de información e talleres para a divulgación técnica e científica.
3. Accións de demostración ligados á adopción de innovacións nas explotacións e pequenas empresas transformadoras do medio rural.
4. Accións formativas dirixidas a cooperativas agrarias, que inclúen viaxes formativas para persoal e asociados.
5. Accións de formación e transferencia de tecnoloxía externalizada a traveso de ordes de convocatoria dirixidas a entidades asociativas do sector agrario.
6. Para a selección dos proxectos formativos serán temas de atención prioritaria as accións de capacitación da mocidade para a incorporación á empresa agraria, ademais dos seguintes: benestar animal, técnicas de silvicultura de frondosas, silvopastoralismo, fomento dos sistemas de produción integrada e ecolóxica; desintensificación das producións gandeiras; xestión de esterco e puríns nas explotacións gandeiras; seguridade alimentaria, incluíndo a capacitación en materia de manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios; enerxías renovábeis de orixe agrícola; aforro enerxético na agricultura; transformación de produtos agrarios no marco de producións de calidade diferenciada; cumprimento dos requisitos de condicionalidade nas producións agrarias; novas oportunidades de emprego no rural; tecnoloxías de información e comunicación; xestión da empresa agroforestal; fomento do asociacionismo agrario e formación de persoal de substitución das explotacións gandeiras.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal

## PROGRAMA 422M. ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL

### 1. Descrición

A Consellaría do Medio Rural imparte ciclos formativos de grao medio e superior das especialidades agrarias co obxectivo de incorporar profesionais con titulación de FP ao mercado de traballo relacionado coas actividades agroforestais. Esta formación regrada realízase nos centros de formación e experimentación agroforestal da consellaría, onde se desenvolven tamén accións formativas destinadas a contribuír a redución do abandono escolar daqueles sectores da mocidade e outros colectivos que non superaron o ensino obrigatorio mediante actividades formativas de iniciación profesional enmarcados nos programas de garantía social, formación e emprego e talleres profesionais agroforestais. Adicionalmente, colabórase nas accións de divulgación e transferencia de tecnoloxía en colaboración cos centros de investigación e o resto dos servizos técnicos da consellaría.

Dado o carácter eminentemente práctico da formación impartida nestes centros, o nivel e características do equipamento con que contan é fundamental para impartir un ensino de calidade e adaptado ás demandas da sociedade e das empresas. O proxecto de mellora da dotación de ditos centros continúa no ano 2009, financiando a renovación das instalacións e equipamento tecnolóxico de apoio á educación, así como o acceso ás tecnoloxías de información e comunicación a fin de incrementar a funcionalidade e a extensión da labor educativa desenvolvida.

Existe a necesidade de impulsar accións dirixidas á posta en valor das zonas rurais, obxectivo estratéxico da consellaría do Medio Rural para a presente lexislatura. Para colaborar con esta iniciativa, dentro do programa de formación e cualificación agroforestal continúa en 2009 un conxunto de actuacións dirixidas, por unha parte, a ampliar e mellorar as capacidades dos traballadores do sector complementando a súa formación profesional e, por outra, á mellora da eficacia das actuacións da administración en canto á ordenación e uso sostíbel dos recursos naturais das zonas rurais, en particular no espazo forestal. Contémplanse, a este respecto, as seguintes accións:

1. Programa de formación continua do persoal que integra o conxunto do dispositivo de prevención e extinción de incendios da Consellaría do Medio Rural.
2. Accións de formación e dinamización dirixidas á poboación residente en núcleos rurais, co obxectivo de consolidar a capacidade institucional e aumentar a eficiencia das medidas dirixidas desde a administración para a ordenación e valorización do espazo rural, en particular as relativas ás Unidades de Xestión Forestal

3. Programa de formación en materia de prevención de riscos laborais e seguridade viaria no manexo de maquinaria agroforestal, co obxectivo de mellorar os estándares de seguridade e hixiene nas actividades laborais do sector.

## **2. Actividades**

1. Impartición de ciclos de grao medio e superior de formación profesional nas especialidades agrarias.
2. Impartición de accións formativas de garantía social, orientadas á formación agroforestal.
3. Realización de obra nova en construción e melloras de aularios, laboratorios, naves, silos, invernadoiros, talleres e infraestrutura de apoio en xeral.
4. Equipamento dos centros con material tecnolóxico adecuado ás actividades formativas, incluíndo maquinaria, apeiros e instrumental auxiliar.
5. Especialización dun dos centros de formación da consellaría en materia de capacitación para a mecanización, manipulación e aplicación de fitosanitarios contando para iso coas novas instalacións existentes no CFEA de Guísamo.
6. Convocatoria de bolsas de prácticas para estudantes de formación profesional agroforestal e para titulados en especialidades agroforestais, que inclúen axudas para prácticas en empresas e de iniciación á investigación.
7. Accións formativas dirixidas ao persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios da Consellaría do Medio Rural
8. Accións de sensibilización e formación da poboación rural na valorización do espazo agroforestal, con especial énfase na divulgación do modelo de Unidades de Xestión Forestal.
9. Programa formativo de prevención de riscos laborais no sector agroforestal, en particular nos traballos de prevención e defensa contra incendios forestais.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal

## **PROGRAMA 551A. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL**

### **1. Descrición**

A finalidade deste programa é a reorganización das estruturas agrarias, coa finalidade de lograr explotacións viábeis, e amparar as accións destinadas ao desenvolvemento do potencial endógeno das áreas rurais, así como a dinamización do mundo rural desde unha perspectiva integrada, na que teñan cabida tanto os aspectos económico-productivos como os sociais, buscando a implicación activa das entidades públicas e privadas que operan nas áreas rurais na planificación e execución dos programas e proxectos.

Respecto da reforma das estruturas, preténdese a adecuación dos procesos de concentración parcelaria ao novo marco legal coa introdución dos plans de aproveitamento de cultivos, a adopción de medidas de protección do medio ambiente así como evitar o abandono das terras, criterios que tamén serán utilizados naqueles procesos que se inicien ex novo.

Respecto ás estruturas, o obxectivo é mellorar a eficacia do proceso de reforma mediante concentración parcelaria e articular outros mecanismos de reforma estrutural distintos dos procedementos clásicos de concentración parcelaria, como os polígonos agrarios de concentración e os polígonos agrarios de asociación. Actuarase con respecto ao réxime establecido na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria, así como na modificación operada nesta pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, e tentarase de crear novos soportes legais adaptados á realidade estrutural e socio-económica actual.

Priorizaranse as actuacións en zonas con clara vocación agrícola ou gandeira, de xeito que os procesos poidan servir para mellorar as estruturas de produción e redimensionar as parcelas e as explotacións, no camiño de optimizar os seus recursos e garantir a súa viabilidade.

Manterase o obxectivo de racionalizar o custe que o desenvolvemento do procedemento de concentración parcelaria orixina nas arcas públicas, buscando lograr uns axeitados índices de reparcelación, reducindo o número de fincas de reemprazo atribuídas a cada propietario, axilizar a tramitación administrativa, e o período de duración do proceso. Executaranse as infraestruturas viarias en función do seu uso agropecuario, aproveitando, na medida do posible, o viario preexistente.

Dentro das limitacións orzamentarias, preténdese dar resposta á gran demanda de peticións de zonas a concentrar con clara vocación de desenvolvemento agrario, que por falta de dispoñibilidades orzamentarias non se poden atender noutros exercicios.

Por outra banda, tamén é obxectivo deste programa o desenvolvemento do potencial endógeno das áreas rurais coa perspectiva de equiparar a calidade de vida dos habitantes do medio rural cos das zonas urbanas.

Neste sentido abórdase a dotación de infraestruturas rurais e a mellora daquelas relacionadas directamente coa actividade agraria, facilitando os accesos, recuperando as redes viarias tradicionais e executando novos trazados, e actuando tamén en infraestruturas de regadío co obxectivo de optimizar os



recursos hídricos e enerxéticos, coa modernización e mellora dos regadíos e das propias levadas, permitindo unha eficaz utilización sustentábel dos recursos.

Respecto das infraestruturas rurais, os investimentos nos concellos terán en conta as necesidades de cada un deles, utilizando para a distribución dos recursos criterios de dispersión poboacional, número de núcleos, grao de ruralidade e carácter agrario, despoboamento e envellecemento.

Poderanse incluír dentro dos correspondentes programas obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, podan contribuír a mellorar a calidade de vida e coa dinamización da base produtiva do medio rural contribuír a fixar poboación.

A distribución dos recursos económicos será realizada en base a criterios obxectivos, buscando a equidade e o equilibrio dos investimentos no medio rural galego. O esforzo económico debe ter especial incidencia naquelas zonas máis deprimidas, e ter presente o carácter agrícola, gandeiro ou forestal dos distintos concellos.

Respecto das infraestruturas de regadío, tentarase de optimizar o aproveitamento dos recursos hídricos na agricultura, mellorando os sistemas de xestión da auga e utilizando métodos que permitan aforros de caudal e de enerxía, que sexan quen de diminuír os posibles efectos negativos sobre o medio ambiente, que permita a compatibilización dos usos da auga nos distintos eidos sociais, económicos e ambientais implicados.

Establécese como un dos obxectivos deste programa a mellora e consolidación dos regadíos existentes, tendo presente que a utilización de sistemas eficientes, debidamente regulados, comprobados e cun correcto mantemento, xunto cunha xestión axeitada, redundará nun balance hídrico máis favorable desde o punto de vista económico e ambiental.

A Consellaría do Medio Rural apostou decididamente por coordinar as diversas actuacións de desenvolvemento rural, a fin de lograr unha política neste eido máis coherente e eficaz, evitando as duplicidades e o gasto innecesario de fondos públicos.

Con este fin, xa desde 2005 integráronse na Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural os servizos administrativos e entidades dependentes da Consellaría no ámbito do desenvolvemento rural así como os relativos ao desenvolvemento comarcal, principalmente a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza. Con esa actuación unificada pretendeuse mellorar a coordinación e a eficiencia nas liñas de actuación que van dirixidas ao medio rural.

Iso acompañouse nos tres últimos anos dunha reorientación en profundidade das actividades da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal, presidida por tres directrices: reforzamento do SITGA como centro de produción cartográfica e de aplicación dos sistemas de información xeográfica ao desenvolvemento e a xestión do territorio; colaboración cada vez máis estreita coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na difusión e

xestión das medidas que esta ten encomendadas, coa participación directa de persoal da sociedade na posta en marcha destas medidas e a conversión gradual dos Centros Comarcais en centros de dinamización rural; prestación de apoio técnico e loxístico ás diferentes direccións xerais da Consellaría do Medio Rural, en aspectos como a elaboración de proxectos europeos, a redacción de plans de actuación, ou o apoio técnico nas áreas de informática, deseño gráfico e arquitectura.

Como culminación dese proceso de integración e racionalización dos instrumentos da Xunta de Galiza nos ámbitos do desenvolvemento rural e o desenvolvemento comarcal, no último trimestre de 2008 será previsiblemente aprobada a “Lei pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de Desenvolvemento Comarcal e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural”, que conlevará a disolución ao longo de 2009 da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza e a integración do seu persoal, fins e medios materiais na Sociedade Anónima Xestora Bantegal e na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Na S.A. Xestora Bantegal integraranse os bens e o persoal adscritos na actualidade á Subdirección do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), así como parte do persoal adscrito á xerencia. Mentres que a subdirección Técnica e de Estudos e a subdirección de Dinamización Comarcal, incluídos os centros de desenvolvemento comarcal, xunto co resto do persoal adscrito á xerencia da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal quedarán integrados na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

No marco dese proceso de reestruturación, desde este programa continuarán a financiarse actividades da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural destinadas a lograr un modelo territorial equilibrado, baseado na dinamización das iniciativas e dos recursos endóxeos de cada comarca, e englobado nunha estratexia global orientada á dinamización económica e a mellora da calidade de vida nas áreas rurais.

## **2. Actividades**

1. Execución de traballos da concentración parcelaria, retomando os procesos nas distintas fases, nas zonas en proceso, que se irán incrementando cos decretos de novas zonas que na actualidade están sendo obxecto dos estudos de viabilidade e de avaliación de impacto ambiental.
2. Apoio á reordenación das estruturas mediante procesos de concentración privada ou explotación colectiva, reorganización da propiedade e mellora e conservación das obras e redes de camiños inherentes a zonas de concentración parcelaria ou reordenadas nas que se requira a materialización sobre o terreo dos proxectos para dotar das infraestruturas axeitadas á nova distribución da propiedade.
3. Establecemento de apoio técnico e xurídico e de liñas de apoio económico para facilitar o acceso á propiedade aos arrendatarios rústicos e asimilados.
4. Dotacións de infraestruturas relacionadas coas explotacións agrarias, mediante a mellora da rede de accesos e execución de nova rede viaria.

5. Investimentos para a creación, mellora, consolidación e modernización dos regadíos nas zonas de regadío na Limia, modernización na Terra Chá e Val de Lemos, así como a mellora de levadas de regadío tradicional.
6. Accións de conservación e mantemento de pequenas infraestruturas de rega de carácter local, como canles, levadas, presas, balsas e depósitos.
7. Dotación de infraestruturas e dotacións para a poboación rural, con investimentos destinados á creación e mellora da rede viaria e investimentos para servizos básicos nos núcleos rurais: abastecementos de auga, saneamentos, infraestruturas de telecomunicación, etc.
8. Aprobación de novas actuacións no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galiza 2007-2013 e continuación da execución das actuacións plurianuais xa en marcha na actualidade.
9. Financiamento das actividades da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza:
10. Xestión integral da información territorial mediante a tecnoloxía SIX para os diversos departamentos da Xunta de Galiza, en particular para a Consellaría do Medio Rural.
11. Mantemento e actualización permanente das bases cartográficas do SITGA.
12. Mantemento do servidor de cartografía do SITGA como nodo principal da infraestrutura de datos espaciais de Galiza (IDEG).
13. Execución do Proxecto toponimia de Galiza.
14. Desenvolvemento do Plan nacional de Ocupación do Solo e do Plan nacional de Ortofotografía Aérea.
15. Colaboración coa S.A. Xestora Bantegal na xestión e desenvolvemento de aplicacións SIX sobre xestión de predios rústicos.
16. Potenciación das funcións dos centros comarcais como centros de dinamización do tecido socioeconómico comarcal e de servizos relacionados co desenvolvemento rural.
17. Elaboración de proxectos europeos relacionados co desenvolvemento rural, en coherencia coas prioridades da Consellaría do Medio Rural.
18. Redacción de plans de actuación e apoio técnico nas áreas de informática, deseño gráfico e arquitectura para as distintas Direccións Xerais da Consellaría do Medio Rural.
19. Financiamento das “Fundacións para o Desenvolvemento Comarcal”, no novo marco que se derivará da aprobación da “Lei pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de Desenvolvemento Comarcal e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural”.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza

## PROGRAMA 551B. ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL

### 1. Descrición

A política de prevención dos incendios forestais debe abranguer accións transversais relacionadas co desenvolvemento rural e a planificación do territorio.

Neste contexto o presente programa ten como obxectivos fundamentais a revalorización económica dos montes, a xestión de combustibles en áreas estratéxicas e o reforzo das estruturas de loita e defensa contra os incendios.

### 2. Actividades

#### 1. Revisión e execución de plans de prevención de distrito.

O planeamento da defensa fronte aos incendios forestais a nivel de distrito reflectiuse nos plans de prevención e defensa contra incendios forestais de distrito (PPDD) aprobados no ano 2008, e onde se desenvolven as orientacións, accións e obxectivos do PLADIGA nestes ámbitos territoriais, concretando a extratexia a seguir.

#### 2. Nestes plans programáronse dun xeito integrado as accións das diferentes entidades implicadas no operativo de loita contra incendios forestais, priorizándoas no espazo (áreas forestais contiguas a infraestruturas de elevado valor estratéxico, áreas forestais de elevado valor ecolóxico, zonas de alto risco) e no tempo. O prazo de vixencia destes plans será de catro anos desde a súa aprobación polo conselleiro do Medio Rural con revisións anuais. No ano 2009 realizarase a primeira revisión e, de ser o caso, reorientarase a planificación.

#### 3. Integración dos datos das redes de defensa contra os incendios forestais nun sistema de información xeográfica.

Para administrar, regular, controlar e planificar as accións que se desenvolven no territorio é preciso manexar de forma integrada un gran volume de información gráfica e alfanumérica, tendo que abordar aspectos de alta complexidade relacional. Para dispoñer desta capacidade de comprensión e manexo da información continuarase a traballar na regulación e normalización da toma de datos e no seu rexistro informático empregando sistemas de información xeográfica.

A tecnoloxía de sistemas de información xeográfica, constitúe neste senso unha das ferramentas adecuadas de manexo de información, xa que ao usar o modelo de base de datos xeorrelacional asóciase un conxunto de información gráfica en forma de planos ou mapas a bases de datos dixitais.

4. Promoción da adopción de medidas de prevención entre os propietarios de terreos forestais.

O persoal de cadro dos distritos forestais (técnicos e axentes forestais), dado o seu contacto directo e inmediato coa poboación do medio rural será o encargado de promocionar as actuacións preventivas recollidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza. O primeiro xeito de promocionar estas actuacións será co cumprimento estrito desta normativa en relación coas normas técnicas e funcionais, de construción, mantemento e sinalización de infraestruturas preventivas que sexan levadas a cabo dende a propia administración, que servirá como exemplo na actuación preventiva que deben realizar as persoas titulares das distintas infraestruturas preventivas.

Ademais esta promoción das medidas de prevención realizarase a través da súa difusión en díptico, trípticos, carteis e outro tipo de formatos, así como con campañas en diferentes medios de comunicación: televisión, radio, prensa, etc. e con campañas directas realizadas por persoal especializado e dirixidas á poboación rural en xeral e a “grupos de risco” en particular.

5. Asesoramento e apoio na eliminación de residuos forestais.

No ano 2007 púxose en marcha un novo sistema de xestión das comunicacións de queima habilitando un servizo telefónico que permitiu proporcionar unha maior axilidade para o administrado e ao mesmo tempo un maior control por parte da administración ao elaborarse en tempo real un rexistro informático das comunicacións para a queima de restos agrícolas amoreados.

Durante o ano 2009 é preciso continuar con este sistema dotándoo de novos servizos e funcionalidades, en base ao establecido nos artigos 15 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas, a protección dos asentamentos no medio rural e a regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais e 34 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza.

Complementariamente, en base aos resultados acadados no ano 2008 intensificarase a actuación dos equipos de prevención integral de incendios forestais (EPRIF), que asesorarán e colaborarán na realización de queimas controladas. Estes equipos veranse reforzados co uso de varios vehículos adaptados a estas actividades, que dispoñen de sistemas de control de efectivos, de vixilancia e detección de puntos quentes con cámara térmica e de comunicacións vía satélite.

6. Creación de redes de faixas de xestión de biomasa e de infraestruturas de prevención.

A través dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais de distrito fixéronse as redes primarias e secundarias de xestión de biomasa e programáronse as intervencións a levar a cabo nelas durante os vindeiros anos, a través de mecanismos de participación das diferentes administracións, entidades, asociacións e persoas do sector.

Nesta mesma liña de colaboración, a consellería levará a cabo obras de infraestruras preventivas, como rozas selectivas, devasas, cortalumes, faixas auxiliares de pistas forestais, etc., tanto de xeito directo como a través de convenios con outras administracións e de ordes de axudas dirixidas a titulares de montes.

7. Mellora da rede viaria forestal e da rede de puntos de auga.

Ademais do obxectivo de facilitar os aproveitamentos forestais, a mellora e mantemento das infraestruturas forestais planificarase co obxectivo específico de contar cunha sólida rede de instalacións fixas para a vixilancia e de pistas forestais para o acceso inmediato e seguro aos montes dos equipos de extinción e loita contra os lumes forestais. Elaborarase un inventario e caracterización da rede de viais existente tanto para a prevención e extinción de incendios forestais como para a xestión do terreo forestal e o aproveitamento dos distintos recursos.

Do mesmo xeito procederá a realizar labores de mantemento e mellora dos puntos de auga existentes, así como á construción de novos puntos de auga onde resulte necesario, plasmando cartográficamente a rede completa de reservas hídricas.

8. Desenvolvemento regulamentario da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza.

A nova política forestal de prevención e defensa contra os incendios forestais iniciada nesta lexislatura viuse reforzada coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galiza. Non obstante esta liña de traballo precisa ter continuidade co desenvolvemento da lei a través da aprobación do seu regulamento e das diferentes ordes ás que fai referencia a propia lei.

Nesta liña, desenvolveranse regulamentariamente normas para a realización de queimas controladas, de pastoreo en terreos queimados, de uso de maquinaria non forestal nin agrícola, condicións para a corta e outras medidas complementarias nas parcelas forestais incluídas nunha unidade de xestión forestal, estrutura e funcionamento do rexistro de investigacións, etc.

Mediante as respectivas ordes do Conselleiro do Medio Rural regularase o sistema de toma de datos, normalizaranse as redes de defensa contra os incendios forestais e ditaranse normas técnicas e funcionais para a realización de queimas controladas, entre outras.

9. Mellora das infraestruturas e medios materiais e persoais de prevención de incendios.

A renovación do parque móbil dos servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais, iniciada no ano 2007 debe ter continuidade ao longo do ano 2009, coa adquisición de novos vehículos todoterreo e motobombas.

En paralelo continuarase coa mellora e renovación dos equipamentos de protección individual do persoal e co acondicionamento de novas infraestruturas para ser utilizadas polo persoal dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais como punto de encontro.

Reforzaranse os centros de coordinación provinciais e de distrito, seguindo a liña das actuacións realizadas no centro de coordinación central, co obxecto de mellorar o procedemento de xestión e coordinación dos medios a través da visualización en tempo real da súa situación e estado de operatividade. Complementarase coa mellora na dotación de equipos de seguimento de medios, que facilitará a toma de decisións respecto a súa distribución xeográfica e temporal.

É necesario ademais manter e reforzar os sistemas de comunicacións do servizo de defensa contra os incendios forestais, adaptando a rede de radio ás melloras tecnolóxicas e incorporando novos sistemas de comunicación de voz de datos.

10. Mellora dos sistemas de vixilancia.

O incremento da vixilancia preventiva e disuasoria contribuíu a reducir substancialmente o número de incendios do ano 2007 en comparación co acontecido nos anos anteriores, polo que se considera necesario incrementar as brigadas de vixilancia móbiles que poidan ter ademais unha actuación inmediata en extinción ante unha alarma.

Con este mesmo obxectivo, reforzaranse a colaboración cos corpos e forzas de seguridade do Estado, así como a vixilancia aérea e, incrementando a persecución dos delincuentes e das actividades negligentes.

A mellora non será só cuantitativa, senón tamén cualitativa ao dotar aos medios de novos equipos máis funcionais e con capacidade de rexistrar o avistado e así poder ter máis información de cara á posterior investigación de causas e á identificación dos autores dos incendios. Ademais probaranse novos sistemas intelixentes de detección de incendios, caracterizados pola súa inmediatez e fiabilidade.

11. Investigación das causas e motivacións de incendios.

Desenvolverase a posta a punto de protocolos de actuación e fomentaranse a colaboración e a participación dos EPRIF como apoio aos equipos de axentes forestais adicados a investigación de incendios (BIIF).

12. Desenvolvemento dos procedementos de extinción.

O procedemento operativo de resposta ás emerxencias por incendios forestais, debe revisarse continuamente, para corrixir posibles desviacións, adaptándoo ás novas necesidades do operativo. Nesta liña revisaranse os protocolos de funcionamento de todos os medios implicados, tanto medios aéreos, como terrestres, prestando especial atención aos procedementos de liquidación e saneamento dos perímetros co obxecto de minimizar o número de reproducións.

Con referencia específica, aos protocolos de intervención nas emerxencias, establecerase de forma máis pormenorizada o procedemento operativo, tanto nos Centros de Coordinación de Distrito (criterios de mobilización de medios e recursos), como nas zonas de intervención (establecemento do Posto de Mando Avanzado, delimitación da zona de intervención: zona de extinción, zona de socorro, zona base). Do mesmo xeito, determinarase un protocolo integrado das intervencións das diferentes entidades implicadas no operativo, de ámbito autonómico, contra os incendios forestais, é dicir, estableceranse todos os

mecanismos de participación das diferentes administracións, entidades, asociacións do sector, etc., afectadas polo lume.

Determinaranse procedementos operativos específicos, en función dos diferentes niveis e situacións de gravidade potencial do lume, co obxectivo de homoxeneizar a información transmitida polo director de extinción e posto de mando avanzado aos diferentes centros de coordinación.

### 13. Plans de extinción de incendios.

Durante a época de alto risco é preciso reforzar o dispositivo de loita contra os incendios forestais baixo o mando e coordinación do persoal técnico do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais.

Este dispositivo funcionará, en principio, durante 5 meses ininterrompidos durante os cales se levarán a cabo labores silvícolas e de prevención por parte de brigadas forestais xestionadas dun xeito áxil e disciplinado para que, no momento de seren requiridas para realizar labores de extinción, respondan cun alto nivel de profesionalidade e coñecemento do territorio.

Reforzase o control e extinción dos lumes, (cando se considere, que pola evolución dos mesmos, sexa necesario constituír o Posto de Dirección Técnica ou Posto de Mando Avanzado) cun incremento na dotación, tanto material, como de recursos.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

## **PROGRAMA 561A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

### **1. Descrición**

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+ D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro das competencias atribuídas á Consellaría do Medio Rural. A potenciación das actividades de investigación, xunto coas de formación e transferencia tecnolóxica no eido agroalimentario, identifícase como unha das actuacións clave da consellaría para a presente lexislatura, para contribuír á consecución dos obxectivos de valorización do medio rural no seu conxunto, á fixación de poboación en dito medio e ao peche dos ciclos produtivos en Galiza.

Segundo recolle a Lei 2/2005, un dos principais campos de actuación do INGACAL será a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario galego. O INGACAL pretende actuar de dinamizador, colaborando coa industria agraria e alimentaria e promovendo e participando directamente en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico neste ámbito, así como no eido dos procesos produtivos primarios, con especial atención aos aspectos da calidade e seguridade alimentaria, aos axentes biolóxicos causantes de enfermidades, principalmente zoonoses, e ao mantemento do medio ambiente.



Para iso no INGACAL integráronse os diferentes centros de investigación e estacións experimentais anexas, xunto co Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galiza da actual Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, da Consellería do Medio Rural. A este conxunto súmase o Centro Tecnolóxico da Carne de Ourense, fundación de interese público galego, que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cárnicos. O centro Tecnolóxico da Carne é a sede da Plataforma Agroalimentaria Galega.

Neste sentido son de interese aqueles proxectos que perseguen a diversificación e aumento da eficiencia e calidade dos sistemas de produción nos sectores agrario, gandeiro e forestal, mediante a incorporación de novas especies propias atendendo á demanda de novos produtos, ou mellorando as variedades e a calidade dos produtos vexetais e gandeiros como lácteos e carne, e fixando en definitiva man de obra cualificada no medio rural.

É obxectivo tamén deste programa favorecer o desenvolvemento do sector da alimentación galega, utilizando a I+ D+i como vía para impulsar a innovación nas empresas que permita o aproveitamento da gran diversidade agrícola e gandeira galega. Ademais preténdese xerar unha oferta variada e competitiva de produtos de gran calidade, que dea respostas ás demandas da sociedade actual, relacionadas coa calidade, saúde e seguridade, ao longo de toda a cadea de produción, e que ao mesmo tempo permita o desenvolvemento do medio rural e que potencie a competitividade das empresas alimentarias.

Nun contexto dunha crecente competencia, é importante velar porque os sectores agrogandeiro e forestal poden aproveitar oportunidades de mercado mediante enfoques amplos e innovadores. Con este fin continuarase a desenvolver o programa de axudas para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías a traveso da cooperación entre os centros de investigación, os agricultores e a industria de transformación dos alimentos e as materias primas a fin de desenvolver proxectos que permitan a introdución de novas tecnoloxías no sistema produtivo no marco das producións de calidade diferenciada, os sistemas de produción integrada e ecolóxica e o desenvolvemento de fontes renovábeis de enerxía e biocarburantes en Galiza.

Por outra banda, desenvolverase un programa de consolidación da capacidade investigadora dos centros da consellaría, baixo unha dobre vertente: a intensificación dos investimentos destinados a dotar adecuadamente as instalacións e equipamento de apoio á investigación e a incorporación de novo persoal investigador e de apoio á investigación, laboral fixo do INGACAL, mediante os oportunos procesos selectivos.

Continuarase co apoio á actividade e consolidación do Centro Tecnolóxico da Carne e da Calidade Alimentaria, que incorpora ao seu padroado a universidades e empresas. Así mesmo ao longo de 2009 impulsarase a creación do Centro Tecnolóxico Lácteo de Galiza, en liña coa necesidade de incrementar a competitividade da industria láctea galega a traveso da investigación, o desenvolvemento e a innovación.

## 2. Actividades

1. Finanzamento do gasto corrente dos centros de investigación da Consellaría do Medio Rural integrados no INGACAL.
2. Redacción e realización de proxectos de investigación nas áreas prioritarias definidas polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e os plans estatais e internacionais correspondentes. Colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola consellaría.
3. Xestión do programa de axudas á cooperación entre produtores, industria e investigación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, orientados ás producións de calidade diferenciada, produción integrada e ecolóxica e enerxías renovábeis en agricultura.
4. Programa de mellora das infraestruturas de apoio á investigación do INGACAL, mediante a renovación e adecuación de instalacións e equipamento científico-técnico.
5. Consolidación do núcleo tecnolóxico de investigación aplicada e prestación de servizos analíticos de Mabegondo, completando a mellora de equipamentos.
6. Consolidación do Centro Tecnolóxico da Carne e da Calidade Alimentaria como elemento dinamizador das producións agrogandeiras galegas e dos seus transformados, garantindo a autenticidade alimentaria dos produtos, en particular os cárnicos, coa implicación da industria e da universidade na estrutura do centro.
7. Apoio á constitución do Centro Tecnolóxico Lácteo de Galiza que desenvolverá fundamentalmente labores de investigación, desenvolvemento e innovación en materia de produción e tecnoloxía láctea a fin de promover a mellora da competitividade da industria agroalimentaria en xeral, e láctea en particular, en colaboración coa universidade galega e as empresas do sector.

## 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal

## PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA

### 1. Descrición

A Consellaría do Medio Rural ten atribuídas competencias en materia de elaboración e difusión estatística nas áreas relacionadas coas actividades dos sectores agrogandeiro, forestal e alimentario galego. Recompila e sintetiza a información relativa ao territorio, os recursos naturais, a estrutura produtiva nas explotacións e as industrias transformadoras do medio rural. Nesta actividade colabora cos órganos correspondentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación proporcionando información detallada a nivel galego e actúa de forma coordinada co Instituto Galego de Estatística na elaboración das operacións definidas no marco do Plan Galego de Estatística.

Para a elaboración das operacións de estimación de superficies e rendementos, entre outras, conta co apoio do Sistema de Información Territorial de Galiza (SITGA), órgano cartográfico dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, cofinanciando as accións de converxencia da metodoloxía empregada na elaboración dos mapas de superficies e usos do solo polo SITGA e o MAPA, a fin de mellorar a eficiencia e precisión dos resultados estatísticos.

O obxectivo deste programa é a execución das operacións estatísticas encomendadas á Consellaría do Medio Rural dentro do Plan Galego de Estatística (PGE), que ascenden para 2009 a un total de 24 así como as conveniadas co MAPA. Continúase para 2009 a adecuación metodolóxica das operacións ás especificacións do PGE.

Dentro deste programa se inclúen tamén as actividades desenvolvidas polo Observatorio do Sector Lácteo de Galiza, atribuídas ao mesmo no Decreto 61/2007, do 22 de marzo e que se relacionan fundamentalmente coa recompilación de información técnico-económica das explotacións de vacún de leite, a elaboración dun sistema de información así como os índices de referencia que se consideren axeitados para o coñecemento da evolución do sector lácteo, e a subministración aos axentes representativos do sector de información sobre a situación estrutural e conxuntural do sector, fundamentada, entre outros, nos prezos pagados e percibidos polos produtores, nos resultados da xestión técnica e económica das explotacións de leite e na situación de oferta e demanda dos produtos lácteos no mercado.

### 2. Actividades

1. Realización das operacións conveniadas co MAPA para a elaboración das estatísticas agregadas a nivel estatal e da UE: actualización dos directorios de ruminantes e porcino; inquérito de vacún, produción e destino do leite; inquérito de ovino; inquérito de porcino; inquéritos de salas de incubación; inquérito de sacrificio en matadoiros; aforos de cultivos; avance de superficies e producións agrarias; inquérito de prezos da terra e canons de arrendamentos rústicos; prezos e salarios agrarios e prezos de produtos de interese estatal e da UE.

2. Realización de estatísticas recollidas no Plan Galego de Estatística 2007-2010: explotación do rexistro de avicultura; estatística de sacrificio de gando en matadoiros; estrutura do viñedo de vinificación; inquérito do sector avícola; superficies agrícolas; explotación do rexistro de gando bovino; explotación do rexistro de ovino e cabrún; explotación do rexistro de maquinaria agrícola; explotación do rexistro da agroindustria; prezos agrarios; prezos da terra; prezos do leite; prezos de produtos lácteos en destino; rendementos de cultivos; estatística do sector hortoflorícola; utilización de medios de produción na explotación agraria; macromagnitudes agrarias; sector cunícola; sector porcino industrial; repoboación con fondos públicos; incendios forestais; producións forestais; explotación do rexistro de montes veciñais de man común e superficie forestal cuberta por especies.
3. Realización das estatísticas e estudos encomendadas ao Observatorio do Sector Lácteo. Realización doutros estudos relativos ao sector agrario que se lle encomenden, dentro do ámbito da Consellaría do Medio Rural.
4. Publicación dos principais resultados das operacións estatísticas: Anuario de Estatística Agraria e Macromagnitudes Agrarias, así como outras que se lle encomenden en materia de difusión de resultados de investigación e experimentación e, en xeral, de transferencia tecnolóxica.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal

## **PROGRAMA 711A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL**

### **1. Descrición**

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, e actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellaría, e co obxectivo de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa e de prestar un servizo público de calidade aos agricultores e agricultoras, e en xeral aos cidadáns que se relacionan con administración competente en materia agraria e forestal.

Este programa de gasto seguirá a renovar e modernizar os medios materiais para o desenvolvemento das funcións do persoal da consellaría (material de transporte, de oficina, informático), e destinará unha parte significativa dos recursos a mellorar os sistemas de información, incorporando os avances tecnolóxicos para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz.

Dun xeito específico, ao longo de 2009 continuarase a desenvolver o proceso de reforzamento da estrutura periférica comarcal da consellaría, oficinas agrarias comarcais e distritos forestais, canalizando recursos para mellorar os medios cos que contan e mellorando o dispositivo de atención ao público.

Así mesmo, a fin de axilizar a tramitación administrativa e favorecer a introdución das tecnoloxías da información na relación cos agricultores e agricultoras, porase en marcha de xeito xeralizado a tramitación electrónica nas axudas convocadas pola consellaría, así como noutros procedementos que conleven autorizacións ou concesións administrativas para a realización de actividades no medio rural.

Este programa tamén abranguerá as políticas dirixidas a fomentar o desenvolvemento das mulleres no medio rural, mellorando a súa situación e o seu entorno social, laboral e económico e incentivando unha maior presenza en todos os ámbitos da sociedade, así como ás entidades asociativas que promoven a igualdade das mulleres que viven no medio rural.

A forte vinculación de Galiza co sector agropecuario, tanto no plano económico coma social, e os novos retos aos que se enfronta esta actividade e as persoas que se dedican a ela fai necesario que se divulgue e promocióne a actividade agraria co fin de dignificala e ganar en solvencia e prestixio entre o público en xeral.

## **2. Actividades**

As actividades a desenvolver son as seguintes:

1. Xestión de gastos de persoal dos servizos centrais e periféricos.
2. Xestión das distintas subministracións incluídas no programa, tanto a nivel central como periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económico-administrativa.
3. Tramitación de investimentos novos e de reposición, para os servizos centrais e periféricos da consellaría, así como a realización de obras de reparación, mellora e acondicionamento dos distintos centros.
4. Modernización e informatización dos servizos centrais e periféricos da consellaría.
5. Implantación da tramitación electrónica nos procedementos de axudas e autorizacións da Consellaría do Medio Rural.
6. Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da consellaría e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
7. Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellaría.
8. Tramitación de toda a produción normativa no eido agrario e forestal da Xunta de Galiza, así como das Ordes de subvencións e axudas agrícolas, gandeiras e forestais e en materia de desenvolvemento rural.
9. Dotación de fondos para o funcionamento do Consello Agrario Galego, como órgano institucional de interlocución e participación do sector agrario.
10. Potenciación do papel das mulleres como protagonistas do tecido produtivo e social galego a través da promoción da súa participación na creación de iniciativas innovadoras con vocación de permanencia no territorio.

11. A formación da poboación do medio rural en materia de perspectiva de xénero e a incorporación desta a todas as actuacións de desenvolvemento rural.
12. Actividades de promoción agraria e difusión de información relativa ao agro e ao desenvolvemento rural co fin de que o público en xeral perciba a importancia deste sector na economía do país e que, de xeito máis concreto, os agricultores podan obter información de servizo a través dos medios de comunicación ordinarios.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

Delegacións Provinciais

## **PROGRAMA 712A. FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL**

### **1. Descrición**

O programa de Fixación de poboación no medio rural ten os seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Promover e potenciar o desenvolvemento equilibrado do territorio, favorecendo a xeración de actividade.
2. Fomentar a posta en marcha de iniciativas de desenvolvemento rural que procuren a dignificación, a mellora e a promoción do medio rural.
3. Mellorar a calidade de vida dos habitantes do medio rural.
4. Dinamizar socialmente os espazos rurais.

### **2. Actividades**

Ademais de calquera outra acción que teña por obxectivo contribuír de forma eficaz á diversificación económica e ao reforzamento do tecido produtivo e social no rural, este programa desenvolverá en 2009 as seguintes actuacións:

1. Convocatoria de axudas para proxectos de diversificación económica e mellora da calidade de vida no medio rural, aplicando para 2009 as medidas 3.1.1 (Diversificación cara a actividades non agrarias), 3.1.2 (Apoio a microempresas), 3.1.3 (Fomento de actividades turísticas), 3.2.1 (Servizos básicos para a economía e a poboación rural) e 3.2.3 (Conservación e mellora do patrimonio rural) do PDR de Galiza 2007-2013.

2. Execucións directas en equipamentos que permitan achegar as novas tecnoloxías ao medio rural a través da medida 3.2.1 (Servizos básicos para a economía e poboación rural) e execución a través de convenios con asociacións de empresarios, de veciños, culturais,... para a mellora da estrutura produtiva e social do medio rural.
3. Programa Leader Galiza 2007-2013. Posta en marcha efectiva do programa, superada a fase de selección de Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) e dos seus programas, cun intenso labor de posta a punto dos órganos dos GDR e dos seus equipos técnicos, comezando a aprobar o financiamento dos primeiros proxectos do período.. Inclúense aquí tanto as actuacións vinculadas ás estratexias de desenvolvemento (medidas 411, 412 e 413 do PDR de Galiza 2007-2013), como o relativo ao funcionamento dos Grupos de Desenvolvemento Rural responsables de levalas a cabo (medida 431 do PDR), como o programa de cooperación entre territorios rurais para a transferencia de coñecemento e o fomento do traballo en rede (medida 421 do PDR).
4. Premios AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)

## **PROGRAMA 712B. MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO**

### **RURAL**

#### **1. Descrición**

Con este programa se pretenden financiar medidas relacionadas coas estruturas produtivas agrarias a través de axudas aos investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva e sostibilidade, indemnizacións aos agricultores que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais, así como o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente.

Establécense liñas de apoio para a mellora da estrutura e do sistema produtivo das explotacións que persigue o incremento da dimensión e da rendibilidade das mesmas, a diversificación das actividades e orientacións produtivas nun marco respectuoso co medio ambiente e a fixación da poboación rural nunhas condicións de vida dignas.

Deséñanse tamén dentro deste programa, medidas que faciliten o relevo xeracional, tendo como obxectivo o rexuvenecemento dos titulares das explotacións, con persoas formadas tanto tecnicamente como na xestión e a fixación da poboación rural nunhas condicións de vida dignas.

O programa contempla o apoio ás explotacións que desenvolvan unha agricultura sustentable e respectuosa co medio ambiente ou ligadas ao ben estar animal.

O obxectivo é manter a actividade agraria e a poboación en zonas de montaña e outras zonas desfavorecidas, con especial consideración das Zonas da Rede Natura 2000, establécense unha serie de indemnizacións compensatorias para as explotacións destas áreas.

Tamén dentro deste programa establécense liñas de apoio para promover a aplicación de sistemas de aseguramento da calidade na propia explotación mediante sistemas de rexistro e control de puntos críticos que permita unha verificación da calidade hixiénico - sanitaria e nutritiva do leite dende o momento da muxidura.

Para que as explotacións poidan acadar os obxectivos da súa actividade, tanto socioeconómicos como ambientais, o asesoramento das explotacións é unha ferramenta fundamental, polo que tamén se contempla o apoio ás explotacións que utilicen os servizos de aconsellamento de entidades recoñecidas a través do Rexistro de Entidades con Servizos de Aconsellamento ou Xestión de Galicia (Resaxega).

## **2. Actividades**

1. Está previsto establecer liñas de axuda buscando a eficacia e sustentabilidade, e a mellora das condicións de vida de traballo, a mellora cualitativa e a ordenación das producións en función das necesidades de mercado, a adaptación das explotacións con vistas a reducir os custos de produción, aforrar enerxía, ou incorporar novas tecnoloxías, o cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais, establecidas recentemente, a mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras.
2. As axudas consistirán nun apoio económico e financeiro ao investimento que se pretenda realizar na explotación, primando as explotacións en que os titulares sexan mozos ou mozas, ou aquelas que radiquen en zonas de montaña ou desfavorecidas.
3. O deseño de liñas de axuda para a incorporación de novos activos agrarios pretende o relevo xeracional á fronte das explotacións agrarias e vai destinada a persoas entre 18 e 40 anos de idade que por primeira vez acceden á titularidade, exclusiva ou compartida, dunha explotación agraria prioritaria ou como socio dunha explotación prioritaria de carácter asociativo.
4. O importe das axudas poderanse incrementar cando se xeren novos postos de traballo asalariados na explotación, e tamén cando a solicitante sexa muller, ou cando a explotación estea situada nunha zona de montaña. Os gastos a que dedican as axudas da primeira instalación poden incluír arranxos de vivenda, a adquisición de vivenda, a adquisición de dereitos de produción e a adquisición de capital de explotación entre o que destaca a maquinaria.
5. Establécese unha aplicación orzamentaria destinada a reestruturación do sector lácteo mediante o abandono indemnizado e definitivo da produción láctea. Esta medida ten por obxectivo reestruturar as explotacións



produtoras indemnizando a aquelas non viables e con dificultades para cumprir cos parámetros de calidade esixidos pola normativa e pola sociedade actual para, posteriormente, facilitar o acceso a esas cantidades de cota indemnizadas a outras explotacións en proceso de reestruturación.

6. Establécese unha aplicación orzamentaria destinada ao cese gandeiro co obxectivo de cumprir cos compromisos do convenio suscrito entre a administración galega e a estatal en 2001 polo que se financiou un programa de cesamento anticipado na actividade agraria sen contar con financiamento europeo.
7. Artéllanse medidas de apoio a actividades compatibles co medio ambiente e ben estar dos animais, que tratan de compensar o lucro cesante e o esforzo engadido polo exercicio dunha agricultura sustentable e respectuosa co medio, mediante o establecemento do Contrato de Explotación Sustentábel.
8. As Indemnizacións compensatorias van encamiñadas aos produtores de zonas de montaña e outras zonas desfavorecidas distintas das de montaña, con especial consideración das Zonas da Rede Natura 2000, polas condicións máis adversas para a produción agraria que deben soportar en relación cos produtores doutras zonas do país. O obxectivo é manter a actividade agraria e a poboación nesas áreas
9. Respecto da renovación da titularidade agraria, o obxectivo fundamental é incrementar a dimensión económica e física das explotacións, colaborando ao mesmo tempo no rexuvenecemento da poboación activa agraria e facilitar unha calidade de vida digna nos últimos anos de etapa activa. Mantéñense as partidas orzamentarias necesarias para os programas de cesamento anticipado na actividade agraria.
10. O aconsellamento das explotacións é unha ferramenta de enorme relevancia para que as explotacións poidan acadar os obxectivos da súa actividade, tanto socioeconómicos como ambientais.
11. Para facilitar o acceso ao aconsellamento das explotacións, establecece unha liña de axudas para os titulares de explotacións que utilicen os servizos de aconsellamento de entidades recoñecidas pola Consellaría do Medio Rural.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias

## PROGRAMA 712C. FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA

### 1. Descrición

O asociacionismo agrario e en especial o cooperativismo son instrumentos fundamentais que contribúen moi positivamente na continua modernización do sector agrario galego en todas as súas vertentes, e de xeito amplamente visible na orientación dos procesos produtivos e na súa progresiva adaptación aos mercados cada vez máis amplos, complexos e esixentes.

O seu fomento representa unha ferramenta de grande potencialidade para a reestruturación do sector agrario galego, intervindo positivamente en todos os seus factores de produción, para acadar obxectivos de sustentabilidade económica e medioambiental. Estas vantaxes son especialmente relevantes na mellora dos procesos de produción, xestión e dirección empresarial a nivel da explotación agraria, e que polo tanto contribúe a unha mellora da rendibilidade, aparte de reportar grandes beneficios na vertente social en canto a calidade de vida, traballo e creación de emprego.

Así o asociacionismo agrario é un impulsor do desenvolvemento rural no seu conxunto, e gran dinamizador da economía e da sociedade rural, contribuíndo de forma efectiva a súa fixación no medio.

Os cambios que supoñen as orientacións da política agraria común (PAC), así como a evolución de todo un complexo conxuntural de carácter socioeconómico, cultural, de mercado a nivel internacional, fai necesario dar pasos máis decididos na dirección dun asociacionismo de maior dimensión, integrado, e máis eficiente no desenvolvemento de actividades, con maior capacidade de xerar valor engadido, cunha maior capacidade de diversificación das súas actividades, maior decisión para afrontar iniciativas na industrialización e comercialización das producións dos seus socios.

Por último precisamos dun asociacionismo máis participativo dende un punto de vista social e económico que cimente unha estrutura empresarial forte, sustentábel e con fonda vinculación ao conxunto da sociedade na que está asentado.

Todos estes retos conlevan a necesidade de melloras integrais; transformación profunda na dimensión empresarial, modelos e técnicas de organización e de xestión, cambio nos modelos produtivos, que precisan dunha nova orientación nos modelos e sistemas de formación e información, cas ferramentas axeitadas aos novos tempos, nos que debemos reparar en especial nas novas tecnoloxías e nunha concienzuda xestión do coñecemento, que nos permita aproveitar as oportunidades que o noso potencial produtivo nos brinda. As posibilidades de diversificación produtiva e de calidade das nosas producións invitan a ser optimistas de cara a mercados cada día máis amplos, aínda que complexos, pero ao mesmo tempo abertos a múltiples posibilidades.

Así mesmo, preténdese reforzar a interlocución institucional agraria, artellando mecanismos eficaces de participación do sector agrario coa Administración, asegurando a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias, e potenciando ás organizacións profesionais agrarias pola súa contribución no afortalamiento do sector a través do intercambio de opinións entre a Administración e mais os produtores e produtoras agrarios.

Tamén dentro deste programa establécense liñas de apoio para promover a aplicación de sistemas de aseguramento da calidade na propia explotación mediante sistemas de rexistro e control de puntos críticos que permita unha verificación da calidade hixiénico - sanitaria e nutritiva do leite dende o momento da muxidura.

## **2. Actividades**

1. Apoio ao dimensionamento cooperativo mediante o fomento do asociacionismo, fusión e integración cooperativa.
2. Apoio ao cooperativismo para a utilización de maquinaria e equipamentos en común.
3. Apoio ao dimensionamento de explotacións agrarias mediante o fomento do asociacionismo e da fusión destas.
4. Axudas á posta en marcha de servizos de asesoramento e xestión de explotacións.
5. Axudas á posta en marcha de servizos de substitución nas explotacións.
6. Apoio aos servizos e programas de mellora zootécnica nas cooperativas.
7. Apoio á implantación de sistemas de calidade nas empresas cooperativas.
8. Axudas á mellora e implantación das tecnoloxías da información e comunicación.
9. Apoio ás agrupacións de produtores agrarios de patacas e ás organizacións de produtores de froitas e hortalizas (OPFH).
10. Axudas para a posta en marcha de sistemas de trazabilidade no sector hortofrutícola.
11. Axudas á elaboración de estudos de viabilidade de mercado en entidades asociativas.
12. Os programas de aseguramento da calidade en explotacións leiteiras teñen como obxectivo mellorar a calidade e a transparencia nos circuitos de comercialización, así como a rastrexabilidade da produción leiteira. Os beneficiarios finais desta medida poden ser todos aqueles produtores que teñan cantidade de referencia asignada para produción de leite. Os solicitantes son os primeiros compradores, industrias lácteas ou agrupacións de produtores. As accións que se financian son a revisión dos sistemas de muxido, a contratación de técnicos para o asesoramento na mellora da calidade así como a formación e a realización das analíticas necesarias para o programa.
13. Concesión de axudas públicas ás organizacións profesionais agrarias representativas do sector en Galiza.
14. Axudas para a realización de prácticas profesionais.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

## PROGRAMA 713A. MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS

### 1. Descrición

As fortes deficiencias que persisten na agricultura galega fan urxente a adopción dunha decidida política de reforma das estruturas agrarias, contemplados tamén noutros programas desta consellaría, e que teñen especificamente neste unha importancia significativa: trátase da posta en valor de terras agrarias que hoxe están infrautilizadas, improdutivas e, mesmo en situación de grave abandono que poden causar danos aos bens públicos ou privados do contorno.

Tampouco podemos esquecer que a gandaría ligada á terra ten un peso importante na economía galega, e ademais é a principal actividade económica xeradora de rendas de moitas familias nas comarcas da Galiza interior.

Diante desta situación, ao longo de 2006 déronse os primeiros pasos para o establecemento, con vocación de continuidade, dun programa de mobilidade de terras agrarias que arbitre medidas destinadas a reformar e ordenar as estruturas agrarias de Galiza, evitar a perda de superficie agraria útil e o aumento da capacidade produtiva da terra, favorecendo a súa mobilidade de maneira que as explotacións agrarias dispoñan das fincas infrautilizadas e aumenten a súa base produtiva.

Neste senso, aprobouse a Lei de conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galiza, no que se define o instrumento básico do programa, o BANTEGAL, un organismo público de intermediación para favorecer a mobilidade de terras entre as explotacións agrarias.

O Banco de Terras que se fixo realidade no ano 2007, establece a necesidade de aumentar a riqueza do país a través da posta en valor das terras con evidente aptitude agraria, e frear a perda de superficie agraria útil, modernizar a base produtiva das explotacións, contribuíndo a fixar poboación, e potenciar a incorporación de persoas á actividade agraria, mellorando a renda dos produtores, e por último trata de instrumentar novas medidas de reforzo da mobilidade como unha forma de xestionar mellor o territorio e manter a súa sustentabilidade.

Tamén contempla este programa o incremento de extensións dedicadas a cultivos e pastos, co que tamén se conseguirá mellorar a calidade final da produción gandeira, xa que terá como base da súa alimentación materias primas naturais e amortiguará a dependencia de insumos externos, nomeadamente os concentrados.

As terras, por unha banda, garanten que esta propiedade agraria sexa utilizada e explotada en termos acordos a súa alta potencialidade agronómica e, por outra, que a demanda de solo ou as necesidades de mellora da base territorial xerada polos novos proxectos de explotación e investimento, ou a innovación dos existentes, poida contar cunha oferta correlativa e suficientemente fluída de solo para a súa posta en marcha.

Este programa pretende tamén incentivar a valorización integral do monte. A diversificación dos produtos forestais é fundamental para a mellora das rendas rurais e o aumento do valor económico do monte. Neste senso perséguese que os montes xestionados pola Administración sexan un exemplo e estímulo para os demais montes galegos en canto a xestión forestal sostible, por iso promoveranse accións nos mesmos tendentes a acadar o desenvolvemento do máximo de potencialidades produtivas para o incremento das rendas. Estas accións desenvolveranse mediante proxectos mixtos de valorización integral que compatibilizan os distintos aproveitamentos agroforestais cunha mellora dos usos relacionados co turismo, as actividades socioculturais e de lecer ou a formación dos axentes implicados na xestión dos distintos recursos forestais, así coma a divulgación ao conxunto da sociedade da importancia que teñen os espazos forestais no entorno rural.

Estas accións respaldaránse cos correspondentes programas de concienciación, sensibilización para a sector forestal, co obxectivo de acadar un adecuado desenvolvemento do entorno rural e do medio agroforestal, e con actuacións de información para o sector mediante estudos e asistencias técnicas de valorización do monte para a actualización dos coñecementos acerca das distintas posibilidades de xestión multifuncional dos montes.

Cos mesmos cometidos xestionarase unha convocatoria de axudas para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte.

Outra das actividades deste programa consiste na creación e posta en funcionamento das Unidades de Xestión Forestal establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza. Con esta reorganización trátase de acadar unha mellor defensa contra os incendios forestais facilitando a ordenación dos montes e do seu planeamento preventivo mediante a optimización da súa xestión e aproveitamento.

As unidades de xestión forestal son concibidas como un mecanismo de control e xestión conxunto de terreos forestais, coas que se pretende obter un mellor aproveitamento silvícola e a xestión conxunta da prevención do risco de incendios forestais, que redunde no beneficio para o titular do predio pero tamén para a sociedade en xeral. Ao concentrar a xestión de parcelas sen perda da súa titularidade acádase un mellor rendemento da explotación e evítase o risco de incendios que se produce pola proliferación incontrolada de especies pirofíticas. En definitiva, coa articulación das Unidades de xestión forestal ponse en valor o monte galego, tanto no seu aspecto económico como no ecolóxico e paisaxístico.

## 2. Actividades

1. Impulso da creación ou ampliación da base territorial destinada a actividades agrarias de cooperativas e sociedades ou outras asociacións e entidades legalmente constituídas.
2. Elaboración de estudos para acometer unha regulación específica dos usos das terras agrarias e a ordenación de cultivos en Galiza, tendo en conta as aptitudes produtivas dos solos e as condicións socio-económicas de cada comarca.
3. Estimular a posta en produción das terras agrarias infrautilizadas a través de cesións a agricultores en activo titulares de explotacións agrarias viábeis.
4. Facilitarlles o acceso á terra ás explotacións que queiran incrementar a súa base produtiva, e apoiar na xestión a todas aquelas persoas que teñan vontade de vender, permutar ou ceder en arrendamento as súas propiedades.

No marco do apoio á multifuncionalidade, para acadar uns axeitados niveles de xestión do monte faise necesario a ordenación das superficies forestais e dos distintos aproveitamentos. Será preciso chegar a unhas unidades mínimas para conseguir a rendibilidade con respecto aos distintos usos que se poidan dar, así coma acadar unha mellor defensa contra os incendios forestais, facilitando a ordenación dos montes e do seu planeamento preventivo. Para isto desenvólvense as Unidades de Xestión Forestal, que se crearán e poñerán en funcionamento por medio das seguintes medidas:

1. Desenvolvemento normativo das Uxfor e dos instrumentos específicos de xestión destas.
2. Impulso a proxectos novidosos e exemplares para a posta en marcha das primeiras Uxfor.

Apoio á diversificación dos produtos forestais e promoción da valorización integral do monte, para acadar a mellora das rendas rurais e desenvolver a multifuncionalidade do monte. Se desenvolverá a traveso das seguintes actuacións:

1. Investimentos en montes de xestión pública para apoio á diversificación dos produtos forestais, coma exemplo e estímulo para os demais montes galegos.
2. Xestión dunha liña de axudas para a promoción da valorización integral do monte, a diversificación e a xestión forestal sostible, mediante proxectos mixtos de valorización integral que compatibilicen os aproveitamentos agroforestais cunha diversificación cara o turismo, as actividades socio culturais e de lecer ou a formación.

As actuacións anteriores se reforzan co desenvolvemento de liñas de acción para a mellora do coñecemento do sector forestal, a través da formación ao sector, concienciación e divulgación, coas seguintes accións:

1. Estudos e asistencias técnicas de valorización do monte para a actualización dos coñecementos acerca das distintas posibilidades de xestión multifuncional dos montes é unha das claves a desenvolver para acadar unha mellora e diversificación das rendas rurais.
2. Desenvolvemento de estudos para a mellora dos coñecementos no camiño dunha xestión forestal sostible e multifuncional, que promovan a diversificación dos produtos agroforestais e a posibilidade de valorización dos residuos forestais.
3. Establecemento de experiencias piloto e campos de demostración co dobre obxectivo de acadar novas técnicas e produtos, así como a información xeral do sector.
4. Programas de formación, concienciación, sensibilización para a xestión forestal sostible e o achegamento á sociedade e ao mundo rural dos aspectos destacados do programa, especialmente en canto a sostibilidade, multifuncionalidade e os distintos modelos de xestión agroforestal para a diversificación de produtos e rendas.
5. Creación e mellora de centros de interpretación do medio forestal.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

## PROGRAMA 713B. ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS

### 1. Descrición

Unha das liñas estratéxicas que vai ser abordada neste Programa será a mellora da estrutura forestal de Galiza, para elo afondarase na reestruturación e consolidación de sectores claves da cadea monte-industria, a dinamización da propiedade e fomento asociativo ou agrupativo, o apoio ás comunidades e propietarios particulares, a posta en marcha de medidas de posta en valor e ordenación dos montes galegos.

### 2. Actividades

1. Creación e diversificación das masas forestais. Fomento das frondosas caducifolias e da forestación terras non agrícolas.

Un dos grandes obxectivos e facer do monte un activo de valor económico de onde se obteña unha produción sostida no tempo dunha materia prima de alta calidade e diversa que faga consolidar definitivamente as industrias galegas como claros competidores nos mercados mundiais de produtos forestais. Para elo incluíranse medidas de mellora silvícola produtiva onde se incluírán criterios de fomento da biodiversidade, mellora paisaxística e creación de discontinuidades ao longo das masas arbóreas

Esta medida tamén contará con actuacións de reforestación con especies indicadas segundo as condicións climáticas e orográficas dos terreos aos que se lles aplicará modelos silvícolas para a obtención de madeira de alto valor.

2. Conservación do patrimonio forestal galego.

Mediante o fomento de áreas de alto valor xenético, onde o noso patrimonio forestal estea asegurando, á vez, que se estimula a produción de material forestal que aporte a cantidade e calidades suficientes para enfrontar con éxito a repoboación do monte galego, e co tempo, e logo da actuacións silvícolas necesarias, a obtención de rendas para os propietarios forestais en Galiza.

3. Mellora e mantemento da infraestrutura e rede viaria.

Mediante a creación e mellora de infraestruturas que melloren a accesibilidade ás masas forestais, facilitando o acceso para realizar os aproveitamentos forestais e os traballos de extinción de incendios.

4. Promoción e modernización das industrias forestais.

Outro dos obxectivos deste programa será o fomento de medidas e liñas de actuación que se dirixan cara a modernización e dimensionamento dunha industria da primeira transformación de madeira en Galiza, e en especial o sector do aserrío, asentado no rural e peza clave para o seu dinamismo e fixación de emprego, sector que necesita dunha liña clara de innovación e incorporación de tecnoloxía que consolide o liderato da industria galega a nivel estatal.

Continuarase coas medidas implantadas para a incorporación de maquinarias e procesos dirixidos ao aproveitamento enerxético e térmico da biomasa forestal residual.

5. Mellora da saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.

Co obxecto de acadar un coñecemento axeitado e actualizado do estado sanitario das masas forestais galegas polo seguimento da súa evolución temporal e espacial en canto a patoloxías relacionadas con factores bióticos como abióticos créase esta actividade.

A avaliación do estado fitosanitario, mellorará as comparacións e as análises da evolución das masas forestais, o que nos permitiría unha visión máis completa, tanto no espazo como no tempo, do estado sanitario do bosque galego e a súa evolución pola súa extraordinaria influencia no medio ambiente.

6. Fomento das actuacións silvícolas e apoio á valorización enerxética dos restos xerados.

A aplicación de tratamentos silvícolas (desbroces, podas, rareos ou claras) compoñen actuacións de vital importancia para o desenvolvemento produtivo e ecolóxico do montes, aumentando o valor dos mesmos, sendo medioambientalmente respectuosos e xerando e fixando unha grande cantidade de empregos no medio rural.



Como consecuencia destas actuacións a biomasa forestal residual obtida será valorizada para a produción de enerxía como base para acadar obxectivos tan importantes como son a axuda a mitigar o cambio climático mediante a substitución do combustible fósil, a mellora da autosuficiencia enerxética, o incremento da seguridade da subministración ou, novamente, a creación de postos de traballo nas zonas rurais.

7. Desenvolvemento, planificación e ordenación dos bosques nas zonas rurais.

A ordenación dos montes arborados mediante a redacción, e revisión de ser o caso, de plans de xestión forestal que regulen, dun xeito tecnicamente xustificado, as actuacións que se realizarán nos vindeiros anos en eles, con especial fincapé á regulación de combustibles e a preservación da saúde e vitalidade dos bosques e onde se establecerán plans para o aproveitamento sustentábel de todos os aproveitamentos do monte formará o eixo clave deste punto.

Este tipo de plans deben englobar os criterios e indicadores marcados ao longo das Conferencias Ministeriais para a Protección dos Bosques Europeos (Estrasburgo, Helsinki, Lisboa e Viena).

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

## PROGRAMA 713C. IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES

### 1. Descrición

A través deste programa búscase o fomento dos sistemas agrarios sustentables, compatíbeis co entorno e produtores de alimentos sans e de calidade co mínimo impacto no medio ambiente. As producións tradicionais-artesanais con base labrega e a potenciación da agricultura ecolóxica, modelos de produción tradicional en Galiza ata mediados do século pasado, deben ser postas de novo en primeiro plano como alternativas sustentábeis e de alto valor engadido cun mercado en expansión e unha demanda en aumento.

Apoiárase decididamente ás Agrupacións de Agricultura Ecolóxica para estruturar este sector e cooperar no seu desenvolvemento. Partindo da situación actual, potenciarase tamén a Producción Integrada como paso intermedio, tendo en conta a importante redución no uso de fitosanitarios, a utilización de produtos biorracionais, a diminución e mellor uso do abonado, o control dos residuos e, en todo caso, unha mellor relación co medio e unhas producións máis sans e menos contaminantes. Estes beneficios xustifican en si mesmos o paso do modelo de produción actual a unha agricultura máis sustentábel, aínda nos sistemas máis intensivos.

A potenciación das producións complementarias e/ou alternativas é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias. Deberanse desenvolver axustándose ás potencialidades particulares das distintas áreas e aos novos métodos de produción integrada e ciclos produtivos integrais, apostando polos produtos diferenciados asociados á imaxe de calidade e coidando as transformacións industriais e as canles de distribución e comercialización.

A investigación agronómica e de mercado é un elemento esencial neste ámbito. Esta estratexia propiciará unha revalorización dos produtos a través dunha política de defensa da calidade, non só organoléptica, senón de salubridade, ademais de diferenciar e tipificar os devanditos produtos e as súas zonas naturais de produción.

## **2. Actividades**

1. Incremento do valor engadido das producións agrícolas e a súa calidade mediante a recuperación de variedades, castes e especies autóctonas. Divulgación dos resultados de ensaios realizados con estas variedades.
2. Programa de recuperación, conservación e fomento de recursos zootécnicos autóctonos e a súa valorización nas producións ecolóxicas e de calidade e no aproveitamento de superficies infrautilizadas.
3. Plan de fomento do sector equino e posta en valor do cabalo galego.
4. Potenciación da produción propia de sementes e plantas de viveiro garantidas (forraxeiras, millo e trigos) e ampliación a outras especies das que temos gran consumo e nula produción, como é o caso da pataca.
5. Apoio á agricultura e gandería ecolóxica e fomento da produción integrada.
6. Medidas de reestruturación dos viñedos para agricultores que desexen substituír variedades non preferentes por variedades autóctonas recomendadas, así como para renovar os seus viñedos envellecidos ou mudar o marco de plantación e os sistemas de condución, mellorando a súa calidade e rendibilidade.
7. Plan de renovación de maquinaria agrícola, cos obxectivos de mellorar a eficiencia enerxética para conseguir a cota de aforro de carburantes asignada ao sector agrario, de reducir as emisións contaminantes á atmosfera e a de rebaixar os índices de sinistralidade nas actividades agrícolas e forestais.
8. Fomento da contratación dos seguros agrarios coa finalidade de que os agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes dos seguros como un instrumento que lles permita afrontar as perdas económicas que poidan ter nas súas producións como consecuencia da actuación de axentes alleos como a climatoloxía ou as pragas e enfermidades. Inclúe a liña de seguros destinada a cubrir os gastos de recollida e destrución de animais mortos nas explotacións (MER) en todas as especies.
9. Mellora da calidade produtiva dos animais, mediante a adquisición de material xenético que permita avanzar no nivel xenético da cabana galega.

10. Mellora da calidade produtiva a través de entidades asociativas do sector, con medidas de asesoramento e accións de obtención, integración e interpretación técnica dos datos obtidos.
11. Apoio á realización da analítica precisa para o control da calidade das producións gandeiras e o asesoramento das explotacións.
12. Apoio á innovación de técnicas reprodutivas e de diagnose e implantación do seu uso nas explotacións.
13. Implantación das novas tecnoloxías da información nas explotacións para mellorar a sanidade, a calidade e a rastrexabilidade completa das producións.
14. Programa de inspección de leite cru nas explotacións agrarias para mellorar a calidade hixiénico-sanitaria do mesmo.
15. Incorporación de medidas de respecto ao medio ambiente mediante accións encamiñadas á utilización correcta dos residuos das explotacións -xurros, compost- que permitan ademais unha redución dos gastos e a posibilidade de acceso a axudas pola súa aplicación.
16. Ordenación dos aproveitamentos gandeiros das superficies de montes comunais potenciando a utilización das razas gandeiras autóctonas.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria

## **PROGRAMA 713D. MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA**

### **1. Descrición**

Na actual conxuntura de mercado, a diferenciación ante os consumidores dos produtos agroalimentarios que teñen unhas características obxectivas de calidade é unha estratexia fundamental para a subsistencia dos pequenos produtores e empresas. Galiza conta cun sector agrario produtor de materias primas de alta calidade que deu lugar a unha ampla e recoñecida oferta gastronómica que forma parte da cultura do país.

Porén, o acceso aos mercados de forma competitiva é unha condición necesaria para garantir a viabilidade económica e social das producións agrarias. Para iso cómpre desenvolver actuacións de ordenación das producións, apoio á comercialización, promoción dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, e de mellora das industrias e dos mercados agrarios.

O sistema de protección dos produtos de calidade a través de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas obriga a que estes produtos se elaboren e transformen na súa área tradicional de procedencia, case sempre zonas rurais, co que o valor engadido xerado queda nese territorio. Estas producións, ademais, melloran as rendas obtidas xa que estes produtos adoitan acadar mellores prezos no mercado.

Os Consellos Reguladores son os encargados de velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade e polo cumprimento das súas disposicións normativas e de aplicar, de ser o caso, os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados. A elaboración de produtos diferenciados permite viabilizar as pequenas producións, moitas delas artesanais, que doutra forma terían difícil acceso ao mercado.

A meirande parte dos indicativos de calidade afectan a territorios do rural con importantes problemas de despoboamento. Por iso, a potenciación das denominacións de calidade incide directamente na fixación da poboación destas zonas na medida en que favorece a actividade económica e o mantemento e xeración de emprego nesas áreas.

## **2. Actividades**

1. Axuda a investimentos de mellora da produción, industrialización e comercialización de produtos agrarios.
2. Realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada.
3. Apoio aos investimentos no control e a mellora da calidade dos produtos agrarios.
4. Apoio á mellora dos mercados agrarios.
5. Apoio ás entidades asociativas para a mellora da comercialización das súas producións.
6. Organización, apoio e participación en feiras e certames comerciais do sector agroalimentario.
7. Preparación, organización e execución de xornadas técnicas e estudos sobre a comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
8. Apoio financeiro ao funcionamento dos consellos reguladores e órganos reitores das denominacións de calidade (denominacións de orixe, denominacións específicas, e denominacións xenéricas).

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria

## PROGRAMA 713E. BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL

### 1. Descrición

A demanda de alimentos estase orientando cada día máis cara as producións de calidade que garantan non só unhas determinadas características organolépticas, senón que ademais sexan produtos sans e obtidos por métodos compatíbeis coa conservación do medio e co benestar dos animais. Para o control da cadea alimentaria cómpre coñecer onde, por quen e como foi producido calquera alimento, polo que se están a implantar sistemas de rastrexabilidade que garantan a súa procedencia e características, mesmo dos que se usan na alimentación animal.

A Unión Europea está a trasladar esta demanda dos cidadáns á lexislación comunitaria en todas as súas vertentes -produtivas, sanitarias, económicas, ambientais e sociais- e máis adiante se relatan as diversas accións programadas para acadar estes obxectivos.

Se queremos obter alimentos seguros e saudábeis, os animais dos que proceden deben estar sans e ser alimentados con produtos seguros. E para logralo, cómpre realizar unhas boas prácticas veterinarias e previr os brotes de enfermidades animais de contaxio. Para garantir que non entran animais enfermos na cadea alimentaria, todos os animais e os produtos que deles se derivan deben cumprir uns estritos requirimentos sanitarios e de etiquetado antes de poder ser comercializados.

A normativa vixente esixe que todos os animais das explotacións estean identificados de maneira que en todo momento se poida seguir a súa pista. Unha rede informática europea permite ás autoridades veterinarias de toda a Unión intercambiar información sobre os movementos de animais vivos, esperma, embrións, produtos e residuos animais.

Do mesmo xeito, establécese unha vixilancia sobre todos os insumos utilizados para producir os nosos alimentos durante a cría ou a produción, especialmente os piensos que alimentan ao gando.

Un dos principios nos que se basea a política da UE é que non se deben causar aos animais danos ou sufrimentos innecesarios. Isto desenvólvese nunhas normas sobre o benestar dos animais que establecen as condicións nas que se poden criar as galiñas, os porcos e as vacas, e nas que se poden transportar e sacrificar estes animais.

O mantemento e mellora do nivel sanitario das nosas explotacións outorga aos gandeiros galegos unha vantaxe competitiva importante para a comercialización dos seus produtos, conseguindo unha diferenciación do sector que lle permite o acceso a novos mercados.

O programa trata de incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións, e reducindo ao mínimo o seu impacto

no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e se garanta unha calidade sanitaria para o consumidor.

Sendo o subsector gandeiro o primeiro aporte á produción final agraria galega, razóns de tipo socioeconómico e sanitario obrigan a poñer en marcha programas que permitan diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, protexendo a saúde pública e evitando a transmisión destas enfermidades, tanto ás persoas que conviven cos animais como ao consumidor dos produtos de orixe animal.

O obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, ás aves e ao sector apícola.

Os Programas de loita e prevención de pragas e enfermidades vexetais son outra acción a desenvolver. A prevención das pragas vexetais por medio das campañas de prospección obrigatoria e a loita contra pragas coa destrución do material vexetal afectado, constitúen, xunto coas medidas de protección, o primeiro grupo de accións neste punto.

Apoiarase ademais ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento na evolución cara a sistemas agrarios sustentábeis, na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

A inspección técnica de maquinaria agrícola é unha nova acción a realizar, con fin de acadar unha aplicación máis eficiente dos produtos fitosanitarios, reducindo o volume dos tratamentos empregados e limitando o impacto no medio e os residuos xerados.

## **2. Actividades**

1. Execución de programas obrigatorios de erradicación, loita e control de enfermidades animais (tuberculose e brucelose bovina) que teñen como base a normativa estatal enmarcada en programas para cada estado aprobados pola Unión Europea. Estes programas permitiron diminuír a incidencia destas enfermidades a uns límites que xa están próximos a valores de erradicacións. Así, contarnos cun elevado número de explotacións libres desas enfermidades é o punto de partida para formular outros programas sanitarios e, o que é máis importante, contarnos con animais sans permítenos aplicar programas de mellora produtiva a través dos que se optimicen os recursos naturais dispoñíbeis para a súa alimentación.
2. Programa de erradicación da brucelose ovina cabrúa, que conseguiu índices de prevalencia da enfermidade que indican un horizonte cercano á posible erradicación.
3. Programas de vixilancia, control e erradicación das encefalopatías esponxiformes transmisíbeis (EETs): EEB, Scrapie: neste proxecto de loita e control sanitario das encefalopatías inclúense os gastos derivados

das labores de diagnóstico -para garantir que se descarta a presenza da enfermidade en cada canal que é liberada ao consumo-, do aseguramento da calidade inspectora nas explotacións gandeiras, e das axudas ao sector por sacrificio e destrución de animais e os seus produtos.

4. Plan sanitario do sector porcino: o programa de control e erradicación da enfermidade de Aujeszky terá unha especial incidencia no sector, dado que a súa erradicación suporía unha notábel mellora nas condicións de produción e comercialización.
5. Plan sanitario avícola: plan de control e erradicación de salmoneloses aviaries, plan de control da influenza aviar.
6. Programa de loita contra as enfermidades apícolas: enmarcado no Programa nacional de axudas á apicultura desenvolvido mediante un Real Decreto estatal en aplicación do previsto no correspondente regulamento comunitario que recolle as distintas liñas de axuda a este sector cofinanciadas con fondos FEAGA.
7. Programa de vixilancia e erradicación da Lingua Azul.
8. Programas sanitarios facultativos: impulso, adaptación normativa e consolidación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galiza (ADSG) co obxecto de acadar niveis sanitarios superiores aos esixidos polos programas obrigatorios.
9. Programa de control oficial de etiquetado da carne de vacún, que por medio de actuacións na fase de produción vai garantir o correcto funcionamento do sistema de información -rastrexabilidade- na cadea alimentaria.
10. Plans de control da aplicación da normativa de benestar dos animais.
11. Implementación da estrutura e medios necesarios nos Servizos Veterinarios Oficiais para afrontar situacións de alertas sanitarias.
12. Control da seguridade alimentaria das producións gandeiras mediante o mantemento dos programas actuais de alimentación animal, PNIR, medicamento veterinario, control de subprodutos de orixe animal, inspección da calidade do leite cru nas explotacións, e a aplicación da normativa europea de hixiene.
13. Estruturación dentro dos Servizos Veterinarios Oficiais dunha Rede de Epidemio-Vixilancia que poña en valor a información dos programas sanitarios en funcionamento e que reduza o tempo que os produtores adican á cumprimentación de rexistros e declaracións oficiais.
14. Adaptación das explotacións ás novas normas comunitarias de sanidade animal e de rastrexabilidade das producións (identificación de ovino e equino, entre outras).

15. Implantación de medidas para o control dos patóxenos dos vexetais por medios respectuosos co ambiente a través de agrupacións (Agrupacións de Agricultura Ecolóxica, APIAS, ATRIAS, ADVS) e aplicación de medidas de forma racional mediante o control preventivo a través das estacións de avisos.
16. Medidas para o fomento de métodos de produción compatíbeis co medio ambiente, como a agricultura e gandería ecolóxica, coa protección do consumidor e co obxectivo de facilitar o mantemento das rendas dos produtores, asegurando a conservación do espazo natural. Para isto cómpre o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun produto de calidade sanitaria diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de “produción integrada” ou “agricultura ecolóxica”).
17. Potenciación de servizos de asesoramento técnico na xestión das actividades máis especializadas dos cultivos (control de patóxenos, fertilización, poda, etc.).
18. Realización de programas de loita e prevención de pragas e enfermidades vexetais: campañas de prospección obrigatoria, indemnizacións por destrución de material vexetal.
19. Programa de inspección de maquinaria agrícola: posta en marcha e mantemento das unidades de inspección de maquinaria de aplicación de fitosanitarios.
20. Reforzo da protección de cultivos vexetais a través de programas integrados de loita, comezando por xerar unha infraestrutura, tanto de innovación técnica coma humana, capaz de establecer un sistema de predición do potencial de risco da epidemioloxía das posibles pragas e enfermidades dos cultivos de Galiza, para poder garantir o control eficaz e unha correcta utilización das distintas técnicas de loita, especialmente no coidado da utilización de fitofármacos para evitar problemas de contaminación ambiental e eliminar os posíbeis residuos derivados dun emprego incontrolado. Tamén evitar a entrada de organismos nocivos (de corentena) respecto dos que Galiza está exenta.
21. Implementación da “Rede de Estacións de Avisos Fitopatolóxicos de Galiza”, que xunto cos datos semanais de seguimento dos ciclos biolóxicos dos fitopatóxenos, fauna útil e estado fenolóxico dos cultivos, poden aconsellar preventivamente actuacións de control integrado.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria



## PROGRAMA 713F. REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES

### 1. Descrición

O programa 713F ten por obxecto a realización das accións previstas nos diversos réximes de apoio á renda establecidos na Política Agraria Común (PAC), no novo marco definido pola aplicación da reforma da PAC aprobada en 2003.

Introdúcese así un réxime de pagamento único por explotación como axuda dissociada á renda de cada explotación e, por tanto, facendo depender o pagamento íntegro ao respecto dos requisitos básicos en materia de medio ambiente, seguridade alimentaria, saúde e benestar dos animais, así como do mantemento da explotación en boas condicións agrarias e medioambientais.

Non obstante, outras accións mantéñense ligadas á produción e conservan, por tanto, unha vinculación parcial entre as axudas e a produción.

### 2. Actividades

1. Pagamentos desligados correspondentes ao réxime de pagamento único, para os agricultores que sexan titulares de dereitos correspondentes ao dito réxime, de acordo coa asignación definitiva de dereitos de axuda.
2. Pagamentos ligados á produción aos produtores de cultivos herbáceos -cereais, oleaxinosas e proteaxinosas- (capítulo 10 do Título IV do Regulamento 1782/2003) baseados en rendementos comarcais.
3. Pagamentos ligados á produción no sector do vacún, polo que se conceden determinadas primas aos produtores que manteñan vacas nutrices así como aos produtores criadores de gando vacún polo sacrificio de bovinos adultos e tenreiros.
4. Pagamentos ligados á produción no sector do ovino e cabrún, polo que se conceden determinadas primas aos produtores de ovino e cabrún.
5. Pagamentos específicos por hectárea aos produtores de proteaxinosas.
6. Pagamentos adicionais aos produtores en aplicación do artigo 69 do Regulamento 1782/2003, nos sectores de gando vacún de carne e de leite.
7. A concesión dunha axuda para fomentar a utilización do amidón, obtido a partir de certos produtos agrícolas, na fabricación de determinadas mercadorías.
8. A concesión dunha axuda para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos transformados.
9. Apoiar á sociedade instrumental do organismo, dotándoa dos medios necesarios para o cumprimento da finalidade que teña encomendada.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Fondo Galego de Garantía Agraria

## **PROGRAMA 741A. APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL**

### 1. Descrición

O noso país é produtor de moi boas materias primas, pero ten aínda un déficit histórico en canto ao desenvolvemento da súa industria alimentaria e aos procesos de comercialización e promoción dos seus produtos transformados. Ademais, a demanda dos consumidores encamiñase cara a produtos agroalimentarios transformados e de calidade. Porén, o impulso e apoio á nosa agroindustria convértese nun obxectivo estratéxico para acadar un maior desenvolvemento no medio rural galego.

As industrias de transformación e comercialización de produtos agrarios acrecentan o valor das producións agrarias, deixando o valor engadido nas propias zonas rurais, xerando tamén un importante número de postos de traballo, mantendo no rural á poboación xove e activa, afianzando a viabilidade das explotacións e afortalando o tecido económico destas áreas.

Por todo isto, cómpre apoiar con carácter xeral aos procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galegos.

### 2. Actividades

1. Apoio á creación de novas industrias agrarias, fomentando os investimentos que teñan un beneficio para os produtores galegos así como aqueles que teñan por obxecto a incorporación de innovacións e melloras tecnolóxicas, prioritariamente en zonas con procesos de despoboamento e zonas desfavorecidas, co obxecto de crear emprego e potenciar os sectores da industria e os servizos.
2. Axudas ás empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
3. Axuda aos investimentos realizados por empresas de base asociativa para que reverta nos propios produtores o valor engadido que achega a transformación industrial agroalimentaria.
4. Investimentos dirixidos á obtención de produtos ecolóxicos.
5. Apoio aos investimentos encamiñados a unha mellora da competitividade das industrias agroalimentarias xa existentes, favorecendo a mellora da calidade, a diversificación produtiva e o valor engadido das producións, e primando a aquelas industrias que establezan contratos estables cos produtores galegos.
6. Apoio á participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agrarios.

### 3. Órgano encargo da súa execución

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria

### 4. CADROS NUMÉRICOS

#### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos							Total
	01	02	03	04	05	06	90	
422L-Capacitación e extensión agroforestal					8.973,2			8.973,2
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional					1.989,7			1.989,7
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural		64.092,9		6.899,1				70.991,9
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal						110.258,0		110.258,0
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica					12.342,9			12.342,9
581A-Elaboración e difusión estatística					300,0			300,0
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	31.941,4							31.941,4
712A-Fixación de poboación no medio rural				39.244,5				39.244,5
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural		72.637,2						72.637,2
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria			6.493,7					6.493,7
713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas		8.084,9				11.247,4		19.332,3
713B-Ordenación das producións forestais						71.773,5		71.773,5
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables			16.179,0					16.179,0
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria			17.908,3					17.908,3
713E-Benestar animal e sanidade vexetal			72.742,3		1.286,2			74.028,5
713F-Regulacións das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores							59.286,4	59.286,4
741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial			27.000,0					27.000,0
<b>Total</b>	<b>31.941,4</b>	<b>144.815,0</b>	<b>140.323,2</b>	<b>46.143,5</b>	<b>24.892,0</b>	<b>193.278,9</b>	<b>59.286,4</b>	<b>640.680,4</b>

(Miles de euros)

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
422L-Capacitación e extensión agroforestal	5.469,0	918,6		2.310,6	275,0	8.973,2
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional			420,0	1.569,7		1.989,7
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	6.815,1		6.125,9	52.425,9	5.625,0	70.991,9
551B-Accións preventivas e infraestruturas forestal	37.573,7	4.120,0		59.064,3	9.500,0	110.258,0
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	3.806,0		2.701,0	300,0	5.535,9	12.342,9
581A-Elaboración e difusión estatística				300,0		300,0
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	19.287,1	3.286,0	714,0	7.264,3	1.390,0	31.941,4
712A-Fixación de poboación no medio rural			2.736,8		36.507,7	39.244,5
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural				4.400,0	68.237,2	72.637,2
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria			1.425,0		5.068,7	6.493,7
713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas			655,0	13.547,3	5.130,0	19.332,3
713B-Ordenación das producións forestais	25.020,1			18.377,1	28.376,3	71.773,5
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables		150,1		2.646,0	13.382,9	16.179,0
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria	2.853,4	33,5	1.038,1	3.410,6	10.572,6	17.908,3
713E-Benestar animal e sanidade vexetal	29.398,0	748,0	455,3	34.365,7	9.061,6	74.028,5
713F-Regulacións das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	4.157,2	1.029,0	207,9	3.216,6	50.675,6	59.286,4
741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial					27.000,0	27.000,0
<b>Total</b>	<b>134.379,7</b>	<b>10.285,2</b>	<b>16.479,0</b>	<b>203.198,1</b>	<b>276.338,4</b>	<b>640.680,4</b>

(Miles de euros)

## Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	18.433,8	19.287,1	4,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.895,5	3.286,0	13,5
Cap. IV - Transferencias correntes	715,1	714,0	-0,2
Cap. VI - Investimentos reais	6.601,4	7.264,3	10,0
Cap. VII - Transferencias de capital	1.125,0	1.390,0	23,6
<b>Total</b>	<b>29.770,7</b>	<b>31.941,4</b>	<b>7,3</b>

(Miles de Euros)

02 D.X. DE ESTRUC. E INFRAESTRUC. AGRARIAS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.266,6	6.512,2	3,9
Cap. IV - Transferencias correntes	601,1	655,0	9,0
Cap. VI - Investimentos reais	68.670,8	63.155,5	-8,0
Cap. VII - Transferencias de capital	64.106,4	74.492,2	16,2
<b>Total</b>	<b>139.644,9</b>	<b>144.815,0</b>	<b>3,7</b>

(Miles de Euros)

03 D.X.DE PROD.INDUST. E CALIDADE AGROALIM.	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	29.783,3	30.965,2	4,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.017,2	931,7	-8,4
Cap. IV - Transferencias correntes	2.900,9	2.918,4	0,6
Cap. VI - Investimentos reais	38.724,5	40.422,3	4,4
Cap. VII - Transferencias de capital	63.549,1	65.085,7	2,4
<b>Total</b>	<b>135.974,9</b>	<b>140.323,2</b>	<b>3,2</b>

(Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	231,3	302,9	30,9
Cap. IV - Transferencias correntes	9.215,1	8.862,7	-3,8
Cap. VI - Investimentos reais	355,0	370,3	4,3
Cap. VII - Transferencias de capital	37.115,6	36.607,7	-1,4
<b>Total</b>	<b>46.917,0</b>	<b>46.143,5</b>	<b>-1,6</b>

(Miles de Euros)

05 D.X.DE INV.TECNOLOXÍA E FORM.AGROFOREST.	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.452,2	10.561,2	1,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	998,4	918,6	-8,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.486,8	3.121,0	25,5
Cap. VI - Investimentos reais	3.658,7	4.480,3	22,5
Cap. VII - Transferencias de capital	5.021,4	5.810,9	15,7
<b>Total</b>	<b>22.617,4</b>	<b>24.892,0</b>	<b>10,1</b>

(Miles de Euros)

06 D. X. DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	60.014,3	62.593,8	4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.320,0	4.120,0	-4,6
Cap. VI - Investimentos reais	81.116,5	84.288,8	3,9
Cap. VII - Transferencias de capital	45.308,0	42.276,3	-6,7
<b>Total</b>	<b>190.758,7</b>	<b>193.278,9</b>	<b>1,3</b>

(Miles de Euros)

90 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.948,4	4.157,2	5,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.010,6	1.029,0	1,8
Cap. IV - Transferencias correntes	199,9	207,9	4,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.171,6	3.216,6	1,4
Cap. VII - Transferencias de capital	55.694,2	50.675,6	-9,0
<b>Total</b>	<b>64.024,8</b>	<b>59.286,4</b>	<b>-7,4</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	29.770,7	31.941,4	7,3
02 D.X. DE ESTRUC. E INFRAESTRUC. AGRARIAS	139.644,9	144.815,0	3,7
03 D.X. DE PROD. INDUST. E CALIDADE AGROALIM.	135.974,9	140.323,2	3,2
04 DIRECCIÓN X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	46.917,0	46.143,5	-1,6
05 D.X. DE INV. TECNOLOXÍA E FORM. AGROFOREST.	22.617,4	24.892,0	10,1
06 D. X. DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS	190.758,7	193.278,9	1,3
90 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	64.024,8	59.286,4	-7,4
<b>Total</b>	<b>629.708,5</b>	<b>640.680,4</b>	<b>1,7</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA/Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	125.181,5	130.222,5	3.948,4	4.157,2			129.129,9	134.379,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	9.231,0	9.256,2	1.010,6	1.029,0			10.241,6	10.285,2
Cap. IV - Transferencias correntes	20.967,9	21.605,1	199,9	207,9	5.049,0	5.334,1	16.118,9	16.479,0
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>155.380,4</i>	<i>161.083,9</i>	<i>5.159,0</i>	<i>5.394,1</i>	<i>5.049,0</i>	<i>5.334,1</i>	<i>155.490,4</i>	<i>161.143,9</i>
Cap. VI - Investimentos reais	199.126,9	199.981,5	3.171,6	3.216,6			202.298,5	203.198,1
Cap. VII - Transferencias de capital	275.091,2	279.555,0	55.694,2	50.675,6	58.865,8	53.892,3	271.919,6	276.338,4
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>474.218,1</i>	<i>479.536,5</i>	<i>58.865,8</i>	<i>53.892,3</i>	<i>58.865,8</i>	<i>53.892,3</i>	<i>474.218,1</i>	<i>479.536,5</i>
<b>Total</b>	<b>629.598,5</b>	<b>640.620,4</b>	<b>64.024,8</b>	<b>59.286,4</b>	<b>63.914,8</b>	<b>59.226,4</b>	<b>629.708,5</b>	<b>640.680,4</b>

(Miles de Euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	<i>11</i>	<i>11</i>
<i>Persoal funcionario</i>	<i>1.885</i>	<i>1.939</i>
Subgrupo A1	595	545
Subgrupo A2	381	442
Subgrupo C1	652	677
Subgrupo C2	240	257
Grupo E e agrupacións profesionais	17	18
<i>Persoal laboral</i>	<i>1.968</i>	<i>2.031</i>
Grupo I	5	80
Grupo II	14	21
Grupo III	337	331
Grupo IV	409	400
Grupo V	1.203	1.199
<i>Outro persoal</i>	<i>107</i>	
<b>TOTAL</b>	<b>3.971</b>	<b>3.981</b>

Fondo Galego de Garantía Agraria	2008	2009
<i>Altos cargos</i>		
<i>Persoal funcionario</i>	101	102
Subgrupo A1	40	30
Subgrupo A2	22	32
Subgrupo C1	18	19
Subgrupo C2	19	19
Grupo E e agrupacións profesionais	2	2
<i>Persoal laboral</i>	18	18
Grupo II		1
Grupo III	6	6
Grupo IV	7	8
Grupo V	5	3
<b>TOTAL</b>	<b>119</b>	<b>120</b>

### Sociedades públicas.

	2009		
	Explo.	Capit.	TOTAL
Xenética Fontao, S.A.	4.023,0	309,0	4.332,0
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	39.294,0	39.294,0	78.588,0
S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	7.219,0	197,0	7.416,0
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.	47.439,0	462,0	47.901,0
S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia	882,0	733,0	1.615,0
Instituto Galego da Calidade Alimentaria	5.646,0	5.646,0	11.292,0

(Miles de euros)





**CONSELLERÍA DE CULTURA E  
DEPORTE**

SECCIÓN 12



## 1. COMPETENCIAS

---

A Consellería de Cultura e Deporte é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural, patrimonio cultural, os aspectos vinculados á protección do patrimonio cultural da cidade e dos Camiños de Santiago, e o fomento e promoción da cultura física e o deporte.

Estas competencias véñenlle asignadas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia. En concreto o artigo 32 recolle os principios de defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, que se concretan nos seguintes puntos:

1. A protección dos Camiños de Santiago.
2. A promoción cultural, a contribución ao desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción da plástica, a danza, a música, e as artes líricas e coreográficas.
3. A protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivos e museos de interese de Galicia.
4. O fomento e a promoción da cultura física e o deporte.
5. A promoción cultural dende a plástica, a imaxe e o son co fin de protexer e promocionar a gran creatividade dos galegos.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polos Decretos 332/2005, do 18 de agosto, e 454/2005, do 1 de setembro, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. Pola súa banda, o Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, modificado parcialmente polo Decreto 17/2008, do 7 de febreiro, desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, dispoñendo no seu artigo 2 que exercerá as súas competencias a través dos seguintes órganos:

1. Conselleira
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural
4. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
5. Dirección Xeral para o Deporte

Os trasposos de funcións e servizos á Consellería de Cultura e Deporte foron instrumentados a través das seguintes normas:

1. Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.
2. Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
3. Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
4. Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
5. Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
6. Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
7. Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
8. Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
9. Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

Estas competencias asumidas pola Consellería de Cultura e Deporte concréntanse nos seguintes puntos:

1. Arquivos, museos e bibliotecas.
  - a) Creación de arquivos centrais e intermedios, con regulación de transferencias documentais entre os distintos niveis de arquivos, así como a súa valoración, selección e expurgo.
  - b) Organización do sistema de museos de Galicia dotando dunha estrutura conceptual e administrativa, desenvolvendo de pleno as funcións que lle son propias: adquisición, conservación, investigación, comunicación, difusión e exhibición do patrimonio que custodian.
  - c) Dotación e creación de bases de datos no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, situando neste centro o núcleo da rede informatizada de bibliotecas de Galicia. Organización dos

servizos da rede para prestar servizos ás bibliotecas públicas integradas e a centros bibliotecarios non integrados e particulares que o demanden. Consolidación e mellora das infraestruturas bibliotecarias existentes.

- d) Publicación de material impreso e audiovisual relacionado co patrimonio histórico moble e documental, dentro do programa de publicacións da consellería.

## 2. Teatro, cines e auditorios.

- a) Incentivar as artes de representación nos eidos do teatro, a música e a danza. Creación de espazos para estas actividades nos concellos, contemplando a existencia dos devanditos ámbitos no momento de planificar as novas casas de cultura.
- b) Mellora das infraestruturas físicas existentes mediante a restauración e readaptación, por medio de convenios, dos espazos con que se conta como auditorios, espazos multiusos e outros.
- c) Apoio e fomento ao sector audiovisual, favorecendo o acceso dos novos profesionais á industria audiovisual.
- d) Ampliación ao ámbito das salas cinematográficas da política lingüística, favorecendo a exhibición de cine en galego.
- e) Promover a produción audiovisual en Galicia e a súa difusión tanto dentro como fóra do noso país.

## 3. Casas de cultura.

A diseminación da poboación galega obriga a utilizar os recursos existentes de xeito que se obteña deles o máximo proveito. En núcleos de escasa poboación deben concibirse infraestruturas que cubran non só as necesidades culturais senón tamén sociais da poboación que vive neles. Para isto estableceranse vías de cooperación con outros departamentos da Xunta de Galicia como a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou a Consellería do Medio Rural.

Logo de feitas as infraestruturas promoverase a súa utilización a pleno rendemento, para o cal se impulsará a realización de actividades culturais cunha dobre liña de acción, ben a través de cooperación cos concellos ou ben mediante a realización de actividades programadas directamente pola consellería.

## 4. Conservación do patrimonio cultural.

- a) Conservación, restauración e, na medida do posible, acrecentamento do patrimonio cultural.
- b) Inventario e catalogación do patrimonio cultural, fundamentalmente para elaborar plans de protección, conservación e difusión.

- c) Control e seguimento das actividades arqueolóxicas.
  - d) Aprobación dos plans e proxectos das obras que afecten ao patrimonio cultural.
  - e) Promoción, difusión e divulgación do patrimonio cultural.
  - f) Estimular a valoración do patrimonio natural de relevancia singular, como conxunto asociado ao patrimonio cultural e o seu territorio.
  - g) Promover a conservación, protección e difusión do patrimonio cultural entre todas as instancias e institucións públicas e privadas, e polo tanto entre toda a sociedade galega.
  - h) Publicación de material impreso e audiovisual relacionado co patrimonio cultural, dentro do programa de publicacións da consellería.
5. Creación e difusión cultural.
- a) Dirección e coordinación das grandes liñas de actuación e as medidas para o desenvolvemento da cultura galega nos vindeiros anos, entendida no máis amplo sentido: historia, identidade, redes sociais, valores, creación, coñecemento, innovación, industria, etc. A acción diríxese a fomentar o compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida do noso país e da súa imaxe no mundo. Primárase, polo tanto, a difusión da cultura galega tanto na nosa sociedade coma fóra das nosas fronteiras, cun interese especial na difusión das actividades das persoas con actividade profesional de creación.
  - b) Promoción da calidade dos produtos culturais galegos cunha proposta ambiciosa que recolla actuacións en todos os ámbitos e que implique globalmente á sociedade, non soamente os sectores directamente relacionados coa cultura.
  - c) Aposta decidida polo libro e as producións literarias en lingua galega co obxecto de cumprir coas obrigas que establece a nova Lei do libro e da lectura e atender os obxectivos recollidos no Plan do libro e da lectura aprobado polo Parlamento Galego.
  - d) Creación de medidas para lograr que a cultura galega se erixa en marca de calidade do país. Xa que logo, potenciarase a circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.
  - e) Fomento do acceso aos libros no conxunto da poboación galega e o desenvolvemento dunha política activa encamiñada a incrementar os índices de lectura. Poranse en funcionamento distintas accións que conduzan ao achegamento dos libros á sociedade, coa implicación de creadores, editores, libeiros, administración, familias, medios de comunicación e empresas e tamén do mundo do deporte, como parte imprescindible no desenvolvemento global das

persoas. Dentro desta idea básica, deféndese o libro como un “sector estratéxico” definido, a partir do Plan do libro e da lectura.

- f) Impulso da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, coa mellora das súas instalacións, a modernización da imaxe e os produtos que ofrece e a continuación do plan de formación continua dos seus profesionais, iniciado no ano 2007.
- g) Reforzo do libro galego no que atinxe á súa presenza nos grandes acontecementos culturais e feiras internacionais, nun propósito de expansión e de intercambio en igualdade coas restantes culturas do mundo contemporáneo.
- h) Apoio decidido á tradución do libro escrito en galego para outras linguas, a fin de que poida competir en pé de igualdade no mercado. Ao tempo, promocionarase tamén a tradución de obras da literatura universal ao galego, para que o público galego teña acceso a elas desde a nosa lingua.
- i) Apoio á creación, á produción e á distribución dos produtos culturais de Galicia ou que contribúan ao desenvolvemento intelectual do país.
- j) Fomento dos novos valores da creación plástica. A actuación realizarase cun interese especial na consolidación da obra dos creadores que comezan a súa traxectoria, para o que se procurarán creacións axeitadas para o desenvolvemento dos seus proxectos. Neste sentido realizarase un importante labor no tocante á formación en todos os ámbitos e disciplinas, en prol da excelencia creativa e técnica das persoas que utilizan a arte como medio de expresión.
- k) Promoción da arte galega nos foros, certames e feiras internacionais de carácter sectorial.
- l) Coordinación e cooperación entre institucións culturais de Galicia co fin de poñer en relación e en rede todo o que acontece no mundo da cultura. Desde a Consellería de Cultura e Deporte desenvolverase así mesmo unha ampla política de comunicación con institucións e centros culturais de todo o mundo para conseguir unha mellor circulación dos nosos produtos de cultura e para facilitar a chegada aos nosos centros –teatros, museos, auditorios, salas de exposición, etc.- de grandes producións do exterior. Primarase o contacto con centros da Península, mais procurarase incrementar a relación institucional con entidades de todo o mundo.
- m) Creación dun modelo para a formación cultural nos ámbitos da música, artes escénicas, artes plásticas e literatura.
- n) Continuación do proxecto de recuperación da memoria histórica, co recoñecemento e homenaxe ás persoas que loitaron polas liberdades, pola democracia e por Galicia. Como continuación das

actividades iniciadas en 2006, declarado Ano da Memoria, desenvolveranse programas de actividades que permitan manter as liñas de investigación, difusión e recoñecemento do acontecido tras o golpe militar de 1936, para reparar o prolongado silencio do noso pasado.

- o) Promoción do teatro, a música e a danza galega coa produción de espectáculos con marca de orixe e de calidade de Galicia, como vangarda da proxección exterior da cultura galega.
- p) Creación de canles de comunicación arredor da cultura, e creación dunha ferramenta de acceso á información cultural.

#### 6. Camiños de Santiago e o seu territorio histórico.

Conservación, rehabilitación e recuperación dos Camiños de Santiago, concretándose en varias accións:

- a) Acondicionamento de espazos públicos, núcleos en áreas e puntos concretos de interese patrimonial e paisaxístico.
- b) Delimitación e deslinde dos Camiños de Santiago e das súas zonas de protección e respecto.
- c) Recuperación e rehabilitación selectiva de tramos singulares dos camiños.
- d) Promoción e difusión dos Camiños de Santiago e das súas áreas patrimoniais relacionadas.
- e) Dinamización sociocultural e socioeconómica das áreas circunscritas aos Camiños de Santiago, a través da promoción do patrimonio cultural asociado ao fenómeno xacobeo.
- f) Promoción de actividades de apoio e atención ao contorno natural e á paisaxe, rural e urbana, dos camiños.
- g) Definición e deseño das rutas culturais e históricas mais senlleiras de Galicia.
- h) Accións concretas a través de congresos e reunións de ámbito galego, estatal e internacional.
- i) Colaboración coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.
- j) Publicación de material impreso e audiovisual relacionado cos Camiños de Santiago, dentro do programa de publicacións da consellería.

#### 7. En materia de deportes:

Competencias en materia de deportes asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia a través do Decreto 146/1982, do 1 de decembro, que se concretan nos seguintes puntos:

- a) Coordinación das Administracións locais na promoción e difusión da cultura física e do deporte.
- b) Asociacións deportivas. Tutela e promoción das asociacións deportivas cuxo ámbito de actuación non exceda do propio da comunidade autónoma.



- c) Instalacións deportivas. Elaboración e execución dos plans de carácter territorial de instalacións deportivas públicas.
- d) Educación física e actividade deportiva. Organizar competicións escolares, promover a creación de agrupacións para o desenvolvemento do deporte escolar e xestionar a concesión de axudas.
- e) Deporte do tempo libre e deporte para todos. Promoción do deporte social e popular; autorización ou, no seu caso, organización de manifestacións deportivas populares; colaboración e apoio á organización de probas populares; formación de animadores deportivos; axuda para o mantemento de centros deportivos e promoción e creación de agrupacións deportivas para o desenvolvemento do deporte para todos e do deporte do tempo libre.
- f) Centros de iniciación técnico-deportiva. Dirección e xestión dos centros, selección das instalacións deportivas, nomeamento dos directores dos centros, sinatura de convenios con entidades xestoras, asistencia técnica na elaboración dos orzamentos e nomeamento de persoal sanitario, administrativo e técnico-deportivo para os ditos centros.
- g) Xestión de instalacións deportivas. Xestión de instalacións propias, comprendendo a programación e organización de actividades.
- h) Xestión dos Institutos Nacionais de Educación Física.

#### AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (Agadic)

A Lei 4/2008, do 23 de maio, crea a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) que sucede ao Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), constituíndose como unha axencia pública autonómica das reguladas na disposición adicional quinta do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultada para exercer potestades administrativas no ámbito das súas funcións.

A Agadic adscíbese á consellaría con competencias en materia de cultura da Xunta de Galicia e ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009

---

### 2.1 DA CONSELLERÍA

#### SECRETARÍA XERAL

Exerce as competencias determinadas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, así como aquelas conferidas en virtude do Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, modificado polo Decreto 17/2008, do 7 de febreiro.

Estas funcións concrétnanse na xestión de todo o persoal, a coordinación da elaboración do anteproxecto do orzamento, o seu seguimento e control, a xestión da contratación administrativa e económica, e os demais aspectos relacionados co réxime interior así como a elaboración de proxectos de carácter técnico xurídico.

Unha liña de acción de gran importancia é o desenvolvemento e posta en marcha de novos usos na Cidade da Cultura, entre os que cabe subliñar a unidade temática: Centro de Documentación, que estará integrado pola Biblioteca Nacional e o Arquivo Nacional. A Biblioteca Nacional, será o centro que difundirá e porá en valor un importante patrimonio documental e bibliográfico que cómpre conservar.

Así mesmo, o Arquivo Nacional, coordinará todos os arquivos galegos e albergará, ademais do Arquivo da Administración galega, o Arquivo dixital de fondos galegos depositados fóra de Galicia, o Arquivo sonoro e o da Emigración entre outros.

Cómpre subliñar a importancia substancial da Fundación “Illa de San Simón” que vai seguir sendo o instrumento de xestión, por parte da Xunta de Galicia e do resto das administracións públicas implicadas, dos espazos e infraestruturas das Illas de San Simón e San Antonio (declaradas bens de interese cultural, por Decreto 237/1999, de 29 de xullo).

Entre os fins da devandita fundación adquire unha gran relevancia a potenciación dos valores naturais, culturais e paisaxísticos das Illas de San Simón e San Antonio, o pulo da investigación no eido do mar e da memoria histórica e a xestión e conservación das instalacións e edificacións das referidas illas.

#### DIRECCIÓN XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL

A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural asume como un dos obxectivos centrais o fortalecemento e desenvolvemento da cultura galega dentro do seu ámbito natural que é Galicia, e tamén no exterior.

Existen catro liñas ou plans cos obxectivos principais de achegar o feito cultural a toda a poboación galega, fomentar a creación cultural e ampliar o espazo da nosa cultura, coa captación de novos públicos e a apertura de vías de intercambio e relación con outras realidades culturais.

Estas grandes liñas ou plans de actuación son as seguintes:

- Plan do libro e da lectura.
- Plan de dotación de infraestruturas culturais.
- Plan de fomento das industrias e actividades culturais.
- Plan de difusión da cultura galega no exterior.

O desenvolvemento destes plans procura os seguintes obxectivos por cada unha das liñas de actuación:

### **Plan do libro e da lectura**

Este plan, nacido da Lei do libro e do Plan do libro e da lectura aprobado polo Parlamento Galego, pretende dinamizar e modernizar o sistema bibliotecario galego, desenvolver campañas de fomento da lectura, apoiar a edición do libro en galego e promover a tradución de obras da literatura universal ao galego e dos libros editados en galego a outras linguas do mundo. Conta cos obxectivos concretos que figuran a seguir:

1. Impulso da rede de bibliotecas de Galicia e innovación e mellora dos seus equipamentos, así como dos servizos que se prestan nelas coa creación de novas bibliotecas en colaboración cos concellos, a dotación e equipamento do material e fondos bibliográficos necesarios para o seu funcionamento, a incorporación á rede de bibliotecas de titularidade privada e de especial interese e a colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o sistema bibliotecario vinculado aos centros de ensino.
2. Creación da Biblioteca Central de Préstamo e organización e impulso dos servizos bibliotecarios móbiles
3. Creación e posta en marcha da Biblioteca Nacional de Galicia como cabeceira do sistema bibliotecario galego.
4. Establecemento de vías de colaboración con outras bibliotecas e sistemas bibliotecarios para o tratamento, conservación e difusión dos fondos de especial interese para Galicia.
5. Impulso a automatización de todas as bibliotecas de Galicia, incluíndo as do sistema educativo, para construír unha rede interconectada que poña a disposición de todos os cidadáns os recursos físicos e virtuais, de toda a rede.
6. Impulso, creación e consolidación de clubs de lectura vinculados a bibliotecas e outras entidades culturais.

7. Promoción da lectura e do libro, mediante campañas de fomento da lectura e accións puntuais nas datas axeitadas, dentro do sistema escolar e do sistema bibliotecario galego, elaborando o calendario do libro e da lectura.
8. Promoción á edición do libro en galego
9. Axudas á tradución do libro galego a outras linguas e do libro escrito orixinariamente noutras linguas ao galego.
10. Promoción do libro galego no exterior mediante a asistencia ás feiras culturais, feiras do libro e exposicións temáticas do libro galego no exterior.

#### **Plan de dotación de infraestruturas culturais**

A dispersión da poboación galega esixe unha atención especial para garantir infraestruturas que garantan o acceso á cultura de todos os galegos e galegas.

Os obxectivos deste plan son:

1. Construción e equipamento de infraestruturas culturais a fin de realizar unha oferta cultural ampla e repartida pola xeografía galega que posibilite o acceso á cultura de todos os cidadáns.
2. Conservación dos equipamentos xa existentes.
3. Relación con outras administracións para potenciar e poñer en valor os equipamentos de que dispoñen.

#### **Plan de fomento das industrias e actividades culturais**

Galicia vive un momento creativo singular en todos os ámbitos e sectores da creación cultural, como reflexo dunha sociedade viva e dinámica que olla ao futuro con esperanza e ánimo transformador.

A cultura galega ten que se transformar nun sector económico e dinámico emprendedor, capaz de se lanzar á procura de novos públicos e novos mercados, xa que o éxito desta iniciativa terá consecuencias dinamizadoras dentro do noso país ao incentivar novos proxectos e promover accións innovadoras dentro do tecido cultural interno.

Unha das prioridades será a de consolidar as estruturas que os propios sectores xeren, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores, e o establecemento de canles de cooperación e colaboración con outras administracións, con fundacións tanto públicas como privadas, así como con asociacións e federacións culturais que teñan interese pola cultura galega.

Os obxectivos deste plan son os seguintes:

1. Coordinación e cooperación institucional entre os diferentes organismos, entidades sociais, corporacións locais e asociacións, que operen no campo da cultura para poñer en relación e en rede a

todo o sector cultural galego co fin de potenciar o autoconhecimento e a autoestima en termos colectivos e máis a conciencia de sermos un pobo cunha historia digna de coñecerse, estudada e divulgada.

2. Atención preferente á cultura de base e ao asociacionismo cultural coa creación de mecanismos de relación, apoio e desenvolvemento dun sector que foi historicamente decisivo para a continuidade e transmisión da cultura galega.
3. Difusión e publicacións culturais, realización de congresos e xornadas de estudo sobre persoeiros e temas relevantes no mundo cultural de Galicia.
4. Publicacións culturais no marco das coleccións aprobadas pola Comisión Permanente de Publicacións.
5. Programación, intercambio e cursos culturais cun criterio de bilateralidade e de intercambio en igualdade para difundir a cultura galega no exterior, con organización de ciclos e programación da cultura galega en cidades do Estado, en Portugal e naqueles países con presenza da comunidade galega.
6. Celebración do Día das Letras Galegas.
7. Promoción do teatro, a música e a danza realizada por artistas galegos coa potenciación dos circuítos culturais internos.
8. Fortalecemento da industria cultural, con incidencia na formación e profesionalización e apoio á distribución e promoción exterior, para facilitar o funcionamento das estruturas sectoriais.
9. Realización de exposicións e potenciación das artes plásticas. Dedicarase unha especial atención á obra dos nosos creadores tanto para a súa exposición en Galicia como para a súa exportación a museos e centros de arte contemporánea cos que se estableza comunicación.
10. Intensificar a colaboración coas tres universidades galegas nos ámbitos de competencia da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

#### **Plan de difusión da cultura galega no exterior.**

Cun riquísimo legado cultural e un patrimonio material e inmaterial que temos a obriga de poñer en valor, en Galicia xorden neste século XXI modernas creacións culturais das que nos podemos gabar e que son unha óptima carta de presentación mais alá do territorio da comunidade autónoma. Por esta razón, outra das liñas de actuación da consellería, consistirá na difusión da cultura galega no exterior, con actuacións que consolidarán as iniciativas xa emprendidas en anos anteriores, procurando abrir novas vías de presenza, espallamento e difusión da nosa cultura noutros ámbitos.

Trátase de converter a cultura galega na nosa denominación de orixe, na marca de identidade e calidade do noso país, na representación da nosa capacidade creativa e innovadora, instrumento eficaz para proxectar a nosa imaxe no mundo.

Os obxectivos deste plan son os seguintes:

1. Ampliar o programa de participación en feiras internacionais do libro e da música, para ofrecer unha imaxe de cultura viva que permita valorar Galicia tanto dende a perspectiva histórica como dende a riqueza e variedade de sectores, xéneros, rexistros e linguaxes que agroman na actualidade.
2. Participación en festivais internacionais de cine e de teatro.
3. Potenciamento dos intercambios culturais con outros territorios, en particular cos países lusófonos.
4. Facer posible que os creadores galegos poidan participar en congresos, encontros, xornadas e todo tipo de iniciativas ás que sexan convidados fóra da comunidade autónoma.
5. Xerar instrumentos e ferramentas que fagan visible a nosa cultura en todo o mundo.
6. Afondar na relación entre a Galicia entendida como ente social, político e xeográfico e a comunidade galega no exterior, referencia permanente de galegitude, coa promoción de clubs de lectura, o incremento da dotación bibliográfica en bibliotecas, o apoio á relación cos creadores galegos e a reedición de textos e produtos culturais do exilio e da emigración.
7. Promoción exterior, coa apertura de canles de apoio á difusión exterior da nosa cultura, a través de todos os medios que temos á nosa disposición e da creación de plataformas de exhibición dos nosos produtos culturais.
8. Creación de marcas internacionais da cultura galega, que identifiquen de maneira doada e atractiva os nosos produtos na súa circulación polo exterior.

#### CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (C.G.A.C.)

O Centro Galego de Arte Contemporánea continúa no exercicio 2009 insistindo nos recursos á produción –tanto de exposicións ou actividades, como de obras de arte específicas- e na investigación –coa culminación dos proxectos a longo prazo do “Proxecto edición” e “A trama rururbana”. Tamén, ao longo de 2009 se iniciará un novo proxecto de investigación a longo prazo en relación co poscolonialismo e as relacións con toda latinoamérica. Se ben a programación expositiva continuará coas liñas de traballo abertas neste ano, haberá un maior énfase nas exposicións monográficas con artistas de primeira orde e nivel internacional.

Respecto aos contidos do centro, a atención primordial dedicárase á actualidade e á década dos 70, momento fundacional da estética dos novos comportamentos artísticos que define o pulso do presente.

## DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

A Dirección Xeral do Patrimonio ten como obxectivos a protección, conservación e restauración do patrimonio cultural de Galicia (arqueolóxico, artístico, arquitectónico, etnográfico e, en fin, histórico), da súa promoción e difusión, así como do patrimonio inmovible, moble e documental vinculado aos arquivos e museos de Galicia.

Para cumprir estes obxectivos, é necesario acometer as seguintes liñas ou plans de actuación:

### 1. Protección do patrimonio cultural de Galicia.

Esta liña de actuación vai encamiñada a dotar dos medios e instrumentos necesarios e imprescindibles para garantir a conservación, protección e difusión dos conxuntos e elementos que conforman o patrimonio cultural de Galicia, e asegurar así a súa transmisión ás xeracións futuras.

Esta actuación céntrase fundamentalmente na realización dos inventarios e catálogos de cada unha das manifestacións do patrimonio histórico e cultural, tanto moble como inmovible e co seu compoñente inmaterial asociado.

Asemade, potenciaranse as tarefas de protección, vixilancia e inspección das intervencións que afecten a bens culturais para asegurar o cumprimento da normativa de aplicación.

### 2. Conservación e restauración do patrimonio cultural de Galicia.

A propia natureza dos elementos que conforman o patrimonio cultural esixe continuos labores de coidado e mantemento para impedir ou minorar a súa degradación, provocada polos diferentes axentes que actúan de forma negativa sobre el de xeito total ou parcial.

Cómpre realizar, pois, actuacións concretas e específicas que precisan de técnicas moitas veces complicadas e de execución demorada e sempre de acordo co principio de respecto á natureza do ben de que se trate.

Estas actuacións adoitan concretarse nos seguintes tratamentos e accións, a diferente nivel segundo os casos, e sempre cos estudos previos e diagnósticos necesarios para unha axeitada elección daqueles:

- a) Limpezas e tratamentos superficiais.
- b) Consolidacións estruturais.
- c) Restauracións totais ou parciais.
- d) Rehabilitación para usos diversos e compatibles co carácter do ben cultural.

### 3. Promoción e difusión.

Ten como finalidade facer partícipe á sociedade daqueles valores que son propios do noso patrimonio cultural, promocionando a súa utilización, facilitando o seu aproveitamento e

promovendo o seu compoñente educativo e social, sen prexuízo do seu uso como recurso de carácter turístico e polo tanto tamén socioeconómico.

O obxectivo principal é involucrar á sociedade en temas patrimoniais e históricos propios de Galicia, creando unha conciencia que permita a asunción do patrimonio cultural como un ben común e irrepetible, o que achegará grandes beneficios tanto na súa conservación como na súa protección e transmisión, así como no propio desenvolvemento cultural, social e económico.

4. Patrimonio histórico, arquitectónico, artístico, arqueolóxico e etnográfico:
  - a) Realización de inventarios dos distintos elementos que conforman o patrimonio para instrumentar as medidas de protección axeitadas.
  - b) Control das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas da dirección xeral.
  - c) Aprobación de planos e proxectos de obras que afecten ao patrimonio cultural.
  - d) Intervencións restauradoras e rehabilitadoras do patrimonio construído, tanto histórico como artístico, etnográfico ou industrial.
  - e) Difusión das actividades de protección e de intervención sobre o patrimonio cultural.
  
5. Museos e arquivos.
  - a) Xestión de museos e arquivos propios e dos de titularidade estatal coa xestión transferida á comunidade autónoma.
  - b) Dotación e instalación de museos e arquivos de interese galego.
  - c) Adquisición de fondos destinados á incrementar as coleccións de museos e arquivos públicos.
  - d) Estudo e Investigación dos fondos depositados en museos e arquivos de interese, tanto públicos como privados.
  - e) Labores de catalogación e inventario dos museos e arquivos públicos e privados.
  - f) Fomento da divulgación do patrimonio cultural depositado nos museos e arquivos.
  
6. Protección e conservación da cidade e dos Camiños de Santiago.
  - a) Delimitación e recoñecemento legal dos diferentes camiños históricos xacobeos.
  - b) Elaboración dos Plans Especiais dos Camiños de Santiago en Galicia que permita a súa adecuada protección e usos.
  - c) Seguimento e apoio, ás distintas administracións públicas, na redacción de plans, programas e proxectos que incidan sobre o territorio histórico do Camiño de Santiago.
  - d) Formación e difusión de criterios para as intervencións que afecten ao territorio histórico dos Camiños de Santiago.



- e) Mellora de infraestruturas asociadas e propias dos camiños como rutas históricas de peregrinación.
- f) Recuperación e rehabilitación de diferentes tramos do camiño, coa pertinente sinalización en colaboración con outros organismos e entidades.
- g) Acondicionamento de áreas e puntos de interese patrimonial e paisaxístico asociados aos Camiños de Santiago.
- h) Posta en valor de conxuntos históricos e do seu contorno que estean vinculados aos camiños recoñecidos.

Realizaranse tamén actuacións de colaboración e cooperación, entre as que destacan as seguintes:

- a) Accións de colaboración directa e complementaria coa S.A. de Xestión do Xacobeo.
- b) Elaboración de plans de cooperación con organismos doutras comunidades autónomas, estatais e internacionais.
- c) Colaboración co Consorcio da Cidade de Santiago.
- d) Fomento da colaboración entre concellos e institucións relixiosas sobre o Camiño de Santiago.
- e) Potenciación das diferentes asociacións e institucións relacionadas co camiño.

Así mesmo, entre as actividades de promoción e difusión, pódense subliñar:

- a) Divulgación e difusión da cultura xacobeá a través de actividades como cursos, exposicións, etc.
- b) Promoción dos Camiños de Santiago, e por medio deles do patrimonio cultural galego, nos diferentes concellos galegos e nos ámbitos estatal e estranxeiro.
- c) Convocatoria de premios e subvencións relacionadas coa protección e o bo uso dos Camiños xacobeos.
- d) Publicacións e material de difusión e divulgación.
- e) Apoio aos plans patrocinados polo Consello de Europa sobre os Camiños de Santiago, para un mellor coñecemento e difusión do fenómeno xacobeo.
- f) Xestión de programas comunitarios de aplicación aos itinerarios históricos.

Os plans de actuación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o ano 2009 son os seguintes, varios deles como continuidade de accións xa iniciadas:

1. Plan de recuperación do patrimonio arqueolóxico.
2. Plan de recuperación do patrimonio arquitectónico, industrial e etnográfico.
3. Plan de recuperación de pinturas murais e de retablos e de órganos históricos.

4. Plan de delimitación dos Camiños de Santiago.
5. Plan de promoción e difusión dos Camiños de Santiago e dos seus elementos patrimoniais.
6. Plan de arquivos.
7. Plan de museos.

O desenvolvemento destes plans trata de apoiar a consecución dos seus fins cos seguintes obxectivos por cada unha das liñas de actuación:

1. Plan de recuperación do patrimonio arqueolóxico.

Os vestixios de natureza arqueolóxica no noso territorio amosan a importancia de Galicia ao longo da historia, e como unha sociedade avanzada, debemos realizar as actuacións necesarias para investigar sobre el e promover a súa conservación. O Plan de recuperación do patrimonio arqueolóxico pretende impulsar as accións contempladas dentro da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico: parque da arte rupestre en Campolameiro, parque da cultura castrexa en San Cibrán de Las, parque arqueolóxico do mundo galaico-romano en Lugo, parque do megalitismo da terra de Soneira-Costa da Morte, e centro de arqueoloxía subacuática en Vigo.

Deste xeito e trala súa recuperación promoverase o seu coñecemento mediante o impulso de visitas e actividades.

2. Plan de recuperación do patrimonio arquitectónico, industrial e etnográfico.

A riqueza do patrimonio eclesiástico galego, do patrimonio civil, castelos, fortalezas e outras grandes obras obrigan a realizar un especial esforzo investidor. Durante o ano 2009 as actuacións máis salientables centraranse na intervención sobre os bens patrimonio da humanidade, o patrimonio eclesiástico de acceso público, as fortificacións de calquera época, as pontes históricas e patrimonio etnográfico- antropolóxico e o industrial.

3. Plan de recuperación de pinturas murais e de retablos e de órganos históricos.

As pinturas murais e retablos constitúen un dos elementos mobles máis importantes do noso patrimonio. Este plan require un esforzo moi importante, tanto pola especialización técnica requirida para a súa recuperación e restauración como polas propias condicións climáticas de Galicia. No ano 2009 desenvolveranse de xeito complementario algunhas accións sobre órganos históricos, aínda de maior complexidade e especificidade técnica.

4. Plan de delimitación dos camiños de Santiago.

No ano 2009 continuarase con Plan de delimitación dos Camiños de Santiago xa iniciado en 2007. A

normativa reguladora, Lei 3/1996, recolle no seu título II a delimitación dos camiños. Este Plan desenvolverá a delimitación das distintas rutas xacobeas en Galicia.

5. Plan de promoción e difusión dos camiños de Santiago e dos seus elementos patrimoniais.

Os Camiños de Santiago constitúen unha das razóns do coñecemento de Galicia, tanto no resto do Estado coma no exterior. Ademais do seu valor histórico, representa un dos puntais da dinamización de Galicia dende a perspectiva do patrimonio cultural. O contido deste plan é fomentar a difusión científica e cultural dos camiños de Santiago e o seu patrimonio.

6. Plan de arquivos.

Á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural correspóndenlle as competencias en materia de arquivos. No desenvolvemento da súa Lei específica, en tramitación, establécese a obriga da coordinación do Sistema de Arquivos de Galicia e a mellora de infraestruturas e equipamentos destes centros.

7. Plan de museos.

Unha das formas máis importantes de manifestación cultural e de preservación e promoción da identidade propia dun pobo está na estrutura museística. Por este motivo, o sistema de museos debe ser establecido e coordinado dun xeito especialmente sensible e operativo, tal como se prevé no borrador da súa lei específica. Para iso, e mediante este plan, establécense as prioridades de infraestruturas e equipamentos destes centros.

## DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE

Á Dirección Xeral para o Deporte correspóndelle o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política deportiva de Galicia; a colaboración coas Administracións locais na promoción e difusión da cultura física e do deporte. O apoio e promoción das asociacións deportivas, sempre que o seu ámbito de actuación non exceda o propio da comunidade autónoma, a elaboración e execución dos plans de construción de instalacións deportivas propias.

En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, corresponderalle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade, a xestión das prestacións e programas en materias propias da dirección xeral, así como a realización de todas aquelas accións encamiñadas á mellora da actividade físico-deportiva e da infraestrutura deportiva galega e o fomento da presenza do deporte galego no ámbito estatal e internacional.

Os plans de actuación da Dirección Xeral para o Deporte no ano 2009 son os seguintes:

1. Plan de construción de novas instalacións deportivas en colaboración coas corporacións locais.

As características xeográficas e poboacionais de Galicia esixen aos poderes públicos un especial esforzo para dotar aos galegos dos medios óptimos para facilitarlles un acceso adecuado á práctica deportiva. A finalidade deste plan é dotar aos concellos galegos dos equipamentos necesarios en materia de instalacións deportivas para un desenvolvemento territorial equilibrado, en colaboración coas CC.LL.

Estrutúrase en tres ámbitos: construción de infraestruturas especializadas en deporte de alto nivel (centros de tecnificación deportiva), construción de infraestruturas deportivas de carácter xeral en colaboración cos concellos e financiamento da mellora e conservación das infraestruturas existentes en colaboración cos concellos e clubs.

2. Plan de axudas económicas ás federacións deportivas para o desenvolvemento das súas actividades.

As federacións deportivas son o instrumento a través do cal se canalizan as distintas actuacións de cada modalidade deportiva e se promove a realización do deporte. Por este motivo, dende a Dirección Xeral para o Deporte trátase de contribuír á potenciación da práctica deportiva, en especial dos deportes olímpicos, a través das federacións deportivas galegas.

3. Plan de modernización da xestión do sector deportivo.

Apoio aos clubs, asociacións e federacións deportivas para o desenvolvemento de ferramentas de xestión que permitan a profesionalización do sector e a promoción e organización de actividades e eventos deportivos.

4. Plan do fomento da práctica deportiva da poboación galega con especial incidencia nos sectores menos favorecidos.

Fomento e promoción da práctica deportiva entre a poboación en xeral, con actividades específicas dirixidas a rapaces en idade escolar e, moi especialmente, promoción da práctica deportiva entre sectores menos favorecidos e tradicionalmente menos vinculados ao mundo do deporte, tales como discapacitados físicos e psíquicos, persoas maiores ou fomento do deporte feminino.

5. Plan de desenvolvemento do deporte de alto nivel.

Impulso do desenvolvemento do deporte de alto nivel como fórmula para resaltar a identidade de Galicia, mediante diversas medidas de apoio aos deportistas de alto nivel e creación de centros de tecnificación.

6. Plan de establecemento dun programa de auditorías sobre a situación económica das federacións.

Como entidades que manexan fondos públicos, é un obxectivo prioritario da Dirección Xeral para o Deporte o establecemento dun control sobre a incidencia nos aspectos económicos das actividades

das federacións deportivas, mediante o mecanismo das auditorías, que faga que as súas actividades se rexan por criterios e obxectivos de eficacia e eficiencia.

Estes plans de actuación para o ano 2009 comprenden os seguintes obxectivos e actividades:

#### Obxectivos 2009

1. Converter a práctica deportiva nunha actividade cotián dos máis amplos sectores sociais, destinada ao logro dun alto nivel de benestar social da cidadanía galega.
2. Apoiar aos axentes deportivos na súa dedicación á promoción e desenvolvemento de actividades deportivas.
3. Axustar a legalidade deportiva á realidade e á demanda social, favorecendo a modernización da xestión das entidades e asociacións deportivas.
4. Elevar o nivel do deporte galego por medio dunha maior atención ás áreas de docencia e formación de técnicos e á de tecnificación e preparación de deportistas.
5. Consolidar a rede de infraestruturas deportivas con especial fincapé nas infraestruturas sectorizadas e de alto nivel.
6. Fomentar e fornecer o deporte implementando políticas de promoción do deporte nas escolas.
7. Apoiar aos deportistas galegos de alto nivel e en especial favorecer a súa participación en grandes eventos internacionais.
8. Impulsar a práctica deportiva libre de comportamentos violentos, dopaxe e calquera outras accións e/ou actitudes contrarias aos valores inherentes ao deporte.

#### Actividades 2009

1. Campaña de promoción deportiva nos centros escolares a través dos programas “Competición Deportiva en Idade Escolar” e “Deporte na Escola” en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
2. Programa de fomento de entidades deportivas para favorecer a súa participación en competicións deportivas e o fomento do deporte de base.
3. Cursos e seminarios sobre tecnificación e formación deportiva coa colaboración da Escola Galega de Deporte e do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.
4. Desenvolvemento do Plan de formación para os xestores das federacións e dos clubs e entidades deportivas galegas nos diversos ámbitos de actuación.
5. Desenvolvemento do programa de auditorías de xestión ás federacións deportivas galegas.
6. Desenvolvemento do programa de convenios coas federacións deportivas para favorecer a organización e estruturación do deporte galego.

7. Impulso do programa de tecnificación deportiva para desenvolver e coordinar coas distintas federacións deportivas galegas e clubs mais representativos de cada modalidade, en resposta á necesidade de posibilitar á xuventude da nosa comunidade autónoma o acceso ao deporte de medio e alto nivel, en especial a través do CGTD.
8. Consolidación da campaña de tecnificación de verán dedicada á realización dun traballo de mellora dos deportistas das diferentes federacións galegas.
9. Impulsar participación das seleccións galegas en eventos de ámbito estatal e interestatal.
10. Organización de eventos deportivos cara ao fornecemento do deporte base.
11. Consolidación da Fundación Ciclismo Galego e do equipo ciclista profesional “Karpin Galicia” como referentes da política deportiva sobre ciclismo.
12. Execución dos investimentos programados para a construción de novas infraestruturas deportivas, no marco dos convenios asinados con corporacións locais.
13. Mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados ás disciplinas deportivas de carácter náutico que contan con destacado arraigo no noso país.
14. Apoio á mellora e adecuación das instalacións deportivas patrimonio das corporacións locais.
15. Fomento da construción e mellora das instalacións das entidades deportivas, en especial as dedicadas ao fomento das prácticas deportivas de carácter oficial.
16. Plan de mellora e adecuación das infraestruturas deportivas xestionadas pola Consellería de Cultura e Deporte, dotándoas de equipamentos axeitados á práctica deportiva de alto nivel.
17. Organización da Gala do Deporte Galego para publicitar e salientar as actuacións dos clubs e deportistas galegos no ano 2009.
18. Dinamización de actividades deportivas nos concellos: Organización da Festa do Deporte.
19. Fomento e popularización dos deportes tradicionais: dotación de infraestruturas e promoción de actividades.

## 2.2 DA AXENCIA

### AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI

A Agadíc ten como obxectivos:

1. Garantir o progreso da cultura galega, e nomeadamente a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural en condicións de igualdade e respecto con identidades diferentes nun contexto globalizado.

2. Impulsar a participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, nun mercado dinámico, sustentable e plural que fomente a participación cidadá e remova os obstáculos xeográficos, físicos, educativos, sociais ou económicos que poden dificultar o acceso á cultura, especialmente dos colectivos menos favorecidos.
3. Fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega co fin de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego.
4. Potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, mellorando a calidade e diferenciación dos produtos, a axilidade no servizo prestado e a creación de valor engadido na economía dixital.
5. Estreitar a coordinación entre as administracións públicas con competencias na materia e os axentes privados, de acordo cos principios de subsidiariedade e complementariedade, para aproveitar as sinerxías, incrementar a posibilidade de financiamento e acadar unha maior calidade e eficiencia na acción cultural.
6. Favorecer a creación e produción artística e cultural das mulleres e a súa difusión, adoptando medidas de acción positiva destinadas a combater a discriminación directa, indirecta ou estrutural de xénero.

E en consonancia cos seus obxectivos, a Agadic exercerá as seguintes liñas de acción:

- a) Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- b) Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado, e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.

Para isto poderán establecer marcas de referencia e campañas publicitarias que reforcen o posicionamento de Galicia e dos produtos culturais galegos no mercado interior e exterior.

- a) Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do

sector, en especial na formación de persoal cualificado para a súa administración e xestión e no deseño, acceso e emprego das novas tecnoloxías.

- b) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores e autoras, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción. Tamén apoiará a colaboración entre empresas e creadores e creadoras como instrumento necesario para o impulso e asentamento do sector cultural.
- c) Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte dos axentes culturais, en especial o impulso de centros que faciliten o acceso á cultura dos cidadáns e das cidadás dos núcleos pequenos, e o estímulo da mellora e modernización tecnolóxica.
- d) Impulsar, a través do Igape, a presenza das empresas culturais nos mercados financeiros en condicións vantaxosas, con programas de préstamos públicos ou actuando como intermediaria entre os produtores culturais e as entidades financeiras privadas, en especial para poder afrontar grandes proxectos desde a iniciativa privada.
- e) Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
- f) Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social, do turismo e da investigación.
- g) Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.



---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009**

---

#### **3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **3.1.1 Da Consellería**

#### **PROGRAMA 431A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA**

##### **1. Descrición**

Os medios financeiros precisos para o correcto desenvolvemento da actividade propia desta consellería figuran neste programa. Con cargo a el financiaranse os gastos xerais de funcionamento da consellería, entre os que se atopan a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmobles: edificios e construcións; así como as campañas publicitarias destinadas a difundir as diversas actividades que se desenvolverán no eido da cultura; e a construción da Cidade da Cultura de Galicia.

##### **2. Actividades**

Comprende o financiamento dos gastos de persoal da Secretaría Xeral, arrendamentos de locais, reparacións, material de oficina, subministracións, comunicacións, transporte, seguros, tributos, actividades e indemnizacións por razón de servizos, en resumo todos os gastos necesarios para o bo desenvolvemento dos servizos.

##### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

#### **PROGRAMA 432A. BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS**

##### **1. Descrición**

É obxectivo do programa de bibliotecas a formación de persoal adecuado que poida prestar un servizo de calidade, atender a rede de bibliotecas galegas, promocionar e apoiar a difusión do libro galego, o coñecemento do libro galego no exterior e o fomento da lectura na poboación galega. Levarase a cabo, neste ámbito, unha política que conduza a desterrar a vella imaxe da biblioteca como mero depósito de libros para convertela en centros modernos, activos e dinámicos de cultura.

Tamén a través deste programa trátase de conseguir que os arquivos de Galicia sexan centros eficaces e dinámicos, custodios do patrimonio documental galego como portador da memoria histórica e como garantía dos dereitos e deberes da Administración e dos cidadáns, e polo tanto ao seu servizo. Son da súa competencia non só os arquivos públicos de calquera institución, senón tamén os privados de carácter histórico e o patrimonio documental en xeral.

No referente a museos, o obxectivo é o de acadar un maior coñecemento e mellor conservación do patrimonio moble galego para poder protexelo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega, de hoxe e de onte. O seu campo de acción é o patrimonio moble, estea ou non depositado en museos, e sempre vinculado e contextualizado no seu contorno xeográfico e no seu contexto histórico.

Funcionalmente ten asumida a xestión dos museos estatais transferidos, a creación de museos propios e a tutela de todo o patrimonio moble en xeral.

1. Mantemento das liñas prioritarias de actuación, a saber:

- a) Continuidade da política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en arquivos e museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado, etc. Debe notarse que esta é unha demanda política e social constante, sobre todo no que afecta ao valor e á función social do patrimonio documental e moble de Galicia.
- b) Investimentos nos edificios e infraestruturas dos arquivos e museos propios, concertados ou xestionados pola Xunta, sen prexuízo de potenciar a vía de colaboración que, por mandato constitucional e estatutario, lle corresponda á Administración central do Estado.
- c) Inclusión do Museo do Mar de Galicia (Vigo) na rede de museos da Xunta de Galicia, con asunción da súa titularidade e xestión.
- d) Recuperación, mediante a súa dixitalización ou traslado posterior dos arquivos monásticos galegos depositados dende o século XIX en arquivos estatais de fóra de Galicia.

**2. Actividades**

1. Execución das medidas contempladas na lei do libro e no plan do libro e da lectura.
2. Elaboración e execución dun plan de formación dos profesionais da rede: cursos de formación, organización de xornadas e congresos, dotación de bolsas de formación bibliotecaria, asistencia a xornadas profesionais, creación e participación en grupos de traballo propios ou conxuntos con outras administracións, edición dun boletín profesional...

3. Impulso á consolidación do Plan de informatización da Rede de Bibliotecas de Galicia, e soporte ao mesmo.
4. Impulso á consolidación do Plan de mellora da Rede de Bibliotecas, coa dotación de equipamentos e fondos bibliográficos.
5. Creación e posta en marcha da Biblioteca Nacional de Galicia como cabeceira do sistema bibliotecario galego.
6. Colaboración e impulso aos procesos de automatización, tratamento técnico e dixitalización dos fondos das bibliotecas de especial interese para Galicia.
7. Continuar a realización do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego, así como o impulso e consolidación da Biblioteca Dixital de Galicia.
8. Campañas de achegamento ao libro e de fomento da lectura.
9. Asistencia ás feiras nacionais e internacionais do libro.
10. Participación como cultura convidada no Salón do Cómic de Barcelona 2009.
11. Apoio ás feiras, salóns e outros modelos de promoción do libro galego en Galicia.
12. Axudas á tradución.
13. Apoio á produción do libro galego.
14. Apoio e promoción da creación literaria
15. Catalogación, dixitalización e difusión da obras dos creadores galegos.
16. Posta en valor do libro e da escrita en galego.
17. Elaboración e difusión do calendario das letras 2009
18. Continuar a realización do inventario do patrimonio documental galego como parte do patrimonio cultural.
19. Dotación en infraestruturas e equipamento dos arquivos dependentes da Consellería de Cultura e Deporte, para o cumprimento das súas funcións de conservar, organizar e servir á documentación neles depositada.
20. Apoio aos arquivos dependentes doutras institucións públicas ou privadas, en cumprimento do deber de tutela e protección que sobre o seu patrimonio ten a Administración autonómica.
21. Organización de exposicións dos fondos documentais custodiados.
22. Incremento do patrimonio documental, a través das adquisicións e fomentando as doazóns e depósitos en arquivos para a utilización e satisfacción colectivas.
23. Realización de cursos, coloquios, congresos e outras actividades semellantes encamiñadas á formación de especialistas en arquivística.

24. Creación e posta en marcha do Rexistro de Librarías de Galicia.
25. Difusión do patrimonio documental galego a través de publicacións e outros actos divulgativos.
26. Continuar a realización do inventario xeral do patrimonio moble de Galicia, considerado como instrumento básico de control e polo tanto de protección dos devanditos bens.
27. Dinamizar os museos dependentes da Xunta de Galicia como centros de investigación da cultura galega.
28. Potenciación de museos que cubran aspectos representativos da identidade de Galicia.
29. Axudas ao desenvolvemento das institucións museísticas doutras entidades públicas ou privadas para o pleno funcionamento como centros integrados na realidade cultural do seu territorio.
30. Organización de exposicións científicas de promoción e divulgación do patrimonio moble nas súas diversas manifestacións.
31. Elaboración de publicacións dos instrumentos de control e documentación dos bens mobles.
32. Cursos, coloquios, conferencias, congresos, encamiñados á formación de especialistas en patrimonio moble.
33. Difusión das actuacións da Administración no campo do patrimonio moble.
34. Incremento do patrimonio moble, a través de adquisicións e fomentando as doazóns e depósitos en museos para a utilización e satisfacción.
35. Dotación en infraestrutura e equipamento aos arquivos e museos dependentes da consellería, para o cumprimento das súas funcións de conservar, organizar e conservar o patrimonio documental e moble neles depositado, en relación co seu contorno xeográfico e o seu contexto histórico.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

## **PROGRAMA 432B. FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI**

### **1. Descrición**

Os obxectivos deste programa son os de establecer unhas grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, propiciando un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida do noso país e da súa imaxe no mundo.

Este compromiso basease en catro puntos sobre os que xirarán as actividades a desenvolver:

1. Cultura galega e en galego: Cun fortalecemento da cultura galega fronte ás tendencias uniformadoras da globalización como elemento básico de identidade, dentro dunha concepción dinámica da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e ás novas linguaxes dun mundo en constante movemento, sempre disposta ao diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais.
2. Desenvolvemento das estruturas, dos equipamentos e dos recursos necesarios para facer posible o circuío da cultura: Cun cambio de prioridades empezando polos proxectos pequenos que encamiñarían os grandes proxectos como a Cidade da Cultura, a creación dunha rede nacional de infraestruturas culturais, dando prioridade á formación, á produción e á creación dentro dunha nova programación con orde e detalle, dándolle sentido práctico e de funcionalidade a todos os sectores que interveñen na cultura, en base á coordinación e á colaboración, cun fortalecemento do mercado e o desenvolvemento das industrias culturais.
3. Recuperación de espazos públicos como as rúas, as prazas, os recintos históricos, como ámbitos capaces de albergar e xerar cultura.
4. Promoción da consideración da cultura galega como marca de calidade do país, que sexa a carta de presentación de Galicia fóra das nosas fronteiras.
5. O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas. Nel poténcianse novos proxectos dentro das actividades dos Circuitos Culturais en cooperación cos concellos de Galicia. Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

## **2. Actividades**

1. Axudas ás corporacións locais para a realización de actividades culturais.
2. Axudas ás asociacións, federacións, fundacións e institucións culturais para a realización de actividades no eido da cultura.
3. Axudas á Real Academia Galega.
4. Obras e reparacións nas casas de cultura e noutros equipamentos culturais.
5. Realización de circuitos culturais.
6. Programa da Memoria.
7. Programación de congresos, xornadas de estudio e encontros culturais.
8. Promoción da cultura galega no exterior.

9. Programación de intercambio e cursos culturais.
10. Difusión e publicacións culturais.
11. Adquisición de novidades editoriais.
12. Celebración das datas sinaladas no calendario do libro e da lectura e particularmente do Día das Letras Galegas.
13. Intercambios culturais co exterior.
14. Cursos de formación de axentes e xestores culturais.
15. Promoción das artes plásticas.
16. Elaboración de guías culturais.
17. Apoio á creación, produción e distribución dos produtos culturais.
18. Creación de canles de comunicación arredor da cultura.
19. Construción de equipamento e infraestruturas relacionadas cos distintos ámbitos da cultura.
20. Organización de exposicións cunha marcada tendencia de posta en valor dos nosos creadores.
21. Conservación e estudo das coleccións do CGAC.
22. Difusión, tanto en Galicia como fóra, do patrimonio cultural do CGAC.
23. Creación dun fondo bibliográfico especializado en arte contemporánea no CGAC.
24. Creación da súa propia colección de arte no CGAC.
25. Programación de exposicións temporais que dean conta da actualidade e poñan en relación a produción do contexto local co internacional.
26. Realización do programa dos Circuitos Culturais e outros programas de cooperación cos concellos de Galicia en diversas áreas:
  - a) Teatro profesional e afeccionado.
  - b) Música antiga, clásica e contemporánea.
  - c) Música folk, jazz, pop...
  - d) Danza.
  - e) Bandas de música tradicionais.
  - f) Corais.
  - g) Grupos de gaitas.
  - h) Actividades artísticas, conferencias, encontros...
27. Promoción á edición discográfica e ás industrias relacionadas coa música.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

## **PROGRAMA 432C. FOMENTO DO AUDIOVISUAL**

### **1. Descrición**

A potenciación do sector audiovisual constitúe unha das liñas básicas do programa de actuacións da Consellería de Cultura e Deporte. Aténdese con el o apoio a través de liñas de subvencións a un sector de grande valor estratéxico e con un potencial de crecemento moi importante.

### **2. Actividades**

No ano 2009, proseguirase coa consolidación da Axencia Audiovisual Galega como órgano de xestión das políticas da Consellería de Cultura e Deporte en fomento da produción audiovisual, en tanto non se definan outros modelos de xestión das industrias culturais. Esta consolidación das políticas públicas de fomento das industrias audiovisuais galegas, consideradas un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía, farase a través das seguintes liñas:

1. Convocatoria de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega.
2. Convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega.
3. Convocatoria de subvencións para o desenvolvemento e produción de proxectos interactivos.
4. Convocatoria de subvencións á escrita individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega.
5. Convocatoria de subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega.
6. Convocatoria de subvencións para a creación e desenvolvemento da estrutura empresarial e industrial do sector audiovisual, coa concesión de axudas automáticas para entidades do sector.
7. Difusión e posta en valor dos produtos audiovisuais resultantes da convocatoria do 2007.
8. Desenvolvemento de actividades de promoción e difusión do audiovisual galego, especialmente no ámbito da produción independente e alternativa (cines dixitais, etc), buscando o achegamento do audiovisual galego a universidades, centros educativos, centros de atención social e, en xeral, pobos e vilas galegos (Programa Cinema dixitais, entre outros).
9. Apoio ás actividades de formación do sector audiovisual.
10. Potenciación do tecido asociativo audiovisual, afianzando as estruturas do propio sector.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

## PROGRAMA 433A. PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

### 1. Descrición

Este programa ocúpase do apoio e difusión do patrimonio histórico galego en todas as súas manifestacións tanto en Galicia como no exterior.

Tamén a través deste programa a consellería persegue a conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia, atendendo aos obxectivos básicos:

1. Restauración de bens de interese cultural (BIC) significativos, subvencións a concellos e outros organismos públicos para a protección e atención ao patrimonio histórico situado na súa demarcación.
2. Restauración e posta en valor e uso social e cultural do patrimonio eclesiástico.
3. Continuación do plan de estudo e difusión do abundante e diverso patrimonio arqueolóxico e etnográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Implantación e espallamento da Rede do Patrimonio Arqueolóxico de Galicia.
5. Atención ás necesidades relacionadas cos Camiños de Santiago en Galicia, moi especialmente as referidas á conservación e protección do patrimonio cultural asociado a eles, pero tamén en canto a súa promoción e difusión.
6. Mantemento das liñas prioritarias de actuación, a saber:
  - a) Continuidade e potenciación das liñas de actuación no Patrimonio Arqueolóxico, Arquitectónico (civil e eclesiástico), Etnográfico, Industrial e Enxeñeril, isto é:
  - b) Desenvolvemento da Rede galega de Patrimonio Arqueolóxico, con extensión a todo o país conforme aos principios de reequilibrio territorial e de desenvolvemento sostible que se citan máis abaixo e que son de ineludible aplicación a todos os programas desta dirección xeral.

Esta RGPA ten que compatibilizarse con outras intervencións de carácter urxente e con todos os informes de impacto e de avaliación ambiental previos a calquera obra pública ou privada tanto en áreas urbanas como rurais (autovías e estradas, vías férreas, concentración parcelaria... etc), así como nos planeamentos territoriais.
  - c) Potenciación das intervencións necesarias nos Bens declarados de Interese Cultural, así como nos Camiños de Santiago, castelos e fortalezas, catedrais, mosteiros e conventos, retablos e pinturas murais, pontes históricas, conxuntos etnográficos e industriais, etc.



7. Continuación das liñas de actuación que veñen marcadas por compromisos en materia de Patrimonio Cultural, algúns de carácter xeral e outros para a execución de programas estatais concedidos, tales como:
  - a) Axudas para colaborar no custe da execución de escavacións arqueolóxicas ordenadas maiormente en conxuntos históricos, aspecto este que vén dado pola existencia de sentenzas ditadas en contra da Administración e para dar cumprimento ao establecido no art. 63.2 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia de 1995.
  - b) Axudas para a conservación, restauración e rehabilitación de elementos de carácter etnográfico de propiedade non pública, como hórreos, muíños, cruceiros e petos de ánimas, fontes e lavadoiros, pombais e elementos similares, por seren unha parte importante do acervo patrimonial galego.

## **2. Actividades**

1. Investigación arqueolóxica e etnográfica mediante axudas e subvencións a institucións públicas e privadas co único obxectivo de conservar, protexer e recuperar o noso patrimonio cultural.
2. Intervención no patrimonio arquitectónico de Galicia.
3. Elaboración e encargo de proxectos, informes, dirección e traballos de urxencia no patrimonio de Galicia.
4. Intervencións en xacementos arqueolóxicos de interese para Galicia co fin de proceder a unha exhaustiva investigación e a recuperación destes para a posta en rendibilidade sociocultural, dentro do marco da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico.
5. Promoción e difusión do patrimonio cultural galego.
6. Convenios e axudas encamiñadas á protección, conservación e recuperación do patrimonio histórico de Galicia.
7. Convenios, axudas e subvencións a institucións públicas e privadas encamiñadas á difusión e divulgación do coñecemento do patrimonio cultural nas súas diversas manifestacións.
8. Delimitación dos camiños xacobeos, así como labores complementarias de información e difusión.
9. Conservación e valorización do patrimonio cultural dos camiños, incluído o propio camiño físico e o seu medio ambiente natural asociado.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

## PROGRAMA 441A. PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

### 1. Descrición

A actuación deste centro directivo ten como guieiro o desenvolvemento do tecido deportivo a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de infraestrutura e de actividade deportiva: a mellora e dotación de novas instalacións aos concellos e entidades de fomento do deporte, o apoio aos axentes deportivos na promoción do deporte, o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte e a xeneralización da actividade deportiva entre todos os segmentos da poboación galega.

### 2. Actividades

Os obxectivos marcados conseguiranse a través das diferentes actividades programadas:

1. Realizar os investimentos programados no marco dos convenios de cooperación sobre instalacións deportivas coas Entidades locais de Galicia.
2. As previsións orzamentarias permitirán poñer en marcha un plan de reforma, mellora e acondicionamento das instalacións deportivas, tanto de titularidade pública (concellos), como daquelas que pertencen a entidades deportivas sen ánimo de lucro (federacións deportivas, clubs, etc).
3. Campaña de apoio á actividade náutica. Mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados a estas disciplinas deportivas, que contan con destacado arraigo no noso país.
4. Axudas económicas ás federacións, clubs e asociacións deportivas galegas que pretenden colaborar no cofinanciamento dos gastos que xera o seu funcionamento e a actividade deportiva que organizan e promoven.
5. Desenvolvemento de programas deportivos en idade escolar por medio das agrupacións deportivas escolares, da Consellería de Educación e dos concellos de Galicia.
6. Cursos, reunións e seminarios sobre tecnificación e formación deportiva coa colaboración da Escola Galega de Deporte e do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, impulsando un plan de formación para os xestores das federacións deportivas galegas, nos diversos ámbitos de actuacións (xestión, contabilidade e mecenado).
7. Consolidar o programa de apoio a deportistas de alto nivel.
8. Consolidación da Fundación Ciclismo Galego e do equipo ciclista profesional “Karpin Galicia” como referentes da política deportiva sobre ciclismo.
9. Dotación de infraestruturas e promoción da práctica de deportes tradicionais.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral para o Deporte

#### **Da Axencia**

### **PROGRAMA 432B. FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIAS**

#### **1. Descrición**

O fin deste programa é o impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego.

#### **2. Actividades**

1. Impulso a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
2. Difusión da lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia.
3. Incrementar a comercialización e competitividade dos produtos culturais galegos dentro e fóra do noso país.
4. Creación de plans formativos para mellora na cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos das empresas do sector cultural.
5. Convenios con institucións públicas e privadas co fin de incentivar a actividade cultural.
6. Actividades que permitan acadar o recoñecemento social e económico dos creadores e creadoras do sector cultural.
7. Potenciar a creación, mellora e modernización tecnolóxica. de infraestruturas e equipamentos dos axentes culturais.
8. Programas de préstamos públicos a empresas culturais en colaboración co Igape.
9. Impulso á cooperación e o asociacionismo dos distintos sectores culturais.
10. Estudos e estatísticas sobre o sector cultural.

#### **3. Entidade encargada da súa execución**

Agadic

#### 4. CADROS NUMÉRICOS

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	A1	Total
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	52.123,0					52.123,0
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais		7.944,0	10.504,1			18.448,1
432B-Fomento das actividades culturais		30.363,9			14.554,6	44.918,4
432C-Fomento do audiovisual		250,0				250,0
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural		575,0	21.593,5			22.168,5
441A-Promoción da actividade deportiva				41.255,8		41.255,8
<b>Total</b>	<b>52.123,0</b>	<b>39.132,9</b>	<b>32.097,6</b>	<b>41.255,8</b>	<b>14.554,6</b>	<b>179.163,8</b>

(Miles de euros)

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	4.766,7	4.757,1	2.597,6	1.085,5	38.916,0	52.123,0
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais			786,2	14.558,9	3.103,0	18.448,1
432B-Fomento das actividades culturais	11.246,2	2.017,1	3.353,0	11.239,2	17.062,9	44.918,4
432C-Fomento do audiovisual				250,0		250,0
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	10.618,2		160,0	9.770,1	1.620,2	22.168,5
441A-Promoción da actividade deportiva	3.545,4	3.253,2	13.343,7	14.358,3	6.755,2	41.255,8
<b>Total</b>	<b>30.176,6</b>	<b>10.027,4</b>	<b>20.240,5</b>	<b>51.262,0</b>	<b>67.457,2</b>	<b>179.163,8</b>

(Miles de euros)

##### Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.644,7	4.766,7	2,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.803,1	4.757,1	-1,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.597,6	2.597,6	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.185,5	1.085,5	-8,4
Cap. VII - Transferencias de capital	45.716,0	38.916,0	-14,9
<b>Total</b>	<b>58.946,9</b>	<b>52.123,0</b>	<b>-11,6</b>

(Miles de Euros)

02 D. X. DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.131,7	8.907,4	9,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	524,9	524,9	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.910,9	2.710,9	-6,9
Cap. VI - Investimentos reais	14.501,7	15.993,8	10,3
Cap. VII - Transferencias de capital	16.433,2	10.995,9	-33,1
<b>Total</b>	<b>42.502,3</b>	<b>39.132,9</b>	<b>-7,9</b>

(Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	9.889,0	10.618,2	7,4
Cap. IV - Transferencias correntes	670,0	570,0	-14,9
Cap. VI - Investimentos reais	16.372,2	16.739,2	2,2
Cap. VII - Transferencias de capital	5.351,0	4.170,2	-22,1
<b>Total</b>	<b>32.282,2</b>	<b>32.097,6</b>	<b>-0,6</b>

(Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.442,6	3.545,4	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.353,2	3.253,2	-3,0
Cap. IV - Transferencias correntes	13.743,7	13.343,7	-2,9
Cap. VI - Investimentos reais	16.455,0	14.358,3	-12,7
Cap. VII - Transferencias de capital	4.949,4	6.755,2	36,5
<b>Total</b>	<b>41.943,9</b>	<b>41.255,8</b>	<b>-1,6</b>

(Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.242,6	2.338,7	4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.614,1	1.492,3	-7,6
Cap. IV - Transferencias correntes	913,3	1.018,3	11,5
Cap. VI - Investimentos reais	3.245,3	3.085,3	-4,9
Cap. VII - Transferencias de capital	1.360,0	6.620,0	386,8
<b>Total</b>	<b>9.375,3</b>	<b>14.554,6</b>	<b>n.a</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	58.946,9	52.123,0	-11,6
02 D. X. DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	42.502,3	39.132,9	-7,9
03 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	32.282,2	32.097,6	-0,6
04 DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE	41.943,9	41.255,8	-1,6
A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI	9.375,3	14.554,6	n.a
<b>Total</b>	<b>185.050,5</b>	<b>179.163,8</b>	<b>-3,2</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e Organismo autónomo

	Consellería		OO.AA./Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	26.107,9	27.837,8	2.242,6	2.338,7	0,0	0,0	28.350,5	30.176,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	8.681,2	8.535,2	1.614,1	1.492,3	0,0	0,0	10.295,3	10.027,4
Cap. IV - Transferencias correntes	24.271,5	23.571,5	913,3	1.018,3	4.349,3	4.349,3	20.835,5	20.240,5
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>59.060,6</i>	<i>59.944,5</i>	<i>4.770,0</i>	<i>4.849,3</i>	<i>4.349,3</i>	<i>4.349,3</i>	<i>59.481,3</i>	<i>60.444,5</i>
Cap. VI - Investimentos reais	48.514,4	48.176,8	3.245,3	3.085,3	0,0	0,0	51.759,7	51.262,0
Cap. VII - Transferencias de capital	77.054,9	70.542,5	1.360,0	6.620,0	4.605,3	9.705,3	73.809,6	67.457,2
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>125.569,3</i>	<i>118.719,3</i>	<i>4.605,3</i>	<i>9.705,3</i>	<i>4.605,3</i>	<i>9.705,3</i>	<i>125.569,3</i>	<i>118.719,3</i>
<b>Total</b>	<b>184.629,8</b>	<b>178.663,8</b>	<b>9.375,3</b>	<b>14.554,6</b>	<b>8.954,6</b>	<b>14.054,6</b>	<b>185.050,5</b>	<b>179.163,8</b>

(Miles de euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	9	9
<i>Persoal funcionario</i>	455	464
Subgrupo A1	188	152
Subgrupo A2	81	124
Subgrupo C1	75	77
Subgrupo C2	76	76
Grupo E e agrupacións profesionais	35	35
<i>Persoal laboral</i>	346	391
Grupo I	21	48
Grupo II	28	28
Grupo III	21	21
Grupo IV	110	124
Grupo V	165	169
Grupo VIII	1	1
<i>Outro persoal</i>	28	
<b>TOTAL</b>	<b>838</b>	<b>864</b>

Axencia Galega das Industrias Culturais	2008	2009
<i>Altos cargos</i>		
<i>Persoal funcionario</i>	3	3
Subgrupo A2	1	1
Grupo E e agrupacións profesionais	2	2
<i>Persoal laboral</i>	67	67
Grupo I	5	5
Grupo II	7	7
Grupo III	22	22
Grupo IV	26	26
Grupo V	1	1
Grupo VIII	6	6
<i>Outro persoal</i>		
<b>TOTAL</b>	<b>70</b>	<b>70</b>

### Sociedades públicas

	2009		
	Explo.	Capit.	Total
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	6.524,0	55.293,0	61.817,0

(Miles de euros)

# **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

## **SECCIÓN 13**





## 1. COMPETENCIAS

---

O Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece o seguinte cadro de competencias en materia de Sanidade e actividades complementarias á mesma:

1. O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de Sanidade interior (art. 33.1).
2. En materia de Seguridade Social: O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, agás as normas que configuren no réxime económico da mesma (art. 33.2, parágrafo primeiro), así como a xestión do seu réxime económico, sen prexuízo da Caixa única (art. 33.2 parágrafo segundo).
3. A execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos (art. 33.3) e o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de establecementos farmacéuticos (art. 28.8).
4. A organización e administración, dentro do seu territorio, de tódolos servizos relacionados coas materias antes expresadas e o exercicio da tutela das Institucións, Entidades e Fundacións en materia de Sanidade e Seguridade Social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ó cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo (art. 33.4).

No marco da planificación xeral sanitaria do Estado e dentro do seu ámbito de actuación territorial, corresponde á Xunta de Galicia, como competencias transferidas, a organización, programación, dirección, resolución, control, vixilancia, tutela, así como a sanción e intervención nas actividades e servizos seguintes:

1. Control sanitario de :
  - Augas de bebidas.
  - Augas residuais.
  - Residuos sólidos.
  - Contaminación atmosférica.
  - Vivenda e urbanismo.
  - Locais e edificios de convivencia pública ou colectiva.
2. Actividades sanitarias relacionadas cos establecementos e industrias molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
3. O control da publicidade médico-sanitaria á que se refire o R.D 2827/1977, do 20 de xullo, e disposicións complementarias ós órganos da Administración do Estado.

4. O estudo, vixilancia e análise epidemiolóxica dos procesos que inciden positiva ou negativamente na saúde humana.
5. Os programas sanitarios tendentes á protección e promoción da saúde, tales como os da hixiene maternal, infantil, escolar, industrial, laboral, deportiva, mental, así como as accións sanitarias permanentes en materia de enfermidades transmisibles e non transmisibles, antroponozoonose e educación sanitaria.
6. O desenvolvemento de programas de formación en materia de saúde pública en coordinación coa Administración do Estado, na forma que se establece regulamentariamente.
7. O outorgamento da autorización oportuna para a creación, construción, modificación, adaptación ou supresión de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios de calquera clase e natureza, engadindo os Balnearios e as Entidades de Seguro Libre de Asistencia Médico-Farmacéutica.

Exceptúanse as autorizacións que se refiran ós laboratorios ou establecementos de elaboración de drogas, produtos estupefacientes, psicotrópicos ou especialidades farmacéuticas semellantes e as súas materias primas e material instrumental médico, terapéutico ou correctivo.

O control sanitario de produción, almacenamento, transporte, manipulación e venda de alimentos, bebidas e produtos relacionados, directa ou indirectamente, coa alimentación humana cando estas actividades se desenvolvan en Galicia.

Como consecuencia do R.D. 1679/1990, de 28 de decembro, sobre o traspaso a Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde, asúmense tamén as seguintes competencias:

1. As funcións correspondentes ós Centros e establecementos sanitarios, asistenciais e administrativos da Seguridade Social xestionados polo Instituto Nacional da Saúde na Comunidade Autónoma.
2. As funcións encomendadas pola lexislación vixente ás Direccións Provinciais da citada Entidade Xestora da Seguridade Social, así como as funcións correspondentes o Ministerio de Sanidade e Consumo respecto a ditas Direccións Provinciais.
3. A elaboración e a execución dos plans de inversión que se aproben en materia sanitaria na Comunidade Autónoma, así como a xestión das inversións en curso.
4. A contratación, xestión, actualización e resolución dos Concertos con Entidades e Institucións Sanitarias ou Asistenciais que presten servizos na Comunidade, dentro dos límites orzamentarios.
5. A creación, transformación e ampliación, dentro dos límites orzamentarios así como a clasificación e

supresión dos centros e establecementos sanitarios en réxime ordinario ou experimental, dos Centros Asistenciais e Administrativos do INSALUD na Comunidade Autónoma, de acordo coa lexislación básica do Estado.

6. As funcións de xestión que realiza o Instituto Nacional da Saúde a traveso dos seus Servizos Centrais, no que se refire o territorio de Galicia e, entre eles, a Inspección de servizos de xestión das prestacións sanitarias da Seguridade Social.
7. A planificación de programas e medidas de asistencia sanitaria da Seguridade Social no ámbito da Comunidade, de acordo coa lexislación básica do Estado.
8. A análise e avaliación do desenvolvemento e resultados da acción sanitaria da Seguridade Social en Galicia.
9. A organización e réxime de funcionamento dos Centros e Servizos de Asistencia Sanitaria da Seguridade Social na Comunidade Autónoma, así como a definición de criterios xerais para a avaliación da eficacia e rendemento dos programas Centros ou Servizos Sanitarios na Comunidade Autónoma, todo iso de acordo coa normativa básica do Estado e a normativa reguladora do Réxime Económico da Seguridade Social.

Por outro lado, a través do R.D. 212/1996, do 9 de febreiro, transferíronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Seguridade Social en materia de asistencia sanitaria encomendada ó Instituto Social da Mariña, en concreto a asistencia sanitaria dos traballadores do mar e os seus beneficiarios, dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Non obstante continúan sendo competencias da Administración do Estado, a asistencia sanitaria dos traballadores do mar a bordo e no estranxeiro así como a información sanitaria ó traballador do mar, educación e distribución da guía sanitaria a bordo, a práctica de recoñecementos médicos previos ó embarque, inspección e control dos medios sanitarios a bordo e das condicións hixiénicas das embarcacións.

Dentro dos obxectivos do Servizo Galego de Saúde de integrar dentro da súa rede asistencial os centros sanitarios das corporacións locais, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia:

1. O Hospital Médico-Quirúrgico Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico de Conxo e a rede asistencial do mesmo, dependentes da Deputación Provincial da Coruña (Decreto 373/1992, de 17 de decembro).
2. O Hospital Provincial Santa María Nai, dependente da Deputación Provincial de Ourense (Decreto 22/1993, de 28 de xaneiro).
3. O Hospital Municipal Nicolás Peña, dependente do Concello de Vigo (Decreto 27/1994, de 4 de febreiro)
4. O Hospital Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico do Rebullón, dependentes da Deputación Provincial de

Pontevedra (Decreto 58/1996).

Debe tamén sinalarse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de medios persoais adscritos ao Hospital Militar da Coruña, en virtude do R.D. 1432/1996, de 7 de xuño, e, con efectos do 1 de xullo de 2008, o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos medios persoais adscritos ao Hospital Básico da Defensa en Ferrol, de conformidade co Real Decreto 1081/2008, de 30 de junio. Este traspaso, por outra banda, foi acompañado pola concesión demanial administrativa do Hospital Básico da Defensa en Ferrol do Servizo Galego de Saúde, por un período de 75 anos.

Tamén, a través do R.D. 1379/1997, de 29 de agosto, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos nos termos establecidos na Lei 25/1990, de 20 de decembro, do medicamento, e, en especial, os seguintes:

1. Autorización das mensaxes publicitarias para difusión limitada á Comunidade Autónoma.
2. Control da promoción dirixida a profesionais sanitarios.
3. Verificar que os laboratorios farmacéuticos realizan os controles esixidos.
4. Accións inspectoras que desencadeen suspensión ou renovación das autorizacións.
5. Programas de control de calidade dos medicamentos.
6. Información das reaccións adversas dos medicamentos.
7. Inspección en materia de ensaios clínicos.
8. Inspección de execución da lexislación de produtos farmacéuticos.
9. Potestade sancionadora en materia de produtos farmacéuticos.
10. Peche temporal de establecementos.
11. Realización de inspeccións de boas prácticas de laboratorios.

Por último polo Decreto 373/2003, de 16 de outubro, asumíronse pola Comunidade Autónoma de Galicia as funcións en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia e o desenvolvemento lexislativo e execución en materia de corporacións de dereito público representativo de intereses económicos e profesionais. Neste Decreto adscribiuse á Consellería de Sanidade a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

O Decreto 232/2005, de 11 de agosto, fixou a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de

Galicia. En canto á Consellería de Sanidade estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Conselleira
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Saúde Pública
4. Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria

Por outra banda, no citado Decreto 232/2005, estrutúrase o Servizo Galego de Saúde, adscrito organicamente á Consellería de Sanidade, nos seguintes órganos superiores:

1. Conselleira
2. Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde
3. División de Asistencia Sanitaria
4. División de Recursos Económicos
5. División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

A nova estratexia adoptada pola Consellería de Sanidade ven marcada pola conformación dun sistema sanitario que obteña resultados satisfactorios, a través dos profesionais sanitarios, para a cidadanía de Galicia, mulleres e homes, e cunha organización sanitaria eficaz, equitativa, eficiente e de calidade. Este posicionamento está impregnado duns valores que deben ser tidos en conta en todos os niveis e procesos do Sistema Sanitario Galego.

De xeito tal que, para considerar unha actuación como axustada a estes parámetros, ten que obter os resultados desexados, pero, ademais, respectando os valores ou criterios seguintes:

1. Obter resultados positivos no ámbito da saúde das galegas e dos galegos, así como nos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, na humanización da medicina, tanto en niveis obxectivos como de satisfacción percibida, evitando as desigualdades en saúde por razón de xénero.
2. Promover e potenciar o carácter público do sistema sanitario galego.
3. Actuar con eficiencia en todos os seus niveis orgánicos e asistenciais para garantir a sostenibilidade financeira do sistema.
4. Basear todos os obxectivos e resultados da organización na participación real e continua de profesionais, cidadanía e, en xeral, de toda a sociedade galega.
5. Incorporar, por primeira vez, o enfoque de xénero no orzamento de Sanidade con unha nova orientación

dos servizos sanitarios. Iniciaremos actuacións dirixidas a transformar o Sistema nunha organización sensible ás desigualdades de xénero, froito das políticas de calidade e modernización sanitaria de Galicia, recollidas nas Directrices de Planificación e Ordenación.

De acordo con elo o Decreto 45/2006, de 23 de febreiro ,modificado recentemente polo Decreto 195/2008, de 28 de agosto, estableceu a nova estrutura orgánica da Consellería de Sanidade levando a cabo as necesarias modificacións na mesma co fin de desenvolver o papel que lle corresponde como autoridade sanitaria e como órgano responsable da dirección do sistema sanitario de Galicia e fixándolle as seguintes funcións:

1. Fixar os obxectivos de mellora da saúde.
2. Garantir o dereito ás prestacións sanitarias de cobertura pública.
3. Delimitar os dispositivos e medios de titularidade pública ou adscritos ao sistema. segundo as necesidades de saúde da poboación.
4. Dirixir a rede galega de atención sanitaria e realizar as actuacións de autoridade sanitaria.
5. Desenvolver, en definitiva, un modelo organizativo que se axuste paulatina e progresivamente cara á consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos nas directrices de Política Sanitaria de Galicia acordadas polo Consello da Xunta de Galicia do vinte e sete de outubro do dous mil cinco.

Estas funcións desenvolveranse de acordo cos principios sinalados na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, un novo texto lexislativo básico que, partindo dos preceptos da Lei 14/1986, xeral de sanidade, e en herdanza directa dos seus principios e valores, plasma o compromiso de todos os poderes públicos galegos coa cidadanía de cara á protección da súa saúde, pilar básico no que se asenta o Estado do benestar. Este novo texto incorpora a concepción de saúde por enriba da formulación puramente de ordenación sanitaria que caracterizaba a Losga e configúrase como o marco legal estruturalista que dará base para a articulación dun verdadeiro código sanitario galego, no que se integrarán as futuras leis de saúde pública de Galicia, do Servizo Galego de Saúde, do empregado público da saúde do Sistema Público de Saúde de Galicia, da Escola Galega da Administración Sanitaria, do Sistema de Información de Saúde de Galicia e do Centro de Servizos Tecnolóxicos do Sistema Público de Saúde de Galicia, do Instituto Galego de Investigación Sanitaria, de ordenación farmacéutica de Galicia, de Galicia sobre drogas e das demais normas que se diten baixo os seus principios. Deste xeito, a protección da saúde pasa a ser unha política xeral que se deberá ter presente nas políticas sectoriais e orienta a acción dos gobernos cara a un dos piares fundamentais do Estado de benestar, como é a saúde e a sanidade.

A regulación dos dereitos da cidadanía constitúe un trazo da nova concepción da saúde, que se recolle

como demanda lexítima da actual sociedade galega. O novo papel que a lei lles outorga á cidadanía e aos seus dereitos tradúcese tanto no seu aspecto formal -reserva do título I para unha pormenorizada relación, estruturación e clarificación dos dereitos e os deberes cara a un completo desenvolvemento normativo posterior- coma substancial. Aparecen así reflectidos de xeito novidoso os dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente e mais os dereitos relacionados coa autonomía do ou da paciente, como son o de dispor dos tecidos e das mostras biolóxicas para acadar unha segunda opinión médica, o de rexeitar a participación en procedementos experimentais ou o dereito a que se proceda á eliminación dos tecidos e das mostras biolóxicas. Entre os dereitos relacionados coa información recóllese o dereito á utilización de novas tecnoloxías da información e a comunicación. Significativa é a formulación do dereito á integridade da persoa, así como os relacionados cos avances en xenética. Especial mención merece o dereito ao voluntariado, sen esquecer a gran transcendencia que supón o recoñecemento do dereito das mulleres a dispoñer de programas específicos durante os seus períodos vitais. Ademais, incorpórase a esta lei xeral o dereito a non recibir información.

Nesta nova Lei de saúde levase a cabo a plasmación dos novos principios reitores da sanidade galega, como son:

1. A integración funcional de todos os recursos sanitarios públicos -apostando por fórmulas colaborativas en lugar de fórmulas competitivas.
2. A participación e implicación dos profesionais no sistema sanitario.
3. A promoción do uso racional dos seus recursos.
4. A acreditación e avaliación continua dos servizos de saúde e sanitarios prestados na comunidade autónoma.
5. A descentralización, desconcentración e autonomía na xestión dos servizos.
6. A eficacia, efectividade e eficiencia na xestión das organizacións sanitarias.
7. A coordinación dos recursos sanitarios, sociosanitarios e de saúde laboral.

Os anteriores principios definen o novo marco do Sistema Público de Saúde de Galicia, composto polas persoas, as institucións e os recursos públicos organizados coordinadamente e de acordo coas políticas establecidas, para mellorar a saúde da poboación á que serve. A súa misión comprende as actuacións dirixidas a conseguir o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, mellorar a saúde diminuíndo a aparición de novas enfermidades, limitando a expansión das xa existentes, reducindo a mortalidade prematura e aumentando a calidade de vida da cidadanía, garantir os dereitos e deberes sanitarios recoñecidos na lexislación vixente e manter a

sustentabilidade económica e financeira do sistema.

A visión do Sistema Público de Saúde de Galicia estará dirixida a traballar a prol dun sistema sanitario que obteña resultados satisfactorios para a cidadanía de Galicia, a través dos profesionais do sistema sanitario e cunha organización sanitaria eficiente.

Corresponde salientar tamén a incorporación das grandes liñas estratéxicas da sanidade galega dentro das principais novidades da lei de saúde de Galicia, como son a potenciación do seu carácter público, a eliminación das desigualdades nos dereitos e nas garantías, a xestión eficiente para garantir a sustentabilidade do sistema, a participación e implicación dos profesionais, dos e das pacientes e do conxunto da sociedade, a transparencia na xestión, a equidade e o equilibrio territorial dos servizos.

Outras destacadas achegas da lei son a inclusión dunha parte na que se fai especial fincapé na determinación do obxectivo da diminución dos desequilibrios e das desigualdades territoriais e sociais en saúde, así como a referida ao financiamento do sistema público desde un punto de vista de eficacia, eficiencia e sustentabilidade económica e financeira deste; o concepto de calidade e o de mellora continua como principios fundamentais; a inclusión da saúde pública como prestación de acordo coa Lei 16/2003, de calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde; a regulación dos sistemas de información e a avaliación do conxunto do Sistema de Saúde de Galicia que lle corresponde á Consellería de Sanidade, e mais a regulación do voluntariado no marco do sistema público.

No epígrafe de ordenación territorial a lei de saúde de Galicia aposta claramente polas áreas de saúde como ámbito territorial de cara á prestación de servizos asistenciais, polo que se fan desaparecer os distritos sanitarios para permitir unha xestión eficaz e eficiente das devanditas áreas. A definición das áreas de saúde terá presente factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, epidemiolóxicos e de accesibilidade, así como os criterios e as directrices xerais da Xunta de Galicia sobre a ordenación e o desenvolvemento territorial de Galicia, co que se facilita a incorporación no futuro de novas figuras de articulación territorial: áreas metropolitanas, rexións funcionais, etc.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Integran o Servizo Galego de Saúde os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se lle adscriban. Por outra banda, do xeito que



reglamentariamente se determine e tras a súa liquidación, integraranse no Servizo Galego de Saúde as fundacións públicas sanitarias e as sociedades públicas sanitarias, ambas de carácter asistencial.

O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá sobre el as facultades de dirección, vixilancia e tutela e, en particular, o exercicio das potestades regulamentarias e de organización que lle atribúen a lei e as restantes disposicións que sexan aplicables.

O obxectivo do Servizo Galego de Saúde é a provisión dos servizos e das prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco básico de financiamento do Sistema Público de Saúde de Galicia, garantindo os dereitos sanitarios recoñecidos na lei.

Por outra banda, no exercicio 2009 figurarán adscritos á Consellería de Sanidade os seguintes organismos:

1. **A Fundación Centro de Transfusión de Galicia**, constituída en escritura pública outorgada o día 2 de xuño de 1993 cuxo obxecto é a organización funcional da hemoterapia e hemodoazón na Comunidade Autónoma de Galicia incluíndo, entre outras funcións a promoción da hemodoazón e plasmaférese voluntaria, a programación de tódalas extraccións do sangue extrahospitalarias por medio de equipos móbiles, o procesamento de tódalas unidades de sangue recollidas de forma extra e intrahospitalaria, o fraccionamento de sangue para a produción de hemoderivados básicos e o abastecemento de sangue e derivados a tódolos hospitais e centros sanitarios públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia con arranxo ás súas necesidades.
2. **A Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía**, constituída en escritura outorgada o día 23 de decembro de 1994 e cuxo obxecto xenérico é a prestación de servizos especializados de consultoría, planificación, avaliación e prestación de servizos oftalmolóxicos de Alta Complexidade, docencia e investigación.
3. A sociedade pública autonómica **Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.**, novo nome dado polo Decreto 209/2008, do 28 de agosto, polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A., aprobados polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, coa finalidade, esencialmente, de adaptar a denominación e o obxecto social de Medtec ás novas finalidades e necesidades públicas detectadas.

A sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia para a execución de actividades que lle sexan encomendadas por esta ou polos seus organismos e entidades de natureza pública, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, e estará obrigada a realizalas. Esta sociedade ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario; en particular, constitúen parte do seu obxecto social as seguintes actividades:

-A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito sanitario.

-A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.

4. A **Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria** constituída en escritura pública outorgada o día 29 de decembro de 1997 co obxectivo da formación e investigación nas materias de saúde pública e administración sanitaria dentro dos criterios de planificación e as directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, ofertando a realización de cursos dirixidos a formación e perfeccionamento técnico no ámbito da Saúde Pública e Administración Sanitaria.
5. A **Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061**, constituída en escritura pública outorgada o día 30 de xuño de 1999 e que ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urxencia sanitaria, ase como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario, e xestionando, para tal fin, a Central de Coordinación de Urgencias Médicas regulada na Orde do 9 outubro de 1995.
6. A **Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica**, creada polo Decreto 451/2003, de 26 de decembro co obxecto de desenvolver actividades relacionadas coa medicina molecular, entendida como o coñecemento sobre os xenes humanos, na que conflúen varias disciplinas das ciencias da saúde, xerado a partir da incorporación das distintas técnicas moleculares consecuencia dos avances nas áreas da xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xénica, a farmacoxenética ou a inmunoloxía molecular, así como o coñecemento e as aplicacións derivadas do proxecto xenoma humano.

En relación ás sociedades públicas dependentes da Consellería de Sanidade é importante subliñar que se veu levando a cabo dous procesos:

- a) O de equiparación e integración no réxime estatutario do seu persoal.
- b) O de extinción da personalidade xurídica das catro Fundacións hospitalarias e a integración destes centros no Servizo Galego de Saúde, previsto para o 1 de xaneiro de 2009.

A Lei 14/2004, de 29 de decembro, de medidas tributarias e réxime administrativo, engadiulle á Lei 7/2003, de ordenación sanitaria de Galicia, unha adicional pola que se autorizaba ao Consello da Xunta “a adoptar as medidas tendentes á progresiva integración no réxime estatutario do persoal das fundacións públicas sanitarias, constituídas pola Comunidade Autónoma, e das Sociedades Públicas Autonómicas do sector sanitario”.

O Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público por entidades adscritas á Consellería de Sanidade vén dar virtualidade á citada cláusula establecendo as bases ás cales deben suxeitar os procedementos de integración, coa finalidade de acadar a identidade de condicións de traballo dos profesionais do sistema sanitario público de Galicia. No seu desenrolo publicáronse distintas Ordes polas que se regulan estes procedementos de integración no réxime estatutario do persoal de distintas Sociedades públicas dependentes da Consellería de Sanidade.

Realizado xa o proceso de integración do persoal das Fundacións Públicas Hospitalarias, iniciouse tamén o de extinción das mesmas e a súa integración no Organismo Autónomo Servizo Galego de Saúde.

De acordo con iso, tendo en conta a normativa aplicable así como o previsto nos seus respectivos estatutos, os Padroados destas fundacións hospitalarias iniciaron este proceso adoptando os correspondentes acordos de extinción o 18 de xaneiro de 2008, no caso das Fundacións Hospitalarias da Barbanza e Virxe da Xunqueira e o 22 de xaneiro no caso das Fundacións Hospitalarias de Verín e do Salnés.

Finalmente o Decreto 183/2008, do 31 de xullo, sobre extinción de fundacións públicas hospitalarias, autoriza, nas condicións que nel se establecen, a extinción das fundacións públicas Hospital da Barbanza, Hospital Virxe da Xunqueira, Hospital de Verín e Hospital do Salnés, o que non suporá a cesación da actividade asistencial realizada nos centros sanitarios en que estaban establecidas, que continuarán a formar parte da rede do Sistema Público de Saúde de Galicia, pasando a integrarse como centros de xestión do Servizo Galego de Saúde. En consecuencia, este decreto culminará o proceso de extinción das fundacións públicas hospitalarias, coa conseguinte mellora para os profesionais e para a calidade da asistencia sanitaria, o que redundará en beneficio da maior homoxeneidade do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Debe citarse tamén a recente constitución do **Consortio Oncolóxico de Galicia**, aprobada polo Decreto 141/2008, do 19 de xuño, formado pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, representada pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, o Concello da Coruña e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional José Antonio Quiroga e Piñeyro. Concíbese como un instrumento executivo de esforzo combinado entre as entidades que o integran coa finalidade do aproveitamento eficiente de todos os recursos sanitarios en materia de oncoloxía, de xeito que se garanta aos cidadáns unha asistencia integral, de calidade e en condicións de igualdade.

O Consortio Oncolóxico de Galicia adopta a forma de entidade de dereito público de natureza institucional e de base asociativa, dotada de personalidade xurídica plena e independente da dos seus membros, con toda a capacidade xurídica e de dereito que se require para a realización das súas finalidades, que son as seguintes:

1. A educación sanitaria, a promoción da saúde e a prevención da enfermidade, en materia oncolóxica.
2. A atención especializada en réxime extrahospitalario e en réxime hospitalario, en materia oncolóxica.
3. As actividades de coñecemento nos ámbitos da sanidade e das ciencias da saúde: a docencia, a investigación, a formación, a bioética, os sistemas de información e o impulso ao desenvolvemento das tecnoloxías e dos recursos para mellorar a calidade da prestación sanitaria, en materia oncolóxica.
4. Todas as que están directa ou indirectamente relacionadas coas finalidades mencionadas anteriormente e que acorde o Consello Reitor.

---

## 2 OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCION PARA O ANO 2009

---

### 2.1 DA CONSELLERIA DE SANIDADE E DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O documento onde se establece o posicionamento estratéxico da política sanitaria en Galicia e os obxectivos da mesma para o conxunto da actual lexislatura, foi aprobado polo Consello da Xunta o 29 de outubro de 2005

Este novo modelo estratéxico do sistema sanitario galego orientarase cara o seu obxectivo principal que é obter resultados satisfactorios para a poboación. A cidadanía de Galicia é a razón de ser do noso sistema sanitario, a súa saúde e os seus dereitos son o fin último de calquera recurso, profesional ou política do servizo sanitario.

Por iso, sen esquecer a importancia dun impacto positivo nos resultados dirixidos a outros dos eixes fundamentais como son os profesionais do sistema e a propia organización sanitaria, a actividade da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde dirixirase primordialmente á obtención de resultados para á cidadanía obxectivos nos seguintes indicadores:

1. Diminución dos riscos para a saúde da poboación.
2. Diminución da prevalencia das enfermidades máis importantes.
3. Diminución continua da mortalidade prematura evitable.
4. Mellora na calidade de vida de das e os doentes.

Á hora de definir os seus obxectivos é necesario sinalar que tódalas actuacións e decisións, ase como tódolos niveis e procesos do sistema sanitario galego deben ter en conta os seguintes valores ou criterios fundamentais:

1. Os resultados desexados cara a cidadanía teñen que se obter en dous ámbitos: Na saúde das galegas e dos galegos e nos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, e na humanización da medicina, tanto en niveis obxectivos como de satisfacción percibida. E ademais, garantindo a eliminación de calquera tipo de desigualdade.
2. O sistema sanitario galego promoverá e potenciará o seu carácter público.
3. O sistema sanitario galego ten que actuar con eficiencia en custos de tódolos seus niveis orgánicos e asistenciais para garantir a sostenibilidade financeira do sistema.
4. Tódolos obxectivos e resultados da organización deberán estar baseados na participación real e continua

de profesionais, cidadáns e de toda a sociedade galega.

5. O Sistema sanitario galego incorporará a perspectiva de xénero nos procesos asistenciais.

Tendo en conta o indicado anteriormente, para obter os obxectivos desexados, dende a Consellería de Sanidade identificáronse as seguintes **liñas estratéxicas para o período 2005-2009**:

1. Garantir o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria.
2. Promover unha xestión transparente do sistema sanitario.
3. Mellorar a continuidade asistencial entre a Atención Primaria, e a Atención Especializada.
4. Motivar e apoiar aos profesionais sanitarios cara os resultados na saúde e nos dereitos da cidadanía.
5. Prestar uns servizos sanitarios de calidade.
6. Aumentar a eficiencia na xestión e na prestación dos servizos sanitarios.
7. Mellorar os sistemas de información sanitaria cara a planificación, a xestión e á prestación dos servizos sanitarios.
8. Reorientar o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios da cidadanía.

No desenvolvemento destas estratexias estanse executando e se acometerán diversas accións entre as que destacan:

1. No terreo da garantía de dereitos: O novo plantexamento da produción normativa
  - Lei de Saúde de Galicia, pedra anular dun Código Sanitario Galego de carácter estruturalista.
  - Bateria lexislativa prevista: Anteproxectos de Lei de Saúde Pública, Servizo Galego de Saúde (Lei de hospitais), Sistema de información da Saúde e Centro de información e de Soporte Tecnolóxico, Escola Galega de Saúde Pública e Administración Sanitaria, Instituto Galego de Investigación Sanitaria, Drogodependencias e outros trastornos aditivos, Ordenación Farmacéutica.
  - Desenvolvemento regulamentario.
2. No terreo da transparencia:-Espazo de Saúde. A integración dos canles de comunicación e relación coa cidadanía: web, telefónica e presencial.

- Plans de comunicación interna e externa.

3. No terreo da continuidade asistencial:

a) Definición, pacto e desenvolvemento do novo modelo de Atención Primaria.

- Recursos: humanos, técnicos e tecnolóxicos.
- Incremento da capacidade de resolución.
- Desburocratización.
- Intensificación do uso das tecnoloxías da información e comunicación: historia clínica , receita electrónica, imaxe dixital.
- Establecemento de melloras organizativas e nos métodos de traballo.
- Reorganización asistencial.
- Potenciar o acceso a medios diagnósticos.

b) Profundización e asentamento das liñas de traballo que viñamos desenvolvendo.

4. Na incentivación e motivación dos profesionais.

- Plan de incentivación e mellora dos profesionais, que contén:

- Plan de estabilización do persoal do Servizo Galego de Saúde.
- Aumento da dedicación exclusiva (potenciación, loita contra situacións irregulares)
- Definición de criterios de acceso ao réxime ordinario de carreira profesional.
- Estatutarización e integración do persoal das Fundacións no Servizo Galego de Saúde.
- Conciliación vida laboral- vida persoal.
- Plan de ordenación parcial sobre reclasificación de categorías por peche de servizos e creación de novas categorías.
- Acordo sobre mellora das condicións de traballo.
- Oferta de emprego público e concurso de traslados cada dous anos.
- Acordo de mobilidade administrativa.
- Programa de prevención da violencia laboral.
- Plan xeral de prevención de Riscos Laborais.
- Concurso de traslados de veterinarios de Saúde Pública.
- Oferta de emprego para farmacéuticos inspectores de saúde pública.

- Plan de formación:

- Programa de formación especializada en ciencias da saúde.
- Programa para a xestión da información en docencia e investigación na intranet.
- Plataforma de formación a distancia: Mestre.
- Programa de calidade na formación práctica pregrado en profesións sanitarias.
- Plan de formación continuada sanitaria.
- Programa de formación continuada no uso racional do medicamento en colaboración co Ministerio de Sanidade e Consumo.
- Biblioteca Virtual do Sistema Sanitario de Galicia.
- Programa de formación práctica para a mellora da competencia profesional.

5. Calidade e melloras dos servizos sanitarios.

- Intensificación do Plan Integral de Mellora da eficiencia Hospitalaria e Redución dos tempos de espera:

- Actividade Cirúrxica.
- Consultas e probas complementarias e de xestión dos procedementos ambulatorios (consultas de Alta Resolución, asistencia ordinaria en xornada de tarde no ámbito hospitalario).

- Proceso de liquidación e integración no Servizo Galego de Saúde das Fundacións Públicas Hospitalarias.

- Integración do Hospital Naval de Ferrol na rede do Servizo Galego de Saúde.

- Melloras na xestión en Áreas Sanitarias:

- Programa de orzamentación por actividade.
- Desenvolvemento da xestión por procesos nas áreas clínicas .
- Coordinación de hospitais básicos con hospitais de referencia.
- Mellora na xestión de pacientes sen hospitalización: reorganización e optimización da rede de hospitalización a domicilio así como dos hospitais de día, con potenciación da cirurxía maior ambulatoria.

-Melloras nos sistemas de información sanitaria:

- Incorporar a variable de sexo nos sistemas de información e bases de datos do sistema, para facer visibles as mulleres e ter en conta as diferenzas nas formas de enfermarse e de



manifestarse a enfermidade.

-Consolidación de programas asistenciais:

- Saúde bucodental.
- Convenio Servizo Galego de Saúde- Colexio de ópticos e optometristas.
- Implantación do Plan de atención integral a saúde da muller para mellorar a atención sanitaria ás mulleres, en todas as etapas da vida, nas cuestións que lles afectan de forma diferenciada.
  - Consulta Preconcepcional en Atención Primaria.
  - Atención ao embarazo sen risco dende Atención Primaria.
  - Cribado oportunista do cancro de cervix con tomas citolóxicas por persoal adestrado de Atención Primaria.
  - Creación de Unidades de Atención ao Parto natural nos hospitais públicos
  - Ampliación das Unidades de Reprodución Humana Asistida.
  - Creación dun Laboratorio de referencia en Galicia para o Diagnóstico Xenético Preimplantacional.

-Ampliación da cobertura da atención farmacéutica á cidadanía galega coa autorización e adxudicación de novas oficinas de farmacia en Galicia.

-Consolidación de programas de saúde pública:

- Seguridade alimentaria e sanidade ambiental.
- Laboratorio para a caracterización de cepas patóxicas.
- Mellora no diagnóstico precoz de enfermidades mediante programas de cribado: cancro de mama, metabolopatías e xordeira.

-Mellora na vixilancia e control sobre enfermidades transmisibles e non transmisibles: Rexistro galego de tumores (REGAT), vixilancia e control de abrochos, enquisa alimentaria e mellora nos programas de vacinación infantil e das coberturas das diferentes vacinacións coa inclusión da vacina contra o Virus do Papiloma Humano (VPH) en nenas antes do inicio das relacións sexuais, de acordo cos criterios do Consello Interterritorial de Sistema Nacional de Saúde.

-Mellorar e potenciar as actuacións preventivas e de incorporación social en drogodependencias e mellorar a calidade das intervencións nos ámbitos da asistencia e da formación-investigación na rede galega de drogodependencias.

-Desenvolvemento de plans de reequilibrio territorial do Sistema Sanitario Galego, para a reordenación de recursos nas áreas sanitarias: Plan Pontevedra, Plan Vigo e Plan Ferrol.

-Aumento da eficiencia na xestión e na prestación dos servizos sanitarios:

- Seguimento, control e racionalización do gasto.
- Medidas de mellora no goberno e na xestión dos centros sanitarios.
- Sistema de compras integrais.
- Xestión da Calidade.
- Melloras na loxística.
- Melloras nos catálogos de produtos e servizos.
- Melloras na calidade e seguridades de pacientes

-Plan de Infraestruturas Sanitarias 2008-2011.

-Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información Sanidade Galega, Rede de Saúde:

- Nova rede de telecomunicación.
- A Historia Clínica Electrónica:
  - Ianus.
  - Receita Electrónica.
  - Proxecto corporativo de Imaxe Dixital.
- Espazo de Saúde (web, Call Center e nova atención presencial)
- Optimización dos procesos de xestión (docentes, información analítica, etc).

-Conformación do Mapa Sanitario de Galicia.

#### 6. No eido da participación:

- Consolidación dos instrumentos de participación existentes: Consello Galego, Consello Asesor, Consello de Área de Ferrol.

- Consolidación do Acordo Básico pola Saúde en Vigo.

- Plantexamento do Acordo Básico pola Saúde en Pontevedra e Ferrol.

- Acordo básico pola Saúde en Galicia.

- Novas fórmulas de participación derivadas da Lei de Saúde de Galicia: as xuntas de goberno das

áreas sanitarias.

7. No eido das accións no exterior:

- Arxentina:

- Plan de empresa do Hospital do Centro Galego de Buenos Aires.
- OSPAÑA: Obra social dos emigrantes españois e descendentes na República Arxentina.

- Uruguai:

- Hospital Mutua de Casa Galicia.

- Venezuela:

- Fundación España- Salud.
- Posta en funcionamento dos programas asistenciais da Fundación.

Finalmente debe efectuarse unha mención á metodoloxía que permita visualizar a perspectiva de xénero nestes orzamentos.

Neste senso, é importante destacar que a abordaxe da perspectiva de xénero vense levando a cabo dentro dunha estratexia de incorporación paulatina que permitirá afianzar os avances que se vaian producindo como bases dun posterior desenvolvemento. Por iso, por parte da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde tense en conta, na selección de indicadores, a dispoñibilidade de datos nos sistemas de información que permitan a desagregación pola variable sexo e permitan, por tanto, unha análise da situación baixo dita visión. En calquera caso, dentro deste enfoque de xénero, estanse a abordar os pasos necesarios para adecuar os sistemas de información e avaliación dos distintos programas de modo que permitan dispoñer dos indicadores precisos.

---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009**

---

#### **3.1 DISTRIBUCION FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **3.1.1 Da Consellería de Sanidade**

## PROGRAMA 411A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE

### 1. Descrición

O programa de Dirección e Servizos Xerais inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenvolvan tanto no ámbito dos Servizos Centrais como as Delegacións Provinciais.

### 2. Actividades

Os obxectivos deste programa son:

1. Facer efectivos os dereitos recoñecidos ós cidadáns na lexislación sanitaria.
  - a) Determinando as necesidades sanitarias da poboación.
  - b) Priorizando as necesidades asistenciais.
  - c) Reorientando o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios da cidadanía.
  - d) Promover os mecanismos de participación e control sobre o sistema sanitario por parte da cidadanía, os profesionais e outras partes interesadas.
2. Desenvolver a inspección e control dos centros sanitarios da Comunidade Autónoma.
3. Mellorar as tecnoloxías de información sanitaria cara a planificación, a xestión e a prestación dos servizos sanitarios, a docencia e a investigación.
4. A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
5. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos da Consellería de Sanidade.
6. Avaliación de políticas públicas: Seguimento e avaliación do Plan de Saúde de Galicia
7. Acadar un nivel de definición da carteira de servizos útil para poder regular a sostibilidade do sistema
8. Ampliación da cobertura da atención farmacéutica á cidadanía galega coa autorización e adxudicación de novas oficinas de farmacia en Galicia
9. Implantación dun rexistro autonómico de instrucións previas, adscrito á Consellería de Sanidade, para dese xeito garantir a eficacia das instrucións previas manifestadas polos pacientes e formalizadas documentalente

### 3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación

## **PROGRAMA 413A. PROTECCION E PROMOCION DA SAUDE**

### 1. Descrición

O programa da Protección e Promoción da Saúde ten como obxectivo fundamental mellora-la saúde da poboación diminuindo a incidencia e a carga das enfermidades a traveso da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír respectivamente os ditos factores. Para todo isto, impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, inspeccións, vixilancia e control, sanción e elaboración de normativa de protección da saúde.

Inclúese tamén neste programa o crédito correspondente o Plano de loita contra Drogodependencias que, integra as medidas conducentes a reduci-la demanda de consumo de drogas, así como outras encamiñadas o tratamento dos problemas derivados do devandito consumo. Isto reflexaxe no desenvolvemento dos seus programas en seis ámbitos de actuación: Prevención, Asistencia, Reinserción, Formación, Investigación e coordinación.

### 2. Actividades

Inclúense:

1. As actividades correspondentes aos distintos programas destinados á promoción e protección da saúde da poboación, en concreto de:
  - Mellora da seguridade alimentaria.
  - Protección da saúde fronte a riscos ambientais.
  - Fomento de estilos de vida saudables.
  - Detección precoz de enfermidades mediante programas de cribado.
  - Vixiancia e control epidemiolóxico.
  - Avaliación e calidade.

Durante o 2009 procederáse a integrar o Sistema Xeral de Notificación Obrigatoria de Enfermidades (SXNOE), o sistema de información de vacinas, o sistema de información microbiolóxica (SIMGA) e o sistema de información de tuberculose (SITUB) co Ianus, simplificando e automatizando o funcionamento de todos eles.

Así mesmo apoiarase a implantación do Rexistro galego de tumores (REGAT).

No programa de vacinacións infantís monitorizarase de maneira especial a recente entrada no calendario da vacina contra o virus do papiloma humano.

## 2. As actividades correspondentes ao plano de loita contra a droga que pretenden:

-Mellorar e potenciar as actuacións preventivas e de incorporación social en drogodependencias, en concreto preténdese á:

-Mellora e ampliación dos servizos preventivos locais

-Mellora e ampliación dos recursos de incorporación social de drogodependentes

-Actualización e mellora de guías, manuais e carteira de servizos en materia de prevención e incorporación

- Preténdese a mellora en termos de calidade (o Plan de Galicia sobre Drogas ten o selo do modelo EFQM) de todas as actuacións neste campo.

-Mellorar a calidade das intervencións nos ámbitos da asistencia e da formación-investigación na rede galega de drogodependencias, en concreto preténdese á:

-Mellora e reforzo da rede asistencial de drogodependencias.

-Mellora do sistema de indicadores do Observatorio de Galicia sobre Drogas.

-Mellora da formación dos profesionais da rede do PGD e unificación dos procesos asistenciais das redes de alcohol e drogas.

## 3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Saúde Pública

## **PROGRAMA 414A. FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS**

### 1. Descrición

O programa de "Formación de Persoal Sanitario" ten como finalidade xenérica a actualización

permanente dos coñecementos dos profesionais integrados no sistema sanitario, elevando a calidade de persoal sanitario nos aspectos asistencial e preventivo. Así mesmo precísase axustar os coñecementos profesionais das persoas que prestarán os seus servizos no sector sanitario ás necesidades reais do sistema, a través da organización de programas e cursos de formación. Por elo formaranse especialistas nos sectores de maior interese para o sistema sanitario e potenciarase a formación científica e técnica dos profesionais sanitarios.

## 2. Actividades

Entre as actuacións deste programa están as seguintes:

1. A reciclaxe e a formación do persoal sanitario de acordo coas novas funcións tecnolóxicas e sistemas de xestión.
2. A realización de diversos cursos agrupando ao redor de tres grandes áreas temáticas: Xestión, Xestión Clínica e I + D co obxecto de amalgamar as diversas áreas de necesidade formativa.
3. Manter e desenvolver o Sistema Acreditador da Formación Continuada dos profesionais sanitarios da Comunidade Autónoma.
4. Mellorar a calidade do plan de formación do sistema sanitario público de Galicia contemplando o desenvolvemento dos aspectos formativos da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias, a acreditación de titores, as necesidades das unidades docentes, as necesidades dos residentes, e os programas específicos de calidade das unidades docentes.

## 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria

## **PROGRAMA 561C. INVESTIGACIÓN SANITARIA**

### 1. Descrición

O programa que ten como finalidade xenérica o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i en saúde do Sistema Sanitario Público cara á excelencia científica e para a mellora da saúde dos cidadáns.

### 2. Actividades

Entre as actuacións deste programa están as seguintes:

1. Aumentar a implementación do plan de investigación do sistema sanitario público galego.
2. Implantar e desenvolver un sistema integral de xestión da información en relación coa actividade de I+D+i en saúde en Galicia que permita o seguimento e avaliación con criterios homoxéneos.
3. Articular o sistema de I+D+i do Sistema Sanitario Público Galego en torno ao Instituto Galego de Investigación Sanitaria como órgano de coordinación das demais estruturas dedicadas á investigación nas áreas sanitarias. Promover a maior competitividade da I+D+i en saúde, con criterios de transparencia e desenvolvemento harmónico.
4. Establecer un sistema integral de xestión da investigación clínica (ensaios clínicos, entre outros) desenvolto no sistema sanitario que permita un seguimento en tempo real e a identificación das áreas de mellora. Potenciar a investigación clínica de calidade, sobre todo nas patoloxías máis prevalentes na nosa poboación.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria

## PROGRAMA 581A. INVESTIGACIÓN E ELABORACIÓN ESTADÍSTICA

### 1. Descrición

A finalidade do programa é a coordinación, recompilación e análise das operacións estatísticas, enquisas, sondeos ou estudos que se realicen no seo da Consellería e o Servizo Galego de Saúde. Ten por obxectivo analizar e difundir información sobre o estado de saúde da poboación galega.

### 2. Actividades

A coordinación, recompilación e análise das operacións estatísticas, enquisas, sondaxes ou estudos que se realicen no seo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Este programa de gasto está en relación cos seguintes vectores de estratexia de actuación e programas asociados das Directrices da Política Sanitaria de Galicia:

- Garantir a Calidade dos servizos sanitarios: Plan de Mellora dos Servizos de Saúde Pública.
- Mellorar os sistemas de información sanitaria cara a planificación, a xestión e a prestación dos



servizos sanitarios: Plan de mellora dos sistemas de información.

### 3. Organos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Saúde Pública

#### 3.1.2 Do Servizo Galego da Saúde

## **PROGRAMA 411A. DIRECCION E SERVIZOS XERAIS**

### 1. Descrición

O programa de Dirección e Servizos Xerais inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenvolven tanto no ámbito das Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde coma nos Servizos Centrais do Organismo.

Abarcará os servizos administrativos das Direccións Provinciais da inspección sanitaria e os Servizos de Informática.

### 2. Actividades

Os obxectivos básicos deste programa son:

1. Continuar coa execución do Plan de Sistemas e Tecnoloxías de Información e facer foco nos aspectos de consolidación das 6 liñas estratéxicas de actuación que ten previstas:
  - Historia de Saúde Electrónica
  - Accesibilidade ao Sistema Sanitario Público
  - Xestión e Análise da Información
  - Planificación, Investigación e Vixilancia Epidemiolóxica
  - Optimización dos Procesos de Xestión de Recursos
  - Infraestrutura e Servizos.
2. A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
3. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos do Servizo Galego de Saúde.

4. Autorizacións para apertura e funcionamento de Centros, Servizos e Unidades sanitarias e execución de auditorías en centros hospitalarios propios e concertados.
5. Implantar un sistema de xestión de reclamacións e suxestións para todo o Sistema Sanitario de Galicia.

### 3. Órganos encargados da súa execución

CENTROS DE XESTION	DENOMINACION
5001	Servizos Centrais.
1597	Dirección Provincial de A Coruña
2797	Dirección Provincial de Lugo
3297	Dirección Provincial de Ourense
3697	Dirección Provincial de Pontevedra.

## PROGRAMA 412A. ATENCIÓN ESPECIALIZADA

### 1. Descrición

Comprende, o Programa de "Atención Especializada", o conxunto de actividades sanitarias desenvolvidas nos Centros e polo persoal especializado do sistema sanitario, baixo o seguinte esquema:

1. Centros de Atención Especializada Ambulatoria, constituído por centros de especialidades adscritos á Atención Especializada da rede propia do Servizo Galego de Saúde.
2. Centros Hospitalarios xestionados e administrados polo Servizo Galego de saúde, baixo o modelo tradicional o con novas formas de xestión.
3. Servizos de Asistencia Especializada Concertada.
4. Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos ou de rehabilitación.

O nivel especializado da asistencia sanitaria debe xoga-lo papel que lle corresponde, cumprindo unha labor de apoio á atención primaria da saúde- coa que debe estar coordinada- e desenvolvendo aquelas funcións e actividades que non poden ser exercidas polo primeiro escalón asistencial, prestando unha asistencia de calidade coa maior eficiencia posible.

### 2. Actividades

**Debe ser unha obriga do sistema sanitario** garantir a calidade dos procesos de servizo e das

infraestruturas e equipamentos dispoñibles na prestación da asistencia sanitaria cara a obter os resultados na saúde e nos dereitos sanitarios da cidadanía.

Dentro deste obxectivo considérase necesario continuar levando a cabo unha serie de actividades, entre as que poden destacarse as seguintes:

- a) Na área de consultas:
  - Potenciación do modelo de consultas de acto único.
  - Potenciación do programa de altas en consultas externas.
  - Implantación e desenvolvemento da xestión por procesos asistenciais.
- b) Na área cirúrxica:
  - Atención preferente á xestión de pacientes de prioridade 1.
  - Potenciación do desenvolvemento da cirurxía maior ambulatoria e actualización das patoloxías susceptibles da súa aplicación.
  - Abordaxe específico das listas de espera en cirurxía bariátrica, cirurxía de columna e cirurxía plástica e reconstructiva.
  - Elaboración e aplicación de protocolos de inclusión en listas de espera baseados na evidencia plena.
- c) Na área de integración de coidados:
  - Desenvolvemento de proxectos para garantir a seguridade do paciente: identificación neonatal, infección nosocomial.
- d) Na área de recursos humanos:
  - Desenvolvemento da OPE e concurso de traslados do persoal.
  - Desenvolvemento dos criterios para o acceso definitivo á carreira profesional do persoal licenciado y diplomado sanitario.
  - Integración do persoal das Fundacións Públicas Sanitarias.
  - Plan de Estabilidade de Facultativos Sanitarios
- e) Na área de procesos asistenciais:
  - Posta en marcha dos equipos básicos de coidados paliativos, con desenvolvemento do programa formativo para profesionais e das comisións técnicas.
  - Aplicación dos criterios contemplados na estratexia en cancro do Sistema Nacional de Saúde e do Plan de Saúde de Galicia nos tumores máis prevalentes da nosa Comunidade.
  - Posta en marcha dun Rexistro Autonómico de Tumores e establecemento de centros de

referencia para patoloxía oncolóxica pouco prevalente en Galicia.

- Actualización e modificación da asignación de referencias hospitalarias na Comunidade Autónoma.
- Elaboración de Plans Funcionais na área de urxencias de cada centro, recollendo as condicións organizativas da prestación.
- Elaboración, desenvolvemento e posta en marcha dun sistema de información para a xestión de procedementos ambulatorios nos hospitais do SERGAS.
- Avaliación dun proxecto de remodelación organizativa do Servizo de Admisión e Documentación Clínica.
- Plan de Atención Integral a saúde da Muller

f) Na área de investimentos:

- Continuación co desenvolvemento cuatrienal contido na planificación da incorporación e renovación da alta tecnoloxía do Servizo Galego de Saúde.
- Continuar coa execución das actuacións de construción de novos centros hospitalarios e de reformas de ampliación a través dos plans directores en execución de acordo co Plan de Infraestruturas Sanitarias 2008-2011.

### 3. Órganos encargados da súa execución

<u>CENTROS DE XESTION</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>
5001	Servizos Centrais
Provincia: A CORUÑA	
1501	C.H.U. de A Coruña
1505	Área Sanitaria de Ferrol
1515	Hospital da Barbanza
1516	Hospital Virxe da Xunqueira
1571	C.H. Universitario de Santiago
1597	Dirección Provincial A Coruña
Provincia: LUGO	
2701	C.H. Xeral Calde
2706	Hospital da Costa
2707	Hospital de Monforte

2797	Dirección Provincial de Lugo
Provincia: OURENSE	
3201	C.H. de Ourense
3215	Hospital de Verín
3204	Hospital do Barco de Valdeorras
3297	Dirección Provincial de Ourense
Provincia: PONTEVEDRA	
3601	C.H. Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3615	Hospital do Salnés
3697	Dirección Provincial de Pontevedra

## PROGRAMA 412B. ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE

### 1. Descrición

O Programa de "Atención Primaria de Saúde" recolle as accións encamiñadas a conseguir a mellora continua do primeiro nivel de Atención Sanitaria. Así mesmo forman parte do Programa a prestación farmacéutica, e o gasto da actividade propia de Atención Primaria prestada con recursos patrimoniais alleos.

A función asistencial, núcleo básico da atención primaria, diríxese a todas as persoas, sans e enfermas, individualmente e de maneira colectiva e abarca actividades de promoción e educación para a saúde, prevención, curación e rehabilitación, polo tanto é integral, integradora, accesible, continua e permanente.

O desenvolvemento do novo modelo de atención primaria en Galicia, baseado no modelo asistencial que recolle o Decreto 200/1993, supón dotar aos centros de mellor infraestrutura física, incorporar novas prestacións e asegurar a calidade asistencial, aumentando a capacidade de resolución de problemas e incrementando o persoal tanto no número como no tempo de dedicación. Ademais incorpóranse a este nivel asistencial unidades de apoio que permiten axilizar a resposta ás necesidades de saúde da poboación.

Á atención primaria de saúde concédeselle tradicionalmente un papel primordial dentro da atención sanitaria por ser o eixe do sistema sanitario, o primeiro nivel de atención, o nivel máis accesible e a porta de entrada que facilita o acceso ordenado e racional á atención especializada.

- O seu adecuado funcionamento condiciona o funcionamento da atención especializada.

- Contribúe a mellorar o nivel de saúde da poboación ao tratar de forma integral os problemas de saúde.

- Promove, a través da educación sanitaria, a participación cidadá, o autocoidado e a autorresponsabilidade.

- Presta servizos a unha porcentaxe moi grande da poboación, ao longo de toda a vida da persoa.

- Resolve unha parte moi importante dos problemas de saúde demandados pola poboación, manexando recursos sinxelos e proporcionalmente de baixo custo.

O goberno galego asinou coas forzas sindicais e coas organizacións profesionais o “**acordo sobre o Plan de Mellora da Atención Primaria de Galicia 2007- 2011**”.

As actuacións deste acordo , van orientadas a tres suxeitos:

-Á cidadanía, para satisfacer as novas necesidades asistenciais e facilitar as decisións que afectan a súa saúde.

-Aos profesionais,respondendo as súas demandas, largo tempo esquecidas, e facilitando o seu desenvolvemento profesional.

-Á organización, mellorando a súa calidade e eficiencia na xestión.

E céntranse nuns aspectos estratéxicos “clave”:

-A calidade dos servizos que se prestan.Un obxectivo irrenunciable da Administración sanitaria, que inclúe os compoñentes científicos e técnicos, pero tamén parámetros de accesibilidade, recursos, organización e participación.

-A capacidade de resolución: Incrementando a efectividade diagnóstica e terapéutica e facilitando a formación dos profesionais, o acceso a probas e tecnoloxías e a aplicación de guías clínicas.

-A continuidade asistencial.

-Naturalmente sen esquecer a promoción da saúde e a prevención das enfermidades, siñas de identidade da Atención Primaria.

## 2. Actividades

No Plan de Mellora da Atención Primaria de Galicia 2007- 2011, as actividades a desenvolver diferéncianse en varias etapas. En concreto no exercicio 2009 están previstas diversas actuacións para continuar coa mellora e desenrolo de varias liñas:

1. Na liña de desenvolvemento dos recursos humanos:
  - a) Valoración de prazas novas segundo os criterios de reparto de recursos.
  - b) Redistribución de cotas.
  - c) Adaptación retributiva a TISS.
  - d) Incremento da porcentaxe de substitución de ausencias profesionais.
2. Na liña de mellora da capacidade resolutive:
  - a) Mellora no Equipamento dos centros: nos centros que aumenten a súa carteira de servizos, dotarase do equipamento necesario e que non dispoñan para poder facelo.
3. Na liña de xestión clínica:
  - a) Extensión da xestión por procesos na área.
  - b) Plan de Atención Integral a saúde da Muller.
  - c) Participación dos centros na súa xestión integral.
  - d) Convocatorias de axudas á investigación en Atención Primaria e enfermería, tendo en conta as liñas priorizadas na sectorial do PGIDIT 2006-2010.
  - e) Desenvolvemento de portafolio como ferramenta de formación e autoavaliación dos profesionais.
  - f) Extensión do módulo de xeración da historia clínica en primaria.
  - g) Extensión do proxecto de receita electrónica.
  - h) Extensión dos formularios de petición de probas, derivación e interconsulta.
  - i) Extensión do acceso á imaxe dixital desde primaria.
  - j) Acceso a IANUS do resto do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.
  - k) Acceso á información clínica de todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.
  - l) Extensión do modelo de central de cita previa.
  - m) Proxectos de mellora nas áreas.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Centro de Xestión

5001

Denominación

Servizos Centrais

Provincia: A CORUÑA

1501	C.H.U. de A Coruña
1505	Área Sanitaria de Ferrol
1507	XAP A Coruña
1509	XAP Santiago
1515	Hospital da Barbanza
1516	Hospital Virxe da Xunqueira
1571	C.H. de Santiago
1597	Direc. Prov. A Coruña

Provincia: LUGO

2701	C.H. Xeral Calde
2703	XAP Lugo
2706	Hospital Comarcal da Costa
2707	Hospital Comarcal de Monforte
2797	Direc. Prov. Lugo

Provincia: OURENSE

3201	C.H. de Ourense
3204	Hospital de Valdeorras
3206	XAP Ourense
3215	Hospital de Verín
3297	Direc. Prov. Ourense

Provincia: PONTEVEDRA

3601	C.H.Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3606	XAP Vigo
3612	XAP Pontevedra
3615	Hospital do Salnés
3697	Direc. Prov. Pontevedra

## PROGRAMA 414A. FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS

### 1. Descripción



O programa de "Formación de Persoal Sanitario" ten como finalidade xenérica, no Servizo Galego de Saúde, adecuar os coñecementos e perfiles profesionais das persoas que inician a prestación de servizos no sistema sanitario e en concreto:

1. A formación de especialistas que esixe o programa que desenvolvan os residentes médicos e farmacéuticos.
2. A formación pregraduada de Diplomados de Enfermería.
3. A formación continuada dos profesionais que prestan os seus servizos no sistema sanitario.

Todo iso a traveso da actualización permanente dos coñecementos dos profesionais integrados no sistema sanitario, elevando a calidade de persoal sanitario nos aspectos asistencial e preventivo. Así mesmo precísase axusta-los coñecementos profesionais das persoas que prestarán os seus servizos no sector sanitario ás necesidades reais do sistema, a traveso da organización de programas e cursos de formación. Por elo formaranse especialistas nos sectores de maior interese para o sistema sanitario e potenciarase a formación científica e técnica dos profesionais sanitarios.

## 2. Actividades

Entre as actuacións deste programa están as seguintes:

1. O reciclaxe e a formación do persoal sanitario de acordo coas novas funcións tecnolóxicas e sistemas de xestión.
2. A realización de diversos cursos agrupando o redor de tres grandes áreas temáticas: Xestión, Xestión Clínica e I + D co obxecto de amalgamar as diversas áreas de necesidade formativa.
3. Manter e desenvolver o Sistema Acreditador da Formación Continuada dos profesionais sanitarios da Comunidade Autónoma.

## 3. Órganos encargados da súa execución

<u>CENTROS DE XESTION</u>	<u>DENOMINACION</u>
5001	Servizos Centrais
Provincia: A CORUÑA	
1501	C.H.U. de A Coruña
1505	Área Sanitaria de Ferrol
1507	X.A.P. A Coruña
1509	X.A.P. Santiago

1571	C.H. Universitario de Santiago
Provincia: LUGO	
2701	C.H. Xeral - Calde
2703	X.A.P. Lugo
Provincia: OURENSE	
3201	C.H. de Ourense
3206	X.A.P. Ourense
Provincia: PONTEVEDRA	
3601	C.H.Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3606	X.A.P. Vigo

#### 4. CADROS NUMÉRICOS

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	80	Total
411A-Dirección e servizos xerais de Sanidade	23.860,4		5.000,8	60.375,1	89.236,3
412A-Atención especializada				2.111.771,0	2.111.771,0
412B-Atención primaria				1.436.746,4	1.436.746,4
413A-Protección e promoción da saúde pública	20.133,5	61.908,9			82.042,4
414A-Formación de graduados e posgraduados			166,0	46.807,0	46.973,0
581A-Elaboración e difusión estatística		125,0			125,0
<b>Total</b>	<b>43.993,8</b>	<b>62.033,9</b>	<b>5.166,8</b>	<b>3.655.699,5</b>	<b>3.766.894,1</b>

(Miles de euros)

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	IV	V	VI	VII	VIII	Total
411A-Dirección e servizos xerais de Sanidade	35.550,1	7.040,1	5.585,1		39.784,4	885,0	391,6	89.236,3
412A-Atención especializada	1.052.640,9	840.968,2	98.513,8	25.101,0	93.860,1	428,6	258,4	2.111.771,0
412B-Atención primaria	442.230,6	36.571,8	884.124,6	54.269,6	19.549,8			1.436.746,4
413A-Protección e promoción da saúde pública	29.621,3	1.066,5	14.944,1		36.085,5	325,0		82.042,4
414A-Formación de graduados e posgraduados	46.362,0	9,8	8,0		593,2			46.973,0
581A-Elaboración e difusión estatística					125,0			125,0
<b>Total</b>	<b>1.606.404,9</b>	<b>885.656,4</b>	<b>1.003.175,6</b>	<b>79.370,5</b>	<b>189.998,0</b>	<b>1.638,6</b>	<b>650,0</b>	<b>3.766.894,1</b>

(Miles de euros)

##### Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	17.290,6	17.957,2	3,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.348,7	2.132,5	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	16.340,2	16.207,6	-0,8
Cap. VI - Investimentos reais	5.570,4	7.071,5	26,9
Cap. VII - Transferencias de capital	1.530,3	625,0	-59,2
<b>Total</b>	<b>43.080,2</b>	<b>43.993,8</b>	<b>2,1</b>

(Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	27.032,6	29.621,3	9,6
Cap. IV - Transferencias correntes	347,9	1.475,6	324,2
Cap. VI - Investimentos reais	31.547,9	30.937,0	-1,9
<b>Total</b>	<b>58.928,4</b>	<b>62.033,9</b>	<b>5,3</b>

(Miles de Euros)

03 D.X. DE ASEGURAMENTO E PLANIF. SANITARIA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.799,5	2.875,8	2,7
Cap. IV - Transferencias correntes	0,0	43,0	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.981,7	1.663,0	-16,1
Cap. VII - Transferencias de capital	352,1	585,0	66,1
<b>Total</b>	<b>5.133,3</b>	<b>5.166,8</b>	<b>0,7</b>

(Miles de Euros)

80 SERGAS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.431.440,2	1.555.950,6	8,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	858.523,9	883.523,9	2,9
Cap. IV - Transferencias correntes	1.024.428,2	985.449,4	-3,8
Cap. V - Fondo de continxencia	65.115,7	79.370,5	21,9
Cap. VI - Investimentos reais	150.100,9	150.326,4	0,2
Cap. VII - Transferencias de capital	1.600,0	428,6	-73,2
Cap. VIII - Activos financeiros	650,0	650,0	0,0
<b>Total</b>	<b>3.531.858,9</b>	<b>3.655.699,5</b>	<b>3,5</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	43.080,2	43.993,8	2,1
02 DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	58.928,4	62.033,9	5,3
03 D.X. DE ASEGURAMENTO E PLANIF. SANITARIA	5.133,3	5.166,8	0,7
80 SERGAS	3.531.858,9	3.655.699,5	3,5
<b>Total</b>	<b>3.639.000,8</b>	<b>3.766.894,1</b>	<b>3,5</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA./Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	47.122,7	50.454,3	1.431.440,2	1.555.950,6			1.478.562,9	1.606.404,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.348,7	2.132,5	858.523,9	883.523,9			860.872,6	885.656,4
Cap. IV - Transferencias correntes	3.345.909,3	3.427.021,5	1.024.428,2	985.449,4	3.329.221,2	3.409.295,3	1.041.116,3	1.003.175,6
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>3.395.380,7</i>	<i>3.479.608,3</i>	<i>3.314.392,3</i>	<i>3.424.923,9</i>	<i>3.329.221,2</i>	<i>3.409.295,3</i>	<i>3.380.551,8</i>	<i>3.495.236,9</i>
Cap. V - Fondo de continxencia			65.115,7	79.370,5			65.115,7	79.370,5
Cap. VI - Investimentos reais	39.100,0	39.671,6	150.100,9	150.326,4			189.200,9	189.998,0
Cap. VII - Transferencias de capital	5.601,1	27.474,6	1.600,0	428,6	3.718,7	26.264,6	3.482,4	1.638,6
Cap. VIII - Activos financeiros			650,0	650,0			650,0	650,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>44.701,1</i>	<i>67.146,1</i>	<i>217.466,6</i>	<i>230.775,6</i>	<i>3.718,7</i>	<i>26.264,6</i>	<i>258.449,0</i>	<i>271.657,1</i>
<b>Total</b>	<b>3.440.081,9</b>	<b>3.546.754,4</b>	<b>3.531.858,9</b>	<b>3.655.699,5</b>	<b>3.332.939,9</b>	<b>3.435.559,8</b>	<b>3.639.000,8</b>	<b>3.766.894,1</b>

(Miles de Euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	8	8
<i>Persoal funcionario</i>	1.148	1.090
Subgrupo A1	784	700
Subgrupo A2	57	78
Subgrupo C1	104	109
Subgrupo C2	185	185
Grupo E e agrupacións profesionais	18	18
<i>Persoal laboral</i>	103	161
Grupo I	3	18
Grupo II	4	3
Grupo III	18	41
Grupo IV	62	83
Grupo V	16	16
<i>Outro persoal</i>	6	4
<b>TOTAL</b>	<b>1.265</b>	<b>1.263</b>

Servizo Galego de Saúde	At. primaria	At. especia.	Serv. Xerais	TOTAL
Altos cargos			4	4
P. Directivo	49	126		175
P. Facultativo	2.698	4.239		6.937
P. Sanitario non facultativo	2.807	12.186		14.993
P. non sanitario	2.136	6.148		8.284
P. Funcionario	784	590	346	1.720
P. Laboral	1	430	19	450
P. MIR	272	1.029		1.301
P. de cota	863	138		1.001
Outro persoal		55		55
<b>TOTAL</b>	<b>9.610</b>	<b>24.941</b>	<b>369</b>	<b>34.920</b>

### Sociedades públicas

	2009		
	Explo.	Capit.	TOTAL
GALARIA	39.758,0	5.283,0	45.041,0
F. PÚBLICA INST. G. DE OFTALMOLOXÍA	2.250,0	93,0	2.343,0
F. P. ESCOLA G. DE ADMÓN SANITARIA	2.812,0	166,0	2.978,0
F. P. URXENCIAS SANITA. DE GALICIA	46.626,0	1.056,0	47.682,0
F.P. CENTRO TRANSFUSIÓN GALICIA	24.913,0	544,0	25.457,0
F.P. GALEGA MEDICINA XENÓMICA	2.932,0	1.032,0	3.964,0

(Miles de euros)



**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS  
MARÍTIMOS**

SECCIÓN 14





## 1. COMPETENCIAS

---

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 500/2005, do 15 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, esta é o órgano da comunidade autónoma ao que lle corresponde desenvolver as competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organizacións e asociacións profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe, ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira con terceiros países, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias con incidencia no mundo da pesca, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Os Decretos 211/2005, do 3 de agosto, e o 232/2005, do 11 de agosto, establecen a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos seus departamentos, nos que se fixa a estrutura orgánica das distintas consellerías, quedando configurada esta cos seguintes centros directivos:

1. Conselleira
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Recursos Mariños
4. Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca
5. Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

Queda adscrito a esta consellería o ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia de pesca son os seguintes:

1. Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. Polo que á pesca se refire, traspasáronse as competencias relativas á xestión do Plan de explotación marisqueira de Galicia, así como as relativas ao outorgamento de licencias individuais ou colectivas para o exercicio da pesca marítima de recreo.
2. Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se

refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como en materia de confrarías de pescadores.

3. Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.
4. Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, polo que se amplía o traspaso de servizos e medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro.
5. Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, polo que se traspasan funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanzas náutico-deportivas e subacuático-deportivas.
6. Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, sobre traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo.
7. Real decreto 1378/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro (ensino profesional náutico-pesqueiro).
8. Real decreto 1749/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos e funcións da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polos Reais decretos 1283/1987, do 2 de outubro, e 1378/1997, do 29 de agosto, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009**

---

### **2.1 DA CONSELLERÍA**

A CPAM ten para o ano 2009, último ano da lexislatura, dous obxectivos concretos. En primeiro lugar, consolidar aquelas actuacións levadas a cabo ao longo desta lexislatura por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e en segundo lugar, dar os primeiros pasos dirixidos a sentar as bases de novas actuacións que necesariamente teñen que executarse ao longo do ano 2009.

Partindo desta idea inicial, todas as actuacións, obxectivos e proxectos contemplados nos presentes orzamentos, están claramente vencellados a dúas situacións que deben considerarse como fundamentais para levar a cabo o compromiso acadado por este goberno no ámbito da pesca e dos

profesionais que dependen, directa ou indirectamente, da actividade que regula e ordena este departamento.

As dúas situacións refírense á aprobación por parte da Unión Europea dos regulamentos de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1198/2006, do Consello do 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca (no sucesivo FEP), que definiu o marco de apoio comunitario en favor do desenvolvemento sostible do sector pesqueiro e a aprobación dunha nova lei de pesca para Galicia.

A Comisión Europea fixou para España unha asignación de 1.005.425.116 euros do FEP para o período que abrangue entre os anos 2007-2013, sobre un total de 3.849 millóns de euros que recolle o FEP. No caso galego, ao tratarse dunha das rexións obxectivo de converxencia, a nosa comunidade autónoma é a maior beneficiaria dos fondos que o Estado dispón para as rexións desa categoría, que alcanza a cifra de 840.215.806 sobre o total estatal antes citado.

Nos orzamentos do ano 2007, xa se reflectiron por primeira vez a existencia dese novo fondo europeo, pero condicionado á aprobación por parte da UE da normativa que permitirá a aplicación práctica e efectiva deses novos fondos, normativa que se traduciu na aprobación ao longo do ano 2007 de regulamentos de aplicación e dun vademecum que clarexaba aqueles gastos elixibles e non elixibles, os posibles beneficiarios destas axudas, intensidades de axuda...

Así mesmo, correspóndelle á UE a aprobación dos distintos plans estratéxicos dos distintos países nos que se definen importantes aspectos acerca do compromiso e execución das distintas partidas e fondos que teñen atribuídos, situación que se resolveu por parte da UE a finais do ano 2007.

Cumpridos eses trámites preceptivos por parte da UE, a aplicación dos fondos realizarase coa máxima eficacia e eficiencia por parte deste departamento autonómico, en aras dunha mellora substancial das condicións laborais, profesionais e de respecto ao medio ambiente por e para os profesionais do mar e das poboacións costeiras.

Xunto con esta situación, a tramitación e aprobación dunha nova lei de pesca de Galicia que se adapte ás necesidades e demandas do sector, dará un novo pulo na mellora desas condicións anteriormente citadas, pois contarase cos instrumentos legais necesarios para poder executar unha política pesqueira acorde cos tempos nos que vivimos.

A existencia destes dous instrumentos, o instrumento legal e o instrumento financeiro, permitirán que todas aquelas iniciativas, xa sexan públicas ou privadas, proxectos e políticas pesqueiras poidan levarse a bo fin, dentro dos principios xa anunciados no primeiro ano da lexislatura de atender ás persoas non como unha parte da política pesqueira senón como as protagonistas e actores principais de todas as actuacións.

Con esta filosofía, a consellería sigue mantendo tamén o principio de apostar por unha participación activa, afastada de paternalismos ou protectorados inxustificadas, de todos os axentes sociais aos que deben atender e dar resposta os orzamentos do ano 2009, con iniciativas que redunden, de conformidade coa propia liña programática dos FEP, nas poboacións costeiras e os seus habitantes.

Esta incidencia debe ir dirixida a toda a poboación costeira, xa sexan tanto os profesionais do mar como os propios veciños que desenvolven a súa vida diaria no ámbito litoral, vida que incide directamente no exercicio, en condicións de normalidade, da actividade profesional dos homes e mulleres que dependen dos recursos mariños, entendidos estes nun concepto maximalista que abranguería desde os propios recursos vivos ata o estado das nosas augas e das nosas costas, xerándose unhas sinerxías entre ámbito e actividade que permitirán que todos os cidadáns do litoral galego se beneficien das iniciativas de presente e de futuro para Galicia, xerando riqueza, innovación, desenvolvemento, ocupación e fixación de poboación en zonas costeiras.

No exercicio anterior, e en aplicación do eixo 4 do Programa Operativo do FEP, iniciouse o proceso de selección dos Grupos de acción costeira así como dos respectivos Plans Estratéxicos Zonais do litoral galego, co obxectivo de contribuír a un desenvolvemento sostible desas zonas e a un aumento da súa calidade de vida. Todo este proceso que se prevé ultimado a finais do exercicio 2008, terá a súa continuación no ano 2009 coa convocatoria de axudas a proxectos economicamente viables que se presenten ao abeiro dos diferentes Plans estratéxicos que se aproben.

Estes orzamentos seguen apostando dun xeito claro e directo por unha política iniciada ao comezo desta lexislatura que se enmarca dentro dunha aplicación práctica e efectiva dunha política de carácter social dirixida aos colectivos que traballan no sector extractivo, a aposta por unha política formativa que de resposta ás necesidades do sector e que permitan consolidar emprego e poboación no noso litoral, co apoio ao desenvolvemento destas zonas e unha política respectuosa co medio ambiente, garantindo unha explotación racional e sostible da nosa rexión, todo iso, dentro do marco dos novos fondos europeos e do novo marco legal que se plasmará coa aprobación da lei de pesca de Galicia.

Como xa se manifestaba ao longo de toda a lexislatura, este ano o volvemos a indicar, o noso litoral, as nosas costas e as nosas augas configuran un espazo físico vital para unha parte importantísima da sociedade civil galega, onde se desenvolven moitas das profesións e das actividades económicas da nosa comunidade que fan necesario que se adopten e planifiquen as actuacións dun xeito ordenado e respectuoso coas actividades que alí se realicen e así mesmo respectuoso co medio ambiente, dado que o mar, as nosas rías, as nosas costas e nosos areiros son un dos nosos patrimonios máis importantes, o que fai preciso que as actividades vencelladas ao mar garantan ese desenvolvemento sostible para as futuras xeracións.

Neste ano 2009 continuarase executando os proxectos aos que este goberno se comprometeu así como a implantación de novas accións concretas na execución dunha política de marcado carácter social e de respecto ao medio ambiente, medidas tales como as reservas mariñas, os plans de recuperación e as accións de repoboación de determinadas especies.

Si algo é necesario destacar, dentro do xa manifestado anteriormente, é que este departamento conta cun proxecto claro e definido, e ben recibido polo sector, que nos leva a seguir cos obxectivos xa marcados e coas liñas argumentais manifestadas nos orzamentos anteriores deste goberno, baixo o prisma tan reiterado, e non por iso menor, de que o sector do mar é un sector estratéxico para o benestar e o desenvolvemento da nosa comunidade.

É un sector que conta cun tremendo capital humano, que é necesario ilusionar, que teña esperanza en que traballando no mar se pode desenvolver unha profesión de futuro, que investindo nas industrias, na investigación aplicada (levada a cabo no Centro de Investigacións Mariñas e no Intecmar), na formación (este ano seguirá a executarse o traballo realizado a través do Plan Integral de formación), na integración dos distintos axentes sociais das poboacións costeiras na busca dunha mellora das condicións de vida de todas as poboacións costeiras galegas, a diversificación da actividade pesqueira,...

A xente debe seguir apostando por manter o sector da pesca coma un sector líder en Europa, é un sector dinamizador das poboacións do litoral galego, é un sector competitivo e que debe mellorar nesa competitividade. Nesa liña elabórase o orzamento desta consellería, sen perder a perspectiva de que as persoas e as súas necesidades e demandas son o fin último e primeiro das distintas partidas que se conteñen neste orzamento.

No senso exposto, as liñas de actuación desta consellería perseguirán, fundamentalmente, os seguintes obxectivos no exercicio orzamentario correspondente ao ano 2009:

1. A xestión eficaz e eficiente dos fondos comunitarios.
2. Cooperación pesqueira internacional, que permita a translación dos coñecementos e da experiencia acadada por esta consellería, a terceiros países con tradición pesqueira e presenza galega.
3. Crear e xestionar áreas mariñas protexidas de interese pesqueiro, implantando nelas sistemas de xestión sostible que promovan a participación activa e responsable do sector
4. Mellorar a operatividade e eficacia dos medios de control de prácticas ilícitas na actividade da pesca, marisqueo e acuicultura, para garantir a conservación dos recursos e a seguridade do consumidor.
5. Mellorar a operatividade e eficacia dos medios de control e loita contra a contaminación mariña accidental.
6. Establecemento de medidas que garantan o desenvolvemento da acuicultura no noso litoral en

harmonía co respecto ao medio ambiente, e garantindo a concorrencia entre os posibles beneficiarios ou interesados na instalación destas industrias.

7. Elaboración de medidas e actuacións que permitan facilitar un coñecemento real e actual dos caladoiros galegos e da actividade económica derivada da súa explotación.
8. Mellorar o coñecemento sobre a poboación ocupada nos subsectores da pesca, en función das distintas variables demográficas.
9. Mantemento do seguro de accidentes marítimos ampliando a cobertura coa asistencia aos familiares de mariñeiros desaparecidos ou falecidos.
10. Mantemento do seguro de mal tempo e das axudas para que as mariscadoras galegas poidan acadar unha pensión de xubilación, así como o seguro de produción do mexillón.
11. Establecemento de medidas que faciliten o coñecemento e consumo de produtos do mar, co fin dunha valoración axeitada dos nosos produtos e incidir e equilibrar as dietas alimenticias, fundamentalmente nas idades infantil e xuvenil dos galegos. Nomeadamente a aposta pola consolidación da marca PescadeRias.
12. Establecemento dunhas medidas de avaliación e seguimento dos investimentos aprobados de forma que se garanta a aplicación eficaz e eficiente dos fondos públicos.
13. Execución do proxecto Cidade do Mar.
14. Impartición de formación específica dirixida aos profesionais do mar, con especial incidencia na formación das mulleres e en materia de seguranza marítima e prevención de accidentes laborais así como a aplicación dunha formación marítima e pesqueira adaptada ás necesidades actuais que demanda o sector.
15. Adopción de medidas dirixidas á recuperación do medio ambiente mariño e de zonas aptas para a reprodución dos moluscos bivalvos con todas as garantías sanitarias para o consumidor, así como de medidas que asistan a aqueles profesionais que vexan reducida a súa actividade como consecuencia da clasificación dos bancos marisqueiros.
16. Adopción de medidas de repoboación que garantan a supervivencia de especies principais para os ingresos do sector pesqueiro galego.
17. A realización de actuacións costeiras artesanais e do desenvolvemento das zoas costeiras artesanais.
18. Fomento da investigación mariña aplicada.
19. Mellora das condicións de seguridade e da cultura do seguro no desenvolvemento da actividade pesqueira e marisqueira.

20. Execución do Plan Estratégico da Conserva e do Plan Estratégico do Conxelado que garanta uns investimentos dirixidos a un dimensionamento axeitado do sector.
21. Execución do Plan Director para a flota do cerco do Plan Director do Arrastre de Litoral.
22. Promoción do coñecemento do mundo do mar e da súa xente fomentando a conservación do patrimonio cultural da pesca mediante centros de interpretación, exposicións, publicacións...

As actuacións referidas concréanse, entre outras, na adopción das seguintes medidas:

1. Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios pesqueiros.
2. Aplicación e desenvolvemento da Lei de pesca de Galicia e das medidas que se contempla nese corpo normativo.
3. Creación de reservas mariñas e demais medidas de conservación dos recursos no litoral galego con participación e corresponsabilidade dos axentes do sector.
4. Apoio á implantación do consumo de recursos mariños nos centros de ensinanza galegos.
5. Avaliación dos recursos e caladoiros galegos.
6. Rexeneración e recuperación dos espazos litorais e zonas produtivas, no que participará activamente o sector a través da presentación de proxectos.
7. Continuación na execución do Plan Integral de Formación marítimo pesqueira e portuaria de Galicia elaborado no ano 2006.
8. Plan de Repoboación de especies mariñas con interese comercial e con problemas de clara diminución das súas poboacións naturais debido a sobrepesca, contaminación, etc...
9. Estudos e campañas de promoción para conquistar, e se é o caso, afianzar a denominación de orixe protexida para o mexillón.
10. Consolidación da marca PescadeRías como identificativa dos produtos da nosa pesca costeira artesanal e a posta en marcha de novas marcas de calidade.
11. Apoio a proxectos que desenvolvan os Plans estratégicos zonais.
12. Continuación seguro de mal tempo que garanta os ingresos aos profesionais do mar e do seguro colectivo do mar a todos os traballadores enrolados en buques con porto base en Galicia, e apoio ao seguro de produción do mexillón.
13. Potenciación da investigación mariña aplicada, co obxectivo de acadar unha xestión racional e eficiente dos Recursos mariños autorenovables no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

14. Asistencia dun gabinete técnico para a avaliación e seguimento das axudas concedidas, garantindo a aplicación eficiente e eficaz dos fondos públicos, que acrediten esta circunstancia.
15. Execución do proxecto das Unidades da CPAM no proxecto Cidade do Mar.
16. Manter as axudas dirixidas a facilitar o acceso das mariscadoras ás pensións de xubilación.
17. Desenvolvemento dunha política activa de cooperación pesqueira internacional que traslade a experiencia e coñecemento de Galicia a terceiros países e fortaleza as relacións institucionais existentes e crear novos vínculos.
18. Apoio as accións de divulgación, promoción e valoración da cultura das comunidades pesqueiras e as accións de diversificación da actividade como o turismo mariñeiro.

---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009**

---

#### **3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **3.1.1 Da Consellería**

#### **PROGRAMA 422K. ENSINANZAS PESQUEIRAS**

##### **1. Descrición**

A formación profesional marítimo-pesqueira debe dar resposta formativa a un sector onde se está a levar unha modernización e implantación de novas tecnoloxías. Para que os futuros profesionais adquiran as capacidades profesionais necesarias cómpre dotar aos centros e aulas de formación dos equipamentos para as novas tecnoloxías, así como completar e mellorar os xa existentes.

Con este programa perséguese o obxectivo de garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade de ensinanzas marítimo e náutico-pesqueiras nas súas diversas modalidades, dotándose de persoal que inspeccione os centros de ensinanzas náutico pesqueiras da consellería. Concretamente na modalidade de formación profesional náutico-pesqueira de adultos, e os ciclos formativos de formación profesional específica de: navegación e pesca, máquinas navais, cultivos mariños e mergullo profesional. Ademais neste programa intégranse as ensinanzas de certificacións profesionais que se impartan nos catro centros de ensinanzas.



Estas accións formativas desenvólvense nos centros de formación profesional pesqueira e de acuicultura dependentes desta consellería, ubicados en Ferrol, Ribeira, A Illa de Arousa e Vigo, dos que os custos de mantemento, dotación de equipos e acondicionamento, se imputan a este programa.

## **2. Actividades**

1. Mellora de sistemas operativos con fins didácticos.
2. Dotación de equipamentos didácticos.
3. Acondicionamento dos centros docentes.
4. Adquisición de equipos informáticos e equipamento vario para aulas e centros.
5. Accións de apoio e divulgación das actividades náuticas.
6. Adquisición de elementos de transporte para o seguimento das ensinanzas.
7. Accións complementarias á formación dentro do Plan Integral de Formación marítimo-pesqueiro de Galicia.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

# **PROGRAMA 422M. ENSEÑANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL**

## **1. Descrición**

A formación profesional marítimo-pesqueira debe estar adaptada á situación socio-laboral do momento e dar resposta ás necesidades e demandas do sector onde se está a levar unha modernización e implantación de novas tecnoloxías, polo que, os futuros profesionais deberán recibir a formación necesaria para adquirir as capacidades profesionais que o sector require. Por outra banda, débese fomentar estas ensinanzas xa que na actualidade xa existen problemas á hora de completar tripulacións.

Os fins perseguidos están directamente relacionados cos reflectidos no programa 422K, dándose, no programa 422M especial importancia ás accións innovadoras e axeitando o seu desenvolvemento ás características de finalidade e elixibilidade dos gastos de conformidade coas normas do Fondo Social Europeo para o período 2007-2013.

## 2. Actividades

1. Cursos de formación para formadores, fundamentalmente en novas tecnoloxías.
2. Campañas de divulgación das ensinanzas marítimo-pesqueiras.
3. Xornadas e outras accións conxuntas con empresas do sector.
4. Oferta modular en todos os centros.
5. Cursos de formación continua destinados fundamentalmente a mulleres das zonas costeiras.
6. Elaboración e impartición de módulos de sensibilización ambiental con destino aos profesionais do mar.
7. Cursos de formación mínima para o embarque destinado a inmigrantes, con especial incidencia no coñecemento da lingua galega, castelán e inglés.
8. Actuacións en materia de formación en seguridade e prevención de riscos laborais

## 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

## PROGRAMA 514A. INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS

### 1. Descrición

Neste programa encádranse as medidas destinada a rexenerar e a desenvolver os portos e fondeadoiros de pesca para mellorar os servizos ofrecidos e así convertelos nunha vantaxe competitiva.

### 2. Actividades

1. Investimentos en portos pesqueiros que presenten interese para os pescadores e produtores acuícolas usuarios dos mesmos.
2. Investimentos relacionados coa seguridade para a construción ou modernización de pequenos lugares de desembarque.

Os investimentos destinaranse principalmente a:

- a) Abastecemento de combustible, xeo, auga e electricidade.
- b) Xestión informatizada das actividades pesqueiras.

- c) Mellora das condicións de seguridade e traballo.
- d) Almacenamento e transformación de residuos.
- e) Fomento de boas prácticas ambientais nos portos, favorecendo e primando o emprego de enerxías alternativas e limpas no exercicio da actividade portuaria.
- f) Rexeneración e desenvolvemento dos portos pesqueiros para a mellora do seu patrimonio natural e arquitectónico.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca

## **PROGRAMA 541C. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO**

### **1. Descrición**

O litoral de Galicia conta cunha importante diversidade biolóxica á que debe sumárselle o valor estratéxico derivado do feito de albergar espazos de gran valor ecolóxico, cultural, social e económico. Esta riqueza ten como contrapartida a enorme presión que exercen sobre o litoral as diferentes actividades humanas: o urbanismo, a pesca, o turismo, o transporte, e tantas outras, á vez que son fonte de riqueza económica, social e cultural constitúen tamén unha ameaza para a conservación dos valores a protexer.

Entre os factores de risco para a estabilidade do medio mariño, e máis concretamente para a conservación dos recursos de interese pesqueiro, cobran especial importancia a contaminación das augas e as malas prácticas na actividade extractiva. Por iso resulta imprescindible contar cos suficientes mecanismos de control e prevención que garantan a detección e a reparación de posibles danos.

Por outra banda, na liña de actuación iniciada o ano anterior, trátase de fomentar a aplicación de novos mecanismos de xestión pesqueira e de facilitar a coparticipación e corresponsabilidade dos principais actores deste sector económico e profesional. Neste sentido, impulsaranse novas figuras como son as áreas de reserva, acondicionamento ou protección coas que se dotará a certas zonas de interese pesqueiro de mecanismos específicos de conservación e de xestión pesqueira compartida.

Neste orzamento se contempla a dotación necesaria para garantir o funcionamento e operatividade da tripulación con presenza permanente as 24 horas na base de Salvamento Marítimo en Vigo, a creación dunha nova base ou heliporto na Costa da Morte e a adquisición dun novo helicóptero para esa base.

Así, os principios que inspiran este programa son os seguintes:

1. Evitar os danos producidos por episodios de contaminación.
2. Prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sostibilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.
3. Establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro.

## **2. Actividades**

1. Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.
2. Mellora da operatividade e eficacia nas actividades de control de prácticas ilícitas na pesca , o marisqueo e a acuicultura.
3. Contribuír á seguridade da vida humana no mar, participando en tarefas de rescate e salvamento e mellorando os medios operativos do servizo de Gardacostas.
4. Posta en funcionamento de reservas mariñas de interese pesqueiro e outras figuras de preservación dos recursos mariños.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Recursos Mariños

# **PROGRAMA 561A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

## **1. Descrición**

A estrutura produtiva actual de Galicia caracterízase polo reducido tamaño das empresas e unha especialización sectorial na que non destacan as actividades de alta tecnoloxía. O sector pesqueiro non escapa a esta caracterización e faise necesario un cambio de cultura nos empresarios, para que pasen a considerar I+D+i como un factor estratéxico para o futuro. Coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento do noso tecido económico e produtivo no ámbito pesqueiro impulsalo e facelo competitivo é moi importante apostar polas políticas de fomento da investigación e de maneira especial pola Investigación mariña aplicada.

Na execución deste plan xogará un papel moi importante toda a comunidade científica galega, sen exclusión de ninguén, coa necesaria coordinación por parte deste departamento, na procura de optimizar o

capital humano co que conta Galicia, implicándoos no desenvolvemento das distintas accións programadas, evitando que os técnicos traballen sen coordinación e sen coñecemento das distintas iniciativas que se pretenden desenvolver. Dentro do marco destas iniciativas atópanse as actuacións dirixidas ao deseño e execución das unidades da Consellería de Pesca dentro do proxecto Cidade do Mar, na cidade de Vigo, como sede e núcleo fundamental e aglutinador das institucións e organismos científicos de todo o Estado, que favorecerán afondar nos coñecementos científico-técnicos do mundo do mar e dos seus recursos.

No desenvolvemento deste plan xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, e o Cetmar.

## **2. Actividades**

1. Desenvolvemento de proxectos e accións de investigación para a xestión racional dos recursos mariños renovables.
2. Dotación de material científico, publicacións, equipamento e demais medios necesarios para o desenvolvemento da investigación.
3. Formación de titulados superiores e técnicos superiores en temas de investigación mariña.
4. Deseño e primeiras actuacións nas unidades de pesca na “Cidade do mar”.
5. Financiamento do funcionamento, persoal, mantemento e actividades desenvolvidas polo Centro de Investigacións Mariñas.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

## **PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA**

### **1. Descrición**

Coa finalidade de dar cumprimento á normativa comunitaria recollida no Regulamento 2847/93, do 12 de outubro de 1993, que se traslada á lexislación nacional mediante o Real decreto 2064/2004, do 15 de outubro, e a súa posterior modificación mediante o Real decreto 607/2006, do 19 de maio, vense realizando a recollida periódica dos datos contidos nas notas de primeira venda dos produtos pesqueiros frescos que se venden en lonxa.

Así mesmo lévase a cabo a recollida de información correspondente ás notas de primeira venda dos produtos pesqueiros conxelados e das vendas realizadas no sector da acuicultura. A actividade de recollida de notas de primeira venda nestes dous sectores xa se comezou e as primeiras unidades xa están a transmitir datos, mais aínda queda toda a fase de expansión das ferramentas de transmisión a todos os interesados.

Por outra banda, continuarase e perfeccionarase a recollida de información relativa á vertente socioeconómica da actividade a través de enquisas de poboación activa, base fundamental para a promoción de políticas activas de fomento do relevo xeracional, políticas de igualdade, formación, etc.

## **2. Actividades**

1. Recollida de datos de produción, transporte e venda dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura.
2. Revisión e análise estatístico de Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Validación de datos e homologación de información.
4. Publicación e divulgación de resultados.
5. Enquisa de poboación ocupada.
6. Campañas de sensibilización e divulgación.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Recursos Mariños

# **PROGRAMA 721A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS**

## **1. Descrición**

Os créditos asignados a este programa cumpren fundamentalmente a función de financiar os gastos de funcionamento e do persoal dos servizos administrativos da consellería, distribuídos nos seus diferentes centros xestores, que son ademais dos servizos centrais, as delegacións territoriais en Celeiro, Vigo e A Coruña, e as delegacións comarcais en Ferrol, Ribeira, Pontevedra e Carril, así como os funcionarios desta consellería destinados nas distintas confrarías de pescadores.

Tamén se recollen no capítulo de investimentos partidas destinadas á mellora de infraestruturas nos citados centros administrativos co fin de conquistar unhas mellores condicións de traballo para o persoal ao servizo da consellería e os créditos que a consellería dedica á cooperación internacional en materia pesqueira.

Así mesmo o programa recolle os créditos destinados ao mantemento dunha liña de axudas dirixidas a todas aquelas mariscadoras que como consecuencia da imposibilidade de poder afiliarse ao réxime especial do mar, non puideron acadar o período de carencia necesaria para acceder a unha pensión de xubilación, facilitándolle a sinatura de convenios individuais especiais.

## **2. Actividades**

1. Acondicionamento e equipamento dos servizos da consellería.
2. Mantemento e modernización dos procesos de datos da consellería.
3. Formación e mantemento dun fondo de biblioteca.
4. Obras novas e de reparación nos edificios onde se atopan os servizos centrais e delegacións territoriais e comarcais.
5. Reparación e reposición dos vehículos pertencentes á flota da consellería.
6. Asistencia técnica ás confrarías de pescadores.
7. Convenios en materia de cooperación pesqueira internacional.
8. Mantemento dunha liña de axudas para as mariscadoras.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

# **PROGRAMA 722A. PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA**

## **1. Descrición**

O sector pesqueiro dá emprego directamente a máis de 34.000 persoas na comunidade autónoma. As condicións nas que se desenvolve o traballo fan desta actividade unha das máis susceptibles de riscos laborais, que contribúe, entre outros factores, a falta de atractivo entre a xente nova, dificultando o relevo xeracional e a modernización do sector.

Outro factor desfavorecedor das novas incorporacións a este sector, é a progresiva perda de ingresos dos traballadores, polo que se fai preciso adoptar medidas que favorezan a prosperidade económica e social das poboacións dependentes da pesca.

Este programa recolle actuacións dirixidas á formación do sector pesqueiro que lles permita acceder e explotar axeitadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños.

O novo marco establecido polo FEP destina un único eixo a potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados grupos de acción costeira, que permitirán a participación de todos os axentes sociais das áreas que se definan na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

Esta medida contemplada nos FEP contribuirá dun xeito fundamental a que todas as poboacións costeiras poidan contar cun plan estratéxico de desenvolvemento sustentable das zonas do litoral, plan elaborado por cada un dos grupos, nos que participarán todos os axentes sociais e económicos de cada unha das sete zonas que o plan estratéxico recolle. Trátase en definitiva, de aplicar un tratamento ascendente na xestión dos fondos europeos cunha participación directa, eficaz e eficiente dos cidadáns.

Conxuntamente con esta medida, a posta en funcionamento da Axencia de Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca dará o pulo definitivo para lograr os obxectivos de dinamización das zonas do noso litoral, promovendo a mellora socioeconómica de todas as poboacións costeiras.

Tamén se recollen créditos para o apoio aos proxectos piloto realizados por un axente económico en cooperación cun organismo científico ou técnico que estean dirixidos á adquisición e difusión de novos coñecementos técnicos.

## **2. Actividades**

1. Colaboración coa Cruz Vermella do Mar para a protección e mellora da seguridade da vida humana no mar.
2. Subscrición da "póliza colectiva de accidentes do mar".
3. Axudas para vítimas de accidentes no mar.
4. Impulso dos grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca.
5. Financiamento para cambio de motores.
6. Realización de proxectos en condicións cercanas ás reais do sector produtivo que desenvolvan novos métodos para mellorar a competitividade do mesmo.



7. Cursos de formación e reciclaxe para pescadores.
8. Actividades de especialización e formación na pesca e o litoral.
9. Programas de formación para o desenvolvemento pesqueiro.
10. Apoio ás accións de promoción social dos pescadores e das comunidades pesqueiras.
11. Accións para divulgación sobre o litoral de Galicia e a pesca.
12. Accións piloto sobre aplicación de enerxías limpas e renovables ás actividades pesqueiras e sobre a xestión de residuos xerados pola pesca.
13. Transformación dos buques que abandonen a pesca en buques para formación, a promoción socio-cultural ou o control das reservas mariñas.
14. Apoio á produción de semente en micro instalacións.
15. Campaña de seguridade para a pesca.
16. Apoio a innovación nas microempresas pesqueiras.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

## **PROGRAMA 723A. COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA**

### **1. Descrición**

Neste programa encádranse actuacións destinada á adaptación da flota galega á dispoñibilidade dos recursos coa finalidade de evitar a sobreexplotación e acadar un desenvolvemento sostible do sector.

Inclúense medidas para a recuperación da capacidade produtiva de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven mermada a súa produción. Neste marco destácase a continuación das medidas, realizadas xunto cos profesionais, dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros por mor do status sanitario das augas de produción, non son aptos para unha explotación comercial rendible.

O número total de barcos pesqueiros con porto base en Galicia ascende a 5.343, aproximadamente o 40% da flota pesqueira española. A maioría deles son de pequeno tamaño, o que implica unha grande presión sobre as augas interiores. Caracterízanse tamén pola variedade de especies capturadas e o seu alto valor económico.

As tendencias de desenvolvemento deste sector veñen marcadas polo fomento de medidas de creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca, que humanicen e confiran atractivo á actividade, así como pola necesidade de impulsar métodos respectuosos co medio e medidas que incrementen o valor de mercado das especies capturadas.

Este programa recolle tamén os créditos destinados a actuacións relacionadas coa pesca costeira artesanal, destinadas a fomentar a organización e control da trazabilidade dos produtos comercializados da pesca costeira artesanal.

Ao abeiro do FEP tamén se dará cabida á iniciativa do sector pesqueiro no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans e proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, por citar exemplos de actuacións tendentes ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

En canto á acuicultura, no ano 2009 porase en marcha o Plan Galego de Acuicultura, a través da promoción de solo público para a implantación da actividade.

## **2. Actividades**

1. Planificación territorial da acuicultura, mediante a xestión da obtención de solo público para esta actividade, en desenvolvemento do Plan Galego de Acuicultura.
2. Adecuación e mellora das condicións de zonas produtivas, especialmente para mellorar as condicións sanitarias das zonas de produción marisqueira.
3. Avaliación científica dos recursos e das pesquerías.
4. Axudas a entidades de interese colectivo, asociativas dos profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a xestión dos recursos pesqueiros.
5. Axudas para a paralización definitiva de buques pesqueiros.
6. Axudas para propietarios de buques pesqueiros afectados por plans de recuperación duns recursos específicos que impliquen unha paralización temporal da actividade.

7. Axudas destinadas a mellorar a seguridade e as condicións de traballo así como da calidade e hixiene dos produtos a bordo dos barcos pesqueiros.
8. Medidas socioeconómicas para apoiar a saída anticipada do sector pesqueiro e a reconversión profesional dos pescadores.
9. Axudas para a construción, ampliación, equipamento e modernización de establecementos de transformación e comercialización.
10. Axudas á pesca costeira artesanal.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca

## **PROGRAMA 723B. REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA**

### **1. Descrición**

Este programa ampara accións como a busca de novos mercados que permitan gañar cota ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade e determinar a orixe do produto.

Así mesmo, dentro deste programa preténdese fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros galegos para facer fronte á crecente preocupación por parte das autoridades sanitarias sobre a dieta alimenticia da sociedade actual, e con maior preocupación cando se refire ás etapas infantil e xuvenil. Preténdese levar a cabo unha acción de fomento de consumo de produtos pesqueiros galegos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros galegos.

Dentro deste programa de gasto inscríbense as accións a desenvolver no marco establecido polo FEP que destina un único eixo a potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados grupos de acción costeira, que permitirán a participación de todos os axentes sociais das áreas que se definan na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

O programa dá encaixe tamén, á posta en marcha dun seguro de mal tempo co obxectivo de incentivar o aseguramento no sector para garantir ingresos aos profesionais do mar en situacións climatolóxicas adversas.

## **2. Actividades**

1. Programa de formación dos traballadores do sector pesqueiro, na mellora da xestión e tratamento dos recursos pesqueiros.
2. Programa de formación para o tratamento dos produtos pesqueiros frescos.
3. Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos.
4. Programa de formación para o consumo e comercialización do peixe fresco.
5. Creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca.
6. Subscrición dun seguro de mal tempo para o sector e subscrición dun seguro de produción do mexillón.
7. Realización de campañas de promoción de produtos da pesca e de estudos de mercado, así como a consolidación da marca PescadeRías.
8. Certificación da calidade incluída a creación de etiquetas e a certificación de produtos capturados.
9. Campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca e a realización de estudos de mercado.

## **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca

#### 4. CADROS NUMÉRICOS

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	Total
422K-Ensinanzas pesqueiras	6.160,0			4.176,9	10.336,9
514A-Infraestruturas pesqueiras			7.861,7		7.861,7
541C-Protección e mellora do medio natural marítimo	854,4	22.079,5			22.933,9
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	2.808,5			3.900,3	6.708,9
581A-Elaboración e difusión estatística		120,0			120,0
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	25.341,5				25.341,5
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	327,1	1.315,0		6.959,5	8.601,6
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	7.127,4	25.549,0	76.919,0		109.595,4
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca	9.549,7		5.721,2		15.270,9
<b>Total</b>	<b>52.168,8</b>	<b>49.063,5</b>	<b>90.501,9</b>	<b>15.036,7</b>	<b>206.770,9</b>

(Miles de euros)

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
422K-Ensinanzas pesqueiras	6.160,0	1.411,9		250,0	2.515,0		10.336,9
514A-Infraestruturas pesqueiras					7.861,7		7.861,7
541C-Protección e mellora do medio natural marítimo	854,4	79,4	132,6		21.867,5		22.933,9
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	2.808,5	296,7		235,0	3.368,7		6.708,9
581A-Elaboración e difusión estatística					120,0		120,0
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	12.984,6	1.950,8		2.576,2	4.230,0	3.600,0	25.341,5
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	327,1			442,0	5.566,0	2.266,5	8.601,6
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	7.127,4			20,0	21.286,3	81.161,7	109.595,4
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca				556,0	5.721,2	8.993,7	15.270,9
<b>Total</b>	<b>30.262,1</b>	<b>3.738,7</b>	<b>132,6</b>	<b>4.079,2</b>	<b>72.536,4</b>	<b>96.021,9</b>	<b>206.770,9</b>

(Miles de euros)

## Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	29.080,8	30.262,1	4,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.236,5	1.950,8	-12,8
Cap. IV - Transferencias correntes	3.095,3	3.132,2	1,2
Cap. VI - Investimentos reais	6.027,0	4.230,0	-29,8
Cap. VII - Transferencias de capital	11.384,1	12.593,7	10,6
<b>Total</b>	<b>51.823,7</b>	<b>52.168,8</b>	<b>0,7</b>

(Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MARIÑOS	2008	2009	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	0,0	79,4	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	380,0	132,6	-65,1
Cap. VI - Investimentos reais	38.222,9	42.111,5	10,2
Cap. VII - Transferencias de capital	6.975,0	6.740,0	-3,4
<b>Total</b>	<b>45.577,9</b>	<b>49.063,5</b>	<b>7,6</b>

(Miles de Euros)

03 D. X. DE ESTRUCTURAS E MERCADOS DA PESCA	2008	2009	% Var.
Cap. IV - Transferencias correntes	20,0	20,0	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	18.696,6	16.060,2	-14,1
Cap. VII - Transferencias de capital	103.062,8	74.421,7	-27,8
<b>Total</b>	<b>121.779,5</b>	<b>90.501,9</b>	<b>-25,7</b>

(Miles de Euros)

04 D.X. DE INNOV. E DESENVOLV. PESQUEIRO	2008	2009	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.881,0	1.708,6	-9,2
Cap. IV - Transferencias correntes	1.134,0	927,0	-18,3
Cap. VI - Investimentos reais	10.325,4	10.134,7	-1,8
Cap. VII - Transferencias de capital	1.766,5	2.266,5	28,3
<b>Total</b>	<b>15.106,9</b>	<b>15.036,7</b>	<b>-0,5</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	51.823,7	52.168,8	0,7
02 DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS MARIÑOS	45.577,9	49.063,5	7,6
03 D. X. DE ESTRUCTURAS E MERCADOS DA PESCA	121.779,5	90.501,9	-25,7
04 D.X. DE INNOV. E DESENVOLV. PESQUEIRO	15.106,9	15.036,7	-0,5
<b>Total</b>	<b>234.288,0</b>	<b>206.770,9</b>	<b>-11,7</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA./Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	29.080,8	30.262,1					29.080,8	30.262,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.117,5	3.738,7					4.117,5	3.738,7
Cap. III - Gastos financeiros	380,0	132,6					380,0	132,6
Cap. IV - Transferencias correntes	4.249,3	4.079,2					4.249,3	4.079,2
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>37.827,7</i>	<i>38.212,6</i>					<i>37.827,7</i>	<i>38.212,6</i>
Cap. VI - Investimentos reais	73.271,9	72.536,4					73.271,9	72.536,4
Cap. VII - Transferencias de capital	123.188,4	96.021,9					123.188,4	96.021,9
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>196.460,3</i>	<i>168.558,3</i>					<i>196.460,3</i>	<i>168.558,3</i>
<b>Total</b>	<b>234.288,0</b>	<b>206.770,9</b>					<b>234.288,0</b>	<b>206.770,9</b>

(Miles de Euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	<i>8</i>	<i>8</i>
<i>Persoal funcionario</i>	<i>677</i>	<i>677</i>
Subgrupo A1	254	221
Subgrupo A2	58	78
Subgrupo C1	176	189
Subgrupo C2	126	126
Grupo E e agrupacións profesionais	63	63
<i>Persoal laboral</i>	<i>161</i>	<i>166</i>
Grupo I	7	7
Grupo II	12	13
Grupo III	72	72
Grupo IV	34	38
Grupo V	36	36
<i>Outro persoal</i>	<i>11</i>	<i>8</i>
<b>TOTAL</b>	<b>857</b>	<b>859</b>

### Sociedades públicas

	2008			2009		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia	2.154,0	2.000,0	4.154,0	4.001,0	5.151,0	9.152,0

(Miles de euros)





**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E  
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

**SECCIÓN 15**



## 1. COMPETENCIAS

---

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponde o exercicio das competencias e funcións que en materia de medio ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.15 e 30, e 29.4 do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación, en especial na normativa sobre a protección ambiental de Galicia.

Este departamento creouse polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, sobre a estrutura orgánica básica da Xunta de Galicia. A súa estruturación, en diversos centros directivos, estableceuse no Decreto 232/2005, do 11 de agosto.

Ao abeiro das anteditas normas, así como do establecido no artigo 2.1 do Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para o desempeño das súas funcións, esta consellería estrutúrase nos seguintes órganos:

1. Conselleiro
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Conservación da Natureza
4. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
5. Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible
6. Delegacións provinciais
7. Órganos colexiados

Polo Decreto 24/1987, do 29 de xaneiro, a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos inherentes ás competencias estatutariamente sobre programación, aprobación, execución e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, así como a ordenación e concesión dos recursos hidráulicos das cuncas do territorio galego, incluíndose a elaboración do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa. Para cumprir con estas competencias, e ao abeiro do establecido no artigo 2.2 do devandito Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, quedan adscritos á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o organismo autónomo Augas de Galicia e o Ente Público Obras e Servizos Hidráulicos.

En virtude do Decreto 111/1992, do 11 de abril, constitúese a Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A., para planificar e xestionar o tratamento e eliminación dos residuos sólidos urbanos e asimilables na Comunidade Autónoma de Galicia.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009

---

### 2.1 DA CONSELLERÍA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no ano 2009, continuará coa orientación ambiental baseada na introdución de melloras na xestión, na programación e na planificación, para o cal seguiranse empregando métodos de traballo dinámicos que comporten unha maior implicación social, empresarial e institucional.

Considerando a evidencia de que o medio ambiente resulta un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social da nosa Comunidade Autónoma, esta consellería dirixirá as súas actuacións a súa conservación, protección, mellora e promoción, buscando que o mencionado desenvolvemento económico e social avance na senda da sostibilidade.

Con estas premisas, as actuacións da consellería neste ano pódense formular nos seguintes obxectivos xerais:

1. Establecer os mecanismos axeitados para a preservación da biodiversidade como principal activo proporcionador de bens e servizos.
2. Acadar unha maior porcentaxe e mellor representatividade dos espazos naturais protexidos acollidos ás figuras de protección, potenciando a súa conservación e a súa posta en valor, mellorando a súa planificación, así como os instrumentos de protección e conservación dos seus ecosistemas.
3. Apoio das iniciativas locais de dotación de espazos naturais de uso público.
4. Potenciar a participación da cidadanía, a través das entidades ambientais sen ánimo de lucro, na aplicación das políticas ambientais promovidas pola Xunta de Galicia.
5. Optimización da xestión dos residuos que se producen en Galicia, centrando os esforzos na redución, a selección, a reutilización, a reciclaxe e a compostaxe.
6. Apoiar as actividades empresariais e procesos produtivos respectuosos co medio, co emprego de tecnoloxías menos contaminantes e máis eco-eficientes.
7. Reforzar o carácter horizontal da política ambiental, impulsando o espírito da sostibilidade en todas aquelas políticas sectoriais con impacto sobre o medio, de tal xeito que o desenvolvemento económico e social de Galicia sexa cada vez máis sostible.
8. Desenvolver as accións necesarias que permitan que Galicia afronte o fenómeno do cambio climático, tanto actuando sobre as súas causas como tratando de diminuír os impactos negativos a través de medidas de adaptación.

9. Avanzar no coñecemento sobre o estado ambiental e no desenvolvemento de modelos axeitados de prevención de riscos ambientais.
10. Mellorar e ampliar a información ambiental a disposición da poboación, o cal servirá de base para concienciar á cidadanía da importancia do medio e da necesidade da súa conservación, dándolles a coñecer a súa responsabilidade nesta tarefa e facéndoos partícipes das iniciativas que ao respecto se ideen dende a Administración.

Con estes obxectivos como meta, defínense as principais liñas de actuación nas da consellería para este exercicio orzamentario:

**Protección, conservación e promoción da natureza:**

1. O mantemento, nun estado de conservación favorable, de hábitats e especies, así como da paisaxe, mediante a consolidación da Rede Galega de Espazos Protexidos, conformada polos espazos declarados baixo algunha das figuras establecidas na Lei 9/2001 de conservación da natureza, así como pola Rede Natura 2000, co obxecto de lograr una representación axeitada dos hábitats e das especies propios de Galicia, que garanta a súa conservación activa dentro das políticas de conservación da natureza. Neste senso, no vindeiro exercicio integrarase o Parque Nacional das Illas Atlánticas na rede galega de espazos naturais protexidos.
2. A conservación da biodiversidade e de hábitats e especies, basearase nos catálogos de especies ameazadas para a posta en marcha dos correspondentes plans de recuperación e mecanismos de conservación. O impulso do Catálogo de árbores senlleiras de Galicia constitúe tamén unha meta a alcanzar.
3. Impulso da posta en valor destas áreas mediante o establecemento de accións de conservación e o impulso de infraestruturas, dotación de equipamentos e creación de servizos que permitan unha ordenación coherente e sostible desas actividades.
4. Ultime a aprobación e posta en marcha dos instrumentos de planeamento dos espazos naturais protexidos.
5. Dotar os espazos naturais das infraestruturas, equipamentos e servizos ambientais, con oferta de abondo e de calidade, para o disfrute dos usuarios, garantido un uso racional do medio natural acorde coas demandas dos usuarios e coa fragilidade dos ecosistemas.
6. Mellorar a difusión dos valores do medio natural e do seu disfrute, resaltándoos e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar o medio ambiente.
7. Mellorar a situación de apoio aos habitantes e ás entidades e institucións locais da área de influencia dos Parques Naturais e dos espazos naturais protexidos.

8. Fomento da cooperación internacional con EUROPARC, da protección transfronteiriza con Portugal e con outras comunidades autónomas, e da creación de reservas da biosfera auspiciadas pola UNESCO.
9. Conservación dos ecosistemas fluviais e planificación das actividades da pesca deportiva baixo o obxectivo da súa sostibilidade, mediante a aprobación e activación do Plan galego de ordenación dos recursos piscícolas e dos ecosistemas acuáticos continentais.
10. Xestión do sector cinexético, coa instauración de liñas de acción que conduzan a un aproveitamento sostible, para o que se potenciarán as actuacións para a conservación e desenvolvemento das especies cinexéticas.

**Mellora da calidade ambiental e do seu control:**

1. Apoio á xestión racional dos residuos urbanos por parte dos concellos, optimizando o funcionamento das infraestruturas de recollida selectiva e o seu traslado ás plantas de tratamento, coa construción de novas plantas de transferencia mediante incentivos en forma de subvencións aos xestores.
2. Posta en marcha do novo Plan de Residuos de Galicia, fomentando o seu ciclo integral, baseado na sostibilidade, mediante a actualización do marco normativo, o impulso das actividades de selección, reutilización e reciclado dos mesmos, apoiando a construción das infraestruturas precisas, a dotación cos equipamentos axeitados e a investigación e o desenvolvemento de novos procesos e tecnoloxías máis eficientes.
3. Establecemento dunha Rede de Control Ambiental, que permita dispor da información relativa á calidade do aire e das masas de auga, así como sobre o nivel de contaminación acústica, cunha rapidez e fiabilidade óptimas, de forma que sirvan de base para poder adoptar posteriormente as medidas correctoras oportunas.
4. Consolidación da Rede de Seguimento do Estado Ecolóxico das Augas de Galicia.
5. Posta en funcionamento da Rede de Observación Ambiental de Galicia que permita o seguimento a medio e longo prazo das propiedades que definen a estrutura e función dos ecosistemas máis representativos de Galicia.

**Integración da sostibilidade no desenvolvemento económico e social:**

1. Consolidación do programa de implantación da avaliación ambiental estratéxica de plans e programas e posta en marcha dun programa de formación e elaboración de guías metodolóxicas.
2. Consolidación do programa “Núcleos de sostibilidade” e do programa de fomento da sostibilidade no sistema universitario de Galicia.
3. Promoción da educación ambiental como ferramenta central para inculcar na cidadanía a necesidade de protexer e utilizar racionalmente o entorno e para integrar o concepto de sostibilidade na

sociedade, centrando os esforzos prioritariamente no desenvolvemento do proxecto Axenda Escolar 21 de Galicia, no proxecto de formación e sensibilización sobre cambio climático “Climántica” e no desenvolvemento de Masters en Desenvolvemento Sostible e xestión ambiental coa Universidade.

4. Continuación do desenvolvemento do Plan galego de acción fronte ao cambio climático, a través dos programas de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (2008-2012), análise das conclusións do proxecto “Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia” e comezo dos traballos de elaboración das guías de adaptación ao cambio climático.
5. Fomento dos programas de observación e investigación ambiental, coa finalidade de incrementar o coñecemento sobre os sistemas naturais e a capacidade predictiva sobre o seu comportamento, de elaborar plans de prevención de riscos ambientais e de proporcionar unha mellor e máis completa información á sociedade sobre o estado do medio ambiente e sobre as variables relacionadas co desenvolvemento sostible, para o cal se mellorará o tratamento e as canles de difusión da información ambiental.

## 2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALICIA

Augas de Galicia, organismo autónomo con personalidade xurídica de seu, creado pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, da Administración hidráulica de Galicia é un instrumento primordial da administración hidráulica de Galicia, ao que lle corresponde, de acordo coa súa normativa fundacional, o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma en materia de augas.

O seu obxectivo primordial para o exercicio 2009 será a consecución de:

1. Unha mellora efectiva na planificación hidrolóxica da nosa Comunidade Autónoma.
2. Acadar o desenvolvemento dun completo e eficiente servizo público de abastecemento de auga potable á poboación.
3. Acadar os requirimentos da Directiva 91/271/CEE, de tratamento de augas residuais, a finais do exercicio 2009.
4. Adaptación ao disposto na Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
5. Mellora das infraestruturas hidráulicas no medio rural da Comunidade Autónoma Galega.

Tendo presente este fin último, Augas de Galicia centrará a súa actividade nas seguintes liñas de actuación:

**Plan hidrolóxico:**

1. Avaliación dos recursos hídricos existentes, afondando no grao de coñecemento da súa calidade, coa fin de optimizar a súa xestión e a priorización dos usos da auga.
2. Ordenación e recuperación de marxes e ribeiras, co fin de evitar impactos ambientais negativos.
3. Conservación e recuperación do bo estado ecolóxico do medio hídrico.
4. Establecer un plan de control de vertidos coa implantación dunha rede de control para a xestión integrada dun sistema automático de detección de vertidos e medición da calidade das augas (REDE SAICA)
5. Estudo de riscos asociados con fenómenos hidrolóxicos.

**Plan de abastecemento:**

Continuarase co desenvolvemento deste Plan, que contempla a realización das obras hidráulicas necesarias para avanzar na dotación dun servizo público de abastecemento de auga potable a un número cada vez maior de núcleos de poboación.

Tendo en conta os campos de competencia municipal neste ámbito, actuarase en colaboración cos concellos, ao abeiro do establecido no Decreto 84/1997, do 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

**Plan de saneamento:**

Con este plan pretenderanse evitar os efectos ambientais negativos derivados do vertido de augas residuais, podendo chegar a cumprir, ao remate de 2009, cos requirimentos da Directiva 91/271/CEE, relativa ao tratamento de augas residuais urbanas; entre outros, que todas as aglomeracións maiores de 2.000 habitantes equivalentes tiñan que ter o seu saneamento solucionado ao finalizar o ano 2010.

Deste xeito, no exercicio 2009 continuarase coa realización das obras hidráulicas previstas no plan, consistentes, principalmente, na construción de estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores xerais e emisarios submarinos.

Ao igual que co abastecemento, haberanse de ter en conta as competencias dos concellos, colaborando con eles segundo o disposto no mencionado decreto.

**Obras de interese xeral do Estado:**

Augas de Galicia continuará colaborando coas Confederacións hidrográficas do Norte e do Douro, co obxecto de axilizar a realización das seguintes actuacións, fundamentais para o saneamento das grandes cidades de Galicia:



1. As obras declaradas de interese xeral na Lei do plan hidrolóxico nacional.
2. As actuacións previstas no convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e ACUNOR para a mellora do saneamento da ría de Vigo.

## 2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS (EPOSH)

Creada pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, de Administración Hidráulica de Galicia, constitúe un ente instrumental para o desenvolvemento da política hidráulica, mediante a xestión das obras e a prestación dos servizos que lle sexan encomendados dentro do programa de actuacións do organismo autónomo Augas de Galicia.

A actuación da empresa pública coordínase coa de Augas de Galicia, ao estaren ámbalas dúas integradas na organización da mesma consellería, en virtude do artigo 2.2 do Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

En consecuencia, o disposto anteriormente como obxectivos e liñas de actuación para Augas de Galicia pode considerarse de aplicación tamén para a EPOSH.

### SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. (SOGAMA)

Sogama é unha empresa pública autonómica, participada no 51% pola Xunta de Galicia e no 49% por Unión Fenosa, creada en 1992 co obxecto de levar a cabo a loxística e tratamento dos residuos urbanos procedentes daqueles concellos que voluntariamente se adheriron ao seu sistema de xestión. A día de hoxe presta servizo a un total de 284 municipios (80% do total dos residuos urbanos producidos en Galicia), representando unha poboación atendida de aproximadamente 2.285.000 habitantes. Para levar a cabo a súa actividade industrial, a entidade conta cunha infraestrutura formada por unha rede de 22 plantas de transferencia que, distribuídas polo conxunto do territorio galego, se encargan de transvasar os residuos procedentes da recollida domiciliar a contedores de maior capacidade, aptos para ser transportados, por ferrocarril ou estrada, ata o Complexo Medioambiental de Cerceda, onde estes reciben un tratamento conforme as súas características, seleccionando a parte susceptible de ser reciclada e valorizando enerxeticamente o resto.

No marco da súa reorientación cara a xestión ambiental, as enerxías renovables e o desenvolvemento sostible, acometida hai dous anos, máis alá de optimizar a xestión integral dos RU mediante a incorporación de programas de innovación tecnolóxica cos que incrementar as porcentaxes de reciclado e minimizar as cantidades de materiais destinadas a valorización enerxética, mellorando ao mesmo tempo as condicións laborais dos operarios/as, a Sociedade adentrouse na promoción e cooperación en proxectos de enerxías alternativas, participando en programas de I+D+i, apoiando a educación ambiental, liderando proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e promovendo as políticas sociais. Todo isto co obxectivo último de prestar o mellor servizo público á cidadanía de Galicia, contribuíndo ao desenvolvemento sostible e duradeiro da nosa Comunidade.

Respecto aos orzamentos para 2009, cabe salientar que o de explotación cumpre o Plan de Viabilidade da Sociedade, no que a resultados se refire.

En canto aos investimentos, órzanse, entroutras, as seguintes actuacións:

- a) Melloras tecnolóxicas nas instalacións de Sogama, contribuíndo a súa modernización e incrementando a eficacia e eficiencia das mesmas.
- b) Posta en marcha dunha Planta de Pretratamento de RU no vertedoiro controlado de Sogama en Areosa.
- c) Instalación dunha Planta de recuperación de vidro no Complexo Medioambiental.
- d) Campañas de educación, concienciación e sensibilización ambiental, priorizando todas aquelas que promovan a redución da produción de RU en orixe.

---

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009

---

#### 3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

##### 3.1.1 Da Consellería

#### PROGRAMA 541A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE AMBIENTE

##### 1. Descrición

###### **Contido:**

Este programa dalle soporte ás actuacións horizontais do departamento, tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, polo que serve de base para a execución do resto dos programas do mesmo.

Ademais, desenvolveranse actividades de fomento, de carácter horizontal, dado que se poden relacionar coas competencias dos distintos centros directivos e organismos da consellería ou adscritos á mesma, a secretaría xeral desenvolverá dúas accións de fomento, unha dirixida aos concellos para incentivar as iniciativas ambientais promovidas polos mesmos; mentres que a outra apoiará a participación cidadá na execución das políticas ambientais, a través das entidades sen ánimo de lucro de carácter ambiental.

###### **Obxectivo:**

Polo que atinxe ás actuacións horizontais de soporte dos demais programas da consellería, o obxectivo é o de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa e de prestar un servizo público de calidade aos cidadáns que se relacionan coa administración competente en materia medioambiental.

Respecto das liñas de fomento, o obxectivo da dirixida ás entidades sen ánimo de lucro de carácter ambiental é que estas contén cos medios necesarios para que poidan participar na execución das políticas ambientais, con axudas tanto para os seus gastos de funcionamento como para a realización de actividades específicas de carácter ambiental, así como para os investimentos que propicien a súa participación na execución das anteditas políticas ambientais.

Na liña de axudas dirixida ás corporacións locais, sobre todo aos concellos, o obxectivo é que os mesmos poidan contar cos recursos económicos necesarios para que realicen investimentos en materia

ambiental, sobre todo na creación de espazos verdes, de disfrute da natureza para os seus cidadáns, así como para a dotación do material instrumental necesario para o mantemento destas, e para a recollida de residuos sólidos urbáns.

**Necesidade:**

Precísase renovar, periódicamente os medios instrumentais preciso para que se poidan desenvolver as competencias do departamento; amais de dispor do crédito necesario para atender os gastos correntes nos que se ha de incorrer para o devandito desenvolvemento das funcións encomendadas.

Por outra banda, cómpre prestar apoio financeiro ás corporacións locais, sobre todo no que atinxe aos pequenos concellos da Galicia interior, cun acusado problema de despoboación e de falta de recursos, para que poidan desenvolver as actuacións de carácter ambiental que polo Departamento se consideran prioritarias, de acordo coa programación deste.

Ademais, cómpre implicar a toda a sociedade na execución das distintas actuacións e medidas que supoñen a aplicación das políticas promovidas polo departamento, o que se pretende acadar a través das entidades sen ánimo de lucro de carácter ambiental, asociacións en fundacións, así como federacións das mesmas; para, deste modo, fortalecer a participación cidadá a través da dotación dos medios precisos das entidades representativas no sector.

**Beneficios a acadar:**

Conseguir que se desenvolvan as competencias asignadas ao departamento de xeito eficiente pero tamén eficaz, con economía de medios instrumentais e cuns gastos de funcionamento axustados.

Que as corporacións locais, sobre todo os pequenos concellos, conten cos medios financeiros precisos para poderen realizar actuacións de carácter ambiental en beneficio dos seus cidadáns.

Que a cidadanía, a través das entidades sen ánimo de lucro de carácter ambiental, participe máis activamente na posta en marcha das políticas ambientais.

**2. Actividades**

1. Xestión do persoal do departamento.
2. Xestión dos gastos correntes, así como os dos investimentos material de carácter horizontal, precisos para o desenvolvemento das competencias atribuídas ao departamento.
3. Modernización e informatización dos servizos centrais e periféricos da consellería.

4. Realización de estudos, traballos técnicos, publicacións e edicións audiovisuais en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
5. Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.
6. Tramitación de toda a produción normativa que elaboren os distintos centros directivos da Consellería; dos recursos formulados contra os órganos da mesma; así como dos convenios e protocolos nos que esta participe.
7. Apoio ás entidades sen ánimo de lucro de carácter ambiental, para a promoción de actividades e para a realización de investimentos, de xeito que poidan desenvolver actuacións en materias ambientais.
8. Fomento da cooperación coas corporacións locais, mediante a dotación dos medios financeiros precisos para que poidan dotarse dos medios precisos para a realización de actividades ambientais.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Delegacións Provinciais

## **PROGRAMA 541B. CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL**

### **1. Descrición**

A conservación da biodiversidade e o patrimonio natural en Galicia ten como escenario a grande heteroxeneidade do territorio galego, expresada na variabilidade das características bioxeográficas e socioecolóxicas. Así mesmo, esa conxunción de características, derivadas, por unha banda, dos aspectos ecolóxicos e, por outra, das interaccións humanas, afectan a práctica totalidade do territorio, modelo que ten en Galicia constitúe un paradigma.

O territorio galego preséntase como un escenario complexo, fortemente antropizado, no que a demanda de bens e servizos ten unha correlación directa coa dispersión da poboación e coas demandas estruturais. As características da propiedade, o alto peso do sector primario, a alta produtividade dos ecosistemas, as fortes demandas de solo para os usos agrarios, forestais ou urbanísticos, a gran dispersión da poboación ou a ocupación intensa dunhas areas, que incrementan a demografía en termos relativos, fronte ao abandono propiciado polo éxodo rural noutras, configuran este territorio de un xeito significativo. Este contexto fortemente antropizado, cunha compoñente rural moi acusada, presenta unha forte dependencia, no que a fauna, a flora, os hábitats e, en definitiva, a biodiversidade e actividades

coexisten e o equilibrio das poboacións depende, en grande medida, da harmonización coas actividades que xestionan e manexan o territorio.

A implantación da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos e a súa xestión e protección constitúe, en esencia, o eixo sobre o que pivota a acción da administración pública, consciente da necesidade de dotala de réximes xurídicos axeitados, acompañados de medidas activas de conservación, restauración, divulgación etc.

Neste mesmo sentido, o outro eixo de actuación deste programa de “conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural” está relacionado coa formación, educación e sensibilización ambiental, como elemento que fomenta a participación pública no dereito constitucional de disfrutar dun medio axeitado.

A protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro forma parte das competencias da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e é obxecto de especial atención, sobranceiramente fronte a necesidade de desenvolver políticas e accións de benestar animal.

Este programa tamén promove o ordenado aproveitamento das especies da fauna cinexética, e da piscícola nas augas continentais, asegurando unha xestión sostible das mesmas.

Por outra banda, neste programa tamén se contemplan as funcións de policía de vixilancia, control e prevención de impactos no medio natural, para o que é preciso dispor dunha adecuada dotación de medios humanos e materiais.

Todas as actuacións previstas acomódanse aos principios do VI Programa de acción comunitaria en materia de medio ambiente, programa que resulta de especial interese como ferramenta de primeira importancia para acometer iniciativas de desenvolvemento sostible, especialmente naquelas áreas máis desfavorecidas do país.

**Obxectivo:**

O principal obxectivo do programa é, en esencia, a conservación e protección da biodiversidade e o patrimonio natural e a paisaxe, tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais do conxunto da sociedade galega.

**Necesidade:**

Acadar este obxectivo implica, por unha banda, manter unha ampla rede de espazos naturais protexidos, así como o establecemento de ferramentas de planeamento activas específicas de conservación de ENP e protección de especies nos seus hábitats e, por outra, involucrar á sociedade na protección dos mesmos. Neste senso, cómpre, polo tanto, desenvolver accións que permitan harmonizar a

conservación coa posta en valor do medio natural e dos seus compoñentes, fomentando as accións que deriven nunha participación nos beneficios económicos e sociais partir da xestión sostible do mesmo.

**Beneficios a acadar:**

1. Posta en valor e desenvolvemento sostible social e económico dos territorios con marcado carácter ambiental.
2. Mantemento nun estado de conservación favorable de hábitats e especies así como da paisaxe mellorando o estado de conservación da biodiversidade, dos hábitats e das especies
3. Lograr una representación axeitada dos hábitats e das especies propios de Galicia que garanta a súa conservación activa dentro das políticas de espazos naturais protexidos consolidando unha rede de espazos protexidos nun estado adecuado de conservación. Ultimar a aprobación e aplicación dos instrumentos de planeamento dos espazos naturais protexidos.
4. Mellorar a situación de apoio o desenvolvemento e ós habitantes, empresas ONG, entidades e institucións locais da área de influencia dos Parques Naturais e dos espazos naturais protexidos, axudando a manter o tecido poboacional das áreas incluídas nos espazos protexidos.
5. Dotar os espazos naturais das infraestruturas, equipamentos e servizos ambientais con suficiente oferta e calidade para o disfrute dos usuarios ordenando o uso sociorecreativo do medio natural compatibilizándoo coa conservación do mesmo e garantindo un uso racional do medio natural acorde coas demandas dos usuarios e coa fragilidade dos ecosistemas
6. A protección da paisaxe.
7. Mellorar a difusión dos valores do medio natural e disfrute, resaltando os seus valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar o medio ambiente
8. Fomentar a participación dos colectivos implicados na conservación do medio ambiente e na toma de decisións ambientais.
9. Mellorar o benestar dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro
10. Compensar aos agricultores e gandeiros polos danos sufridos nas súas explotacións.

**2. Actividades**

Conservación da biodiversidade:

As accións para a conservación da biodiversidade encádranse no contexto normativo derivado da Lei 9/2001, de conservación da natureza de Galicia, así como tamén da Lei 42/2007 de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, que ten por obxecto “a conservación do medio natural e os seus recursos, así como a xestión sostible dos espazos naturais e a flora e fauna silvestres, ademais da xea, da

Comunidade Autónoma de Galicia”, que se inspira nos principios da estratexia galega para a conservación e o uso sostible da biodiversidade: información, formación, participación e coordinación.

Durante o ano 2009 efectuaranse distintas accións encamiñadas á adecuada protección e conservación dos espazos naturais e as especies de flora e fauna silvestres, especialmente daquelas incluídas no catálogo galego de especies ameazadas. Así mesmo, continuarase coas accións necesarias para garantir a correcta aplicación das Directivas comunitarias 92/43/CEE de “hábitats” e 79/409/CEE de “aves”, ámbalas dúas orientadas ao mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies incluídas nos seus anexos. Outro dos principais obxectivos a iniciar durante o ano 2009 é a ordenación e xestión da actividade cinexética e piscícola.

Neste contexto, actuarase sobre a conservación , protección e xestión de espazos naturais protexidos.

Os principais obxectivos establecidos para o ano 2009 están orientados a traballar na liña que garanta a protección, conservación e posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico, asegurar o mantemento e a coherencia da Rede Natura 2000, e promover o uso sostible das áreas protexidas. As principais accións previstas son:

1. Impulsar a conservación de novas áreas, segundo as figuras de protección establecidas na Lei 9/2001, coa creación doutros parques naturais, monumentos naturais, zonas de especial protección para as aves, paisaxes protexidas ou húmidas pertencentes ao inventario galego de zonas húmidas, coa fin de desenvolver a Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos e, en particular, traballarase nos proxectos de declaración dos novos parques naturais de Ancares, Courel, Macizo Central Ourenán e Pena Trevinca.
2. Integración do Parque Nacional das Illas Atlánticas na rede galega de espazos naturais protexidos.
3. Creación da rede de parques naturais de Galicia, coa posta en marcha do Consello Consultivo da Rede e a elaboración do seu Plan director.
4. Impulsar a creación de reservas da biosfera, de acordo co establecido no programa do Comité MaB da UNESCO “O home e a biosfera”, especialmente na área transfronteiriza conformada polo parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e o Parque Nacional portugués da Peneda-Gérês, así como reserva da biosfera Oscos –Eo e terras Burón. Fomentarase a cooperación nacional e internacional, tanto coas comunidades autónomas veciñas, como con Portugal e, incluso, con outras institucións de ámbito internacional, caso da Federación de Parques Nacionais e Naturais de Europa (EUROPARC).
5. Desenvolvemento da Rede Europea Natura 2000. Dada a importancia desta rede en materia de conservación da natureza e o descoñecemento que dela ten a poboación residente na ampla



superficie que esta ocupa en Galicia (preto de 400.000 ha), apoiaranse accións e proxectos que poñan en valor estes territorios e axuden ao seu desenvolvemento socioeconómico e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

6. Desenvolver un sistema axeitado de tutelas e planificación ambiental das actividades, proxectos, plans e programas que se desenvolven no medio natural.
7. Axudar a manter o tecido poboacional das áreas deprimidas incluídas nos espazos protexidos.
8. Programa de axudas, con medidas contractuais e de promoción socioeconómica, aos habitantes dos contornos dos espazos protexidos galegos

#### **A protección da paisaxe**

1. Desenvolver os programas de protección da paisaxe derivados da Lei da paisaxe de Galicia.
2. Potenciar a valoración e preservación das paisaxes culturais galegas, así coma promover unha xestión sostible das terras que asegure o mantemento dos ecosistemas e as paisaxes. Para lograr estes obxectivos é fundamental elaborar unha planificación axeitada aos valores naturais de cada espazo, fomentando, en liñas xerais, o uso público dos mesmos e buscando novas alternativas de desenvolvemento socioeconómico nas áreas protexidas, entre elas o fomento do emprego e creación de escolas taller e obradoiros que poñan en valor o patrimonio das áreas protexidas, apoio ás iniciativas empresariais para a creación de infraestruturas de uso público, ecoturismo e servizos ambientais, valorización de produtos endóxenos, así como efectuar labores de sinalización dos roteiros definidos nos espazos naturais.
3. Poñer en valor as paisaxes tradicionais galegas, especialmente aquelas pertencentes ás áreas protexidas do país. Considerando a importancia da paisaxe galega como un elemento intimamente xunguido á nosa cultura e á memoria colectiva do noso pobo, onde se conxugan nun todo común os sistemas naturais e as actividades do home no que se dá en chamar “xeosistema” ou “ecoandrosistema”, esta consellería porá en valor as paisaxes tradicionais galegas, especialmente aquelas pertencentes ás áreas protexidas do país. Preténdense comezar a estudar estas paisaxes dende o punto de vista da planificación do medio físico e da súa ecoloxía, a fin de abordar, dun xeito multidisciplinar, todos os elementos que a conforman, para asegurar a súa preservación, así como para definir estratexias e liñas directrices, e para o desenvolvemento dunha normativa particular sobre a paisaxe. Para estes efectos, realizaranse os convenios precisos coas entidades competentes.

### **Conservación da vida silvestre**

1. Definición e identificación de indicadores ambientais, para avaliar o estado de conservación da biodiversidade. Levaranse a cabo inventarios, estudos e indicadores para coñecer o estado de conservación dos hábitats e das especies.
2. Desenvolver e pór en marcha unha axeitada planificación, de acordo coa categoría de ameaza. Creación do banco galego de datos da biodiversidade, así como do observatorio galego da biodiversidade.
3. Desenvolver e mellorar a rede de centros de rehabilitación de fauna salvaxe. Creación do centro de recuperación de mamíferos mariños.
4. Avance na xestión dos ecosistemas acuáticos continentais e da pesca fluvial. As grandes áreas de actuación están orientadas á conservación e recuperación do ecosistema fluvial, conservación e recuperación das poboacións piscícolas e á administración da actividade da pesca.
5. Avance na xestión da riqueza cinexética:
  - a) A evolución do medio natural nos últimos anos propiciou, por distintos motivos, o favorecemento das especies cinexéticas de caza maior, en detrimento das de caza menor. Esta circunstancia está a motivar un incremento nos danos causados por estas especies, que se concretan, principalmente, na circulación viaria, nos danos aos cultivos agrarios e á gandeiría. O réxime fundamentalmente societario da caza en Galicia non favorece o financiamento das garantías que cubran estas continxencias; por este motivo a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible levará a cabo un programa de indemnización dos danos ocasionados por animais salvaxes (lobo e xabarís).
  - b) Por outra banda, o interese na recuperación da riqueza cinexética centrarase, fundamentalmente, nas especies de caza menor, de grande tradición na nosa comunidade e, como base da cadea trófica, moi necesarias para a conservación ou, incluso, recuperación, doutras especies silvestres de grande interese. Así, fomentárase a produción do coello de monte en semiliberdade e a mellora de hábitats de cara á recuperación da perdiz, unha das especies cinexéticas máis senlleiras da caza menor en Galicia.

### **Formación, educación e sensibilización ambiental:**

1. Fomentar a percepción pola cidadanía da necesidade de conservar a diversidade ecolóxica e a xeodiversidade de Galicia. Para acadar este obxectivo é fundamental favorecer o achegamento, o intercambio e o acceso da información ambiental á cidadanía.

2. Promover o coñecemento dos valores naturais das áreas protexidas, promovendo, a súa vez, o coñecemento dos hábitats e das especies e das funcións ecolóxicas dos ecosistemas.
3. Potenciar o uso sostible dos recursos naturais e da defensa das nosas paisaxes, promovendo o entendemento, a interpretación e a valoración das paisaxes culturais e dos agrosistemas.
4. Acadar a participación activa e responsable da sociedade galega na defensa e conservación do noso medio natural, implicando aos usuarios e propietarios das terras na xestión e uso sostible da diversidade biolóxica, potenciando o achegamento da sociedade ás áreas protexidas de Galicia e promovendo a creación de órganos de participación social.
5. Promover as accións necesarias para a creación do centro de interpretación dos parques naturais de Galicia.
6. Remate da estación biolóxica do Caurel.
7. Creación do centro de interpretación de sistemas fluviais.

#### **Protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade:**

Este eixo de actuación ten como obxectivo central xerar na cidadanía conciencia de respecto e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cautividade. As accións previstas no ano 2009 son:

1. Desenvolver a planificación relativa á creación de centros de acollida.
2. Fomentar unha maior sensibilidade social sobre a defensa e protección dos animais de compañía, realizando campañas de sensibilización sobre abandono, microchipado e adopción dos mesmos. Neste senso, vaise promover a colaboración coas sociedades protectoras de animais, así como fomentar a realización de convenios con concellos e asociacións para a creación de centros de recollida de animais.
3. Control rigoroso dos establecementos dedicados á comercialización de especies exóticas, en aplicación da normativa autonómica, estatal e comunitaria sobre o control do tráfico de especies exóticas.
4. Busca e erradicación de actividades e espectáculos que poidan supor maltrato aos animais domésticos.
5. Apoio ás sociedades protectoras para o desenvolvemento das actividades

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

## PROGRAMA 541D. CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

### 1. Descrición

O punto fundamental no que se centra este programa é a xestión de residuos, sendo o seu obxectivo prioritario avanzar na optimización da xestión de todos os residuos que se producen en Galicia, potenciando a prevención, redución, reciclaxe, valorización e eliminación axeitada tanto dos residuos urbanos como industriais e especiais, dotando á Comunidade Autónoma dos equipamentos, sistemas e infraestruturas necesarias para a súa consecución.

Outro aspecto básico será o control ambiental, ámbito no cal se buscará o obxectivo xeral de prever, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, con especial atención a atmosférica ou acústica.

### 2. Actividades

Seguindo o disposto no punto anterior, dividiranse as actuacións previstas en dous apartados, un referente á xestión de residuos e outro ao control ambiental.

Xestión de residuos:

Neste eido debe destacarse de xeito significativo o inicio da posta en marcha das medidas previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2007-2017 as cales se estenden a diferentes ámbitos:

1. Prevención e redución da produción: efectuar accións de tipo formativo-informativo dirixidas aos consumidores e aos produtores, protagonistas principais no eido ambiental. Trátase, nun primeiro lugar, de que ambos colectivos coñezan os problemas causados pola produción de residuos, para que asuman o problema coma propio e, finalmente, propiciar un cambio progresivo nos hábitos de consumo e nos procesos produtivos.
2. Avance na xestión integral dos residuos: busca dunha xestión máis eficiente do ciclo integral dos mesmos, para o cal prevense as seguintes actuacións:
  - a) Ampliación das infraestruturas ambientais de tratamento de residuos da nosa Comunidade.
  - b) Execución de investimentos en novos sistemas de xestión, promocionando a implantación de mecanismos máis eficientes de recollida e tratamento.
  - c) Impulso da construción e correcto funcionamento dos puntos limpos, para axudar a garantir mellores índices de recollida e o óptimo aproveitamento dos materiais presentes nos RSU.

3. Fomento da reciclaxe: impulso da recollida selectiva de todas as fraccións co obxectivo de incrementar as Tm recollidas selectivamente, mellorando a súa calidade, potenciando o uso axeitado dos puntos limpios, controlando a xestión dos SIG,s das diferentes fraccións e ampliando, adecuando e mellorando a rede de puntos limpos de Galicia.

En particular, mellora da recollida selectiva da fracción orgánica de residuos municipais (FORM), tanto nas zonas de Galicia onde esta xa se está a facer (A Coruña, Consorcio das Mariñas e Mancomunidade do Barbanza) como nas zonas onde se ten prevista a implantación de plantas de compostaxe segundo o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2007-2017

4. Apoio á compostaxe domiciliaria, como método alternativo ao vertido.
5. Proseguir coas actuacións de adecuación, selado e clausura de vertedoiros.
6. Realizar accións de limpeza de puntos de vertido incontrolado, coa posterior restauración da área degradada.

#### **Control ambiental:**

1. Mellorar a avaliación ambiental:
  - a) Garantir que se resolvan as declaracións de impacto e efectos ambientais, así como as autorizacións ambientais integradas, no menor tempo posible e dentro do rigor absoluto no respecto ao disposto na normativa ambiental.
  - b) Pór en marcha as actuacións de minimización de impactos.
  - c) Medidas para o seguimento da execución da normativa ambiental.
  - d) Apoio aos concellos, empresas e asociacións e federacións sectoriais para a contratación de técnicos ambientais que garantan a vertiente ambiental na toma de decisións.
2. Afondar no coñecemento da tecnoloxía que se está a empregar nos diferentes ámbitos e a que se podería aplicar como mellora ambiental, cos investimentos correspondentes en investigación de novos métodos e tecnoloxías.
3. Fomentar a introdución nas empresas de novas tecnoloxías dirixidas á prevención e redución da contaminación ambiental, así como á implantación de sistemas de xestión e control ambiental.
4. Mellorar e manter redes de estacións de medida dos distintos factores que integran o control da calidade ambiental, en especial a rede de captación e transmisión dos datos. Potenciar no ano 2009 as actuacións derivadas da Lei 8/2002, de atmosfera, mellorando a rede galega de calidade do aire.
5. Creación dun sistema de información xeográfica que conteña a situación ambiental das empresas galegas, con especial atención ás emisións atmosféricas.

6. Impulsar as actuacións desenvolvidas polo Laboratorio de medio ambiente de Galicia. Mellora da dotación de medios e equipos instrumentais de medida

### 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

## PROGRAMA 541E. COÑECEMENTO DO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE

### 1. Descrición

A primeira parte deste programa, a relativa ao coñecemento do medio, ten como obxectivo a consecución duns niveis óptimos de investigación, observación e información ambiental. Desenvólvese mediante a instauración dunha completa rede de observación ambiental que permita realizar o seguimento continuo do estado dos ecosistemas de Galicia e a posta en marcha de programas de investigación que conduzan á mellora da capacidade predictiva dos riscos naturais.

En canto ao referente ao fomento do desenvolvemento sostible, todas as liñas de actuación axústanse aos principios recollidos no VI Programa de acción comunitaria en materia de medio ambiente, perseguindo o obxectivo común de acadar unha axeitada planificación, fomento e promoción do concepto de desenvolvemento sostible en todos os ámbitos aos que poida chegar a actuación administrativa.

### 2. Actividades

Cinco son os eixos fundamentais de actuación nos que se baseará a política de acción encamiñada cara á consecución dos anteriores obxectivos:

1. Introducción de criterios de sostibilidade no planeamento:

A aplicación da Lei 9/2006, do 28 de abril, supón o sometemento á Avaliación Ambiental Estratéxica dos planeamentos elaborados polas diferentes administracións públicas de Galicia. A axilización e a mellora da calidade na realización deste procedemento é o obxectivo fixado para o ano 2009. Ademais, desenvolveranse accións formativas sobre sostibilidade no planeamento e elaboraranse guías metodolóxicas, dirixidas aos concellos e empresas do sector.

2. Promoción do desenvolvemento sostible:

- a) Apoio á implantación do desenvolvemento sostible no ámbito local.

- b) En 2009 continuarase co desenvolvemento do programa "Núcleos de Sostibilidade", que consiste na aplicación nos concellos seleccionados da totalidade das ferramentas de planificación da sostibilidade dispoñibles (Axenda 21 local, memorias de sostibilidade nas empresas, Axenda 21 escolar, así como un programa integral de formación e divulgación), e co desenvolvemento dunha liña de axudas para impulsar progresivamente estas iniciativas no ámbito da comunidade autónoma, facilitando aos concellos galegos procesos de implantación das ferramentas de planificación. Posteriormente, executaranse os investimentos necesarios descritos nas devanditas figuras planificadoras.
- c) Posta en marcha da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, asociación voluntaria de concellos pola sostibilidade que pretende impulsar o desenvolvemento efectivo dos plans de sostibilidade local.
- d) Fomento da sostibilidade nas pequenas e medianas empresas (Pemes) galegas.
- e) Impulso da cooperación exterior no ámbito do desenvolvemento sostible. Unha das actividades reafirmada no cumio de Johannesburgo, en setembro de 2002, foi a de proporcionar axuda aos países en vías de desenvolvemento como unha das formas de frear o deterioro do planeta. Con esta finalidade inclúese unha partida para o establecemento de convenios de cooperación exterior para a implantación do proxecto Núcleos de Sostibilidade nunha destas áreas.

### 3. Educación ambiental:

O obxectivo principal neste eido é a potenciación da educación ambiental como ferramenta central da integración do concepto de sostibilidade na sociedade. En particular, fomentárase a promoción dunha cultura da sostibilidade en Galicia e a súa inmersión na mesma, así como inculcar na cidadanía a necesidade efectiva de protexer e utilizar racionalmente o entorno, como garante do noso benestar e progreso. As accións previstas son:

- a) Remate dos traballos de elaboración e participación pública da nova estratexia de educación ambiental.
- b) Consolidación dunha liña de axudas para a organización e realización de programas de educación para a sostibilidade por parte dos concellos, no ámbito da educación non formal.
- c) Consolidación do proxecto de Educación ambiental sobre o concepto nuclear do cambio climático, "Climántica" e da orde de premios do mesmo nome.

- d) Consolidación do proxecto educativo “Axenda 21 escolar de Galicia” nos centros de ensino, para traballar pola calidade e sostibilidade do seu entorno e da orde de premios A21EG.
- e) Desenvolvemento dun programa de formación a técnicos municipais en desenvolvemento sostible e educación ambiental.
- f) Apoio á implantación de Másters en Desenvolvemento Sostible e xestión ambiental das universidades de Galicia.
- g) Promoción e fomento da cultura ambiental, mediante a divulgación de coñecementos, novidades ou políticas ambientais.

#### 4. Plan de Acción contra o cambio climático.

Durante 2009 poranse en marcha as seguintes accións desenvolvidas no marco do “Plan Galego de Acción Fronte ao Cambio Climático”:

- a) As necesarias para a aplicación en Galicia da Directiva europea de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- b) Posta en marcha do plan de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro 2008-2012.
- c) Presentación das conclusión derivadas do proxecto “evidencias e impactos do cambio climático en Galicia” e inicio dos traballos de elaboración das guías de adaptación ao cambio climático.
- d) Desenvolvemento da liña de axudas para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro nas Pemes.
- e) Establecemento dunha nova liña de axudas para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro nos concellos.
- f) Establecemento de proxectos de compensación de emisións de gases de efecto invernadoiro, a través de accións de reforestación.
- g) Establecemento de acordos voluntarios (polas empresas) para o establecemento de medidas de redución de emisións.
- h) Continuación do proceso de participación pública correspondente ao Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático, fomentando a coordinación entre as distintas partes implicadas.
- i) Inicio do procedemento de seguimento e revisión do antedito plan.
- j) Campañas de divulgación sobre os efectos deste fenómeno global entre a sociedade galega.

#### 5. Información e investigación ambiental.



a) Mantemento do sistema de información ambiental (SIAM).

As actuacións no eido da información ambiental veñen marcadas pola crecente necesidade de proporcionar unha mellor e máis completa información á sociedade sobre o estado do medio ambiente e as variables relacionadas co desenvolvemento sostible. Esta necesidade ven determinada non só por unha cada vez máis rigorosa normativa de ámbito comunitario (en particular a derivada da convención de Aarhus), senón pola imprescindible participación e plena implicación dos cidadáns nas cuestións de índole medioambiental. Para estes efectos, empréganse, fundamentalmente, dous instrumentos: a páxina web e o Sistema de información ambiental (SIAM), que incorporará información actualizada de calidade. Publicarase o Informe de Indicadores Ambientais de Galicia, que tamén estará disponible na páxina web do SIAM. Estudiarase a posibilidade de incluír novos indicadores ambientais respecto aos publicados no 2008.

b) Observación e predición ambiental.

A situación xeográfica de Galicia fai que sexa receptora de importantes perturbacións meteorolóxicas, polo que necesita dispor dunha predición específica e local, coa fin de apoiar o exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de medio ambiente, pesca, agricultura, protección civil, turismo, sanidade, obras públicas, etc. A elaboración dunha predición meteorolóxica de calidade permitirá facilitar a adopción de medidas preventivas para protexer a poboación e os diferentes sectores fronte ás situacións meteorolóxicas potencialmente adversas. Neste senso, compre destacar a instalación e posta en marcha dun radar meteorolóxico, que constitúe o instrumento central do plan de prevención de riscos hidrolóxicos. Desenvolveranse novas ferramentas para usar o radar meteorolóxico na predición meteorolóxica cotidiá e de adversos.

No ano 2009, reforzarase a Rede de Seguimento do estado ecolóxico das masas de auga de Galicia, tanto continentais como mariñas costeiras e de transición, co remate das obras de acondicionamento do novo laboratorio ubicado en Lourizán.

Asemade, a necesidade de observar, analizar e predecir os potenciais efectos dos cambios ambientais sobre os ecosistemas de Galicia, derivou na 2008 a posta en marcha dunha rede de observación ambiental de Galicia (ROAGA). Dita rede está constituída por estacións de seguimento ubicadas en ecosistemas representativos de Galicia, nos que se leva a cabo unha toma de mostras periódica de variables físicas, químicas, xeolóxicas e biolóxicas.

Os traballos a realizar nesta área serán os seguintes:

-Elaborar predicións meteorolóxicas dúas veces ao día, durante todos os días do ano, e predicións meteorolóxicas por localidades, así como predicións específicas; Camiños de Santiago, praias, ultravioleta, alertas por vaga de calor, etc. Servizo de prognóstico meteorolóxico a medio prazo.

-Elaborar predicións marítimo costeiras, predición e seguimento de fenómenos meteorolóxicos adversos.

-Emprender os traballos para a posta en funcionamento do novo radar meteorolóxico.

-Emprender os traballos para a posta en funcionamento da rede de detección de raios e lanzamento periódico do radiosondeo.

-Potenciar o servizo de información meteorolóxica mariña mediante modelos de predición de ondaxe ao convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Portos do Estado.

-Estender os modelos predictivos de circulación mariña ás catro Rías Baixas.

-Colaborar co Instituto Enerxético de Galicia (Inega) en materia de enerxías renovables, co que se pretende realizar, entre outros obxectivos, a análise dos recursos enerxéticos renovables de Galicia, especialmente de recursos eólicos e mariños.

-Potenciar o coñecemento de clima en Galicia para dar resposta aos Plans de Adaptación ao Cambio Climático.

-Consolidar a rede de seguimento do estado ecolóxico das augas de Galicia.

-Desenvolvemento dunha rede de observación ambiental de Galicia, que proporciona información ambiental para detectar cambios relevantes na biodiversidade, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas naturais, así como nos bens e servizos que estes proporcionan á sociedade como resultado do deterioro ambiental antropoxénico. Elaboración dunha base de datos coas medidas e visualización na web do CINAM.

c) Fomento da investigación ambiental.

As accións de investigación ambiental céntranse nas efectuadas no Centro de Investigación e Información Ambiental.

As actuacións en investigación articularanse en torno a sete obxectivos:

-Desenvolverase un programa de divulgación do Centro de Investigación de Lourizán e das actividades e resultados máis relevantes da súa actividade

-Desenvolver proxectos de investigación, tanto exclusivos da nosa comunidade como integrados noutros de carácter nacional ou de ámbito europeo, traballando de modo coordinado con outros grupos de investigación. Os resultados obtidos nos proxectos citados publicaranse en revistas internacionais de impacto, revistas nacionais, actas de congresos e libros, así como coa participación en congresos, xornadas científicas e cursos específicos.

-Complementar a rede de observación ambiental de Galicia cos sistemas de investigación e información capaces de desenvolver o coñecemento sobre o comportamento dos sistemas naturais, necesario para previr, mitigar e restaurar os efectos que o cambio ambiental ou os eventos adversos accidentais produzan sobre os ecosistemas.

-Impulsar a investigación en prevención de riscos naturais que permita desenvolver modelos predictivos e plans de continxencia axeitados para previr riscos meteorolóxicos, de incendios, derivados de vertidos acuáticos e mariños e de emisións á atmosfera.

-Continuar cos investimentos nas instalacións do Centro de Investigación e Información Ambiental para a modernización das infraestruturas e dos equipamentos tecnolóxicos de apoio ás actividades de investigación.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible

#### **3.1.2 Do organismo autónomo**

### **PROGRAMA 542A. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA**

#### **1. Descrición**

Neste programa inclúese a programación, aprobación e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, a ordenación e concesión dos recursos hidráulicos das cuncas do territorio galego, así como a implantación dun plan de control de vertidos e, polo tanto, toda a xestión que contempla o Plan hidrolóxico da cunca de Galicia-Costa. Ademais, tamén se recollerán as directrices de protección do medio ambiente ante actuacións derivadas do aproveitamento da auga, así como os principios de prevención de riscos.

Como obxectivo transversal a todas as actuacións, preséntase neste programa a adaptación ás directrices marcadas pola Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, máis coñecida como Directiva Marco da Auga. Outros obxectivos fundamentais deste programa son mellorar as infraestruturas hidráulicas, acadar unha xestión axeitada e un uso racional da auga, protexer e conservar o medio hidrolóxico, mellorar a calidade do recurso hídrico e acadar un nivel axeitado de protección ante eventos extraordinarios.

## 2. Actividades

Entre as actuacións máis destacadas para conseguir os obxectivos propostos merecen destacarse as seguintes:

1. Reorientación da política de augas e realización dos traballos necesarios para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga.
2. Explotación e mantemento da rede foronómica nas cuncas de Galicia-costa.
3. Explotación de presas.
4. Aplicación de medidas preventivas que reduzan os danos derivados de eventos de desbordamento e inundación.
5. Implantación dunha rede de control para a xestión integrada dun sistema automático de calidade das augas e dos vertidos ao dominio público hidráulico que reporte información en tempo real (REDE SAICA, Sistema Automático Integrado de Calidade das Augas e REDE CAVE, Calidade das augas e control de vertidos).
6. Xestión do canon de saneamento.
7. Asesoramente das explotacións de EDARs que están sendo explotadas polas entidades locais.

## 3. Órganos encargados da súa execución

Augas de Galicia

# PROGRAMA 542B. INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

## 1. Descrición

Neste programa acóllese todo o relativo á planificación e xestión, tanto da construción como da explotación, das infraestruturas dos servizos públicos de subministro de auga potable e de recollida das augas residuais, aspectos centrais no ciclo da auga. Realizaranse, ademais, as obras hidráulicas que teñan como obxecto a mellora de marxes de ríos.

O obxectivo fundamental deste programa é potenciar as infraestruturas básicas que permitan unha maior accesibilidade e unha mellor xestión dos recursos hídricos aos sectores produtivos e ás áreas urbanas e rurais, para dotar destes servizos fundamentais a todos os núcleos de poboación dunha forma

progresiva. Outros obxectivos son os de incremento da calidade e o aforro do recurso hídrico, mellorar o estado ecolóxico das rías e avanzar cara a meta final de acadar o vertido cero na nosa Comunidade.

## **2. Actividades**

En 2009, de cara a consecución dos obxectivos que se acaban de presentar, prevense as seguintes liñas principais de actuación:

1. Construción e mellora de estacións de tratamento de auga potable, captacións, depósitos e redes de distribución, en colaboración cos concellos.
2. Construción de estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores e emisarios, e acometer novas actuacións en aglomeracións de menos de 2.000 h-e.
3. Execución das actuacións de saneamento e depuración naquelas aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes, coa fin de acadar os obxectivos marcados pola Directiva 91/271/CEE, de tratamento de augas residuais.
4. Dotación de infraestruturas de abastecemento e saneamento a pequenos núcleos de poboación, en colaboración cos concellos e outras entidades locais.
5. Actuacións, concertadas coa Confederación Hidrográfica do Norte, de obras hidráulicas de abastecemento e saneamento declaradas de interese xeral, no marco da Lei do Plan hidrolóxico nacional.
6. Acometer actuacións de mellora do medio natural, con actuacións de restauración hidrolóxica e ambiental das canles fluviais, entre elas a mellora da ría de Vigo de acordo cos compromisos adquiridos coa Unión Europea.

## **3. Órganos encargados da súa execución**

Augas de Galicia

Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

**CADROS NUMÉRICOS**

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos**

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	80	Total
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	19.559,4					19.559,4
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor medio natural		37.414,0				37.414,0
541D-Control ambiental e xestión de residuos			24.754,4			24.754,4
541E-Coñecemento do ambiente e fomento da sustentabilidade				13.458,4		13.458,4
542A-Planificación e xestión hidrolóxica					23.190,1	23.190,1
542B-Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento					141.804,1	141.804,1
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica				2.157,1		2.157,1
<b>Total</b>	<b>19.559,4</b>	<b>37.414,0</b>	<b>24.754,4</b>	<b>15.615,5</b>	<b>164.994,2</b>	<b>262.337,6</b>

(Miles de euros)

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos**

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	6.684,8	6.289,0		563,5	1.813,0	4.209,1	19.559,4
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor medio natural	14.886,4			551,1	17.862,1	4.114,5	37.414,0
541D-Control ambiental e xestión de residuos	3.546,6			1.225,8	14.432,1	5.549,8	24.754,4
541E-Coñecemento do ambiente e fomento da sustentabilidade	1.084,8			544,3	10.517,0	1.312,3	13.458,4
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	5.588,3	1.167,5	26,4		16.407,9		23.190,1
542B-Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento					10.819,8	130.984,3	141.804,1
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	2.087,1			70,0			2.157,1
<b>Total</b>	<b>33.878,1</b>	<b>7.456,5</b>	<b>26,4</b>	<b>2.954,7</b>	<b>71.851,9</b>	<b>146.170,1</b>	<b>262.337,6</b>

**Distribución orgánica**

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.572,0	6.684,8	1,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.237,7	6.289,0	20,1
Cap. IV - Transferencias correntes	730,0	563,5	-22,8
Cap. VI - Investimentos reais	2.566,0	1.813,0	-29,3
Cap. VII - Transferencias de capital	6.052,1	4.209,1	-30,5
<b>Total</b>	<b>21.157,8</b>	<b>19.559,4</b>	<b>-7,6</b>

(Miles de Euros)

02 D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	13.240,6	14.886,4	12,4
Cap. IV - Transferencias correntes	606,9	551,1	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	14.938,7	17.862,1	19,6
Cap. VII - Transferencias de capital	3.874,9	4.114,5	6,2
<b>Total</b>	<b>32.661,1</b>	<b>37.414,0</b>	<b>14,6</b>

(Miles de Euros)

03 D.X. DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.454,0	3.546,6	2,7
Cap. IV - Transferencias correntes	1.350,0	1.225,8	-9,2
Cap. VI - Investimentos reais	18.558,7	14.432,1	-22,2
Cap. VII - Transferencias de capital	4.338,1	5.549,8	27,9
<b>Total</b>	<b>27.700,7</b>	<b>24.754,4</b>	<b>-10,6</b>

(Miles de Euros)

04 D.X. DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.067,9	3.172,0	3,4
Cap. IV - Transferencias correntes	560,0	614,3	9,7
Cap. VI - Investimentos reais	9.328,5	10.517,0	12,7
Cap. VII - Transferencias de capital	1.258,3	1.312,3	4,3
<b>Total</b>	<b>14.214,6</b>	<b>15.615,5</b>	<b>9,9</b>

(Miles de Euros)

80 AUGAS DE GALICIA	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.270,1	5.588,3	6,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.285,8	1.167,5	-9,2
Cap. III - Gastos financeiros	70,8	26,4	-62,8
Cap. VI - Investimentos reais	23.932,9	27.227,7	13,8
Cap. VII - Transferencias de capital	129.770,2	130.984,3	0,9
<b>Total</b>	<b>160.329,8</b>	<b>164.994,2</b>	<b>2,9</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	21.157,8	19.559,4	-7,6
02 D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	32.661,1	37.414,0	14,6
03 D.X. DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	27.700,7	24.754,4	-10,6
04 D.X. DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	14.214,6	15.615,5	9,9
80 AUGAS DE GALICIA	160.329,8	164.994,2	2,9
<b>Total</b>	<b>256.064,1</b>	<b>262.337,6</b>	<b>2,4</b>

(Miles de Euros)

## Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA./Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	26.334,4	28.289,8	5.270,1	5.588,3			31.604,4	33.878,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.237,7	6.289,0	1.285,8	1.167,5			6.523,5	7.456,5
Cap. III - Gastos financeiros			70,8	26,4			70,8	26,4
Cap. IV - Transferencias correntes	7.364,6	7.283,2			4.117,6	4.328,6	3.246,9	2.954,7
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>38.936,6</i>	<i>41.862,0</i>	<i>6.626,7</i>	<i>6.782,2</i>	<i>4.117,6</i>	<i>4.328,6</i>	<i>41.445,7</i>	<i>44.315,6</i>
Cap. VI - Investimentos reais	45.391,9	44.624,2	23.932,9	27.227,7			69.324,8	71.851,9
Cap. VII - Transferencias de capital	132.869,7	136.137,8	129.770,2	130.984,3	117.346,3	120.952,1	145.293,6	146.170,1
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>178.261,6</i>	<i>180.762,0</i>	<i>153.703,1</i>	<i>158.212,0</i>	<i>117.346,3</i>	<i>120.952,1</i>	<i>214.618,4</i>	<i>218.022,0</i>
<b>Total</b>	<b>217.198,2</b>	<b>222.624,0</b>	<b>160.329,8</b>	<b>164.994,2</b>	<b>121.463,9</b>	<b>125.280,6</b>	<b>256.064,1</b>	<b>262.337,6</b>

(Miles de Euros)

## Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	9	9
<i>Persoal funcionario</i>	471	471
Subgrupo A1	168	144
Subgrupo A2	11	27
Subgrupo C1	218	226
Subgrupo C2	64	64
Grupo E e agrupacións profesionais	10	10
<i>Persoal laboral</i>	330	331
Grupo I	23	24
Grupo II	3	3
Grupo III	51	51
Grupo IV	48	48
Grupo V	205	205
<i>Outro persoal</i>	1	
<b>TOTAL</b>	<b>811</b>	<b>811</b>



Augas de Galicia	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	105	106
Subgrupo A1	41	30
Subgrupo A2	22	22
Subgrupo C1	10	21
Subgrupo C2	27	27
Grupo E e agrupacións profesionais	5	6
<i>Persoal laboral</i>	53	64
Grupo I		2
Grupo II	2	2
Grupo III	14	14
Grupo IV	34	42
Grupo V	3	4
<i>Outro persoal</i>	6	
<b>TOTAL</b>	<b>165</b>	<b>171</b>

### Sociedades públicas

	2009		
	Explo.	Capit.	TOTAL
Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A.	107.409,0	5.111,0	112.520,0
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos	4.425,0	186.590,0	191.015,0

(Miles de euros)



# **CONSELLERÍA DE TRABAJO**

## **SECCIÓN 16**



---

## 1. COMPETENCIAS

---

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa vez, o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, fixa a estrutura orgánica dos seus departamentos. No que atinxe á Consellería de Traballo, procedeu o desenvolvemento da súa estrutura orgánica básica ata o nivel de xefatura de servizo, distribuíndo as funcións que ten asignadas de xeito que permita o seu exercicio coa máxima eficacia.

Así mesmo o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, modificado polos Decretos 20/2007, do 22 de febreiro e 14/2008, do 7 de febreiro, establece que a Consellería de Traballo ten atribuídas, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución Española, o exercicio das competencias e funcións en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías nesta materia.

A Consellería de Traballo desempeñará as funcións da súa competencia a través dos seguintes órganos superiores:

1. O Conselleiro
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Promoción do Emprego
4. Dirección Xeral de Formación e Colocación
5. Dirección Xeral de Relacións Laborais
6. Delegacións Provinciais

Así mesmo están adscritos á Consellería de Traballo, coa composición e funcións que sinalan as súas normas de creación, os seguintes órganos:

1. Comité Autonómico de Emprego e os Comités Provinciais de Emprego e Seguimento de Contratación Laboral.
2. O Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e os Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral.
3. O Consello Galego de Cooperativas.

Finalmente a este departamento está adscrito o Consello Galego de Relacións Laborais, creado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, como ente institucional de diálogo entre os sindicatos e as asociacións empresariais, e órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas á súa política

laboral. O Consello Galego de Relacións Laborais conta con personalidade xurídica e patrimonio de seu e actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins .

Así mesmo queda adscrito á Consellería de Traballo o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, como organismo autónomo de carácter administrativo que se configura como órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais.

## SECRETARÍA XERAL

Exercerá as funcións e competencias establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, en relación con todas as unidades e servizos dependentes da Consellería de Traballo así como as que lle atribúa a normativa en vigor, en particular o Decreto 536/2005 mencionado e a Orde do 7 de setembro de 2006 sobre delegación de competencias nos órganos centrais e periféricos desta consellería .

A título singular pódense sinalar as seguintes:

1. A xestión do persoal adscrito á consellería.
2. A confección do borrador do anteproxecto de orzamentos da consellería e o seu seguimento e control.
3. A xestión dos expedientes de contratación administrativa, así como o seguimento e control da execución de todos os contratos.
4. O desenvolvemento das funcións de supervisión dos proxectos respecto das obras que realiza a consellería.
5. Velar pola correcta implantación dos sistemas de informatización dentro da consellería e do sistema de xestión dos procedementos administrativos.
6. Coidar do correcto funcionamento do rexistro xeral da consellería e do arquivo.
7. Protectorado das fundacións de interese galego.
8. O estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral, a elaboración de compilacións e a proposta de refundición das normas emanadas da consellería.
9. Coordinación das publicacións e as funcións relativas ao plan de publicacións da consellería.
10. Coordinación das aplicacións estatísticas da consellería.

## DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO

Á Dirección Xeral de Promoción do Emprego correspóndelle o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de fomento do emprego nas empresas e nas entidades privadas sen ánimo de lucro. Así mesmo, levará a cabo a programación, seguimento e control das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento (UPD), así como dos programas de cooperación e deseñará e desenvolverá as accións correspondentes ao seu ámbito competencial recollidas nos plans de emprego.

As súas funcións foron obxecto de traspaso polo Estado á Xunta de Galicia polos seguintes reais decretos:

1. Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo.
2. Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administrativa do Fondo Nacional de Protección ao Traballo.
3. Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN

Á Dirección Xeral de Formación e Colocación correspóndelle o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de cualificacións e competencia profesional, de formación para o emprego, as de formación profesional para o emprego (contratos programa e accións complementarias), e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a perspectiva do mercado de traballo, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Instituto Galego de Estatística. Así mesmo, exercerá as funcións relativas ao cumprimento das obrigas de empresarios e traballadores e, se é o caso, a comunicación ao órgano competente para proceder á potestade sancionadora nas materias relativas ao emprego e desemprego.

Desenvolverá tamén as competencias que lle correspondan a esta consellería en materia de expedición de certificados de profesionalidade ou a acreditación parcial acumulable correspondente. Así mesmo, desenvolverá e aplicará as competencias da consellería para a execución do procedemento establecido para a avaliación e acreditación das competencias da poboación activa de Galicia.

Correspóndelle a elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.

As súas funcións foron traspasadas polas seguintes disposicións:

1. Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, de traspaso de funcións e servizos da xestión de formación profesional ocupacional á Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación.
3. Sentenza 190/2002, do Tribunal Constitucional, do 17 de outubro; Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua; Orde TAS/2782/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas para a realización das accións complementarias e de acompañamento á formación; Orde TAS/2783/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de traballadores.
4. Decreto 106/2006, do 30 de xuño, traspaso de funcións e servizos do ISM a Xunta de Galicia .
5. Real decreto 552/2006, do 5 de maio, de ampliación dos medios económicos adscritos aos servizos traspasados a Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, en materia de xestión da formación profesional ocupacional.

## DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

As actividades levadas a cabo pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, e polos organismos periféricos dependentes funcionalmente deste centro directivo, quedaron concretadas no marco competencial atribuído en función da estrutura orgánica da consellería, no relativo ás competencias asumidas en materia de traballo, seguridade e saúde laboral, e cooperativas e outras entidades de economía social, en virtude dos reais decretos de traspasos de funcións e servizos e lei orgánica, nestas materias:

1. Materia de traballo:
  - a) Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, sobre consolidación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en fase preautonómica.



- b) Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo.
  - c) Real decreto 2101/1984, do 10 de outubro, sobre valoración definitiva e ampliación de funcións e medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo.
  - d) Real decreto 4104/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación, arbitraje e conciliación.
  - e) Real decreto 666/1984, do 8 de febreiro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación, arbitraje e conciliación.
  - f) Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administrativa do Fondo Nacional de Protección ao Traballo.
  - g) Real decreto 1999/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de expedientes de regulación de emprego.
2. Materia de cooperativas e economía social:
- a) Real decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais.
  - b) Artigo 2 da Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencia exclusiva en materia de cooperativas e mutuas non integradas no sistema da Seguridade Social, respectando a lexislación mercantil, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía.
3. Materia de seguridade e saúde laboral:
- a) Real decreto 2381/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de gabinetes de seguridade no traballo.
  - b) Real decreto 2969/1983, do 19 de outubro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de gabinetes provinciais do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

## ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS

### INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral é un organismo autónomo de carácter administrativo, creado e regulado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, e que ten como fin ser unha auténtica plataforma de actuación e órgano estable entre a Administración autonómica e os axentes económicos e sociais e máis un instrumento eficaz con personalidade e autonomía, para avanzar na redución e a eliminación na orixe dos riscos inherentes ao traballo.

Estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade do persoal traballador, homes e mulleres, respecto dos centros de traballo radicados en Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo, e correspóndelle a xestión e coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma.

Para o desempeño dos seus fins o instituto conta cos seguintes órganos de dirección:

A dirección do instituto, como órgano executivo ao que lle corresponden, entre outras, as seguintes funcións:

1. Representar legal e institucionalmente ao instituto.
2. Dirixir os servizos administrativos do instituto e desenvolver a xefatura de todo o persoal ao servizo del.
3. Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagos correspondentes.
4. Elaborar o borrador do anteproxecto de orzamento.
5. Actuar como órgano de contratación e subscribir os convenios e acordos que corresponda.
6. Elaborar a memoria anual.
7. Proporcionar ás consellerías con competencias concorrentes na materia de seguridade e saúde laboral tanta información precisen para o desenvolvemento das súas funcións.
8. Asistir ás reunións do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e facilitarlle tanta información precisen para o desenvolvemento das súas funcións.

A comisión de goberno, á que lle corresponde establecer os criterios xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral na comunidade autónoma así como as liñas xerais de actuación do instituto, ademais de aprobar o seu plan anual de actividades.

Na estrutura orgánica do instituto intégranse como órganos territoriais provinciais os centros de seguridade e saúde laboral. As súas funcións foron obxecto de traspaso polo Estado á Xunta de Galicia polos seguintes reais decretos:

1. Real decreto 2381/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de gabinetes de seguridade no traballo.
2. Real decreto 2969/1983, do 19 de outubro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de gabinetes provinciais do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

Normativa de aplicación:

1. Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
2. Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, e se establece a estrutura básica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
3. Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

## ENTES DE DEREITO PÚBLICO

### CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

A Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, publicada no DOGA do 11 de xuño, converte a este órgano nun ente público de carácter independente con autonomía e investido de personalidade xurídica e capacidade de obrar para acadar os fins que ten encomendados. O Consello constitúese como un lugar permanente para o diálogo entre os axentes sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

O Consello, ademais de ter que ditaminar preceptivamente todos os proxectos normativos da Xunta sobre política laboral e fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía consagrado no artigo 37.1 da Constitución española, impulsando unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial, debe desenvolver un importante labor de estudo sobre

temas variados da nosa realidade social e propiciar o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de máis interese en cada momento, mediante a organización de seminarios, xornadas e foros semellantes. Ademais, ten encomendado polos sindicatos e organizacións empresariais asinantes do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), a xestión dos procedementos de conciliación, mediación e arbitraje nel contemplados.

O Consello componse dos membros seguintes:

1. Unipersoais:
  - a) Unha presidenta ou presidente.
  - b) Unha secretaria ou secretario xeral.
2. Colexiados:
  - a) O Pleno, integrado por todas as persoas que compoñen o Consello Galego de Relacións Laborais, persoa titular da presidencia, persoa titular da secretaría xeral e catorce persoas membros, das que sete persoas serán membros das organizacións sindicais e sete persoas membros das organizacións empresariais.
  - b) A Comisión Permanente, composta pola persoa titular da presidencia, pola persoa titular da secretaría e por seis membros do consello en representación das organizacións que o compoñen, das cales tres persoas corresponderán ás organizacións empresariais e tres ás organizacións sindicais máis representativas.
  - c) As comisións de traballo que o Pleno acorde crear.
  - d) Observatorio Galego de Convenios Colectivos.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009

---

### SECRETARÍA XERAL

A Secretaría Xeral como elemento coordinador dos órganos administrativos adscritos á consellería, ten como cometido o de facilitar a consecución dos obxectivos xerais da mesma mediante a colaboración, supervisión, coordinación e apoio a eses órganos.

Así mesmo, como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas, do apoio loxístico dos servizos comúns aos demais órganos dos servizos centrais, ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións tanto de mantemento e conservación das instalacións, como da seguridade dos bens e as persoas, avaliando e planificando as novas necesidades que se produzan.

Segundo isto, os principais obxectivos e liñas de acción desta Secretaría Xeral para o ano 2009 son:

1. Consolidar un marco institucional e operativo coordinado e eficaz, potenciando a consecución dunha maior eficiencia no desenvolvemento dos obxectivos dos centros directivos e así conseguir optimizar as accións que se levan a cabo ao servizo do administrado, especialmente as adoptadas en aplicación dos Acordos tomados en sede de Diálogo Social en Galicia e a Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.
2. A coordinación da xestión dos distintos servizos e órganos adscritos á consellería, racionalizando e mellorando os procedementos administrativos en materia de réxime interno e persoal e introducindo os principios derivados da Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
3. O desenvolvemento das aplicacións estatísticas.
4. Xestionar o mantemento das dependencias da consellería, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novos espazos, tanto centrais coma periféricos.
5. Mellora e impulso da contratación administrativa de toda a consellería en aplicación dos Acordos adoptados en sede de Diálogo Social en Galicia.
6. Impulso e coordinación das políticas da consellería cara á introdución do principio de igualdade no ámbito socio-laboral.
7. Coordinación e difusión das políticas derivadas da sinatura do Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo Emprego.
8. Introducción da perspectiva de xénero en todas as actividades da consellería.

9. Racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.
10. Aplicación dos principios derivados da Lei de transparencia.
11. Liderar proxectos de modernización tecnolóxica de carácter horizontal, destacando os dous seguintes:
  - a) Implantación dunha estratexia de Business Intelligence (Intelixencia de Negocio) na consellería.
  - b) Iniciativas de administración electrónica.
12. Liderar proxectos de modernización tecnolóxica sectorial para áreas da consellería ás que se lle prestan servizos relativos á función informática.
13. Adoptar políticas de racionalización do gasto.
14. Aqueles outros derivados da xestión dos recursos humanos e materiais, a contratación, e outros correspondentes aos servizos comúns desta consellería.

## DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO

O Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia subscrito o 5 de febreiro pasado como resultado do Dialogo Social en Galicia pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o S.N. de CCOO de Galicia, establece os obxectivos a acadar en materia de emprego no período 2006-2010 na liña de converxer nos principais indicadores do mercado laboral coa media do Estado e coa de Europa e as medidas e recursos que se implementarán cara á consecución dos obxectivos.

Así, a Xunta de Galicia e os axentes sociais están a acordar un conxunto de actuacións concretas que introduzan cambios inmediatos tanto no mercado de traballo como nas relacións laborais en Galicia co fin de lograr, entre outros obxectivos, “emprego estable sen precariedade, igualdade entre homes e mulleres, mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz, o crecemento da economía e do tecido produtivo, e o benestar e a cohesión social”.

A Consellería de Traballo partindo da mellora cualitativa e cuantitativa do emprego en Galicia planifica as súas actuacións na busca dun mercado de traballo con traballadores e traballadoras coa cualificación axeitada, a formación necesaria e a estabilidade requirida para acadar unha alta produtividade dentro dun marco empresarial competitivo.

A precariedade laboral trae consigo unha serie de efectos negativos (sinistralidade, freo á emancipación, salarios á baixa, baixa produtividade, escaso investimento en formación, ...) que a Consellería de Traballo quere evitar potenciando un emprego estable e de calidade.

A diagnose do mercado de traballo en Galicia amósanos a realidade dos colectivos con maiores dificultades de inserción ou reinserción ao mercado laboral: mulleres, maiores de 55 anos, demandantes dun primeiro emprego, parados de longa duración, persoas con discapacidade, persoas con grave risco de exclusión social e traballadores con contratos en precario.

A mocidade galega esixe unha política dirixida a favorecer a súa incorporación ao mundo laboral cun horizonte de estabilidade que lles permita o seu desenvolvemento persoal e planearse un proxecto de vida independente.

Para acadar estes obxectivos débense deseñar políticas activas de emprego que teñan en conta as necesidades do mercado de traballo de Galicia e as necesidades de cualificación dos demandantes de emprego; así mesmo é preciso facer unha análise física (por territorios) e humana (por colectivos) que detecte onde se atopan as maiores necesidades de incidencia das citadas políticas.

A liña troncal de actuación en materia de promoción do emprego vén definida polos seguintes aspectos:

1. A busca da igualdade de homes e mulleres no mercado laboral é obxectivo prioritario do goberno de Galicia. A discriminación que sofren as mulleres asalariadas, e tamén no autoemprego e no mundo empresarial require medidas ambiciosas máis alá das que pretenden favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Peza fundamental deste ámbito é a Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, que a Consellería de Traballo desenvolverá para promover a inserción laboral das mulleres e, en especial, a ter en conta a participación das mulleres no desenvolvemento rural e o emprendimento feminino.
2. O paro na xente xove é un problema en si mesmo, pero ademais pon trabas ao seu desenvolvemento persoal e a súa plena integración social. Por iso, a mellora da empregabilidade e a incorporación real ao mercado de traballo da mocidade galega é un obxectivo prioritario da Consellería de Traballo.
3. Respecto á inserción laboral dos traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social a Xunta de Galicia ten unha dobre obriga: por unha banda exercer un labor de concienciación social e sensibilización do compromiso de toda a sociedade na busca da plena integración e, por outro lado, cumprir coa propia obriga como Administración de poñer en marcha as políticas axeitadas para a súa consecución. Neste aspecto destaca o apartado de incentivos á contratación levada a cabo pola Xunta

de Galicia apoiando, incluso, a contratación temporal destes colectivos e o desenvolvemento, impulso e apoio das Empresas de Inserción Laboral.

4. As directrices da Estratexia Europea de Emprego poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos xacementos de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego. Consecuentemente con estas previsións, a Xunta de Galicia impulsará os Programas de Cooperación especialmente, con entidades locais, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, das persoas traballadoras desempregadas que participen nos mesmos, co obxectivo final de acadar un contorno local propicio á creación de emprego e de potenciar o papel das entidades locais como motoras da creación de emprego.
5. A Administración galega é consciente da necesidade de mellorar un dos aspectos máis deficitarios do ámbito económico e laboral galego: a innovación, como elemento clave na mellora da competitividade. A Consellería de Traballo deseñará programas de apoio para aproveitar as vantaxes da tecnoloxía e do desenvolvemento da sociedade do coñecemento; estes programas centraranse fundamentalmente na concienciación e sensibilización empresarial, na implantación das tecnoloxías da información e a comunicación nas empresas, co obxectivo último de crear emprego.
6. A poboación inmigrante, ademais de compensar o envellecemento poboacional galego, axuda a compensar a escaseza de man de obra en certos sectores; desde unha perspectiva meramente económica, permitirá manter os niveis de produción ademais de contribuír ao sostemento da protección social. A Xunta de Galicia ten como obxectivo dinamizar o potencial de creación de riqueza que implica a integración laboral do colectivo inmigrante. Asemade asume como compromiso o logro dun mercado laboral inclusivo, no que a igualdade de oportunidades e a non discriminación sexan efectivas.
7. Os autónomos teñen un importante peso na economía galega, cunha porcentaxe sobre o total de afiliados moi superior á media estatal. Neste apartado, a aprobación do Estatuto do Traballo Autónomo supón un importante avance e unha oportunidade. A Consellería de Traballo potenciará o apoio a este colectivo como un dos eixes primordiais da súa política.

En consecuencia, no marco xeral constituído pola Estratexia Europea para o Emprego, o Programa Operativo Integrado de Galicia 2007-2013, o Plan Nacional de Reformas do Reino de España e do Acordo polo emprego: novo marco de relacións laborais en Galicia, as políticas activas de emprego apostarán por:



1. Un mercado laboral con alta taxa de estabilidade, emprego de calidade e alta produtividade.

O obxectivo final é un mercado de traballo no que o habitual sexa ter unha relación laboral estable e cunhas condicións que freen a emigración e o paro das galegas e galegos, especialmente do sector máis xove. Cabe lembrar que o acordo sobre as bases programáticas para a acción do goberno establece como primeiro eixo de acción para os anos 2005-2009 “o pulo do emprego de calidade, estable, vencellado a unha economía competitiva e aberta aos mercados e sectores de futuro”.

Pero a aposta pola estabilidade laboral non é só por defender os dereitos dos traballadores senón, tamén, unha aposta estratéxica por un modelo empresarial eficiente, competitivo e socialmente responsable.

Nesta aposta do goberno galego, e no marco do DIÁLOGO SOCIAL seguirase pedindo ás organizacións empresariais e aos sindicatos un esforzo para que, pola vía da negociación colectiva, impulsen a estabilidade nos distintos sectores produtivos.

2. Consecución dun mercado laboral con igualdade real de oportunidades para homes e mulleres.

Galicia será pioneira afrontando o principio de igualdade no ámbito do emprego, cun desenvolvemento normativo apoiado nos principios de igualdade, universalidade e transversalidade. A participación das mulleres no mercado laboral, aproveitando a súa capacidade de emprendimento, ten que ser en condicións reais de igualdade un obxectivo a acadar no menor tempo posible coa participación e colaboración dos axentes sociais.

3. Fomento do espírito emprendedor.

O impulso e apoio da iniciativa emprendedora, sobre todo entre traballadores e traballadoras procedentes de sectores afectados pola desaceleración económica é outro dos eixes prioritarios de actuación da Consellería de Traballo. O goberno galego aposta por proxectos e iniciativas empresariais que xeren emprego, impulsando a capacidade creativa, innovadora e emprendedora da sociedade galega. Este apoio das políticas activas ao espírito emprendedor vai dirixido a fomentar o autoemprego como vía de inserción laboral, pero tamén cara a un cambio do modelo produtivo, necesitado de modernización e innovación empresarial.

Cara a consecución deste obxectivo executaranse medidas de acompañamento á capitalización da prestación por desemprego, de asesoramento activo para o desenvolvemento dos proxectos empresariais xeradores de emprego e de incentivos directos á creación de novas iniciativas empresariais que permitan garantir a súa supervivencia nun mercado cada vez máis competitivo.

Ademais de potenciar o programa de apoio ao emprego autónomo con medidas como o incremento da subvención polo establecemento como traballador autónomo ou por conta propia, nova subvención para a formación, axuda excepcional, para o pagamento dos primeiros gastos da actividade ou incremento da subvención financeira de redución de xuros, a Consellería de Traballo debe aproveitar o avance que supón a aprobación do Estatuto do Traballo Autónomo, e elaborará a normativa reguladora do rexistro galego de autónomos e a creación do Consello Galego do Traballo Autónomo, órgano consultivo en materia socioeconómica e profesional.

Así mesmo, potenciaranse os instrumentos de apoio para o asesoramento e impulso de iniciativas emprendedoras, establecendo novas modalidades de subvencións para os axentes de emprego e desenvolvemento local e axentes de emprego e as unidades de promoción e desenvolvemento.

4. Poñer en relación o mercado laboral co desenvolvemento da innovación.

Desenvolver os programas INNOVA e COOPERA co fin de aproveitar, mediante o financiamento de axentes de emprego especializados, o potencial en investigación, desenvolvemento e innovación das empresas galegas, en especial no sector das cooperativas. O obxectivo principal será asesorar e dinamizar en materia de innovación e detectar as necesidades de formación das traballadoras e traballadores para promover a súa adaptabilidade.

5. Favorecer aos colectivos máis desfavorecidos: persoas con discapacidade e traballadoras e traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

Existe un importante grupo de desempregados que presentan unha imposibilidade case absoluta para acceder ao mercado laboral polas vías ordinarias, persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social. Contar cun traballo e mellores perspectivas profesionais mediante a formación é a mellor prevención contra a exclusión social.

Proporcionar oportunidades e cualificación ás persoas máis desfavorecidas e socialmente vulnerables permite que ocupen máis facilmente o seu posto na sociedade. Por moi óptima que sexa a situación socioeconómica global, por moi ben que funcionen as variables macroeconómicas, sempre haberá persoas que non son de interese para o mercado ordinario. As receitas ultraliberais non funcionan cando estamos ante xente cun baixo nivel de empregabilidade.

A nova Axenda Social, acorde coa estratexia revisada de Lisboa, céntrase en asegurar que os beneficios do crecemento e o emprego da UE cheguen a toda a poboación, preparando, para os cambios sociais da globalización e os progresos tecnolóxicos sobre todo aos membros máis vulnerables da sociedade.

Nesta liña o goberno galego aprobou unha norma que regula as empresas de inserción para proporcionar ás traballadoras e traballadores en risco de exclusión social medidas personalizadas de apoio e unha formación dirixida ao aprendizaxe dunha determinada actividade profesional e adecuación do seu nivel formativo ao mercado de traballo; establecer unhas pautas de funcionamento destinadas á adquisición de hábitos sociais, así como o acompañamento social encamiñado a satisfacer e resolver problemáticas persoais e de convivencia que poidan impedir ou dificultar o desenvolvemento do proceso de adaptación social.

Esta norma verase complementada cun programa de incentivos ao desenvolvemento destas empresas de inserción laboral.

Unha vez definidos os obxectivos da Consellería de Traballo, as *frontes de actuación* do departamento para o exercicio orzamentario 2009 son as seguintes:

1. Promover o progresivo incremento da participación da muller no mundo laboral mediante a introdución da perspectiva de xénero no ámbito laboral. Trátase de corrixir unha situación de discriminación que trae aparellada salarios máis baixos, menor oportunidade de promoción, maior taxa de desemprego, superior taxa de precariedade, menor índice de autoemprego e de empresarias. Para comezar a paliar esta situación procederase á creación de novos instrumentos que permitan a consecución do obxectivo de igualar as oportunidades de mulleres e varóns no ámbito do emprego. Así, créase a Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo; promoverase a “Marca Galega de Excelencia en Igualdade” para as empresas que acrediten unha política real e efectiva de igualdade na súa organización; da concesión da marca derivaranse dereitos e facultades tales como a preferencia na adxudicación de contratos da comunidade autónoma, co fin de que aqueles que tamén son responsables da economía galega colaboren en que o principio de igualdade sexa o vertebrador das políticas empresariais deste país. Prevense outras novas medidas como son os Bancos Municipais de Tempo e os Plans de Programación do Tempo da Cidade. Estes dous proxectos, cuxa xestión será municipal, están destinados a que no futuro na nosa comunidade se leve a cabo a administración do tempo considerado como un ben escaso e de gran valor, para o cal se contará coa participación de toda a cidadanía. Os Bancos Municipais de Tempo nutriranse a través de redes comunitarias de apoio á conciliación. Pola súa banda, os Plans de Programación do tempo da Cidade pretenden, mediante a función dunha persoa responsable e dunha mesa de concertación, con ampla participación de actores sociais, coordinar os horarios da cidade coas esixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía. Destaca, así mesmo a creación dun Consello Galego de Participación das Mulleres, onde ostentarán unha representación significativa as secretarías da Muller das organizacións sindicais e empresariais.

2. Facilitar a inserción e reinserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao emprego, a través de incentivos económicos á contratación indefinida e á transformación de contratos temporais en indefinidos, potenciando especialmente a contratación estable de mulleres en ocupacións con menor índice de emprego feminino e/ou que se reincorporen ao mercado laboral tras unha ausencia por motivos familiares; a contratación de mozos desempregados, especialmente dos que buscan o seu primeiro emprego; a contratación estable de parados de longa duración; a contratación de persoas en risco de exclusión social. Para contrarrestar a exclusión social, aparecen organizacións sen ánimo de lucro que, como promotoras de iniciativas, usan diversas formas legais que representan as novas formas de expresión da sociedade civil organizada. Entre estas novas iniciativas teñen fundamental importancia as que teñen como fin a formación e integración de persoas excluídas do mercado laboral: as empresas de inserción. A Consellería de Traballo creará o rexistro de Empresas de Inserción Laboral de Galicia e deseñará un programa de apoio a estas.
3. Cara a aproveitar as posibilidades que ofrece a mellora dos procesos de investigación, desenvolvemento e innovación de cara a un mercado máis competitivo, defínense programas de apoio á contratación de traballadores vinculados á introdución destes procesos e das novas TIC nas Pemes.
4. Desenvolver as diferentes medidas e programas de políticas activas de emprego, incardinadas no marco da Estratexia Europea para o Emprego e o Plan nacional de reformas de España, e no Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia subscrito como resultado do Dialogo Social en Galicia, trátase de articular o establecemento dun conxunto de actuacións concretas que introduzan cambios inmediatos tanto no mercado de traballo como nas relacións laborais en Galicia co fin de lograr, entre outros obxectivos, emprego estable sen precariedade, igualdade entre homes e mulleres, mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz, o crecemento da economía e do tecido produtivo, a mellora do sector primario, a política industrial e de innovación e o benestar e a cohesión social. En consecuencia, trátase de situar a Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de cohesión social que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea, garantindo os niveis da taxa de emprego; de calidade e estabilidade no emprego; de desemprego; de sinistralidade laboral; de integración laboral da xuventude; de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres galegas e de conciliación da vida familiar e laboral, co obxecto de fomentar empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de temporalidade no mercado de traballo galego e, en definitiva, a mellora da calidade do emprego e da produtividade da economía galega.
5. Favorecer a posta en marcha de novas iniciativas empresariais que respondan a sectores e actividades emerxentes ou a necesidades non cubertas no territorio de implantación co fin de

impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego nas zonas rurais e núcleos urbanos pequenos, así como no entorno da investigación e da innovación tecnolóxica. Con este mesmo obxectivo orientaranse os programas de cooperación coas corporacións locais, escolas obradoiro, etc., para que respondan tamén a estes novos xacementos de emprego, a estas novas actividades, procurándose o carácter integral destas actuacións tendo en conta as características xeográficas e poboacionais da comunidade autónoma galega nunha estratexia de cooperación institucional das administracións territoriais e de colaboración coa iniciativa privada, para dinamizar o emprego e o desenvolvemento local, a través de plans territoriais de emprego e fomentando a realización de estudos, informes e/ou actividades que teñan por obxecto coñecer as posibilidades de desenvolvemento e implantación de empresas no medio local e rural.

6. Impulsar o desenvolvemento de proxectos de interese social mediante a execución de programas de cooperación, promovidos e xestionados por entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, potenciando a presenza dos axentes sociais, como instrumento adecuado para a dinamización e a creación de novas actividades que repercutan na xeración de emprego e de alternativas de ocupación laboral a través dos novos xacementos de emprego, con especial incidencia no ámbito rural. Os programas serán complementados, para mellorar a súa eficacia en termos de emprego, con instrumentos ou accións de acompañamento e asesoramento.
7. Ofrecer aos xoves galegos, a través de actuacións específicas e universais, a oportunidade de mellorar a súa empregabilidade co obxectivo de conquistar a súa inserción laboral e establecer a súa prioridade no conxunto das medidas de fomento do emprego mediante a aplicación preferente a este colectivo de toda as accións horizontais postas en marcha.
8. Establecer medidas de discriminación positiva, a través de actuacións específicas e prioritarias nas medidas horizontais, con especial atención ás mulleres que sofren violencia doméstica, dándolles a oportunidade de acceder ou reincorporarse ó mercado de traballo mediante programas experienciais para mellorar a súa empregabilidade, así como a través dos programas de incentivos á contratación por conta allea e de fomento de autoemprego.
9. Reforzar o enfoque preventivo das políticas activas de emprego a fin de reducir o paro de larga duración a través dos programas de cooperación, escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
10. Apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos desempregados maiores de 40 anos, e daqueles outros con especiais dificultades de inserción a través do establecemento de obradoiros de emprego.
11. Facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade, ben a través das fórmulas de emprego

protexido como son os centros especiais de emprego, a través da súa constitución como traballadores autónomos, ou ben incentivando a súa contratación indefinida por parte das empresas.

12. Utilización dos axentes de desenvolvemento local, dos axentes de emprego e das unidades de promoción e desenvolvemento, aproveitando o seu papel como actores decisivos na implantación das políticas activas de emprego na súa zona de actuación, principalmente das políticas relacionadas coa creación de actividade empresarial, contribuíndo co seu traballo á localización de recursos ociosos e infrautilizados cara á promoción económica dos concellos galegos, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores e como instrumentos para a promoción, deseño e execución dos plans territoriais de emprego.

## DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN

No ámbito da formación profesional para o emprego, colocación e cualificacións profesionais establécense os seguintes obxectivos:

1. O obxectivo estratéxico desta dirección xeral é o que sitúa o novo modelo de Servizo Público de Emprego de Galicia no seu desenvolvemento segundo acordo de dialogo social acadado o 27-09-06.
2. Xestionar o conxunto de medidas de atención aos desempregados e mellorar a súa empregabilidade previstas nas directrices europeas de emprego e no Programa Nacional de Reformas.
3. Posta en marcha o II Plan Galego de Formación Profesional para conquistar a integración dos sistemas de Formación Profesional e o de Cualificacións e acadar os niveis de cualificación profesional que precisa o mercado laboral na nosa comunidade.
4. Potenciar a formación profesional para o emprego dirixida á poboación activa desempregada, mellorando a súa cualificación e, polo tanto, as súas perspectivas de integración laboral a través dunha oferta formativa axeitada ás potencialidades do tecido produtivo en cada territorio.
5. Desenvolver e potenciar accións de formación profesional para o emprego, axustándonos á normativa estatal na materia, tanto coa impartición de contratos programa como de accións complementarias e de acompañamento á formación.
6. Potenciar a programación propia de cursos de formación profesional ocupacional en colaboración con outros departamentos da Administración co obxecto de aproveitar ao máximo os centros e recursos existentes.
7. Completar a rede de centros integrados de formación, de acordo co establecido no II Plan Galego de Formación Profesional.

8. Impulsar as novas accións formativas de carácter complementario, experimental e innovador, no ámbito da formación profesional para o emprego, como aos novos filóns de emprego e a formación a distancia, telemática, normativización lingüística, formación ambiental e de alfabetización en internet.
9. Realizar cursos do certificado de profesionalidade da ocupación formador ocupacional para formadores de cursos do Plan FIP, ademais de cursos monográficos de especialidade didáctica para formadores ocupacionais.
10. Mellorar a empregabilidade das persoas con titulación universitaria que teñan carácter ocupacional e sexan útiles para a mellora da inserción laboral das persoas posgraduadas.
11. Promover e potenciar os estudos técnicos e publicacións centrados esencialmente no campo das necesidades de formación profesional, busca de emprego e orientación laboral e promoción do autoemprego, analizando as demandas dos sectores produtivos da economía galega e as súas cualificacións específicas.
12. Consolidar a xestión da formación profesional para o emprego coa introdución das medidas que, de ser o caso, se consideren oportunas no novo sistema informático (SIFO II) que lles permita unha xestión máis áxil dos cursos aos centros de formación, tanto propios como colaboradores.
13. Mellorar e consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, adaptando o seu funcionamento ao novo sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.
14. Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros asociados e demais actores do mercado laboral, de xeito que todos os demandantes de emprego poidan ser, dun xeito eficiente, atendidos de maneira personalizada en igualdade de condicións.
15. Consolidación da realización de itinerarios personalizados de inserción priorizando a atención a colectivos máis desfavorecidos ou de difícil inserción.
16. Potenciar as accións de orientación laboral e asesoramento ao autoemprego, coa posta en marcha de novas actuacións específicas para determinados colectivos con dificultades no acceso ao emprego a través dos plans experimentais de emprego.
17. Potenciar a mobilidade de demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employment Services) mediante dous aspectos básicos:

- a) Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión Europea aos demandantes da comunidade autónoma.
  - b) Atención ao mercado laboral transfronteirizo para facilitar a mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal a través da oficina EURES TRANSFRONTEIRIZA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.
18. Promover as actuacións encamiñadas a consolidar o sistema nacional de cualificacións profesionais en Galicia.
19. Promover e fomentar o incremento da participación dos axentes sociais no sistema da Formación Profesional que asegure a identificación das necesidades de cualificación da poboación activa de Galicia.
20. Desenvolver accións de observación e de prospección que proporcione información sobre a evolución do mercado de traballo en Galicia, ocupacións e perfís profesionais, co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a da oferta de formación para o emprego.
21. Consolidación do proxecto Interreg IIIA Galicia-Norte de Portugal, favorecendo a inserción laboral da cidadanía galega e portuguesa a través duns programas que son identificados como xeradores de emprego en ambos países.
22. Promover a implantación no ámbito autonómico do sistema de acreditación e recoñecemento previsto na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción da consellería para o exercicio orzamentario 2009 van ser as seguintes:

- 1. Xestión das políticas activas de emprego no marco da estratexia europea para o emprego e no eido da colaboración institucional e cos axentes sociais, de acordo coa lei de emprego, e os acordos acadados na Mesa de diálogo social.
- 2. Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos programas de formación e colocación, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.
- 3. Modernización do Servizo Público de Emprego, co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para os demandantes de emprego como para os empresarios.
- 4. Potenciar a formación profesional ocupacional como instrumento dos demandantes de emprego para acadar un posto de traballo, adaptándoo ás necesidades sectoriais existentes e priorizando aqueles cursos que impartan as empresas cun compromiso de contratación dos alumnos formados.



5. Consolidar a formación profesional continua, que inclúe contratos programa sectoriais, intersectoriais, autónomos, de economía social e accións complementarias, como elemento fundamental para a reciclaxe dos traballadores ocupados na Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Desenvolvemento dunha política integral de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza, dentro do Servizo Público de Emprego galego.
7. Desenvolver, segundo o establecido no II Plan Galego de Formación Profesional, as primeiras fases das medidas aprobadas para as catro liñas estratéxicas de actuación que son as seguintes: Integración dos sistemas de Cualificacións e Formación Profesional, óptimo aproveitamento dos recursos e da xestión, Calidade e innovación e Promover a aprendizaxe permanente ao longo da vida.
8. Promover a constitución e posta en marcha de novas Comisións Sectoriais de Cualificación e Formación Profesional e de Comisións de Estándares Profesionais acordadas no Consello Galego de Formación Profesional
9. Promover estudos de diagnose e caracterización do mercado laboral en Galicia co fin de ter perspectivas tanto cuantitativas como cualitativas da evolución da demanda, da oferta e da contratación das profesións no mercado de traballo galego .
10. Potenciar a política iniciada pola Comisión Interdepartamental de Xuventude como “foro harmonizador” dos programas de xuventude realizados de forma coordinada polos distintos departamentos da Xunta.
11. Creación da Fundación Galega da Formación para o Traballo como instrumento necesario para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

## DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

As actividades a desenvolver pola Dirección Xeral de Relacións Laborais e polos organismos periféricos dependentes funcionalmente deste centro directivo, vertébranse en torno a tres grupos de materias: as relacións laborais, en sentido estrito, a seguridade e saúde laboral no traballo e, as formas empresariais integradas no concepto da denominada economía social:

1. En materia laboral son: as de execución da lexislación do Estado, non permitindo polo tanto, a adopción de medidas de carácter lexislativo, pero si unha actuación eficaz na materia, que contribúa a mellorar o desenvolvemento económico e social de Galicia. As ditas accións proxectaranse en coordinación con outras consellerías con competencias nesta área funcional.
2. Por outra banda, o Acordo polo Emprego, asinado o 5 de febreiro de 2007, como froito do diálogo social en Galicia, recolle entre os distintos acordos que o compoñen, e dentro da área de traballo, o *Acordo a prol da Responsabilidade Social Empresarial*. Neste documento reflíctense as políticas que se deberán desenvolver nesta materia e, como consecuencia, as accións que deben implementarse nos vindeiros anos.

Así mesmo, dentro tamén do ámbito do diálogo social, se recollen o *Acordo de bases para a negociación colectiva*, e a *Lei de participación institucional*, que deberán ser tidas en conta na medida en que afecten ás competencias da autoridade laboral. Tamén derivado destes Acordos contéplanse accións a favor de determinados sectores de especial relevancia na nosa comunidade autónoma como é o sector téxtil e o sector naval, entre outros.

3. Ao mesmo tempo, a *Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia* ofrece un novo marco competencial que implica, entre outras medidas, accións a desenvolver no eido das relacións laborais.
4. No eido da economía social as actuacións céntranse na mellora da prestación de servizos ás entidades de economía social, así como na realización de accións de fomento, promoción e divulgación destas formas de estrutura empresarial, especialmente ás empresas cooperativas.
5. O desenvolvemento e consolidación do cooperativismo require dun importante esforzo concretado na posta en marcha das liñas de acción previstas no seu plan estratéxico, mediante os programas operativos acordados coas asociacións de cooperativas e aprobados polo Consello Galego de Cooperativas.
6. O autoemprego cooperativo segue a necesitar do apoio e a promoción que se vén levando a cabo e que se debe impulsar coa dotación de recursos específicos para o emprendemento en común, e para o financiamento de proxectos, así como cun esforzo singular no ámbito da formación e do desenvolvemento cooperativo de base local.
7. En canto á seguridade e saúde laboral no traballo, as políticas que teñen como obxectivo final a creación dun emprego estable e de calidade, a través da mellora das condicións de traballo no eido da seguridade e saúde laboral, buscando os máis altos niveis de protección e coordinando a aplicación da maneira máis eficaz e coherente das normativas estatais e europea.
8. A recente apertura do proceso de concertación social en Galicia para a mellora das condicións de

traballo, incremento do emprego estable, de calidade e seguro, vai ter unha incidencia directa en materia de prevención de riscos laborais. Deste proceso de consenso se derivan as actuacións de carácter esencial no eido da seguridade e saúde laboral: a creación dun organismo autónomo en materia de seguridade e saúde laboral. A existencia deste organismo demanda un respaldo orzamentario suficiente que sirva de soporte ao proceso negociador, e sustente as liñas estratéxicas de actuación da dirección xeral na materia.

Este novo organismo e o “Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2006-2010” guiarán as actuacións neste campo nos próximos exercicios.

## ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral froito do Acordo sobre o Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2006-2010, resultado da negociación entre o Goberno galego, os sindicatos máis representativos (UGT e CCOO) e a Confederación de Empresarios de Galicia, terá que impulsar o dito plan, que a súa vez marca as liñas de actuación do instituto e que ten como obxectivos:

1. Redución dos accidentes laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en número como en gravidade das lesións, así como as enfermidades de orixe laboral.
2. Incrementar os niveis de calidade no traballo mediante a mellora continua das condicións de seguridade e saúde no traballo, buscando os máis altos niveis de protección.
3. Reforzar os mecanismos de información e asesoramento na materia de prevención de riscos laborais, con especial fincapé nas pequenas e medianas empresas así como nas empresas de economía social, a efectos de superar a súa realidade estrutural e a dos seus traballadores e traballadoras.
4. Reforzar unha cultura preventiva no conxunto da sociedade atendendo ás diferenzas tanto segundo a actividade como segundo o xénero e introducindo, así mesmo o xerme desta cultura no sistema educativo.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción deste organismo autónomo para o exercicio 2009 van ser as seguintes:

1. Desenvolver actuacións de información, divulgación e formación en materia preventiva a través de campañas de sensibilización e plans específicos para a redución da sinistralidade laboral e que favorezan a integración da saúde laboral desde unha perspectiva de xénero.

2. Acadar as instalacións axeitadas para o óptimo funcionamento do ISSGA e actualizar a rede de centros de seguridade e saúde laboral, dotándoos dos medios técnicos e humanos necesarios para mellorar a súa eficacia e capacidade de resposta.
3. Creación do observatorio de estudo da accidentalidade e condicións de traballo para o establecemento de indicadores preventivos que permitan a planificación de accións preventivas contra a sinistralidade laboral.
4. Creación dun soporte específico sobre información en prevención e dun sistema documental sobre a seguridade e saúde laboral para os efectos de facilitar a información a toda a cidadanía galega.
5. Establecemento de programas informativos e de estudo epidemiolóxico dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais para a promoción en materia de vixilancia da saúde.
6. Realización de plans de asesoramento técnico de carácter sectorial a empresas, especialmente na loita contra a sinistralidade e o control de axentes físicos e químicos
7. Prestación ás autoridades laboral e sanitaria, e á inspección de traballo e seguridade social do asesoramento técnico que requiran.
8. Desenvolvemento de accións formativas e informativas cara á mellora do nivel de coñecemento técnico en prevención de riscos dos profesionais da prevención, dos delegados de prevención e outros.
9. Coordinar accións preventivas coas Consellerías de Sanidade, Innovación e Industria, Medio Rural, Pesca e Presidencia.

## ENTES PÚBLICOS

### CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

En relación ao exposto, os obxectivos do Consello Galego de Relacións Laborais para o ano 2009 son levar a cabo plenamente as funcións relacionadas anteriormente, sinaladas no artigo 3º da súa Lei reguladora, Lei 5/2008, do 23 de maio, logrando así a plena efectividade dos fins aos que obedece a súa creación.

Como liñas básicas de acción do Consello procede sinalar as seguintes:

1. Lugar permanente de encontro entre os axentes sociais galegos.

O Consello Galego de Relacións Laborais é o marco permanente de encontro dos interlocutores sociais galegos e órgano de diálogo institucional entre eles; é o único foro de participación institucional propio dos sindicatos e das asociacións empresariais. Durante o ano 2009 potenciarase a súa función de ser foro de encontro e debate dos axentes sociais galegos, a súa intervención na solución extraxudicial de todo tipo de conflitos de traballo e influír con maior eficacia na estruturación da negociación colectiva galega, contribuíndo deste xeito a conseguir para Galicia unhas relacións laborais modernas, dinámicas, dialogadas e participadas.

2. Impulso da solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo.

Para o ano 2009 esperamos que se incremente o número de expedientes de mediacións e arbitrxes, que crece de ano en ano. Fronte a un descenso global da conflitividade, o recurso á intervención de Consello Galego de Relacións Laborais, en canto xestor do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos colectivos de traballo, utilízase cada vez máis pola confianza que lle merece aos suxeitos en conflito e polos bos resultados que amosa. Continuarase camiñando cara á asunción dos conflitos individuais.

3. Fomento da negociación colectiva.

Promoverase a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado na Constitución e impulsarase unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial mediante a xestión do programa informático “Necol” e o seguemento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, así como a elaboración periódica de informes semestrais sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, ademais de informes mensuais (a data 31 de cada mes) que recollerán o número total de convenios negociados en Galicia e datos sobre convenios estatais que afectan a traballadoras e traballadores galegos e que son facilitados polo Ministerio de Traballo e Inmigración.

Así mesmo, estudarase coas partes afectadas a posibilidade de negociar convenios autonómicos para os sectores que se decidan. Ademais, o consello participará prestando asistencia técnica nas Comisións Paritarias e na negociación do convenio colectivo nos sectores que lle soliciten as organizacións sindicais e/ou empresariais.

Durante 2009 estará en marcha o Observatorio Galego para a Negociación Colectiva, coas funcións específicas que regulamentariamente se determinen.

4. Promoción do debate social.

Incentivarase o debate na sociedade galega sobre os distintos aspectos de interese da realidade laboral a través de xornadas informativas, seminarios e cursos, mediante a organización da XIX edición do

Curso Superior de Relacións Laborais; a organización de seminarios conxuntos para a formación de cadros empresariais e sindicais sobre técnicas de comunicación, técnicas de negociación, dirección de equipos de traballo ou xestión do tempo; a organización do XVII Encontro Galego de Relacións Laborais e a organización de xornadas sobre temas de interese social.

5. Emisión de ditames sobre os proxectos normativos da Administración autonómica en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
6. Edición de publicacións, estudos e informes.

Continuarase en 2009 coa elaboración e publicación de informes e traballos técnicos sobre o mundo das relacións laborais, en temas de especial relevancia como a situación socioeconómica, a doutrina xurisprudencial ou a negociación colectiva.

Publicarase a nova Revista Galega de Dereito Social, modificando os seus contidos e axustándoos a criterios de calidade editorial; o Informe-Memoria de actividades do organismo durante o ano 2008; o Informe anual sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia; un estudo monográfico e outro sectorial sobre un tema a decidir polo Pleno; un resumo das ponencias e comunicacións presentadas no Encontro Galego de Relacións Laborais e unha recompilación dos ditames emitidos polo Consello no ano 2008.

---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2009**

---

#### **3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **PROGRAMA 321A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO**

###### **1. Descrición**

A finalidade deste programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (delegacións provinciais) tanto no que respecta a medios humanos coma aos materiais e de organización, e actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

###### **2. Actividades**

1. Xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos: reparacións, material de oficina, comunicacións telefónicas, comisións de servizos, etc.
2. Xestión das distintas unidades administrativas incluídas no programa, tanto a nivel central como periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económico-administrativa.
3. Tramitación de investimentos novos e de reposición para os servizos centrais e periféricos da consellería, así como a realización de obras de reparación, mellora e acondicionamento dos distintos centros.
4. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
5. Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.
6. Apoio loxístico a programas de intervención laboral.
7. Celebración de cursos de formación, xornadas e seminarios.
8. Elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas de traballo da consellería.
9. Gastos de funcionamento dos órganos colexiados.
10. Programas de información e comunicación en materia laboral na liña de establecer un sistema de

información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.

11. Continuar a mellora na rede de oficinas de emprego da Xunta, tanto na súa infraestrutura física como no seu equipamento, facilitando o acceso de demandantes e ofertantes ao Servizo Público de Emprego mediante a utilización das novas tecnoloxías.
12. Potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas laborais da consellería.
13. Racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.
14. Consolidación da unidade administrativa de Igualdade como órgano integrador da dimensión de xénero no ámbito das súas competencias.
15. Creación dunha liña de axudas a corporacións locais para a implantación de programas de tempo cidade e bancos de tempo.
16. Dimensionar o persoal da consellería e en especial o do Servizo Público de Emprego cara a consecución dos obxectivos de profesionalidade e calidade.
17. Coordinación e impulso da difusión das políticas da consellería derivadas da Lei de Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, así como da sinatura do Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia – Acordo polo emprego.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Secretaría Xeral

## **PROGRAMA 322A. MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE**

### **1. Descrición**

Coa finalidade de favorecer a redución da taxa de desemprego na nosa comunidade autónoma, o programa 322A, "mellora e fomento da empregabilidade", para contribuír á mellora das posibilidades de colocación dos desempregados, como un dos tres obxectivos establecidos no “novo modelo do servizo público de emprego de Galicia acordado entre a Consellería de Traballo e os axentes sociais no marco do dialogo social de Galicia”, está constituído por todas aquelas medidas activas de emprego tendentes a incrementar as posibilidades reais dos traballadores e traballadoras desempregadas para acceder a un emprego a través da mellora das súas condicións individuais, a facilitar o acceso ao emprego establecendo as condicións máis axeitadas para acadalo e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e



acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos seus primeiros momentos da súa andaina.

Todas estas medidas artículanse en base á colaboración da Consellería de Traballo coas distintas Administracións públicas, especialmente as locais, universidades e entidades sen ánimo de lucro, mediante a subvención de programas de cooperación para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, fundamentalmente vencellados aos novos xacementos de emprego, no caso das entidades locais; mediante a posta en marcha de proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego; mediante a contratación Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) e Axentes de Emprego e de innovación, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral de xoves, mulleres, discapacitados, parados de longa duración e outros colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e en risco de exclusión social.

En coherencia co recollido no Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia subscrito como resultado do Dialogo Social en Galicia, trátase de articular o establecemento dun conxunto de actuacións concretas que introduzan cambios inmediatos tanto no mercado de traballo como nas relacións laborais en Galicia co fin de lograr, entre outros obxectivos, emprego estable sen precariedade, igualdade entre homes e mulleres, mellora das relacións laborais, unha formación permanente e eficaz, o crecemento da economía e do tecido produtivo, a mellora do sector primario, a política industrial e de innovación e o benestar e a cohesión social.

En consecuencia, trátase de situar a Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de cohesión social que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea, garantindo os niveis da taxa de emprego; de calidade e estabilidade no emprego; de desemprego; de sinistralidade laboral; de integración laboral da xuventude; de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres galegas e de conciliación da vida familiar e laboral.

Así os obxectivos fundamentais deste programa son:

1. Promover unha política activa de promoción do emprego segundo a estratexia europea do emprego, o Plan nacional de Reformas, dando especial protagonismo ao novo modelo do servizo público de emprego de Galicia acordado entre a consellería de Traballo e os axentes sociais no marco do dialogo social.
2. Diminuír o paro rexistrado e incrementar a poboación afiliada á Seguridade Social en xeral e, especialmente, das mulleres, da mocidade, das persoas paradas de longa duración, das persoas con

discapacidade, inmigrantes e das persoas en risco de exclusión social, fomentando a mellora da súa empregabilidade e a súa posterior inserción laboral, con especial atención ás mulleres que sofren calquera tipo de violencia., procurando a independencia económica e a mellora das súas condicións de vida.

3. Ademais destas actuacións con estes colectivos, debe reforzarse o enfoque preventivo das políticas activas de emprego, especialmente das de mellora da empregabilidade, a fin de evitar as situacións de paro de longa duración e de risco de exclusión, acadando un mercado de laboral cun carácter inclusivo, capaz de crear máis e mellores postos de traballo.
4. As medidas de mellora da empregabilidade deben de contribuír tamén á mellora das condicións de vida nas vilas e cidades e a mellora e recuperación do medio ambiente e de espazos naturais protexidos.
5. Favorecer a incorporación e permanencia dos xoves no mercado de traballo, mediante actuacións específicas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade.
6. Remover os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior aos homes para o cal xestionaranse programas específicos a favor das mulleres, consideraranse colectivos prioritarios nas políticas activas horizontais.
7. Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego, tales como a contratación de técnicos e persoal de apoio ou subvencionando a súa contratación temporal por Administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro para a mellora da súa empregabilidade.
8. Propiciar un novo enfoque para os programas mixtos de formación-emprego, fomentando que xurdan novos proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego:
  - a) Vencellados ou relacionados con novas áreas de actuación como son os servizos de mellora da calidade da vida, servizos culturais e de lecer, e como non, servizos de conservación e mellora do medio ambiente, primando especialidades como axuda a domicilio, instalación de enerxías renovables, axente de desenvolvemento turístico ou animador sociocultural.
  - b) Orientados especificamente cara a colectivos que, dadas as súas especiais características, teñen máis difícil a súa integración profesional, potenciando iniciativas destinadas a persoas con discapacidade ou mulleres, co obxecto de fomentar a súa contratación por conta allea, pero

tamén, para promover a creación de iniciativas empresariais e o autoemprego, facilitando servizos de titorización, consistentes en proporcionar información e asesoramento legal e financeiro para o autoemprego, a creación de cooperativas ou Pemes, coa finalidade de crear oportunidades de emprego entre os participantes.

9. Continuar e profundizar na posta en funcionamento dos Pactos Territoriais de Emprego iniciada en 2008, en coherencia co novo modelo do servizo público de emprego de Galicia acordado no proceso de Diálogo Social, entendidos como un terceiro ámbito de participación institucional, que viría determinado pola necesidade de implicar a todas as organizacións nun ámbito territorial para que aporten os seus coñecementos e experiencias co obxectivo de acercar o nivel de intervención ao ámbito no cal se desenvolven as diferentes políticas de emprego e a creación de marcos de coordinación - intervención das diferentes administracións e axentes sociais implicados nos temas de emprego. Estes pactos territoriais de emprego supoñen esencialmente un incremento e unha planificación e xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ao emprego nunha zona, impulsando o desenvolvemento de programas de cooperación vencellados aos novos xacementos de emprego mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais, favorecendo así unha mellora das rendas e, consecuentemente, das condicións de vida no medio rural, así como mediante a subvención da realización de estudos e informes e campañas que teñan por obxecto coñecer as posibilidades de desenvolvemento e implantación de empresas ou para atraer investimentos xeradores de emprego no medio local e rural, así como dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego a través da súa adecuación ás peculiaridades socio-laborais de Galicia e os novos xacementos de emprego e o artellamento de medidas complementarias que favorezan a inserción laboral dos alumnos traballadores, partindo en todo caso dos itinerarios de inserción.
10. Apoiar e fomentar o espírito emprendedor a través do establecemento de ferramentas de apoio, asesoramento e difusión da cultura emprendedora e da innovación e que faciliten e poñan ao alcance dos potenciais emprendedores o coñecemento e os medios materiais establecidos polos distintos estamentos públicos e privados para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e proxectos empresariais que, sendo innovadores, promovan a creación de novos postos de traballo vencellados aos novos xacementos de emprego, preferentemente entre mozos desempregados no medio rural, local e no entorno universitario e contribúan a diversificación do tecido produtivo, garantindo un desenvolvemento económico sostido en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e incrementando o ritmo de creación de empresas.

11. Valorización da Rede de Técnicos e de Axentes de Emprego da Consellería de Traballo que ten como obxectivo fundamental dar a coñecer e difundir o espírito emprendedor es as ferramentas de que dispón a Xunta de Galicia para o asesoramento dos emprendedores e para a análise e apoio de proxectos empresariais a través da consolidación de instrumentos de coordinación, apoio e avaliación da Rede, xestionados conxuntamente con outros departamentos da Xunta de Galicia, para a creación dun entorno propicio para o emprendimento e a creación de emprego, fomentando o desempeño en rede das funcións propias dos axentes de emprego que suporía a obtención de importantes sinerxías, por compartir todos eles os mesmos obxectivos, tarefas, dificultades, públicos obxectivos, ferramentas de traballo, etc.

## 2. Actividades

Dentro do marco normativo xeral constituído pola Estratexia Europea para o Emprego, o Plan Nacional de Reformas e o Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia subscrito como resultado do Diálogo Social en Galicia, realizaranse as seguintes actividades co obxecto de conquistar os obxectivos anteriormente expostos:

1. Establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral: os que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, os mozos, as mulleres, os parados de longa duración, os demandantes de primeiro emprego, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social:
  - a) Itinerarios integrados de inserción personalizada, mediante plans de acción individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral, que inclúan polo menos dúas accións de entre: orientación, formación, cualificación, reciclaxe, en particular en novos sectores e tecnoloxías en función das esixencias do mercado de traballo, incluíndo medidas de acompañamento e no seu caso atención social.
  - b) Programas combinados de formación e emprego, prácticas profesionais e programas de experiencia no ámbito privado.
  - c) Programas integrais de base local ou rural para a integración laboral das persoas desempregadas.

2. Instrumentar actuacións específicas universais que permitan aos xoves galegos a mellora da súa empregabilidade e a súa inserción efectiva no mercado de traballo, de acordo cos seus respectivos itinerarios de inserción.
3. Incorporar ás persoas con discapacidade no mercado de traballo mediante os programas de adquisición de experiencia e o establecemento de instrumentos de apoio que así o faciliten.
4. Impulsar o desenvolvemento progresivo de plans territoriais de emprego que establezan programas de cooperación no ámbito local vencellados aos novos xacementos de emprego, mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais, así como mediante o fomento do desenvolvemento local, ao mesmo tempo que permiten mellorar a empregabilidade dos traballadores desempregados, a fin de facilitar a súa posterior inserción laboral, así como a potenciación dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego a través da súa adecuación ás peculiaridades socio-laborais de Galicia e o artellamento de medidas complementarias que favorezan a inserción laboral dos alumnos traballadores.
5. Vinculación progresiva dos programas de mellora da empregabilidade cos itinerarios persoais de inserción.
6. Utilización de criterios obxectivos para o reparto territorial dos fondos e das medidas de mellora da empregabilidade, en función das necesidades e carencias de cada territorio, vinculados aos itinerarios de inserción e aos plans territoriais de emprego.
7. Introducción de mecanismos que prioricen o acceso aos distintos programas dos desempregados que carezan de protección por desemprego.
8. Actualizar a información de axudas da Xunta de Galicia para a creación de empresas, potenciando a innovación vencellada á figura dos Axentes de Emprego, dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) e das Unidades de Promoción e Desenvolvemento (UPD) no asesoramento a emprendedores, nun marco de colaboración e coordinación das políticas activas de emprego e da promoción económica, proporcionando un apoio especializado e integral de calidade nos servizos de acompañamento e asesoramento na implantación de iniciativas empresariais e de emprego.
9. Establecer novas liñas de colaboración coas universidades galegas e con entidades sen ánimo de lucro que traballen a favor do emprego e dos emprendedores.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Dirección Xeral de Promoción do Emprego

## PROGRAMA 322B. INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL

### 1. Descrición

Coa finalidade de contribuír á redución da taxa de desemprego na nosa comunidade autónoma, o programa 322B, está constituído polos programas de orientación laboral e programas experimentais, pola execución do plan de modernización do Servizo Público de Emprego, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral de mozos, mulleres e outros colectivos.

Os obxectivos fundamentais deste programa son:

1. Impulsar a inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo: mozos, mulleres, persoas con discapacidade, parados de longa duración, emigrantes retornados e outros colectivos con dificultades de inclusión sociolaboral, con especial atención ás mulleres que sofren calquera tipo de violencia.
2. Desenvolvemento dun programa de orientación profesional coa finalidade de prestar un servizo de avaliación e orientación profesional aos desempregados para conseguir unha adaptación da súa formación á realidade do mercado laboral, dun xeito persoal e individualizado e a través dos itinerarios persoalizados de inserción.
3. Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer aos usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ao desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ao autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
4. Facilitar a máxima información sobre o mercado de traballo na comunidade autónoma e no exterior.

### 2. Actividades

1. Completar os equipamentos para os centros propios de formación co fin de potenciar a programación de cursos neles.
2. Modernización da rede de oficinas de emprego da Xunta, tanto na súa estrutura física como no seu equipamento, facilitando o acceso de demandantes e ofertantes ao Servizo Público de Emprego mediante a utilización das novas tecnoloxías.

3. Mellora do sistema de información do Servizo Público de Emprego intensificando o seu desenvolvemento e empregando os novos sistemas de información e comunicación.
4. Intensificar os programas de formación ao persoal ao servizo do Servizo Público de Emprego, cubrindo todos os aspectos relacionados co seu traballo.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Formación e Colocación

## **PROGRAMA 322C. INTEGRACIÓN LABORAL DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS E EN RISCO DE EXCLUSION**

### **1. Descrición**

En coherencia co recollido no Acordo sobre Obxectivos e Medidas de Emprego de Galicia subscrito como resultado do Dialogo Social en Galicia, trátase de articular o establecemento dun conxunto de actuacións concretas que introduzan cambios inmediatos tanto no mercado de traballo como nas relacións laborais en Galicia co fin de lograr, entre outros obxectivos, emprego estable sen precariedade, igualdade entre homes e mulleres e o benestar e a cohesión social.

En consecuencia, trátase de situar a Galicia nuns indicadores aceptables de convivencia e de cohesión social que se axusten a parámetros medios en correspondencia coa Unión Europea, garantindo os niveis da taxa de emprego; de calidade e estabilidade no emprego; de desemprego; de integración laboral da xuventude; de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres galegas e de conciliación da vida familiar e laboral.

Así os obxectivos fundamentais deste programa son:

Coa finalidade de contribuír a fomentar o emprego e a estabilidade como un dos obxectivos establecidos no “ACORDO POLO EMPREGO: NOVO MARCO DE RELACIÓNS LABORAIS EN GALICIA”, reducir a taxa de desemprego, incrementar a taxa de estabilidade, fomentar a cultura emprendedora, apoiando especialmente as iniciativas empresariais e os empregos vencellados á innovación e á investigación, e favorecer a inserción ou reinserción daqueles traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco ou situación de exclusión social na nosa comunidade autónoma, o programa 322C, "integración laboral de colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social", está constituído polo conxunto de liñas de axudas e subvencións á contratación indefinida e a estabilidade

laboral, á inserción laboral dos traballadores desempregados pertencentes a colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social, polas axudas ao autoemprego e a iniciativa empresarial, os programas dirixidos a favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade, a conciliación da vida laboral e familiar e os programas de apoio ás iniciativas de emprego, así como aquelas outras iniciativas innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego para a mellora da inserción laboral de xoves, mulleres e outros colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

Os obxectivos fundamentais deste programa son:

1. Executar unha política activa de promoción do emprego que, respectando as orientacións da estratexia europea do emprego e do Plan Nacional de Reformas, reforce o protagonismo do Diálogo e a Concertación Social.
2. Diminuír o paro rexistrado e incrementar a poboación afiliada á Seguridade Social en xeral e, especialmente, das mulleres, da mocidade, das persoas paradas de longa duración, das persoas maiores de 45 anos, das persoas con discapacidade, dos inmigrantes e das persoas en situación ou en risco de exclusión social, incentivando a súa contratación estable ou promovendo o seu autoemprego.
3. Mellorar a calidade do emprego fomentando a súa estabilidade a través de incentivos ás empresas que xeren emprego indefinido ou transformen en indefinido o que é temporal, vinculando o acceso aos incentivos a acordos entre os axentes sociais sobre taxas sectoriais de estabilidade.
4. Promover a incorporación da muller en sectores de actividade nas que están infrarepresentadas, co obxectivo de acadar un mercado de traballo igualitario.
5. Remover os atrancos que dificulten a incorporación da muller ao emprego de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior á dos homes.
6. Favorecer a incorporación e permanencia dos mozos e mozas no mercado de traballo mediante programas específicos dirixidos a facilitar a súa contratación por conta allea ou o seu autoemprego.
7. Potenciar a incorporación de persoas mozas tituladas, especialmente daquelas con titulacións de difícil empregabilidade, ás empresas galegas a través da contratación en prácticas e da contratación indefinida inicial vinculada a proxectos I+D, como instrumentos para a súa inserción laboral e para dinamizar a innovación tecnolóxica do tecido empresarial galego.
8. Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.



9. Promover e fomentar a inserción ou reinserción das persoas en risco de exclusión social, mediante incentivos a súa contratación, apoiando o seu autoemprego ou promovendo a creación de empresas de inserción
10. Promover, apoiar e potenciar a posta en marcha de novos proxectos empresariais que, sendo innovadores, promovan a creación de novos postos de traballo, preferentemente entre mozos e mulleres desempregadas no medio rural e local.
11. Potenciar, a través do Diálogo e a Concertación Social, o establecemento de Acordos sectoriais sobre a taxa de estabilidade das empresas.
12. Promover a regularización de actividades profesionais, sobre todo nos sectores agrarios ou artesanais.
13. Fomentar o autoemprego como fórmula eficaz para lograr a inserción laboral dos desempregados.
14. Apoiar aos xoves emprendedores a través da aplicación conxunta de accións e programas que permitan prestarlles unha colaboración integral durante todo o proceso da posta en marcha da nova actividade empresarial, e que comprenderá formación, orientación, asesoramento e axudas.

## **2. Actividades**

Dentro do marco constituído pola Estratexia Europea para o Emprego, o Plan Nacional de Reformas e o ACORDO POLO EMPREGO: NOVO MARCO DE RELACIÓNS LABORAIS EN GALICIA, realizaranse as seguintes actividades co obxecto de conquistar os obxectivos anteriormente expostos:

1. Establecemento de medidas dirixidas a incrementar a taxa de estabilidade das empresas galegas, especialmente daqueles sectores de actividade cunha taxa mais baixa ca xeral.
2. Deseño e execución de programas de axudas dirixidos a promover a calidade do emprego, incentivando a contratación indefinida inicial e a transformación de contratos temporais en indefinidos.
3. Establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral, como son as mulleres, os mozos, os parados de longa duración, os demandantes de primeiro emprego, os maiores de 45 anos, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social.

4. Establecemento de liñas de axudas ás empresas para a contratación de mulleres en ocupacións ou profesións nas que estean subrepresentadas.
5. Instrumentar programas específicos que permitan aos xoves galegos a mellora da súa empregabilidade e a súa inserción efectiva no mercado de traballo, de acordo cos seus respectivos itinerarios de inserción.
6. Establecemento dun programa de apoio aos desempregados que decidan crear o seu propio posto de traballo, no que se contemple ademais dos incentivos á creación de emprego o financiamento da súa formación e o seu plan de empresa.
7. Deseño e xestión dun programa de apoio ás iniciativas empresariais de carácter innovador que se creen no ámbito local e rural en colaboración con outras administracións.
8. Establecemento dun programa dirixido a facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade, ben a través das fórmulas de emprego protexido como son os centros especiais de emprego, a través da súa constitución como traballadores autónomos, ou ben incentivando a súa contratación indefinida por parte das empresas para o cal porase en marcha o programa de “emprego con apoio” na empresa ordinaria.
9. Establecemento dun programa de apoio ás “empresas de inserción” como vía idónea para facilitar a necesaria adquisición de experiencia e habilidades laborais aos desempregados pertencentes a colectivos en risco de exclusión, mediante o desempeño dun posto de traballo produtivo.
10. Establecemento dun programa específico dirixido á regularización da actividade desempeñada no agro galego, especialmente mulleres, que son cotitulares das explotacións agrarias e tamén se corresponsabilizan do traballo.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Promoción do Emprego

## **PROGRAMA 323A. FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS**

### **1. Descrición**

Coa finalidade de contribuír á redución da taxa de desemprego na nosa comunidade autónoma, o programa 323A, está constituído pola xestión da formación profesional para desempregados, pola execución do plan de modernización do Servizo Público de Emprego, así como por aquelas outras

accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral de mozos, mulleres e outros colectivos. Todas estas medidas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Os obxectivos fundamentais deste programa son:

1. Impulsar a inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo: mozos, mulleres, persoas con discapacidade, parados de longa duración, emigrantes retornados e outros colectivos con dificultades de inclusión sociolaboral, con especial atención ás mulleres en profesións subrepresentadas.
2. Establecer unha compensación económica para os demandantes que non perciben prestacións, vinculada á realización de actividades de mellora de empregabilidade incluídas no seu itinerario de inserción se son demandantes de longa duración, mulleres que se incorporan a ocupacións nas que están subrepresentadas ou demandantes con cargas familiares.
3. Potenciación e posta en marcha do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional a través dos programas Innova (relacionado coas novas tecnoloxías), Coopera (relacionado coa formación de cooperativas en materia de dependencia) e Contratación inmediata (atención a necesidades de formación de traballadores para a súa incorporación inmediata ás empresas; compromisos de contratación e necesidades de formación detectadas).
4. Favorecer a incorporación ao mercado de traballo dos colectivos de difícil inserción.
5. Fomentar o emprego e a estabilidade e mediar entre demandantes e empresas.
6. Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer aos usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ao desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ao autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
7. Inscribir e clasificar aos demandantes de emprego así como adecuar os perfís dos demandantes ás demandas e ás necesidades do mercado de traballo.
8. Incremento de competencia, de empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral das persoas traballadoras desocupadas.
9. Incremento da formación en prevención de riscos laborais así coma a obrigatoriedade de formación para a igualdade.
10. Rexistrar, analizar e facer seguimento da contratación, fomentando a estabilidade no emprego.
11. Realización de probas e expedición de certificados de profesionalidade.

## **2. Actividades**

1. Impulso da formación profesional estreitamente ligada ás necesidades do mercado laboral, de xeito que os asistentes reciban unha formación axeitada para o desenvolvemento dunha actividade profesional .
2. Utilización da análise das necesidades de formación profesional ocupacional en Galicia.
3. Avaliación e mellora da calidade das accións formativas potenciando o sistema de inspección e control.
4. Racionalización das homologacións de especialidades de acordo cos requisitos técnicos e en función das demandas reais de formación profesional e elaboración do mapa de recursos de formación profesional.
5. Estruturación dos criterios para a selección e/ou renovación de entidades colaboradoras e cursos de formación.
6. Completar os equipamentos para os centros propios de formación co fin de potenciar a programación de cursos neles.
7. Continuar co desenvolvemento dun novo sistema de información do Servizo Público de Emprego, empregando os novos sistemas de información e comunicación
8. Planificar a formación dos centros integrados.
9. Avaliación e mellora da calidade dos centros integrados.
10. Atender especialidades formativas de especial interese tanto dende o punto de vista do colectivo coma dos sectores produtivos aos que se dirixen.

## **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Formación e Colocación

## **PROGRAMA 323B. MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO**

### **1. Descrición**

Coa finalidade de contribuír á estabilidade de emprego e a cohesión social, o programa 323B está constituído por actuacións encamiñadas tanto e mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional dos traballadores ocupados.

1. Proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional.
2. Mellora das competencias e cualificacións dos traballadores.
3. Actualización e especialización profesional dos traballadores.
4. Axuste entre a oferta e a demanda do factor traballo.
5. Incremento da motivación para ó progreso na cualificación profesional.
6. Recoñecemento da competencia da poboación activa.
7. Formación dos traballadores sen que sexa necesaria a intermediación das empresas onde prestan os seus servizos.
8. Estender a formación continúa a ámbitos nos que non está plenamente introducida.
9. Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.
10. Contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas, e a estabilidade e calidade no emprego.

## **2. Actividades**

1. Análise das necesidades de formación continua en Galicia.
2. Mellora da calidade dos cursos mediante a potenciación da inspección, a súa avaliación e consolidación dun sistema de control de calidade.
3. Instrumentar as medidas necesarias que lle permitan aos traballadores unha maior capacidade de formación para a súa adecuación á vida laboral.
4. Adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes ante a incorporación de tecnoloxías avanzadas.
5. Fomentar a formación na propia empresa e incrementar a calidade formativa.
6. Estudos das accións formativas de plans sectoriais e intersectoriais así coma de traballadores autónomos e da economía social.
7. Propoñer criterios orientativos para a elaboración de plans e actuacións de mellora en materia de formación para o emprego e recomendacións para a negociación colectiva.

8. Contribuír ao impulso e difusión entre empresarios e traballadores do sistema de formación para o emprego.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Formación e Colocación

## **PROGRAMA 324A. MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL**

### **1. Descrición**

O contido deste programa de gasto é fundamentalmente o seguinte:

1. Promover e fomentar o cooperativismo mediante o desenvolvemento das actuacións previstas nos programas operativos do Plan estratéxico para o cooperativismo, como forma de contribuír ao desenvolvemento da política económica e social da comunidade autónoma, así como contribuír á mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.
2. Impulsar especialmente a divulgación e formación cooperativa, a través da Escola Cooperativa Móbil e a plataforma de teleformación, así como fomentar a presenza do cooperativismo en todos os niveis educativos.
3. Incentivar a creación de emprego a través de empresas de economía social, así como a creación e desenvolvemento de cooperativas.
4. Apoiar o autoemprego cooperativo así como o investimento coa finalidade de mellorar a competitividade e estratexia empresarial. Fomentar o autoemprego cooperativo, especialmente entre a xente nova e promover a existencia de recursos específicos para o emprendemento cooperativo e para o financiamento de proxectos.
5. Mellorar a xestión empresarial e societaria das cooperativas.
6. Promover a incorporación das mulleres aos órganos de goberno e xestión das cooperativas e a mellora da conciliación entre a vida persoal e profesional.
7. Impulso de programas de I+D+i específicos, particularmente centrados na innovación.
8. Promover o desenvolvemento cooperativo de base local.
9. Impulsar e divulgar a Marca Cooperativa como distintivo de calidade cooperativa.

10. Fomentar a participación dos concellos e institucións públicas do ámbito universitario na labor de fomento e promoción do cooperativismo.
11. Impulsar o funcionamento e actividades do Consello Galego de Cooperativas e fomentar o asociacionismo cooperativo, así como resaltar os principios e valores da fórmula empresarial cooperativa.
12. Potenciar a mellora da política laboral a través de accións de apoio a empresas en crise ou en procesos de reestruturación non suxeitas a plans de reconversión e con proxectos de viabilidade no mercado.
13. Apoiar aqueles traballadores afectados por plans de reconversión aprobados segundo a lexislación vixente.
14. Apoiar a actuación das centrais sindicais con implantación na comunidade autónoma.
15. Desenvolver os acordos adoptados no proceso do diálogo social en Galicia. Con especial referencia ao fomento da responsabilidade social empresarial (RSE), a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais e a negociación colectiva na nosa comunidade autónoma.
16. Desenvolver as accións e políticas recollidas na Lei de traballo en igualdade de Galicia. Centradas para este novo exercicio no desenvolvemento de axudas en favor de erradicar a infrarrepresentatividade das mulleres en determinados sectores de actividade e o fomento dos plans de igualdade.
17. Apoio ao desenvolvemento das actividades das centrais sindicais e empresariais de gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de cadros e delegados sindicais e de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.
18. Apoio ás relacións laborais en sectores de especial relevancia para a economía galega como é o sector téxtil, o sector naval, entre outros.
19. Continuación da labor normativa en materia de infraccións e sancións na orde social.
20. Desenvolvemento da normativa en materia de Responsabilidade Social Empresarial
21. Continuación da normativa en materia de subcontratación no sector da construción.
22. Levar a cabo actuacións puntuais en materia de traballo e relacións laborais.
23. Actuacións de mediación en conflitos colectivos.
24. Organización de eventos (foros, congresos, xornadas..) en materia de relacións laborais.

## 2. Actividades

1. Promover o autoemprego cooperativo, especialmente entre a xente nova mediante a campaña COOPERA XOVE.
2. Creación dunha bolsa de traballo cooperativo.
3. Recursos específicos para o emprendemento cooperativo e para o financiamento de proxectos.
4. Creación dun Fondo de Capital-Risco para financiar novos proxectos de carácter cooperativo.
5. Axudas para o fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.
6. Axudas para a mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.
7. Axudas para o impulso de proxectos empresariais cooperativos.
8. Axudas para o fomento do acceso á condición de socio traballador.
9. Axudas para o fomento do emprendemento cooperativo.
10. Axudas para a promoción do cooperativismo.
11. Axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativa.
12. Programas específicos de fomento das cooperativas non lucrativas, de cooperativas prestadoras de servizos sociais e de integración social.
13. Subvencións aos concellos de Galicia para a realización de actividades de promoción do cooperativismo.
14. Apoio á conformación dunha rede local estable para a promoción cooperativa e creación do observatorio cooperativo coa finalidade dun aproveitamento integral da fórmula cooperativa a nivel local.
15. Fomento de xornadas, seminarios, certames e actividades de difusión e proxección do cooperativismo.
16. Plan de formación cooperativa, con especial protagonismo da Escola Cooperativa Móbil e da plataforma de teleformación.
17. Fomentar a presenza do cooperativismo en todos os niveis educativos, promovendo a investigación en materia de relacións laborais e economía social.
18. Fomento do I+D+I mediante a campaña COOPERA INNOVA.
19. Campaña para potenciar a presenza feminina nos órganos de goberno e xestión das cooperativas.



20. Culminar o proceso de implantación de aplicacións informáticas para a o Rexistro de Sociedades Laborais e o Rexistro de Cooperativas.
21. Impulso do funcionamento e actividades do Consello Galego de Cooperativas, en cumprimento do mandato establecido na Lei de cooperativas de Galicia, que ven desenvolto polo Decreto 25/2001, do 10 de xaneiro.
22. Resaltar os principios e valores da fórmula empresarial cooperativa coa convocatoria dos premios á cooperación, os concursos de iniciativas de proxectos cooperativos, o certame “cooperativismo no ensino” e a celebración do día do cooperativismo.
23. Posta en marcha da Fundación Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo de Verín, con diversos servizos orientados ao fomento cooperativo.
24. Impulsar a implantación da MARCA COOPERATIVA.
25. Participación no Interreg IV, Programa INNOVA-QOOP, que procurará a dinamización das relacións empresariais cooperativas dentro da área rural interior transfronteiriza a través da diversificación e consolidación da actividade comercial e da internacionalización de mercados e a promoción da innovación en cooperativas.
26. Contribuír á mellora da política laboral mediante accións dirixidas a empresas en crise ou afectadas por procesos de reestruturación, a través de axudas ou subvencións á xubilación previa á ordinaria no sistema da Seguridade Social, complementándose con outras axudas dirixidas á reestruturación, derivadas de excedentes de cadros de persoal, en aras a manter a súa permanencia e viabilidade no mercado de traballo.
27. Apoiar mediante axudas aos traballadores afectados por Plans de reconversión aprobados conforme á lexislación vixente
28. Apoiar a actuación das centrais sindicais con implantación na Comunidade Autónoma de Galicia a través das seguintes axudas e subvencións:
  - a) Axuda para o desenvolvemento das actividades propias das centrais sindicais con representación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - b) Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.
  - c) Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de cadros e de delegados sindicais. Nas organizacións sindicais máis representativas a nivel de comunidade autónoma.

29. Apoio ao funcionamento da oficina europea de información empresarial.
30. En relación cos acordos adoptados no proceso de diálogo social en Galicia:
- a) Mantemento do Observatorio permanente da Responsabilidade Social Empresarial en Galicia.
  - b) Axudas ás empresas para o fomento da RSE.
  - c) Actividades de fomento e difusión da RSE en Galicia, tales como xornadas, congresos, campañas e publicacións.
  - d) Actuación no marco da Lei de participación institucional.
31. Desenvolver as accións recollidas na Lei de traballo en igualdade mediante as seguintes medidas:
- a) Axudas á empresas para a creación de plans de igualdade coa finalidade de fomentar a súa implantación e desenvolvemento.
  - b) Axudas a empresas para eliminar a infrarrepresentación feminina mediante o apoio á adaptación ás traballadoras dos medios e instalacións existentes na empresa.
32. Apoiar a sectores de especial relevancia para a economía social a través de liñas das seguintes medidas:
- a) Apoio aos traballadores do sector téxtil para a mellora da súa formación nos períodos de suspensión de contratos.
  - b) Mantemento da Axencia da Bolsa de Emprego do sector naval (ABE)
33. Mantemento do Rexistro de empresas sancionadas por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos e saúde laboral.
34. Mantemento do Rexistro de Empresas Acreditadas no sector da construción.
35. Mantemento da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
36. Mantemento da Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
37. Desenvolvemento dos proxectos de cooperación transfronteiriza, na área laboral, da convocatoria INTERREG.
38. Servir de base orzamentaria para a imputación de gastos derivados do normal funcionamento dos servizos administrativos da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Relacións Laborais

## **PROGRAMA 324 B. MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURANZA NO TRABALLO**

### **1. Descrición**

A través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Dirección Xeral de Relacións Laborais, cada unha dentro das súas competencias preténdese promocionar a mellora das condicións de traballo para eliminar oU reducir en orixe os riscos inherentes ao traballo.

O contido do programa de gasto 324B é fundamentalmente o seguinte:

1. Fomentar a elaboración e implantación de plans de prevención de riscos laborais, mediante axudas para a prevención de riscos laborais e mediante a realización de actuacións de concienciación dirixidas aos traballadores, empresarios e poboación en xeral.
2. Dar resposta á necesaria formación básica de empresarios que asumen persoalmente a xestión da prevención, de traballadores designados a tal fin, e de delegados de prevención e membros dos comités de seguranza e saúde, para así lograr unha capacitación mínima de todo os postos de traballo que redunde na necesaria redución da sinistralidade laboral.
3. Desenvolver as actuacións en materia de seguranza e saúde laboral que como autoridade laboral en Galicia ten atribuídas ao abeiro do artigo 7 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais relativas ao desenvolvemento das accións necesarias para mellorar as condicións de traballo en materia de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo de prevención de riscos laborais.
4. Mellorar a resposta dos órganos técnicos da comunidade autónoma, a través da realización dos investimentos necesarios cara á modernización e actualización dos recursos e dispositivos preventivos en seguranza e saúde laboral nos Centros Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral.
5. Financiamento e coordinación dos servizos centrais e periféricos (centros de seguranza e saúde laboral) tanto no que respecta aos medios humanos coma aos materiais e de organización para acadar a maior efectividade.
6. Desenvolvemento de campañas de sensibilización sobre os accidentes de traballo, as súas secuelas e os seus custos para estender a cultura da prevención en toda a sociedade, empezando polas empresas e os traballadores.
7. Implantar unha cultura preventiva na sociedade galega tanto atendendo ás diferenzas segundo actividade como segundo xénero.

8. Implantar no sistema educativo un xerme da cultura preventiva, realizando unha coordinación permanente coa autoridade educativa, consolidando as campañas de carácter anual.
9. Superación das dificultades que se derivan da realidade estrutural das empresas galegas e dos seus traballadores/as, que polas súas características fan necesario reforzar os mecanismo de información e asesoramento en materia de prevención de riscos laborais.
10. Acadar mecanismos de información e indicadores preventivos a través da creación do observatorio de estudo da accidentalidade e condicións de traballo.
11. Desenvolvemento de accións de control integradas en materia de seguraza e saúde laboral a través da cooperación institucional.
12. Acreditación dos laboratorios dos centros de seguraza e saúde laboral do ISSGA a efectos de ofertar servizos especializados e de calidade que sirvan de referencia no ámbito da comunidade autónoma.

## **2. Actividades**

A Dirección Xeral de Relacións Laborais e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral teñen previsto executa-lo programa de gasto desenvolvendo as seguintes actividades:

1. Elaborar e implantar plans de prevención en sectores de alto risco especialmente nas pequenas e medianas empresas, así como nas empresas de economía social, na procura do cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, orientada a garantir a seguraza e a saúde dos traballadores no seu traballo.
2. Apoiar a formación, asesoramento e orientación en materia de saúde laboral, mediante o desenvolvemento dun programa de formación que permita aos empresarios e traballadores galegos contar coa formación de nivel básico que capacite para o desenvolvemento das funcións establecidas no artigo 34 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se regulan os servizos de prevención.
3. Realización de accións de sensibilización, asistencia e cooperación técnica, información, divulgación, formación e investigación en materia preventiva no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a través de axudas aos axentes implicados, cara ao cumprimento por todos os actores implicados da normativa de prevención de riscos laborais e, deste xeito, lograr unha diminución substancial das taxas de sinistralidade laboral tanto no seu número como na gravidade e nas súas consecuencias.

4. Realización de políticas específicas que favorezan a integración da saúde laboral dende unha perspectiva de xénero a través, entre outras actuacións, da constitución da Comisión permanente para a integración da igualdade nas políticas autonómicas de prevención de riscos laborais.
5. Xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos (reparacións, material de oficina, ...) así como dos expedientes de contratación e tramitación económico administrativa de gastos e ingresos
6. Adquisición e adecuación dun inmovible para as dependencias dos servizos centrais do ISSGA e do equipamento para o seu funcionamento e dotacións científico técnicas para o completo desenvolvemento das actuacións dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral. Así mesmo, levar a cabo a acreditación dos laboratorios do ISSGA para a prestación de servizos especializados e de calidade ás entidades que os requiran.
7. Plans de actuacións específicos para a redución da sinistralidade laboral:
  - a) Plans de loita para a redución da sinistralidade laboral nas empresas galegas que concentran un maior índice de accidentes de traballo.
  - b) Campañas técnicas de prevención de riscos laborais xunto coas asociacións representativas de sectores de alto risco dende o punto de vista da sinistralidade laboral, como a construción e o siderometal. Con especial incidencia no risco de caída a distinto nivel, utilización de maquinaria e coordinación de actividades.
  - c) Plan Galego para a prevención de riscos laborais no sector pesqueiro: impulso á xestión mancomunada dos recursos preventivos para o sector.
  - d) Deseño dun marco de colaboración coas autoridades competentes en materia de tráfico para incidir sobre os accidentes de circulación durante a xornada de traballo. Apoio cunha campaña de concienciación adaptada ás realidades deses traballos.
  - e) Deseño e posta en marcha dun programa para incidir nos accidentes laborais en xornada de traballo que teñen a súa orixe en atropelos ou golpes con vehículos (sector transporte, actividades de repartidores urxentes como pizzerías, subministradores de recambios, etc.)
8. Programas de promoción da prevención:
  - a) Programa de sensibilización e asesoramento para a implantación da organización preventiva nas Pemes galegas en colaboración coas asociacións empresariais e sectoriais máis representativas.

- b) Incidencia na protección da seguridade e saúde dos traballadores autónomos de Galicia, co establecemento de liñas de colaboración coas asociacións e federacións de autónomos, dando cumprimento ao establecido na Recomendación do Consello de Europa.
  - c) Programa de promoción da prevención de riscos laborais no agro galego, nas actividades de agricultura, gandería e forestal.
  - d) Apoio á formación en prevención de riscos laborais, mediante convenios de colaboración coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, asociacións profesionais e outras entidades, así como o desenvolvemento do programa de formación dos catro Centros provinciais da consellería.
  - e) Desenvolvemento de campañas de sensibilización sobre os accidentes de traballo, as súas secuelas e os seus custos para estender a cultura da prevención en toda a sociedade, empezando polas empresas e os traballadores.
  - f) Campañas publicitarias de sensibilización e concienciación en prevención de riscos laborais cunha mensaxe directa e clara sobre a prevención no traballo diario. Estas mensaxes faranse chegar dende diversos ámbitos do traballador, tales como o laboral (o seu centro de traballo), o familiar, o escolar e de lecer, a través de diferentes soportes nos medios de comunicación.
  - g) Realización de campañas de sensibilización entre a poboación escolar, así como a edición de materiais específicos destinados ao alumnado de primaria, secundaria e formación profesional (campaña *Moitollo, Contra Murphy e Escola de prevención*)
  - h) Establecemento na páxina web dun sistema de consultas en prevención de riscos laborais para a poboación en xeral.
  - i) Creación dun sistema documental sobre seguridade e saúde laboral.
9. Programas de asesoramento técnico e control:
- a) Programa de control do funcionamento dos servizos de prevención alleos ás empresas e paralelamente campaña de promoción e asesoramento técnico ás Pemes galegas usuarias destas entidades especializadas.
  - b) Programa para o impulso da constitución de servizos de prevención propios mancomunados (polígonos industriais, sector pesqueiro, construción, industrias metalúrxicas, etc.).
  - c) Plan de actuación para o control da seguridade e saúde laboral das empresas incluídas no sector do granito e pizarras e elaboración dos estudos hixiénicos e de medicina do traballo.

- d) Programa de estudio epidemiolóxico dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais de xeito sectorializado e por sexos.
- e) Elaboración dun plan de calidade e acreditación dos servizos de prevención alleos e das entidades auditoras.
- f) Programa de seguimento de máquinas e equipos de traballo, en canto as súas características regulamentarias e aos seus riscos laborais.
- g) Programa de promoción dos Servizos de Prevención Mancomunados, especialmente dirixido a empresas que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo centro de traballo, edificio, centro comercial ou parque empresarial, empresas pertencentes a un mesmo sector produtivo ou área xeográfica limitada, que contemple plans de axuda para a súa posta en marcha.
- h) Programa de seguimento de máquinas e equipos de traballo, en canto as súas características regulamentarias e aos seus riscos laborais.

10. Investigación e Estudos sobre sinistralidade laboral:

- a) Elaboración e publicación da monografía sobre sinistralidade laboral en base ó tratamento estatístico dos datos incluídos nos partes de accidentes de traballo.
- b) Consolidación do Delt@ como procedemento de tramitación electrónica de partes de accidentes de traballo en converxencia co sistema de tratamento estatístico galego.
- c) Elaboración dun programa de información sobre vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral .
- d) Estudo e asesoramento de riscos específicos vencellados ás enfermidades profesionais, incluíndo axentes químicos, ruído, vibracións, sobreesforzos, acoso moral, etc.
- e) Creación do observatorio de estudo da accidentabilidade e de condicións de traballo.

11. Congresos, foros e xornadas:

- a) Realización de diversos congreso de carácter xeral e de carácter sectorial sobre prevención de riscos laborais.
- b) Participación en feiras monográficas e xerais relacionadas co ámbito laboral para a promoción da prevención.
- c) Realización de xornadas nas catro provincias relativas á cuestión da seguranza e saúde laboral dos traballadores.
- d) Realización de diversas actividades con motivo do Día Internacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

- e) Semana Europea sobre seguranza e saúde laboral. Participación nos actos organizados pola Axencia Europea de Seguridade e Saúde no Traballo.

### **3. Órgano encargado da súa execución**

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

## **PROGRAMA 581A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA**

### **1. Descrición**

Coa finalidade de contribuír á información do mercado de traballo na nosa comunidade autónoma, o programa 581A, está constituído pola elaboración e difusión das series temporais dos indicadores de emprego.

O obxectivo fundamental deste programa é:

Acadar a máxima difusión dos datos estatísticos mediante as publicacións en distintos formatos da evolución e tendencias do mercado laboral contempladas no Plan Galego de Estatística.

### **2. Actividades**

As operacións estatísticas a desenvolver durante o ano 2009 versarán sobre:

1. Folgas e peches patronais.
2. Regulación de emprego.
3. Conciliacións individuais e colectivas.
4. Sancións e demais actuacións públicas en materia laboral.
5. Sinistralidade laboral.
6. Eleccións sindicais.
7. Economía social.
8. Directorio de centros de traballo.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



#### 4. CADROS NUMÉRICOS

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	80	Total
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	36.869,7		12.317,3			49.187,0
322A-Mellora e fomento da empregabilidade		115.655,6	6.740,0			122.395,5
322B-Intermediación e inserción laboral			19.211,2			19.211,2
322C-Integración laboral de colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión		89.862,5				89.862,5
323A-Formación profesional desempregados			70.982,8			70.982,8
323B-Mellora da cualificación no emprego			32.236,8			32.236,8
324A-Mellora da organización e administracións das relacións laborais da economía social	1.650,7			19.644,0		21.294,7
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguranza no traballo				3.974,3	10.682,3	14.656,6
581A-Elaboración e difusión estatística			33,9	55,8	25,0	114,7
<b>Total</b>	<b>38.520,4</b>	<b>205.518,0</b>	<b>141.522,1</b>	<b>23.674,0</b>	<b>10.707,3</b>	<b>419.941,9</b>

(Miles de euros)

##### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	Total
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	31.733,9	15.893,9	512,5	959,3	87,5		49.187,0
322A-Mellora e fomento da empregabilidade	11.052,4	1.539,0	109.778,1	26,0			122.395,5
322B-Intermediación e inserción laboral			19.211,2				19.211,2
322C-Integración laboral de colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión			89.862,5				89.862,5
323A-Formación profesional desempregados			59.943,6	11.039,2			70.982,8
323B-Mellora da cualificación no emprego			32.236,8				32.236,8
324A-Mellora da organización e administracións das relacións laborais da economía social	4.449,2	1.100,0	12.119,5	1.086,8	2.239,1	300,0	21.294,7
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguranza no traballo	5.585,9	1.046,6	2.772,1	5.252,0			14.656,6
581A-Elaboración e difusión estatística				114,7			114,7
<b>Total</b>	<b>52.821,4</b>	<b>19.579,5</b>	<b>326.436,3</b>	<b>18.478,0</b>	<b>2.326,6</b>	<b>300,0</b>	<b>419.941,9</b>

(Miles de euros)

### Distribución orgánica

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	27.204,2	31.733,9	16,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.727,8	3.576,6	-4,1
Cap. IV - Transferencias correntes	304,4	2.139,2	602,7
Cap. VI - Investimentos reais	1.862,5	959,3	-48,5
Cap. VII - Transferencias de capital	0,0	111,5	0,0
<b>Total</b>	<b>33.098,9</b>	<b>38.520,4</b>	<b>16,4</b>

(Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.987,2	4.312,4	8,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.565,2	1.539,0	-1,7
Cap. IV - Transferencias correntes	184.529,6	199.640,6	8,2
Cap. VI - Investimentos reais	26,0	26,0	0,0
<b>Total</b>	<b>190.107,9</b>	<b>205.518,0</b>	<b>8,1</b>

(Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.128,0	6.740,0	10,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	10.130,9	12.317,3	21,6
Cap. IV - Transferencias correntes	98.037,2	111.391,6	13,6
Cap. VI - Investimentos reais	8.906,2	11.073,2	24,3
<b>Total</b>	<b>123.202,3</b>	<b>141.522,1</b>	<b>14,9</b>

(Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	9.499,5	4.449,2	-53,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.217,9	1.227,2	-44,7
Cap. IV - Transferencias correntes	10.461,8	13.264,9	26,8
Cap. VI - Investimentos reais	5.909,6	2.217,6	-62,5
Cap. VII - Transferencias de capital	1.440,1	2.215,1	53,8
Cap. VIII - Activos financeiros	30,0	300,0	900,0
<b>Total</b>	<b>29.558,9</b>	<b>23.674,0</b>	<b>-19,9</b>

(Miles de Euros)

05 CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	718,5	0,0	-100,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	844,9	0,0	-100,0
Cap. IV - Transferencias correntes	74,1	0,0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	24,0	0,0	-100,0
<b>Total</b>	<b>1.661,5</b>	<b>0,0</b>	<b>-100,0</b>

(Miles de Euros)

80 INST. GALEGO SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	0,0	5.585,9	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	0,0	919,4	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	0,0	4.202,0	0,0
<b>Total</b>	<b>0,0</b>	<b>10.707,3</b>	<b>0,0</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	33.098,9	38.520,4	16,4
02 DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO	190.107,9	205.518,0	8,1
03 DIRECCIÓN X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	123.202,3	141.522,1	14,9
04 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS	29.558,9	23.674,0	-19,9
05 CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.661,5	0,0	-100,0
80 INST. GALEGO SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	0,0	10.707,3	0,0
<b>Total</b>	<b>377.629,4</b>	<b>419.941,9</b>	<b>11,2</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	47.537,4	47.235,5		5.585,9			47.537,4	52.821,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	18.486,6	18.660,1		919,4			18.486,6	19.579,5
Cap. IV - Transferencias correntes	293.407,1	332.911,6				6.475,3	293.407,1	326.436,3
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>359.431,1</i>	<i>398.807,3</i>		<i>6.505,3</i>		<i>6.475,3</i>	<i>359.431,1</i>	<i>398.837,3</i>
Cap. VI - Investimentos reais	16.728,2	14.276,0		4.202,0			16.728,2	18.478,0
Cap. VII - Transferencias de capital	1.440,1	6.528,6				4.202,0	1.440,1	2.326,6
Cap. VIII - Activos financeiros	30,0	300,0					30,0	300,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>18.198,3</i>	<i>21.104,6</i>		<i>4.202,0</i>		<i>4.202,0</i>	<i>18.198,3</i>	<i>21.104,6</i>
<b>Total</b>	<b>377.629,4</b>	<b>419.911,9</b>		<b>10.707,3</b>		<b>10.677,3</b>	<b>377.629,4</b>	<b>419.941,9</b>

(Miles de Euros)

### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	11	9
<i>Persoal funcionario</i>	1.002	921
Subgrupo A1	299	128
Subgrupo A2	204	311
Subgrupo C1	162	175
Subgrupo C2	293	272
Grupo E e agrupacións profesionais	44	35
<i>Persoal laboral</i>	338	343
Grupo I	142	143
Grupo II	54	63
Grupo III	28	22
Grupo IV	85	86
Grupo V	29	29
<i>Outro persoal</i>	14	
<b>TOTAL</b>	<b>1.365</b>	<b>1.273</b>

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	2008	2009
<i>Altos cargos</i>		1
<i>Persoal funcionario</i>	0	121
Subgrupo A1		39
Subgrupo A2		41
Subgrupo C1		12
Subgrupo C2		20
Grupo E e agrupacións profesionais		9
<i>Persoal laboral</i>	0	24
Grupo I		3
Grupo II		1
Grupo III		6
Grupo IV		13
Grupo V		1
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>146</b>

### Sociedade Públicas

	2009		
	Explo.	Capit.	Total
Consello Galego de Relacións Laborais	1.651,0	1.651,0	3.302,0

(Miles de euros)





# **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

## **SECCIÓN 17**





## 1. COMPETENCIAS

---

O artigo 2 do Decreto 505/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo, fixa para a dita consellería os seguintes órganos superiores:

1. Conselleira
2. Secretaría Xeral
3. Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda
4. Organismos e entes adscritos
5. Delegacións provinciais

Adscríbese á Consellería de Vivenda e Solo, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, é constituído como organismo autónomo de carácter comercial e financeiro.

Sociedades de xestión urbanística (Xestur). A comunidade autónoma, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ten participación maioritaria nas seguintes empresas constituídas como sociedades anónimas baixo o título xenérico de Xestur:

1. Xestur A Coruña, S.A.
2. Xestur Lugo, S.A.
3. Xestur Ourense, S.A.
4. Xestur Pontevedra, S.A.

O Consello da Xunta de Galicia, na sesión celebrada o día 3 de xullo de 2008, aprobou o Decreto polo que se declara medio propio instrumental e servizo técnico da Administración Xeral da Xunta de Galicia as catro sociedades anónimas de Xestión Urbanística de Galicia, e se aproba a modificación dos seus estatutos.

Segundo a nova regulación, o obxecto social das catro Xestures ven constituído pola realización de actividades dirixidas á promoción e xestión do solo empresarial, residencial e construción de edificacións no territorio de Galicia. O desenvolvemento destas actividades ten por finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar a Galicia de solo suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego así como de solo para a construción de vivendas dignas e adecuadas, especialmente, aos sectores con menos capacidade económica, actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental.

Ás sociedades citadas débese engadir, como instrumento de execución dos compromisos da administración estatal do Plan Sectorial de Parques Empresariais , a sociedade Suelo Empresarial del Atlántico S.L. participada polo IGVS, e que terá por finalidade a execución do solo industrial derivado do dito plan.

Con esta estrutura organizativa a consellería exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

1. En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
2. A dirección da política en materia de patrimonio arquitectónico, habitabilidade e calidade da vivenda e a de creación dos instrumentos que a garantan, en particular a creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.
3. Complementariamente correspóndelle á consellería, a través dos seus órganos, dentro do marco da normativa de ordenación do territorio e a urbanística, o establecemento da política de solos de carácter produtivo, tales como o industrial, o comercial ou tecnolóxico e, en xeral, os que incidan na mellora da habitabilidade do territorio da comunidade autónoma, baseando aquela no principio de sostibilidade, en colaboración coa política de solos sectoriais específicos desenvolta por outros departamentos ou administracións en Galicia.
4. A tramitación de plans e proxectos sectoriais abeirados no acordo do Consello da Xunta do 26 de maio de 2006 e do 6 de setembro de 2007, e na disposición adicional 2ª da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que establece os plans e proxectos sectoriais que teñen por obxecto a implantación territorial de solo destinado a vivendas protexidas.

Estas competencias e funcións relacionadas de xeito xenérico son consecuencia de sucesivas transferencias, que de seguido tamén se relacionan:

1. Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda: o Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servizos na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.
2. Sociedade estatal de promoción e equipamento do solo (SEPES): polo Real decreto 213/1986, do 10 de xaneiro, foron traspasadas á comunidade autónoma as participacións accionariais, e as funcións inherentes ás mesmas, que SEPES ostentaba en Xestur Coruña, Xestur Lugo e Solo Urbano de Pontevedra.

---

## 2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2009

---

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición da consellería e do seu organismo autónomo destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente.

Pola súa especial incidencia pódense destacar os seguintes obxectivos e liñas de acción:

### 2.1 DA CONSELLERÍA

1. Impulsarase, a través do IGVS, en colaboración coas Xestures e SEA, a creación de solo produtivo ordenadamente de acordo co Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Áreas Empresariais e outros plans e programas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e do resultado do estudo da demanda de solo produtivo, así como a necesidade da súa nova estratexia de acordo coas modificacións do anterior Plan Sectorial.
2. Impulsarase, a través do IGVS, o desenvolvemento de solo residencial para a creación de solo, que no ano 2009 se centrará na formulación do Plan Sectorial de solos residenciais de Galicia, que previsiblemente estará aprobado definitivamente para a súa execución a principios do 2009.
3. Continuarase co desenvolvemento do programa de vivenda en aluguer, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, coa intervención decidida da Administración pública, mediante axudas para propietarios e inquilinos, con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
4. Continuarase co desenvolvemento do Plan de Vivenda 2005-2008, e estase a iniciar a redacción do vindeiro Plan de Vivenda 2009-2012, así como do plan galego da vivenda para o mesmo período co obxectivo de facilitar aos cidadáns e cidadás galegos e galegas o acceso á vivenda.
5. Reforzarase a través da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda a colaboración cos concellos para a erradicación da infravivenda e do chabolismo e mellora das condicións de vida das persoas.
6. Así mesmo, fomentarse a rehabilitación de calidade dos conxuntos históricos e das vivendas do medio rural especialmente deprimidas.
7. Igualmente estableceranse incentivos para a promoción de vivendas protexidas con destino ao alugueiro para xente moza e maiores de rendas limitadas.
8. Axudas para a rehabilitación de calidade de vivendas en áreas de rehabilitación integral e de centros históricos, e de renovación urbana e núcleos rurais e costeiros necesitados de renovación integral.

9. Establecemento dunha liña de axuda ao alugueiro para estudantes de familias con baixos ingresos que teñan que residir fóra da súa localidade de orixe.
10. Medidas de aplicación da normativa de Calidade, Código Técnico da Edificación, Decreto que regula as normas do Hábitat Galego e normativa sobre Eficiencia Enerxética nos edificios.

## DIRECCIÓN XERAL DE FOMENTO E CALIDADE DA VIVENDA

Correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que sexan competencia da consellería en materia de calidade da edificación, control de calidade de toda a vivenda pública que se faga en Galicia, habitabilidade, rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico, instando a elaboración da normativa nestas materias.

Os obxectivos para o ano consisten en:

1. Facilitar o acceso á primeira vivenda de calidade a aqueles colectivos de ingresos medios e baixos e aqueloutros con especiais dificultades polas súas circunstancias persoais: en especial as mulleres, a xente moza e as persoas de idade.
2. Fomentar a rehabilitación de calidade dos conxuntos históricos, das vivendas do medio rural e de núcleos rurais en zonas deprimidas.
3. Fomentar as novas tecnoloxías construtivas de vivenda con criterios de sostibilidade e aforro enerxético.
4. Fomentar a cooperación coas comunidades de emigrantes galegos no exterior en materia de vivenda.
5. Fomentar a formación e investigación nas novas técnicas construtivas e na posta en valor do sistemas construtivos de rehabilitación e recuperación do patrimonio construído; publicación co obxectivo de divulgación e difusión desta investigación para mellorar as condicións de calidade de arquitectura e habitabilidade.
6. Posta en valor da madeira como recurso construtivo a través do Foro da Madeira.
7. Fomentar a aplicación das normas do hábitat galego e a nova construción con criterios de sostibilidade, eficiencia enerxética e nova arquitectura bioclimática.

Para a consecución destes obxectivos a dirección xeral centrará a súa actividade nas seguintes liñas de acción:

1. Continuar e reforzar a colaboración cos concellos para a erradicación da infravivenda e do chabolismo e, asemade, abrir novas vías de traballo na aplicación da nova normativa de calidade, con axudas aos concellos para persoal técnico de apoio.
2. Continuar coas axudas a adquirentes de vivendas de protección autonómica do Plan 2002-2005 e

desenvolvemento do Plan de Vivenda 2005-2008 e futuro Plan de Vivenda 2009-2012, incentivando a promoción de vivendas de calidade de protección autonómica con destino á venda mediante axudas ás familias adquirentes de vivendas protexidas e de vivendas usadas a promotores para uso propio, todos eles de ingresos medios e baixos, así como axudas para colectivos con especiais dificultades como son os chabolistas, os emigrantes retornados, as familias monoparentais, as persoas con discapacidade e as súas familias, os mozos de ata 35 anos, os maiores de 65 e as vítimas da violencia de xénero, terrorismo e catástrofes.

3. Incentivos para a construción de vivendas protexidas de calidade con destino a alugueiro especialmente de xente moza e maiores de rendas limitadas.
4. Axudas para a rehabilitación de calidade de vivendas en 42 áreas de rehabilitación integral e de centros históricos e de renovación urbana e núcleos rurais e costeiros necesitados de renovación integral.
5. Axudas reforzadas para unha rehabilitación ou renovación de calidade de vivendas rurais e para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción.
6. Axudas reforzadas para unha rehabilitación ou renovación de calidade de vivendas en conxuntos históricos.
7. Axudas para gastos de constitución de hipotecas ou subrogacións para xente moza adquirentes de vivendas novas protexidas e para vivendas usadas.
8. Axudas para o acceso en aluguer á vivenda para estudantes de ciclos formativos de formación profesional inicial.
9. Creación e mantemento das oficinas de información e apoio á rehabilitación en áreas de rehabilitación e en comarcas do medio rural.
10. Accións de colaboración coas iniciativas de nova arquitectura bioclimática e novas técnicas construtivas orientadas ao aforro enerxético, calidade dos materiais, cumprimento dos criterios de sostibilidade e mantemento e adecuada ubicación no espazo territorial con axudas á promotores de nova construción para uso propio e ás empresas.
11. Liña de actuación en formación e divulgación das técnicas en materias derivadas da rehabilitación e recuperación do patrimonio construído, con criterios de sostibilidade e modernización nos materiais e técnicas empregadas, en colaboración cos axentes responsables deste traballo: colexios profesionais, persoal técnico, laboratorios...
12. Potenciación da cédula de rehabilitación de calidade creada para garantir a calidade do rico patrimonio arquitectónico galego e a preservación do entorno natural e paisaxístico.
13. Estudo da situación do patrimonio construído e herdado mediante investigación e traballo de campo en todos os núcleos de poboación de Galicia.

14. Publicación e divulgación das liñas de traballo das xornadas formativas e dos diferentes programas da Consellería.
15. Apoio a cursos de postgrado, masters..., para a formación dos axentes que interveñen na calidade da vivenda e do territorio.
16. Axudas ás comunidades galegas emigrantes no exterior necesitadas de apoios para o acceso a unha vivenda de calidade.
17. Accións de colaboración e participación en programas europeos para divulgar o traballo de vivenda de Galicia e facilitar o intercambio de experiencias.
18. Accións en Galicia e de participación e colaboración con diversos organismos internacionais na busca de solucións urxentes fronte a situacións de catástrofes e emerxencias naturais e outras en materia de vivenda.
19. Aplicación dun plan sectorial de solo residencial para vivenda protexida, para os efectos de desenvolver a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e na obtención dun patrimonio público de solo para a execución das políticas sociais de vivenda da Consellería de Vivenda e Solo, para o desenvolvemento da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo.

## 2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro ao que lle corresponde a realización da política do solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e axeitada, e unha utilización do solo acorde co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento regulador do mercado inmobiliario e de mellora da calidade medioambiental.

Segundo o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo queda adscrito á Consellería de Vivenda e Solo como organismo autónomo, que de acordo co Decreto 505/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo, está encargado do establecemento das medidas para garantir a existencia de solo residencial con destino á construción de vivendas pola iniciativa privada, así como a actuación nestes solos coa finalidade de poñer á disposición da demanda solo a prezos reducidos e o establecemento das directrices para a adquisición de solo e a súa urbanización, así como para a construción e rehabilitación de vivendas de promoción pública.

Aprovéitase a modificación da súa estrutura organizativa para reforzar os servizos de xestión de solo, de xeito que a creación de solo produtivo e residencial se converta no eixe fundamental de acción do

organismo, co fin de abaratar a súa produción para conseguir unha menor repercusión no prezo da vivenda, e para que os operadores económicos dispoñan de solo suficiente para dinamizar o territorio co galo de recuperar valores ambientais ou naturais desde o principio do desenvolvemento equilibrado e sustentable.

Dentro do seu ámbito de acción, os obxectivos do instituto para o ano 2009 son os seguintes:

1. Habilitación de espazos acondicionados para a instalación de empresas.
2. Facilitar o acceso á vivenda e mellorar as súas condicións construtivas, estruturais, de habitabilidade e sostibilidade.

Para a consecución destes obxectivos o instituto no exercicio 2009 centrará a súa actividade nas seguintes liñas de acción:

1. Continuarase co desenvolvemento do Plan de vivenda de promoción pública anterior ata rematar as vivendas xa iniciadas nos anos anteriores. Actualmente o número de vivendas en execución acada a cifra de 1.594 vivendas no exercicio 2008, prevíndose para 2009 que a vivenda en execución sexa de 2.248 vivendas dentro da programación de vivenda nova para o Plan de vivenda 2005-2008, que se obterían mediante cesión dos terreos por parte dos concellos ou por solos propiedade ou adquiridos polo IGVS.
2. Impulsar o desenvolvemento de solo residencial para a creación de solo, que no ano 2009 se centrará na formulación do Plan Sectorial de solos residencias de Galicia que previsiblemente estará aprobado definitivamente para a súa execución a principios do ano 2009.
3. Continuar coa reparación do parque de vivendas de promoción pública mediante accións directas e medidas de fomento co aumento de subvencións ás comunidades de propietarios, permitindo así a diminución da acción directa do organismo na reparación dos grupos de vivendas pola acción de fomento garantindo a implicación dos usuarios das vivendas.
4. Fomento de actuacións de reurbanización e renovación urbana en áreas degradadas e en proceso de deterioro urbano e social para a adecuación e modernización das infraestruturas urbanas, a mellora da accesibilidade e axuste ás Normas do Hábitat Galego en áreas como Monteporreiro, Coia, Covadonga (Ourense)...
5. Fomentar a reconstrución e rehabilitación de vivendas unifamiliares singulares e a corrección de impactos nas edificacións actuais, mantemento dos convenios acordados cos concellos de Lugo e Vigo para os compromisos xa formalizados en 2007 e anos anteriores, e rehabilitación de edificios e vivendas de promoción pública en conxuntos históricos doutras cidades galegas como Ourense, Ribadeo, Monforte de Lemos, Verín, Maceda, Ribadavia...
6. Creación de áreas residenciais específicas de carácter transitorio para a integración social de

colectivos desfavorecidos, erradicación do chabolismo ..., en colaboración con concellos, Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Dirección Xeral do Fomento e Calidade da Vivenda.

7. Continuar na política de solo produtivo por medio das axudas e achegas do IGVS á sociedade constituída coa Administración estatal Suelo Empresarial del Atlántico, S.L. (SEA) coa achega de capital para manter a porcentaxe de participación do IGVS na sociedade.
8. Fomentar a mellora de infraestruturas de servizos, viarios internos, accesos e conexións exteriores e equipamentos dos polígonos industriais operativos con achegas a concellos ou a empresas públicas mediante a formulación de convenios interadministrativos
9. Fomentar e mellorar a posta en funcionamento de solo produtivo acorde coa demanda mediante o estudo e redacción do novo Plan Sectorial de solos produtivos de 2008-2015 e a impulsión dos parques en estudio e tramitación favorables a demanda actual, incluídas tanto no Plan Sectorial de Parques Empresariais de 2004 xa finiquitados como en outros plans e programas da Xunta de Galicia (Plan de Reequilibrio Territorial, Programa Galicia Suma etc...).

## 2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### 2.3.2 Sociedades mercantís

#### SOCIEDADES DE XESTIÓN URBANÍSTICA

As sociedades de xestión terán protagonismo na execución de parques empresariais e vivenda, utilizaranse como áxil instrumento na posta en mercado do solo industrial. En particular para facer realidade os compromisos da Administración estatal na tarefa de creación de solo industrial.

Tamén colaborarán na xestión do programa de vivenda en aluguer, baixo a dirección da Consellería de Vivenda e Solo, na potenciación da cédula de rehabilitación de calidade, tanto no medio rural, como nos conxuntos históricos e na aplicación e cumprimento das Normas do Hábitat Galego.

Cómpre destacar de entre as actividades asignadas as Xestures, segundo o Decreto aprobado polo Consello da Xunta do 3 de xullo de 2008, as seguintes:

1. Promoción, adquisición e preparación de solo para asentamentos industriais, residenciais, terciarios e de servizos.
2. Exercer a acción urbanizadora dirixida á preparación de solo industrial, residencial, terciario e de servizos, mediante a realización de obras de infraestruturas, urbanización, e dotación de servizos



para o seu adecuado equipamento, así como calquera outra acción precisa para a execución do planeamento urbanístico.

3. Promover a acción edificatoria dirixida á realización de edificacións e instalacións destinadas a albergar industrias e vivendas, incluídas as vivendas suxeitas a calquera réxime de protección pública, así como as dotacións de equipamento comunitario previstas polo planeamento urbanístico.
4. O fomento da adquisición de solo así como a rehabilitación e construción de todo tipo de edificacións.
5. A promoción e xestión de actuacións en materia de vivenda e solo que se desenvolvan directamente pola propia sociedade ou en colaboración con outras Administracións públicas competentes.
6. Subscribir convenios con Administracións públicas ao obxecto de desenvolver actuacións vinculadas ao obxecto social nos termos establecidos na normativa vixente.

---

### 3. ORZAMENTOS DE GASTOS PARA O ANO 2009

---

#### DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

#### PROGRAMA 451A. FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA

##### 1. Descrición

Os obxectivos do programa consisten fundamentalmente en mellorar as condicións de habitabilidade e fomentar a súa calidade no máis amplo sentido.

##### 2. Actividades

1. Seguirase a desenvolver o programa de vivenda en aluguer, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, con axudas aos propietarios.
2. Continuarán e fomentaranse as liñas de axuda para a rehabilitación e renovación dos conxuntos históricos, na procura de acadar unha rehabilitación de calidade.
3. Continuarase coas axudas para a rehabilitación e renovación de calidade no medio rural, así como para a rehabilitación das infravivendas rurais e erradicación do chabolismo en colaboración cos concellos e coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
4. Continuarase coas axudas ás oficinas municipais de rehabilitación-portelos únicos de vivenda e as axudas aos concellos para persoal técnico de apoio para aplicación da normativa de calidade e do hábitat galego.
5. Continuarase executando accións de rehabilitación nos cascos históricos de Lugo e Vigo e outras localidades así como en núcleos rurais e outras edificacións de carácter singular.
6. Continuarase co programa de reparación do parque de vivendas de promoción pública mediante a publicación das correspondentes ordes de convocatoria de axudas, coas que se trata de fomentar a implicación dos usuarios a través das comunidades de propietarios.

Resultan especialmente novedosas as accións dirixidas a:

- a) A tramitación do Plan Sectorial de solo residencial para vivenda protexida, e de normativa sobre eficiencia enerxética dos edificios.
- b) O programa de áreas de renovación urbana, centros urbanos galegos, núcleos rurais e costeiros necesitados de renovación integral.

- c) Liña de actuación en formación e divulgación das técnicas en materias derivadas da rehabilitación e recuperación do patrimonio construído con criterios de sostibilidade e modernización nos materiais e técnicas empregadas.
- d) Actuacións específicas de carácter transitorio para integración de colectivos desfavorecidos.
- e) Actuacións transversais con concellos e outras consellerías para recuperación de conxuntos históricos e etnográficos xunto con outras actividades, artesanais, agropecuarias..., actualmente en extinción

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

Instituto Galego de Vivenda e Solo

## **PROGRAMA 451B. ACCESO Á VIVENDA**

### **1. Descrición**

O obxectivo fundamental deste programa é facilitar o acceso a vivenda para aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas.

### **2. Actividades**

1. Seguirase a desenvolver o programa de vivenda en aluguer, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, con axudas para inquilinos, con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
2. Estableceranse incentivos para vivendas protexidas con destino ao alugueiro para xente moza e maiores de rendas limitadas e para os estudantes de ciclos formativos de formación profesional inicial.
3. Continuarase coas axudas a adquirentes de vivendas protexidas e usadas dentro do marco do Plan de Vivenda 2005-2008, o novo 2009-2012, e o Plan Galego de Vivenda para o mesmo período con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos: persoas e familias chabolistas, emigrantes retornados, persoas con discapacidade e maiores de 65 anos, vítimas da violencia de xénero ou do terrorismo e xente moza.

4. Continuarase coas axudas de renovación, nova construción, adquisición e alugueiro de vivendas, en colaboración cos concellos, para a erradicación da infravivenda rural e do chabolismo.
5. Impulsarase o Rexistro Público Único de Demandantes de Vivendas de protección Pública para facilitar o coñecemento da demanda e o control das adxudicacións, garantindo a publicidade, concorrencia e transparencia destes procesos.
6. Continuarase coa promoción pública de construción de vivenda nova e o inicio de novas promocións de vivenda, en especial destinadas ao aluguer e o fomento da convivencia de xente moza e maiores e a colectivos máis desfavorecidos con renda entre 0,7 e 2,5 do IPREM.
7. Continuarase e implementarase a creación e xestión de solo residencial para que o IGVS incrementa aínda máis se cabe a construción de vivendas de protección pública, mediante os mecanismos habituais e mediante a posta en práctica do Plan Sectorial de solos residenciais de Galicia, coa finalidade de acadar unha menor repercusión no prezo da vivenda, favorecendo tamén que os operadores económicos dispoñan de solo suficiente para dinamizar o territorio. Neste sentido continúaase co desenvolvemento do Plan de vivenda 2005-2008 e estase a iniciar a redacción dos Plans Estatais e Galego do vindeiro 2009-2012, prevíndose para 2009, ademais das vivendas actualmente en execución, o inicio e promoción de vivendas de calidade de protección autonómica con destino á venda e de vivendas usadas e para uso propio, e impulsando as axudas aos colectivos máis desfavorecidos.

Resultan especialmente novedosas as accións dirixidas ao fomento da nova arquitectura bioclimática e novas técnicas construtivas orientadas ao aforro enerxético, calidade dos materiais, cumprimento dos criterios de sostibilidade e mantemento e adecuada ubicación no espazo territorial, con axudas a promotores de nova construción para uso propio, ás empresas e concellos en aplicación das Normas do Hábitat Galego.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

Instituto Galego de Vivenda e Solo

## **PROGRAMA 451C. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO**

### **1. Descrición**

O obxectivo fundamental deste programa é atender os gastos xerais dos capítulos 1 e 2, así como os gastos en investimentos de carácter inmaterial e as transferencias correntes e de capital ao organismo autónomo.

### **2. Actividades**

1. Xestionar con eficacia o orzamento e atender as necesidades da consellería e do seu organismo autónomo, intentando aplicar nos procedementos de xestión do gasto criterios de eficiencia e eficacia.
2. Difundir as liñas de axudas que xestiona a consellería.
3. Estudar a situación do patrimonio construído e herdado, mediante investigación e traballo de campo.
4. Publicar e divulgar as liñas de traballo das xornadas formativas e dos diferentes programas da consellería.

### **3. Órganos encargados da súa execución**

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda

Instituto Galego de Vivenda e Solo

## **PROGRAMA 531A. PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

### **1. Descrición**

O principal obxectivo deste programa é promover as actuacións necesarias para a creación e acondicionamento de solo industrial.

### **2. Actividades**

1. A creación de solo produtivo centrarase fundamentalmente no desenvolvemento dos polígonos públicos abeirados no Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Areas Empresariais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos Proxectos Sectoriais derivados do estudo realizado

de demanda, ou o estudo para a localización de novos solos produtivos, así como a súa divulgación ou achegamento á cidadanía dos que estean dispoñibles. Iniciarase a redacción e tramitación dun novo Plan Sectorial para os solos produtivos axeitados ás novas demandas incorporará a elaboración e tramitación dos Proxectos Sectoriais en marcha e todos aqueles que o evoluir da demanda aconselle.

2. Investirase na mellora dos actuais parques empresariais que necesiten infraestruturas novas e actualizadas ás novas tecnoloxías mediante convenios interadministrativos con concellos, sociedades públicas.

### 3. Órgano encargado da súa execución

Instituto Galego de Vivenda e Solo

4. CADROS NUMÉRICOS

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos**

Programas	Servizos			
	01	02	90	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	3.063,8	51.492,6	22.321,0	76.877,4
451B-Acceso á vivenda	11.864,3	24.948,2	71.900,0	108.712,5
451C-Dirección e servizos xerais de vivenda e solo	10.982,2	2.621,6	11.776,4	25.380,2
531A-Promoción de solo para actividades económicas			20.760,0	20.760,0
<b>Total</b>	<b>25.910,3</b>	<b>79.062,4</b>	<b>126.757,4</b>	<b>231.730,0</b>

(Miles de euros)

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos**

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda				4.341,0	19.069,1	53.467,3		76.877,4
451B-Acceso á vivenda			50,0	12.679,2	69.400,0	25.283,3	1.300,0	108.712,5
451C-Dirección e servizos xerais de vivenda e solo	11.739,7	4.788,7		510,3	7.551,6	750,0	40,0	25.380,2
531A-Promoción de solo para actividades económicas			100,0		14.000,0	1.500,0	5.160,0	20.760,0
<b>Total</b>	<b>11.739,7</b>	<b>4.788,7</b>	<b>150,0</b>	<b>17.530,5</b>	<b>110.020,6</b>	<b>81.000,6</b>	<b>6.500,0</b>	<b>231.730,0</b>

(Miles de euros)

**Distribución orgánica**

01 SECRETARÍA XERAL	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.440,3	6.813,2	5,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.024,8	1.822,0	-10,0
Cap. IV - Transferencias correntes	9.592,2	11.829,6	23,3
Cap. VI - Investimentos reais	2.544,9	2.278,8	-10,5
Cap. VII - Transferencias de capital	1.900,0	3.166,7	66,7
<b>Total</b>	<b>22.502,2</b>	<b>25.910,3</b>	<b>15,1</b>

(Miles de Euros)

02 D. X. DE FOMENTO E CALIDADE DA VIVENDA	2008	2009	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	642,7	600,0	-6,6
Cap. IV - Transferencias correntes	4.537,3	5.322,6	17,3
Cap. VI - Investimentos reais	4.698,9	3.919,0	-16,6
Cap. VII - Transferencias de capital	66.342,5	69.220,8	4,3
<b>Total</b>	<b>76.221,4</b>	<b>79.062,4</b>	<b>3,7</b>

(Miles de Euros)

90 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	2008	2009	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.963,1	4.926,5	-0,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.443,6	2.366,6	-3,2
Cap. III - Gastos financeiros	150,0	150,0	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	390,0	378,3	-3,0
Cap. VI - Investimentos reais	91.965,6	103.822,9	12,9
Cap. VII - Transferencias de capital	7.332,4	8.613,1	17,5
Cap. VIII - Activos financeiros	7.000,0	6.500,0	-7,1
<b>Total</b>	<b>114.244,6</b>	<b>126.757,4</b>	<b>11,0</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2008	2009	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	22.502,2	25.910,3	15,1
02 D. X. DE FOMENTO E CALIDADE DA VIVENDA	76.221,4	79.062,4	3,7
90 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	114.244,6	126.757,4	11,0
<b>Total</b>	<b>212.968,3</b>	<b>231.730,0</b>	<b>8,8</b>

(Miles de Euros)

### Consellería e organismo autónomo

	Consellería		OO.AA/Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Cap. I - Gastos de persoal	6.440,3	6.813,2	4.963,1	4.926,5	0,0	0,0	11.403,4	11.739,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.667,5	2.422,0	2.443,6	2.366,6	0,0	0,0	5.111,0	4.788,7
Cap. III - Gastos financeiros	0,0	0,0	150,0	150,0	0,0	0,0	150,0	150,0
Cap. IV - Transferencias correntes	16.960,0	17.933,6	390,0	378,3	2.830,5	781,4	14.519,5	17.530,5
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>26.067,8</i>	<i>27.168,8</i>	<i>7.946,6</i>	<i>7.821,4</i>	<i>2.830,5</i>	<i>781,4</i>	<i>31.183,9</i>	<i>34.208,8</i>
Cap. VI - Investimentos reais	7.243,8	6.197,8	91.965,6	103.822,9	0,0	0,0	99.209,4	110.020,6
Cap. VII - Transferencias de capital	86.617,5	83.994,3	7.332,4	8.613,1	18.375,0	11.606,8	75.574,9	81.000,6
Cap. VIII - Activos financeiros	0,0	0,0	7.000,0	6.500,0	0,0	0,0	7.000,0	6.500,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>93.861,4</i>	<i>90.192,0</i>	<i>106.298,0</i>	<i>118.936,0</i>	<i>18.375,0</i>	<i>11.606,8</i>	<i>181.784,4</i>	<i>197.521,2</i>
<b>Total</b>	<b>119.929,1</b>	<b>117.360,9</b>	<b>114.244,6</b>	<b>126.757,4</b>	<b>21.205,5</b>	<b>12.388,2</b>	<b>212.968,3</b>	<b>231.730,0</b>

(Miles de Euros)



### Medios persoais

Consellería	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	7	7
<i>Persoal funcionario</i>	155	159
Subgrupo A1	51	34
Subgrupo A2	19	30
Subgrupo C1	36	46
Subgrupo C2	39	39
Grupo E e agrupacións profesionais	10	10
<i>Persoal laboral</i>	7	7
Grupo IV	7	7
<b>TOTAL</b>	<b>169</b>	<b>173</b>

Instituto Galego da Vivenda e solo	2008	2009
<i>Altos cargos</i>	2	2
<i>Persoal funcionario</i>	131	127
Subgrupo A1	51	29
Subgrupo A2	22	40
Subgrupo C1	20	20
Subgrupo C2	33	33
Grupo E e agrupacións profesionais	5	5
<i>Persoal laboral</i>	10	14
Grupo II	3	3
Grupo III	1	2
Grupo IV	6	9
<i>Outro persoal</i>	4	
<b>TOTAL</b>	<b>147</b>	<b>143</b>

### Sociedades públicas

	2009		
	Explo.	Capit.	Total
Xestur A Coruña, S.A.	69.048,0	38,0	69.086,0
Xestur Lugo, S.A.	41.396,0	0,0	41.396,0
Xestur Ourense, S.A.	45.682,0	216,0	45.898,0
Xestur Pontevedra, S.A.	97.538,0	0,0	97.538,0

(Miles de euros)